ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Manuel
Arroyo Núñez

Tese de doutoramento

A Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo

Santiago de Compostela, 2024

Programa de Doutoramento en Historia, Xeografía e Historia da Arte

ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

TESE DOUTORAL

A XEOGRAFÍA DO XEÓGRAFO RAMÓN OTERO PEDRAYO

Manuel Arroyo Núñez

Directores: José Antonio Aldrey Vázquez
Francisco Duran Villa

PROGRAMA DE DOUCTORAMENTO EN HISTORIA, XEOGRAFÍA E HISTORIA DA ARTE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2024

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Agradecementos

E de obrigado mostrar o agradecemento a todos aqueles que axudaron a conquerir os obxectivos desta tese, tanto as persoas como ás institucións, sen ás que non tería xeito chegar a concluír coa a *Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*.

En primeiro lugar á miña familia, á miña esposa, aos meus fillos, que son o referente da miña existencia. Sen vós nada disto tería sido posible.

Aos meus directores. José Antonio Aldrey, grazas pola viaxe e acompañamento. Se non foxe pola túa humanidade e profesionalidade o sementado nestes anos non tería unha serena e doce primaveira. Grazas a Francisco Durán pola súa colaboración e axuda. E a todos os profesores da Facultade de Xeografia e Historia, que coas súas leccións foron quen de sementar a miña paixón pola Xeografía.

Grazas á Fundación Otero Pedrayo, por todas as facilidades que me prestou para investigar na biblioteca de Trasalba. Ao Presidente José Eduardo López, polas súas aclaracións sobre a personalidade de Otero. Á Secretaria, Patricia Arias, pola axuda na lectura de textos orixinais de Otero. A Andrea polas atencións recibidas nas visitas a Trasalba.

Grazas ao Museo do Pobo Galego, en especial a Rosa Méndez, pola axuda e profesionalidade nas pescudas de textos de Otero na biblioteca do Museo. E a todos os colaboradores que alí atopei.

Grazas ao Instituto de Estudios de Estudios Gallegos Padre Sarmiento. E de xeito especial a Isabel Romaní pola súa profesionalidade e competencia na procura dos textos de Otero.

Grazas as institucións, do Arquivo Universitario de Santiago de Compostela. Á Fundación Penzol, e a hemeroteca do concello de Madrid.

Grazas ao persoal da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, e da biblioteca da Facultade de Xeografia e Historia, a todos eles polas axudas para atopar as obras de Otero e os textos dos investigadores que estudiaron a súa personalidade e as súas obras.

Grazas a todos eses amigos e amigas que en conversas de moita sabedoría foron quen de levarme ás testemuñas e cousas de Otero.

Seguro que me esquezo de alguén. Non mo teñades en conta. Moitas graciñas a todos e todas.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resumo

A XEOGRAFÍA DO XEÓGRAFO RAMÓN OTERO PEDRAYO

Don Ramón Antonio Vicente Otero Pedrayo, naceu en Ourense, o 5 de marzo de 1888 e morreu nesa cidade o 10 de abril de 1976. Foi un escritor e político galego, que recibiu o título de Patriarca das Letras Galegas. Pois escribiu novelas, teatro, poesía, artigos de prensa e ensaios. Toda esa experiencia vital estivo sementada ao longo da súa vida dun intenso galeguismo político.

Pero hai unha circunstancia do vivir de Otero, que foi, e é pouco coñecida, e quizais esquecida. Perdida na memoria colectiva. A súa xeografía. Poucos xeógrafos lembran as obras xeográficas de don Ramón. A súa xeografía é o mellor resumo e obxectivo da tese: A xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.

A paisaxe da tese, ten como horizontes todas as súas obras: xeográficas, paisaxistas, e tamén as súas novelas, biografías, poesía, teatro, contos, artigos de prensa e revistas. A cima da súa xeografía móstranos a súa profesión de catedrático de xeografía na Universidade de Santiago de Compostela. A defensa da xeografía de Galicia está en toda a súa obra e en especial na súa militancia política como deputado pola provincia de Ourense nas Cortes Constituíntes da II República Española.

A metodoloxía escollida foi ler todas as súas obras, en especial as xeográficas e paisaxistas. Partindo dos poucos e curtos estudos que sobre ela realizaron profesores e xeógrafos. Todo iso cun método mixto de lectura e procura dos conceptos xeográficos e paisaxísticos que Otero debuxou en todas as súas obras.

Habemos de iniciar a viaxe desde a xeografía realizada en España naqueles días. Unha xeografía vinculada á escola francesa. Xeografía vidaliana e posibilista. E sempre ensinada cun método descritivo e utilizando a lectura de mapas, xunto con os traballos prácticos de observación na paisaxe dos feitos xeográficos.

Así chegaremos á conclusión de que Otero ensinounos un método para estudar calquera das parroquias galegas. Investigou os feitos xeográficos, definindo novos conceptos xeográficos, pois enriqueceu o vocabulario xeográfico ao que levou a lingua galega falada polas xentes da paisaxe rural. E a que o berce da súa xeografía está na Carta Xeométrica de Galicia realizada por Domingo Fontán Rodríguez en 1834.

.

Palabras chave: xeografía, paisaxe, ensino da xeografía, Galicia.

Como citar: Arroyo Núñez M. (2024): A Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo. Tese doutoral. Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resumen

LA GEOGRAFÍA DEL GEÓGRAFO RAMÓN OTERO PEDRAYO

Don Ramón Antonio Vicente Otero Pedrayo, nació en Ourense, el 5 de marzo de 1888 y murió en esa ciudad el 10 de abril de 1976., fue un escritor y político gallego, que recibió el título de Patriarca de las Letras Gallegas. Pues escribió novelas, teatro, poesía, artículos de prensa y ensayos. Toda esa experiencia vital estuvo sementada a lo largo de su vida de un intenso galleguismo político.

Pero hay una circunstancia del vivir de Otero, que ha sido y es poco conocida y quizás olvidada. Perdida en la memoria colectiva. Su geografía, pocos geógrafos recuerdan las obras geográficas de don Ramón. Su geografía es el mejor resumen y objetivo de la tesis: La geografía del geógrafo Ramón Otero Pedrayo.

El paisaje de la tesis, tiene como horizontes todas sus obras: geográficas, paisajistas, y también sus novelas, biografías, poesía, teatro, cuentos, artículos de prensa y revistas. La cima de su geografía nos muestra su profesión de catedrático de geografía en la Universidad de Santiago de Compostela. La defensa de la geografía de Galicia está en toda su obra y en especial en su militancia política como diputado por la provincia de Ourense en las Cortes Constituyentes de la II República Española.

La metodología escogida ha sido leer todas sus obras, en especial las geográficas y paisajistas. Partiendo de los pocos y cortos estudios que sobre ella realizaron profesores y geógrafos. Todo ello con un método mixto de lectura y búsqueda de los conceptos geográficos y paisajísticos que Otero dibujó en todas sus obras.

Hemos de iniciar el viaje desde la geografía realizada en España en aquellos días. Una geografía vinculada a la escuela francesa. Geografía vidaliana y posibilista. Y siempre enseñada con un método descriptivo y utilizando la lectura de mapas, junto con los trabajos prácticos de observación en el paisaje de los hechos geográficos.

Así llegaremos a la conclusión de que Otero nos enseñó un método para estudiar cualquiera de las parroquias gallegas. Investigó los hechos geográficos, definiendo nuevos conceptos geográficos, pues enriqueció el vocabulario geográfico al que llevó la lengua gallega hablada por las gentes del paisaje rural. Y que la cuna de su geografía está en la Carta Geométrica de Galicia realizada por Domingo Fontán Rodríguez en 1834.

.

Palabras clave: geografía, paisaje, enseñanza de la geografía, Galicia.

Como citar: Arroyo Núñez M. (2024): La Geografía del Geógrafo Ramón Otero Pedrayo. Tesis doctoral. Departamento de Geografía, Universidad de Santiago de Compostela

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Abstract

THE GEOGRAPHY OF GEOGRAPHER RAMÓN OTERO PEDRAYO

Ramón Antonio Vicente Otero Pedrayo, born in Ourense on 5 March 1888 and died in that city on 10 April 1976, was a Galician writer and politician, who received the title of Patriarch of Galician Letters. He wrote novels, plays, poetry, newspaper articles and essays. All of that life experience was seeded throughout his life with an intense political Galicianism .

But there is one circumstance of Otero's life that has been and is little known and perhaps forgotten. Lost in the collective memory. His geography. Few geographers remember the geographical works of Don Ramón. His geography is the best summary and objective of the thesis: A geography of the geographer Ramón Otero Pedrayo.

The landscape of the thesis, has as horizons all his works: geographical, landscape, and also in his novels, biographies, poetry, theatre, short stories, press articles and magazines. The summit of his geography shows us his profession as professor of geography at the University of Santiago de Compostela. The defence of the geography of Galicia is in all his work and especially in his political militancy as deputy for the province of Ourense in the Constituent Courts of the Second Spanish Republic.

The methodology chosen is to read all his works, especially the geographical and landscape ones. Starting from the few and short studies that professors and geographers have carried out on her. All this with a mixed method of reading and searching for the geographical and landscape concepts that Otero drew in all his works.

We have to start our journey from the geography carried out in Spain in those days. A geography linked to the French school. Vidalian and possibilism geography. And always taught with a descriptive method and using the reading of maps and the practical observation word in in the landscape of geographical facts.

Thus, we will come to the conclusion that Otero taught us a method to study any of the Galician parishes. He investigated geographical facts, defining new geographical concepts, as he enriched the geographical vocabulary to which he brought the Galician language spoken by the people of the rural landscape. And that the cradle of his geography is in the Geometric Chart of Galicia made by Domingo Fontán Rodríguez in 1834.

.

Keywords: geography, landscape, teaching geography, Galicia.

How to cite: Arroyo Núñez M. (2024): The Geography of the Geographer Ramón Otero Pedrayo. Doctoral thesis. Department of Geography, University of Santiago de Compostela

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A XEOGRAFÍA DO XEÓGRAFO RAMÓN OTERO PEDRAYO

ÍNDICE XERAL

Índice Xeral ..... **VIII**
Índice de figura ..... **XIV**
Índice de táboas ..... **XX**

I. A PAISAXE DUNHA TESE
1.1. Introdución **1**
1.2. Obxectivo xeográfico e metodoloxía **9**
1.3. As fontes **11**
1.4. Marco teórico e a Carta Xeométríca de Galicia **13**
1.4.1. Carta Xeométríca de Galicia **15**
1.5. O proceso investigador **21**

II. O XEÓGRAFO NO SEU TEMPO
2.1. Paisaxes xeográficas da vida de Otero **25**
2.1.1. O Xeógrafo de Trasalba **25**
2.1.2. Ourense **26**
2.1.3. Santiago de Compostela **27**
2.1.4. Madrid **28**
2.1.5. A revista Nós **29**
2.1.6. O Seminario de Estudos Galegos **32**
2.1.7. A cátedra na Universidade de Santiago de Compostela **34**
2.1.8. O descanso do Patriarca **35**
2.2. A formación xeográfica de Otero **37**
2.3. O Devalar da Xeografía en tempos de Otero Pedrayo **45**
2.3.1. Paul Vidal de La Blache **47**
2.3.1.1. Les conditions géographiques des faits sociaux 49
2.3.1.2. De l'interprétation géographique des paysages 52
2.3.13. Des caractères distinctifs de la géographie 54
2.3.2. Emmanuel De Martonne **58**
2.3.3. Os irmáns Onésimo e Élissée Reclus **59**
2.3.4. Eduard Suess **61**
2.3.5. Ferdinand von Richthofen **61**
2.3 6. Jean Brunhes **62**
2.3.7. Dantín Cereceda **62**
2.3.8. Manuel de Terán **63**

III. OS ESTUDIOS SOBRE A XEOGRAFÍA DE OTERO PEDRAYO
3.1. Os xeógrafos despois de Otero **67**
3.1.1. Antón Fraguas Fraguas (1982, 1988) **68**
3.1.2. Francisco Xavier Río Barja. (1985) **70**
3.1.3. Augusto Pérez Alberti. (1887, 1988, 2001) **73**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.1.4. Alberto Pazo Labrador e José M. Santos Solla, (1991) 76
3.1.5. Ruben Lois González e Juan M. Trillo Santamarina. (2016) 77
3.1.6. Jacobo García Álvarez. (2003) 79
3.1.7. Julio Fernández Portela. (2007) 80
3.2. A contribución de Ramón Otero Pedrayo a la historia agraria. Ramón Villares Paz. (2008) 81
3.3. Dúas visións sobre a paisaxe de Ramón Otero ..... .84

IV. OS ESCRITOS XEOGRÁFICOS DE RAMÓN OTERO PEDRAYO
4.1. As obras xeográficas de Otero 87
4.1.1. Encol da aldeia (1922) 89
4.1.2. Encol da morfoloxía das vilas galegas (1926) 95
4.1.3. Encol dos estudos modernos de Antropoxeografía (1926) 96
4.1.4. Sintese xeográfica de Galicia (1926) 97
4.1.5. Guía de Galicia (1926...) 109
4.1.6. Problemas de xeografía galega. Notas encol das formas de poboación labrega (1927-1928) 114
4.1.7. Paisajes y problemas de geográficos de Galicia (1928) 122
4.1.8. Xeografía, Economía (1929) 127
4.1.9. Pelerinaxes (1929) 131
4.1.10. Galicia. Geografia Universal do Instituto Gallach (1929) 138
4.1.11. Terra de Melide (1933) 144
4.1.12. Repaso a la Geografia de Galicia (1950) 150
4.1.13. Las ciudades gallegas (1951) 155
4.1,14. Nuevo Enfoque de la Ciencia Geográfica. Geografia Universal do Instituto Gallach (1952) 157
4.1.15. Geografia de España..., do Instituto Gallach (1955) 162
4.1.16. Galicia. Geografia de Galicia y Portugal (1958) 165
4.1.17. Xeografía. Historia de Galicia (1963) 169
4.1.18. A aldeia no seu decorrer histórico (1965) 174
4.1.19. As guías turísticas: Santiago de Compostela (1945) e Orense (1972) 178
4.1.20. Os ríos galegos (1977) 180

V. A PAISAXE XEOGRÁFICA EN OTERO PEDRAYO
5.1. As obras sobre a paisaxe de Otero Pedrayo 183
5.1.1.Temas compostelanos (1925) 187
5.1.2. Estética del Paisaje (1926) 189
5.1.3. Encol da paisaxe xeográfica (1927) 191
5.1.4. Camiños na Paisaxe (1928) 189
5.1.5. Paisaje geográfico y interpretación artística del paisaje (1928) 193
5.1.5.1.Paisaje geográfico 195
5.1.5.2. Interpretación artística del paisaje 195
5.1.6. Encol do elemento animal na paisaxe (1932) 197
5.1.7. Ensaios encol do estilo da paisaxe (1933) 198
5.1.8. Un horizonte Gallego (1945) 200

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.1.9. A paisaxe galega, as súas leis e tipos (1947) 202
5.1.10. Motivos sobre el paisaje de Galicia (1947) 206
5.1.11. Sete paisaxes Galegas e mais os alicerces dunha teoría (1947-1948) 210
5.1.12. Ensaio sobor a paisaxe galega (1954) 213
5.1.12.1. Os factores da paisaxe 214
5.1.12.1.1. A luz e o ceo 215
5.1.12.1.2. O horizonte 215
5.1.12.1.3. O chan rochoso 216
5.1.12.1.4. Chan agrícola 216
5.1.12.1.5. O factor humano 217
5.1.12.2. Os tempos da paisaxe. Os tres tempos 218
5.1.12.3. Os ritmos 218
5.1.12.3.1. Os ritmos sazoneiros da madurez 220
5.1.12.3.1.1. O inverno 221
5.1.12.3.1.2. A primavera 221
5.1.12.3.1.3. O verán 222
5.1,12.3.1.4. O outono 223
5.1.12.4. Composicións e ritmos 224
5.1.12.5. A escala de composicións xerais 224
5.1.12.5.1. A mariña 224
5.1.12.5.2. A ribeira 226
5.1.12.5.3. A bocarribeira 227
5.1.12.5.4. A montaña 228
5.1.12.4.5. A serra 228
5.2. Conclusións sobre o ensaio sobre a paisaxe galega 229
5.1.13. Clima espiritual, horas, sazóns e traballos de unha parroquia da ribeira galega no decorrer do século XIX. (1956) 232
5.1.14. Temática y estilos del paisaje actual de Galicia (1969) 235
5.1.15. Galicia una cultura de Occidente (1975) 243
5.1.16. Introducción al paisaje (1976) 245

VI. NOVELAS, BIOGRAFÍAS, POESIA, TEATRO E CONTOS DO XEÓGRAFO
6.1. A xeografía na literatura de Otero Pedrayo 249
6.1.1. Os camiños da vida (1928) 254
6.1.2. Arredor de si (1930) 259
6.1.3.A Romaría de Xelmírez (1934) 263
6.1.4. Devalar (1935) 269
6.1.5. Adolescencia (1944) 275
6.1.6. O espello no serán (1966)) 277
6.1.7. Unha biografía. El padre Feijóo, su vida, doctrina e influencias (1972) ... 281
6.1.8. A Estadea (1936) 285
6.1.9. Bocarribeira (1958) 287
6.1.10. Xeórxicas do pan 290
6.1.11. Arte dramático na obra de Otero Pedrayo 292
6.1.11.1. A lagarada (1928) 293
6.1.11.2. Teatro de Mascaras (1934) 293

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.1.11.3. Rosalía (1959)..... 294
6.1.11.4 Noite Compostelá (1973)..... 294
6.1.12. Narrativa breve de Otero Pedrayo..... 294
6.1.12.1. Tres Contos..... 295
6.1.12.1.1. O luar e os penedos..... 295
6.1.12.1.2. As onzas..... 295
6.1.12.2. Contos no camiño e na rúa..... 296
6.1.12.2.1. A serea..... 296
6.1.12.2.2. A criada..... 296
6.1.12.2.3 O pazo das cinco chagas..... 296
6.1.12.2.4. Dona Soana e don Guindo..... 296
6.1.12.3. Entre a Vendima e a Castañeira..... 297
6.1.12.3.1 A revolta de Casademón..... 297
6.1.12.3.2. O ensoar da terra labrega..... 297
6.1.12.3.3. Os armentíos e as mallas de Morgadan..... 298
6.1.12.4. Contos de Santos e Nadal..... 298
6.1.12.4.1. O sorriso sa serea..... 299
6.1.12.4.2. O bello máis o río..... 299

VII. ARTIGOS DE PRENSA. ACTUALIDADE XEOGRÁFICA
7.1. Os artigos de xeografía en xornais e revistas..... 301
7.1.1. Artigos sobre a Carta Xeométrica de Galicia..... 303
7.1.1.1 Ante el Fontán (1945)..... 303
7.1.1.2 Variaciones en el Fontán (1945)..... 304
7.1.1.3. Introdución a Domingo Fontán e o seu mapa de Galicia (1945)..... 306
7.1.1.4. O Fontán en Bos Aires (1947)..... 307
7.1.1.5. Cen anos do pasamento de Fontán (1967)..... 308
7.1.2. Os outros artigos de Ramón Otero Pedrayo (1926-1959)..... 309
7.1.2.1 Un-a leución de geografia (1926)..... 310
7.1.2.2. Ollando pr-o mapa (1926)..... 312
7.1.2.3. A horta galega (1927)..... 314
7.1.2.4.O mapa de Galicia (1927)..... 316
7.1.2.5. A solaina car- ó val (1927)..... 317
7.1.2.6. Na Lanzada (1927)..... 318
7.1.2.7. N-o empardecer aldeán (1927)..... 319
7.1.2.8. Paisaxes (1927)..... 320
7.1.2.9. A Pizarra e o granito (1927)..... 322
7.1.2.10. A estila (1927)..... 323
7.1.2.11. Unha aldea ((1927)..... 324
7.1.2.12. Un paisaje de rocas (1927)..... 325
7.1.2.13. Diálogos na noite (1929)..... 326
7.1.2.14. Unha Lombardia galega (1930)..... 328
7.1.2.15. O vento na gándara (1929)..... 329
7.1.2.16. A rúa e o camiño (1930)..... 330
7.1.2.17. A xeoloxía do carácter (1930)..... 332

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

7.1.2.18. Galicia no planisferio (1930) 333
7.1.2.19. As fontelas rumorosas (1930) 334
7.1.2.20. Crónica de aldea (1930) 335
7.1.2.21. Lembranza do inverno (1934) 336
7.1.2.22. A parroquia dos ermos (1934) 337
7.1.2.23. Ao correr dos horizontes (1934) 338
7.1.2.24. La ronda de las horas (1937) 340
7.1.2.25. La lección del paisaje (1937) 341
7.1.2.26. La visión de las parroquias gallegas (1938) 342
7.1.2.27. Tambien el poema en la geología (1938) 344
7.1.2.28. El mapa viviente y evocador da las diocesis (1939) 345
7.1.2.29. Historia y geórgica (1943) 347
7.1.2.30. El encanto de la última puente (1944) 350
7.1.2.31. Ideas no horizonte (1946) 351
7.1.2.32. Rutas I (1946) 352
7.1.2.33. Rutas II (1946) 353
7.1.2.34. Rutas III (1947) 354
7.1.2.35. Entre el Finisterre y el Silleiro (1948) 355
7.1.2.36. Diante da serra (1948) 357
7.1.2.37. Unha leución de geografia compostelán (1948) 358
7.1.2.38. O souto (1948) 359
7.1.2.39. No altar do pico Sagro (1948) 360
7.1.2.40. Marcos e deslindes (1949) 361
7.1.2.41. Formas, caminos, recuerdos (1950) 362
7.1.2.42. La primera hoja de Galicia del nuevo mapa geológico de España. (1950) 363
7.1.2.43. El viaje estacional (1958) 365
7.1.2.44. La “carretera” y el presidio (1959) 366
7.1.2.45. La rúa dos Zapateiros (1959) 367
7.1.2.46. La erosión de medio siglo en el paisaje urbano (1959) 368
7.1.2.47. A roseira mucha dos ribeiros orensáns (1965) 369

VIII. A ENSINANZA DA XEOGRAFÍA
8.1. Catedrático de xeografía 373
8.1.1. Treinta y tres lecciones de geografia xeneral (1933) 382
8.1.2. 10 lecciones de geografia de Galicia para la USC (1933) 386
8.1 3. Lecciones de Geografia e Historia. Primero y quinto curso (1936) 388
8.1.4. A tese doutoral de Otero Pedrayo (1936) 391

IX. UN XEÓGRAFO NAS CORTES CONSTITUINTES
9.1. Os discursos Parlamentarios (1931-1933) 401

X. RESULTADOS, DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS
10.1. Enquisa de investigación 415
10.2. Resultados e discusión 416

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

10.3. Conclusións 430

XI. ANEXOS

11.1. Amizade entre xeógrafos. Fraguas, Valverde... 437

11.2. A cartografía en Trasalba 440

11.2.1. Follas Galegas do Mapa do Instituto Geografico. (1933) 440

11.2.2. A cartografía en Trasalba 443

11.3. Textos de Paul Vidal de La Blache..... 446

11.4. Textos dos artigos en xornais e revistas de Ramón Otero Pedrayo 461

XII. REFERENCIAS

12.1. Bibliografía 577

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Índice de figuras

1.1. Xornal Galicia, 24-06-1929 7
1.2. Mapa de la parroquia de San Pedro de Trasalba. Elaboración propia 8
1.3. Obxectivo da Tese 11
1.4. Despacho de Otero en Trasalba 14
1.5. Marco teórico 15
1.6. Prólogo ao mapa de Fontán de 1934. Edición 1974 18
1.7. Mapa de Fontán en Trasalba 19
1.8. Elementos da xeografía de Otero 20
1.9. Trasalba no mapa de Fontán de 1854 20
1.10. Trasalba no mapa de Fontán de 1834 21

2.1. Casa de Otero en Ourense 25
2.2. Casa de Otero en Trasalba 26
2.3. Plano de Compostela. Guía de Galicia, 2ª edición 27
2.4. Universidade de Noviciado 28
2.5. Biblioteca do Ateneo de Madrid 28
2.6. Portadas da revista Nós 29
2.7. Reunión do S.E.G. no 1936 32
2.8. Otero na U.S.C. no 1958 35
2.9. Tumba de don Ramón no cemiterio de San Francisco en Ourense 37
2.10. Despacho de Otero en Trasalba 44
2.11. Paul Vidal de La Blache no despacho da Sorbona 51
2.12. Principios de Xeografia Humana de Enmanuel Martone 52
2.13. Os Alpes de Enmanuel Martone 58
2.14. Xeografia Universal dos irmáns Reclús 60
2.15. Regiones naturales de España de Dantín Cereceda 62

3.1. Revista Outeiro 1988 70
3.2. Actas do homenaxe a Otero nos LXX anos do seu nacemento 72
3.3. Revista A Nosa Terra 1987 74
3.4. Actas simposio Menéndez Pidal e Otero 77
3.5. Tipos da paisaxe en Otero (Rubén Lois, Juan M. Trillo) 78
3.6. Revista de Estudios da UAM 107 79
3.7. Revista Nudos. Homenaxe a Otero 80
3.8. Revista de Historia Agraria 2008 82
3.9. Actas simposio internacional Otero Pedrayo no panorama literario do século XX 84

4.1. Revista Nós 1-12-1922 89
4.2. Mapa I.E.T. Xunta de Galicia. 1/5.000, concello de Amoeiro 94
4.3. Revista Nós 25-01.1926 95
4.4. Revista Nós 27-03-1926 96
4.5. Eixes das serras 99

USC

4.6. Litoral e sistema fluvial 100
4.7. Rías Baixas 102
4.8. Rías Altas 103
4.9. Sistema Miño- Sil 105
4.10. Sintesis Xeográfica de Galicia. 1926 106
4.11. Revista Céltiga 2-10-1927 108
4.12. Edicións 2ª e 3ª da Guía de Galicia 113
4.13. Revista Nós 15-09-1927 114
4.14. Revista Nós 15-10-1927 117
4.15.Plano topográfico deda parroquia de San Pedro de Trasalba 119
4.16. Cotos de Rodeiro e val da Bergueria 119
4.17. Casa labrega 120
4.18. Cabeceiros 120
4.19. Un pazo 120
4.20. A casa moderna 121
4.21. Paisajes y Problemas Geográficos de Galicia. 1928 124
4.22. EL Pueblo Gallego 1-01-1929 129
4.23. Pelerinaxe I 132
4.24. Pazo e Paisaxe 134
4.25. Monte Caxado 136
4.26. Paisaxe e debuxo de Otero 138
4.27. Mapa de Galicia 1929 139
4.28. Geografia Universal Descrición Moderna del Mundo 1929 143
4.29. Terra de Melide no mapa de Fontán 1854 144
4.30. Horizonte I 145
4.31. horizonte II 146
4.32. Horizonte III 146
4.33. Horizonte IV 146
4.34. Horizonte V 147
4.35. Horizonte VI 147
4.36. Horizonte VII 147
4.37. horizonte VIII 148
4.38. Horizonte IX 148
4.39. Horizonte X 148
4.40 Terra de Melide, 1933 149
4.41. Mapa dos castros da Terra de Melide 150
4.42. Revista Mundo Hispánico xullo-agosto 1950 154
4.43. Las ciudades gallegas. Doazón de Otero 157
4.44. Geografia Universal. Gallach 1952 158
4.45. Nuevo enfoque de la Geeografia. Geografia Universal. Gallach 1952 159
4.46. Geografia de España. Gallach 1957 163
4.47. Geografia de España y Portugal. Montaner e Simón S.A. 1958 166
4.48. Plano de O Ferrol 1960 170
4.49. Historia de Galicia. Xeografia 172
4.50. Revista Grial 8. 1965 175

4.51. Guía de Santiago de Compostela 1945 178
4.52. Guía de Orense 1972 179
4.53. A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala, 217 , 219 180
4.54. Mapa dos ríos galegos e portada de os rís galegos 1977 181

5.1. Anaco de folla187 do M.T.N. a escala 1/50.000 184
5.2. Revista Nós 19, 1925 188
5.3. Estética del paisaje. Guía de Galicia 190
5.4. A Nosa Terra Idearium das Irmandades da Fala. 1927 193
5.5. Revista Sonata Gallega. 1944 194
5.6. Revista Céltiga 1928 194
5.7. Revista Nós 105, 1932 197
5.8. Revista Nós 113, 1933 199
5.9. Fragmento da folla 187do M.T.N. 2007 200
5.10. Fragmento do Mapa de Fontán- Trasalba. 1854 201
5.11. Cuadernos de Estudios Gallegos. Anejo I .1945 202
5.12. Consello da Cultura Galega. 1988 204
5.13. Motivos sobre el paisaje de Galicia 208
5.14. Revista Galicia 411,1947 209
5.15. Revista A Nosa Terra 458, 1947 210
5.16. Paisaxe e Cultura. Galaxia 1955 217
5.17. Teoría da paisaxe en Otero. elaboración propia 231
5.18. Actas 1º congreso internacional de etnografía. Braga. 1963 233
5.19. Lugar de Santa Cruz de Arrabaldo M.T.N. folla 187. 2007 234
5.20. Cuadernos de Estudios Gallegos. 1976 236
5.21. Galicia una Cultura de Occidente, 1795 243
5.22. Introdución al Paisaje 247

6.1. El Pueblo Gallego. 1932 250
6.2. A Serra Martiñá 252
6.3. Relación da Literatura e a Xeografia en Otero 253
6.4. Revista LAR, 1925 254
6.5. Os camiños da vida, Galaxia. 1988 255
6.6. Arredor de si. Galaxia 2014 260
6.7. Revista Nós, 123, 1934 264
6.8. Mapa da peregrinaxe. Edición de Galaxia no 1991 265
6.9. Edición de Nós 1934 e edición de Galaxia 1991 269
6.10. Revista Nós 130. 1934 270
6.11. Devalar .Editorial Nós 1935, e Galaxia 1992 274
6.12. Adolescencia 1944 276
6.13. O Pedroso e O Viso na folla 120 do M.T.N 279
6.14. Espello (na) no serán. Galaxia 1966 e 2000 280
6.15. El Padre Feijóo 1972 284
6.16. A Estadea 1936 285
6.17. Orixinal de Bocarribeira. Fundación Penzol 289

7.1. Revista Finisterre 18, 1945 304
7.2. El Correo Gallego, 8-03-1948 305
7.3. Cuadernos de Estudios Gallegos. Anejo I .1945 306
7.4. Revista Misión 27-01-1947 307
7.5. La Noche 2-12-1947 308
7.6. Revista Vieiros 4, 1947 309
7.7. El Pueblo Gallego 17-11-1926 311
7.8. Mapa de Galicia 1926. Instituto Geográfico Nacional 312
7.9. Mapa de España 1926. Folla I Galicia I.G.N 313
7.10. El Pueblo Gallego 12-12-1926 314
7.11. A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala, 1-01-1927 315
7.12. A Nosa Terra. Idearium das Irmandadas da Fala, 1-01-1927 316
7.13. EL Pueblo Gallego, 25-02-1927 317
7.14. A Nosa Terra. Idearium das Irmandadas da Fala, 1-04-1927 318
7.15. Revista Céltiga, 10-06-1927 319
7.16. Vida Gallega, 10-06-1927 321
7.17. Revista Céltiga, 10-10-1927 322
7.18. Revista Céltiga, 25-11-1927 323
7.19. Vida Gallega, 30-11- 1927 324
7.20. Revista Sintesis, número 8, 12-1923 326
7.21. El Pueblo Gallego, 28-04-1929 327
7.22. Vida Galega, 20-04-1930 328
7.23. El Pueblo Gallego, 14-07-1929 330
7.24. A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala. 01-06-1930 331
7.25. El Pueblo Gallego, 10-05-1930 332
7.26. Revista Céltiga, 25-06-1930 332
7.27. Revista Céltiga, 10-09-1930 333
7.28. El Pueblo Gallego, 16-09-1930 334
7.29.Vida Gallega, 30-09-1930 335
7.30. Heraldo de Galicia, 9-09-1930 336
7.31. Revista Logos 43, 04-1934 338
7.32. El Pueblo Gallego 18-08-1934 339
7.33. Revista Misión, 15-05-1937 340
7.34. Revista Misión, 15-05-1937 341
7.35. Revista Misión, 15-05-1938 342
7.36. Revista Misión, 15-10-1938 344
7.37. Historia Sagrada, 1758 346
7.38. Revista Misión, 8-1939 346
7.39. Revista Misión, 17-07-1943 348
7.40. Revista Finisterre, 05-1994 350
7.41. La Noche, 5-08-1946 351
7.42. Ciudad, 23-12-1946 352
7.43. Ciudad, 30-12-1946 353
7.44. Ciudad, 06-01-1947 354

7.45. La Región, 13-03-1948 356
7.46. La Noche, 26-06-1948 357
7.47. La Noche, 2-07-1948 358
7.48. La Noche, 9-08-1948 359
7.49. La Noche, 3-11-1948 360
7.50. La Noche, 26-01-1949 361
7.51. División militar 1942 362
7.52. El Pueblo Gallego, 29-01-1950 353
7.53. Revista Galicia. Bos Aires 10-1950 364
7.54. Folla 21 do M.G.M.E. 1948 364
7.55. La Región, 28-12-1958 365
7.56. La Región, 25-01-1959 366
7.57. La Región, 29-01-1959 367
7.58. La Región, 7-05-1959 368
7.59. Revista Vieiros, 1959 370

8.1. Expediente administrativo universitario da USC de Ramón Otero 373
8.2. El Correo Gallego, 18-10-1950 375
8.3. El Correo Gallego, 6-03-1958 377
8.4. El Correo Gallego, 6-03-1958 378
8.5. Informe do ponente, folla 1 379
8.6. Informe do ponente, folla 2 380
8.7. Informe do ponente, folla 3 381
8.8. Informe do ponente, folla 4 382
8.9. Carta de Otero a Fraguas 01- 1992, folla 1 384
8.10. Carta de Otero a Fraguas 01- 1992, folla 2 385
8.11. Treinta y Tres Lecciones de Geografía General 1931 386
8.12. Lecciones de Geografia e Historia primer y quinto curso 1936 391
8.13. Tese doutoral de Ramón Otero Pedrayo, 1936 392
8.14. Mapa de Tomas López 1784. Instituto Geografico Nacional 393
8.15. Mapa de José Cornide 1772. Biblioteca Nacional de Portugal 394

9.1. Deputados elixidos pola provincia de Ourense en 1931 401
9.2. La Región, 5-07-1931 402
9.3. Revista Céltiga ,27-04-1932 412
9.4. Heraldo de Galicia, 02-11-1932 413

10.1. Mapa de Fontán 1854 434

11.1. El Pueblo Gallego, 11-05-1933 441
11.2. Folla 6 do Mapa Topográfico Nacional 442
11.3. Folla 21 do Mapa Topográfico Nacional 442
11.4. Folla 45 do Mapa Topográfico Nacional 443
11.5. Carta Xeometrica de Galicia, 1834, folla 1 445
11.6. Carta Xeometrica de Galicia, 1834, folla 3 446

USC

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Índice de Táboas

3.1. Estudos sobre a Xeografía de Otero 68

4.1. Escritos xeográficos de Otero 88

5.1. Escritos paisaxistas de Otero 186

6.1. Obras de literatura con maior contido xeográfico de Otero 253

7.1. Artigos de Otero sobre a Carta Xeometríca de Galicia 303
7.2. Outros artigos de contido xeográfico de Otero 309

10.1. Obras geográficas e paisaxistas de Otero (1926-1950) 418
10.2. Obras geográficas e paisaxistas de Otero (1950-1976) 418

11.1. Cartografía en Trasalba I 443
11.2. Cartografía en Trasalba II 444
11.3. Cartografía en Trasalba III 444

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Otero Pedrayo está xa de cheo no cerne do
mundo galego. Ponse e estudiar a xeografía
física ou humana do país. Dispón para iso dunha
seria preparación técnica de xeógrafo.
Francisco Fernández del Riego[1]

1.1. INTRODUCIÓN

Neste intre e lugar, axexando a paisaxe das néboas matinais da costa do Salnés cun suave e sereno gozo estou lembrando a Don Ramón Antonio Vicente Otero Pedrayo, que chegou á paisaxe de Galicia o 5 de marzo de 1888 en Ourense, e pasou a ser o seu cumio, o 10 de abril de 1976. Foron 88 anos da vida entre as letras, a xeografía, a súa familia e o sentir unha terra como alma e espírito da súa persoa.

Sempre me fixen unha pregunta: que vía e miraba o mestre desde a solaina do pazo de Trasalba? A resposta é clara: Unha paisaxe. Pero se afondamos no seu espírito investigador e andadeiro, é seguro que pensaría, mellor dito, investigaría por que esa paisaxe era como o ollaba Para iso, e era consciente, tiña unha ferramenta: a xeografía.

Otero como narrador e novelista sempre infundía un carácter próximo, local e biográfico aos seus protagonistas, pero nunca faltaba o protagonista de fondo: a paisaxe. Como cultivador de varios xéneros: novela, ensaio, teatro, poesía, conferencias, artigos xornalísticos, o faladoiro e as clases do ensino da xeografía; Otero non fixo unha delimitación clara entre eses xéneros, pois repetía conceptos, ideas e descricións en toda a súa produción literaria e no seu "*devalar*" pola vida.

Só queda nese afán investigador da súa obra unha faceta pouco estudada, a súa xeografía, pois as súas novelas, poesía, teatro, ensaios, artigos etc., xa foron amplamente descifrados e estudados. Con todo, ao chegar a descubrir ou máis ben definir as bases científicas do seu saber xeográfico facémonos varias preguntas: de onde procede, a onde quería chegar, que foi e que dixo nos seus ensaios xeográficos? Está será a tarefa para desenvolver nesta tese. Ademais, pensando no devir da ciencia podemos afirmar que os seus ensaios xeográficos de principios do século XX son claves para interpretar a xeografía de Galicia realizada con posterioridade. Así, poderemos preguntarnos e concluír, se creou escola, ou se foi simplemente abandonado o seu legado xeográfico por ese rego e leito revolucionario da nova xeografía. É claro, que non chegou a explorar o amplo e total campo da paisaxe galega, pois xa nos dixo que era necesario realizar, por exemplo: *un libro sobre a estética da paisaxe*.[2] Pero si que definiu conceptos xeográficos e tiña un estilo propio de describir a paisaxe. Otero interpretaba a globalidade do territorio e os seus habitantes, iso si, con máis incidencia no rural, sen esquecer as cidades e non só por mera xeografía, pois todo tiña un matiz único para dar a coñecer a singularidade da terra galega e as súas xentes. Ademais, debemos preguntarnos, por que diminuíu a intensidade de escribir sobre teoría da xeografía na segunda metade da súa vida, pois era entón cando máis se dedicou ao seu ensino na Universidade. E non cabe dúbida que as súas formulacións teóricas son fundamentais para comprender as lóxicas actuais de Ordenación e Planificación territorial en Galicia.

[1] Revista "Nosa Terra", numero extra 8, p.72
[2] Guía de Galicia. Capitulo IV. 1945. Pp 171-175

Aquí é preciso lembrar a don Francisco Fernández del Riego[3] que escribiu en 1987 no número extra da revista *Nosa Terra* en homenaxe a Don Ramón unhas palabras que nos fan ver o xeógrafo que é Otero cando escribiu *Arredor de Si* (1930), Riego di:

> Otero Pedrayo está xa de cheo no cerne do mundo galego. Ponse e estudiar a xeografía física u humana do país. Dispón para iso dunha seria preparación técnica de xeógrafo. Pero a esa preparación amécelle un forte alento poético. Non fai soamente a evocación das formas da paisaxe, senón que penetra fondamente na súa esencia. Non se limita a amosar veladamente a facies externa da terra nutriz; reflexa tamén os seus íntimos latexos, o ritmo da vida que obra nela. De todo canto escribiu - que foi tanto e tan excelente - nada supera, quizais, á súa versión do corpus galego; é dicir, da terra e do mar, co seu perfil, o seu anchor, a súa fondura, a súa luz, o seu recendo e o seo tento.
> Operou o escritor con macizos graníticos e con cadeas de montañas. Ordenou horizontes, deseñou bisbarras naturais, e arreguirou as correntes dos ríos. Poderíase sinalar que o coñecemento da terra nosa presenta dúas épocas: Antes e despois de Otero Pedrayo; Galicia sen alma, e Galicia con alma; a organismo, a ser vivo. Sempre sentiu o xeógrafo ourensán o máis afervoado amor ás paisaxes sobre as que flúe a historia da nacionalidade, As dúas descricións e interpretacións paisaxísticas, ensináronnos a dexergar a Galicia dun xeito completamente novo.
> Pero Otero Pedrayo non foi só, de certo o gran sentidor da paisaxe. Desde a casa petrucial de Cima de Vila adeprendera a lección dos horizontes que encheu moitas das súas máis belas páxinas.

E creo afirmar o mesmo que Fernández del Riego. Estas palabras descóbrennos o momento vital no que Otero sente a súa atracción pola xeografía. Esa descrición e interpretación da paisaxe en don Ramón debe, pois, descubrirse en toda a súa obra. Debullar principalmente os seus ensaios xeográficos sen esquecer o contexto da súa época, a súa formación nos xeógrafos contemporáneos, sobre todo franceses do século XIX nos que Otero estudou. É imprescindible coller nas mans toda a súa biblioteca privada en Trasalba e nela descubrir as bases do seu pensamento xeográfico. Tamén habemos de apuntar que no seu afán de levarnos a descubrir a paisaxe galega, quería, e dicíanos, que todo se debía facer na nosa lingua: o galego.

Varios autores e profesionais xeógrafos estudaron e investigaron as obras, unha ou dúas das xeográficas de don Ramón, pero son escasos os que se introduciron e lido a totalidade dos seus escritos xeográficos, e sempre eses estudos foron realizados dunha maneira parcial e de curto percorrido e contido, atrévome a dicir, que ninguén leu na súa totalidade toda a xeografía de Otero. Pois ben. Esas son as vimbias dos que hai que partir para chegar ao pensamento xeográfico de Galicia que tiña Otero. A *Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*. Non se trata de discernir que autores, xeógrafos ou non, dixeron isto ou aquel outro sobre el…, simplemente débese ir ás fontes e elaborar a posible tese do traballo: A *Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*. Sen esquecer que, a un nivel de antecedentes, realizaremos recensión de todo o achegado polos devanditos autores.

Otero foi un romántico pola lectura e influencia sobre todo dos románticos franceses e alemanes, e por ser as ideas vitais da súa etapa de formación, aínda que a súa alma cremos que tiña máis de románico e trazas de barroco, pois a súa obra fai máis fincapé nesas épocas. Esas ideas alcánzaas polas súas "*peregrinaxes*" e a innata intuición, a lectura de libros e o

[3] Académica da RAG (1913-2010)

trato directo cos temas da xeografía, historia e literatura. E formou o seu pensamento con escasa crítica dos seus mestres, e sempre tratou de desenvolver as súas propias ideas e interpretacións partindo da bagaxe adquirida nas súas lecturas e das propias observacións da realidade. É pois, un empeño que nos leva a iniciar unha longa *Peregrinaxe*, colocarnos na cota máis alta e desde ela ver a paisaxe, recoñecer as formas e os ritmos: *a mariña, a ribeira, a bocarribeira a montaña e a serra*. É como falan en Galicia, é o común falar das xentes. Pero sempre que utilicemos textos de Otero respectaremos a súa grafía e sintaxe tal e como se recolle na edición utilizada en cada caso.

Don Ramón Otero Pedrayo, leu o día 9 de decembro de 1929 o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega da Lingua, que versou sobre: "*o romanticismo, a nostalxia, o sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal*,"[4] no que fixo un estudo dos antecedentes do romanticismo en Europa, e a súa incidencia en España e Galicia, facendo fincapé nos autores *Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal*, e son as ideas e percorrido polo romanticismo sobre todo o francés, as que nos fan atinxir que Otero formou o seu pensamento nas claves románticas. Ese discurso foi contestado por Vicente Risco[5], que nun parágrafo díxonos de Otero:

> Coma home de ciencia, e na súa especialidade mais acariñada, debemos a Otero Pedrayo a introdución antre nós dun xeito novo de estudal-os feitos xeográficos que, millorando os iniciados por Vallaux[6] e Brunhes[7], concibe a fisiografía coma peisage (traballo común dá terra e do home, no que o home é un dous axentes da formación da peisage) e a vida humán coma función da terra. No seu traballo. *En col da aldeia*, pubricado na revista Nós, e na súa celebrada Guía de Galicia, pódense ver algús dous resultados de verdadeira novedade, a que chega co-a apricación de seu método, desusado na Hespaña"

E rematou a súa contestación Vicente Risco dicindo:

> Moi pouco se ten estudado a labor dous nosos clásicos, que chegaron a nós orfos de espricadeira e comentario. E veleiquí un labor preciso no noso tempo, un labor que compre para establecel-a continuidade do noso traballo co-a era dous Precursores, pra entrar fondo na e-alma dá nosa Terra.

Estas palabras de Risco sobre Otero Pedrayo foron publicadas en 1931 no volume XLVIII da editorial Nós. Non son palabras de onte. Son unha realidade e teñen un diagnóstico certeiro que segue vixente no día de hoxe. Veremos pois, o longo das páxinas desta tese que *A xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo* ten vixencia e explica a nosa paisaxe. En Galicia a visión inicial, global e actual da xeografía como territorio e paisaxe é froito da historia e do pensamento da xeración do XIX que se formou coa influenciada da xeografía francesa de Paul Vidal de La Blache[8], Jacques Élisée Reclus[9], e do alemán Friederich Ratzel[10]. Neles é onde Otero forma o seu saber xeográfico. Pero a súa maior contribución é a definida polo profesor Ramón Villares[11] no seu libro: *Historia Agraria* no capítulo sobre "*A contribución de Ramón Otero Pedrayo á Historia Agraria*", (2008), onde di:

[4] Número 73 da revista Nós
[5] Académico de RAG. (1884- 1963)
[6] Xeógrafo francés (1840-1945)
[7] Xeógrafo francés (1869-1960)
[8] Xeógrafo francés (1830-1918)
[9] Xeógrafo francés (1830-1905)
[10] Xeógrafo alemán (1844-1904)
[11] Catedrático emérito da USC e académico da RAG..

> Otero Pedrayo realiza a fusión de dous conceptos craves: a conversión da rexión nunha realidade nacional, que é Galicia, e en segundo lugar o seu descubrimento a través da súa dimensión xeográfica, en tanto que territorio o espazo natural sobre o que se asenta a poboación galaica, de raza celta. Galicia convértese así na Terra por antonomasia, no referente esencial para a construción nacional, que tanto Otero como Risco ou Castelao invocarán, en tanto que «sentimento dá Terra», como un factor identitario no comportamento histórico da poboación (ou «raza») galega.

Tamén quixera recordar unhas palabras de monseñor Miguel Arauxo Iglesias[12], no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, alá polo 30 de maio de 1980, pois foi o que ocupou a cadeira de Ramón Otero Pedrayo na RAG. E de Otero dixo:

> Non hai xeito de abranguer tan longa e tan fonda personalidade como é a de don Ramón. Todos vostedes coñecen mellor que eu a súa obra literaria. E foi un gran narrador e novelista do mundo interior de Galicia, o gran xeógrafo e historiador que se recreaba e recreaba a nosa paisaxe e máis a nosa historia, é o ensaísta e xornalista que estaba atento o latexo da vida do seu pobo e penso que tamén foi un gran poeta...

Palabras que fanme teimar na obra de Otero, pois el sempre quixo levarnos a coñecer máis e máis a nosa Terra.

Os conceptos aprendidos nos escritos sobre todo os xeográficos de Ramón Otero Pedrayo van axudarme a entender o territorio estudado, Galicia, sen esquecer todo o aprendido coas técnicas de análise, diagnóstico e proposicións que leva implícito todo estudo xeográfico.

Unha mañá solleira de inverno, o sábado 16 de febreiro de 2019, pasei por primeira vez a través do portón da casa de Otero Pedrayo en Trasalba. Nesa mañá fría, a primeira imaxe foi a do solains e galería da casa, lembrei a Don Ramón Otero Pedrayo coa mirada no horizonte, e a miña primeira intención foi ir mirar e ver que vía desde alí o mestre. Inmediatamente despois só pensaba en ver e admirar o mapa de Domingo Fontán. Ante el, quedei pensativo, fun buscar a parroquia onde nacín, o Hospital no municipio de Quiroga na provincia de Lugo. Alí estaba. Todo foi un sentimento, quizais recíproco de pertencer a Galicia. A miña aldeia, a miña Terra.

As preguntas realizadas en liñas anteriores están contestadas por Otero no que é quizais un dos textos onde máis e mellor apréciase o saber xeográfico de Otero, e o profundo coñecemento das terras de Galicia; é o artigo no que describe o que mira e ve desde a solaina da casa de Trasalba, que se publicou no xornal *Galicia* de Vigo, na data de 24 de maio do 1925. E que foi publicado por Galaxia en 1973 no libro: *Parladoiro.* E que titulase*: Desde a solaina.* Artigo que imos comentar en todo o seu longo texto, xa que nos ven a dicir que o autor é un xeógrafo. Ese artigo comeza así:

> A solaina é vella e nobre, traballada dun xeito decorativo, finamente coloreada polos órcelos. Unha hedra rube pola parede: como está o abrigo, anuncia cediño a primavera cuns gromos de verde neno que parece sufrir o sopro das marzadas; no outono as grandes follas dun verde de metal antigo, coma bronce fenicio, vólvense sanguentas para mirar o enterro diario do sol; logo as mans fantásticas dos ventos vanos arrincando, esparexéndoas sobre os mirtos do xardín. Desde a solaina vese un gran anaco do chan galego: horizonte aberto, equilibrado graduado en desenrolos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[12] Bispo de Mondoñedo e académico da RAG (1920-2007)

> suxestivos dos mais variados temas da paisaxe. Os ollos buscan a ergueita serenidade dos cumes.

É xeografía explicar os efectos das estacións, o coñecemento da vexetación, o distinto ir e vir da luz e os ventos na paisaxe, hai unha clase de horizonte e dános a percepción das afastadas montañas.

> Á dereita, a serra Martiñá, en figura de meda ven plantada e ben rematada, ten o saudoso prestixio do norte, das terras frías, de uces, de lobos, de mañas de xeadas raioladas polo sol ledo do inverno. Nos cumes, un sol pequeneiro e burlista que enche de alegría aos pastores debruzados nas pedras abaneantes e fai sorrir as serras, mais que non ten forza para chegar á fondura dos vales montesíos nos que se agarima hastra o maio unha friaxe arrepiante. A serra Mantiñá ten nome de aturuxo. As nubes bótanlle un dengue, as neves un hábito branco, e ela, alí, sempre sinalando o norte, parece un ensabanado; de la sopra un aire ouvéante como se trouxera o longo choro salvaxe dos lobos. No verán é azul, no outono o sol poñente gusta de adurmiñar nas súas penedías. Os paisanos din que é seca, sen árbores ao pé.

É xeografía describir a serra Martiñá a súa forma de cúpula, a súa situación ao norte, o súa bioxeografía de uces e lobos, a súa climatoloxía. E a percepción dos paisanos.

> Vese desde moitas partes facendo unha pura ensinanza do norte sobre as terras de pan, de castaños e lameiros de Cea, de Chao de Amoeiro, como vangarda dos planaltos de Lugo, sulcados por brancas estadeas de bidueiros

É xeografía definir as terras do pan de castaños e bulleiro, os altos de Amoeiro, con ringleiras brancas de bidueiros.

> Desde a Martiñá correndo a vista cara ao poñente seguen outras terras de pouco relevo facendo no horizonte unha liña suave deitada na lonxanía; de alí ven o aire santiagués. Mais logo a máis limpa, individual, alongada serra de horizontes téndese coma un can deitado na que se poden ver hastra estremecementos no lombo: é a Mandanela. “Ten moitas augas”, din os paisanos. Vense os piñeirais rubir polas costas sen chegar ao cume amplo e cheo ao solpor, e mellor aos raios do nacente, precísase o traballo das augas na masa granítica. Cando nas horas de raxeira no verán adquire un doce azul de nube ou de pintura labrega vese un puntiño branco cono un seixo brillante: unha ermida. Os que alá foron din que ten carballeiras frescas nas quebradas, de limpas augas rebuldeiras, fondo das graciosa paisaxes do Carballino.

É xeografía ver no poñente o horizonte doutras terras de serras alongadas, é a Mandanela, con moitas augas segundo as xentes. Alí hai piñeirais sobre chan granítico. Unha ermida. Alí hai carballeiras, son as paisaxes de O Carballino.

> Ao poñente, no lugar por onde se pon o solsticio, tres montañas en roda rompen a liña suave do horizonte. Forman un grave concello, a nas súas faldas longamente espalladas vense lucir os crecentes brancos dunha estrada. Tras dela, levados pola costa dos terreo, maxinamos chegar prontamente aos vales sempre frondosos, de Pontevedra, á beiramar, ás terras dos laranxeiros, dos camiños emparrados do Lerez e o Umia. Tamén, ao poñente, o Suido á un

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> lombo de porco bravo sempre disposto nun ímpeto salvaxe: o faro de Avión fai soñar nos vagos horizontes das rias que el albisca eternamente.

É xeografía onde se pon o sol, tres montañas en roda en horizonte suave detrás delas os vales frondosos de Pontevedra, terras de laranxas, viñas no Lerez e o Umia. E o cume do faro de Avión preludio das Rías Baixas.

> No suroeste tres curvas limpas e o coto de Novelle ten un perfil levan a vista para o sur. O coto de Novelle ten un perfil de moucho, de gato, de caduceo: domina Arnoia e é familiar para as poboacións do Ribeiro.

É xeografía albiscar no suroeste o punto máis alto da ribeira oriental do Miño, o coto de Novelle en terras de Arnoia.

> Cara ao Sur non teñen as montañas tan acusada personalidade: lombos disformes de serras fan unha falda escura se é que loce o perfil dalgún outeiral, a pirámide azul dun coto. Son as terras de cara Bande e Portugal. De alí veñen as torres de neboeiros cargados de auga pesada, rachados polos lóstregos. Tras deles sóñase nos vales de oliveiras e do farto e gracioso chan portugués.

É xeografía ver as montañas do sur, menos altas con cumes de serras disformes, penas escarpadas, cumes en forma de pirámide, son terras de Bande e o afastado Portugal.

> Unha segunda orde de terras máis próximas son xa familiares: vense desde a solainas as carballeiras, os piñeirais rubir polas encostas e polas quebradas, os camiños debuxando órbitas de vides, os planaltos verdes de centeos e ferrañas dos invernos, marelos na primavera; as viñas marabillosas no outono. Son bocarribeiras de suave chan granítico, cortadas por quebradas de terra mol e bravos outeirais. Vese Ourantes ao pé do coto céltico do San Trocado; Vilela, Vilamuore, Reñantres, as torres de Maside. O conxunto da paisaxe destas e outras parroquias fai un cadro detallista, flamenco, nas horas de mañá: de noite só locen na finda escuridade as luces urbanas de Maside, algunha ventá alumeada, algún fachón de camiñante. Baixo a lúa vense as terras lonxanas docemente pensativas.

É xeografía volver a mirada ás terras máis próximas, carballeiras, piñeirais, viñas e chairas de centeo. As bocarribeiras de chan granítico. Vese Ourantes ao pé do monte de San Trocado de 553 metros, e as parroquias de Vilela e Vilamoure. no municipio de Punxín, Reñantres en Maside, todas elas na marxe dereita do val do río Barbantiño. Esa paisaxe descríbeo nas horas da noite onde se ven as luces urbanas de Maside.

> Enche a mañá o concerto das espadañas: as campás de Punxín zoan no fondo do val. Coma as campás asulagadas das lendas xermánicas; as de Santa Cruz e de Palmés parecen tocar perto de nós, outras chegan lonxanas, algunhas como vibración máis suxerida que ouvida.

É xeografía a visión das espadanas das igrexas dos campos de Punxín, as de Santa Cruz de Arrabaldo e Palmés en Ourense.

E remata o artigo:

> Sempre novo, sempre o mesmo, exuberante, emocionante, fosco, saudoso ou ledo, o horizonte fala palabras cósmicas, eternas, a quen desde a solaina olla o ritmo dos cumes lonxano.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

É xeografía ver desde unha solaina o factor do ritmo, a cor e horizonte nas paisaxes dos afastados cumes.


DOMINGOS LITERARIOS DE GALICIA

DEND'A SOLAINA

SO MARAO

NOS EXPLICAMOS PERFECTAMENTE

Figura 1.1. Xornal Galicia 24-06-1929

Vemos que neste artigo Otero na linguaxe xeográfica utiliza palabras que describen a visión cara aos catro puntos cardinais, os lugares próximos, os límites, os afastados. Pálpase a emoción do relato ao debuxar unhas comarcas coñecidas. É realmente claro que o xeógrafo está a facer xeografía: física, humana, bioxeografía, xeoloxía, climatoloxía e ata xeopolítica, dándonos a visión global da paisaxe. Ademais, defínenos esa tan galega palabra e oteriana de bocarribeira no suave chan do granito. Ademais vemos que un artigo dun xornal é o medio que unha e moitas veces utilizou Otero para plasmar o saber xeográfico.

O espazo galego a principios do século XX vivido por Otero tiña unha organización non igual a de hoxe en día: modelo de concentración urbana na franxa costeira de Galicia, cuxa economía se basea no sector servizos e cunha poboación residual nas zonas rurais interiores onde as actividades agrarias son abandonadas e perden o seu antigo potencial. Otero descríbenos nas súas novelas unha vida rural autosuficiente onde as actividades agrarias son prioritarias e rexen a vida das aldeas e vilas. As cidades son aquel afastado espazo onde o novo réxime administra a nova economía.

Non podemos esquecer que en palabras do profesor Ramón Villares:

> A fixación de novos referentes da identidade nacional de Galicia, nos que a apelación á Terra e á Paisaxe resultaron centrais. E Otero Pedrayo foi un obreiro especialmente fecundo nesta laboría.[13]

Creo que o fundamental para coñecer a xeografía de Don Ramón Otero Pedrayo, despois de ler os seus escritos, debe ser deixar discorrer no estudo da súa obra xeográfica o seu propio pensamento escrito. Buscar, quizais, unha certa orde cronolóxica para comprobar as súas observacións, investigacións, formación e carácter. Así atoparemos a verdadeira natureza do xeógrafo. A xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.

Penso que unha das formas, e quizais a máis xeográfica de entender nunha reflexión o pensamento sobre unha paisaxe é o estudo dos aspectos xeográficos dun territorio é a cartografía. Por iso pretendo que os escritos de Otero serán máis comprensibles se os seus conceptos e descricións transfórmanse en mapas. Otero utilizou poucos mapas e planos na súa xeografía, quizais polo pouco uso que os xeógrafos facían da cartografía, cousa que deixaban

[13] No artigo titulado: Ramón Otero Pedrayo mestre da cultura. CC (2009), p.16

aos cartógrafos, pois primaba a descrición, o razoamento e as consecuencias dos fenómenos xeográficos. Vou utilizar e farei referencia aos poucos planos e mapas que veñen nas súas obras.




Figura 1.2. Mapa da parroquia de San Pedro de Trasalba. Elaboración propia

A xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo, foi unha xeografía que se iniciou en galego, ciencia xeográfica, eran os inicios de século XX. Os textos viron a primeira lus na revista Nós, e tamén tiveron alto nivel científico na sección de Xeografía de Seminario de Estudios Galegos, que dirixiu Otero, e en outros foron esquemas nos manuais de temarios de xeografía para o instituto e a universidade de Santiago de Compostela, foi recollida na paisaxe das novelas de Otero. Os libros e xeografías de Galicia ensinaron o seu saber xeográfico, en algúns dos seus artigos de revistas e xornais temos xeografía. Nos seus discursos políticos hai amor a xeografía de Galicia. Imos pois a estudiar a xeografía dun xeógrafo galego, pai la xeografía moderna de Galicia. *A xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.*

Non quixera finalizar esta introdución sen mostrar os sentimentos que teño e sempre levo pola persoa e obra de Don Ramón, e quizás a millor lembranza e mostra de agarimo sexan as palabras xa escritas polo *poeta da raza*, D. Ramón Cabanillas Enriquez en aqueles *poemas soltos* e datados entre 1907 e 1959, pois un deles que o fixo en Madrid en 1955, e dedicoulle a Otero Pedrayo, e di:

> Cabaleiro sin chata, carne de corazón,
> fror da céltiga raza é o no Don Ramón.
> A xurdía mocedade e os vencidos edosos
> ven nel o capitán dos "bos e xenerosos",
> De alma ardente coas azas do Ben e da Verdade
> tramontou os roteiros da racial Saudade
> e sabe do destiño de loureiros e groria

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que aniña nos infolios da nosa patria hestoria,
Digan outros da súa verba limpa de espello,
da súa pruma esgrevia, do seu siso e consello;
louben outros ó vate e ó mestre sabidor...
Por enriba do artista, o home inda é millor
pola súa bondade, pola súa enxebreza,
polo se señorío, dozura e sinxeleza.
Tal reverencio e quero Ó noso Don Ramón,
cabaleiro sin chata, carne de corazón.

1.2. OBXECTIVO XEOGRÁFICO E METODOLOXÍA

O primeiro e cativo contacto coa obra de Ramón Otero Pedrayo foi alá pola década dos 90 do século XX con motivo de, que aos meus fillos encargáronlle no colexio facer un traballo sobre a novela: "*Os camiños dá vida*". Lin a obra e descubriume unha realidade que descoñecía: a Galicia que conta Otero. Pois o meu devalar de corenta anos entre a capital de España, lugar de traballo, e a aldea da Ribeira de Arriba na parroquia do O Hospital no municipio de Quiroga, onde nacín, concedeume a idea dunha Galicia pequeneira circunscrita a unha preciosa e histórica aldea onde pasaba as vacacións de verán. A formación de topógrafo e os avatares da vida profesional impedían o estudo sereno e repousado da Xeografía, pero non me impediron ler as novelas de Otero. Deste xeito, unha nova Galicia que era historicamente novelada e a insistencia na obra oteriana, pois sempre unha obra de Otero lévache a outra, levoume aos seus escritos xeográficos. A realidade que descubrín enmeigoume e desde entón xeógrafo de vocación levoume a estudar toda a súa obra desde o prisma da Xeografía.

Uns anos facendo o grao de Xeografía e Ordenación do Territorio na USC e un master na Universidade de Santiago de Compostela era o camiño para levar o xeógrafo Otero Pedrayo ao máis alto do cume da Xeografía, pois encontreino esquecido, non valorado en toda a súa sazón. Xa que ese foi o obxectivo do devalar que desde unha parroquia de bocarribeira, San Pedro de Trasalba, don Ramón Otero Pedrayo cumpriu, e ensinounos a amar a Nosa Terra, Galicia.

E pois obxectivo desta tese a investigación da *Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*

A metodoloxía non podía ser outra, que ler toda a súa obra, en especial as obras xeográficas as matices paisaxistas, e os traballos de profesores e xeógrafos que reflexionaron sobre a súa obra. Así chegaremos ao seguinte índice e contidos: a súa biografía apuntada polos fitos xeográficos. Descubrir a súa formación xeográfica. Cal era o devalar da xeografía en aqueles tempos. Aquí debemos expoñer cal foi e é a situación actual dos estudos sobre a xeografía de Otero. Tamén debemos ver como os historiadores desentrañaron nas obras de Otero a súa xeografía, pois xeografía e historia sempre estaban mesturadas. Reunir e desentrañar os seus escritos xeográficos. Ver e mirar a beleza dos seus escritos sobre a paisaxe. Recuperar a xeografía das súas novelas, poesía, contos e teatro. Ler a actualidade xeográfica dos seus artigos de xornais e revistas. A xeografía de Galicia que Otero estudou e sobre a que peregrinou. A Xeografía de Galicia que Otero ensinou. A peregrinaxe polas Cortes Constituíntes da II República. A Xeografía oteriana de Galicia e o seu vocabulario xeografico que defendeu e utilizou. Todo chegará aos resultados e a unha discusión, que nos levará de camiño as conclusións dunha xeografía non escrita de Don Ramón Otero, froito do atrevemento case xuvenil de xuntar en ringleira as paxinas de máis beldade e cheas de xeografía de Otero. E todo chega á meta das referencias bibliográficas que serán a imaxe no espello da *Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*. Sen esquecernos da Fundación

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Ramón Otero Pedrayo con sede en Trasalba e a fundación Penzol en Vigo, como centros vitais da investigación da súa obra.

Non vou manifestar o sereno e grave gozo que asolaga a alma ao ler a Otero nos seus escritos orixinais anque o léxico de Otero é de confusa e de dubidosa lectura. E nas primeiras edicións as veces teñen erros ou grallas de imprenta. Pois dáse a entender que non se corrixían as probas de imprenta. Pero a realidade da normativa actual obríganos a escribir na gramática normativizada da lingua galega. Por iso é necesario atopar nos escritos de Otero a transposición das súas palabras á normativa actual. Que quere dicirnos o mestre de Trasalba sen perder o seu estilo e forma de dicir. E para chegar a ela utilizaremos dous dicionarios anteriores á normativa lingüística actual, os dous de edicións da editorial Galaxia: o de Eladio Rodríguez González[14] publicado postumamente en 1958, no que el propio Otero realiza un prólogo no que glosa a obra do poeta e lévanos á paisaxe e xeografía do seu Ribeiro natal, e o de Xosé Luís Franco[15] Grande na 7ª edición de 1982.

Podemos dicir que ao facer referencias textuais nesta tese dos escritos de Otero, imos respectar a súa grafía orixinal cando a mesma non impida a correcta interpretación do texto, no senso contrario farase unha normativización o máis axeitada posible co sentido xeográfico de cada texto.

É pois, un obxectivo prioritario da tese: *a xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*, o buscar os fundamentos teóricos do pensamento xeográfico de Ramón Otero Pedrayo e a súa aplicación ao coñecemento e ordenación do territorio de Galicia. Son adicionais uns obxectivos específicos, que parten de atopar os fundamentos a súa formación xeográfica, a posible metodoloxía empregada no seu estudo e análise da xeografía, así como, e naturalmente a aplicación práctica á hora de estudar e analizar o territorio, a paisaxe e as comarcas de Galicia. E tamén é obxectivo especifico o clasificar e ordenar a súa produción da obra eminentemente xeográfica e paisaxista.

Pódese facer como resumo, que o obxectivo da tese *é a xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*, que iniciase coa imaxe é o mapa de Domingo Fontán, a carta Xeométrica de Galicia, alí atopase a Terra, o Pobo, a Paisaxe e a Patria. Que como xa imos ver están reflectidos nos escritos xeográficos, nas súas novelas e artigos, nos ensaios sobre a paisaxe e na militancia política de Otero.

[14] Presidente da RAG 1926-1934. (1986 -1949)
[15] Académico da RAG, (1936-2020)




Figura 1.3. Obxectivo da tese. Elaboración propia

1.3. AS FONTES

Vemos que é difícil discernir e definir na obra oteriana o xénero a que pertence en moitos casos as súas obras, pois a súa erudición mesturaba e improvisaba en todo momento pola súa gran cultura e visión global da realidade.

Carme Fernández Pérez-Sanjulián[16], na súa tese: *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*, dinos:

> Hai, pois, intertextualidades xenéricas constantes que, lonxe de minguaren a validez das obras, si que levan, nalgúns casos, ao leitor a non ter unha idea clara de en que xénero deben ser incluídos determinados textos.

Iso confírmanos que a xeografía está en toda a obra de Otero. Pero polo carácter sistemático que é necesario introducir para investigar, creo que, non se cometerán graves erros se estruturamos a súa obra coa perspectiva de desentrañar o seu saber xeográfico en: escritos propiamente xeográficos, escritos sobre a paisaxe, as novelas, os artigos de prensa, a súa poesía e o teatro. E tamén atoparemos xeografía nos seus discursos parlamentarios.

Sendo moi xusto, é necesario e especial o apuntar os estudos de profesores de xeografía da USC e doutras universidades que estudaron a súa obra. Pois sendo pequenos ensaios de unha ou dúas obras de Otero, dannos una visión de persoas que o coñeceron e son amantes da xeografía.

Habemos de facer unha observación en canto léxico e sintaxe dos textos de Otero. É o meu criterio o utilizar os textos orixinais sempre que sexa posible, ou primeiras edicións, pois os intentos de normativizar os seus escritos fan perder a súa orixinalidade e sentido que o

[16] Doutora en filoloxía galego-portugués, universidade da Coruña

mestre lles quixo dar. Pois el díxonos que escribía *no falar das xentes*. Aínda que para mellor trasladar o espírito da súa obra debemos facer un esforzo de adaptación á normativa para levar os seus escritos cara ao gran público. É o criterio do catedrático Carlos Baliñas[17] cando no seu artigo titulado: *Demandando edicións xeitosas para un grande escritor,* que foi publicado na revista Reigame no número 12 do ano 2001, e di :

> Por todo o devandito, coido que as edicións de agora, fóra das facsímiles para eruditos e lingüistas, deben adaptar o texto á grafía de hoxe. Unicamente cabería discutir esta norma no caso de peculiaridades do autor, que aí se cadra a peculiaridade debe ter preferencia sobre a norma común.

Aínda así, a mellor análise da forma de escribir o galego de Otero, atopeino nun artigo de Antonio Couceiro Freijomil[18], do 8 de maio de 1928 escrito no xornal *El Pueblo Galego,* que se titula*: Minucias filológicas. Sobre el ultimo libro de Otero Pedrayo.* O libro é: *Os señores da terra,* volume primeiro da novela *Os camiños da vida.* Pois nese artigo se nos di*:*

> En la prosa actual, Otero Pedrayo representa una reacción en favor del ruralismo, de la generosa concesión a los modos de hablar de nuestros paisanos. Antes que escribir a estilo de señorito, en ese gallego que quiere pasar por ciudadano, con mucho convencional, de amanerado y seco, optó por hacerlo no sé si en son de protesta, tal como se expresa el público iletrado…
> Otero Pedrayo se muestra de ordinario tan siento a la manera de hablar del pueblo,,,
> Los escritos de Otero Pedrayo dan una idea bastante exacta de cómo es hoy el habla de Galicia en los labios del vulgo, que, después de todo, fue quien la conservó a la alimento y la sostuvo en su abandono varias veces secular, sin que por ello deba extrañarnos que haya adquirido las maneras rústicas de los que le tendieron amorosamente sus brazos protecctores. De muy pocos literatos actuales puede decirse otro tanto.

Xa pois, sempre buscaremos os escritos orixinais e cando non sexa posible farémolo saber.

Non se debe esquecer a biblioteca do pazo de Trasalba, é alí onde está e están a ciencia e os antecedentes xeográficos de don Ramón Otero Pedrayo. E alí en outros eidos e campas, como a fundación Penzol de Vigo onde corren ríos de orixinais de Otero e os afluentes da biblioteca que tiña o mestre na súa casa de Ourense na rúa Paz. Pois deben ser contrastados cos seus manuscritos e o arquivo persoal do fondo da fundación Penzol. Tampouco debemos esquecer a biblioteca da facultade de Xeografía e Historia da USC en Santiago de Compostela, pois nela a voz Otero Pedrayo posúe 1277 entradas. Tamén deben estudiarse as obras de xeografía que publicou Otero sendo membro do Seminario de Estudios Galegos onde dirixía a sección de Xeografía. Poden ser decisivos os arquivos do Museo do Pobo Galego, xa que nas coleccións, en especial a de Antón Fraguas[19] e Xaquin Lorenzo[20], así como nas revistas e libros sobre as obras e pensamento de Otero que estudiaron os membros do seu padroado e outros colaboradores. Tamén imos pescudar no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Pois pódense encontrar alí incidencias e circunstancias académicas da época en que

[17] Filósofo e profesor (1930)
[18] Académico da RAG (1888- 1955)
[19] Académico da RAG (1905-1999)
[20] Académico da RAG (1907-1989)

Otero foi catedrático na USC, entre 1950 e 1958. Tamén temos que ver as revistas e xornais nos que escribiu Otero, case todos dixitalizados na Biblioteca Dixital de Galicia, Galiciana. E no Consello de Cultura Galega. E desprazarémonos a Madrid, pois na Hemeroteca municipal, se atopan as revistas Misión e Arte e Letras nas que escribiu Otero uns 120 artigos na posguerra civil. E imos atopar sentimentos e cousas da vida en todos os libros que recollen a correspondencia de Otero coa súa nai e os seus amigos.

Tamén se debe facer mención a máis longa das bibliografías feitas dos libros e outros traballos publicadas por Otero Pedrayo. Foi publicada por Galaxia en 1958 co gallo da publicación do libro *homenaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*. Bibliografía que volveu a ser publicada no catálogo da exposición do centenario en 1988.

Habemos de deducir que o saber xeográfico do mestre está na súa biblioteca de Trasalba, que temos visitado en varias ocasións. Visto o contido dos catálogos da súa biblioteca realizados por Nicole Dulin Bondue[21], Pablo Sánchez Ferro[22], e os propios da fundación, alí e por alá se encontra o tesouro bibliográfico no que se formou o espírito do Pai das Letras Galegas, Pois alí atopase *A Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*

1.4. MARCO TEÓRICO E A CARTA XEOMÉTRICA DE GALICIA

A xeografía de Otero non pode estudarse se non se coñecen previamente os seus ensaios xeográficos, os da paisaxe, as obras de xeografía que escribiu e dirixiu, así como nas que participou en colaboración con outros autores. Partindo de todo ese conxunto de obras, máis as de literatura e xornalismo debe establecerse o contido do marco teórico desta investigación que debe comprender a paisaxe no que se formou Otero e no que exerceu como xeógrafo, profesor e catedrático. Os límites e fronteiras dese marco teórico teñen que recoller o devir e camiños da súa biografía, a súa formación estudantil e profesional de profesor e catedrático. Imos a facer un percorrido que polas súas obras fixeron os profesores e xeógrafos da USC e doutras universidades que estudaron a Otero na súa faceta xeográfica. De tal xeito que neste eixe teremos a posición actual do tema desta tese, Debemos pois, investigar os esquemas desta peregrinaxe seguindo o camiño das súas obras que se inicia cos libros da súa formación xeográfica, o camiño pode ser o seguinte:

Todo xira ao redor da biografía do personaxe, e biografía son os seus datos vitais, a súa formación de mocidade e académica, os seus libros máis queridos, as súas obras lidas dos primeiros días, as súas memorias e o seu déposito derradeiro.

Sendo necesarios a lectura das memorias de Otero: *Lembranzas do meu vivir, Tomos I e II*, publicadas por Galaxia en 2015. A súa novela *Adolescencia* (1944), o *Libro dos amigos* (1953), a novela *Arredor de si* (1930) e a biografía realizada por Carlos Casares Mouriño[23] en 1981 son as fontes para deseñar unha primeira impresión da súa formación estudantil, académica e xeográfica.

Esas paisaxes xeográficas, que son os escenarios da vida de Otero están en Ourense, Trasalba, Madrid e Santiago de Compostela. Sendo os espazos ideolóxicos: as Irmandades da Fala, a revista Nós, o Seminario de Estudios Galegos, o Partido Galeguista e a creación da editorial Galaxia.

[21] Profesora de francés na UNED
[22] Bibliotecario da fundación Ramón Otero Pedrayo
[23] Académico da RAG (1941-2002)



Figura 1.4. Despacho de Otero en Trasalba

:

A súa formación ten o cerne na xeografía rexional francesa de Paul Vidal de La Blache[24], e a xeografía social, humana e económica de Jacques Élisée Reclus[25], son as que serviron de puntais para consolidar o sentir xeográfico de Otero. Todo mesturado con un discurso inzado no romanticismo francés e no seu admirado Francois René, vizconde de Chateaubriand[26].

Ademais os autores galegos que mais influíron no pensamento de Otero e os mais estudiados por el foron: Nicomedes Pastor Díaz[27], Rosalía de Castro, Eduardo Pondal[28], Benito Feijóo[29], Ramón Cabanillas[30] e Antonio Noriega Varela[31].

Habemos pois de analizar os artigos e debates que no seo da universidade galega realizáronse con motivo de conmemorar efemérides de Otero, así como os pequenos artigos que xeógrafos da USC produciron ao investigar algunha obra xeográfica de Otero. As súas conclusións son moi validas e axeitadas, pois van darnos unha visión certeira da xeografía do mestre de Trasalba.

O obxectivo da tese é atopar e mostrar *a xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*, que sen dubida atópase nas súas obras xeográficas, paisaxísticas e literarias, e no Mapa de Fontán[32], que Otero sempre viu na casa de Cima de Vila, é o eixe e a imaxe da Terra, alí está a orixe da *xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*

[24] Xeógrafo francés (1845-1918)
[25] Xeógrafo francés (1830-1905)
[26] Escritor francés (1768-1848)
[27] Avogado e escritor (1811-1863)
[28] Médico e poeta (1835-1917)
[29] Beneditino (1676-1764)
[30] Poeta (1876-1959)
[31] Periodista e poeta (1869-1947)
[32] Político e xeógrafo (1788-1886)




Figura 1.5 Marco teórico. Elaboración propia

A xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo, ten o seu fondo e base no Mapa de Fontán, iníciase coa descrición da Terra, na que reside e vive o Pobo o cal dá orixe á Paisaxe, todo iso configura a Patria ou a Nación Galega. As fontes de cada tempo están nos seguintes escritos oterianos e situacións vitais:

Terra. ➔ Escritos xeográficos.
Pobo. ➔ Novelas e artigos.
Paisaxe ➔ Ensaios sobre a paisaxe
Patria ➔ Militancia política.

1.4.1 A Carta Xeométrica de Galicia

Ao longo desta tese imos facer moita lembranza da Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán. É que na casa de Otero en Trasalba temos un exemplar deste mapa gravado en 1845 por L. Bouffard en París. Logo e xa que todos sabemos o gran coñecemento e admiración de Otero por Fontán e o seu mapa. Temos que ler ledamente e cun sereno e grave gozo o prólogo que Otero fixo en 1974 para unha edición da minuta do mapa de Domingo Fontán que presentou a raíña María Cristina en 1834, e foi o empregado e modificado baixo a dirección de Fontán polo gravador Bouffard[33], e a edición impresa foi realizada pola imprenta de Lemecier en París no 1845.

Pois ben, foi no 1974 cando Asociación do Corpo Nacional de Topógrafos, editou varios exemplares da minuta orixinal en edición facsímile do mapa que foi o presentado por Fontán á raíña María Cristina de Borbón en 1834. Esa edición é de 565 exemplares numerados en 16 follas e foi impreso nos talleres do Instituto Geografico Nacional. Cabe preguntarse, onde están depositadas as pranchas de pedra litografadas de dito mapa. E cousas do demo, díxome un funcionario de dito Instituto, ditas pedras desapareceron do Instituto descoñecendo o seu paradoiro a data de hoxe. Deste mapa o autor da tese posúe o exemplar numerado co número 175. E tamén se atopou na biblioteca de Trasalba un exemplar numerado co número 516, que

[33] Gravador francés

era case descoñecido polos xestores da Fundación. Pois ben, no prólogo desa edición escrito en castelán Otero di:

> Con verdadera y profunda emoción me atrevo a escribir unas líneas de presentación de la hermosa e ilustre" Carta Geométrica de Galicia" en la forma definitiva tal y como su autor Domingo Fontán la concibió y dibujó. Obedezco a la voluntad de la Asociación del Cuerpo Nacional de Topógrafos al atreverme e esta especie de prologo. Se trata sin duda con tan honrosa encomienda de premiar en mis últimos años una larga vida dedicada al estudio y exaltación de Galicia. Y con fervoroso agradecimiento aquí lo consigno.
> Como muchos gallegos y no gallegos soy desde niño discípulo fiel y agradecido de este mapa, el "Fontán" como se llama generalmente. Presidia el despacho de mi padre en nuestra en nuestra vieja y amada casa de aldea. De niño, subido a una silla o a la mesa, seguía el curso de un río, el ondular ascendente de una región de "chaos" y colinas rematada en alta sierra, admiraba el dibujo fuerte, preciso y gentil de la Rías, me perdía en la proliferación de los altos valles, imaginaba el contorno afectuoso de las ciudades y villas. Y después con el alma plena de imaginados horizontes acudía a la pétrea solana para dejarme envolver en la cósmica pulsación de los amplios horizontes de mi casa y de mi infancia. Y era grande mi alegría al descubrir desde mi solana algún rasgo del horizonte representado en el mapa: la curva del Suido, la graciosa escultura del Coto de Novelle, el trazo a un tiempo firme y dudoso del valle del Barbantiño…
> He sido toda mi vida fiel al Fontán. En mis caminatas por Galicia llevaba un calco de los viejos caminos de la comarca elegida y nunca el viejo geógrafo me engañó. El mapa representa una Galicia, casi aun del XVII, sin otra carretera que la borbónica de la Coruña. Las redes arterial y venosa de los viejos caminos laten en el Fontán con sus puentes "pedriñas" o "taboadas", sus descansos en posadas de arrieros y estudiantes. Es emocionante detenerse en los enjambres de parroquias que pueblan los valles y las cuestas fértiles, y como se van espaciando en los altos llanos y gándaras por el viento de las cumbres. Saludamos las ermitas blancas, en sus altares de colinas, los grandes "pazos" barrocos que imaginamos inmersos en su cortejo de searas y bosques. Imponen los grandes monasterios, sistemáticas organizaciones de silencios, soledades y aspiraciones. Pero sobre todo nos conmueve el polvo denso, desigual, como de materia humana originaria de las aldeas con sus topónimos expresivos, ásperos o suaves, célticos, germánicos, latinos. Brillan como las Siete Estrellas, las Siete Ciudades del Antiguo Reino, el más antiguo y el primero católico de todo el Occidente europeo. La Coruña en su tómbolo envuelto en el canto marino. Compostela en la zona de antiguos castros entre las diversas atracciones del Tambre y del Ulla, Vigo es un estratégico y corto lugar, los tres elementos de la hermosa villa de Combarro aparecen distintos, y Orense apenas tocando el Miño…
> Nos atrae la indecisión de los blancos arenales donde el viento levanta sus quejas cono en el soneto de Antero. Fácilmente los finos y firmes trazos del mapa se alegran y vivifican con las vegas verdes y doradas, En tiempo de Fontán aun el manto de los pinares, que trasporta hasta la montaña el tema del mar, no se extendía casi unánimemente… En fin, toda Galicia tendida al Oeste con sus grandes valles como flores de raíces finas y dudosas, al Este abiertas en corolas al océano con la tensión y palpitar de su historia de todos los días se nos ofrece en este mapa, el primero y más bello que haya obtenido una región española.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Su autor, cabeza fuerte de matemático, hidalgo aldeano pertenece al tiempo de vigorosas personalidades (La Sagra, Parga, Varela Montes…) que ilustraron el primer XIX las aulas de la Universidad Compostelana. Su "Carta" Modelo de amor y dedicación aparece ahora fiel al dibujo de su autor, con los topónimos escritos de su pluma, mucho más perfecta que en la primera edición de Paris, de 1845, La imagen de Galicia se abre a nosotros a través de su firme espíritu, con mayor amplitud y profundidad. Galicia y todos los amantes de la cultura lo agradecen y creemos que todos los cientos de iglesias y ermitas recordadas en el hermoso mapa tocan a maitines felicitando a la Asociación del Cuerpo Nacional de Topógrafos por esta su nueva a altamente patriótica labor.
>
> Coa sinatura de..... Ramón Otero Pedrayo


Temos pois, que dicir que existen dous exemplares impresos do mapa de Fontán, un o presentado á raíña María Cristina en 1834, e outro o máis divulgado que é o impreso en París en 1845, este segundo é o que está na casa de Trasalba. A máis clara diferencia entre os dous exemplares está na representación do relevo, na minuta de 1934 se fai cun lixeiro sombreado, e no de 1845 o procedemento foi debuxar normais das pendentes nas elevacións do relevo. Ademais o mapa impreso en 1974 ten 16 follas e 12 o mapa gravado en París.

Logo existen dous exemplares impresos do mapa de Fontán, un o presentado á raíña María Cristina en 1834, do que un exemplar se atopa na Fundación Penzol de Vigo. E outro o máis divulgado, que é o impreso en París en 1845, deste segundo hai varios exemplares dispersos por Galicia: na casa de Otero Pedrayo en Trasalba, na Facultade de Xeografía e Historia da USC, no pazo de Tor, outro na Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre-Voz de Galicia, no Edificio Fontán da Cidade da Cultura e deben quedar algúns deles en propiedade particular. Entre as dúas versións do Fontán, ademais do apuntado en parágrafos anteriores, existen máis diferencias moi ben recollidas na tese doutoral titulada: *A parroquia galega a partir da "carta xeométrica de Galicia,* realizada por Mª del Carmen Álvarez Monterroso en 2015 baixo a dirección do profesor: Xosé Manuel Santos Solla[34], pois entre as súas conclusións nos di:

> O manuscrito da Carta Geométrica de Galicia de 1834 e o gravado da C.G.G. de 1845 non son mapas equivalentes: Fontán rectificou os límites administrativos internos e externos de Galicia e incorporou nomes topográficos ademais de variar o grupo dos rexistros existentes. Estas modificacións foron un acerto do cartógrafo para a Carta de 1845. Fontán localizou 6.153 topónimos no manuscrito e 8.533 topónimos no gravado; os límites administrativos internos e externos de Galicia son diferentes, ratificou os municipios de Mañón (na súa totalidade en superficie e todas as súas parroquias, salvo Mogor) e As Pontes de García Rodríguez (no seu extremo noroeste e a parroquia de O Freixo) que delimitaban a provincia de Lugo no de 1834 e Quiroga (no seu extremo Sur incluíndo as actuais parroquias de A Enciñeira, Montefurado, Vilaster e as de Anguieiros e San Martiño identificadas por Fontán). Atendendo aos límites externos galegos, no límite ca provincia de Zamora o municipio de Pías coas parroquias de Pías e Barxacoba para a provincia de Ourense no de 1834 e, no límite con Portugal, ca parroquia de Cambedo, situado na fronteira natural da "Raia".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[34] Catedrático de Xeografia da USC



Con verdadera y profunda emoción me atrevo a escribir unas líneas de presentación de la hermosa e ilustre «Carta Geométrica de Galicia» en la forma definitiva tal como su autor Don Domingo Fontán la concibió y dibujó. Obedezco a la voluntad de la Asociación del Cuerpo Nacional de Topógrafos al atreverme a esta especie de prólogo. Se trata sin duda con tan honrosa encomienda de premiar en mis últimos años una larga vida dedicada al estudio y exaltación de Galicia. Y con fervoroso agradecimiento aquí lo consigno.

Como muchos gallegos y no gallegos soy desde niño un discípulo fiel y agradecido de este mapa, el «Fontan» como se le llama generalmente. Presidía el despacho de mi padre en nuestra vieja y amada casa de aldea. De niño, subido a una silla o a la mesa, seguía el curso de un río, el ondular ascendente de una región de «chaos» y colinas rematada en alta sierra, admiraba el dibujo fuerte, preciso y gentil de las Rías, me perdía en la proliferación de los altos valles, imaginaba el contorno afectuoso de las ciudades y villas. Y después con el alma plena de imaginados horizontes acudía a la pétrea solana para dejarme envolver en la cósmica pulsación de los amplios horizontes de mi casa y de mi infancia. Y era grande mi alegría al descubrir desde mi solana algún rasgo del horizonte representado en el mapa: la curva del Suido, la graciosa escultura del Coto de Novelle, el trazo a un tiempo firme y dudoso del Valle del Barbantiño... ...

He sido toda mi vida fiel al Fontán. En mis caminatas por Galicia llevaba un calco de los viejos caminos de la comarca elegida y nunca el viejo geógrafo me engañó. El mapa representa una Galicia, casi aún del XVIII, sin otra carretera que la borbónica de la Coruña. Las redes arterial y venosa de los viejos caminos laten en el Fontán con sus puentes «pedriñas» o «taboadas», sus descansos en posadas de arrieros y estudiantes. Es emocionante detenerse en los enjambres de parroquias que pueblan los valles y las cuestas fértiles, y como se van espaciando en los altos llanos y gándaras batidas por el viento de las cumbres. Saludamos las ermitas blancas, en sus altares de colinas, los grandes «pazos» barrocos que imaginamos inmersos en su cortejo de searas y bosques. Imponen los grandes monasterios, sistemáticas organizaciones de silencios, soledades y aspiraciones. Pero sobre todo nos conmueve el polvo denso, desigual, como de materia humana originaria de las aldeas con sus topónimos expresivos, asperos o suaves, célticos, germánicos, latinos. Brillan como las Siete Estrellas, las Siete Ciudades del Antiguo Reino, el más antiguo y el primero católico de todo el Occidente europeo. La Coruña es su tónbolo envuelto en el canto marino. Compostela en zona de antiguos castros entre las diversas atracciones del Tambre y del Ulla. Vigo es un estratégico y corto lugar, los tres elementos de la hermosa villa de Cambados aparecen distintos, y Orense apenas tocando el Miño... Nos atrae la indecisión de los blancos arenales donde el viento levanta sus quejas como en el soneto de Antero. Fácilmente los finos y firmes trazos del mapa se alegran y vivifican con las vegas verdes o doradas. En tiempo de Fontán aún el manto de los pinares, que transporta hasta la montaña el tema del mar, no se extendía casi unánime ... En fin, toda Galicia tendida al Oeste con sus grandes valles como flores de raíces finas y dudosas, al Este abiertas en corolas al Océano con la tensión y palpitar de su historia de todos los días se nos ofrece en este mapa, el primero y más bello que haya obtenido una región española.

Su autor, cabeza fuerte de matemático, hidalgo aldeano pertenece al tiempo de vigorosas personalidades (La Sagra, Parga, Varela de Montes...) que ilustraron en el primer XIX las aulas de la Universidad Compostelana. Su «Carta» modelo de amor y dedicación aparece ahora fiel al dibujo de su autor, con los topónimos escritos de su pluma, mucho más perfecta que en la primera edición de París, de 1845. La imagen de Galicia se abre a nosotros a través de su firme espíritu, con mayor amplitud y profundidad. Galicia y todos los amantes de la cultura lo agradecen y creemos que todos los cientos de iglesias y ermitas recordadas en el hermoso mapa tocan a maitines felicitando a la Asociación del Cuerpo Nacional de Topógrafos por esta su nueva y altamente patriótica labor.

Ramón Otero Pedrayo

Esta obra, facsímil del manuscrito de D. Domingo Fontán, original que fue empleado por el grabador Bouffard para la primera y única edición que se hizo de la Carta Geométrica de Galicia, es editada por la Asociación del Cuerpo Nacional de Topógrafos, con prólogo de D. Ramón Otero Pedrayo, e impreso en los Talleres del Instituto Geográfico y Catastral, tirándose 565 ejemplares numerados, de ellos 63 en papel verjurado Ingres.
Madrid, diciembre 1974
Depósito legal: M-39921-1974

Ejemplar núm. 00175

Figura 1.6 Prólogo do Mapa de Fontán. Elaboración propia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Volvendo ao prólogo de Otero a este mapa de Fontán de 1834. Sempre o espírito de Otero chama as súas lembranzas. Ten a paisaxe de Galicia presente en todo o que fai. E na xeografía é onde as verbas xuntan sentimentos e crenzas. O mapa de Fontán marca os camiños e eixes da súa xeografía. Alí vai a historia e os seus personaxes como orixe do vivir de hoxe. Todos estamos co compromiso de loitar por conservar esta herdanza cultural galega que nos levará máis alá do que é *a xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.*



Figura 1.7. Mapa de Fontán en Trasalba. Elaboración propia

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 1.8. Elementos da xeografía de Otero. Elaboración propia




Figura 1.9 Trasalba no mapa de Fontán de 1854

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Figura 1.10. Trasalba no mapa de Fontán de 1834

1.5. PROCESO INVESTIGADOR

Ata aquí fixemos a definición e o obxectivo para achegarnos *a xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*, citáronse cales son as fontes do traballo, apuntouse un marco teórico. Imos pois a estudiar a formación xeográfica de Otero ao longo da súa dilatada vida, e referenciaremos algunhas das investigacións de xeógrafos sobre a súa xeografía ata o día de hoxe, que serán repasados e estudados. Cabe pois, agora cunha metodoloxía de repousada lectura das fontes, toda a súa obra, e desa lectura abrir un proceso investigador para discernir, analizar, acoutar, facer critica e compendiar *a xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*. Precísase delimitar o estudo das súas obras eminentemente xeográficas e paisaxistas. Sen esquecer a existencia de xeografía no resto da súa produción literaria cando os conceptos xeográficos sexan parte do seu contido. Imos de seguido estudiar mirar e ver as paisaxes biográficas da vida de Otero, referenciaremos algunhas das investigacións de xeógrafos sobre a súa xeografía ata o día de hoxe, Eses eidos darannos as paisaxes actuais das investigacións sobre a *Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*.

Imos coller o pulo de aquela xeografía que se facía en tempos de Otero, a máis ver a xeografía francesa da cal Otero foi un lector en francés de varias ducias de exemplares nos andeis da biblioteca de Trasalba. E así facer a comparanza que sempre mostrara a calidade do case discípulo e seguidor de Paul Vidal de La Blache.

Na conversa mantida por Otero con Victor Fernández Freixanes[35] e publicada pola editorial Galaxia en 1976 no libro: *Unha ducia de Galegos*. Á pregunta do porqué do barroquismo e profundidade da obra de Otero Pedrayo, el contestou:

[35] Presidente da RAG

> Eu debín ser narrador, nada máis que narrador, un bo narrador... pero naquel intre, cando tan poucas cousas tiñamos, había que facelo todo: viaxar, botar discursos, escribir en xornais, estudiar xeografía, etnografía, historia da nosa terra, que estaba por escribir. que de ningunha maneira se podía era estar calados e quedos porque o tempo, xa de aquela, loitaba contra nós.

Esta confesión de Otero lévanos a peregrinar polos conceptos e ensaios xeográficos e paisaxísticos. Tamén se nos abrirán os horizontes das novelas, biografías, poesía, teatro e contos do xeógrafo. Chegaremos ás bocarribeiras dos artigos de prensa e revistas, plácidas e fondas reflexións do espírito de Otero.

Alí e alá, nos chaos da ensinanza da xeografía, a cátedra, as leccións, que son obras maxistrais. E por esas cousas da vida, un xeógrafo nas Cortes Constituíntes da II República Española. Eses serán os feixes da colleita dunha investigación, que debera levarnos a unha xeografías, quizás, non escrita do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.

Non é sinxelo, e máis ben cousa atrevida querer dar as necesarias conclusións. Don Ramón deixaba caer ao rematar os seus escritos aquelo de: ” *hactenus de hoc*”. É suficiente sobre este asunto. Sen embargo, serán mil ríos as conclusións unhas escritas, outras lidas, e as máis sempre tidas na memoria da xeografía galega.

En Otero sempre unha cousa nos levará a outra, un ensaio a un artigo, ou cousa parecida. Así faremos anexos co seu derradeiro ensaio. Moi amigos dos seus amigos eles darannos máis anexos de grandes xuntanzas.

E moi especial será o encontro e a achega a súa tese doutoral: *Los Origenes de la Galicia Moderna,* depositada nos arquivos da Fundación Penzol de Vigo. E sen esquecer a sorpresa de varios mapas e cartografías que dormen en Trasalba, máis de seguro foron aparellos de cultivo polas ringleiras dos sucos da *Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO II

O XEÓGRAFO NO SEU TEMPO

2.1. PAISAXES XEOGRÁFICAS NA BIOGRAFÍA DE OTERO (1888-1976)

Non é un obxectivo desta tese facer un percorrido polos feitos da vida e biografía de Ramón Otero Pedrayo, pois outros autores relataron a súa vida e obra en todos os aspectos humanos e biográficos. Habemos, pois de dar contido e historia ás peregrinaxes e paisaxes, que na súa vida marcaron a súa formación, observación e investigación como xeógrafo e resaltar as datas e eventos nos cales a súa xeografía estivo en primeiro plano.

Don Ramón Antonio Vicente Otero Pedrayo, viu a paisaxe de Galicia o 5 de marzo de 1888 en Ourense, e pasou a formar parte da historia o 10 de abril de 1976. Foron 88 anos de vida entre as letras, a xeografía, a súa familia e o sentir unha terra como alma e espírito da súa persoa.

Estas paisaxes que viu Otero o longo da súa vida son: Trasalba, Ourense, Santiago de Compostela, Madrid, as paisaxes culturais debuxadas na revista Nós e no Seminario de Estudios Galegos.

2.1.1. O Xeógrafo de Trasalba

Sí tratamos de atopar as paisaxes xeográficas que nos dean o fondo da biografía de Otero é o lugar de Cima de Vila, na parroquia Trasalba no concello de Amoeiro, onde na intimidade da súa casa familiar escribiu a maior parte da súa obra. Foi a paisaxe máis íntima e a aldea onde encontrou e percibiu as súas obras xeográficas. Imos pois a percorrer esas paisaxes.

A primeira paisaxe xeográfica de Otero está a 100 metros da catedral de Ourense na antiga rúa dos Zapateiros, hoxe chamada da Paz, alí o 5 de marzo de 1888 chegou a Galicia, feliz o nacemento do neno Ramón Antonio Vicente Otero Pedrayo. O seu amigo desde a infancia foi Vicente Risco, catro anos maior, vivía na mesma rúa e casa no primeiro andar.



Figura 2.1. Casa de Otero en Ourense

Outra paisaxe que foi escenario do devalar de Otero é a parroquia de San Pedro de Trasalba no municipio de Amoeiro a uns dez quilómetros ao oeste de Ourense en dirección a

Vigo. Alí o seu pai o médico Enrique Otero Sotelo e a súa nai Eladia Pedrayo Ansoar tiñan unha casa solarega, máis ben un pazo, no lugar de Cima de Vila. Otero foi fillo único do matrimonio.



Figura 2.2. Casa de Otero en Trasalba

Eses dous lugares, Ourense capital e Amoeiro son as primeiras paisaxes que o neno observa na súa infancia e adolescencia, por iso deixaron unha pegada indeleble na súa alma de mozo galego e futuro xeógrafo.

Todos os datos biográficos de Ramón Otero Pedrayo son obtidos da biografía que realizo en 1981 Carlos Casares Mouriño. Ademais, nela mostráronse os itinerarios vitais de Otero, pois ese foi o primeiro espello onde atopei a totalidade do ser de don Ramón. E así iniciouse a peregrinaxe polas súas obras, os seus itinerarios e as súas paisaxes, sen esquecerse da súa Xeografía.

2.1.2 Ourense

A súa primeira época de estudante de bacharelato en Ourense desenvolveuse no instituto, o Centro Provincial de Instrución, onde coincide con Florentino López Alonso-Cuevillas[36] e con Vicente Martínez Risco e Agüero[37], Aquí os profesores por el máis lembrados son: Marcelo Macias e García[38], do que Otero escribiría unha biografía en 1943, pero o máis importante por influír no seu amor pola xeografía foi Eduardo Moreno López[39], catedrático de Xeografía e Historia do que extraeu o saber e o gusto pola xeografía. De don Eduardo escribiremos no apartado de formación xeográfica de Otero. Nestes anos a súa paisaxe segue sendo Ourense e Trasalba. Coa ferida espiritual de perder ao seu pai o 29 de maio de 1904, Otero tiña 16 anos. Aquí debemos que facer unha mención ás pasaxes que cun marcado carácter autobiográficos están contidos na novela *Adolescencia,* que é unha das dúas novelas escritas por Otero en castelán en 1944. Nela o seu protagonista é un adolescente, José Ramón, que está a finalizar os seus estudos de bacharelato en Ourense. O pai, médico, do protagonista tiña un mapa de Fontán no seu despacho, que o neno seguía co dedo roteiros de aventuras por Galicia. Na novela temos unha descrición da cidade de Ourense e os seus arredores. José Ramón fala dos seus profesores destacando a as actas dosEduardo Moreno de xeografía. Están no pazo de Vilaverde nas ribeiras do Miño, alí no despacho do seu pai descobre os libros de

[36] Antropólogo e historiador (1886-1958)
[37] Avogado, escritor (1984-1963)
[38] Sacerdote e historiador (1843-1941)
[39] Catedrático de xeografía e historia (1870-1911)

Lamartime[40], Chateaubriand, Fernán-Caballero[41], Larra[42], Un día descobre "*Aires dá miña Terra*".

De onde vén a néboa? É unha pregunta que se fai nas mañás de Ourense e de Vilaverde. Quizais premonitoria da súa vocación xeográfica. Visitaba con frecuencia a Biblioteca Provincial que amaba, lía os Santos Pais, místicos, canonistas, as actas dos concilios, as S.S. Escrituras, a historia eclesiástica. Leu opera que tocaba a banda municipal. Pero tiña un gran interese por Bécquer[43], sabia de memoria as súas Rimas. Tamén descubriu "Cosmos" de Humboldt[44]. Leu José Ramón case todo o Reclus que atopou na Biblioteca Provincial. No despacho do seu pai folleo a "*Galicia*" de Murguía[45]. Como premio ao seu bacharel José Ramón fai a súa primeira viaxe co seu pai por Galicia: Ourense, Redondela, Pontevedra, Padrón e Santiago. Estas vivencias son con toda probabilidade lembranzas da adolescencia de Otero.

2.1.3 Santiago de Compostela

A seguinte paisaxe que descobre Otero é Santiago de Compostela, quizais a cidade da que máis escribiu. A novela: *O espello no serán*, é onde Santiago de Compostela é o protagonista. Tamén temos un apartado na *Guía de Galicia*. Múltiples artigos de prensa, e quizais é a paisaxe máis vivida por Otero, o reflicte cando relata o seu primeiro encontro con Santiago coa praza de Mazarelos onde o seu pai viviu cando estudo medicina:

> Cando fun a Santiago procurei con ansia aquela rúa e atopeina en todo igual ao que pensaba dela: pequeneira, sinxela, casiñas un pouco semellantes ás dous portos…..diferente polo carácter máis pechado propio de Compostela



Figura 2.3 Plano de Compostela. Guía de Galicia, 2º edición

[40] Escritor romántico francés (1790-1869)
[41] Escritora, Cecilia Böhl de Faber (1796-1877)
[42] Escritor romántico (1809-1837)
[43] Poeta romántico (1836-1870)
[44] Xeógrafo alemán (1769-1859)
[45] Historiador (1833-1923)

Estas palabras son do seu artigo titulado: *un estudante en Santiago,* publicado na revista *Nós* no seu número 31 en 1926. Nesta primeira estancia en Santiago para realizar os exames por libre non Curso de Ampliación para ir á universidade. As súas vivencias neste ano están apuntadas no número 19 de revista *Grial* de 1968 no artigo titulado: *Desvalemento de Santiago*; e nun capítulo tomado do libro: "*Lembranzas do meu vivir*". A paisaxe de Santiago de Compostela daqueles anos está no plano que acompaña á segunda edición da *Guía de Galicia* de 1954.

Otero pasou a etapa de catedrático na USC tendo como residencia o hotel España que estaba sito no número 40 da rúa Nova. Nese artigo nos dinos:

> Eu deixábame abranguer na Compostela do meu pai, e andiven a cidade como si pescudara vieiros novos nunha roda de parroquias, nunha torre de cotos, vales, costas e ribeiras. As grandes unidades arquitectónicas facíanme penas en disformes navíos apreixados na area de unha grande praia ma beira mar...Tiña o meu cuarto un balcón de ferro ben feitiño, na rúa Nova

2.1.4. Madrid

A nova paisaxe na súa vida é alá polo setembro de 1905, Madrid. Otero vai estudar as carreiras de Filosofia e Letras e Dereito, no vello edificio do Noviciado na rúa de San Bernardo. Reside en varias pensións, na rúa Coloreros 2, na rúa Silva 49, na rúa do Prado 17, na Corredera Baja de San Pablo 24, na rúa Paz 6. Son seis anos nos remata os seus estudios. entre clases e exames; e pasou moitas horas na biblioteca do Ateneo, da que se fixo socio en 1905 segundo o conta á súa nai en carta[46] do 11-X-1905; faladoiros en cafés de Madrid, como o Universal na praza da Puerta del Sol 14, e o Lion D´or na rúa de Alcalá 18, como tamén conta á súa nai en cartas[47] do 9-IX-1907, e do 30-IX-1907, e fai algunhas viaxes a Toledo, o Escorial, Burgos con compañeiros da universidade. Volve a Madrid en varias ocasións para preparación das oposicións a catedrático de instituto, e comeza a redacción da súa tese de doutoramento, *Los orígenes de la Galicia moderna*, que leu en maio do 1936 na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Central de Madrid. .



Figura 2.4 Universidade Central, edificio Noviciado



Figura 2.5 Biblioteca do Ateneo de Madrid

Otero volve a Ourense en xullo de 1911, fai vida social cos seus amigos Risco e Cuevillas. Fúndase o Ateneo ourensán 1904, Otero sería tesoureiro. El e os seus amigos fundaron a revista *Centuria* en 1917 na que escribiu os primeiros artigos. Foi dirixida por Vicente Risco.

[46] Carta 14 en Cartas a Nai 1905-1950, da editorial Galaxia
[47] Cartas 53 e 56 en Cartas a Nai 1905-1950, da editorial Galaxia

Era unha publicación literaria de matiz modernista que tentaba renovar o panorama intelectual galego da época desde unha posición inconformista. Nas súas páxinas incluíu as primeiras entregas literarias de Otero Pedrayo.

2.1.5. A Revista Nós

Pero a paisaxe cultural deses anos en Galicia foi representado pola revista *Nós*. *Nós* foi unha revista publicada en galego entre 1920 e 1936 con contidos literarios, lingüísticos, artísticos, xeográficos, históricos, etnográficos, filosóficos e ás veces pensamento político. A revista era de carácter mensual e estaba editada pola *Sociedade Galega de Publicacións " Nós".* Vicente Risco foi o seu director e Otero foi un dos redactores. Na revista Otero publicou corenta e tres artigos algúns con continuación de varios números, deles: tres literarios, oito das súas novelas, seis históricos, cinco netamente xeográficos, once sobre a paisaxe, tres de poesía, seis sobre biografías e un discurso. Imos pois a describir esa paisaxe, ese estado da cultura e obra de Otero na revista *Nós*




Figura 2.6. Portadas da revista Nós

En Ourense o 20 de outubro de 1920 publicouse o número 1 da revista Nós na que colaborará Otero. O primeiro artigo que publica é:

No número 8 de decembro de 1921, é un monográfico sobre a terra irlandesa. O artigo de Otero titúlase: *Irlanda politeca non século XIX.* É un relato histórico da Irlanda que loitaba polo establecemento dunha nación libre. Estando neses momentos en guerra cos ingleses. É claro que Otero e os seus compañeiros tiñan en Irlanda, país celta, un espello de Galicia por idioma e cultura propias.

O primeiro escrito de carácter geografico publícase en número 14 de decembro de 1922 o titulado*: Encol dá Aldeia.*

No número 19 de xullo de 1925 temos un fermoso artigo co título: *Temas composteláns.* No que inicia as súas descricións e clasificacións da paisaxe de Compostela. Estuda a paisaxe, a rúa Nova, os colexios de Santiago Alfeo e San Xerome, a historia do arcebispo Monroy, o pazo de Altamira, as campás en abril e no outono pleno e dourado.

No número 23 de novembro de 1925 Otero publica o artigo titulado: *Os poetas atlánticos*. Nel recolle aos poetas bretóns, normandos, flamencos, vascos, gaélicos, ingleses, irlandeses, poetas en francés, inglés e no céltigo. Todo para volver sobre o tema dos países celtas.

USC
UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

Outro dos artigos xeográficos e sobre xeografía urbana é o titulado: *Encol da Morfoloxía das Vilas Galegas*, publicado no número 25 do 15 de xaneiro do ano 1926. No que clasifica en cinco tipos as clases de rúas dunha cidade.

No número 27 de marzo de 1926 o artigo publicado é: *Encol dos estudos modernos de Antropoxeografía*. Á cal define como a determinación e gradación das influencias do medio natural sobre as sociedades humanas. Relátanos a obra de Ratzel. E considera que a xeografía política é de gran transcendencia na formación dos novos estados.

No número 31 do 25 de xullo de 1926 o artigo publicado titúlase: *Meditaciós de Sant-Yago.* É unha descrición e recordo da súa primeira impresión ao chegar por primeira vez a Santiago. Evoca a figura do seu pai estudante de medicina que viviu na rúa de Mazarelos. Describe rúas e edificios de Compostela. É unha descrición moi literaria da paisaxe compostelá.

No número 32 do 15 de agosto de 1926 publicou unha tradución de varios parágrafos da novela de James Joyce: *Ulyses*.

No número 34 do 15 de outubro de 1926 publica tres contos: *o medo, o luar e os penedos,* e - *as onzas*.

O mes de decembro de 1926 no número 36 publicou: *O mes de Santos nos pobos celtas*. Percorre os pobos celtas e conta varios costumes ao redor dos defuntos e a morte.

No número 38 de febreiro de 1927 o artículo ten por título: *notas encol dá paisaxe romántica.* Detállanos algunhas características dos libros de viaxes de Rousseau, Goethe, Chateaubriand, Taine e Thomson.

No número 39 de marzo de 1927 publica un artigo titulado: *A volta,* onde Otero reflexiona sobre a viaxe á aldea cheo de metáforas.

No número 40 de abril de 1927 publica unha viaxe pola vida e obra de Beethoven.

No número 42 de xuño de 1927 o artículo: *O século XIX. Unha vida*. Relata trazos da vida do capitán Don Antonio na guerra de Independencia, pronunciamentos e guerras carlistas.

No número 43 de xullo de 1927 volve a*: Meditaciós compostelán*s. Que divide en: *Verbus, Tropus, Cociente, Números, Sonus, Angulos e Astra.* É un belo artigo sobre o ser de Compostela e os compostelán*s*. A pedra, a retórica, a filosofía, o tempo, os sons, a xeometría e as estrelas son os protagonistas en sete metáforas encadeadas.

No número 45 de setembro de 1927 inicia a publicación dunha das súas mellores obras xeográficas o ensaio: *Problemas de Xeografía Galega, notas en col dás formas dá poboazón labrega*. que continua nos números: 46 de outubro no que inicia o estudio da parroquia de Trasalba, o número 48 de decembro de 1927 e nos números de 1928: o 49 de xaneiro, 51 de marzo, 52 de abril e 53 de maio.

No número 53 fai Otero unha honra ao poeta Francisco Añón Paz e publica unha descrición da súa vida no seu recordo.

No número 57 de setembro de 1928 publica o ensaio filosófico titulado: *un ensaio encol do tempo de hoxe*. Onde marca as diferenzas entre os séculos anteriores e as cousas de principios do século XX.

No número 60 de decembro de 1928 inicia a publicación dun manuscrito que relata unha viaxe dun funcionario dende Madrid a Tui, titulado: *Interesante itinerario dun viaxe a través de Galicia non século XVIII*. É o percorrido de inspección de funcionarios públicos ante a petición dunha estrada polas provincias de Santiago, Ourense e Tui no ano 1799. Este artigo continua no número 61 de xaneiro de 1929 co título*: Unha impresión dá Galicia do Sul non derradeiro ano do século XVII*.

No número 64 de abril de 1929 publica a historia dun contrabandista e ladrón que titula: *Do século XIX. Un latrofaccioso*. Capturado en Portugal foi extraditado, xulgado e fusilado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No número 65 de maio de 1929 escribe Otero un artigo literario sobre a obra de Stendhal: *a cartuxa de Parma*, que titulou*: Fabricio do Dongo e Federico Moureau*, os dous tipos dá paixón romántica.

No número 66 de xuño de 1929, Otero redacta un pequeno ensaio histórico sobre un dos seus personaxes preferidos: Xelmírez, que titula: *Xelmírez, Orador*. No que relata feitos da súa época episcopal en que a oratoria era o seu mellor arma para conseguir os seus fins.

No número 67 de xullo de 1929 o artigo titúlase: *As sombras nais*. É unha metáfora sobre impresións da mocidade, un avogado, un clérigo e a universidade.

No número 68 de agosto de 1929, Otero relata un conto sobre a visita da morte, que - titula: *A Visita.*

No número 69 de setembro de 1929 o artigo titúlase: *Pesadelos*. Onde lembra os feitos dun fidalgo na paisaxe de principios do XIX.

No número 70 inicia a tradución por Otero da obra poética: *Pamir,* do poeta francés: Georges Chenneviere que continua e remata no número 74 de febreiro de 1930.

No número 76 de abril de 1930 publica e inicia unha pequena novela titulada: *vidas non paralelas*. Nela describe a vida do mozo louro Rosende en Santiago onde estudaba e a súa posterior vida como frade franciscano, prosegue a novela no número 77 de marzo describindo as andanzas dun soldado Paulus na guerra de Cuba, despois en cidades de Europa. Continua e remata a novela no número 78 de xuño.

No número 79 de xullo de 1930 publica un relato histórico sobre: *As aguias do Imperio i-a Barca Apostólica*. Que describe a conquista de Galicia polos romanos e a cristianización do seu territorio.

No número 80 de agosto de 1930 transcríbese un discurso de Otero pronunciado no día de Galicia no teatro García Barbón de Vigo, co título: *A siñificación espiritoal do Dia de Galicia*.

No número 81 de setembro publícase un articulo sobre a paisaxe irlandesa titulado: *Notas encol do sentimento da paisaxe na`antiga epopea irlandesa.*

No número 90 de xuño de 1931 publícase un belo conto que Otero titula: *A sirena*. En abril de 1932 no número 100 publícase o articulo: *lembranza de Goethe*. *A rolda dous Amigos*. Datos biógrafos do poeta.

No número 105 de setembro de 1932 publícase un ensaio xeográfico sobre a paisaxe titulada*: Encol do elemento animal na paisaxe*.

Tamén publica outro ensaio sobre a paisaxe no número 113 de maio de 1933 titulado: *Ensaios encol do estilo da paisaxe.*

No número 115 de xullo de 1933 publica un artigo sobre a paisaxe e a choiva en Santiago titulado: *Orballeira na rúa.*

No número 116 de agosto de 1933 relata a viaxe de Jhon Milford por Galicia que titula: *Galiza 1814. Estampas de viaxe.*

No número 120 de decembro de 1933 publícase un capítulo da novela: *Fra Venero*, titulado. *Os tristes viños de Hungría*.

No número 123 de marzo de 1934 publícanse unhas páxinas da súa novela: *A romeiría de Xelmírez.*

Nos números 128 -129 de agosto e setembro publica un artículo comparando a paisaxe atlántica e o mediterránea, que titula: *Occitania e Atlántida*.

No número 130 de outubro de 1934 publica un artigo titulado: *Devalar*. Que describe a paisaxe e o transcorrer do tempo nun pazo.

No número 134 de febreiro de 1935 realiza un estudo do vocabulario da toponimia do poema *Queixumes*, titulado: *Marxinalias aos " queixumes". Nomea, Numina*.

USC COMPOSTELA

O último número publicado da revista *Nós* foi o 139-144 de xullo-decembro de 1935 , nel Otero inicia unha novela titulada: *O Sorrir de Daniel*, publicando o primeiro capítulo.

En 1970 publicase no número 145 de outubro un homenaxe da RAG aos 50 anos da revista *Nós*, no que Otero publica un artigo titulado: *No suco da revista Nós*

2.1.6. O Seminario de Estudos Galegos

Temos que facer mención especial a que no ano 1923 Otero e outros compañeiros fundaron: o Seminario de Estudos Galegos, pasando el a dirixir a sección de Xeografía. Temos que subliñar, que o 30 de maio de 1936 Otero foi elixido presidente do Seminario, xa que Luís Iglesias Iglesias renunciou ao cargo. En 1943 a institución pasou a denominarse: Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento.



Figura 2.7. Reunión do S.E.G. no 1936

O Seminario de Estudos Galegos xa desde o momento do seu nacemento comezou a publicar traballos dos seus membros no Boletín da Real Academia Galega e na revista *Nós*. E nos xornais e revistas da época recollían referencias das noticias das súas actividades. E xa en 1927 realiza a publicación dos seus arquivos no mes de marzo co tomo I e nas verbas limiares dese libro o Presidente da Institución, Salvador Cabeza de León[48], di:

> O Seminario de Estudios Galegos preséntase hoxe ó púbrico a quen lle interesan os problemas da nosa cultura. Cun pequeno feixe de variados traballos nos que poden apreciarse cantos e que distintos son os eidos onde se exercita a aitividade, sempre esperta de aquel Centro.

Pois ben, nese tomo de 1927 Otero publica o traballo titulado: *Estampas de Ourense a mediados do século XVIII.* Ten un prólogo no que delimita o tempo do estudio histórico e fai un pequeno encadre xeográfico da provincia, que logo de estudia por capítulos:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[48] Avogado (1864-1934)

- A cidade
  Rúas do sul
  Rúas do E.
  Rúas do N.
  Rúas do W
- As casas
- Os Oficios
- As profesiós
- O goberno da cidade
- A Eirexa
- Aspeutos da cidade e do seu vivir

O estudio aporta datos históricos, descricións xeográficas do desenvolvemento das rúas da cidade, morfoloxía urbana, datos cuantitativos de poboación e relata costumes dos habitantes.

O Seminario de Estudos Galegos quedou ferido e a súa actividade interrompida polo conflito civil de 1936. Así o 30 de novembro de 1943 acordouse crear o Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento, adscrito ó Padroado de Humanidades Marcelino Menéndez Pelayo do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). Ó instituto súmase Otero Pedrayo que se fixo cargo da sección de Xeografía, que desapareceu en 1949 pola reforma do Instituto, seguindo Otero como socio e colaborador.

A partires do ano 1944 comeza a publicarse polo instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos a colección de *anexos de Cuadernos de Estudios Galegos*. Alí Otero fai as seguintes publicacións:

A primeira é a introdución no anexo I de 1946 para o artigo*: D. Domingo Fontán y su Mapa de Galicia en el primer Centenario de la publicación.*

No anexo VII no ano 1952 a biografía titulada: *El doctor Varela de Montes. Médico humanista compostelano del siglo XIX*.

Na serie dos cadernos de Estudios Galegos do Instituto, Otero publica

No fascículo V, ano 1946, o traballo titulado: *Jurisdicción de la Encomienda de Beade sobre San Juan de Ribadavia.*

No fascículo XIV, ano 1949, se publica o traballo: *Un pleito jurisdiccional entre la Mitra de Orense y los beneditinos de Chantada.*

No fascículo XXI , ano 1952, se publica o artigo*: Ensayo sobre las variaciones fisiognómicas de la calle de Orensana durante medio siglo.*

No fascículo XXVI, ano 1953 publicou: *La reposición del antiguo régimen en Orense en 1823.*

No fascículo XXIX de 1954, publícase: *Una carta sobre los últimos días de Porlier y algunas noticias de partidarios suyos.*

No fascículo XXX de 1955 publícase un ensaio: *Ensayo sobre la desamortización eclesiástica en tierras de Orense*.

No fascículo XXXIX, ano 1958: *Evolución de la doctrina del foro.* No fascículo 43 do ano 1959: *Orense y las tierras Orensanas en el siglo XIX*.

No fascículo 46 do ano 1960*: La iglesia y la vida en Orense durante el siglo XIX*.

No fascículo 54 de 1963 publicou. *La encomiendade Beade de la Orden de Malta.*

No fascículo 65 do ano 1966 *:Posibles motivos sobre Valle Inclan.*

No fascículo 69 de1968 publica o artigo*: formas y expresiones de a cultura en Orense durante el siglo XIX.*

No fascículo 70 de 1968*: Paisajes, formas y ritmos de vida del Orense decimonónico.*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No fascículo 72-73-74 do ano 1969: *El planeamiento decisivo de la novela romántico en Rosalía de Castro.*

Nos fascículos 81- 82 -83*: sobre el P. Martin Sarmiento.* No fascículo 90-91-92 de 1976 -1977*. Temáticas y estilos del paisaje actual de Galicia.*

Nas actividades de divulgación que fai o Instituto están as exposicións, a da 19ª das feitas en xullo de 1966 se titula: *Cartografía de Galicia*, en conmemoración dos centenarios da morte dos ilustres galegos: D. Domingo Fontán (1788-1866) e D. Casiano de Prado (1797), no folleto da exposición Otero fai un texto coas lembranzas dos dous científicos galegos

Ata 1936 o Seminario publicou entre outros traballos os seguintes: un estudo da comarca de Melide titulado: *Terra de Melide*, no cal Otero redacta o capítulo dedicado á xeografía; Florentino López Cuevillas a prehistoria e Antonio Taboada Roca a historia; Xesús Carro García, Emilio Camps e Xosé Ramón Fernández Oxea a arqueoloxía, Vicente Risco a etnografía; Eduardo Martínez Torner, e Xesús Bal e Gay o folclore. Ata 1936 o seminario tamén publicou traballos con contido etnográfico e xeografico como: *Parroquia Velle,* de Florentino López Cuevillas, Vicente Fernández Hermida e Xoaquín Lorenzo Fernández, *Vila de Calvos de Randín,* de Florentino López Cuevillas e Xaquin Lorenzo. *O castro de Caldelas de* Vicente Risco.

Neste tempo, Otero, tamén é membro das *Irmandades dá Fala* e colabora na revista a *Nosa Terra.* Funda e dirixe con outros o Partido Nacionalista Republicano de Ourense, que pasou a formar parte do Partido Galegista polo que foi deputado nas cortes constituíntes da II República Española de 1931 a 1933. Nas eleccións de 1933 Otero non consegue a acta de deputado. Desde esa data Otero vaise apartando da política por non coincidir o seu ideario católico e de dereitas coas decisións do nacionalismo que se alía coas esquerdas. Así durante a Guerra Civil e anos posteriores retírase entre o piso de Ourense e a casa de Trasalba e viaxa varias veces a América.

Escribe nos xornais e revistas os primeiros anos desa época con varios pseudónimos pola purga no ensino do réxime franquista é lle retirada a cátedra do Instituto. Pero con data de 28 de outubro de 1948 é reposto na mesma cátedra de Xeografía e Historia no instituto de Ourense.

2.1,7. A Cátedra na Universidade de Santiago de Compostela

Aos 62 anos, en abril de 1950, preséntase á oposición para a provisión da cátedra de Xeografía na Facultade de Filosofía e Letras dá Universidade de Santiago de Compostela. E relata estes días na correspondencia coa súa nai. Foron sete exames en dez días. E aproba co voto unánime do tribunal. Un dos temas libres que desenvolveu foi: *Os Alpes: forma e estética da paisaxe.* Que seguro que preparou co libro do xeógrafo francés Emmanuel De Martonne[49] (1926). *Les Alpes, Geographie Génerale*. Libreria Armand. Colin, que se encontra na súa biblioteca de Trasalba. Será docente da Universidade de Santiago durante oito anos, ata a súa xubilación en 1958. Facemos mención especial a nai de Otero Eladia Pedrayo, que faleceu o 4 de febreiro de 1957. Temos centos de cartas entre a nai e o fillo que nos relatan feitos e lembranzas das súas vidas. A primeira lección como catedrático foi pronunciada o 17 de outubro aos alumnos de quinto curso e a ultima o 5 de marzo de 1958 no Paraninfo da facultade. Neses anos vive no hotel España, na rúa Nova.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[49] Xeógrafo francés (1873-1955)



Figura 2.8. Otero na USC 1958

A xubilación non é un parar no seu labor e traballo. En 1959 escribe varios contos*: Entre a vendima e a castañeira.* Finaliza a súa última novela en 1959: *Ou señorito de Robaina*. Viaxa dúas veces a Bos Aires. En 1962 recibe o "Premio Galicia" da Fundación March. En 1963 morre Risco. En 1965 Otero cumpre setenta e sete anos. Edita a quinta edición da *Guía de Galicia*. En 1968 con oitenta anos réndeselle unha homenaxe en Santiago de Compostela. En 1973 por un vendaval cae a araucaria plantada polo seu pai o día que naceu o neno no xardín de Trasalba. Otero pide que cando se lle enterre o cadaleito debe ser feito con taboleiros desa árbore: *O Irmanciño*. Fita a súa muller faleceu en 1975 e logo en abril de 1976, o día 9 morre Otero. O último protagonista dunha etapa histórica de Galicia. Pero, sobre todo, e non cabe dúbida, foi e é, nunha expresión que non recordo onde a lin, o Pai da Xeografía Galega.

2.1.8. O descanso do Patriarca

Podemos remarcar como epílogo e colofón da súa vida as ideas que nos transmitiu no ensaio: *Morte e Resurrección*, escrito en Madrid en 1931 e publicado en Ourense en 1932, recollido no tomo II das *Obras Selectas Ensaios* en 1983 por Galaxia. É un ensaio de moita historia e un pouco de xeografía. El nunca as separou, sempre nas súas obras atopei a historia nunha xeografía e a xeografía como un devalar da historia.

Nas primeiras liñas do ensaio nos di:

> Iste titulo "Morte e Resurrección", outra réplica máis do vello Mito, de intima realidade, tiña que remanecer naturalmente da meditación da paisaxe vexetal. Chegara un tempo no que a rocha seña para nós moito máis significativa do que o verdecer das aveas nas viñas, ou aquel máino esfollarse dos soutos na gaiola gas chuvias de Santos e no fuxir, de as feridas dos poentes.

É moi clara a fe de Otero. A súa transcendencia moi relacionada co devir das sazóns e a aldea, sementar é o renacer dos froitos, unha meditación da paisaxe vexetal. Ten un paralelismo coa idea dos Precursores e o futuro da nosa Terra. Tamén aquí temos ben definidos os alicerces do seu pensamento ético e relixioso que ten fondas crenzas do cristianismo e catolicismo. Para el a parroquia ten a súa orixe no cristianismo transmitido polos frades na Idade Media que nos deu esa forma de organización.

No ensaio citado, dinos que:

> A verba Morte somentes quer dicir un decrecemento da mesma cantidade de vida que na verba irmá Resurrección abrangue un raiolar confiado sin nin siquer a memoria dun instante de morte.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sendo dúas palabras, Resurrección, que encerra un espertar solar, pero son dúas palabras que son *cortes feitos na realidade*. Aquí Otero segue a fraseoloxía de Bergson.

E dende a paisaxe de montaña en noites de inverno. Paisaxe de almas. É Galicia en camiño.

> A primeira idea de Galicia que nace da historia cando dunha orixinaria terra ignorada saíron os primeiros celtas migradoiros.

Otero centra o nacemento da Galicia coa chegada dos celtas, e aínda de remonta máis alá.

> A historia galega comenza co primeiro plegamento herciniano.

A historia comeza coa xeografía. Montes pizarreños. Chairas onde nace o Miño. As serras, os vales. O percorrer ata o mais alá, na ribeira do mar.

> O triunfo do espírito no mundo ao igual que que en cada home individual soamente somentes se cumprira despois da Morte.

Remate da historia. O camiño de Cristo. O camiño de cada home e cada pobo.

Otero séguenos falando da liberdade de espírito. Pensa na materia viva de Galicia, un destino individual, unha lenda. unha esperanza, unha paisaxe, algunha obra de arte, en todo hai un brillo metafísico no que xogan homes á eternidade.

> Galicia chegou a esta mestría en catro momentos do tempo. No celtigo, no románico, no barroco, no romántico.

O dolmen de Dombate, o pórtico de Salomé, o coro de profetas da gloria compostelá, unha cúpula labrega nunha igresiña na beira do mar. Vivimos unha especie de eternidade no futuro da alma galega.

A historia componse de pequenos xestos: No XVI vida dun capitán, no XVII os libros dun teólogo, no XVIII preitos dun letrado. Os tempos chegaron. A íntima enerxía calada e a admirable posición fronte á morte que temos advertido na psicoloxía galega, foron a salvación e serán a garantía de eternidade para o faro salvador do galeguismo.

Hai unha resurrección actual. Nas ideas vai presuposta unha resurrección de Galicia. Galeguismo quere ser e é a completa e harmoniosa exaltación dos valores galegos. Pero primeiro a lingua. Otero prefire mellor unha Galicia pobre que fale en galego, que unha Galicia rica usando outra lingua. Por Galicia e polo Mundo, Galicia ten que ser exaltada ata a máis alta tensión dos seus valores.

Estas ideas de Otero en 1931, nos mostran a súa fe e o carácter católico, así como a militancia persoal. Termina este pequeno ensaio de Morte e Resurrección dicindo:

> Os escultores—Castro, Ferreiro—toparon a formula vital da pedra galega. O mesmo milagre que en cósmica proporción realizan a cotío as ondas do mar labrando as testas pensativas, angustiosas, marabillosas -- como a alma da Terra -- dos promontorios da -- Beiramar.
> !Terra a nosa ! Madrid. Outono 1931.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Da relixiosidade de Otero nos falaron os teólogos: Enrique Bande Rodríguez e Andrés Torres Queiruga. Don Enrique nos trasladou un artigo titulado. *A relixiosidade en Ramón*

Otero Pedrayo co gallo das xornadas no seu homenaxe no ano 2001 en Ourense. Ali nos trasladou o contido testamentario de Otero.

Tan so é axeitado, para ver a personalidade de Otero e ter acertado con aquelo que era o maior tesouro da súa vida. A cousa é ler unas letras do seu testamento datado en Santiago de Compostelá o día 9-XI-1969:

> Vivo y moriré en la Religión Católica Apostólica y Romana en la cual he vivido y perseverado en mi vida. Deseo ser enterrado en el Santo Cementerio de San Francisco de la ciudad de Orense.



Figura 2.9. Tumba de Don Ramón no cemiterio de San Francisco en Ourense

2.2. A FORMACIÓN XEOGRÁFICA DE OTERO PEDRAYO

Non é doado facer ese cadro do saber xeográfico de Ramón Otero Pedrayo, todo nel ten una mestura de feixes de moitos saberes. Máis despois de ter lidas todas as obras referenciadas nesta tese. Quedei engaiolado. Na introdución comecei co artigo de Otero titulado: *Desde a solaina*. Pois e xa que logo, na solaina ao Sur da casa de Cima de Vila naceu a xeografía de Ramón Otero Pedrayo.

> En Trasalba descubriría tamén a chamada da xeografía e a paisaxe. Desde a fachada sur do pazo, por riba da araucaria que o seu pai plantara o mesmo día que nacera o neno, o futuro escritor íase familiarizando cuns horizontes abertos e impoñentes: a Madalena, cunha pequena ermida na cima; O Suido, con aspecto dun porco bravo deitado ó sol; O Faro de Avión, desde onde lle dicían que se albiscaban as rías; e finalmente o coto de Novelle, no que o neno descubría unha forma como de moucho ou gato.... Estas terras foron, como ten dito Otero tantas veces, as súas mestres en xeografía.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estas verbas as que teño fonda conformidade foron escritas por Carlos Casares en 1988 na súa obra: *Ramón Otero Pedrayo. Vida e obra. Escolma de Textos.* Nunha edición da Real Academia Galega

Pois ben, antes de investigar a formación académica de carácter xeográfica habemos de dicir que Otero lía en galego, castelán, inglés, francés e alemán, máis o latín. Así reflícteno as referencias que fai nas obras xeográficas e literarias neses idiomas, así como as traducións realizadas e publicadas. E tamén polos libros atopados na biblioteca de Trasalba. E no libro *Cartas a nai*, nos conta de a súa estancia como estúdante en Madrid onde foi a clases de francés e inglés.

Todos somos en boa parte fillos e herdeiros do século en que vivimos. En nós e en Otero maniféstanse as ideas dos coetáneos e dos que nos precederon no tempo. Ninguén por moi autodidacta que sexa, débelle a maior parte delas ao ambiente espiritual, social e científico en que creceu, ben sexa por asentamento a esas ideas ou por reacción e repulsa. E así como o influxo da educación escolar e universitaria.

Nestes principios xerais debemos enmarcar a súa formación doutrinal como persoa e xeógrafo. Pero a formación comeza co nacemento. Percíbese do entorno que nos rodea e naturalmente a familia, o pai a nai, e tamén a esposa deixan as súas pegadas en Otero. Non cabe dúbida, que en Otero sempre a observación da natureza e o territorio en comuñón coa súa experiencia vital e intuición marcaron a súa formación persoal e xeográfica.

Temos que ter en conta que na formación xeográfica de Otero hai moito que dicir da súa natureza de escritor seguidor dos romanticismos. Estudiou os románticos sobre todo os franceses, Chateaubriand e Lamartime. Na súa biblioteca de Trasalba hai unhas 3.000 publicacións, das cales son unhas 130 son de xeografía. E tamén nesa formación vese que seu discurso xeográfico ten unha gran compoñente intelectual e sentimental, e a súa experiencia na observación da terra, a exaltación dos contos, e temos unha certa nostalxia do pasado, un gran interese pola cultura popular, polo nacionalismo, a valoración do uso das linguas, un certo idealismo cara u futuro e un liberalismo moral.

A formación xeográfica de Otero hai que situala e comeza nos seus estudos no instituto de Ourense e nas lecturas dos xeógrafos desa época: Friederich Ratzel[50], catedrático alemán da Universidade de Leipzig, quen contaba cunha excelente formación en bioloxía e era gran coñecedor dos estudos de Darwin; co seu determinismo onde o medio físico determina a historia e as civilizacións; Paul Vidal de La Blache [51](1845-1918) que desenvolveu o seu propio enfoque de posibilismo xeográfico, e a noción dos *genres de vie* (xéneros de vida); Elisée Reclus[52] (1830-1905) que elabora entre 1875 e 1894 a súa gran *Géographie Universelle*, obra mestra no seu xénero polo seu enfoque social.

No artigo titulado: *As esencias do outono*, publicado na revista: *Vida Gallega* número 717 en 1956, fálanos Otero das súas lecturas xuvenís: François-René, vizconde de Chateaubriand, Nikoláievich Tolstói[53] e Stéphane Mallarmé[54]. Deles dinos:

> Os adeus do vizconde de Combourg lido aos quince anos nun vello xardín de buxos, con néboa na ribeira e ós lonxes un ameneiro. … Nas lembranzas de infancia e mocidade do conde… lidas as furtadelas nas clases do instituto, hai un ulido xeneroso e doloroso de terra rusa mollada polo

[50] Xeógrafo alemán (1844-1904)
[51] Xeógrafo francés (1845-1918)
[52] Xeógrafo francés (1830-1905)
[53] Escritor ruso (1828-1869)
[54] Poeta francés (1842-1898)

> primeiro outono… Mallarme ventaba a chegada do outono como dende un cume se enxergaba ou lonxano navío.

Habemos de facer mención especial a Don Eduardo Moreno López, catedrático no Instituto de Ourense e profesor de Otero na súa infancia. No libro: "*Os amigos*" dinos:

> Débolle desde os primeiros días de clase un novo sentido dás cousas: o sentido dá paisaxe, a emoción dous aspectos, motivos, chamadas e lembranzas que se esconden baixo o tema de consideración xeográfica". Tamén nos di que na biblioteca do instituto leu La Italia de Reclus, a Geología e Paleontología de Lapparent. Ademais, confírmanos que, na conferencia do profesor: "A xeografía moderna", " Ratzel e a súa obra" era moi estimada polos poucos espíritos apaixonados pola xeografía". Tamén nos di que:" Moreno López era no seu tempo o único profesor dá Facultade de Letras ou formado nela que sabia a Xeografía, ou primeiro en manexar o Atlas de Stieler e sentir a beleza dás paxinas de Reclus.

Aquí Otero recoñece que leu a Élisée Reclus.

Ademais, como nos di o catedrático Ramón Villares no seu artigo: *"A contribución de Ramón Otero Pedrayo á Historia Agraria*", publicado na revista: *Historia Agraria, nº 44* (2008):

> A formación académica de Otero Pedrayo foi, pois, a dun autodidacta que se nutre máis das grandes correntes do seu tempo que dunha educación formal e regrada adquirida nunha institución académica. Quizá por iso o seu método de traballo caracterízase polo predominio da intuición, posición metodolóxica que, por outra banda, era tan común entre as correntes antipositivistas de principios do século XX, desde as propiamente filosóficas de raíz bergsoniana ata as máis científicas da xeografía rexional francesa da escola vidaliana.

No ano 2020, a editorial Galaxia públicou en dous tomos as memorias de don Ramón, tituladas: *Lembranzas do meu vivir*. No seu tomo II, no capítulo II, onde relata os seus anos na universidade de Madrid. dinos Otero:

> Daquela gustaba eu, nas calizas noites dá Biblioteca -- finos vagares dúas pantasmas dá tinta de imprenta e dor inmorrente de tanto brancura de follas en clausura --, dás fermosas orquestracións de rochas e augas baixo matemáticos ceos de ensaio sinfónico e catedralicio de Suess," A Face da Terre", nos catro fermosos volumes franceses de Noé da Margérie. Ficaba lonxe, coma unha paisaxe de Claude de Lorraine ou Reclus, tempos de bacharelato:

Otero volve confirmar que Eduard Suess[55] xeólogo austríaco, Gastón da Noé[56], Enmanuel J. da Margérie[57] ambos os xeógrafos franceses, e Jacques Élisée Reclus, foron todos eles as fontes do seu saber xeográfico.

Imos ver que libros e documentación xeográfica hai na biblioteca de Trasalba.

[55] Xeólogo austríaco (1831-1914)
[56] Xeólogo francés (1836-1902)
[57] Xeógrafo francés (1862-1953)

> Aquelo e un mundo onde hai libros en latín, en grego, en galego, en castelán, en catalán, en alemán, en italiano, en francés e en inglés. Aínda ten un ou dous en vasco. Ten atlas, portafolios, colecciónsde vistas, fotos, tarxetas postais, mapas soltos, esquemas, cadros sinópticos, e demos de cousas. (Grial 52)[58]

Son unhos 3.000 libros e uns 50 mapas enmarcados. Esa biblioteca foi estudiada e catalogada polos seguintes autores:

FUNDACION OTERO PEDRAYO. (198?): *Biblioteca do Pazo Museo Otero Pedrayo*
DULIN BONDUE, NICOLE. (1987): *El granito y las luces*. Tomo II. Edicións Xerais de Galicia.
SÁNCHEZ FERRO, PABLO e SEONE BOEDO, XULIA. (2006): *Catálogo do fondo antigo da biblioteca de Ramón Otero Pedrayo.* Fundación Otero Pedrayo.
SÁNCHEZ FERRO, PABLO. (2008): *Catálogo de publicacións seriadas da biblioteca da Fundación Otero Pedrayo.* Fundación Otero Pedrayo.

Temos ido a casa de Otero en Trasalba e na súa biblioteca atópanse libros en: galego, portugués, castelán, catalá, francés e inglés, sendo o francés o máis abundante case 660 libros, e da Xeografía e ciencias afíns atópanse as seguintes:

ALEMANY Y B, JOSÉ. (1912): *La geografia de la peninsula ibérica*. Edit. San Martin
ALIX, ANDRÉ. (1950): *Manual de geografia general, fisica, humana y económica*, Ediciones Rialp. Madrid.
ALONSO DEL REAL, CARLOS. (1962): *Descubrimento del Mediterráneo*. Santiago de Compostela.
ALVAREZ DE LA BRAÑA, RAMÓN. (1894): *Galicia, León y Asturias. A Coruña . Andrés Martínez , Edit.*
ANNALES DE GEOGRAPHIE. (1922,1925,1926): París. Armand Colin
ANCEL, JACQUES. (1936): *Geopolitique.* París. Librairie Delagrave,
ALLER, RAMÓN M. (1948): *Astronomía.* Santiago de Compostela. Edit. Porto, S.L.
BEADEKER. K. *Espagne et Portugal.* (1910, 1920*): Les bords du Rhin,* (1914*): Paris et ses environs,* (1928*): La Suise et les parties limitrophes de la Savoie et de I´talie, (1928): La Suisse.* Leipzig Karl Beadeker / París. Ollendorf.
BEIRAS,JOSE MANUEL. (1967): *El problema del desarrollo en la Galicia rural*. Vogo. Editorial Galaxia
BEIRAS,JOSE MANUEL. (1970): *Estructura y problemas de la población gallega.* A Coruña. Grafisa
BELOT, (1924*): L´ origine dualiste des mondes et la structure de notre univers. París. Payot.*
BLANCHARD, RAOUL. (1925): *Assaig de geografia humana de la muntanya.*, Barcelona. Tall. Hostech.
BLAZQUEZ Y DELGADO AGUILERA, ANTONIO. (1916): *América meridional*. Barcelona. Herederos de Juan Gili.
BOLETIN DE LA REAL SOCIEDAD DE GEOGRAFIA. (1921,1922): Madrid.
BOULLET. M.M. (1878): *Dictionarie Universel d´Histoire et de Géographie*. Paris Hachette.
BORY DE SAINT VICENT, JEAN BAPTISTE. (1826): *Resume geographique de la peninsule Iberique.* París. Ambroise Dupont et Roret.

[58] Revista Grial número 52 páxina 274

BRUNHES, J. (1947): *Géographie Humanie. París P:U.F*.
BRUNHES, J. e V, C. VALLAUX (1928): *Geografia de la Historia.* Tradución española de Angel Dorrego y Vicente Valls. Madrid. Daniel Jorro.
BURGO, Jaime del. (1967*): Navarra*. Everest
CABELLO Y LAPIEDRA, LUIS MARIA, (192?): *Ciudad Rodrigo.* Barcelona. Hijos de J. Thomas
CALDERON, SALVADOR. (190?): *Mineralogía*. Barceloma. Manuel Soler.
CALMET-BEAUVOISIN, MARIE-ANTOINE. (18??): *Grand atlas.*
CARRERAS CANDI, F. (1928). *Geografia general del reino de Galicia*. Seis tomos Barcelona-edit. Alberto Marti.
CASTELLS VILA, MARÍA DEL ROSARIO. (1967): La comarca natural de Viana del Bollo. A Coruña. Edit. Moret.
CLOZIER, RENÉ. (1945): *Etapas de la Geografia.* Barcelona. Surco
COELLO, FCO. (1856): *Atlas de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid.
COMISION PROVINCIAL DE ORENSE.(????): *Orense*. Antonio Otero.
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTIFICAS. (1943): *Estudios geograficos. Instituto Juan Sebastián Elcano.*
CRESPO NAZARA, JOSE. (1951): *Cartilla de geografia de la comarca de Lalín. Santiago. Tip. Eco Franciscano.*
CUCARRELLA, VIZCAINO. (1917): *Carta guía de la provincia de Pontevedra. Vigo. J. Buceta.*
CUNQUEIRO, ALVARO. (1968): *Lugo*. León Everest.
CUNQUEIRO, ALVARO. (1969): *Pontevedra rías bajas.*. León Everest.
CUNQUEIRO, ALVARO. (1968): *Vigo y su ria*. León Everest.
CHAUVELOT, ROBERT. (1930): *Las islas paradisíacas: Ceilan. Java, Tahit*i. Barcelona Ibérica.
DANTIN CERECEDA, J. (1925): *Distribucion geografica de la poblacion en Galicia.* Madrid Centro de estudios.
DEMANGEON, A. (1907*): Dictionnarie de Géographie*.. París. Armand Colin
DENIS, PIERRE. (1927): *América di sud.* París. Librairie Armand Colin.
DIRECCION GENERAL DE ESTADISTICA. (19...,1924,1900): *Nomenclátor de Orense, la Coruña, Lugo.* Madrid.
DOBBY, E. H.G. (1936): *Agrarian problems in spain. Nova York. American Geographical*
DUHOT, E. (1949): *Los climas y el organismo humano. Barcelona Salvat.*
ECHARD, LAWRENCE.(1795*): Diccionario geografico universal*.. Madrid. Imp. Joseeseph Doblado
ENCYCLOPÉDIE GÉOGRAPHIQUE DE POCHE. Societe Pariseenne d´Editions, S.A.
ESCALANTE, AMOS. (1921): *Diario de un caminante. Costas y montañas*. Madrid. Renacimiento.
FERNANDEZ, FELIPE NERI. (1926): Geografia de la América Central. Gutemala. Tip. Nacional .
FLAMMARION, C. (1902): *La atmósfera.* Muntaner y Simón. Barcelona.
FLORIT, JOSE MARIA. *(192?): Aranjuez.* Barcelona . Hijos de J. Thomas.
FONTAVELLA GONZÁLEZ, VICENTE. (1951): *La evolución de los cultivos.* Lisbonne. Tip. Colonial
FONTAVELLA GONZÁLEZ, VICENTE. (1951): *La huerta de Gandia*. Zaragoza. Ins. Juan Sebastián Elcano.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FRANCO, JOSE DEL REAL. *(1926): Nociones de Geografia e historia de América,*. Madrid. Libreira general de Victoriano Suárez.
FRECH FRIZ. (1926): *Geología*- Barcelona- Labor.
FRAGUAS, A. (1953): *Geografia de Galicia.* Santiago de Compostela-Porto y Cia-.
GAITE Y LLOVES,F. (1895): *Elementos de geografia política y descriptiva*. Orense. Imp. Antonio Otero.
GALLASTEGUI UNAMUNO,CRUZ.(1958): *El campo gallego* Buenos Aires, Citania
GARCIA AYUSO, F. (187?): Los descubrimentos geograficos modernos en Africa y en el polo Norte. Madrid.
GARCÍA SÁNCHEZ, JOSÉ. (1927*): Mi aldea: tipos y costumbres de algunas aldeas de Galicia.* Toledo. Imp.del colegio de huerfanos María Cristina.
GAUTIER, THÉOPHILE. (1912): *Voyage en Italie*. París. Eugénne Fasquelle.
GONZÁLEZ, JUAN JESUS. (1925): *Hacia una morfologia de la vida gallega.* El Eco de Santiago.
GIUSTINIANI. FRANCESCO. (!739): *El atlas abreviado*. Imp. León de Francia. Jacques Cere.
HARDY, G. (1933): *Géographie et colonisation. París Gallimard.*
HERMIDA VAZQUEZ, JOSÉ. (1933): *Geografia ferroviaria. Tratado elemental de ferrocarriles*. Orense. Edit. La industrial.
HUGUET DEL VILLAR, EMILIO.(1929): *Geobotánica*. Barcelona – Edit. Labor,
HUMBODT, ALEJANDRO (1874): *Cosmos, ensayo de una descripcion fisica del mundo.* Madrid.Imp.de Gaspar y Roig edit.
HUMBODT, ALEJANDRO (1951*): Cuatro ensayos sobre España y América.* Buenos aires. Espasa Calpe.
INSTITUTO GEOGRAFICO, CATASTRAL Y ESTADISTICO. (1942 e 1934): A*nuario del observatorio astronómico de Madrid.*
INSTITUTO JUAN SEBASTIÁN ELCANO. *(*1951): *La vida rural en las landas de Gascuña*. Zaragoza.
IRIARTE, TOMAS (1836): *Lecciones instructivas sobre la historia y la Geografia. Historia Sagrada.* Madrid . Imprenta Ignacio Boix.
KERP, HEINRICH. (1930) : *Paises Escandinavos.* Barcelona . Labor.
KRETSCMER. (1942): *Historia de la Geo*grafia. Barcelona. Labor.
KUHN. FRANZ (1930): *Geografia de la Argentina.* Barcelona. Labor.
LAUNY, (1902*): Géologie pratique.* París. Armand Colin.
LAZARO E IBIZA, BLAS. (1886): *Manual de Botánica General*. Madrid. Gregorio Estrada..
MACPHERSON, JOSE. *(*190?): *Geologia.* Barcelona. Labor.
MARTIN ECHEVARRIA, L. (1928): *Geografia de España: II geografia regional.* Barcelona Labor.
MARTONE, ENMANUEL.(1926). *Les Alpes, Geographie Génerale*. Libreria Armand. Colin. París.
MARTONE, ENM. (1913): *Traite de geographie phisique; climat, hidrographie, relief du sol biogeographie* París - Arman Colin..
MENDES CORREA, A.A. (1934): *Vallaux e a Geografia geral dos martes...*Porto. Imp. Portuguesa.
MERINO, BALTASAR. (1905): *Flora descriptiva e ilustrada de Galicia. Tomo I Fenerogamas polipetalas. Sa*ntiago. Tipografia Galicia
MICHELIN Y Cia. (????): *Coruña- Oviedo: mapa fotografico 1/400.000*. Francia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MIÑANO, SEBASTIAN. (1826-29): Diccionario *Geografico y estadistico de España y Portugal*. Madrid. Edit. Pierat-Peralta
MIRANDA, M.G. (1924): *Geografia universal cono iniciación a los estudios económicos. Málaga. R. Alcalá.*
MOLINA, BARTOLOME SAGRARIO DE. (1620 - 1949): *Descripcion del Reino de Galicia.* Santiago de Compostela.
MORENO ESPINOSA, ALFONSO (1897): *Compendio de geografia. Cádiz. Imp. De la Revista medica de D. Federico Joly*.
MONTERO AROSTEGUI, JOSE. (1850): *Historia y descricion de la ciudad y departamento del Ferrol.* Madrid. Imp.de Beltrán y Viñas.
NADAL, EUGENIO. (1943): *Ciudades de España.* Barcelona. Edit. Yunque.
NARANJO Y GARZA, Felipe. (1862): *Manual de Mineralogí*a. Madrid . imp.Vda. Antonio Yenes.
NEIRA VILAS, XOSÉ. (1969): *Monforte de Lemos.* Imp. Fénix.
OTERO PEDRAYO, RAMÓN. (1927): *Problemas de xeografía galega*.....Seminario de Estudios Galegos-
OTERO PEDRAYO, RAMÓN. (1931): *Treinta y tres lecciones de geografia general.* Santiago. Nos.
OTERO PEDRAYO, RAMÓN. (1933): *Cuestionario de Geografia e Historia*. Ourense
OTERO PEDRAYO, RAMÓN. (1936): *Geografia e historia primer curso*. Orense. La industrial
OTERO PEDRAYO, RAMÓN (1936): G*eografia e historia quinto curso.* Orense. La industrial.
OTERO PEDRAYO, RAMÓN (1946*): D. Domingo Fontán y su mapa de Galicia.* Santiago de Compostela. Instituto padre Sarmiento.
OTERO PEDRAYO, RAMÓN. (195?): *Geografia cuestionario: primer cuso 2º de la facultad*. Santiago Facultad de filosofía y letras.
OTERO PEDRAYO, RAMÓN. (195?2-53): *Geografia Universal. Descripción moderna del Mundo*. Catro tomos. Barcelona Instituto Gallach.
OTERO PEDRAYO, RAMÓN. (1955): *Geografia de España. Presencia y potencia del suelo del pueblo español. Catro tomos.* Barcelona Instituto Gallach.
PARGA PONDAL, ISIDRO. (1958*): El conocimiento geologico de Galicia.* Buenos Aires. Citania.
PASSARGE, SIEGFRIED. (1931): *Geomorfologia*. Barcelona . Labor.
PAULHAN, FRANCOIS. (1930*): L´esthétique du paysage.* París librairie Félix Alcan.
PENA TRAPERO, Xesús.(1972): *A planificación rexional e Galicia.* Pontevedra. Sept. D. L
PEREIRA, JUAN MANUEL. (1883): *Los Paises del Extremo Oriente*. Madrid. Gaspar. Edit.
PRIVAT DESCHANEL, PAUL. (1930): *Oceante*. Paris. Librairie Armand Colin.
REAL SOCIEDAD GEOGRAFICA. (1920,1921): *Boletín de la real Sociedad Geográfica*.
RIVERA, ABELARDO. (1953): *Geografia de España. Madrid. Edit. Dossat*
SÁNCHEZ CANTON, FRANCISCO JAVIER. (1963): *Pontevedra.* Deputación provincial.
SEMINARIO DE ESTUDIOS GALEGOS. (1933): *Terra de Melide*.
STIELER, ADOLF .(1923): *Atlas geografico.* Gotha. Justus Perthes
SUESS, EDUARDO. (1923): *La faz de la Tierra.* Madrid. Imp.Ramona Velasco.
SYNGE, E. (1921): *Les iles Aran*. Tradución do inglés por León Gazalgette. París Rieder et Cie.
TABOADA Y LEAL, NICOLAS. (1840): *Descripción topográfica histórica de la ciudad de Vigo.* Imp. Viuda de Compañiel.

USC DE COMPOSTELA

TERÁN,MANUEL (1952): *Imago mundi. Geografia universal*- Madrid.
TERÁN, MANUEL. (1958): *Geografia de España y Portugal*. Barcelona. Montaner- y Simón.
THULET. (1922*): L´Océanographie*. París. Gauuthier .Villar.
TISSERAND, F. E ANDOYER, H. (1916): *Lecons de cosmographie*. París. Armand Colin.
TORRE ENCISO, UXIO. (1970): *Avanzos no coñecimiento da xeomorfolixia de Galicia*, Discurso Real Academia Galega.
TORRES VILLEGAS, FRANCISCO JOSE. (1852): *Cartografía hispano científica, o sea, los mapas españoles*. Madrid -Imp.de O. José Maris Alonso.
VARELA , JACOME. (1971): *Santiago de Compostela*. León . Everest.
VALLS TABERNER, FERNANDO.(1939): *Geografia de España*. Barcelona-Inst. Gallach.
VALLAUX, CAMILLE, (1928): *Geografia de la historia: geografia de la paz y de la guerra en la tierra y en el mar* – Madrid – Danhiel Jorro
VALLAUX,CAMILLE. (1934): *A Geografia Geral dos Mares*. Porto. Imp. Portuguesa
VIDAL DE LA BLACHE, PAUL, e Gallois L. (1924-1934): G*éographie Universelle*. 15 tomos. París. Armand Colin
VIDAL DE LA BLACHE, PAUL, (1922): *Principes de géographie humaine*. París. Armand Colin
VICETTO, BENITO. (1865): *Historia de Galicia*- Ferrol -Est. tip. Taxonera
VILA, MARCO AURELIO (1952): *Aspectos geograficos de Zulia*. Caracas. Imprenta Nacional.
VILA, MARCO AURELIO (1960): *Geografia de Venezuela*. Caracas. Ministerio de Educación.
VIÑAYO, ANTONIO (1967): *Asturias*. Edit. Everest.
VIZCAINO CUCARRELLA, SIXTO (1917): *Carta guía de la provincia de Pontevedra*. Vigo. J. Buceta.

Son 137 referencias dos libros de xeografía, xeoloxía, demografía, xeobotánica, xeopolítica, astronomía, xeografía humana e o que chamamos guías descritivas de cidades; tamén están nove obras xeográficas de Otero.




Figura 2,10 . Despacho de Otero en Trasalba

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tamén na fundación Penzol de Vigo temos as seguintes obras vinculadas a Xeografía de Otero:

RAMÓN OTERO PEDRAYO. (1936): *los origenes de la Galicia moderna*. Tese doutoral
RAMÓN OTERO PEDRAYO. (1950): *Las ideas geográficas del padre Feijóo*
RAMÓN OTERO PEDRAYO. (1950-1960): *Programas asignaturas USC*
RAMÓN OTERO PEDRAYO. (?) : *notas lección magistral de xeografía.*

Aquí nesta listaxe e alí na biblioteca da casa de Cima de Vila atopase o alicerce onde se apoia a formación xeografica de Otero Pedrayo. Os libros de xeografía son os que máis pegadas teñen do seu uso. Esas xeografías son o cerne, a parte fundamental do saber xeografico de Otero. De xeito particular as obras de dos xeógrafos franceses: Paul Vidal de La Blache, Enmanuel De Martone, Jean Brunhes, e o español Manuel de Terán. Imos estudiar no apartado seguinte ese devalar da xeografía nos tempos de Ramón Otero Pedrayo.

2.3. O DEVALAR DA XEOGRAFÍA NO TEMPO DE OTERO PEDRAYO

Neste apartado imos amosar unha perspectiva do pensamento xeográfico no tempo de Otero Pedrayo. Máis cara alá que acolá. Para iso reprodúcense nas súas paxinas, textos dos xeógrafos lidos por Otero, sobre todo os franceses, e os xeógrafos actuais que estudiaron aquel tempo. Aínda que a meirande parte dos mesmos foron escritos en francés, Otero lía en francés, ofrécense agora en unha versión galega aproximada por este doutorando.

Como principio temos que dicir, que seguindo o xeógrafo español Horacio Capel Sáez[59] en grandes trazos no século XIX prodúcese a institucionalización da xeografía ao través da creación das sociedades xeográficas e a introdución do seu estudo nas universidades europeas. Dando paso no século XX á confrontación de ideas do positivismo ao historicismo na xeografía. Xa na segunda metade do século XX, cando Otero deixa de escribir xeografía, xorden as xeografías radicais e as novas xeografías.

Imos pois, nesta tese a mergullarnos de maneira fonda nas obras xeográficas e paisaxistas de Ramón Otero Pedrayo, e ademais, xa que logo nos atopamos con as 137 referencias de libros de xeografía na biblioteca de Trasalba. E por certo o libro, case mellor os libros de xeografía desa biblioteca que teñen máis sinais de uso son: o primeiro os 15 tomos da *Géographie Universelle* editado en París por Armand Colin entre 1924 - 1934 e realizada por Paul Vidal de La Blache e Lucien Louis Joseph Gallois, e o segundo editado en París por Armand Colin, 1922, tamén de Paul Vidal de La Blache, titulado*: Principes de géographie humaine* que unha edición póstuma foi dirixida por Enmanuel De Martone[60]. E aínda máis, da primeira obra temos unha tradución ao castelán na biblioteca da facultade de Xeografía e Historia da USC. O esquema e índice desta Xeografía para cada país nos leva a un comezo da descrición física do terreo, á evolución xeolóxica á distribución das montañas, as mesetas, as serras, e as depresións. Estudiando despois o clima e os seus tipos rexionais, as augas e as distintas arterias fluviais. E finaliza coa vexetación, a de orixe climático e edafolóxico. E a paisaxe vexetal de orixe humano. Todos estes feitos xeográficos son tratados en todas as obras xeográficas de Otero, naturalmente aumentados con elementos da xeografía humana.

Pois ben, imos percorrer a historia da xeografía nos séculos XIX e XX, artellando a maneira de poñer a xeografía de Otero Pedrayo no lugar correspondente da mesma historia. Xa vimos ao estudar a formación xeográfica de Otero Pedrayo, os libros que leu, e os que ten na súa biblioteca de Trasalba. Que se concretan nos autores por el máis comentados e que nos

[59] Xeógrafo, catedrático emérito UB.
[60] Xeógrafo francés (1873-1955)

deixou nos seus escritos. Son obras dos xeógrafos: Humboldt, Ratzel, Paul Vidal de La Blache, Enmanuel De Martone, Elisée Reclus, Eduardo Suess, e Brunhes. Entre os españois están: Dantín Cereceda[61] e Manuel deTerán[62]. E como xa vimos na súa biblioteca de Trasalba están esas 137 referencias xeográficas das que consideramos esenciais nun devir cronolóxico pola súa edición as seguintes:

BORY DE SAINT VICENT, JEAN BAPTISTE. (1826): *Resume geographique de la peninsule Iberique.* París. Ambroise Dupont et Roret
HUMBODT, ALEJANDRO (1874): *Cosmos, ensayo de una descripcion fisica del* mundo. Madrid.Imp.de Gaspar y Roig edit.
ALVAREZ DE LA BRAÑA, RAMÓN. (1894): *Galicia, León y Asturias.* A Coruña. Andrés Martínez , Edit.
GAITE Y LLOVES,F. (1895)*: Elementos de geografia política y descriptiva.* Ourense. Imp. Antonio Otero.
DEMANGEON, A. (1907): *Dictionnarie de Géographie*. París. Armand Colin
ALEMANY Y B, JOSÉ. (1912): *La geografia de la peninsula ibérica.* Edit. San Martin
MARTONE, ENM. (1916): *Traite de geographie phisique; climat, hidrographie, relief du sol biogeographie.* París. Arman Colin
ANNALES DE GEOGRAPHIE. (1922,1925,1926): París. Armand Colin
VIDAL DE LA BLACHE, PAUL, (1922): *Principes de géographie humaine.* París. Arman Colin
VIDAL DE LA BLACHE, PAUL, e Gallois L. (1924-1934): *Géographie Universelle.* París. Arman Colin
SUESS, EDUARDO. (1923): *La faz de la Tierra*. Madrid. Imp. Ramona Velasco
DANTIN CERECEDA, J. (1925): *Distribucion geografica de la poblacion en Galicia.* Madrid. Centro de estudios.
MARTONE, ENMANUEL. (1926). *Les Alpes, Geographie Génerale.* Armand. Colin. París.
CARRERAS CANDI, F. (1928): *Geografia general del reino de Galicia.* Barcelona-edit. Alberto Marti.
MARTIN ECHEVARRIA, L. (1928*): Geografia de España: II geografia regional*. Barcelona. Editorial Labor.
BRUNHES, J. e V, C. VALLAUX (1928): *Geografia de la Historia.* Tradución española de Angel Dorrego y Vicente Valls. Madrid. Daniel Jorro.
HUGUET DEL VILLAR, EMILIO.(1929): *Geobotánica*. Barcelona. Edit. Labor.
PASSARGE, SIEGFRIED. (1931):): *Geomorfologia.* Barcelona. Labor.
SEMINARIO DE ESTUDIOS GALEGOS. (1933): *Terra de Melide.*
VALLS TABERNER, FERNANDO. (1939): *Geografia de España.* Barcelona-Inst. Gallach
KRETSCMER. (1942): *Historia de la Geografia*. Barcelona. Labor
BRUNHES, J. (1947*): Géographie Humanie.* París. P.U.F
HUMBODT, ALEJANDRO. (1951)*: Cuatro ensayos sobre España y América*. Madrid.Imp.de Gaspar y Roig edit.
MOLINA, BARTOLOME SAGRARIO DE. (1620 - 1949): *Descripcion del Reino de Galicia.*

[61] Xeógrafo español (1881-1943)
[62] Xeógrafo español (1904-1984)

ALIX, ANDRÉ. (1950*): Manual de geografia general, fisica, humana y económica.* Ediciones Rialp. Madrid.
TERÁN, MANUEL. (1952): *Imago mundi. Geografia universal.* Madrid.
FRAGUAS, A. (1953): *Geografia de Galicia.* Santiago de Compostela-Porto y Cia-
RIVERA, ABELARDO. (1953): *Geografia de España.* Madrid. Edit. Dossat
TERÁN, MANUEL. (1958): *Geografia de España y Portugal*. Barcelona. Montaner- y Simón

Son 29 referencias de libros de xeografía na biblioteca de Trasalba que de seguro Otero folleou moitas veces, pois todos eles teñen sinais evidentes e propias de moito uso.

Un dos textos máis conceptuais e de análise sobre a xeografía teórica e a historia da xeografía que nos deixou Otero, texto con lembranzas dos poetas románticos Eduardo Pondal, Emily Brontë e Walter Scott, que cantan as belezas das paisaxes de Ponteceso, Inglaterra e Escocia, é o titulado*: Novo enfoque dá ciencia Xeográfica*. Datado en Trasalba en xaneiro de 1952. O texto está incluído a modo de estudo preliminar ou prólogo na obra: *Xeografía Universal, descrición moderna do mundo*, segunda edición en 4 tomos editada polo instituto Gallach de Librería Edicións S. L.. Deste artigo falaremos máis polo miúdo ao estudar as obras xeográficas de Otero. Nel móstranos os nomes dos xeógrafos que considerou como eixes da historia da xeografía e de seguro que influíron no seu saber xeográfico. Eses xeógrafos son: Herodoto[63], Humboldt, Suess, Camile Valleaux[64], Max Sorre[65], Vidal de la Blanche, Enmanuel Martone, Ernst Haeckel[66], Siegfried Passarge[67], Ratzel e o xeólogo Jean-Baptiste Élie de Beaumont[68].

Así iniciamos unha peregrinación polos vieiros e corredoiras máis senlleiras deses autores. É pois necesario ir á descuberta dese paisaxe xeográfico da xeografía francesa dos séculos XIX e XX. Conta Horacio Capel (2012) que a institucionalización universitaria da primeira cátedra de xeografía na universidade de París, foi en 1809, e a fundación da primeira Sociedade xeográfica europea foi en París con data de 1828.

2.3.1. Paul Vidal de La Blache

Iniciamos o percorrido co xeógrafo francés Paul Vidal de La Blache que naceu na cidade medieval de Pézenas en 1845, no departamento francés de Harault na costa mediterránea, na moi antiga rexión do Languedoc. Realizou os seus estudios de historia na École Normale Supérieure de París. Lector de Alexander von Humboldt e de Carl Ritter. Foi catedrático de xeografía na universidade de Nancy en 1872, en 1877 se trasladou á École Normale Supérieure de París, e á Sorbana en 1898 ata 1908. Vidal morreu o ano 1918 na cidade La Seyne-sur-Mer, no departamento de Var, na costa da Provenza. Dúas son as características fundamentais que reflicte a obra de Vidal de La Blache. A primeira, foron as relacións e vínculos da xeografía coa historia, pois en aqueles días a xeografía era unha póla da historia. E o segundo rango fundamental da xeografía francesa, e a procura da identidade de lugares e rexións. (Tim Unwin 1992).

Sabemos que Vidal de La Blache foi un precursor da xeografía rexional e das comarcas, (*pays*), e das relacións entre os fenómenos físicos e os humanos, relacións do home e a

[63] Historiador e xeógrafo grego (484 a. C.- 425 a. C.)
[64] Xeógrafo francés (1870-1945)
[65] Xeógrafo francés (1880-1962)
[66] Biólogo francés (1834-1919)
[67] Xeógrafo alemán (18866-1958)
[68] Xeólogo francés (1798-1874)

natureza, os seus *genres de vie,* xéneros de vida, o cal nos leva sempre ao lugar á paisaxe, *paysage*. Horacio Capel nos debuxa o perfil intelectual deste xeógrafo:

> El itinerario espiritual de Vidal le conduce desde posiciones inspiradas en el romanticismo ritteriano al descubrimiento de la geografia positiva e evolucionista alemana, para llegar, por último, a una concepción personal alimentada por filosofia espiritualista francesa.

Seguindo a Capel, en Vidal temos unha valoración da liberdade humana que lle permite ao home escapar das influencias da natureza elixindo entre as distintas posibilidades. Posibilismo xeográfico. Nas palabras de Vidal:

> Un individuo geográfico no resulta simplemente de las condiciones geológicas y climáticas. No es algo librado completamente a las manos de la naturaleza. Es el hombre el que revela la individualidad de un territorio moldeándolo para su propio uso, Él establece una conexión entre características no relacionadas, sustituyendo la sistemática cooperación de fuerzas a los efectos aleatorios de las circunstancias locales.

É a idea de Vidal reflectida en 1903 na súa obra: *Tableau da la Géographie de France.* Tamén a xeografía vidaliana tiña unha concepción integradora entre a xeografía e as ciencias da natureza. Quizais invadindo o terreo de outras disciplinas. Volve a dicirnos Capel con palabras de Vidal, que a xeografía:

> Tiene por misión especial investigar cómo las leyes físicas o biológicas que rigen el globo se combinan y se modifican al aplicarse a las diversas partes de la superficie terrestre. La geografia las considera en sus combinaciones e interferencias (...). La geografia tiene como misión especial estudiar las expresiones cambiantes que adopta, según los lugares, la superficie terrestre.

Cando en 1888 Vidal publicou su obra: *Des divisions fundamentales du sol francais*, estableceu as súas ideas sobre o problema da división territorial. E o esforzo da investigación concentrouse na rexión e na elaboración de síntese rexionais.

> Sin duda el estudio de la tierra considerada en su conjunto responde a su definición misma y persigue el conocimiento de las leyes generales; pero pretende estudiarlas en su aplicación a los diversos medios. Les pide el medio de explicar las diferencias de fisionomía que presentan las comarcas.

Vidal insiste na necesidade de comparar os fenómenos a nunha escala convinte.

> La maravillosa variedad de las combinaciones que representan. Por todas partes se muestran regidos por las mismas leyes generales, pero por todas partes también modificadas por circunstancias locales de suelo, de relieve, de clima, por el entrecruzamiento de todas las causas que concurren a determinar la fisonomía de las comarcas.

Para Vidal o home tamén é un factor xeográfico. Na relación co medio, o papel do home é, pasivo e activo, fonte de transformacións e suxeito de influencias.

En resumen:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Al estudiar la acción del hombre sobre la tierra y las huellas que ha impreso ya en su superficie una ocupación tantas veces secular, la geografia humana persigue un doble objeto. No solamente intenta realizar el balance de las destrucciones que han reducido tan ampliamente el número de especies animales desde los tiempos oligocenos, con o sin intervenciones del hombre. Encuentra también un conocimiento más íntimo de las relaciones que unen el conjunto del mundo viviente, el medio de descubrir las trasformaciones actualmente en curso y las que es permitido esperar.

Como nos di Capel, o evolucionismo e o ambientalísimo, de orixe directamente ratzeliano se encontran así matizados polas convicciónsespirituais de Paul Vidal de La Blache.

A influencia de Vidal nos xeógrafos españois como: Casas Torres, Amando de Melón, Manuel de Terán, entre outros, realizase o través do paradigma posibilista, concepción da xeografía como ciencia de síntese e da prioridade que lle dan aos estudos de carácter local e rexional, (Estébanez, 1984) .

Imos ver que Otero Pedrayo de seguro coñecía estas palabras e conceptos de Vidal, pois na súa obra xeográfica e paisaxista sempre estivo por explicar as diferencias das formas e buscou as leis que rexen os seus cambios. Ademais sempre pormenorizou as accións do home sobre o territorio o través da historia.

Para máis afondamento na obra deste xeógrafo francés imos facer unhas lecturas das principais ideas expostas en tres dos seus artigos:

Paul Vidal de La Blache, “Les conditions géographiques des faits sociaux”, un artigo publicado na revista Annales de géographie, vol. XI, 1902.

Paul Vidal de La Blache, “De l'interprétation géographique des paysages”. Congreso Internacioal de Geografia. 1908.

Paul Vidal de La Blache, “Des caractères distinctifs de la géographie”, na revista Annales de Géographie, tomo 22, 1913.

Imos facer unha tradución deste artigos desde os orixinais. Que se atoparán completas nun anexo desta tese. Imos aquí só remarcar as ideas máis rechamantes.

2.3.1.1. Les conditions géographiques des faits sociaux. (As condicións xeográficas dos feitos sociais).

Neste artigo Vidal de La Blache fai un estudo dunha cuestión para el de moita importancia. Valor que naquel tempo non era moi ben recoñecida. Vai explicar o obxecto da investigación deste artigo e o método a empregar. O artigo comeza así:

> A contigüidade de dúas rexións, chaira e montaña, onde a orde de traballo non é a mesma, onde os cultivos maduran en diferentes datas, sendo os traballadores os que periodicamente alugarán as súas horas de traballo. A presenza dunha gran cidade dá lugar a culturas especiais nas súas portas, asociadas a hábitos igualmente especiais, os dos horticultores. A existencia moi localizada dunha necesidade básica pode xerar consecuencias sociais e políticas…

Nos conta de seguido que os estudos de economistas e historiadores mostran feitos sociais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Estes estudos son interesantes; o historiador e o economista gusta deles. Pero, por curioso que resulte mostrar feitos deste tipo, pódese preguntar se

> constitúen un obxecto de ciencia, se é posible basear neles unha investigación sistemática e metódica. Certamente non, se os consideramos, illados, como incidencias e peculiaridades. Pero será doutro xeito se chegamos a unha noción máis ampla e elevada? Non está alí un plan xeral no que encaixan estes exemplos, nin outros semellante, de fenómenos sociais?...

Máis na opinión de Vidal a posición xeografica é moi importante na vida das sociedades.

> A causa que, na nosa opinión, o que introduce máis diferenzas entre o sociedades, é a posición xeográfica. Dependendo de como estea destinado un país ao illamento, ou que está aberto, pola contra ás correntes da vida...

Segue matizando a influencia da montaña e o bosque.

> A montaña, o bosque, sobre todo o bosque tropical, co seu labirinto impenetrable de lianas e troncos podres, de grandes extensións ata cruzar ben polos continentes, ben polos mares: é dicir o que mantivo durante moito tempo e o que aínda ten un gran número de grupos humanos é unha distancia entre si...

Describe o illamento dos pobos

> Acabamos de comentar o illamento que resulta das condicións naturais, pero tamén está o ansiado illamento, metódico, cartesiano. Poderíase dicir, o que buscan as persoas civilizadas é emanciparse das cadeas dunha sociedade con problemas e acadar unha forma social ou relixiosa...

Fenómenos sociais que son xeográficos

> Estes fenómenos da xeografía son sociais. susceptibles de levar a unha serie de consecuencias cuxa orixinalidade adoita ser só unha delicia para o sociólogo, pero que, nalgúns casos, puido servir de fermento para as sociedades en xerme....
> Como a pertenza a un lugar, as características físicas dun país están profundamente impresas no estado social. A contigüidade das estepas pastorais e terras de cultivo, do oasis e do deserto, como o de a chaira e a montaña, é causa de relacións cuxo alcance política e económica non poden pasarse por alto sen inconvenientes...

Todos os fenómenos sociais estudos neste artigo son para Vidal unha xeografía humana ou das civilizacións.

> O estudo, do que acabo de debuxar algúns trazos, pode ser formulado do seguinte xeito: tradución da vida xeográfica do globo terráqueo á vida sociais dos homes. Atopamos nestas formas de civilización a expresión de causas xerais que actúan sobre toda a superficie do terreo: posición, extensión, clima, etc. Crean condicións que sen dúbida presentan diversidades locais, pero que o son con todo comparables en áreas similares. Polo tanto, é un ben dunha xeografía, xeografía humana, ou xeografía das civilizacións...

E remata o artigo esperando un futuro para a xeografía dos feitos sociais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Aínda así, polo grao de fixación que acadan, estas forma de civilización constitúen tipos que poden ser xeograficamente con posibilidade de se repartir. É posible agrupalos, clasificalos, subdividilos. Este traballo é o que practican as ciencias naturais; como non inspiraría tamén a xeografía humana? Este plan da xeografía xeral que encaixa desta forma na xeografía. Pero ten un perigo, e entón é necesario usar un bo método. Nós sen dúbida podemos opoñernos a esta concepción, que corre o risco de inducir xeneralizacións prematuras. Non sei asesorar mellor a composición de estudios analíticos, monografías onde a relación entre as condiciones xeográficas e os feitos sociais serían considerados de cerca, en un campo ben elixido e restrinxido.
> P. Vidal de La Blache.



Figura 2.11. Paul Vidal de La Blache no despacho da Sorbona

Este artigo que é un pouco longo, xa que inclúe varios exemplos de feitos sociais en países do Mediterráneo, Africa, Asia e Estados Unidos que Vidal utiliza para explicar as súas teses.


Pois ben, comeza o artigo con dúas preguntas, se os feitos sociais poden integrase na ciencia xeográfica? E se os datos etnográficos poden ser obxecto da xeografía? Vidal ten ollo para ver as diferencia destes datos según a posición xeográfica dos grupos humanos no globo terráqueo, sendo o illamento unha peculiar garantía desa diferencia. Estes fenómenos xeográficos son feitos sociais. E afirma que o comercio tamén ten a pegada dun feito xeográfico. Así como as distinta tarefas que se realizan coas sazóns na vida rural.

E claro que hai unha relación de causa e efecto entre o modo da cultura inspirada nas condicións xeográficas e a forma única de organización social. Confirmado, segundo Vidal, polo dito na *Anthropographie*, de Ratzel.

Este estudo do que debuxa Vidal só algúns trazos, pode ser formulado, segundo di, do seguinte xeito: *traduction de la vie géographique du globe dans la vie sociale des hommes*, (tradución da vida xeográfica do globo terráqueo á vida social dos homes). As condicións e as formas sociais crean diferencias que son comparables xeograficamente. Polo tanto, se pode

falar dunha xeografía humana ou xeografía das civilizacións. *Il s'agit donc bien d'une géographie; géographie humaine, ou géographie des civilisacions.*

Finalmente se pregunta se este xeito de investigar os fenómenos humanos polas ciencias naturais, pode inspirar á xeografía humana. Nos di Vidal que, é un plan de xeografía xeral que encaixa na xeografía. Pero usando un bo método pois pode introducir xeneralizacións prematuras. Téñense que facer estudios analíticos e monografías que estuden polo miúdo as relacións das condicións xeográficas e os feitos sociais. *Je n'en saurais conseiller de meilleur que la composition d'études analytiques, de monographies où les rapports entre les conditions géographiques et les faits sociaux seraient envisagés de près, sur un champ bien choisi et restreint.*


P. VIDAL DE LA BLACHE

PRINCIPES

DE

GÉOGRAPHIE HUMAINE

publiés d'après les manuscrits de l'Auteur

par

EMMANUEL DE MARTONNE

LIBRAIRIE ARMAND COLIN

103, BOULEVARD SAINT-MICHEL, PARIS

1922

Figura 2.12. Principios de Geografía Humana de Vidal de La Blache. Publicada por Enmanuel De Martone

Debemos de ter en conta que estes conceptos que son definidos por Vidal en 1902 serán tamén plasmados e ampliados en 1929, no libro titulado: *Principes de géographie humaine.*. Temos que preguntarnos se Otero Pedrayo tiña entre o seu saber xeográfico ben recollidos estes conceptos expostos por Vidal. A resposta sen dubida é afirmativa, pois Otero, e volvemos a reiterar, ten nos andeis da súa biblioteca de Trasalba o libro: *Principes de géographie humaine*, que foi editado en 1922 baixo a dirección de Enmanuel De Martone. Pois ben, alí se nos di que esa xeografía humana ten un principio de unidade térreste e da noción do medio no que se desenvolve a vida do home, sendo este factor xeográfico. O home está repartido de xeito distinto pola superficie da terra. Hai varias densidades. Grandes aglomeracións en Africa e Asia, as redes europeas marcadas polas distintas rexións nas que inflúe sobre todo a altitude. E ademais teñen que estudar: as formas das distintas civilizacións, as variación dos agrupamentos e dos medios, instrumentos e materiais. Os medios de subsistencia. Os materiais de construción. Os agrupamentos humanos, aglomeración e dispersión. A historia e evolución das civilizacións. Os medios de transporte. Os camiños. Os ferrocarrís. A navegación. A cidade. Son todos eles os feitos xeográficos a estudar neses inicios da xeografía humana. Son case parte dos índices e camiños xeográficos que Otero aplicará na *Guía de Galicia* e nas outras obras xeográficas.

2.3.1.2. De l'interprétation géographique des paysages. *(A interpretación xeográfica das paisaxes)*

Imos se situarnos na posición dun profesor de xeografía que escapou das aulas para observar os feitos xeográficas na natureza, e nos di:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Dende que a xeografía pedagóxica saíu da ensinanza onde tamén se encerrou voluntariamente e comezou a observar directamente a natureza, a interpretación das paisaxes converteuse nun dos seus principais obxectos. A análise e a síntese teñen cada unha a súa función. Analizar e esfórzase por distinguir os trazos heteroxéneos que entran na composición dunha paisaxe; e como causas pasadas e presentes se entrelazan formas de relevo, este tipo de interpretación é un pouco como unha exexese. Por outra banda, esta paisaxe conforma un todo cuxos elementos están ligados a súa interpretación require unha percepción razoada da síntese viva que pon diante dos nosos ollos.
> I - Cómpre dicir que a maior parte, nesta interpretación, debe facerse polo estudo do terreo. É arquitectura da paisaxe, ás veces a propia paisaxe. Dependendo de se parecen suaves ou irregulares, suave ou accidentado, impera un certo estilo, de onde vén un aviso, cando acontecerá que a parte do espectáculo que captan os nosos ollos se desvíe dela...

E nesas olladas descóbrense varios liñas de horizontes

> Hai paisaxes onde domina a liña, onde todo como nun templo grego, está subordinado a ela: como certas paisaxes do Sáhara ou Colorado, onde a cor só acentúa o deseño das liñas. Pero en xeral a auga, a vida vexetal, as obras do home combínanse coas directrices do relevo para compoñer a imaxe enmarcada polo horizonte: a auga, en todas as súas formas e cos fenómenos meteóricos que xera; vexetación, con as súas asociacións, as súas características higrófilas ou xerófilas, etc. Conformémonos con indicar estes ricos temas de observación. Déixolles aos xeógrafos-botánicos que mostren as influencias que ten a auga, as diferenzas de solo, a proximidade do mar exerce sobre o manto vexetal. Pero camiñando propoño buscar se algún rastro desta secuencia é manifestado tamén nas obras do home.
> II - Sen caer nun exceso de determinismo que non sería menos falaz que o contrario, podemos afirmar que as agrupacións, culturas, movementos e relacións do home non escapan a esta rede de causas e efectos. Os xeógrafos de antigo se preocupaban, aínda que non sempre o fixeran, de explicar a posición das cidades máis importantes...

Máis detectase o movemento dos feitos xeográficos

> Qué significa esto se non que na perpetua mobilidade dos fenómenos, entran en xogo certas causas novas? O análise retoma aquí os seus dereitos, se estes diferentes tipos de asentamento deben organizarse de acordo coas familias ás que pertencen. O principio de clasificación aquí é o tipo de vida adoptada...
> E o home integrase na paisaxe

Vai agora pola xeografía das ruínas

> Hai, como dixo Ratzel unha xeografía de ruínas; e a persistencia que amosan no terras de pedra e morteiro, é en si un feito xeográfico. Os autores antigos pensaban que expresaban o colmo da aniquilación cando el dixo: *Etiam periere ruinae!*...

E remata que partindo da observación onde mostrase a unidade dese principio da xeografía.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Só me lembro destas grandes diversidades para mostrar canto están relacionados os feitos que podemos observar ao noso arredor causas xerais que actúan sobre toda a terra. Porque a idea de unidade terrestre, en calquera manifestación que se estudia, en calquera rexión ou lugar, é a inspiración e principio orixinal de toda xeografía.

Neste artigo Vidal nos fai a introdución no concepto de *pays*, como lugar ou rexión que ven delimitada polas súas características xeográficas onde se fai a análise e o estudo xeografico.

Nos di Vidal que un dos obxectos da xeografía é a interpretación das paisaxes.

Tamén nos conta que debemos definir unha paisaxe polos aspectos característicos que a fan diferente a outras. Clarexando as causas e orixe do relevo de cada paisaxe. E o estudo sempre debe facerse sobre ao pé do territorio. E sempre facendo preguntas das situacións naturais e físicas actuais. Vidal nos fala das paisaxes onde domina a liña. Concepto que Otero chamará horizonte que temos diante dos ollos para delimitar a paisaxe. Otero tamén encontra como elementos da paisaxe a cor, a auga, e a vida vexetal. Así mesmo os feitos xeográficos: composición das rochas, formas das ladeiras, a altitude son condicionantes dos tipos de poboamento. Otero ao explicar o porqué dos asentamentos sempre encontra unha ou varias formas do terreo como causa da decisión humana. Tamén veremos que Otero explica a posición das cidades e por extensión as vilas e parroquias, en palabras de Vidal *os modos humildes de agrupación.*

Temos un concepto moi importante que Vidal pon de primeiro, a influencia do home na paisaxe, pois a cambia e dalgún xeito a humaniza. Aquí tamén temos unha característica da xeografía de Otero, pois sempre o home, e aínda máis no eido rural, humaniza a paisaxe. Tal como nos din as súas novelas e dramas rurais. Especial atención fai Vidal ás comunicacións como causa de novas relacións. Tamén Otero conta as transformacións polos novos camiños, *a carretera*, como vieiro de nova economía e novas ideas. Otero tamén nos fala como Vidal das *paisaxes das ruínas* como testemuñas da historia das paisaxes. Concepto que Vidal extrae de Ratzel. E xa que logo, a idea da unidade térreste se manifesta en calquera manifestación que estuda a xeografía en calquera rexión ou lugar, *est l'inspiration et le principe original de toute géographie.*

> 2.3.1.3. Des caractères distinctifs de la géographie*. (As características senlleiras da xeografía)*

Este artigo presenta o estado da definición e dos contidos da xeografía cando empeza a ser estudada de xeito diferenciado de outras ciencias sociais. 1913. Así Vidal defende os métodos científicos na xeografía e a relación con outras ciencias..

> Chamado a falar da xeografía ante un publico de futuros mestres formados en métodos científicos. Eu preguntábame polas tensións que reinan na idea mesma da xeografía. No grupo das ciencias naturais coas que sen dubida está relacionada e ocupa un lugar especial.
> A xeografía debe aplicar métodos científicos como as ciencias naturais coas que sen dubida ten cuestións afíns, pero tamén diferencias sensibles. A xeografía vota as mans as veces das mesmas fontes que a xeoloxía, a física e as ciencias sociolóxicas. A complexidade está na maneira de extraer datos dos fenómenos que se cruzan na natureza. E non acepto a critica de que a xeografía

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

colle datos prestados de outras ciencias. A xeografía retoma uns datos que levan o selo propio e esa apropiación se pode chamar método científico.

A unidade terrestre é obxecto da xeografía

I. A unidade terrestre
A xeografía inclúe por definición a totalidade do globo terrestre...

Principio utilizado por Humboldt e Ritter

E cando a principios do século XIX Alexandre Humboldt e Carl Ritter iniciadores de la xeografía comparada foron guiados por este pulo da unidade da xeografía en nunha visión xeral do globo.
Todos os avances realizados dende o coñecemento da a Terra acordaron destacar mellor este principio de unidade, pois hai un dominio onde se manifesta con claridade soberana é a das masas líquidas que cobren tres cuartas partes do globo e do océano atmosférico que envolve nos movementos de atmosfera como escribe o meteorólogo Dove. "unha partes se pode illar sobre o seu veciño"...
Esta idea de unidade é sen dúbida común a todas as ciencias, tócalle a física terrestre así como aos que estudan a distribución da vida...
Cada ciencia realiza neste sentido a tarefa que lle é propia, pero podemos dicir que enche por iso o papel da xeografía: é este papel o que se trata de especificar.

Máis sempre temos unha combinación de fenómenos a estudiar

II.A combinación dos fenómenos
Non podería facelo mellor que tomando prestado un dos autores dos mellores de libros que se publicaron sobre climatoloxía o profesor J. Hann, pois os termos que utiliza para distinguir entre a meteoroloxía e o estudo dos climas, "Este di, é da súa natureza máis descritiva, e ven sendo a súa finalidade proporcionar ao lector a imaxe o máis viva posible da acción combinada de todos os fenómenos atmosféricos nunha parte da Terra".

Tamén deben conxugarse as ciencias veciñas da xeografía

Podemos dicir xeneralizando esta observación que a xeografía participa como as ciencias veciñas da idea de unidade terrestre para unha misión especial de buscar como as leis físicas ou biolóxicas que gobernan o mundo combinan e cambian aplicándose nas diversas partes da superficie...

Así temos dúas xeografías unha xeral e outra descritiva

O análise destes elementos, o estudo das súas relacións e as súas combinacións conforman o tecido de calquera investigación xeográfica.
Xa non pode haber dúbida despois deste punto de vista dunha antinomia de principio entre dous tipos de xeografía unha que baixo o nome de xeografía xeral sería o verdadeiramente científica e outro que aplicaría sen outro fío condutor unha curiosidade superficial coa descrición dos países...

E veñen sendo as superficies o campo de estudia da xeografía

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

III. As superficies
O campo de estudio por excelencia da xeografía é a superficie do planeta, e dicir, o conxunto de fenómenos que ocorren entre as masas sólidas, liquidas e gasosas que constitúen o planeta. Este contacto é o principio dos fenómenos sen número, dos que algúns apenas se sospeita aínda como actúan, como un reactivo para resaltar as enerxías terrestres...

Primeiro a litosfera.

Entre as superficies que estuda a xeografía, as da litosfera teñen a vantaxe de conservar máis ou menos a pegada das modificacións que experimentaron dende a súa emersión..
Máis ben transfórmase é o traballo do pasado persiste a través do presente como materia sobre a que exercen as forzas actuais. Estamos pois en plena xeografía.

O xeógrafo debe recorrer sempre ao método da observación

IV. A fortaleza do medio e a adaptación
Se chegamos a situarnos na mentalidade do xeógrafo, que vese loitar con diversos factores de orixe heteroxéneas e formando entre eles múltiples combinacións, sente ese equilibrio que resulta das combinacións nada absolutamente estables, que é grazas as modificacións nas que a multiplicidade dos factores abre unha ampla marxe. Pódese preguntar onde está o principio reitor que permite construír sobre este terreo con aparencia de métodos cambiantes, que resisten e intentan ensaios coordinados das descricións terreais.
Recorremos aínda á observación. A observación e o análise encontrou nestas superficies onde se imprimen os fenómenos, que no son casos illados, de trazos incoherentes, senón grupos de formas obedecendo a unha acción entre si unidas por afinidades, e traballando xuntos para eliminar da superficie o que xa non cabe nas condicións actuais...

Vidal esprica o método descritivo

V. Método descritivo
Podemos xulgar polo que se acaba de dicir que xoga un papel capital en todo isto a descrición. A Xeografía distínguese como ciencia esencialmente descritiva. Non certamente renuncia a explicación e o estudo das relacións dos fenómenos e a súa cadea, e a súa evolución por todos os camiños que levan. Pero este mesmo obxecto obriga máis que calquera outra ciencia a seguir coidadosamente o método descritivo Unha destas tarefas principais, se trata de localizar as diversas ordes de feitos que lle preocupan?, para determinar exactamente a posición que ocupan na área que ocupan...

Máis no só ten que describir o xeógrafo debe definir e clasificar.

Describir, definir e clasificar, por deducir son operacións que loxicamente manteñen unidas, pero os fenómenos naturais de orde xeográfica non se explican con afán sempre dócil as categorías do espírito.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> A descrición xeográfica debe ser flexible e variada como o seu propio obxecto. Adoita ser prototipo, para que toque na terminoloxía popular, formándose esta última directamente en contacto coa natureza tal designación incautada no lugar, tal dito rural ou refrán pode abrir un día nun informe nunha periodicidade. a coincidencia de todas as cousas que reclama directamente a xeografía. Tampouco é sen razón que nos libros ou memorias xeográficas as representacións figurativas gardan máis ademais de colocar. Debuxo, fotografía, introduzan título e con comentarios na descrición. As figuras esquemáticas teñen os seus usos como instrumento de demostración. Pero nada é mellor que o debuxo como medio de análise para achegarse á realidade, e como control destas observacións directas que se atopan hoxe nas excursións xeográficas coa oportunidade frecuente de exercicio destas costume de clases itinerantes é connosco un dos máis logros pedagóxicos notables nos últimos anos, é a escola máis hixiénica e eficiente que calquera outra . E escolle e avanza os seus textos, é dicir as paisaxes onde desde unha perspectiva máis doada para comprender este conxunto de trazos característicos que gravan na mente do xeógrafo a idea do país.

A xeografía e a historia son antigos compañeiros

> VI A Xeografía e a Historia
> Sobra dicir que nesta fisionomía o home directamente ou indirectamente pola súa presenza, polas súas obras ou por a pegada das súas obras sempre impón atención. El tamén é un axente poderoso que traballa para modificar superficies. Clasifica este título entre os factores xeográficos de primeira orde. O seu traballo na Terra xa é longo e hai poucas partes que non teñen os seus estigmas. Podemos dicir que del depende o equilibrio mundo vivo actual.
> É outra cuestión é que saber que influencia teñen as condicións xeográficas exercidas sobre os seus destinos e partindo particularmente da súa historia. Non podo tocar aquí este importante punto. Tanto a historia como a xeografía son antigos compañeiros que camiñaron xuntos durante moito tempo e quen, como ocorre entre vellos coñecidos perderon o costume de discernir as diferenzas que os separan. Lonxe de min perturbar a harmonía desta limpeza. É útil, con todo, que mentres seguen a visita estes servizos recíprocos, que son claramente conscientes dos diversos xenes que existen no seu punto de partida e nos seus métodos. A xeografía é a ciencia dos lugares e non a dos homes, iso nos interesa polos acontecementos da historia na medida en que destaca o traballo a luz nas rexións onde se producen coas propiedades das virtualidades que sen elas permanecerían descoñecidas...

E temos a xeografía como ciencia, ben definida, con o seu método e as súas leis, e debe manterse así.

> É o momento de concluír. Coñecemos dende hai tempo a xeografía tiña un obxecto incerto e os seus métodos oscilando entre xeoloxía e historia. Aqueles tempos xa pasaron. Que a xeografía xa cambiou pola axuda que recibe doutras ciencias contribuíndo ao tesouro común é a capacidade de non romper o que natureza reúne con comprensión, correspondencia, e correlación dos feitos ben no medio terrestre que os envolve a todos, ben nos círculos rexionais onde están situados. Alí, sen ninguén dubida dun beneficio intelectual, que poida estender todas as aplicacións da mente. Recorrendo as formas en que a xeografía chegou para aclarar o seu obxectivo e reforzar os seus métodos,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> recoñecemos como guía base o desexo de observar cada vez máis directamente, cada vez con máis coidado as realidades naturais. Este método aportara os seus froitos, o esencial é mantelo.
>
> P.VIDAL DE LA BLACH

Na tradución anterior das palabras de Vidal podemos extraer catro principios esenciais da xeografía vidaliana:

A xeografía é unha ciencia con ladeiras con outras ciencias que estudian a Terra pero dun xeito como unidade global.

O xeógrafo ten que preguntarse onde está a lei e o eixe sobre a orixe das formas do terreo. Sempre se ten que facer a oportuna análise.

A Xeografía é ciencia porque ten un método propio de investigación: a descrición dende a observación directa dos feitos xeográficos.

A Xeografía como ciencia dos lugares e dos feitos xeográficos que teñen unha evolución histórica, sempre cunha unha cronoloxía.

Estes catro principios veremos que son en Otero Pedrayo unha constante no seu facer xeográfico. Sempre describe as formas dos lugares e das paisaxes. Sempre ten na historia e na evolución das formas unha lei. Sempre como xeógrafo utilizou e se fixo as preguntas necesarias para a análise das formas. Sempre dende un lugar describe o horizonte próximo e ás veces o de máis alá. E ademais sempre utilizou nas súas descricións a terminoloxía popular.

Tamén Vidal e Otero teñen unha característica semellante na forma de comunicar os seus principios xeográficos. Os dous non fan un conxunto de libros nos que indiquen os principios da súas xeografías, máis ben as ideas aparecen espalladas por artigos, libros e revistas.




Figura 2.13. Os Alpes de Enmanuel De Martone

2.3.2. Enmanuel De Martonne

Pasemos aos xeógrafos franceses: Enmanuel De Martone, (1873-1955) e Elisée Reclus (1830-1905). Dicir de Martonne, que Otero ten na biblioteca de Trasalba os seus libros:

O Traite de geographie phisique; climat, hidrographie, relief du sol biogeographie. (1916). E *Les Alpes, Geographie Génerale*, 1926. Temos que dicir que os Alpes foi o tema libre elixido por Otero na súa oposición a cátedra de Xeografía da USC: *Los Alpes: forma y estetica del paisaje*. Segundo nos contan Xosé Ramón Quintana e Marcos Valcárcel no seu libro: *Ramón Otero Pedrayo, vida, obra e pensamento*

Este libro sobre os Alpes, na súa edición española de 1955, e se vemos o seu contido no esquema xeográfico pode haber tido moita influencia na xeografía de Otero, xa que unha repousada lectura e en especial dos capítulos: *da ocupación humana, os xéneros de vida, as industrias da zona e as divisións naturais dos Alpes*, nos recordan o que imos estudiar ao analizar as obras xeográficas de Otero, o índice completo dese libro é:

USC DE SANTIAGO

Los fenómenos actuales
Plegamientos y erosiones preglaciares
El modelado glaciar
El clima y el mundo viviente de los Alpes
Las zonas de altitud
Las aguas alpinas
La ocupación humana
Los tipos del hábitat humano
Los géneros de vida agrícolas
La actividad industrial
La circulación en los Alpes
Divisiones naturales de los Alpes.

Veremos que Otero sempre fai ao principio das súas obras xeográficas unha análise do relevo, o clima, a ocupación humana, as formas de vida, as actividades, as comunicacións e a rexión natural.

Martone no seu *Traite de géographie physique...* deixa unha definición da Xeografía:

> Ciencia do estudio dos fenómenos tanto naturais como sociais, considerados na súa distribución na superficie terrestre, e das súas causas e relacións.

Este é un camiño que Otero percorre sempre en todos os seus escritos xeográficos e paisaxísticos, pois sempre de cada lugar, parroquia, vila, cidade, comarca ou rexión, estudia os fenómenos naturais e xeográficos máis todos aqueles que teñen relación co home que os vive e humaniza.

2.3.3. Os irmáns Onésimo e Élisée Reclus

E de Reclus nos di Otero, que foron lidos todos os libros que ten a biblioteca do instituto de Ourense deste autor polo protagonista da súa novela autobiográfica titulada: *Adolescencia.* Temos que dicir, que quizás alí quedou ben definida a vocación de xeógrafo do neno Ramón Otero Pedrayo.

Élisée Reclus, naceu o ano 1830 en Santa Foy la Grande, no Suroeste de Francia no departamento de Gironda, na rexión de Aquitania, e morreu o ano 1905 en Torhout na rexión de Flandes, Belxica. Asistiu en Alemaña ás clases de Carl Ritter na universidade de Berlín. Militou no anarquismo e na comuna. Nos anos de 1855 a 1857 fai un viaxe por a Serra Nevada de Santa María na República de Nova Granada, alí fai exploración xeográfica dende a preceptiva social e humana. A obra principal de Reclus é *Nouvelle Géographie Universelle* (1875-1894), *Novísima Geografia Universal* editada en castelán en 1906 en seis volumes, traducida por Vicente Blasco Ibáñez con la colaboración de Alberto Carsí. Editorial Prometeo Valencia.

Capel nos di da xeografía de Reclus:

> El esfuerzo por establecer las leyes de una geografia social de base a la vez anarquista y naturalista singulariza la obra de Reclus dentro de la geografia de su época.

Pódese dicir que Reclus dende os seus ideais anarquistas facía unha xeografía dos homes, porén a xeografía francesa da época, a escola vidaliana, facía una xeografía dos lugares, comarca e rexións.

Que o xeógrafo Otero Pedrayo foi lector de Reclus e ben certo. Pois o conta ao falar da súa xuventude no Libro: *Lembranzas do Meu Vivir Tomo I*. Onde ao falar dos seus libros e profesores nos di:

> As "historias" e as " xeografías" de Moreno Espinosa fixeron época no segundo ensino. Paxinas ondeantes, entusiastas, ascendentes....Nelo descubríronse para min nomes e ideas de longo e saudoso frolecer no meu espírito: o nome de J. B.Vico, algúns relampos de poesía catalán, a xenerosa versión de Reclus.

Tamén ao falar do seu profesor de Xeografía e Historia no instituto de Ourense, D. Eduardo Moreno nos di:

> D. Eduardo Moreno encetou o ciclo, falando da "Geografia Moderna". Gardo con amore e respeto a conferencia do meu mestre. Imperaba entón Reclus e Dupeyron. Moreno, dono do senso xeográfico deixábase levar de máis da autoridade dos mestres.

Tamén na novela *Adolescencia*, o xove protagonista ao relatar a súa vida no instituto se nos di:




Figura 2.14. Geografia Universal dos irmáns Reclus

> Leyó José Ramón casi todo el Reclus en la grande y bella edición que se guarda en la biblioteca particular del Instituto. Iba allí todas las tardes...La inmensa poesía de las montañas llenaba de nostalgia al leer sus descripciones…Capítulos como el comparativo entre las penínsulas meridionales de Asia e Europa le conmovían…Sintió en aquellas paginas la variedad de España., la gracia azul de la vieja tierra de Francia, el prestigio de los vaporosos horizontes lombardos contemplados al descender de los Alpes…Vivió muchas horas de su adolescencia en la voluptuosidad de la Geografia.

Tamén debo dicir, que moitas veces cruceime cun catedrático, que citarei nesta tese, catedrático de historia da USC, polos corredores da Facultade de Xeografía e Historia en Santiago, e sempre me dicía: *Manuel tes que ler aos irmáns Reclus.* O fixen con Elisée e o seu irmán tamén xeógrafo, Onésimo nas paxinas adicadas a España na súa novísima *Géographie Universelle*, e a Elisée en dúas traducións en castelán de A. López Rodrigo dos libros: *A Montaña* e *o Arroyo* editados en Valencia por F. Sempere, Editor, alá polos inicios do século XX. Estes dous libros que veñen a contar as historias da Montaña e

do Arroio, e teñen unha linguaxe moi semellante ao discurso descritivo e paisaxístico de Otero. Así nos describe Elisée Reclus a montaña e o arroio:

> Vista desde la llanura, la montaña es de forma muy sencilla; es un cono dentado que se alza entre otros relieves de altura desigual, sobre un muro azul, a rayas blancas y sonrosadas y limita una parte del horizonte. Me parecía ver desde lejos una sierra monstruosa, con dientes caprichosamente recortados, uno de esos dientes es la montaña donde he ido a parar.
>
> La historia de un arroyo, hasta la del más pequeño que nace y se pierde entre el musgo, es la historia del infinito. Sus gotas centelleantes han atravesado el granito, la roca calcárea y la arcilla; han sido nieve sobre la cumbre del frío monte, molécula de vapor en la nube, blanca espuma en las erizadas olas.

Tantas veces nos fala Otero do xeógrafo francés Elisée Reclus, que resulta cousa estraña que non teñamos obras deste xeógrafo na súa biblioteca de Trasalba.

2.3.4. Eduard Suess

Do xeólogo Eduard Suess (1831-1914), e da súa obra *Das Antlitz der Erde* (As caras da Terra), dá que ten Otero unha tradución ao castelán na biblioteca de Trasalba, obra en unha edición española *La Faz de la Tierra* (Madrid. R. Velasco,1923). Otero nos fala varias veces de que segue as súas teorías ao describir os elementos da xeoloxía de Galicia, como fai na súa obra: *Guía de Galicia.*

Recordando o libro de Otero *Lembranzas do meu vivir, tomo II.* Ao falarnos da súa época en Madrid de estudante na universidade, Otero nos di:

> Daquela gustaba eu, nas caldas noites na Biblioteca – finos vagares dos fantasmas da tinta de imprenta e dor inmorrente de tanta brancura de follas de clausura -- , das fermosas orquestracións de rochas e augas baixo matemáticos ceos de ensaio sinfónico e catedralicia de Suess, "La Face dala Terre", nos catro volumes franceses de Noé Margerie. Ficaba lonxe, coma unha paisaxe de Claude de Loraine ou Reclus, tempos de bacharelato, Suess era Whistler polas néboas e o gris das orixes e néboas de pedra.

Otero sempre no seu estilo case romántico de introducir a metáfora, fai a comparanza entre xeógrafos e pintores.

A obra de Suess, en varios tomos, está escrita entre 1883 e 1909, e é unha síntese da xeoloxía global, que parte do arrefriamento do magma que produce as dislocacións da Terra, Sendo o vulcanismo e a sismicidade dous fenómenos independentes. Suess explicou dos movementos da certeza un vertical dende o fondo e outro horizontal de afondamento orixe da oroxenia. Os océanos son descensos da codia terrestre. El é autor da xeoloxía da deriva dos continentes do gran Gondwana. E do concepto de xeosinclinal, e dos movementos dos sedimentos.

2.3.5. Ferdinand von Richthofen

De Ferdinand von Richthofen[69] xeógrafo alemán, que tamén tivo fondas influencias en Otero. A xeografía de Richthofen vai desde o estudio da superficie terrestre, litosfera, hidrosfera e a atmosfera: Unha xeografía xeral dividida en física e na antropoxeografía. Este

[69] Xeógrafo alemán (1833-1905)

xeógrafo ao estudiar os brazos de mar no sédeste de Asia, leste de Africa e en América do sur, introduciu o termo: *Riasküsten*, despois de ter comprobado que en Galicia se dominaban rías é as considerou vales fluviais inundados polo mar. (Pérez Alberti, (1990), Desta teoría da orixe das rías participaba Otero segundo o comenta na parte de xeografía da súa *Historia de Galicia* 1963, e na *Sintese Xeografica de Galicia*, (1926).

Xa comentaremos a o falar dos ensaios xeográficos de Otero que publicou na revista *Nós* do seu o artigo titulado: *Encol dos estudos modernos de Antropoxeografía*. 1926. No cal nos fala do xeógrafos: Ratzel, Suess, Siegfried Passarge e de Lencewicz. Vemos que Otero está o corrente das xeografías do seu tempo. Pois nese artigo comeza dicindo:

> O falar de Antropoxeografía pensamos no problema central e xa clásico desta ciencia. A determinación e gradación das influencias do medio natural sobre as sociedades humanas




Figura 2.15. Regiones naturales de España de Dantín Cereceda

2.3.6. Jean Brunhes

Jean Brunhes[70] discípulo de Vidal, é outro dos referentes na obra de Otero. Deste autor temos na biblioteca de Trasalba as obras:*: Géographie Humanie* de 1947 e a *Geografia de la Historia* de 1928 en colaboración co tamén discípulo de Vidal o xeógrafo Camile Vallaux. Para Jean Brunhes o campo da xeografía é a zona de contacto entre a superficie da Terra e a capa inferior da atmosfera. Os feitos que ocorren nesa capa son obxecto da xeografía humana aqueles no que participa o home. E deben estudarse en todas as súas conexións. (Capel. XXX). Para Brunhes, os xeógrafos teñen que estudiar sempre a acción do home sobre a natureza sen separala dea xeografía física.

Otero Pedrayo tamén fai na súa xeografía as investigacións e estudo da xeografía física e nela mergulla os feitos humanos.

2.3.7. Dantín Cereceda

Otero tamén bebe en fontes xeográficas españolas, como a obra de Juan Dantín Cereceda, que se licenciou en Ciencias Naturais na universidade Central de Madrid, 1906. Catedrático de instituto de Historia Natural, Fisioloxía e Hixiene, 1909. E estudiou na sección de Xeografía da Sorbana de París, cos profesores Vidal de La Blanche e Martone. E considerado o introdutor da xeografía rexional en España. Deste autor na biblioteca de Trasalba se atopa o libro de

70 Xeógrafo francés (1869-1930)

(1925): *Distribucion geográfica de la población en Galicia*. Un dos libros máis singulares de Cereceda é o titulado: *Regiones naturales de España*, 1922, que no primeiro tomo, define como elementos constitutivos da rexión natural: *A plástica do relevo do territorio, o clima, a vexetación, a agricultura, a fauna e o home.* E en Galicia nomea as rexións naturais de: as Mariñas, Bergantiños, A Ulla, o Ribeiro, o Bolo, Terras chas de Lugo, a Limia e o Xallas.

Dos conceptos xeográficos de Dantín Cereceda dos que era de seguro coñecedor Otero, pois nos seus libros: *Guía de Galicia* e *Paisajes e Problemas Geográficos de Galicia*, segue algúns postulados de Dantín.

2.3.8. Manuel de Terán

Manuel de Terán Álvarez (1904-1984). Foi o primeiro catedrático de Xeografía da Universidade de Madrid, 1951. Con este xeógrafo colaborou Otero ao escribir o capitulo de Galicia na *Geografia de España e Portugal* dirixida por Terán en 1958. Texto que estudiaremos polo miúdo nesta tese ao falar das obras xeográficas de Otero.

E para rematar este viaxe pola xeografía. Aquí nunha noite tristeira, nunha paisaxe arousá, veño a recordares unhas verbas de Salvador Lorenzana[71] no ano 1976, na homenaxe a Otero Pedrayo feito pola revista Grial no seu numero 52, que nos dan o sentir xeográfico de Don Ramón, e Francisco Fernández del Riego nos di:

> En múltiples ocasións pousou o mestre a súa ollada na Carta Xeométrica de Fontán. Procuraba nela as delicias nervaduras dun val, o perfil harmonioso dun segmento de litoral, os tempos maxestoso do desenvolvemento dunha serra,. Sempre sentiu un afervoado amor as paisaxes sobre das que flúe a historiade Galicia. As diferentes horas do día e o xogo das catro estacións sorprendérono nos panoramas máis opostos da terra galega. Porque don Ramón pensaba que a ciencia xeografica cumpríalle unha intima e liberadora transformación, non tanto nos seus métodos como nos seus anceios. Consideraba, no tempo que realizaba os seus estudios xeográficos, que amplos e xenerosos dos mestres como Ritter, Humboldt, Suess e Ritchofen, deberían ser continuados e superados. Porque el o que tensionaba era o reflexar o rostro da Terra. E, ao seu ver, o que arestora se chamaba xeografía, pulverizada en estatísticas, diminuía en cadros económicos, aluvión impreciso de resultados arrincados á Xeoloxía, á Historia, ás Ciencias da Natureza e do espírito por obra da precipitadas acciones erosivas, estaba moi lonxe de como el interpretaba a facies galega,. Soñaba por iso nunha vivente e coordinada integración doa factores naturais e humáns no fondo dinámico das paisaxes, que proporcionase á Xeografía a dignidade filosófica e o atractivo apaixónate que, a seu entender, merecía.

Penso que ao chegar ás conclusión desta tese, quizás as augas teñan que dar voltas por estes regos. Pois o certo é, que Otero pouco facía con estatísticas e datos económicos. El sempre facía interpretación da facies e paisaxe da Galicia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[71] É o seudónimo de Francisco del Riego

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO III

OS ESTUDIOS SOBRE A XEOGRAFÍA DE OTERO PEDRAYO

3.1. OS XEÓGRAFOS DESPOIS DE OTERO PEDRAYO.

Son varias as homenaxes que recibiu don Ramón, despois do seu pasamento, en eles elaboráronse misceláneas sobre as súas obras. Pero o carácter xeográfico marcárono os profesores dá facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela e os xeógrafos nela formados. Así como doutras universidades españolas. Unha delas é a universidade de Valladolid, que no ano 2017 publicou na revista semestral *Nudos* un número dedicado a Otero. Estes estudos forman o corpus do estado da investigación sobre a xeografía de Otero a data de hoxe.

Imos pois a describir e analizar os estudos sobre a xeografía de Otero realizados por xeógrafos posteriores a el, cabe dicir, que o denominador común de todos eles é que son pequenos anacos sobre a obra de Otero. Todos analizaron un, dous ou tres dos seus ensaios, e as veces extraeron do seu pensamento unha, dúas ou varias das súas ideas. Os primeiros conclúen dunha parte o todo, e os outros duns conceptos illados xustifican conclusións xerais. Pero o máis sobresaínte nalgúns é que xulgan a xeografía de Otero, vidaliana, cos criterios de xeografía cuantitativa e cualitativa ou simplemente coa nova xeografía. Así tamén se extrae xeografía do seu pensamento político. Todo iso é unha visión cativa e parcial. E aínda cando se pretende estudar a totalidade da súa obra para atopar o seu saber xeográfico, atopámonos que é difícil sintetizar a súa obra xeográfica tan espallada no que chamariamos un feixe escritos de xeografía. O carácter disperso en contidos e xéneros que Otero utilizou á hora de escribir como xeógrafo. Ademais imos de ter en conta a non corrección dos seus escritos, e a fuxida de todo tipo de esquematización e clasificacións xerarquizadas, fan que a súa xeografía sexa nunha primeira aproximación unha xeografía observada nos horizontes da terra. Pero naturalmente seguindo os postulados dos seus mestres e xeógrafos do século XIX e principios do XX. Pero, aínda así, podemos afirmar que sen esa Xeografía a totalidade da obra de Otero non sería o que nos chegou ao día de hoxe

Don Ramón ao chegar tarde o ensino universitario da xeografía non foi quen de crear escola. Tan só os xeógrafos galegos: Antón Fraguas Fraguas e Francisco Río Barja lembran a Don Ramón como o seu Mestre. O xeógrafos novos desa época facían unha xeografía chea de gráficas, estatísticas, estudos de campo e natureza, e cotexaban datos con outros profesionais das ciencias sociais. E poucos se dedicaban a estudar as diversas paisaxes de Galicia. Polo demais. Os tempos son chegados de que a Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo teña na terra verdecente un cumprido fin no fogar de Breogán.

Non é lugar para apuntar a obra histórica de Otero, pero como na súa concepción do devir, a xeografía non é sen historia, e a historia sen xeografía non ten un lugar, é necesario ver si esa relación atópase na súa obra, e que outros autores estudaron os textos históricos de Otero e a súa relación coa xeografía de Otero, destacamos ao historiador galego Ramón Villares Paz.

Os autores de estudos de xeografía e historia sobre Ramón Otero Pedrayo, que considero os máis sobresaíntes e que os seus autores mostran un certo e amplo coñecemento da obra de Otero, e que imos analizar son os seguintes:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TÁBOA 3.1. ESTUDIOS SOBRE A XEOGRAFÍA DE OTERO		
AUTOR	TÍTULO	REVISTA/ LIBRO
Antón Fraguas Fraguas	O xeógrafo Don Ramón, o xeógrafo das paisaxes	Dorna, nº 4, 1982 Outeiro, nº 28, 1988
Francisco Xabier Rio Barxa	A personalidade xeográfica de Otero Pedrayo	Libro homenaxe LXX anos do seu nacemento. Galaxia.1958
Augusto Pérez Alberti	A xeografía de Otero Xeografia e conceptos xeográficos en Otero Pedrayo. A paisaxe xeográfica en Otero Pedrayo.	A Nosa Terra, nº extra 1987 Outeiro, nº 28 1988 Raigame, nº 12 2001
Alberto Pazo e Xosé Santos	Xeografia desde Trasalba	Actas simposio Menéndez Pidal/ Otero Pedrayo 1991
Ruben Lois e Juan Manuel Trillo	O fundamento de Galicia como territorio nacional. O labor do Seminario de Estudios Galegos e a figura de Otero Pedrayo	Libro repensar Galicia. As Irmandades da Fala. 2016
Jacobo García Álvarez	Paisaxe, nacionalismo e identidade na Galicia da preguerra. A visión de Otero Pedrayo.	Estudios da Universidade Autónoma de Madrid nº 107, 2006
Julio Fernández Portela	El paisaje de Galicia desde la perspectiva de Otero Pedrayo: la interdisciplinariedad y la influencia del romanticismo	Nudos, xullo-decembro 2017
Ramón Villares Paz	La contribución de Ramón Otero a la historia agraria	Historia Agraria revista de agricultura e historia rural nº 44, 2008

Elaboración propia

3.1.1. Antón Fraguas Fraguas (1982-1988)

Antón Fraguas Fraguas [72] publicou na revista *Dorna*[73] no seu numero 4 en 1982, un artigo titulado. *Don Ramón Otero Pedrayo."O Xeógrafo*".

Comeza o profesor Fraguas coa intención de escribir un pequeno artigo.

> Resalta-la figura de Don Ramón como xeógrafo, como creador de novas visións conceptuais dá Xeografía principalmente no estudo dá paisaxe.

Estas palabras fixéronme reflexionar, pois establecen unha opinión contraria á estendida pretensión de que Otero deixou a xeografía. E ademais establecen unhas premisas importantes: que Otero era xeógrafo, creou conceptos en Xeografía e estudou sobre todo a paisaxe.

Dinos Fraguas, que Otero consideraba os fenómenos atmosféricos: a choiva, a neve, a xeada, o orballo, as nubes ata o vento, teñen unha participación e unhas manifestacións na paisaxe, unhas pasaxeiras e as outras permanentes.

Dinos, que a noite mariñeira coas súas estrelas ordenou os camiños, pero algo lle falta para ser paisaxe.

> Fai falla a presenza dá historia, dá conciencia diante a natureza…

É dicir, a acción do home sobre o territorio.

Unha síntese xeográfica mídese polo conxunto de achegas nun índice de principios básicos observados. E nos transmite máis conceptos de Otero:

[72] Escritor, historiador, antropólogo (1905-1999)

[73] O exemplar consultada atopase na biblioteca xeral da Universidade.

> Ceo aluarado, estrelecido, neboento: o lucir de augas, vento nas polas invisibles, bater de ondas, rencher de áreas baixo vos pes, rexo pisar na roca, neboeira alagando as formas, cantar de paxaros, cheiro dás colleitas, recender de froumas, co tema característico de cada sazón, presencia de obras dos homes, non sospeitar dos treitos, fumes de fogares, recendo de gando…..tantas outras ecuaciós sinxelas, instintivas ou reflexivas, poden ser principio de síntese xeográficas dá paisaxe

É preciso ter sempre en conta a estación do ano, a lúa, as estrelas. Os vellos do lugar saben a hora e o tempo mirando o ceo.

A luz descobre as formas do relevo, posición de agros e grupos de vexetación, soutos, carballeiras, costas, socalcos, outeiros, montes e vales.

> Mais ou luar trunfa nas gándaras, nas penedías, nos outeirales. Niles a contraposición dás sombras e dás rexións alumeadas, sinala na bastedade dos ermos, precisan as formas de erosión, e con vento e soar de augas completan a idea do dinamismo mecánico.

E as noites imaxinan a paisaxe. Esa non é unha visión completa. Enténdense mellor os paisaxes urbanas coa lúa.

> Poderiamos engadir as paisaxes urbanas de noite. Coidamos non ser discutible a aspeito xeografico dás paisaxes urbanas. As vilas son en grande parte fenómenos xeográficos ou na súa materialidade e intención responden ós temas de ambiente e dá paisaxe nas vilas a inspiración humana érguese a un módulo superior dás condicións xeográficas.

En terceiro lugar, hai que considerar a luz e as cores, Sen a luz, *"sen ela calquera idea dá paisaxe ficaría tolleita"*. Nas estacións.

Habemos de dicir que Fraguas ademais de amigo era desde o punto de vista xeográfico discípulo de Otero e a el dedícalle a súa *Xeografía de Galicia* de 1953, no artigo apuntado nos di que Otero creou novos conceptos xeográficos, que tiña en conta na súa xeografía todas as ciencias colaterais, así como a acción do home sobre a natureza. Fraguas dinos que tamén Otero tiña en conta sempre a estación do ano, a luz, as cores, as estrelas. E nas cidades a paisaxe urbana é un fenómeno xeográfico de inspiración humana.

Fraguas ten outro artigo no número 28 dá revista Outeiro[74] (1988), titulado: *Don Ramón*, O *xeógrafo das paisaxes.* No que nos di:

> Don Ramón Otero Pedrayo foi un dos grandes mestres de xeografía que explicou doadamente o concepto de paisaxe xeografico, combinación dos variados fautores do releve, vexetación, crima, traballo humán, fauna e camiños, todo dentro de uns horizontes determinados.

Continúa nomeando a autores como Filgueira Valverde e Xoán Arias que teñen obras sobre Otero e a paisaxe literaria. Tamén nos di que Otero esculca na aparición da paisaxe dos románticos. Acentúa que na obra de Otero: *Paisaxes e Problemas Geograficos de Galicia* hai un capítulo dedicado á paisaxe, e que esa obra é unha das mellores de Otero, Por outro lado fálanos do ensaio: *Encol o elemento animal da paisaxe*. Dinos que Otero publica en 1968 en

[74] O exenplar consultado atopase na biblioteca do Museo do Pobo Galego

los Cuadernos de Estudios Galegos. Tomo XXIII, o estudo titulado: *Paisaxes, formas y ritmos de vida do Ourense decimónonico*. E en 1976 un traballo que é o cumio sobre a paisaxe galego titulado: *Tematica e Estilos del paisaje natural en Galicia"*, Cuad. de E. Gall. Tomo XXX-1976. Sen esquecerse da novela: *Os camiños dá vida*.



CULTURA

O tratamento da paisaxe é unha das facetas menos estudiadas de Don Ramón. O Señor de Trasalba leva sempre a paisaxe ós seus escritos, unha paisaxe real, pero repenicada, como repenicaba calquer lugar coa súa inimitable oratoria.

DON RAMÓN, O XEÓGRAFO DAS PAISAXES

Por ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Don Ramón Otero Pedrayo foi un dos grandes mestres da xeografía que explicou dosadamente o concepto de paisaxe xeográfico, combinación dos verdadeiros feutores do relevo, vexetación, clima, traballo humán, fauna e camiños, todo dentro de uns horizontes determiñados. Con esta liña conceutual poderoos mostrar as caracteristicas do paisaxe de Galicia sinalando as diferencias que existen con outros paises semellantes.

Foi Don Xosé Fernando Filgueira Valverde quen puxo de manifesto o sentimento do paisaxe n os Cancioneiros, escollendo «A paisaxe no Cancioeiro da Vaticana» que publicou no Boletín NOS no ano 1927. É curioso ouservar como o tema do verso de Xoan Airas é o castiñeiro, o Souto de Crecente:

Polo souto de Crecente
unha pastor vi andar
muito alongada de xente,
alçando a voz a cantar

O souto ten un valor grande na paisaxe galego pola hermosura do árbor, o valor da sua madeira e riqueza da castaña como alimento entrando non veu a palaca. Pero hai unha valoración pros namorados que recollece o cantigueiro popular con certa malicia:

Debaixo do castiñeiro
da gusto parrafear
pois ten a folla moi pecha
non deixa entrar o luar.

Forman na mesma teima paisaxistia as aves con seu revoar en busca de refuxo pra descanso e axiña comenzan a rebusca cotián de alimento cando no hourizonte brillaba a forte lumieira do arrolar do sol

E as aves que voaban
quando saia le albor
todas de amores cantaban
pelos ramos de arredor.

Outeiro

Figura 3.1. Revista Outeiro 1988

Fraguas afirma que o home está no centro da teoría da paisaxe de Otero:

> Pero a paisaxe ten un centro: a vida do home, e ahí están a parroquia, núcleo clásico de toda a nosa terra. A parroquia abrangue todos os lugares que dan forma ó conxunto: parroquia ou aldea, termino que moitas vegadas pasa a lugar; aldea debe ser conxunto de lugares, un ou máis, que forman na parroquia, o lugar é o barrio pero non a aldea.

E remata o artigo falando do concepto de horizonte en Otero Pedrayo e di:

> Misterioso horizonte paisaxístico con néboas repousadas trilladas por luces de invernia na serán curta que baixa pra noite decembriña, despedindo raxeiradas que traen as noites de vello fiadeiro, fira, xiada, de campos brancos como de neve. Don Ramón é o gran creador deste novo concepto xeografico.

3.1.2. Francisco Javier Río Barja. (1985)

O artigo titulado: *A personalidade xeográfica de Otero Pedrayo* de Francisco Xavier Río Barja[75], foi publicado por Galaxia en 1958, nun libro homenaxe a Otero nos *LXX anos do seu nacemento*[76].

O profesor e xeógrafo nos conta que, desde a súa mocidade, estudando o bacharelato foi cando caeron nas súas mans os libros do mestre que decidiron a súa vocación xeográfica. A ese contacto intelectual uniuse o coñecemento persoal que lle deu valor e sentido moral ao atopar "*o home mais íntegro dá nosa terra galega".*

Así, o xeógrafo Río Barja dicíanos que en Otero había dúas facetas claramente definidas: a moral e a científica. Iso penetra todas as súas obras. Hai unha gran sinceridade científica e unha orixinalidade na achega xeográfica. E ese aspecto xeográfico foi, senón o único, decisivo na súa vida. Dinos que don Ramón chegou a compenetrarse coa natureza coa mesma forza xeórxica: "*dun rexo castiñeiro dominando a chaira*". E dinos que, sen ser o único campo polo mestre cultivado, si que non hai dúbida que ao longo da súa vida a xeografía foi a súa vocación fundamental. E que ao tratar de desentrañar as directrices xeográficas da achega "*pedraiana*", non é como furgar no fondo o seu bagaxe intelectual, se non na súa mesma personalidade.

[75] Xeógrafo galego (1919-2011)
[76] O orixinal é da Editorial Galaxia, e un exemplar épropiedade do autor da tese

O profesor Río Barja, dinos que a xeografía chegou a ser unha das pólas do seu sistema filosófico. Pois os problemas como nos dicía Ernesto Granger[77] expóñense todos os días, e a todos atínxenos atopar solucións. Así que era tarefa non doada definir, entón, a xeografía.

O profesor móstranos o panorama da xeografía descritiva de Humboldt, a relación dos feitos xeográficos e o espazo, e a Ritter que nos impón un principio de causalidade. A escola alemá co seu sentido amplo e xeneralizado das grandes síntese. A escola francesa que impuxo as individualidades xeográficas como análise previa á síntese final. Fálanos dos "*geofactores"* de Soelch[78], que son *"os* feitos xeográficos" definidos por Brunhes como "*a espresión de forzas que van crecendo e decrecendo sen parar*".

Rio Barja indícanos que estes feitos, Don Ramón; veos como un suceder, que pode valorarse nun lustro, ou mellor na decena como termino máximo. Tamén os relaciona co pasado pois son un feito que se repite orixinando formas novas. Por iso a definición buscada debe ter unhas coordenadas de lugar e tempo.

Por espazo entende, o radio de acción que abarcan os feitos xeográficos, hai que concretalo e delimitalo, observar ata onde chegan, onde os seus caracteres son máis típicos e onde están as súas zonas de transición. Dinos, que este concepto é base da rexión natural, fundada sobre a continuidade e a constancia dos datos xeográficos.

A xeografía abarca o estudo do mundo que habitamos e engloba todas as pólas do saber actual, así entendida é unha ciencia de ten un carácter de aluvión que vulgarmente atribúeselle.

Neste sentido aparece a tese de Otero Pedrayo. "*Todo ou perceptíbel polos sentidos, á luz normal, non tempo histórico, é materia de Xeografía*". O mundo que nos rodea cos seus ritmos, percibidos pola luz normal é tema permanente da xeografía. Mais alá, fórmanse os seus límites extremos, no microscopio e no telescopio pérdense ao mundo xeográfico.

Este mundo das "*radiaciós ópticas visíbeles*" no seu sentido máis amplo, é na tese pedrariana, o campo da xeografía. Por iso debemos evitar a denominación de xeografía humana, que é unha limitación, e debemos recoñecer como o mestre que:

> Toda a materia dá chamada xeografía humana componse de feitos, e busca formas xeográficas. Nun mesmo plano incluímos o delta dun río, a dinámica do mar, a distribución dás aldeas en torno e nos lugares de penetración dunha serra, a emigración dos renos e as proporcións dás zoas ciclónicas e anticiclónicas…. Expresan ou contribúen a expresar vivencias, ou aceno, feitos xeográficos.

Todo aquilo, dinos o profesor, que, en Otero, o que cristaliza en formas entra na área de interese do xeógrafo. A xeografía é unha ciencia das formas. Descubrir esas formas foi a preocupación constante de viaxeiro - xeógrafo. Nisto seguía a Humboldt e ten en Don Ramón quizais ao mellor representante. Ninguén como el soubo descubrir e captar as descricións de cada paisaxe, a forma baixo o imperio da luz, a cor, o son e precisar os seus ritmos e procesos. Tiña unha poderosa sensibilidade estética, pois os seus estudos teñen un gran valor artístico.

Poderiamos dicir que o pobo galego e a paisaxe están intimamente unidos,"*coa súa paisaxe humanizada e a súa ialma chea de paisaxe*", Pódese investigar na alma de cada galego unha gran cantidade de recordos de vivencias xeográficas. Ese sentimento é inseparable e fraternal compañeiro co que se pode establecer un dialogo na intimidade, foi para Don Ramón unha especie de " *alter ego*" e é o eterno acompañante das súas peregrinaxes. Por iso o xeógrafo xorde da súa pluma e do seu pensamento como algo natural e

[77] Político francés (1844-1914)
[78] Xeógrafo austriaco (1883-1951)

profundamente sentido. Este concepto de actividade das formas e os feitos xeográficos é quizais una das máis fecundas achegas á xeografía actual.

O considerar os "*feitos*" como se presentan é pouco para a xeografía e é necesario captar o seu "*decorrer*". E nesta dinámica reside o encanto da nosa ciencia.

O profesor dinos que así entendida a xeografía, o xeógrafo está diante dos fenómenos que teñen o seu ciclo vital, un ritmo, cunhas medidas, un tempo, e descubrir o cando é un dos obxectivos desta ciencia.

> En todo horizonte ou paisaxe, de Otero, flúen, coinciden ou iñoranse tres tempos, sen cáles non existe paisaxe. Tres tempos ou tres medidas do tempo. Un tempo cósmico, planetario, xeolóxico; un tempo vexetativo ou dous ciclos vexetais, de profunda aicion sobre nós; e un tempo histórico, o tempo dás obras humás….Ou intre aitual dá presenza dous tres tempos, un intre único, non repetido, é ou dominio dá Xeografía, é ou feito xeográfico dá fluencia en diverso grao dás tres dimensión do tempo…

A súa vida é unha incesante captura de procesos, que son a guía dos seus traballos. Hai unha maxia na interpretación dos feitos; e cualifica de finísima a pupila de Don Ramón para este exercicio, pois sente a natureza como algo íntimo e sábeo expresar de forma poderosa. Por iso dinos o profesor que a obra de Otero é un continuo brinde de teses doutorais.

Máis que definir a Xeografía Otero que é un mestre de Xeografía. As súas páxinas teñen maxisterio nas aulas e nos libros. Sérvennos de guía para seguir cos problemas que expón. E pon como exemplo o libro: *Paisaxes e problemas xeográficos de Galicia; (1928)*. No problema que máis lle preocupa ao mestre é o estado das comarcas naturais como análise previa a unha xeografía de Galicia.




Figura 3.2. Actas do homenaxe a Otero nos *LXX anos do seu nacemento*.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O estudo da parroquia, neste caso, Trasalba inclúese no libro: *Notas encol dás formas de poboación labrega*. que é orientador de todos os traballos que se tentaron posteriormente en Galicia.

O seu labor de ensino está nos traballos do Seminario de Estudos Galegos cuxas monografías xeográficas teñen o cuño do mestre. E nos estudosos en torno á cátedra de Xeografía da USC.

E remata o profesor Río Barja, queixándose do pouco espazo para dar a idea xusta da obra xeográfica de Otero, pero fai unha homenaxe dun discípulo cara ao seu mestre que estudou a terra galega co nobre exemplo de coñecela máis e así podemos " *amala aínda máis*".

As conclusións deste estudo do profesor Río Barja están impregnadas dunha admiración do discípulo cara ao seu mestre que todo o fixo ben. É un home moral e científico. A súa ciencia foi baseada no estudo dos feitos xeográficos. "*Todo o perceitibele polos sentidos, á luz normal, non tempo histórico, é materia de Xeografía*". Estuda e describe incesantemente os procesos e as paisaxes que orixinan.

3.1.3. Augusto Pérez Alberti (1987, 1988, 2001)

O catedrático de xeografía física da USC Augusto Pérez Alberti[79] publicou en 1987, nun número monográfico da *A Nosa Terra*[80] en homenaxe a Don Ramón Otero Pedrayo, un pequeno artigo titulado: *A xeografía en Otero*.

Dinos que andaba buscando libros e artigos que reflectisen a vida e obra de Otero e neles non atopaba nada sobre a súa xeografía. E tampouco na súa procura das lecturas xeográficas en Trasalba fóra das súas camiñadas e o mapa de Fontán.

Sen embargo partindo da lectura das súas obras xeográficas extrae as ideas que influíron na súa obra literaria. Esas obras son: *Síntese xeográfica de Galicia, Guía de Galicia, Paisajes y Problemas Geográficos de Galicia, Pelerinaxes, Terra de Melide* e a *Historia de Galicia*

O artigo ten tres apartados: Aprendizaxe do entorno. As transcricións paisaxistas e as paisaxes.

A aprendizaxe do entorno

Alberti empeza cunha afirmación dicindo que en Otero a súa obra xeográfica ten unha aprendizaxe directa da contorna. Que só hai breves referencias a científicos que traballen no campo da xeografía, tan só a Humboldt, Ritter e Ritchofen. É a partir de Trasalba onde empeza a analizar a dinámica da paisaxe e a interacción home/terra. No seu libro: *Paisajes y Problemas Geográficos de Galicia,* xa nos fala do que ve desde a solaina do pazo.

É a partir de aí, a súa contorna onde diferencia a bocarribeira da ribeira e a montaña. Coa altitude establece unha sucesión de caracteres. Río, Vilamarin e Madarnás, desde Cea e O Carballino, pero mellor en Ourantes, Trasalba e Untes.

E dinos que Trasalba pertence á zona de transición entre Os Chaos de Amoeiro e a ribeira do Miño e o río Barbantiño. Poucas parroquias son tan claramente de bocarribeira.

Tamén en Trasalba Otero descobre a importancia da interacción rocha/clima. A auga de choiva forma ocos e pequenas covas onde se perfora as rocas e reduce as arestas.

Nos escritos de Otero hai influencia de Ratzel polo seu determinismo xeográfico, e de Vidal de La Blache que nos fala da posibilidade de que o home pode dominar a terra con diferentes xéneros de vida.

USC

[79] Xeógrafo galego, catedrático xubilado da USC
[80] O exemplar consultado é propiedade do autor da tese

Seguindo a Ratzel, Otero fálanos da raza, os celtas, apaixonados por un espírito e sentimento da natureza. O cal, ese espírito segue nas parroquias galegas, a pesar dos centros relixiosos e administrativos.

E dinos o catedrático, que Otero escribía cando estaba a empezar a xeografía para estruturar os diferentes distintos elementos que interveñen na paisaxe. E cre que desde hoxe a visión de Otero pode cualificarse de simple. Hoxe na paisaxe intervén o substrato rochoso, os movementos tectónicos, os cambios climáticos, a acción dos seres vivos, e admítese por algúns xeógrafos que na paisaxe varían coa percepción, a ideoloxía e nivel cultural.

E afirma que é iso o importante de Otero Pedrayo que, sen ter unha formación eminentemente xeográfica, ía máis aló da enumeración dos diferentes aspectos do espazo, analizábaos, pois as paisaxes xurdían dunha loita entre o home coa terra, e esas paisaxes non eran eternas pois cambiaban cos anos, a historia e as estacións.

As transicións paisaxísticas

Otero Pedrayo dábase conta de que en Galicia existe unha diferenciación paisaxística clara. No seu camiñar vía cambios nítidos, pero eran imperceptibles e sen límites precisos. Onde termina a ribeira? Hai unha dificultade nos límites de: ribeira- bocarribeira-montaña.


65

A XEOGRAFIA EN OTERO

AUGUSTO PÉREZ ALBERTI

A NOSA TERRA

Figura 3.3. Revista A Nosa Terra 1987

A paisaxe, as paisaxes galegas, hai que analizalas como cousa inestable, cambiante, hai ciclos, procesos, tendencias da historia, e non é un pano de fondo indiferente. E transcríbenos un parágrafo da *Guía de Galicia*, no que Otero escribe sobre a estética da paisaxe, onde nos di que fai falta un espírito peregrino para sentir e atopar a beleza das paisaxes. E non velos como simple turismo, pois se esixe que hai que velos en todas as estacións do ano.

Así Otero con esas ideas no libro. *Paisajes y problemas geográficos de Galicia*, analiza a paisaxe de bocarribeira que ve desde o lugar de Cima de Vila na parroquia de Trasalba. Alí vese como a bocarribeira é o lugar de contacto entre a ribeira, a súa terra do viño, e a montaña, terra de centeo. É a posición intermedia, entre a horizontalidade da meseta e a verticalidade do val. Fronte a iso. Otero pon o exemplo da montaña no lugar de Santo Domingo.

Pérez Alberti laméntase que Otero non seguiu polos camiños da xeografía. Pois a historia, a literatura, a política tiveron maior atractivo para el. E está seguro de que se houbera afondado na paisaxe coas súas xeniais teorías tería sido un adiantado ao seu tempo. Foi capaz de comprender a terra, observar as diferentes paisaxes, e intuír as súas causas. Pero faltoulle analizar as súas causas, a dialéctica espacial e analizar as diferentes rexións de Galicia. O seu traballo na súa literatura leva o corazón do xeógrafo namorado da súa terra e paisaxes.

Otero ao longo das súas "peregrinaxes" dáse conta da importancia da roca, a altitude, o clima, aprende a diferenciar tipos de chan, a importancia da pendente, a insolación, a auga. Isto mesmo o ve nas súas viaxes en "Castromil". Todo con intuición e lectura, pois os que o coñecían, dinnos que non era home de facer moitas fichas nin sintetizaba os seus traballos. Tiña moita fe na súa cabeza.

As paisaxes

Dinos o catedrático que despois de ler os traballos xeográficos de Otero Pedrayo: *Síntese xeográfica de Galicia 81926). Guía de Galicia (1926), Paisajes y problemas geográficos de Galicia (1928), Pelerinaxes (1929), Terra de Melide (1933) e a Historia de Galiza (1970),* chega á conclusión de que a súa paixón era a descrición da paisaxe. Pois nos di que Otero dicía:

> Pra conseguire unha impresión o mais compreta e vivente posibre dunha terra, non hai millor sistema que escolmar unhas poucas paisaxes xeográficas características

A relación do home coa terra dá como froito a paisaxe oteriana. Contacto directo e constante co medio natural que traslada as súas creacións á paisaxe.

O traballo diario do home, o labrador, aparece condicionado polo medio, a roca granítica e de xistos, a súa erosión proporciona un determinado tratamento arquitectónico da paisaxe.

Pero non só a roca, tamén a abundancia de auga, os cultivos, a altura. O tipo de chan, a cuberta vexetal, debuxan a paisaxe.

En función da unión dos pobos coa paisaxe nace unha clasificación destas ao longo da historia. E Galicia é dos que desde sempre están unidos nunha paisaxe humanizada e a súa alma chea da paisaxe. O home ten unha dependencia da terra, cousa que lembra ás teorías de Ratzel.

E finaliza co parágrafo da *Síntese xeográfica de Galicia* no que Otero identifica o traballo do labrador coa colleita de toda clase de froitos que poida dar a terra, o que impón un xénero de vida que se traduce nunha psicoloxía, non é o mesmo o home da ribeira que o da montaña ou a costa

Lamenta Alberti que Otero non seguise polos camiños da xeografía teórica, aínda que a súa paixón, á que nunca renunciou, foi describir a paisaxe. Augusto Pérez Alberti é o autor que mostra máis a lectura dos escritos de Otero, pero reduce e minimiza o pensamento de Otero, quizais por falta de espazo ou présa de tempo ao facer os artigos, e por iso reduce todo. É o máis rechamante dos seus comentarios deixando todos os demais aspectos xeográficos que examina e describe Otero.

Alberti ten outro artigo publicado en 1988 na revista Outeiro[81] no seu número 28, titulado: *xeografía e conceptos xeográficos en Otero Pedrayo.* O profesor nos di:

> Non é doado falar dunha persoa que xa non está viva e que representaba un xeito de ve-la Xeografía distinta da nosa, cando non era amigo de cita-las súas fontes bibliográficas. Por iso para chegar a coñece-la súa concepción da Xeografía unicamente temos as súas obras que , por certo, concéntranse entre 1926 e 1929.

.

Alberti nomea as seguintes obras de Otero*: Sintese xeografica de Galicia (1926), Guía de Galicia (1926), Notas encol da poboación galega (1927), Paisajes y Problemas*

[81] O orixinal estudiado atopase na biblioteca do Museo do Pobo galego

Geográficos de Galicia (1928) y Pelerinaxes (1929). Se ten que dicir que Otero ten máis obras xeográficas de outras épocas

Tamén dinos que a visión xeográfica de Otero esta en relación con tres correntes de pensamento: a corrente decimonónica representada por Humboldt, a corrente determinista representada por Ratzel e a corrente posibilista representada por Vidal de La Blache. E que todo iso inflúe en Otero. E indícanos que Otero nos describe unha serie de transicións encadeadas na paisaxe galega, a ribeira, a bocarribeira, a montaña e a mariña.

E noutra volta a revista *Reigame* [82]fixo un especial en homenaxe a Otero no ano 2001 no seu número 12, Augusto Pérez Alberti publicou un artigo titulado: *A Paisaxe xeográfica en Otero Pedrayo.*

Alberti dinos ao principio do artigo:

> Non hai na súa obra máis que breves referencias a científicos que traballen no eido da xeografía, enmarcados nunha corrente xeográfica decimonónica, tal é o caso de Humboldt, Ritter ou Richthofen.

No artigo o profesor nos fala das obras de Otero: *Problemas de Xeografía Galega, Paisajes y Problemas Geográficos de Galicia,* Síntese *Xeográfica de Galicia, Pelegrinaxes I,* e *Guía de Galicia.*

E destas danos as características da paisaxe. Montaña, ribeira, bocarribeira e serra. Hai diferencias locais pola altitude, a rocha, a erosión, o clima e as accións antrópicas. Tamén nos di que:

> Cando se len os traballos xeográficos de Otero Pedrayo chegase á conclusión de que a súa paixón era a descrición da paisaxe...
> Hai nos seus escritos influencias dispares: por unha banda daqueles que, como Ratzel, falan dun determinismo xeográfico e, por outro de autores como Vidal de la Blache, que, fronte ao anterior, dan unha maior importancia á "posibilidade" (de aí o posibilismo) de que o home sexa capaz de domiñar a terra e de enxendrar "xéneros de vida". A importancia da raza, como outro elemento ratzeliano, é tido en conta por Otero Pedrayo...
> Desde a perspectiva do novo milenio pódese afirmar que moitas das ideas sobre a paisaxe, dunha enorme intuición, non so están vivas senón que convén retomalas e reforzalas..

Os parágrafos de Alberti ao final do seu artigo dannos a vixencia actual das teses de Otero sobre a paisaxe. Alberti ten máis escritos sobre Otero, pois sen lugar a dubidas é o investigador que mais ten lido a Otero, e que entendeu a evolución do seu pensamento para chegar a súa xeografía.

3.1.4. Alberto Pazo Labrador, e Xosé M. Santos Solla (1991)

Co motivo do simposio Menéndez Pidal / Otero Pedrayo[83] celebrado en Madrid nos días 17, 18 e 19 de novembro de 1991. Os profesores Alberto José Pazo Labrador[84] e Xosé Manuel Santos Solla[85] da USC presentaron un relatorio titulado: "*Xeografía desde Trasalba*".

Nese relatorio os autores realizan unha análise do ser xeográfico de D. Ramón a través dos seus escritos na revista *Nós* recompilados baixo o título: *Problemas xeográficos de*

[82] O exemplar estudiado atopase en Dialnet
[83] Un exemplar das actas deste simposio son propiedade do autor da tese
[84] Catedrático de xeografía UV.
[85] Catedrático de xeografía USC

Galicia. Notas en col dás formas de poboazón labrega. E actualizan a xeografía da parroquia de Trasalba que Otero redactou neses artigos de *Nós.*




Figura 3.4 Actas simposio Menéndez Pidal e Otero

Para os autores no ser xeográfico de Otero Pedrayo. Ten orixe na intuición xeografica, que. unida a unha enorme cultura, se funden na síntese xeográfica ao nivel dunha obra literaria, cunha linguaxe poética. Describía o territorio e facía á súa análise. Para Otero a paisaxe era o aspecto visible, o percibido. Pero ademais de sensación estética a paisaxe é ritmo e tempo. Cada unidade xeográfica ten o seu ritmo. A paisaxe ten o seu tempo, esta humanizado, e no que xoga un papel moi importante a tradición e costumes. Otero toma a parroquia como comunidade tipo e unitaria, e organiza o territorio en rexións organizadas en lugares. Pero as parroquias intégrano todo. Comparan os autores a Otero con Vidal de La Blache, e que a súa finísima descrición chega a unhas conclusións semellantes ás dun posible estudo xeográfico coa axuda dos novos métodos cartográficos e estatísticos. Por iso a Unión Xeográfica Internacional (U.G.I.) elixiu a Otero para responder a un cuestionario acerca do eido rural, por mor do cal xurdiron os artigos de Otero en *Nós.*

Lémbrannos que Otero fixo a xenuína xeografía descritiva da paisaxe, as súas implicacións humanas e a súa impresión estética, pero sen datos económicos e fisiométricos. Non coincido coa totalidade da afirmación anterior, pois noutros textos como a *Guía de Galicia* utiliza Otero datos económicos esbozos e mapas, que xa veremos ao estudala.

Os autores actualizan o estudo da parroquia de Trasalba que Otero fai na revista *Nós* utilizando, os Padróns Municipais, nomenclátores, fotografía aérea, e realizan mapas de curvas de nivel, mapas temáticos e consultan a cartografía existente en 1991.

Establecendo unhas conclusións que nos din, que Trasalba é unha parroquia de bocarribeira típica do interior galego. A poboación tivo unha perda progresiva de habitantes que se recupera na data do estudo. A agricultura é a base económica. E reivindican a necesidade dun estudo sobre a base parroquial de Galicia.

3.1.5. Ruben C. Lois González e Juan M. Trillo Santamaria. (2016).

Con gallo do centenario das Irmandades da Fala, publicáronse as actas do simposio celebrado (2016) en Santiago no libro: *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*.[86] No devandito libro os profesores do departamento de Xeografía da USC: Ruben. C. Lois

[86] O exemplar consultado atopase na biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia

Gonzále[87] e Juan M. Trillo Santamaria[88] publicaron un artigo titulado: *o fundamento de Galicia como territorio nacional. O labor do Seminario de Estudos Galegos e a figura de Otero Pedrayo.*

Os citados profesores parten de Galicia como representada nun mapa. E analizan as propostas seguintes.

> 1. Do labirinto ao mapa: A construción de identidades nacionais a partir de cartografía na época contemporánea.
> 2. O rexurdimento e o sentido da nación: a lingua, o pobo, o territorio.
> 3. A xeografía e o territorio nacional na xeración Nos: construíndo a ciencia dun país.
> 4. A figura central de Otero Pedrayo no discurso territorial e paisaxístico e a paisaxe de Galicia.
> 5. Galicia única, irrepetible nación de seu para Otero e os seus coetáneos.

O resumo que nos fan dos tipos de paisaxes que Otero define están no cadro seguinte:

Forzas	Tempos	Tipo de paisaxe predominante
Cósmicas (xeolóxicas, astronómicas, atmosféricas)	Cósmico, planetario ou xeolóxico	Serra Montañas
Vitais (flora e fauna)	Vital ou vexetativo	Ribeira Bocarribeira Mariña (cidades e vilas)
Humanas	Histórico	

Figura 1. Tipos de paisaxes en Otero Pedrayo.

Figura 3.5. Tipos da paisaxe en Otero (Rubén Lois, Juan M. Trillo)

Os autores conclúen que, todo parte da visión de Galicia que nos dá o mapa de Fontán. E lembran varios estudos que nos levan a atopar nas ideas de Otero o concepto de nación galega. Debo dicir como anotación que, na obra xeográfica de Otero nunca utilizou o concepto de nación galega, os seus conceptos foron: raza, patria e sobre todo terra galega. Pero si debo


[87] Catedrático de xeografía USC
[88] Profesor de xeografía USC

apuntar, que as ideas e os feitos xeográficos por el descritos definen e particularizan o que hoxe chamamos nación galega. Pero díxonos que, por riba de todo estaba o sentimento de sentirse galego. Lémbrannos os profesores, que non se lle pode pedir a Otero unha xeografía cos avances técnicos que ten a xeografía actual. E reivindican a necesidade da análise territorial critica para comprender a nación galega. E neste sentido botan en falta estudos que abarquen a súa obra desde o punto de vista xeográfico. E finalmente nos din que, a USC hoxe en día volveu ao análise, ao estudo e posta en valor do noso territorio, pois sen iso non seremos capaces de forxar unha idea propia de Galicia, tal como tentou facer, desde as súas coordenadas Otero Pedrayo

3.1.6. Jacobo García Álvarez. (2003)

Jacobo García Álvarez é catedrático de Xeografía Humana na Universidade Carlos III de Madrid. Estudou a través de varios artigos a construción xeográfica da identidade galega, e de maneira especial na obra de Otero Pedrayo. En espacial faino no seu artigo titulado*: Paisaxe, nacionalismo e identidade na Galicia de preguerra*. *A visión de Otero Pedrayo*. Publicado en 2006 na colección de estudos da Universidade Autónoma de Madrid no seu número 107[89].

O catedrático percorre varios conceptos e sobre a paisaxe que Otero definiu en todas as súas obras. Mostrando a paisaxe como unha teima principal na vasta e polifacética obra de Otero. Tamén no conta que Otero coa paisaxe fai unha definición xeografica da nación o través dunha pedagoxía das maneiras de coñecer a paisaxe. Sendo unha fonte e expresión da identidade colectiva apoiada na historia.



3

PAISAJE, NACIONALISMO E IDENTIDAD EN LA GALICIA DE PREGUERRA. LA VISIÓN DE OTERO PEDRAYO

Jacobo García Álvarez
Universidad Carlos III de Madrid

Otero Pedrayo y el paisaje de Galicia: un tema principal en una obra vasta y polifacética

En una entrevista efectuada en el invierno de 1975, unos meses antes de morir, el periodista Víctor Freixanes le preguntó a Otero Pedrayo si en su pensamiento no había algo de patriotismo, en el sentido de "vinculación afectiva, física y espiritual con la tierra". Otero le respondió abiertamente que sí, que estaba completamente de acuerdo con ese juicio, y, preguntado de nuevo por Freixanes, trató de explicar esta actitud:

"El amor a la tierra sólo se explica con una vinculación absoluta con ella. Yo siento la llegada del verano, la llegada del invierno, de la primavera, en mi sangre antes que los primeros brotes. Esto me viene de siempre, desde niño, en Trasalba. Me puedo poner triste o alegre con sólo oír las vencejas por la mañana: es algo más fuerte que mi voluntad. Yo puedo llorar delante de la naturaleza. Esto lo saben muy bien los campesinos. Yo me sentí siempre campesino. Es muy posible que esto se note en mi obra, pero creo que no puede ser de otro modo: se tiene que notar. La tierra somos nosotros; vive, crece, desfallece con nosotros, y nosotros con ella. En este sentido, como en muchos otros, mi niñez en Trasalba fue definitiva, fue el con-

Figura 3.6 Revista de Estudios da UAM 107

O autor conclúenos que no plano vital, biográfico, Otero fai referencia central á parroquia de San Pedro de Trasalba, alí aprendeu a lingua materna dos campesiños, as súas actividades e formas de vida, e tamén a linguaxe da natureza e como dixo nalgunha ocasión o da xeografía. No plano ideolóxico, Otero considera a paisaxe do mundo rural como base da identidade galega e a valoración do campesiño como suxeito e depositario dunha cultura nacional propia, o sentimento da terra como clave que explica a forma de ser de todo un pobo. No plano intelectual, ou máis exactamente, estético aparece a compoñente romántica da concepción oteriana da paisaxe, a paisaxe é para Otero, un ser animado reflexo e condicionante da historia humana, como di Otero un devalar.

[89] Orixinal estudiado na biblioteca Xeral da Universidade

3.1.7. Julio Fernández Portela (2017)

A revista *Nudos*[90] de socioloxía, teoría e didáctica da literatura. da universidade de Valladolid na súa edición do segundo semestre de 2017, coordinada por Juan R. Roca se dedica por enteiro a Otero Pedrayo. Colaboran Carlos Baliñas co seu artigo: *don Ramón en el aula.* Juan R. Roca co seu artigo*: Otero Pedrayo en Polos vieiros da saudade: transitando por la sociología de la literatura y por la sociología del conocimiento.* Anabel Paramá Díaz coa aportación de*: La introspección como herramienta para la didáctica de las ciencias en Educación Superior: reflexiones sobre la obra de Otero Pedrayo como ejemplo.* Julio Fernández Portela co pequeno ensaio*: El paisaje de Galicia desde la perspectiva de Otero Pedrayo: la interdisciplinariedad y la influencia del romanticismo.* Patricia Arias Chachero participa co artigo*; Tendencia autobiográfica de Ramón Otero Pedrayo: Eladia Pedrayo Ansoar, madre y modelo literario.* Simone Saibene con unha reportaxe gráfica de Iván Fernández e Iago González participan co traballo: *Sobre los pasos de nós. Una aproximación fílmica a Pelerinaxes de Don Ramón Otero Pedrayo.* Destes artigos, onde todos eles aportan datos sobor a vida de Otero nas aulas da USC, da súa viaxe a Arxentina no ano 1947, a didáctica de Otero, da súa nai, unha película sobor a obra *Pelerinaxes* e por derradeiro un estudo sobor a paisaxe que imos comentar máis polo miúdo.



Figura 3.7. Revista Nudos, homenaxe a Otero

Julio Fernández Portela é profesor da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) no departamento de Xeografía, na facultade de Xeografía e Historia. No artigo citado o seu autor estuda a Otero como un dos personaxes mais representativos do romanticismo e do rexurdimento galego na súa faceta dos estudios da paisaxe. O autor fai unha pequena historia dos estudio da paisaxe polos xeógrafos que naceu con Alexander von Humboldt e Karl Ritter e continúa no século XX cos españois Manuel de Terán e Otero citando tamén a autores posteriores, para finalizar achegándose ao Convenio Europeo da Paisaxe. En Galicia destaca a Otero citando a *Guía de Galicia, o Ensaio histórico sobre a Cultura Galega*; o libro: *Una historia del arte universal.* E o ensaio: *Galicia. Una cultura de occidente.* E o capítulo de *Paisajes y comarcas gallegas.* da *Geografía de España y Portugal*, coordinada por Manuel de Terán (1958). Obra que imos investigar no apartado das xeografías de Otero. O autor fai as seguintes conclusións: que Otero e Galicia son nomes asociados con un potente vinculo. Para Otero a paisaxe ía mais alá da comprensión dos fenómenos xeográficos e incluía outras

[90] Oricinal na Universidade de Valladolid

ciencias como a historia, a economía, a socioloxía, a etnografía e a arte. Ademais Otero utilizaba con frecuencia unha linguaxe poética como persoa afincada no romanticismo, naturalismo e rexurdimento galego. Ideas que se comparten en toda a súa literalidade.

3.2. A CONTRIBUCIÓN DE RAMÓN OTERO PEDRAYO A LA HISTORIA AGRARIA. RAMÓN VILLARES PAZ (2008)

O catedrático de historia contemporánea da USC, Don Ramón Villares Paz[91], publicou na revista: *Historia Agraria, revista de agricultura e historia rural*[92], no seu número 44 de abril do ano 2008 un ensaio titulado: *la contribución de Ramón Otero a la historia agraria*. O ensaio analiza a contribución de Otero Pedrayo á xeografía e historia do mundo rural de Galicia. Pero sobre todo resalta as relacións que Otero plasmaba entre xeografía e historia. Como veremos nas súas obras xeográficas esa relación está sempre presente. E o profesor Villares dános algunhas das claves do xeógrafo Otero Pedrayo, pero sen desligalas da historia, neste caso agraria de Galicia. A primeira a súa formación no instituto e na universidade, así como as súas lecturas de xeógrafos do XIX e autores románticos. A súa dedicación profesional como catedrático de instituto en Xeografía e Historia. O seu compromiso social e político no Seminario de Estudos Galegos, as Irmandades de Fala e o Partido Galegista. A cátedra de Xeografía e Historia na USC, a formación dos seus discípulos: Río Barja e Antón Fraguas. Así como o papel que desenvolven as rexións na formación da entidade nacional dos pobos, no seu caso Galicia.

Para o catedrático Villares a obra de Otero pivota entre:

> La obra de Otero Pedrayo pivota sobre dos aspectos: a) su obra de geógrafo rural, con especial atención a su estudio la aldea rural y sobre el paisaje; b) su obra de historiador, sub specie literaria, de la decadencia o crisis de la sociedad rural tradicional que, posteriormente, se completa con estudios más eruditos sobre aspectos como la desamortización eclesiástica, la institución del foro o la vida cotidiana.

A terra e a paisaxe son os seus temas máis queridos e que sempre desenvolve Otero en todas as súas obras, é un labrego da xeografía, o profesor dinos:

> Cómo puede deducirse de su trayectoria profesional, Otero Pedrayo fue un cultivador sistemático de la geografía, tanto por formación como por vocación personal.

E prosegue máis adiante remarcando o seu carácter de xeógrafo:

> A pesar de esta devoción por la obra de Fontán, el enfoque geográfico de Otero no es el un cartógrafo o un matemático, sino el de un humanista que estudia las formas del paisaje y las percibe sensorialmente", porque en su opinión, "todo lo que es perceptible por los sentidos es materia de la geografía.

E desde esta concepción vidaliana da xeografía é como hai que ler e estudar a súa xeografía.

Segundo o profesor, a obra xeográfica de Otero hai que estudala en dúas etapas:

[91] Catedrático emérito de Historia da USC.
[92] Orixinal na biblioteca Xeral da Universidade

> A obra xeográfica de Otero Pedrayo foi realizada en dúas fases moi distintas da súa vida. A primeira e, desde logo, máis sólida é a escrita na década dos vinte. A segunda, a realizada nos anos cincuenta, é máis descritiva e xeneralista.

É certa esa afirmación do profesor Villares, da primeira época están os artigos e ensaios publicados na revista e a editorial *Nós,* a *Guía de Galicia,* e os estudios do *Seminario de Estudos Galegos*. Nesa etapa Otero escribe en galego. E a partir dos anos cincuenta se publican xeografías xerais e descritivas. E a lingua utilizada é o castelán.

Da formación xeográfica de Otero nos di:

> La formación de Otero Pedrayo como geógrafo comenzó relativamente pronto. Unprofesor de filiación institucionista, Moreno López, ejerció sobre él enorme influencia en sus años de estudiante en el Instituto orensano. Gracias a él se familiarizó con las obras de Elisée Reclus y de Friedrich Ratzel, además de leer con entusiasmo el Tableau de Michelet, antepasado directo de otro autor esencial, el geógrafo finisecular Vidal de La Blache.



La contribución de Ramón Otero Pedrayo a la Historia Agraria

RAMÓN VILLARES

1. INTRODUCCIÓN

Figura 3 8. Revista historia agraria 2008.

E confirma o peso da xeografía francesa en Otero.

> El peso de la ciencia geográfica francesa sobre Otero fue muy fuerte y de ello existen evidencias tanto en sus ensayos o críticas como en sus textos de creación literaria. En su texto geográfico más completo coloca como sus referentes teóricos, además de escritores y viajeros, a Humboldt y a Ritter, a Darwin y a Richtofen, pero a quienes aprecia más como definidores del paisaje geográfico es a Camille Vallaux y a Vidal de La Blache (Otero, 1928: 21-22)

O texto aludido por Villares é de obra *Paisajes y problemas geográficos de Galicia*

E nos marca a posición de Otero nos debates da xeografía francesa: As relacións do factor humano e o medio rural; E o papel de desempeñan as rexións na formación da identidade nacional. En relación o factor humano e o medio, Villares di:

> La posición de Otero en este punto será ciertamente ecléctica, si bien se puede considerar algo más próxima a las tesis de la geografía humana francesa,representada por Vidal, que a las procedentes de la antropogeografía alemana definida porRatzel. Dicho de otro modo, en la opción entre determinismo y posibilismo, Otero optapor el posibilismo a la hora de analizar la dependencia del hombre (o la «raza») respecto del medio natural.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E na influencia do concepto rexión na identidade nacional

> Es aquí donde Otero Pedrayo realiza la fusión de dos conceptos claves: la conversión de la región en una realidad nacional, que es Galicia, y en segundo lugar su descubrimiento a través de su dimensión geográfica, en tanto que territorio o espacio natural sobre el que se asienta la población galaica, de raza celta. . Galicia se convierte así en la Terra por antonomasia, en el referente esencial para la construcción nacional, que tanto Otero como Risco o Castelao invocarán, en tanto que «sentimento da Terra», como un factor identitario en el comportamiento histórico de la población (o «raza») gallega´

O catedrático nos aporta as dúas cousas que o xeógrafo Otero nos deixou á xeografía de hoxe:

> La primera tiene que ver con la fijación de la aldea y/oparroquia como una unidad básica de asentamiento rural y de funcionamiento de la sociedad campesina. El edificio conceptual y teórico sobre el que Otero levantará su idea de Galicia tiene un pilar esencial en la parroquia que, como agrupación de una o más aldeas, se convierte en «la forma [organizativa] natural, espontánea, inmortal, de la población campesina» (Otero, 1928: 107). La segunda idea, más genérica pero igualmente importante para la definición de una identidad gallega, es su descubrimiento del paisaje y sus diferentes unidades morfológicas, como un modo específico de la población gallega de vincularse al territorio sobre el que se asienta.

En relación a paisaxe Villares nos aporta dúas ideas forza da paisaxe oteriano.

> La primera, que pudiera considerarse una adaptación a Galicia de las posiciones vidalianas relativas al conjunto de Francia, sería la defensa de la diversidad paisajística de Galicia dentro de una unidad cultural, que en parte se remite a la «atracción atlántica», una de las fuerzas que «gobernan os procesos e as formas» que adquieren los paisajes…
> La segunda idea básica de Otero, según la cual el paisaje es obra del paso del tiempo, sigue siendo útil. Posición que nos conduce directamente al terreno de la historia. Hay un concepto oteriano muy repetido, que es el de devalar (una adaptación gallega del devenir bergsoniano o del werden alemán), como matriz explicativa de la transformación constante del paisaje.

A conclusión de Villares é a orixinalidade da obra de Otero ao tratar a vida e o mundo rural.

Case todo foi parte das súas vivencias e lembranzas. Terreo fronteirizo entre a xeografía a historia e a antropoloxía. Non seguiu ningunha corrente académica nin escola científica. Esa eterna pregunta de como se producían no devalar as formas e os procesos.

O autor desta tese*: A Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo,* ten unha plena e total

coincidencia co catedrático Ramón Villares Paz, pois xa no terro persoal unha vez me dixo no claustro de facultade de Xeografia e Historia, despois de dicirlle as miñas intencións: *Manuel tes que ler aos irmáns Reclus.* Así foi.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.3. DÚAS VISIÓNS SOBRE A PAISAXE DE OTERO PEDRAYO: MARÍA NIEVES HERRERO PÉREZ (1981) E MARÍA DO CARME RÍOS PANISSE. (1988)

Xa vimos que son poucos os xeógrafos da USC que estudiaron a xeografía de Otero. Asi como por parte dos historiadores. E tamén temos que, poucos son profesionais que se detiveron na súa teoría da paisaxe. Pois son dúas ás visións que atopei sobre a paisaxe de Otero na Universidade de Santiago de Compostela. A primeira é unha memoria de licenciatura do ano 1981 realizada por María Nieves Herrero Pérez, que titulou: *A Teoría da paisaxe en Otero Pedrayo*[93]. Hoxe é profesora de Antropoloxía Social na USC. A memoria foi dirixida por Carlos Baliñas.

O índice desta tesiña xa nos conta o seu contido



Figura 3.9. Actas do simposio internacional Otero Pedrayo no panorama literario do século XX

Introdución
I. Claves para a interpretación da paisaxe en Otero
A xeografía como vocación
O reencontro ca terra
A vivencia da aldea
O romantismo oterián
II. A vivencia da natureza
III. A teoría da paisaxe
A espreita da paisaxe
A doble dimensión
O devalar da paisaxe
As cousas miúdas
Definición da paisaxe
A paisaxe, obra de arte, Os seus factores.
Os tempos da paisaxe, O ritmo como categoría estética fundamental
As composicións da paisaxe galega
IV. Otero Pedrayo e a filosofia de Henri Bergson
Evolución creadora
A intuición como método
Conclusións
Bibliografía.

A tesiña está chea de referencias consultadas entre horizontes dese paisaxe que son as obras xeográficas, paisaxistas e artigos de Otero, coas que Nieves Herrero ven a sistematizar a teoría da paisaxe en Otero. Así nas conclusións nos di:

[93] Orixinal consultada na biblioteca da Facultade de Filosofía de Santiago

> En primeiro lugar consideranos que posee un valor en si mesma como contribución á Estética, e máis en concreto, ao estudio da natureza como obxecto estético, tradicionalmente desatendido por parte desta disciplina.

Sendo tal cousa certa, a teoría da paisaxe de Otero está chea de feitos xeográficos.

E desa visión de observacións dos horizontes que aporta o xeógrafo na redacción definitiva dos factores, os tempos, os ritmos e das composicións: mariña, ribeira, bocarribeira, montaña e serra.

Tamén a profesora Nieves Herrero considera a teoría da paisaxe de Otero como orixinal. Pois tódolos sentidos participan na descuberta dos elementos da paisaxe, a maioría ocultos e imperceptibles. Cousa certa, mais sempre son ven definidos e non están na néboa para o xeógrafo.

> A teoría da paisaxe de Otero Pedrayo debe ser considerada desde claves fundamentalmente biográficas, esto é desde o home que a fórmula. Ela é produto á vez dos coñecementos dun xeógrafo, da sensibilidade dun artista e da fonda identificacións dun home coa natureza e coa súa terra

Toda a obra de Otero ten en orixe un gran compoñente biográfico, mais sempre como punto de partida, pois el vai máis alá dese escenario para chegar a unhas conclusións nuns casos científicas, noutros históricas ou ben literarias.

Sen embargo, penso que a maior aportación desta tesiña é a relación que establece entre a obra de Otero e o filosofo Henri Bergson, coa evolución creadora e o transcorrer do tempo nas cousas e a utilización da intuición como método de estudo. Temos que dicir que na biblioteca de Trasalba hai catro libros deste filosofo.

O outro estudio non xeográfico sobre a paisaxe de Otero Pedrayo, é o realizado pola filóloga e profesora M.ª do Carmen Ríos Panisse, co título: *A visión dá paisaxe en Otero Pedrayo*, e publicado nas actas do simposio internacional: *Otero Pedrayo non panorama literario do século XX*[94] celebrado en Santiago de Compostela en 1988, publicadas polo Consello da Cultura Galega en 1990.

A autora dinos que, ao non ter os coñecementos técnicos dun xeógrafo, vai a partir das teorías xeográficas para mostrarnos a paisaxe literaria de Otero. E dinos que, Otero parte dunha filosofía da paisaxe con bases no romanticismo e no historicismo. A raza celta e o seu camiño en Europa. Pero é necesario entender o concepto decorrer ou devalar, que é a forma como proceso e memoria. A paisaxe ten factores: a auga, a pedra, o ceo como luz e escuridade, o horizonte, o son, a vida: vexetación e animais. Hai procesos da paisaxe con tempos e ritmos. As formas da paisaxe son: mariña, ribeira, bocarribeira, montaña e serra.

E finalmente analízanos as novelas: *Pantelas, home libre*, *o Pazo dás cinco Chagas* e o *desengano do pioirio*, Pero dinos que é a novela *Devalar* a mellor obra para entender a paisaxe en Otero. Esta opinión parte dos estudios filolóxicos das súas novelas.

Pero como xa vimos na morea de ensaios de Otero sobre a paisaxe estudiados nesta tese a compresión total da paisaxe en Otero está neses mesmos ensaios, anque a súa teoría é unha ollada dun xeógrafo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[94] Orixinal atopase na hemeroteca do Consello da Cultura Galega

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO IV

OS ESCRITOS XEOGRÁFICOS DE RAMÓN OTERO PEDRAYO

4.1. AS OBRAS XEOGRÁFICAS DE OTERO PEDRAYO

É difícil recoller neste capítulo todo o que se chamou, e hoxe chámanse escritos xeográficos, en relación á obra de Otero, por iso, o primeiro que debemos definir e desentrañar é o seu contido para seleccionar a xeografía escrita polo mestre. A xeografía da súa época era case exclusivamente descritiva, e Otero fixo prioritariamente dos ensaios teóricos a forma que utilizou para presentar as súas ideas xeográficas, pois permitiulle unha liberdade na expresión do que sentía, vía e mirou. Ao penetrar nestes ensaios vou realizar unha recensión comentada e introducirei sempre que sexa posible, cartografía da época e imaxes dos fenómenos descritos. Iso co fin de dar visibilidade e imaxe á súa xeografía. Tamén Otero na súa época, e a partires dos anos cincuenta e sendo catedrático na USC, fixo colaboracións en xeografías de carácter rexional que teñen algún apartado sobre Galicia da súa autoría. Logo habemos de dicir, que a análise da obra xeográfica de Otero, debe facerse de maneira diacrónica, pois a concatenación
de ideas e conceptos é vital no coñecer e analizar o seu pensamento, ademais tentaremos encontrar unha posible evolución dos seus conceptos xeográficos, que de seguro polo estudo e da súa investigación sufriron novos achados.

Habemos de cinguirnos nesta tese ás obras xeográficas de Otero que resultan máis salientables e aquelas das que se conseguiu unha edición ou copia escrita.

Aquí a pregunta clave é cales e cantas son as obras xeográficas de Otero. Ten en primeiro lugar unha resposta teórica despois de mergullar nas súas obras e no seu arquivo persoal da súa correspondencia, así como na que recibiu dos seus amigos e coetáneos. E iso require unha investigación que pola súa profundidade e extensión non cabe nesta tese. Aínda así nunha carta que Otero escribiu o 2 de decembro de 1942 ao seu amigo Sebastián Martínez-Risco, falando sobre a súa biografía de D. Marcelo Macías; Otero envíalle unha listaxe das súas obras para publicar acompañando dita biografía, esa listaxe é cronolóxica e vai desde 1925 a 1941, só son vinte cinco obras e delas sete de xeografía, que son:

> Guía de Galicia. Espasa -Calpe, 1926.
> Síntesis de xeografica da Galiza. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, 1926
> Problemas de Geografia Galega. Publicada polo Seminario de Estudios Galegos, 1927.
> Problemas y paisajes geográficos de Galicia. Compañía Ibero-Americana de Publicaciones, Madrid 1828.
> Treinta y tres lecciones de Geografia General. Ed, Nos 1929
> Pelerinaxes I. Itinerario de Ourense ao San Andrés de Teixido. Nós 1929.
> Lecciones de Geografia e Historia. Primer Curso-Quinto Curso. La industrial. Orense 1936.

É a listaxe que fai Otero o 2 de decembro de 1942. Destas sete obras de xeografía imos estudiar 6 no apartado de obras xeográficas e as leccións de xeografía serán estudadas no apartado que dedicaremos a ensinanza de xeografía. Cabe preguntarse porqué Otero non fai referencias a os ensaios xeográficos publicados na revista *Nós*. Quizais el fixo unha selección

dos libros en sentido estrito, que ata entón publicou por separado. E consideraba os ensaios cousa máis teórica e de pouco interese divulgativo. Sexa o que sexa, podemos dicir que Otero separa os ensaios dos libros.

Pero, xa que logo, nesta investigación as obras que consideramos dun xeito máis xeográfico, ou que poden clasificarse como xeográficas son as que estudaremos e a continuación podemos resumilas na táboa seguinte:

TABOA 4.1. ESCRITOS XEOGRÁFICOS DE OTERO		
OBRAS XEOGRAFICAS DE RAMÓN OTERO PEDRAYO		
ANO	TITULO	EDICIÓRIAL
1922	ENCOL DA ALDEIA	Revista Nós
1926	ENCOL DA MORFOLOXÍA DAS VILAS GALEGAS	Revista Nós
1926	ENCOL DOS ESTUDOS MODERNOS DE ANTROPOXEOGRAFÍA	Revista Nós
1926	SINTESE XEOGRÁFICA DE GALICIA	Seminario de Estudios Galegos
1926	GUIA DE GALICIA	Espasa - Calpe
1927-1928	PROBLEMAS DE XEOGRAFÍA GALEGA. NOTAS EN COL DAS FORMAS DE POBOAZÓN LABREGA	Revista Nós
1928	PAISAJES Y PROBLEMAS GEOGRÁFICOS DE GALICIA	Biblioteca de Estudios Gallegos
1929	XEOGRAFÍA, ECONOMÍA	Xornal El Pueblo Gallego de Vigo
1929	PELERINAXES I	Nós Publicacións Galegas
1929	GALICIA. GEOGRAFIA UNIVERSAL. DESCRIPCIÓN MODERNA DEL MUNDO (1ª edición)	Instituto Gallach
1933	TERRA DE MELIDE (Coordinación)	Seminario de Estudios Galegos
1950	REPASO A LA GEOGRAFÍA GALLEGA	Revista Mundo Hispánico
1951	LAS CIUDADES GALLEGAS	Ediciones Galicia Centro Gallego de Buenos Aires
1952	GEOGRAFIA UNIVERSAL. NUEVO ENFOQUE DE LA CIENCIA GEOGRÁFICA. (2ª edición)	Instituto Gallach
1955	GEOGRAFÍA DE ESPAÑA. POTENCIA Y PRESENCIA DEL SUELO DEL PUEBLO ESPAÑOL	Instituto Gallach
1958	CAPITULOS I E II DO TOMO IV-I, DA XEOGRAFIA DE ESPAÑA E PORTUGAL DE MANUEL TERÁN	Montaner e Simón
1963	GEOGRAFIA, CAPITULO I DA HISTORIA DE GALICIA	Ediciones Galicia
1971-1972	GUIAS TURISTICAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Y ORENSE	Editorial Noguer e editorial Everest
1977	OS RÍOS GALEGOS	Ediciones Cástrelos

Elaboración propia

Estas dezanove obras clasificadas dun xeito cronolóxico recollen os ensaios artigos publicados na revista Nós, no Seminario de Estudios Galegos, no xornal El Pueblo Gallego de Vigo, na revista Mundo Hispánico, na Guía de Galicia da que estudiaremos varias edicións, nas obras publicadas no Instituto Gallach de Barcelona, na editorial Montaner e Simón, na da editorial Everest, a editorial Noguer, as obras publicadas en América, e na editorial Castrelos.

A pregunta que nos faciamos queda con axeitada resposta, aínda que todos os xéneros literarios nos que se mergullou Otero presentan elementos do seus coñecementos, carácter e profesión de xeógrafo, cousa que é unha das previas hipóteses desta tese.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1.1 Encol da adeia (1922)

Este é o primeiro ensaio xeográfico publicado na revista *Nós*, e que leva o titulo: *Encol da aldeia*[95], e que escribe Otero sendo catedrático de Xeografía e Historia no instituto de Ourense, foi publicado no número 14 do 1 de decembro de 1922.

Temos que preguntarnos porqué lle dá Otero esta primeira posición no seu pensamento ao tema de aldea galega. Era o que estaba estudando en aqueles días?. Foi por ter vivido desde neno nos días de vacacións na pequena aldea de Cima de Vila da parroquia de San Pedro de Trasalba no concello ourensán de Amoeiro? Alí encontrou, e así nolo conta na súa novela *Adolescencia* de 1944 que ten un marcado carácter biográfico, as esencias e vivencias máis fermosas da súa vida. Sexa o que sexa, a aldea, a *aldeia* como el dicía, é unha das teimas e dos eixes prioritarios da investigación xeográfica que Otero fai na Terra de Galicia.


nós

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGAO DA SOCIEDADE "NOS"

ENCOL DA ALDEIA

Figura 4.1. Revista Nós, 1 de decembro de 1922

Pois ben, este pequeno ensaio[96] comeza facendo unha mención as súas viaxes a tres cidades españolas: Toledo, Sevilla e Santiago de Compostela. E conta a súa costume ao chegar por primeira vez a unha cidade. Respecto disto dinos, que o primeiro a facer é buscar unha torre alta para ver dunha soa mirada como está posta a cidade, e senón hai torre propón buscar un tellado co que dominar a vista sobre o horizonte. É unha idea de profunda esencia do xeógrafo, que si non pode ver o territorio no horizonte non realizará a análise correcta. Pois así dunha ollada pódese coller como está posta a cidade no campo. E así, fai a comparanza desas tres cidades.

Continúa con conceptos sobre a estética da terra galega. E nos di:

> Aquí podémonos imaxinar un comezo de estética dá paisaxe e da arte e vida galegas, a terra e a vida naturalmente fundidas.
> Sobre esto do paisaxe de Galicia dicense moitas cousas, ou falsas ou tan vagas e pouco xustas que convén poñelo no seu verdadeiro carácter.

A terra e a vida, o lugar, o territorio, as xentes e as súas costumes. Isto é xeografía, e ademais moi actual, quizais, diría máis que do século no que escribiu Otero, pois encerra un principio de globalidade e estética. Iso Otero enfróntao ás versións de aqueles días de Galicia:

> Dicense por un lado: paisaxe saúdosa, doce, mimosa, verdecente, moi propicia para o doce ensoño, algo oriental e preguizosa. Está ben, mais non é toda a verdade. Hai nas terras atlánticas e cantábricas moitas paisaxes verdes que

[95] O texto utilizado na Biblioteca Dixital de Galicia. (Galiciana)

[96] Ao facer referencias textuais nesta tese dos escritos de Otero, imos respectar a súa grafía orixinal cando a mesma non impida a correcta interpretación do texto, no senso contrario, farase unha normativización o máis axeitada posible co sentido xeográfico de cada texto.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

> non teñen nada de aires co chan galego Outros falan dun país montañoso e rudo; moitos distes afeitos a consideraren as chairas como as llanuras coma o chan exclusivamente agrícola, as montañas como fondo dás tonadas pastorís, ou coveiro dos lobos.

Esa é unha visión para el incompleta, pois as montañas galegas non son as cántabras nin os Cárpatos. E de seguido di:

> Pra min a carácter primordial da Galiza está na forma de seu modelado, o cal depende da roca fundamental: o granito (...)
> Tamén hai unha estética da Xeoloxía. Neste sentido, o noso é un belísimo macizo granítico traballado polo traballo secular das augas. En calquer costa, na ladeira dun val, coma no perfil das lonxanas liñas que fechan os horizontes, síntese esta forma suave, de ampla curva maternal, coma de seio ou cadeira. A topografía particular dos vellos países graníticos atópase claramente representada na Galiza (....). Os nosos montes non teñen o seu curuto en corno, en cuchilla, en dente nin pirámide. Vede os seus nomes: meda, coto, rodeiro, pena; teñen a forma dos grandes outeiros ou penedos (ovoideos, copulares) chamados inocentemente na Guía Baedeker *bloques erráticos*. como si foran nados no mesmo sitio onde envellecen nobremente (...) As montañas chegan ó mesmo mar afondando as súas faldras no Atlántico e baixan hastra a propia corrente das augas.

Son as formas e os ritmos de cada época, o resultado do modelado xeolóxico e climático, das augas que en conxunto crean unha topografía singular no granito e nas pizarras.

A continuación, o mestre, dános unha clase de xeoloxía explicando as etapas e fases da descomposición do granito e o traballo que realizan os ríos sobre a súa canle granítica. Así como as consecuencias do traballo do home na roca granítica.

> Tedes por exemplos lendarios os mosteiros, o santuario de San Pedro de Rocas.

Continúa describindo a costa cantábrica dende o Golfo de Biscaia a Galicia, coas súas naturais diferenzas entre as súas formacións montañosas. Fai unha descrición da paisaxe de Castela e Andalucía resaltando as diferenzas das súas horas de sol e a intensidade da súa luz. E laméntase:

> E que tarde chegaron os nosos poetas a sentir en certa maneira a lírica da paisaxe.

Eles os poetas falan de árbores, flores e de prados, que se poden colocar nas ribeiras de calquera río. Só cita a Pondal que "*sentiu ou bico dá Terra".*

Dinos que no deseño da portada da revista Nós, Castelao plasmou o símbolo do pan e do viño e que esa imaxe "*merecería ser esculpida no Pórtico dá Gloria*". Pois:

> O pan e o viño dividen en mil anacos o carácter xeográfico e humano do chan galego (…) Para nós o pan é de centeo e o viño dá cepa vella.

Aquí Otero introduce como en moitas ocasións certa lírica e romanticismo na súa descrición xeográfica, pois estuda a vida do labrego desde o punto de vista dos seus cultivos que dan orixe ao pan e ao viño. Isto é, xeografía vidaliana; e o que hoxe denominase

bioxeografía e xeografía social e económica. A xeografía do pan e o viño veñen a dividir o carácter xeográfico do chan galego. O centeo compárao coas calamidades que o labrador sofre no inverno entre a neve e as choivas. Era o recurso de entón.

> Antes vivíase de pan, castañas e viño. As castañas e o pan caracterizan os chans graníticos, abertos, de inverno duro.

Diferenza o cultivo do pan centeo e do viño polos territorios onde se cultivan, un require das leis atmosféricas e outro ten leis inamovibles.

> O pan e o viño dividen en mil anacos o carácter xeográfico e humano do chan galego, non separados, senón penetrándose e dividíndose en complicadas figuras.

Segue analizando o carácter e filosofía de vida do home da ribeira e da montaña, un é escéptico, irónico e falador, o outro cre en leis eternas e na sabedoría dos vellos, pois ata na música das súas festas hai diferenzas.

Na súa época, 1922, xa nos fala do compoñente vexetal e xa nos introduce no eucalipto:

> Nestes tempos, o tapiz vexetal de Galicia transformase moito: o castiñeiro morre, en moitas terras so queda a súa lembranza. O eucalipto, que forma bosques enteiros, e tamén unha árbore non mundial; ven doutro hemisferio, acadou aquí bravemente.

Aquí sempre se plantaban maceiras, laranxeiras, cerdeiras, nogueiras e toda clase de árbores froiteiras de óso e pebida. E dinos que hai que traer árbores de Canadá, Estados Unidos: araucarias, coníferas, e árbores de Xapón.

> Mais por Deus non plantedes nin acacias de bóla nin palmeiras.

Un por ser árbore municipal de baixo orzamento e que entristece, e as palmeiras que son un teito pintado de verde.

Ata aquí escribiu da terra e comeza a estudar aos homes ao través de escoller unha aldea no mapa de Fontán que ten por topónimo o de Eirexa.

> Os homes xúntanse en aldeas, en vilas, en cidades, e a diferenza entre a aldea e a vila é un traballo sumamente difícil.

E dános algunhas características: a vila ten aspecto urbano que non ten a aldea, tamén ten certa ordenación, e case ironicamente afirma que en canto aparecen as beirarrúas e as acacias de bóla, xa temos unha vila. Na vila viven señoritos e comerciantes, e clasifica as aldeas en:

- Antigas
- Montañesas
- De augas
- De comercio
- De señorío
- As naturalmente formadas
- As feitas por caciques
- As que viven do reflexo da cidade

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- As formadas por conxunción doutras
- As de orixe nunhas ruínas
- As que ven pasar o tren
- As da ribeira do mar
- As que teñen peiraos

E dinos que podería seguirse cunha variedade infinita. E destaca que, nos últimos anos, estamos en 1922, está a nacer unha forma de aldea que chama "*itineraria*", porque as casas se suceden ao longo dunha estrada. E conclúe, con que as vilas teñen algo dominador diferente da torre parroquial: *o concello*. Isto é xeografía urbana, pódese estar ou non de acordo coa súa análise. Pero el fai clasificación de feitos xeográficos observados na paisaxe.

Despois, e "*groso-modo*" estuda unha aldea da súa terra.

> Non digo dá miña provincia por que isto dás provincias, aínda que se atope moi arraigado, debe desaparecer porque non ten fundamento ningún.

A unidade de Galicia perdeuse coa división provincial de 1833, que terminou formalmente co que se chamou o Reino de Galicia. E que para Otero tiña a súa imaxe no mapa de Fontán. Tendo diante o mapa de Fontán elixe un lugar: "*Eirexa*" e avísanos que vai a estudar sobre a maneira de ser dos homes e da terra froito da súa observación. Así seguirá o ton desta tese: *A xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedraio*. Don Ramón Otero Pedrayo era xeógrafo e fixo xeografía.

Dinos que a unidade vital galega é a parroquia e e cita a: "*Rodrigo Sanz, Vilar Ponte, Risco, etc.*", e afirma que a parroquia da cal vai escribir é un país de transición entre a montaña e a ribeira. Claramente é a parroquia de san Pedro de Trasalba.

> É o que chamamos unha bocarribeira, con amplos horizontes cinguidos polo cerco afastado de altas montañas, con costas que baixan cara a ribeira do Miño.

A noción de bocarribeira é introducida aquí por Otero por primeira vez nos seus escritos. En textos posteriores definirá con maior detalle este concepto. Nese lugar mestúranse terras de pan e de viño, toxales, piñeirais, carballeiras, e salgueiros nos regachos. En terreos abrigados do Norte e das xeadas é cultivada a vide. O chan é escaso de pouca profundidade. O gran inimigo é a seca. Si non chove pérdense as colleitas de millo, patacas, centeo, liño e a herba seca. A rega faise a base de pozos que extraen a auga con cegoñal. É difícil manter o gando, hai poucas herbas e sen apenas montes de man común, que son secos e cheos de pedra. Outro gran traballo é moer a fariña, pois os muíños están lonxe. A poboación do lugar está en sete ou nove lugares de corenta, de quince e algún con dous veciños. E hai lugares arruinados onde as cepas se secaron. Alí hai edificios artísticos e casas de labranza en ruínas. E fai unha afirmación propia daquel que ten a súa alma na terra:

> A min, as ruínas dás casas labregas: unha pedra de lareira, un cortello esborrallado, a pedra furada de lareira, parécenme tan respectables coma as ruínas dun mosteiro.

No campo traballan todos os membros das familias. E divide aos habitantes da parroquia en dous grupos xeográficos pola situación e a forma de levar o traballo do campo e ata pola forma de ser: os das campas de arriba, e os das campas de abaixo. E case sempre a igrexa está no límite das terras do pan e do viño. O viño se cultiva nas ribeiras e o pan nas altas ladeiras.

Os de arriba teñen aos de abaixo por menos abertos, murmuradores, disimulados e raposos. O mestre infire que pode ser polos amplos horizontes. E afirma que no traballo diferéncianse en que os de abaixo levan pesos e cargas por onde non poden andar os carros. Teñen millo de rega e o seu orgullo é ser homes da ribeira.

Despois fai un lixeiro estudo de xeografía humana sobre os homes destes lugares. Dinos que a parroquia non é cabeza de municipio, a súa existencia política está subordinada, domina o individualismo: "*Ou que fai ben ó común, non serve a ningún*", óese en todas as bocas. Hai un pedáneo, non se sabe quen, pero manda. O paisano ten un sentimento de terra, virán outros, non se quere desprender dos seus campos. A situación agrávase coas malas comunicacións e non ter interese en crear industrias agrarias. O interesante ao estudar o grupo social é o desenvolvemento individual entre o colectivo. Quizais sexa pola raza, a dispersión e o illamento. Pero reúnense en feiras e labores como a sega, a vendima e outras. O paisano fala sempre, discute, ten un saber moi particular: o procedemento dos círculos concéntricos. Apréciase a iniciativa individual. De aquí xorde o folclore que é a mellor canteira para coñecer a alma galega. Consecuencia diso é o afán de notoriedade e lucirse nas reunións dos fregueses tanto os homes como as mulleres. Hai pois, unha cantidade de personalidades representativas da cepa paisana. Pero aquí xorde a caricatura: é o profeta, as prosas, de primavera; etc.

Pero entre a lenda e a ciencia case sempre é posta diante á primeira. *"Os contos*" pasan moitas veces a ser realidade. Pero os libros teñen un gran prestixio, por iso o paisano busca e trata a médicos, avogados, sacerdotes e boticarios.

A continuación, fai unha afirmación do sentimento da natureza do galego:

> O galego ten un sentido dá vida animada do planeta, un sentido mitolóxico e vital oposto á concepción semita do home central de España.

E que é un dos principais elementos do seu folclore.

Na arte o paisano é barroco e impresionista que prefire a cor á liña, a escultura e arquitectura é pintoresca. O tipo de casa é fidalga nas súas infinitas modalidades segundo e maneira de cada terra, que necesita protección e defensa, pois vai entrando no campo un xénero de construción incomodo, fachendoso e feo. As hedras comen as ruínas dos pazos. Todo o invade o cemento que é un material innobre.

A vida de familia é da aldea, desenvolvida nas operacións agrícolas. Pero esa vida de sociedade está moi necesitada de que os elementos galeguistas fagan unha campaña de melloras. Eles poderían facer unha boa semente e deste xeito romper a opinión tímida, covarde e imprecisa que ten que ser a forza e centro da Galicia futura.

Dinos finalmente que podería desenvolver máis aspectos da aldea. Pero a relixión é un tema delicado. O paisano ten un concepto politeísta da natureza, a súa devoción ten fins concretos e inmediatos e non chega á concepción da esencia da doutrina católica.

E remata:

> Cómpre de que todos se afagan a pensar só no cultivo dá xente do campo está a formación dunha Galicia como desexamos todos os verdadeiros fillos dela. A vida escasa, recollida, imperfecta dás aldeas, está necesitada dun amoroso coidado, dunha longa melloración chea para nós de sacrificios e desesperanzas, mais que un deber para nós.
>
> RAMON OTERO PEDRAYO

USC UNIVERSIDADE

A xeografía que Otero desenvolve neste ensaio: *Encol dá aldeia (1922*) na revista *Nós* , no número 14 é ao noso xuízo unha indagación e reflexión sobre a esencia da aldea e os seus

habitantes chegando á conclusión que é necesario mellorar a súa vida para elevar a Galicia. Pero, sobre todo, hai un espírito observador da realidade do territorio que vive e no cal busca as causas das formas e os ritmos. Hai conceptos xeográficos: urbanos, estéticos, xeolóxicos, xeomorfológicos, oroxénicos, bioxeográficos, humanos, sociais, urbanísticos, estuda unha parroquia, posiblemente é Trasalba; dános o termino bocarribeira; fai xeografía rural: o campo e o gando, tipoloxías de vida e homes; arquitectura, arte.

Está visión ten certos elementos románticos, propios do vivir na aldea nos séculos XIX y principios do XX, moi influída polas tarefas agrícolas que se facían de sempre nas propiedades da familia de Otero, pois pódese dicir que Otero era labrego pois dirixía os cultivos da casa, as viñas, os montes, as eiras, os chaos, a sementeira, a vendima. E a venda deses produtos. Sen embargo, ía máis ala, quería mellorar esa vida chea de sacrificios e desesperanzas.

Faise notar que os elementos xeográficos da aldea galega en aqueles tempos e que reflicte Otero neste ensaio están estruturados como xa vimos no estudio da terra,




Figura 4.2. Mapa I.E.T. Xunta de Galicia. !/5.000, concello de Amoeiro

Vemos no mapa a escala 1/5.000 do Instituto de Estudios do Territorio da Xunta de Galicia, correspondente o concello da Amoeiro, a situación da parroquia de San Pedro de Trasalba, lugar dende o que Otero observa a paisaxe, e o seu horizonte, e a vida da aldea de Cima de Vila, desde alí nos transmitiu o seu saber xeográfico e paisaxístico. Lugar que serve de escenario do ensaio *encol da aldeia*. Desde Trasalba se fai *a Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1.2. Encol da morfoloxía das vilas galegas (1926)

Un dos artigos xeográficos e sobre xeografía urbana é o titulado: *Encol da Morfoloxía das Vilas Galegas*[97], publicado na revista *Nós* no número 25 de xaneiro do ano 1926. Nel clasifica Otero en cinco tipos as clases de rúas dunha cidade.

É un pequeno artigo que principia coa aclaración da necesidade de coñecer o estado da morfoloxía das vilas galegas pola alta significación dos feitos antropo-xeográficos na historia, economía, e psicoloxía da Terra. Pero é tarefa difícil polo crecemento das vilas e o nacemento complexos de agro e a vila. É complicado por non observase na vila como na aldea a relación co medio xeográfico. Os tipos dominantes na aldea: casa, agrupación. forma, crecemento etc., son malos para estudar nas vilas. É pois, necesario buscar na xeografía histórica os desenvolvementos evolutivos. Así pódese realizar unha cartografía onde aparezan: os materiais de construción, os edificios públicos, os de servizos e os espazos abertos. Serán rúas por razóns e necesidades do día, outras por acomodarse á vida presente, outras quedan mortas.


Encol da Morfoloxía das Vilas Galegas

Figura 4.3. Revista Nós, 25 de xaneiro de 1926

Si miramos a Ourense teremos polo menos cinco categorías:

1.As impostas polo terreo, polo río, a ponte.
2.As de determinadas necesidades espirituais e cidadás. Á catedral, as que buscan unha praza.
3.As impostas polo comercio local, que creou as máis importantes. Rúas cara á estación, Seminario, Liceo, urbanización de antigos camiños polo crecemento de establecementos.
4.As rúas xeométricas dos novos barrios.
5.As realizadas con finalidade estética ou hixiénica.

Polo estado das rúas pódese chegar ao tema esencial da súa razón de vivir, o xerme primixenio. Aquí non hai unha lei universal e constante, nin unha fixación dos límites da cidade, que sempre ven a posteriori.

Un estudo da morfoloxía das vilas é suxestivo. Non fun quen de atopar unha clasificación semellante. É un artigo de pura investigación dun feito xeográfico no devalar histórico das vilas. Podemos sintetizar que a historia é o eixe desta clasificación. O terreo manda. Se impoñen necesidades varias. As novas tendencias á xeometría nas rúas. e a hixiene. E Otero remata o artigo e di:

> Sobre todo na nosa terra na que baixo os ollos temos tan diferentes maneiras de creación das vilas. Por conxugación: Arousa. Por desenvolvemento: atributivo da vida de relación: Monforte. E mil crases doutro xeito. Cando uniramos as augas dun rio facendo un suco no monte pensamos que se vai

97 Encol da Morfoloxía das Vilas Galegas. O texto utilizado en biblioteca dixital de Galicia. (Galiciana)

> criando un val. Tamén asistimos a creación de vilas por un camiño, unha fábrica, un balneario, unha estación, un porto. Noutro tempo podemos maxinarnos como se fixeron arredor dun mosteiro, dunha barca, hasta dun muiño ou dun mesón.
>
> RAMÓN OTERO

4.1.3. Encol dos estudos modernos de antropoxeografía (1926)

No número 27 de marzo de 1926 da revista *Nós* publícase o artigo titulado: *Encol dos estudos modernos de Antropoxeografía*[98]. No cal define Otero o problema central desta ciencia. E comeza o artigo dicíndonos:

> O falar de Antropoxeografía pensamos no problema central e xa clásico desta ciencia. A determinación e gradación das influencias do medio natural sobre as sociedades humanas.



Encol dos estudos modernos de Antropoxeografía

Figura 4.4. Revista Nós. 27 de marzo de 1926

E o tempo da post-guerra e as potencias coloniais collen a xeografía humana como ciencia que xustifica unha actividade política de unha eficacia fundamental. Se fan estudos monográficos. Así por anaquiños van xurdindo a fisionomía xeral dos continentes e dos cadros históricos, das rexións naturais. Todo é para entender a Terra e os homes, sen esquecer a xustificación dos estados coloniais. Só así se pode chegar ao coñecemento preciso do planeta, cubrindo dunha rede de operacións cartográficas para ter mapas do territorio. Así na formación dos novos estados tivo tanta impotencia os estudos xeográficos.

E deses estudos no que Otero pon uns exemplos, de obras de varios autores. De Friedrich Ratzel[99] a *Antropogeografía* de 1891 que ten dúas partes unha de *fundamentos da aplicación da xeografía á historia* e outra *a distribución xeografica dos homes*; de Suess[100] menciona *Der Antlz der Erde (*o rostro da Terra*)*; de Otto Maull[101] o titulado: *Polistische geographie* en 1925; de Roberto Almagiá[102] *La geografia política* de 1911; de Siegfried Passarge[103] o titulado: *politische geographische Betrachtungen über die Enistehung des Grass furstentums Moskau* (Observacións político-xeográficas sobre a formación do Principado de Moscova) que estuda a xeografía política

[98] Encol dos estudos modernos de Antropoxeografía. O texto utilizado da biblioteca dixital de Galicia. (Galiciana)
[99] Xeógrafo alemán (1844-1904)
[100] Xeólogo austríaco (1831-1914)
[101] Xeógrafo alemán (1887-1957)
[102] Xeógrafo italiano (1884-1962)
[103] Xeógrafo alemán (1867-1958)

comparada, o estudo dun determinado espacio político, e o estudoo de verdadeira xeografía política: as relacións da raza e a cultura; o libro de Stanislaw Lencewicz[104] titulado*: Kurs geografji Polski* (curso de xeografía polaca) en 1922. Denotase que Otero coñece a actualidade da xeografía europea que se facía en Europa nese ano de 1926.

Otero neste pequeno artigo describe o panorama xeográfico que ven do determinismo do século XIX, e que nos chegou con Carl Ritter[105]. Máis el confirma o cambio cara ao posibilismo.

> Ratzel sempre presenta a Antropoxeografía como unha ciencia descritiva. O seu espírito sempre orientou aos verdadeiros xeógrafos…
> Diciamos que quizás non ten chegado o instante dunha nova síntese; máis non faltan os intentos de todos teñen a Ratzel por punto de partida

E finaliza coa conclusión de que a xeografía política é de gran transcendencia na formación dos novos estados. Temos que entender que os libros citados son unha identificación e explicación da creación de novos estados ao principio do século XX. Sempre tendo en conta o ideario político da xeración *Nós.* Pois conclúe o artigo dicindo:

> Vese claramente que a crecente intensidade dos estudos xeográficos, no senso moderno, ten un valor fundamental na creación dun novo mundo político sobre as indiscutibles bases naturais e eternas. Sollo co seu trunfo cumprido pode aspirar a Humanidade a un ciclo de vida superior.
>
> R. OTERO

4.1.4. Sintesis xeográfica de Galicia (1926)

No pequeno traballo, editado polo Seminario de Estudos Galegos en 1926, e titulado: *Sintesis Xeografica de Galicia*,[106] Otero di no seu prólogo que non ten unha pretensión científica, e que só ten o desexo de facer un libro popular de xeografía galega, aínda que só sexa para combater frases como: Que Galicia é a "*Suíza española*" ou a comparanza das nosas rías cos fiordes noruegueses. E que é un prólogo dun traballo máis preciso sobre unha parroquia ourensá. Neste caso, San Pedro de Trasalba.

Segundo o seu índice este traballo, que pola súa estrutura e contido é un libro de xeografía de Galicia, aborda en sete capítulos: a xeoloxía, o relevo, o litoral, o clima a vexetación, a xeografía humana, e a xeografía económica e a paisaxe de Galicia.

Así o índice desta obra é o seguinte:

> A XEOLOXÍA
>
> RELEVE
>
> I Rexión N. E.
> A terra Chá., o outo Miño e a terra de Lemos
> II Rexión N.W.
> Os altos Tambre e o Mandeo – As Mariñas
> Terra de Xallas e Bergantiños
> III Rexión dos macizos ourensáns e val medio do Miño
> O Miño central

[104] Xeógrafo polaco (1889-1944)
102 Xeógrafo alemán (1779-1859)
106 O texto utilizado nesta investigación é unha copio do orixinal da biblioteca do SEG.

Rexión de Arnoya
IV Rexión do Ulla, das Rías Baixas e do Baixo Miño
Rexión do Ulla
Rías Baixas
O Miño Galaico-Portugués

LITORAL

I. De Ribadeo á Estaca de Bares
II. Do cabo Ortegal ó Cabo Prioriño
III. O golfo da Cruña
IV. Da Cruña a Fisterra
V. As Rías Baixas
VI. Ría de Corcubión
VII. Ría de Muros e Noya
VIII. A Península de Barbanza e a Ría de Arousa
IX. Val do Salnés e Ría de Pontevedra
X. A Ensenada de Aldán, a Ría de Vigo e a península de Domayo
XI. Do Cabo Silleiro e desembocadura do Miño

CRIMA E VEXETACIÓN

Crima
Vexetación

XEOGRAFÍA HUMAN

XEOGRAFÍA ECONÓMICA

Industria
Comercio

PAISAXE

Paisaxe montesía
Paisaxe de costa brava
Paisaxe de val

A estrutura do libro responde ao concepto de xeografía rexional e vidaliana do século XIX. O capítulo da xeoloxía é breve e fai mención a dous autores: un é o xeólogo austríaco Eduard Suess na súa obra: *Der Antlitz der Erde.* (*As caras da terra)*, obra da que temos un exemplar na biblioteca de Trasalba, pois ben, Don Ramón dinos que Galicia é unha terra de rocas antigas do tempo dos pregamentos hercinianos e variscos, cuxa principal roca é o granito. E as súas montañas están rebaixadas pola erosión. Despois seguindo co autor e xeólogo español Eduardo Hernández-Pacheco e Esteban[107] descríbenos as liñas de depresión e de dislocación ou fractura no chan galego. Galicia vén sendo unha terra en estado senil de "penillanura" que non chega aos 1800 metros como altitude máxima. E finaliza nomeando a varios minerais do noso chan e refire que hai cantidade de estudos sobre o granito.

No segundo apartado o do relevo comeza dicindo:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[107] Xeólogo español (1872-1965)

> A dificultade diste estudo crece pola falla de cuasque total de traballos xeofísicos sobre das diferentes rexiós galegas, sendo algunhas as cientificamente ignoradas (por ex. A serra de Queixa, as Medas). Imos ensaiar unha descrición, o máis clara posibre, das formas cóncavas e convexas que se combinan no releve por crer que non se deben separar, en capítulos diferentes, a orografía da hidrografía.

Continúa o ensaio dividindo a Galicia en catro *porcións*:

> 1) A rexión N.E. formada polas grandes serras cantábricas.
> 2) A dos núcleos ourensáns e seu enlace coas montañas portuguesas.
> 3) A do N.W. do Tambre e da orla montesía das Mariñas.
> 4) A das Rías Baixas.

Na primeira rexión do N.E. nomea as serras de: Pedras Apañadas en Fonsagrada, serra de Meirá, os Ancares, o Courel, serra da Carba, O Xistral, que teñen un contraste acusado coa Terra Chá, o outo Miño e a Terra de Lemos.

Na rexión do N.W. cos ríos: o Mandeo nas Mariñas, o Landrove, Sor, e Eume. As Terras do Xallas en Bergantiños, na Terra de Soneira, o río Xallas.

A rexión dos macizos ourensáns e val medio do Miño, ou Miño central, con serras de San Mamede e Queixa, serras de Larouco, Tras os Montes, serras do Eixe, Valdeorras, a Pena Trevinca, serra Calva a Segundeira. Invernadeiro. Os ríos Bibey, o Camba, o Xares. Cabeza de Manzaneda. O río Mao, o Arnoya, o Avia, o Limia, o Tamega. As terras de Avión.

A rexión do Ulla, Rias Baixas e Baixo Miño ou galaico portugués. Pola dereita están Arzúa, Melide e Padrón. Á esquerda A Estrada, Ribadulla, Dubra, Catoira e a Ría de Arousa.

Na descrición destas rexións Otero fai un percorrido seguindo o Mapa de Fontán, pois, xa que logo, utiliza a toponimia das serras dese mapa.

É dicir, divide o territorio por rexións naturais dúas pola súa situación xeográfica e as outras dúas polos cursos e cuncas dos ríos Miño e Ulla. A división non é moi homoxénea, pero creo salienta o elemento ou accidente xeográfico máis característico de cada rexión. Aquí acompaña o texto de dous mapas, un dos eixos montañosos e outro dos ríos. E vemos que os mapas son máis ben uns esbozos extraídos dun mapa polo miúdo de Galicia
:




Figura 4.5. Eixes das serras

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 4.6. Litoral e sistema fluvial

O terceiro apartado descríbenos o litoral galego en cinco tramos costeiros:

1) de Ribadeo a Estaca de Bares,
2) de cabo Ortegal a cabo Prioriño,
3) o golfo de Cruña,
4) da Cruña a Fisterra,
5) as Rías Baixas.

Aquí fai mención a que desde á publicación da *Antropoxeografía* de Ratzel (1891) non se aborda o estudio das costas como unha liña de contacto de terra e mar, senón como unha beira de terras e como unha franxa de transición xeográfica e de rica vitalidade humana. Otero describe todos os accidentes costeiros e a súa toponimia e xa explica o concepto das Rías Baixas como vales afundidos. Acompaña o texto con tres mapas, ou millor esbozos, das zonas costeiras e o sistema do Miño -Sil.

Temos aquí que facer mención á escasa ou case nula cartografía ou mapas que teñen as obras xeográficas de Otero. Pensamos que Otero consideraba que esa labor era cousa dos cartógrafos, el non o era, pois veremos que os mapas das súas obras son aportados polas propias editoriais.

O cuarto apartado é o do clima ("*crima*" segundo escribe Otero). Otero indica que ha manexado ao meteorólogo austríaco Julius Ferdinand von Hann[108], e dános a definición de clima como:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[108] Meteorólogo austríaco (1839 - 1921)

> Xunto de fenómenos meteorolóxicos que caracterizan o estado medio da atmosfera nun espazo determinado da superficie terrestre.

Non fun quen de atopar na biblioteca de Trasalba dita referencia das obras do meteorólogo austríaco.

Por iso, non se pode falar dun único clima galego, ademais da dificultade para caracterizaralo polo escaso e pequeno número de estacións de medida. Non debemos esquecer que era o ano 1926. E se mostra partidario da clasificación de Wladimir Peter Köppen[109], que sitúa a Galicia delimitada polos paralelos 44 e 43 na zona tépeda no inverno pola proximidade oceánica acentuada pola acción da corrente do golfo, e que a proporción de nebulosidade de 1 a 10 é de 6. E as precipitacións son abundantísimas. Afirma que o relevo xoga un papel fundamental e importante no clima pero que só se pode falar por aproximación. A pouca altitude non deixa persistir ás neves. A montaña é máis solleira que o val e deixa un ceo máis despexado das néboas. E sobre todo que:

> Ou método pra chegar a ou bo coñecemento dá climatoloxía como de todo-os feitos naturais e humanos de Galicia, sería un estudo por rexións naturais para chegar a ensambral-as e poder trazar un cadro perfecto.

Vemos neste desexo unha aposta pola xeografía rexional vidaliana, obra que non chegou a escribir, quizais a súa maior aproximación e a máis completa está na súa *Guía de Galicia*, corrixida nas súas seis edicións. Tamén fixo Otero colaboracións en outras xeografías de España e en unha Universal, que estudiárenos máis adiante, nas que fai distintas divisións desas rexións naturais de Galicia.

En relación a vexetación asevera que o tapiz vexetal que cobre o vello granito galego fai de Galicia unha das terras máis interesantes do bordo atlántico de Europa. As variedades do relevo tradúcense en diferentes agrupacións de vida vexetal que confirmará ao estudar a paisaxe. Ademais, o intenso traballo agrícola cambia o aspecto da vexetación.

Na clasificación xeral de chans, introduce que, segundo os naturalistas Galicia é un país de podzol onde abundan as coníferas e os invernos mollados. Nomea ao xeógrafo Paul Wilhelm Ferdinand Freiherr von Richthofen[110] que distinguía entre os chans aluviais debidos á descomposición dos materiais sen transporte de sedimentos e os aluviais formados soamente polo transporte dos sedimentos. Dos dous temos en Galicia, pero hai máis dos coluviais formados polas pequenas correntes. Hai outeiros graníticos coloreados por musgos e liques. O monte baixo é de xestas, brezos, carpazos, toxos en ladeiras batidas polo vento. Mestúranse coa vexetación mediterránea de loureiros, buxos e madroños. Ampliará estas asociacións vexetais ao falar da paisaxe.

Os piñeirais aparecen en grandes agrupacións na costa e terreos areosos asociados a toxos e xestas. Pero a árbore máis propia das terras montañosas é o bidueiro, e nos regachos as veces asociado ao serbal. O carballo poderoso en boas terras e barrancos abrigados, agárrase nos panascos e en certos cumes. En Lugo sobre toxales pechados, crean zonas de sombras xunto os prados. É unha árbore claramente galega e é a mellor madeira para fabricar as cubas que gardan os viños do Ribeiro. O castiñeiro está desaparecido de moitos montes. O contraste da vellez do seu tronco coa mocidade das súas ramas acentúase cos anos ao formar o tronco oco e podre. Forma bosques que suben polo monte nas ribeiras do Sil, ou bosques alternando con campos

[109] Xeógrafo e climatologo ruso (1846-1940)
[110] Xeógrafo alemán (1833-1905)




Figura 4.7. Rias Baixas

de millo e centeo. Dinos que nos longos campos das bocarribeiras quedan exemplares illados, testemuñas dos bosques de outrora que eran unha base alimenticia.

Nas beiras dos ríos e regachos, aparecen os amieiros, lodeiros de variadas clases e abeleiras e os vimbios. O freixo, indica, é moi bo para dar sonoridade ao eixo dos carros. E describe outras formacións arbóreas, como as do tileiro moi abundante noutro tempo, o negrillo que lembra a paisaxes inglesas, a sobreira que forma agrupacións tupidas en Ourense, ou a faia líndante con Asturias.




Figura 4.8. Rías Altas

Respecto os prados naturais, di que dan paisaxes en Galicia dun monótono verde. E doutras especies afirma que, o ciprés compañeiro dos pazos. A oliveira señora no val do Miño que agora só queda nos vales quentes do Sil. O limoeiro e laranxeira nas Rías Baixas. O eucalipto recentemente chegado que xa forma moitas paisaxes, árbore exótica e farmacéutica. É riquísima a vexetación das hortas: a aldea galega sempre con maceiras, pereiras, figueiras. E aínda existen hortas con especies de moda na Idade Media, como a melisa.

Unha variada fauna, nas rexións altas temos o lobo. O carneiro. O xabaril. O cervo. O oso que deixou brasón na toponimia. Mamíferos pequenos, marta, raposa, armiño, nutría nas beiras de ríos, abunda o raposo. Algúns xa raros o gato montés e o lince. A lebre. E Otero continúa coa afirmación de que un estudo metódico debe agrupar as especies propias do monte baixo, dos bosques e dos terreos agrícolas. E para acabar, pasa revista e nomea a varios paxaros e dinos que nomear aos peixes dos nosos ríos sería o conto de nunca acabar.

O quinto apartado é o da xeografía humana que comeza coa descrición do tipo antropolóxico do home galego: predomina braquicéfalo, de cor rosada, pelo louro, e o castaño dominante, ollos claros, de moi diferente pureza segundo as rexións que se dispersa en agrupacións pequenas segundo o relevo e as especies dos cultivos. Afírmanos que as relacións entre o home e a terra serán parte doutro maior estudo. Este enfoque que

Otero fai posúe certo determinismo de raza en función do tipo de cultivo o influencia do medio. Que ten uns elementos "racistas", quizás seguindo á Xeografia Ratzeliana. Sabemos que hoxe en día non son defendibles tales criterios. Otero non o ten moi claro pois nos di a continuación:

> Deixaremos para outra ocasión unhas meditacións sobre a gran cuestión das influencias da terra sobre o home e o contrario, que enchen os libros de Antropoxeografía e de Morfoloxía social.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ademais como veremos ao estudiar a Xeografia Humana no seu libro *A Guía de Galicia* na súa primeira edición de 1926 e posteriores, non fala dese determinismo xeográfico.

Lembra a Valle-Inclán cando dixo que o pobo provenzal é mercador, o castelán conquistador, e que o galego é un pobo labrador. O cal, para Otero, é certo de maneira xeral, pois o carácter, a maneira de vivir, o espírito colectivo está orientado polo traballo no campo e o mar. Pobo de labradores e mariñeiros.

A continuación, dános unhas características da forma de estar distribuída a poboación. Sobre o poboamento: a poboación de Galicia é sobre todo rural, e a súa forma de agrupación é a parroquia, o seu tempo ocúpao na agricultura e pesca, e nas industrias derivadas. O relevo limita a poboación os vales e as costas. Desde antigo esas poboacións ascendían polos vales e poboaban as serras. As rexións de montaña teñen tanta densidade como os vales abrigados e os litorais favorables á vida. Estas densidades cambiaron co abandono das entidades das montañas.

A aldea e a parroquia son a esencia da paisaxe para Otero, é o lugar da "*freguesia*". A igrexa centro de reunión que dá nome á parroquia. Á saída da misa todo se acorda, opínase, danse recados, vense os amigos, saúdanse os forasteiros. O paisano séntese dunha parroquia, non dun concello. Vemos como reitera que a parroquia é a esencia de Galicia, nin o concello, nin como di outras veces, a provincia son parte da estrutura de Galicia. As parroquias son unidades vitais, células de organización espontáneas, naturais, eternas, son diferentes en extensión e carácter. De máis extensión nas montañas de centeo e pastos, máis xuntas e pequenas nos vales. Os lugares teñen o caserio amontoado, son raras as casas illadas xunto as estradas, e están rodeadas de hortas e terras de labor. Estas terras que o labrego cultiva como herdanza dos seus pais e dará aos seus fillos. A aldea é un lugar de aspecto amontoado cando o chan é bo e debe aproveitarse ou espallado cando o clima dá máis comodidades nos invernos. Esta mesma análise é unha constante que segue Otero, pois a atopamos en varios traballos posteriores, que estudaremos, e que son unha reiteración da súa descrición da parroquia, pois é a concepción que ten da mesma.

Prosegue o mestre coa forma con que o paisano fai que a terra dea toda clase de froitos, o ideal é non ter que comprar: centeo, viño, millo, fento, nin toxo nin leña. Pero hai rexións diferentes, o cultivo impón diferentes modos de vida e tradúcese na psicoloxía. O home da ribeira cultivador de viñedos é moi diferente do que traballa nas planicies do centeo, ou o que cría poldros e bois na montaña, do que traballa intensamente as hortas preto dos centros poboados. En todo caso, o substrato da economía familiar de autoabastecemento no rural é unha tónica xeral que Otero denota claramente cando describe o territorio galego.

A íntima relación entre a terra e o mar produce pobos de mariñeiros e labradores. Nas Rías Baixas teñen unha actividade e vida que non é comparable con outras costas, pois os campos chegan ao mar, os lugares escalan ladeiras formando os límites dos centros urbanos.

As parroquias comunícanse por camiños de diferentes tipos desde o antigo Camiño Real, empedrado, ou a boa estrada aos mosteiros, ata carreiros ao servizo de terras de labranza e montes de pasto e leña. As estradas completan os vellos camiños, porén o fan moi imperfectamente. Quizais aquí reflexa as súas viaxes de Ourense a Trasalba. Que as veces, nesas décadas, realizaba en carro de cabalos.

Os centros de feiras e mercados forman parte esencial da economía e son lugares de reunións, divertimento, case se transformaron en vilas. Xa vimos que o falar da morfoloxía das vilas galegas, as feiras son orixe de pobos e vilas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 4.9. Sistema Miño-Sil

.

Para Otero, un elemento interesante das aldeas é o pazo, aínda que moi minguado pola industrialización e o absentismo dos seus donos. Relata que o pazo descende dunha casa señorial con torres e brasóns. É case sempre de planta rectangular, cun sistema de construcións para os traballos de labranza: currais cadras, hórreos, lagares, palleiras, etc.; ao mediodía adoita ter un xardín de buxos, labirintos, roseiras, camelias, nespereiras, cipreses. A adega na planta baixa, cociña conventual, grandes salas, as xanelas sen simetría, espesos muros, con balcón de ferro forxado, a terraza de pedra, a capela barroca ou neoclásica, con troneiras nas esquinas, con torres, e grandes chemineas. O pazo está rodeado de terras de cultivo, bosques de castiñeiros ou campos de carballos. As terras inmediatas ao pazo oprimen por dous ou máis lados o desenvolvemento da aldea e coñécense como terras dos dereitos de mosteiros e igrexas polos seus sólidos muros. Aínda que perdidos os bens e os pequenos cultivadores e abandonado o pazo segue impondo a súa forma á aldea. Esta visión do pazo en relación coa a súa aldea ten moito do exemplo que ocorre en terras de Amoeiro.

O mestre prosegue coas características da arquitectura que traen as tendas e as casas dos americanos, os emigrantes retornados. Hai unha invasión de materiais innobre, que para o seu ver, non son a pedra. Pero os vicios, segundo Otero, son máis da ornamentación que de estrutura.

USC DE COMPOSTELA

Hai un modelo de pazo pequeno, quizás aquí refírese ao exemplo da súa casa de Cima de Vila, que é unha casa paisana ampla, as salas redúcense a un ou máis cuartos altos, o balcón de madeira traballada, o patio coas cuadras e a cociña. Nunca falta o alpendre, o hórreo. A casa de pedra con cubertas de herba vai desaparecendo. É difícil facer unha boa clasificación das formas das casas de aldea, pois hai diferenzas nos materiais segundo as rexións. Otero nos fai unhas afirmacións propias dos seus viaxes por Galicia




Figura 4.10. S.X.G.|1926

Tampouco quero facer, dicía o mestre, unha clasificación dos centros monásticos que son de capital influencia na rotación da terra e en moitos casos a orixe das vilas. Os mosteiros é un tema moi querido por Otero, coñece as súas historias. Desde as fundacións ata máis alá da desamortización. Así continúa dicindo, que toda a Galicia antiga ata o Douro e as terras bercianas poboáronse de grandes mansións monásticas ou granxas campesiñas conventuais. E nomea a: Oseira na serra Martiña; Celanova na verde Arnoya; San Clodio nos viñedos do Ribeiro; Montederramo e San Pedro de Rocas na comarca da serra de San Mamede e Meda; Sobrado no alto Tambre; Monfero nas ribeiras do Lambre, Naraio no mesmo río; Mezonzo nas ribeiras do Tambre; Lourenzá no rio Masma; Caaveiro no Eume; Armenteira na tiraxe do Umia; San Xulián de Samos nas terras de Sarria; Oca e Herbón no val do Ulla; Louro na ría de Muros; Oia na costa do cabo Sillero; Cebreiro no camiño de Santiago; Meira preto das fontes do Miño; San Salvador de Lérez no centro de Pontevedra; San Esteban de Ribas de Sil e outros na Ribeira Sacra. Esta relación de 21 mosteiros é incompleta pero suficiente para darnos a coñecer as zonas baixo as xurisdicións monacais na Idade Media.

Otero vai a ampliar esa relación de mosteiros, coa súa historia e arquitecturas na *Guía de Galicia* cando describe as vilas e cidades de orixe monacal.

Para Otero as vilas son de diferentes orixes: antigos centros que conservan as súas igrexas. Pero o característico é o incremento de centros comerciais que suplantaron ao centro vello ou á da parroquia que queda para a vida da aldea. A vila é centro de comercio, da industria e a administración, desenvólvese nun cruzamento de camiños ou á beira dunha estrada formando vilas lineais. Toda estación de tren é un punto estratéxico do camiño son algo diferentes na súa arquitectura das aldeas, pero con espírito novo. E da unión de vilas próximas prodúcense centros importantes. A vila moderna apártase do centro feudal relixioso ou militar. As máis antigas vilas non perden o carácter de centro de poboación rural que se transforman en vilas novas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Observa Otero a autorización da propiedade e da poboación, aínda que os concellos sexan poboadísimos. E nos aporta os datos do censo de 1020:

> Asegún as estatísticas Galicia en unha extensión de 29.200 quilómetros conta con 2.124.244 habitantes. So nove términos municipais teñen máis de 20.000h.: A Coruña, Vigo , Ourense, Ligo, Pontevedra. O Ferrol, Santiago, Lavadores e A Estrada.

Nos di que o galego é un pobo labrador, mariñeiro e tamén emigrante, citando a emigración dos segadores a Castela. E remata este capitulo coas seguintes verbas.

> Moito se fala sobre Galicia máis inda queda moito inédito. Quen queira atopar o carácter esencial da paisaxe e do home na nosa terra ten que se apartar dos camiños usados dos turistas, para asomarse as terras so cruzadas por malos camiños de ferradura.

O sexto capitulo desta síntese xeográfica nos leva á xeografía económica. Otero se aproxima as estatísticas, aínda que según el son moi inseguras. E nos aporta datos provinciais de agricultura, industria e comercio.

O derradeiro capitulo deste libriño de xeografía nos acerca a paisaxe. Que comeza así:

> A idea da paisaxe como combinación de variados factores do releve, vexetación, clima, traballo humano, é unha das máis suxestivas da Geografia expresando nun espacio limitado a integración dos elementos que separadamente non chegan ater vitalidade expresiva.

E nos fala de tres composicións da paisaxe: a montesía, a costa brava e o val. Son as primeiras ideas que Otero analiza sobre a paisaxe. Ideas que creceran o longo dos anos e que estudiaremos no capitulo V desta tese sobre a paisaxe en Otero.

Este pequeno libriño de xeografía, como nos di no seu prólogo, ten un afán divulgativo da xeografía de Galicia en idioma galego.

Aquí con esta descrición de Galicia podemos pensar que Otero recoñece o devir dos tempos e os acontecementos, estamos en 1926, que traían unha nova estrutura das administracións e do territorio, que paulatinamente substituían ao Antigo Réxime. Creo que el non se resigna, ou mellor dúbida, que nas novas ideas que veñen sexan o camiño dun futuro prometedor de e para Galicia. Pois todo iso rompe coa tradición e ese rexurdir do galego que se descobre e comparte coa xeración e o grupo de estudos Nós.

Como xa dixemos, esta obra é un primeiro intento e borrador de obras máis extensas e completas que realizou posteriormente. Podemos pois asegurar que foi un guión e bosquexo realizado con certa presa. Aínda así podería dicir que o libro *Sintesis xeografica de Galicia* é o primeiro traballo científico de Xeografía de Galicia feito cun criterio moderno e superior os feitos ata entón. Xa que emprega o método dedutivo, as observacións dos feitos xeográficos, e conclúe con categorías. Esquecendo as xeografías meramente descritivas. Ademais utiliza as estatísticas esbozando unha xeografía económica e dándonos unha xeografía global dun territorio moi particular: Galicia.

Temos que dicir que este libro foi o traballo que tivo que realizar Otero para ingresar no Seminario de Estudos Galegos, segundo os datos da revista Grial[111]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[111] Revista Grial número 52, páxina 268.

Temos que dicir que o título *Sintese Xeográfica de Galicia,* non é a primeira vez que foi utilizado en aqueles tempos. Pois no número 211 de *A Nosa Terra Idearium das Irmandades da Fala,* do 1 de abril de 1925, na sección: *O que todo galego ten que saber,* publicase un primeiro artigo dunha serie de escritos xeográficos co titulo: *Sintese xeografica de Galicia.*, son nove os números da revista[112] con entregas desa serie os números: 211, 212, 213, 217, 219, 222, 223, 229 e 231. Cabe preguntarse se a parte fondamente xeográfica deste texto é da autoría de Otero. Pois Otero sempre asinou os seu escritos. Penso que é unha obra de conxunto.

Comparado co libro do mesmo titulo publicado nese ano polo *Seminario de Estudios Galegos,* ven sendo moi igual no seus contidos nas dúas publicacións, pero con diferente redacción e estrutura. E ademais na serie temos uns conceptos que case nunca utilizou Otero nas súas xeografías, por exemplo: raza galega, e as mención a os afluentes do Douro. Se non participou como é que utiliza o mesmo nome? Ademais non temos unha proba documental de que o texto encontrado sexa de Otero, pois non está asinado, pero é certo que neses anos Otero é o único xeógrafo de pertencía as Irmandades da Fala e ademais ten outros artigos nesa revista por eses anos.

Ao estudiar o libro titulado: *os Ríos,* publicado en 1976 por edicións *Castrelos* volveremos a falar desta semellanza de títulos.

Na revista Celtiga número 51 do 2 de outubro de 1927, na sección de critica de libros publicouse unha información do libro *Sintese xeográfica de Galicia*. O artigo está asinado por Critias. Un heteronimo descoñecido. Pois ben, alí se di:

> La "Sintese Xeografica de Galicia" es, aparte de algunos ensayos, la primera obra debida a su especialidad profesional, con que Otero Pedrayo enriquece el fondo cultural de nuestro país.
> Como su título indica se trata de un trabajo resumen, compendioso y breve, pero, aun así, su contenido es mucho más amplio y, sin duda alguna, más inteligente e interesante que todo cuanto dicen los textos oficiales acerca de nuestro pais.


O QUE TODO GALEGO TEN QUE SABER

PRIMEIRA PARTE

SÍNTESE XEOGRÁFICA DE GALICIA

O QUE TODO GALEGO TEN QUE SABER

SÍNTESE XEOGRÁFICA DE GALICIA

XEOLOXIA

Figura 4.11. Revista Celtiga 2 oiutubro 1927

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

112 Pode consultarse na biblioteca dixital de Galicia

4.1.5. Guía de Galicia (1926)

A *Guía de Galicia*[113] é o libro de Otero máis difundido e tivo seis edicións. A primeira edición da *Guía de Galicia* é de 1926 e foi publicada pola editorial *Espasa Calpe* en Madrid. Así conta nesta noticia do 1 de outubro de 1926 no xornal *A Nosa Terra.*

> A casa Calpe acaba de poñer á venda un libro que ten unha grandiosa e extraordinaria importancia para Galicia. Unha Guía de Galicia escrita pol-o gran escritor galego, noso colaborador Ramón Otero Pedrayo. Consta de perto de cinco centas páxinas con fotografías, mapas, planos e un estudo formidable de todol-os aspeitos da vida de Galicia, da súa historia e do moitos pobos en particular.

A segunda edición é de 1945 editada en Santiago de Compostela por *Sucesores de Gali.* Esta edición modifica profundamente a primeira, pois incorpora e cambia a parte xeneral cun plan máis claro e orgánico dos itinerarios agregando capítulos enteiros, bibliografía e índices, ademais leva once mapas despregábles: catro das provincias de: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e sete das cidades de: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago de Compostela e Ferrol. E conta Otero á súa nai en carta[114] do 25-VII-1945 o seguinte:

> La Guía tuvo un gran éxito desde el 1er día que fue ayer. Se vendieron en 24 horas cerca de 200 en Santiago, Coruña, Pontevedra, al precio de 40 pesetas.

Temos que facer notar que Salvador de Lorenzana escribiu desta edición da *Guía* un fermoso comentario na xornal El Pueblo Gallego na data do 29 de agosto do 1945. E que titulou: *esquema geo-espiritual de Galicia.* O autor describe os contidos da *Guía* e remata coa afirmación seguinte:

> De tal manera revive la Galicia autentica en las páginas de la magnífica obra el escritor. No es solo la Guía de todos los caminos que recorren la inimitable síntesis de su geografía, de su historia, de su economía, de su paisaje, de su arte, de su literatura. Es también y, sobre todo, la mejor interpretación hasta ahora lograda, de la verdadera esencia gallega.

As seguintes edicións editounas *Galaxia* en: 1954, 1965, 1980 e a derradeira en 1991. Esta obra está escrita e editada en castelán. No noso caso, para presente investigación consultamos a primeira, segunda, terceira, cuarta e a sexta edición.

Nas dúas primeiras edicións a guía leva o subtitulo:

> Geografia. - Historia. - Vida económica. - Literatura.
> Itinerarios completos por ferrocarril y carretera.

E inclúen na portada os versos de Rosalía.

> Sin ela non podo,
> Nno podo vivir contenta,
> Que adonde queira que vaya
> Cróbeme unha sombra espesa.

[113] As edicións da Guía de Galicia utilizadas nesta investigación son: 1945, 1954, 1965, 1991, propiedade do autor da tese
[114] Carta 211 de cartas a Nai 1905-1950 da editorial Galaxia.

No prólogo da primeira edición Otero nos di:

> Aparece este libro inspirado por el ambicioso deseo de ser el amigo y camarada del viajero que llegue a Galicia con el espíritu abierto a las bellezas naturales y artísticas, a las realidades presentes y pasadas. Es algo más que una seca colección de datos inconexos y mucho menos un intento de agotar temas variados que sugiere el solo nombre de Galicia. Pretende ser exacto y preciso, útil y manejable con fruto en cada momento, dejando a la evocación artística e histórica, a la psicología del país, a los eternos anhelos del alma gallega el margen que requiere todo espíritu cultivado ….
> El autor se considera satisfecho si ha conseguido hacer algo para la buena interpretación del paisaje y el arte, de la vida presente y pasada de Galicia.

No prólogo da segunda edición Otero indica:

> El autor. Reiterando los propósitos expresados en el prólogo de la primera edición, se considera sobradamente recompensado si su modesto trabajo logra hacer algo por el conocimiento y difusión de las bellezas y recuerdos de la inmortal y amada Galicia
>
> Trasalba (Orense), abril de 1945.

E no prólogo da terceira Edición di:

> El autor, agradecido a Galaxia, ha procurado poner al día los datos e informes estadísticos, ampliarla bibliografía, renovar y corregir un texto en el que, desde el primer momento, ha intentado describir con mida que no de oyente la vivencia poética de Galicia.
> Se ha intentado una completa ilustración gráfica y cartográfica, índices completos, una edición sencilla, fuerte y moderna, correspondiente al constante favor concedido por el público a esta GUIA DE GALICIA que el autor ofrece con la misma grave emoción y las mismas palabras del primer prólogo.
> Trasalba, octubre de 1953

Nas cinco citas anteriores está reflectido o sentir e o espírito, ademais das razóns que ten Otero para a realización desta *Guía.*

A *Guía de Galicia* é un compendio de xeografía, xeoloxía, historia, literatura, arte, paisaxe, e unhas descricións de itinerarios de estradas e ferrocarril desde as cidades de: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela. Describe esas cidades e as de: Tui, Mondoñedo, Betanzos, e Ferrol. En todas elas conta a súa historia e a dos seus monumentos.

O esquema xeral é:

> PARTE GENERAL
> I Descripción geográfica
> II Síntesis histórica
> III Literatura y Arte
> IV Estética del paisaje
> PARTE DESCRIPTIVA

A descrición xeográfica ten como índice:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Geología
- Relieve
- La Galicia Oriental
- La Galicia Occidental
- Litoral
- Clima y vegetación
- Geografia humana
- Formas y estilos de agrupación humana
- Vida económica
- Estadisticas agrícolas
- Comunicaciones
- Regiones naturales
- Geografia administrativa
- Provincia da Coruña
- Provincia de Lugo
- Provincia de Ourense
- Provincia de Pontevedra
- Enseñanza
- División eclesiástica

-Red de ferrocarríles

Vemos que a Xeografía comeza cunhas nocións da xeoloxía de Galicia, despois describe o relevo, que divide Galicia en dous sectores un oriental e outro occidental. Distingue o litoral. O clima e a vexetación.

A falar do relevo di:

> Dividiremos a Galicia en sólo dos grandes secciones: Oriental (región del Nordeste y alto Miño, región de los macizos orensanos y sus derrames y relaciones fronterizas), y occidental (región nordeste al norte del Ulla y toda la Galicia de aguas fluyentes a las Rías Bajas incluyendo el Miño central e inferior)

E o xustifica:

> En esta división obedece en sus grandes determinaciones al ritmo geológico, estableciéndose los contrastes del valle del gran río gallego y destacándose con su papel adecuado la función de los valles del Sil y Miño, los valores de la circulación hidrográfica y los matices de posición de las diferentes comarcas respecto la influencia atractiva del Atlántico, el gran regulador de la dinámica geográfica en Galicia.

Afirma que podían seguirse outros criterios, pero por razóns de claridade el prefire el método indicado.

E ao falar da hipsometría divide Galicia en catro categorías según a altitude:

> En el sentido de la altitud se distinguen cuatro categorías: de tierras y formas: *Bajas* (de valle y litoral); *bocarribeiras* (termino popular geográfico irremplazable) o cuestas de suave y variado gradación sobre los valles; *montañas* en formas onduladas y bravías; y finalmente *sierras* solitarias unas, otras tendidas en amplios derrames sobre el basamento de la montaña. En

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> general sierra en Galicia tiene características insulares en el conjunto de las formas del relieve.

Otero nesta *Guía* agrupa as *rexións naturais* de Galicia por factores xeográficos naturais e históricos. E insiste Otero cales son os criterios que utiliza para as delimitacións das rexións naturais:

> Regiones naturales. Pueden agruparse, según varios criterios, las comarcas gallegas claramente individualizadas por la combinación expresiva y original de los factores naturales e históricos generales a toda Galicia: la altitud, el grado de la influencia atlántica, la roca básica predomínate y su morfología, la intensidad del trabajo humano considerado en las formas de la agricultura como dimensión histórica, la proporción entre ciudad y aldea, el ritmo retardado y acelerado del vivir histórico. A región natural no se determina por el predominio de un solo factor, sino por la interferencia de varios.

Como xa vimos ao estudar o relevo clasifica Galicia en a Galicia occidental e a Galicia oriental, e no capitulo das *rexións naturais* segue con a mesma división para facer mención a esas comarcas: na Galicia oriental e no seu sector Norte do Sil: a comarca de Ribadeo, a Terra Cha, o Valadouro, o País de Fonsagrada, as terras de Sarria e Lemos, o País de Cervantes e o Cebreiro. Ao Sur do Sil: Terra de Caldelas, Terra de Trivés, País do Bolo, as Freiras, Monterrei, A Limia e a Terra de Maceda ou alto Arnoia.

Na Galicia occidental, onde especifica que os vales chegan ás bocarribeiras máis expresivas. Ao norte do Ulla: a Terra de Ortigueira, Mariñas, Cúpula tamárica, lombos xeotectónicas, Bergantiños, Soneira, Vimianzo, Orla píndica e Barbanza. Ao mediodía do Ulla: Peroxa, Chaos de Amoeiro e Villamarin, Ribeiros de Avía, vales do Tea, e as gándaras de Budiño. O val do Arnoia con País de Celanova, País de Padrenda e o Deva. As Rías Baixas con: o Salnes, Moraña e a Terra de Cotobade, o Morrazo. Vigo e a Terra de Montes.

Esta división e clasificación de rexións naturais que realiza Otero na *Guía de Galicia* ten semellanzas cos criterios expostos por Martín Cereceda no seu ensaio*: Rexións naturais de España de 1922*. Que delimita as rexións por factores e elementos de xeografía física.

Non fomos quen de diferenciar porqué Otero utiliza en certos casos a palabra Pais e noutros a palabra Terra. Se contemplamos a obra enteira e de conxunto de Otero a palabra Terra sempre a utiliza de xeito xeral para designar a Galicia. E a palabra Pais utilízaa para delimitar territorios de Galicia. Entendemos esto como unha madurez na investigación xeográfica que fai Otero

Continúa a *Guía de Galicia* cun apartado de xeografía administrativa. Nel parte da división das sete provincias: Santiago, A Coruña, Betanzos, Mondoñedo, Lugo, Ourense e Tui do Antigo Réxime. E enumera a división administrativa a finais do XVIII en xurisdicións, cotos e partidos. Na última edición da *Guía* introduce os datos do padrón de 1975 con datos de poboación, densidade e extensión das provincias actuais. Fai unha relación dos municipios e o número de parroquias por municipio e por partidos xudiciais en cada provincia. Achega datos do ensino e enumera as facultades da Universidade de Santiago, as escolas técnicas superiores e realiza unha listaxe dos institutos, colexios nacionais e escolas unitarias. Fai a listaxe con datos das dioceses eclesiásticas. E finalmente neste apartado lista a rede de ferrocarrís coas súas paradas e quilometraxe. Ata aquí os contidos da descrición xeográfica de Galicia,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Logo disto, continúa a *Guía* coa síntese da historia de Galicia, a literatura e a arte. E inclúe tamén nun capitulo a definición da *estética da paisaxe*, que abordaremos ao estudar a paisaxe no apartado correspondente.

Por último, o que chamariamos a parte descritiva da *Guía*, na que nos consta como xa apuntamos os itinerarios por estrada de entrada en Galicia: En todos os itinerarios describe paisaxes, as cidades e as súas contornas, a súa historia e os monumentos. Remata a *Guía* cunha pormenorizada descrición da cidade de Santiago de Compostela: a historia, as peregrinacións, a cidade máis o seu paisaxe, a súa catedral e os outros monumentos civís e relixiosos, as rúas e prazas, e unha escolma de Compostela na literatura.

Temos que traer aquí un anaco do artigo de Salvador Lorenzana de 1980 no número 70 da revista Grial, no que conta as cousas volven a el folleando a 5ª edición da *Guía de Galicia* de Otero

> De tal xeito, revive nestas páxinas unha visión da Galicia auténtica. Non é só esta Guía a de todos os camiños que a percorren; a magnifica síntese da súa xeografía, da súa historia, da súa socioeconómica, da súa paisaxe, do se>u arte, da súa literatura. É tamén, e sobre todo, unha das mellores interpretacións da verdadeira esencia galega. A tradución veraz da súa psicoloxía, que os séculos callaron na terra, nos homes, nos monumentos, e que Otero Pedrayo adeprendera a mirar e a querer, con todo o feitizo do seu estilo, na plenitude do seu señorío.

Vimos que a Guía de *Galicia*, pode ser a obra máis divulgación tivo das de Otero e a de máis edicións. E xa comentamos algunhas das diferencias que teñen as edicións empregadas nesta investigación. Votamos en falla un estudo máis polo miúdo, que nos mostre ese pensamento madurecido de Otero ao divulgar a xeografía de Galicia nesta obra. Así como a redacción e modificacións do galego. E realizar a comparanza con outras obras xeográficas do autor da *Guía de Galicia.* No capítulo de resultados e discusión desta tese votaremos a esas diferencias.




Figura 4.12. Edicións 2ª e 3ª da Guía de Galicia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1.6. Problemas de xeografía galega. notas encol das formas de poboación labrega (1927-1928)

Na revista *Nós*, nos seus números 45, 46 e 48 do ano 1927, e nos números 49, 51,52, e 53 de 1928, publica Otero un traballo que habería presentar no congreso de Xeografía que se celebraría en Londres en 1928. Ese congreso foi posterior ao organizado pola Unión Xeográfica Internacional no ano 1925 celebrado no Cairo, que elaborou un cuestionario para o estudo das formas da poboación rural. E Otero desexaba que a sección de Xeografía do Seminario de Estudos Galegos fixera algún traballo para mandar a dito congreso. O cuestionario foi o seguinte:



TABALLOS DO SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS

Probremas de Xeografía Galega

NOTAS EN COL DAS FORMAS DE POBOAZÓN LABREGA

Figura 4.13. Revista Nós 15 de Setembro de 1927

II. Orixes dos tipos de poboación. 1º Cal é a influencia das condicións naturais. influencia do relevo, da natureza, do chan e da auga no chan. 2º Influencia das condicións sociais. Na orixe imponse certo tipo. Hai áreas étnicas. A seguridade e a defensa eran decisivas. Están os tipos de poboación unidos aos réximes agrarios. Inflúe a densidade de poboación. 3º Influencia do progreso agrícola. Os graos de organización I. Definicións. 1º Definir o que se chaman modos de habitación rural. 2º Definir que é o que se chama aglomeración ou concentración. 3º Definir o que se chama dispersión teñen certa forma. Inflúe a orientación da produción. Cal é a distancia dos campos á casa do labrador.

III. Repartición xeográfica dos tipos. 1º Foi sempre o mesmo. 2º Na historia da colonización agrícola dos países hai certos tipos, 3º Hai tipos na prehistoria. 4º Cal é a forma nos países colonizados.

IV. Relación dos tipos de poboación con outros feitos da Xeografía do home. 1º Hai relación entre tipos de poboación e tipos de casas. 2º Hai influxo do tipo sobre a economía rural. 3º Hai influxo sobre a organización social, relacións, costume, ideas.

Conclusión. Os estudos hanse de facer sobre rexións ben delimitadas.

Otero con estas formulacións responde ás citadas cuestións, e así realiza un estudo particular da poboación rural e os seus asentamentos en Galicia, as súas repostas foron:

Definicións

Definir o que se chaman modos de habitación rural

I.1º Chámase modo de habitación rural ás diferentes formas de agrupamento dos homes que viven de cotío do traballo do chan agrícola. Inclúense as industrias derivadas do traballo do campo, da gandería e da necesidade de fortalecer a vida doméstica nos lugares dos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mercados das vilas. Esta forma de vivir é autosuficiente. A vila ten por fundamento económico o comercio, unhas necesidades espirituais, de goberno, sen estar ligada ao traballo rural.

Influencia das condicións sociais. Na orixe imponse certo tipo. Hai áreas étnicas. A seguridade e a defensa era decisivas. Están os tipos de poboación unidos aos réximes agrarios. Inflúe a densidade de poboación.

I.2º Chámase poboación concentrada aquela que se dispón en pobos ou aldeas de gran número de veciños irradiando a súa actividade sobre unha gran extensión de chan agrícola. Pódense distinguir varias formas: a) Aldeas ou pobos grandes con casas xuntas, de feitura de vila, rodeadas de terras de labor segundo as necesidades: hortas, terras de pan, bosques, montes. b) Pobos formados por casas familiares rodeadas cada unha pola súa horta, pero formando un conxunto, c) Pobos de casas de vivenda e os edificios agrícolas no campo, d) Pobos que xuntan vivenda e edificios agrícolas no mesmo conxunto.

Influencia do progreso agrícola. Os graos de organización teñen certa forma. Inflúe a orientación da produción. Cal é a distancia dos campos á casa do labrador.

I.3º Poboación dispersa e que se establece en pequenas aldeas próximas. A concentración ou a dispersión está en relación á poboación do país.

Existe dispersión antiga e unha nova procedente de repartición de terras e de nova rede de camiños. Unha vila comercial pode crear unha forma de dispersión no seu arrabalde. A parroquia galega é unha forma de dispersión de poboación.

Orixes dos tipos de poboación. 1º Cal é a influencia das condicións naturais. influencia do relevo, da natureza, do chan e da auga no chan.

II.1º - a) As condicións naturais determinan a forma inicial da poboación. En xeral o chan crea poboación concentrada e a montaña dispersa. b) Os terreos secos de pouca auga favorecen a concentración. Así como os húmidais. O bosque favorece a concentración. c) Os terreos graníticos de pouca altura predispoñen á dispersión. Así como as terras secas que se subministran de pozos.

Influencia das condicións sociais. Na orixe imponse certo tipo. Hai áreas étnicas. A seguridade e a defensa era decisivas. Están os tipos de poboación unidos aos réximes agrarios. Inflúe a densidade de poboación.

II.2º A influencia das condicións sociais é grande e variada. Cada pobo determina os cambios que determinan as condicións naturais.

a) Non é fácil opinar sobre as primeiras formas de poboamento. A tendencia é e foi xuntar familias nun clan. Pero as formas do chan tiveron parte importante nesas primeiras formas

b) Quizais poida haber, de acordo co economista alemán August Meitzen[115], un desexo propio de cada raza. Este autor sinala a forma dispersa é a natural nos celtas e xermanos. E en todo centro Europa.

c) En certa maneira e en pequeno grao. Tamén hai grupos illados e fortificados como pobos grandes. A Galicia medieval tiña unha poboación dispersa. Lembrar os castros e as citanias.

d) A gran propiedade e explotación determinan a concentración. Os traballadores adoitan xuntarse en vivendas próximas. Os romanos xuntaban aos colonos.

e) Debe ser secundario. Considerar antes a extensión. As condicións físicas, a tendencia da raza, e a forma de cultivos e propiedade. Na Península Iberia os espazos de maior densidade de poboación son dispersos. É fundamental a presenza de vilas ou non. A vila moderna crea formas nas súas proximidades formas propias do campo. Co crecemento da poboación, hoxe crece a dispersión nos cintos das vilas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[115] Profesor e estatístico alemán (1822-1910)

Influencia do progreso agrícola. Os graos de organización teñen certa forma. Inflúe a orientación da produción. Cal é a distancia dos campos á casa do labrador.

II.3º É un a condición importante, pero sometida ás condicións naturais.

a) O estado nómade dos xermanos que describe Tácito, os irlandeses do século XVI e galeses do Medievo, crean poboacións segundo as migracións de forma espallada. Moitas aldeas da Idade Media en Galicia están nesta situación.

A agricultura extensiva dá hábitat concentrado. A intensiva é de forma dispersa.

b) A regra de explotación trianual, cereal de inverno, cereal de verán e barbecho, produciron burgos concentrados.

c) Os cereais, dan hábitat concentrado, os pastos, os froiteiros e as hortas espalladas

d) As formas esenciais das hortas están ao pé das casas, segue os sotos e os bosques. É a regra xeral en Galicia. As viñas están en vagadas lonxe da casa, con lagares e adegas.

Repartición Xeográfica dos tipos. 1º Foi sempre o mesmo. 2º Na historia da colonización agrícola dos países hai certos tipos, 3º Hai tipos na prehistoria. 4º Cal é a forma nos países colonizados.

III. Neste epígrafe, repartición xeográfica do hábitat por tipos, os seu catro puntos precisan un estudo histórico. A romanización concentrou e as invasións xermánicas dispersaron. En Galicia os cambios non foron grandes e sempre dominou a dispersión. Nos novos países provistos de camiños e comunicacións para colonizar predomina a dispersión de grandes granxas.

Relación dos tipos de poboación con outros feitos da Xeografía do home. 1º Hai relación entre tipos de poboación e tipos de casas

IV.1º No hábitat concentrado as casas tenden a ser altas, na dispersión quedade á altura do chan.

Hai influxo do tipo sobre a economía rural.

2º A dispersión multiplica a variedade de cultivos, favorece a produción caseira de conservas, o desenvolvemento de variedades de gando e a pequena industria rural e o cultivo intensivo de pequenas parcelas.

Hai influxo sobre a organización social, relacións, costume, ideas.

3º A dispersión garda as tradicións agrícolas, o sentimento relixioso, a organización patriarcal da familia, e a creación de unidades de traballo do agro. É unha forma conservadora apegada ao chan. A transformación dos sistemas de comunicación faise sobre o mapa do espacio habitable. A poboación dispersa non perderá as súas características étnicas.

Conclusión. Os estudos hanse de facer sobre rexións ben delimitadas

A conclusión do cuestionario leva en si a resposta. Pois é necesario un estudo preciso de todas as rexións, que resolva as preguntas sobre o hábitat labrego que están na historia da xeografía. Para unhas mellores respostas é necesario tamén un estudo da literatura xeográfica, pero, nos di Otero levaríanos demasiado lonxe. Pero o obxecto é estudar a poboación labrega de Galicia coas súas particularidades. E facer a comparación con outras rexións.

Ese cuestionario poido servir de eixo do Seminario? Penso que non na súa integridade, aínda que hai cuestións esenciais. Pois en Galicia temos unha unidade vital antiga: a parroquia. Por iso debemos estudar todas as parroquias cun método seguro. Outros pensan que se debe empezar polas rexións naturais. Pero a falta de traballos cartográficos, xeolóxicos, agrícolas, climatolóxicos, de asentamentos, etc.., fano inaceptable. Por iso unha vez estudadas as parroquias é fácil dispolas en rexións naturais. Estas son reflexión que fai Otero. Otero reflexiona sobre o método de estudo no Seminario de Estudos Galegos que dirixe. Pero clarifica que Galicia é particular polas súas parroquias e establece unha xerarquía no seu método das parroquias á rexión natural.


USC DE COMPOSTELA

Pero no estudo das características da vivenda labrega, incluiremos o pazo, pois está situado no chan agrícola. E ese estudo ten os apartados seguintes:

1. A casa como vivenda.

Materiais de construción: granito, lousa, cuarzo, barro, barro e palla, madeira, tella. En planta: fachada, laterais e traseiras. Cubertas con faiado, de tella, lousa e palla. Organización de planta baixa ou altura con comunicación entre elas. Iluminación e ventilación por xanelas, balcón, solaina, bufarda. Dinámica de vivir: cociña en planta baixa con saída de fumes.

.



2 NÓS

Probremas de Xeografía Galega

NOTAS EN COL DAS FORMAS DE POBOAZÓN LABREGA

PARROQUIA DE TRASALBA

a) Posición, liñas xerás do relevo. — Relacións naturás.

Por ser a parroquia de Trasalba unha terra de marcada transición, faise preciso, denantes d'enxergala n-un estudo xeográfico, iscribila no mais espallado conxunto de países de bocarribeira e de ribeira, cos que mantén relacións intensas e naturás. Consideremos duas grandes rexións ben difrentes: o val do Miño central e as terras que dende seu beizo dreito vanse erguendo mainamente hastra o circo de outuras que demarcan pol-o Norte e Poente a sua rexión hidrográfica. O val do Miño dirixe o dinamismo topográfico en xuntanza c'a erosión da atmósfera traballando riba da peneda esquistosa ou mais xeralmente, graniteca. Dend'o pé das serras (Martiñá, outuras pouco detreminadas hastra o Foxo do Cabrito, Testeiro, Paraño, Suido e Faro d'Avión c'as derivacións d'iste hastra o propio remate do val médeo do Miño) baixa o releve en formas pouco esporentes nas que non é doado precisar os lindeiros onde remata a montana pra se fazer bocarribeira. Pol-a comunidade de composición das rocas obrigadas dend'as mais lonxanas eras xeolóxicas a longos cicros d'erosión d'un aire mollado, é lei xeral da facies xeográfica de Galiza a costante interferenza de carauteres topográficos. As rexións van esmorecendo unhas nas outras por faixas e penetracións, millor que por demarcados lindeiros. As augas nadas no arco montanoso e sub-montanoso vanse ordeando en vals que ô comenzo son simpres sucos pouco notados no doce releve do chán, mais que asegún van chegando ô seu común nivel de base (o val do Miño) crian sistemas de vals, fondos, craramente artellados en quebradas e valciños e regatos de paisaxe ribeirán. A fartura topográfica dos vals medra do Oriente car'o Ocidente. Abonda meditar na sinxeleza dos vals afluentes dend'os Tres Ríos a Sta. Cruz d'Arrabaldo (río da Barra, por cix. comparado co longo afundimento do Barbantiño no cerne das bocarribeiras e sobretodo c'a rede de vals francamente individualizados que se xuntan no do Avia. Outra nota difrencial é a seguinte: os afluentes do Avia son moitos d'iles (Viñao, Avión, Arenteiro, o mesmo Avia) criados na montana c'un grado adiantado d'evolución morfolóxica, namentras os outros non s'amostran superiores na rexión inframontana, ás quebradas e regueiros que se xuntan n-iles. Compárese o val do Barbantiño en Río co do Viñao no Irixo. Iste, ô pé dos montes, amostra un val cavado que dirixe todal-as feituras da sua esfera d'atraición namentras o Barbantiño pouco interrumpe o maino derrame das terras e non se distingue tanto das quebradas afluentes. Dentro d'estas terras d'espallados hourizontes (Peroxa, Vilamarín, Amoeiro, Cea, Carballiño, Beariz, San Amaro, outo Ribeiro) hai unha semellanza de carauteres que non privan os propios de cada unha, ben notados no folk-lore e na opinión popular. A Peroxa, ollada dende lonxe, amostra os carauteres d'un penichao chegando á madureza (perfil cuase reuto no hourizonte, quebradas ampriamente relacionadas), mais compretamente difrente do val do Miño. As terras de

Figura 4.14. Revista Nós. 15 de outubro de 1927

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2. As construcións auxiliares á casa do labrador.

O patio, circular, dianteiro, lateral ou inferior. A auga, de pozo ou fonte comunal. As cuadras no baixo da casa, ao redor dun curral, con variacións impostas polo tipo de animais. Os almacéns ou celeiros: hórreos, palleiras, adegas, liñeiras, coa súa arquitectura en relación á vivenda principal. Os locais de traballo de industrias agrarias: fraguas, carpintería, zapatería, tenda, lagares.

3. Elementos artísticos.

A ornamentación de pedra, de cal, madeira, en portas, solainas, xanelas. Pintura de cores. Acaba aquí a contestación ás preguntas da enquisa e remarcadas algunhas peculiaridades de Galicia.

Aquí podemos dicir que estou moi apegado á obra de Otero e case respectamos a súa literalidade. O que se pretende é mostrar a súa xeografía, e ese traballo que son as respostas de Otero ao cuestionario proposto son un relatar das observacións feitas pola súa investigación. O máis ben, as da sección de xeografía do Seminario de Estudios Galegos

Inicia no número 46 da revista *Nós* un estudo da parroquia de Trasalba co seguinte esquema:

> a) Posición, liñas xerais do releve. Relacións naturais
> b) Rexión dous cotos.
> c) Rexión dous chaos.
> d) O val da Bergueira e ou seu contacto co-a rexión dous chaos.
> e) As costas.
> f) Condicións climáticas - As augas
> g) A vexetación
> h) Paisaxes xeográficas: O Rodeiro. Rexión dos chaos. Rexión de contacto dos chaos e o val. Terra das campas abaixo. Paisaxes das encostas.
> i) Vida económica
> j) Condicións históricas
> k) A casa. A casa labrega.

E inclúe dúas fotografías e dous esbozo, un do cotos de Rodeiro e o outro no val da Bergueria:

No número 48 continúa co esquema:

Fala das condicións climáticas, das augas e da terra. A vexetación. O Rodeiro. Paisaxes Xeográficas.

No número 49 prosegue con Trasalba e coas paisaxes de cada rexión:

Rexión dos chaos. Rexión do contacto dos chaos e do val. Terra das campas de abaixo. Paisaxes das encostas.

No número 51 fai mención da vida económica da parroquia e inclúe un plano topográfico da parroquia de San Pedro de Trasalba. No número 52 prosegue o estudo económico coas industrias, o comercio e termina este apartado coas palabras seguintes:

> Pra rematar: ou vivir necesariamente labrego dá parroquia atópase na superficie orientado dun xeito crecedeiro cun censo vilego que non leva ningún remedio vos males sociais dá parroquia pois non se cimenta na comprensión dás condiciós esenciaes do vivir

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 4.15. Plano topográfico da parroquia de San Pedro de Trasalba




Figura 4.16 Cotos de Rodeiro e Val da Bergueria

E prosegue cun estudo histórico da parroquia.

No número 53 da revista finaliza este ensaio co estudo das características da casa galega: os seus materiais, a planta, o alzado, a cuberta, a organización vertical, a dinámica do vivir doméstico, as construcións anexas á casa, o patio, a auga, as cuadras e anexos, os hórreos e os elementos artísticos. E inclúe dous debuxos:

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Figura 4.17. Casa labrega



Figura 4.18. Cabaceiros

E dúas fotografías:



Figura 4.19. Un pazo

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Figura 4.20. A casa moderna

Habemos de dicir que este ensaio e sobre todo a parte referida ao estudo da parroquia de Trasalba é e foi un exemplo e modelo de case todos os estudos posteriores das parroquias galegas.

O ensaio remata co desexo seguinte:

> Damos por rematado iste traballo adicado ó noso Seminario de Estudos Galegos, con mentes de estendelo a outras parroquias si Deus da tempo e axuda
>
> Ourense, 1928

Cabe preguntarnos se dariamos as mesmas respostas a este cuestionario que Otero deu no ano 1828. Pois ben, podemos dicir sen lugar a dubida, que a primeira razón de participar no citado congreso xeográfico, foi marcar a presencia dunha xeografía galega e sobre todo feita en galego. E nunha primeira ollada podemos dar unha resposta afirmativa. Sempre tendo en conta o método descritivo é a ferramenta para o estudio dos feitos xeográficos en aqueles días. Logo, son ben definidos os chamados modos de habitación rural. Así como os modos de concentración e dispersión do poboamento. Eran os de aqueles días. En canto a influencia das condicións da natureza e das condicións sociais nos tipos de poboamento. Otero segue o seu mestre Vidal de La Blache. Remarcando que as diferencias sociais e as xeográficas deixan a súa pegada na vida dos homes. Temos que rexeitar a linguaxe de diferencias de razas étnicas, inaceptable a día de hoxe. E na conclusión coincidimos na decisión de ter que realizar estudios xeográficos por rexións e comarcas.

En canto ao estudio da parroquia de San Pedro de Trasalba, temos que dicir que é un exemplo para os posibles estudios de calquera parroquia de Galicia. Sitúa a posición xeográfica. As liñas xerais do releve. Identifica as pequenas rexións diferenciadas por accidentes xeográficos. O clima, A vexetación. Describe as paisaxes. Nos conta a vida económica relacionada coa historia. E remata cun estudio da casa labrega. Este esquema sendo moi completo botase en falta unha referencia as relacións da parroquia co resto do concello de Amoeiro. Temos que dicir que Otero considera a parroquia galega como unha unidade de autosuficiencia e sobre todo en aqueles días.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1.7. Paisajes y problemas geográficos de Galicia (1928)

Esta obra: *Paisajes y Problemas geograficos de Galicia*[116], foi publicada no ano 1928 pola Biblioteca de Estudos Galegos e editada pola compañía Ibero-Americana de Publicacións. O prólogo é de: D. Pío Suárez Inclán, presidente da Real Sociedade Xeográfica. A obra está escrita en castelán.

Nesta obra Otero comeza a reflexionar sobre os feitos xeográficos, a paisaxe, as rexións naturais, a parroquia, as vilas e cidades, e iníciase na descrición de itinerarios, vemos pois que o seu índice que é:

> I. El paisaje geográfico.
> II. El problema de las regiones naturales.
> III. Formas de población rural: La parroquia
> IV. Las villas y cuidades
> V. Itinerario de Ourense a Santiago
> VI. La interpretación artística del paisaje gallego.

No prólogo desta obra Suárez Inclán nos comenta referíndose a Otero:

> Con proveitosa perseveranza e sagaz xuízo analítico, investiga no campo da Xeografía, con salvoconduto tan honroso como o seu título de correspondente da Real Sociedade Xeográfica madrileña, e publica, sobre temas xeográficos, obras de alto interese como a soada "Guía de Galicia" e o modernísimo ensaio "Xeografía parroquial: Trasalba".

Continúa o prologuista do libro.

> El libro *Paisajes y problemas geograficos de Galicia*, que tengo el honor de presentar, es un índice completo y nuevo de las múltiples cuestiones que plantea el más ligero análisis de las características geográficas del Noroeste peninsular. Científicamente es digno de elogios, por cuanto afronta por primeira vez una serie de problemas que aquí quedan esperando la discusión serena y la confrontación desapasionada.

E é forzoso confesar que Otero se adiantou moito en España, 1928, onde cada vez eran máis frecuentes os libros do que puidéramos chamar literatura xeográfica, punto medio entre guías líricas e os tratados universitarios. Estas afirmacións escritas en 1928 denotan e confirman que Otero iniciou un camiño, e así que debemos recoñecerllo.

Pasamos a analizar os capítulos II, III, IV, e V, o I e o VI abordarémolos nos apartados correspondente á paisaxe desta tese

O problema das rexións naturais

No capítulo II do tema das rexións naturais, Otero expón o problema da súa definición, e dinos que non tenta resolvelo. Pois require un estudo preparatorio, unha cartografía de todos os aspectos xeográficos e un método firme e elástico para agrupar sen desarticular os matices, porque, a unanimidade dos caracteres do país galego só se diversifica nas zonas de atenuación. As características exprésaas a toponimia, e tentará describir Galicia por rexións, pero inspirado nunha realidade pouco cientificamente coñecida. Fainos unha afirmación:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[116] O exemplar estudiado é da edición de 1926 propiedade do autor deste tese.

> O mesmo concepto de rexión natural non está fixado dun modo definitivo na Xeografía.

En Galicia dominaría o criterio da altitude traducido na morfoloxía e asi teriamos os tipos de: costa, terra baixa, penillano e serra. Así individualiza as seguintes rexións:

I	Sierras y valles do NE. Gallego.
II.	Mesetas lucenses.
III.	País de Lugo y las tierras de Sarria y Lemos.
IV.	Valle del Miño desde Portomarín a Los Peares,
V.	Región cantábrica.
VIN.	Tierra de Ortigueira.
VII.	Zona montañosa de la Galicia central y la orla de Las Mariñas.
VIII.	Las Mariñas.
IX.	Países al Norte de la liña del Tambre.
X.	Países entre el Tambre y el Ulla.
XI.	Tierras de Camba, Deza y Trasdeza.
XII.	Tierra de Montes.
XIII.	Rías Bajas.
XIV.	El valle del Sil.
XV.	Regiones del Miño central.
XVI.	Macizos centrales de Orense y sus regiones dependientes.
XVII.	El Miño inferior.

Estas 27 rexións son descritas e delimitadas polos seus accidentes e factores xeográficos, pero Otero non realiza o correspondente mapa cartográfico. Cabe neste momento preguntarnos porque Otero non realiza cartografía das súas descricións xeográficas. Nós pensamos que Otero diferenciaba entre o cartógrafo e o xeógrafo polos seus distintos labores científicos. Otero dispuña de cartografía de Galicia e usábaa para o seu facer de traballo científico e literario. Pois ademais do Fontán en Trasalba hai unhos cincuenta exemplares de mapas e cartografía a escala 1/50.000 do Mapa Topográfico Nacional a maioría da provincia de Ourense e de varios lugares de Galicia. Quizais a súa visión unitaria da xeografía de Galicia e as súas afirmacións en contra da delimitación *artificial* e administrativa das catro provincias galegas, facíalle pensar innecesario o delimitar nun mapa as rexións naturais, pois iso está no común das xentes que sabían e vivían na súa delimitación. Desta cuestión xa escribimos máis arriba, e volveremos a ela ao redactar os resultados, discusión e conclusión da xeografía de Otero, aquí só cabe dicir que o mestre está en 1928 e cumpre o seu obxectivo de expor os problemas xeográficos para iniciar a súa xeografía de Galicia.

O terceiro problema que aborda Otero é o estudo das formas de poboación rural e en concreto a parroquia. Ademais de todas as formas de agrupación humanas que viven da actividade agrícola e as industriais que se derivan daquelas. Pois, a forma de aldea bástase a si mesma, encerra un ciclo de autosuficiencia. A aldea fabrica o viño. Tece o seu liño. Seca castañas. Destila augardente. Traballa os apeiros de labranza. Moe os grans. E agréganse todo o derivado da gandería. E téñense oficios: canteiros, carpinteiros, zapateiros, etc., Nas zonas de montaña todo concéntrase na familia. A vila e a cidade teñen un fundamento económico do comercio formando o mercado e o camiño.

Dinos que, os xeógrafos empregan os termos de poboación concentrada e dispersa, pero non ben aplicado ao caso galego. Pois son os feitos sociais e a historia os que dan un resultado cambiante de cada punto do mapa. a pesar dos matices pódense distinguir formas predominantes: aldeas e pobos grandes, rodeados de terras de labor; pobos constituídos por

USC

casas familiares, cada unha no centro da horta; pobos integrados de casas de só habitación, que no campo levantan edificios para uso agrícola; pobos que no mesmo conxunto reúnan habitacións e edificios de labranza.

Na poboación dispersa pódense dar casos anteriores. Pero hai terras de difícil acceso e relevo. A dispersión será antiga, medieval ou moderna cunha rede de camiños.

Son determinantes as condicións do país. As opinións van desde o determinismo Ratzeliano ás que negan aos axentes naturais toda intervención. A escala é variadísima das formas de agrupación. As chairas favorecen a dispersión e as montañas a dispersión. Os terreos secos predispoñen a concentración e tamén o bosque. A poboación se establece ao longo dos vales. Os relevos graníticos convidan a dispersión.

Estas ideas son as propias dun xeógrafo que observa a realidade da paisaxe e clasifica cada forma dos asentamentos. El o fai e fundaméntase no determinismo de Ratzel.

Pero todo depende das configuracións topográficas de cada país. Holanda é un caso singular. Segundo a teoría de August Meitzen[117], nos países xermánicos a forma é concentrada e nos celtas é a dispersa. Escocia, Gales, Irlanda e Bretaña. Pero pode influír calquera feito de Xeografía Humana. Pois as necesidades económicas tamén mandan en Europa á hora de concentrar poboación. E as defensivas ao longo da historia.

Dinos Otero que en Europa occidental a regra da explotación agrícola trianual: cereal de inverno, cereal de verán e barbéecho, é condicionante e influente na concentración. Pero desde a alba dos tempos as vilas e as cidades foron consecuencia da adaptación aos accidentes da facies xeográfica: o tapiz vexetal, as formas costeiras, os chaos agrícolas, os penillano elevados, as pendentes montañosas, e as serras inhóspitas.




Figura 4.21. Paisajes y Problemas Geográficos de Galicia

Pero aquí en Galicia nada se pode comparar coa denominadora célula social. A parroquia subsiste a través de todos os cambios administrativos. Elas só agrupan parroquias ou as separan. Os municipios galegos tentan cristalizar volumes artificiais da viva poboación rural.

Formas de poboación rural: A parroquia.

Otero nos fala da parroquia no capítulo III. Polos seus aspectos e extensión as parroquias varían extraordinariamente, pero a esencia é a mesma: un grupo de pobos ou lugares suxeitos á mesma igrexa. Grande ou pequena, rica ou pobre, campesiña ou mariñeira. A parroquia vive ao ritmo do tocar das campás. Habemos de lembrar que estamos en 1926. Pero hai algo máis profundo e esencial desde o punto de mira de Otero. A parroquia é unha especie de comunidade espiritual. O galego é

[117] Estatístico e profesor alemán (1822-1910)

sempre de tal ou cal freguesía e aos seus veciños considéraos no radio de acción das súas tarefas comúns do campo e as festas locais.

A parroquia componse de pobos e lugares, grupos de casas, instaladas no centro de cultivos, organizadas segundo as formas do chan. Os lugares son anteriores ás parroquias e poden morrer por emigración, transformación de vida, extinción de familias ou nacer novos lugares. A parroquia non morre nunca. Ou pode ser anexo a outra.

Nada é máis variado que a extensión e o carácter do chan da parroquia. Nas rexións de montaña adoitan ser máis grandes pola propiedade do monte comunal e aproveitamento gandeiro. O cadro de cultivos é variado. O lugar da capitalidade é o que conserva a igrexa. Os camiños modernos de 1928, crean series de casas e desconcentran lugares. Este fenómeno dá orixe a algunhas vilas.

O tipos de parroquias son: de ribeira, de bocarribeira ou chao, de costa, e de montaña. Así pasa describir a parroquia de Santa Cruz de Arrabaldo no municipio de Amoeiro como tipo de ribeira. Santa Eulalia de Augada en Carballedo de tipo de montaña. As de Paio en Vigo e Niñóns en Ponteceso de costa suave e costa brava respectivamente. As cales describe e estuda xeograficamente. A continuación, faise a seguinte pregunta:

> Foi sempre o mesmo tipo dominante na forma xeográfica da poboación galega? Pode responderse afirmativament*e.*

Otero dinos que na orixe os castros e as citanias chegaron a ser as parroquias cristiás e que elas foron unha confirmación á adaptación dunha facies anterior. Os señores da terra e a Igrexa ampliaron eses lugares. Iso confirmado pola rica toponimia de orixe celta, xermánica e latina. Achega unha listaxe de nomes por posición e relevo, por vexetación, por abundancia de animais, estrutura de pobos, oficios, etc. E fai necesario o realizar o estudo de toda a toponimia galega partindo do. "Onomástico geográfico" que escribiu no século XVIII o P. Sarmiento.

Na parroquia pódese desenvolver un núcleo de diferentes actividades das agrícolas, a vila. A aldea chega á vila polo mercado e ás veces con orixe nunha tenda ou un mesón, iso leva a desenvolver pola vida moderna novas construcións e camiños.

Logo Otero remata este capítulo dicindo que ten que realizarse un estudo das características da casa campesiña da cal hai varios tipos e cada un con múltiples variacións: de costa, do val, da montaña. Pola súa forma rectangular e tellado a dúas augas, as circulares do Cebreiro todas de planta baixa. Polos seus materiais: granito, lousa, canto rodado. Tamén debería estudar o pazo. Si como a distribución de aproveitamento comunal do pasto e o bosque.

As vilas e cidades

Ao estudar no capítulo IV as vilas e as cidades, Otero nas primeiras liñas nos di:

> Los pequeños centros urbanos imprimen por su variedad y dinamismo una característica esencial al paisaje humano de Galicia.

Ademais é extremadamente difícil a súa determinación e a súa clasificación, pois estamos ante unha cousa viva, que non definen as categorías administrativas. Cunha poboación tan dispersa en Galicia é difícil precisar onde empeza a vila e onde empeza a cidade. A cidade é un centro urbano máis antigo, cabeza dun extremo do país, ten vida propia e superior á dunha aldea; ten un radio maior de influencia e acción e un certo prestixio espiritual e civil. A vila é froito dun mercado e dun camiño depende da vida campesiña, pero non se confunde coa aldea.

USC

Hai vilas históricas, cita Allariz, Ribadavia e Monforte nos séculos XIV e XV, que non eran bispado, e outras que incrementaron a súa vida de relacións desde mediados do século XIX. A vila non é o chanzo superior ao que tende a parroquia, pois ela ten vida propia e as súas raíces están nas actividades agrícolas e as súas industrias derivadas do agro e o mar.

Descrición moi particular de Otero, clasificando vilas como os asentamentos con certa historia, e as aldeas como centros de vida agrícola e campesiña. Pois en termos xerais temos vilas con pouca historia e aldeas sen vida agrícola.

A aldea non deixará de ser se non intervén un axente exterior: o mercado e o camiño. É dicir, para que xurda unha vila as enerxías de relación deben concentrarse nela. A parroquia ten a súa pequena tenda, a súa taberna e algunhas casas na estrada. Pero si non nace unha clase de habitantes que non dependan do campo e si da industria e o comercio non nace a vila.

Aquí vemos que a análise de Otero é propia da súa observación e reflexión e estas ideas e conceptos serán despois plasmados nas súas novelas ao contarnos a vida das parroquias, aldeas e cidades. Este proceso describirao coa vida, características de paisaxe e historias dos seus personaxes.

Na súa época xa se iniciaron nos séculos XIX e XX estes procesos de humanización e urbanización, créanse vilas e nelas os barrios. Este proceso é máis explícito nas aldeas costeiras, coa creación de peiraos, portos, diques e industrias derivadas do mar.

O castelo e o mosteiro foi tamén a orixe de vilas. Non é o caso de Monfero, San Esteban de Ribas de Sil, Armenteira, Oia, Oseira, Sobrado dos Monxes, centros poderosos que non crearon vilas. Quizais polo seu abandono desde a desamortización.

Nos conta a influencia dos mosteiros nas obras que fixeron. Pontes, lagoas, camiños. As veces o castelo está preto do mosteiro, como en Monforte de Lemos, Verín.

Fai a continuación unha descrición da entrada en Galicia polas Portillas en A Gudiña.

De Ribadavia nos di que é unha vila digna ser cidade como cabeceira da comarca do Ribeiro.

Temos outra entrada en Galicia por Valdeorras. E o camiño de Santiago.

Nos di que o problemas das vilas se complica nas costas pola intensidade da vida humana que teñen, a pesca e os portos. Aquí evoca a historia e vida mariñeira de cada ría, pois pensa que temos que separar as vilas mariñeiras das industriais.

Itinerario de Orense a Santiago

O capitulo V empeza así:

> Para completar de alguna manera estas rápidas indicaciones sobre la fisonomía geográfica de Galicia, daremos forma a las notas de un viaje a pie realizado desde Orense a Santiago de Compostela en el mes de julio de 1926. En los cuatro días de camino apreciamos una vez mas muchos de los matices del paisaje de la Galicia interior. Tierras de valle, de chao, de montaña aldeas y villas de diferentes tipos.

O viaxe ten cinco etapas, 1) Orense - Amoeiro, 2) De Amoeiro a Carballiño. 3) Carballiño a Silleda. 4) Silleda a Ponte-Ulla. 5) De Ponte-Ulla a Santiago. Este capitulo está cheo das descricións da paisaxe e as características das vilas e pobos dos itinerarios. Esta maneira de facer xeografía, contando unha viaxe polos vieiros da paisaxe de Galicia, é unha cousa que Otero repite nos itinerarios da *Guía de Galicia*, e no libro de *Pelerinaxes I.* Sen embargo, o itinerario aquí descrito é moito máis paisaxístico e espallado na contorna, pois céntrase nas formase na vexetación. Na *Guía de Galicia* os itinerarios seguen preto da estrada e Otero introduce, neste de Ourense a Santiago, as historias dos mosteiros de Oseira e San Lourenzo

de Carboeiro. E no libro *Pelerinaxes* a compoñente etnográfica e das costumes dos pobos é o máis significativo. Pois, xa que logo, o facer itinerarios a pé e súa posta por escrito é un método querido por Otero, nestes itinerarios debe buscarse a *Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.*

Temos a mellor das conclusións sobre este libro de Otero Pedrayo, foi aquela que o seu discípulo Francisco Javier Río Barja nos deixou no seu artigo titulado: *A personalidade xeografica de Otero Pedrayo.*

> Reparemos sinón no seu libro "Paisajes y problemas geograficos de Galicia" , preñado de infinitas suxerenias, onde, á beira de unha interpretación, única e inigualabele, das paisaxes galegas, trázanse e bríndanse os problemas capitás pra acadar unha definitiva Xeografía de Galicia.

4.1.8. Xeografía, economía (1929)

Estamos en 1929, Otero xa ten escritos sete ensaios sobre temas e problemas de Xeografía. E ao través dun artigo de prensa a cinco columnas, no suplemento 1 do xornal *El Pueblo Gallego* con data do 1 de xaneiro de 1929, Otero nos mostra case un pequeno ensaio titulado: *Xeografía, Economía.*[118] O artigo comeza así*:*

> Fai tempo que non se estila a interpretación económica da historia. En troques faise cada día máis urxente e precisa a interpretación xeográfica da Economía. O mundo vixilante apalpa con tino a súa enerxía cósmica para aproveitala co millor rendemento posible. Pasaron os días dos ensaios aventureiro; tódalas ciencias xeográficas teñen chegado a un estadio de madureza e seriedade que obriga a seguir as súas indicacións. Os temas do agro, do comercio, da industria, deben considerarse en función da xeografía.

O artigo ten cinco apartados:

> Diante das cuartillas
> Punta de Europa e latitude de interferencia
> O millor torrón.
> Val, chao, montaña

E moi significativo como Otero utiliza a técnica de colocar títulos nos seus escritos, pois as máis das veces son simples metáforas do que ven logo, outras resume do que escribe, outras un titular significativo. Así ese *diante das cuartillas,* non é máis que a ironía das poucas ideas coa brancura do papel, pois quere resolver o medo de tratar da Economía en función da Xeografía. Pois chega cun xeito pesimista a dicir:

> Pois, para dicilo francamente, dun golpe, nin dispoñemos dunha Xeografía, nin moito menos dunha Economía. Inda o millor mapa segue sendo a carta xeográfica de Fontán.

E para deixar ven claro o estado da cuestión, relata un conto que segundo os vellos de Ourense pasou noutro tempo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[118] A investigación realizase sobre a copia dixital de Galiciana

> Tócante as estatísticas un enxeñeiro e o seu axudante que viñan do ministerio de Fomento a facer unha estatística forestal da provincia... E sentados no casino de Verín o enxeñeiro ordena ao axudante que escriba na ficha do partido de Trivés, castiñeiros 3.450, carballos 7.848, nogueiras 463 . " Et sic de cactesis". O rematar, díxolle ao axudante: " agora que veñan a contar".

Así é a realidade das estatísticas que encontra Otero en 1929. E aínda máis que nos di:

> Organización que apenas recoñecen a personalidade da parroquia na Galiza, qué garantía poden ofrecer?

Pero Otero non perde esperanza, pois coas peregrinaxes pola terra galega e a axuda de Deus vai relatar algúns aspecto xeográficos da Economía galega. E comeza cun libro de Victoriano G. Martí, titulado: *Galicia, unha punta de Europa*, onde os seus homes levan ollos nórdicos e na sangue a enerxía da millor raza. Tamén nos recorda que Risco dixo que Galicia é o Sur de Celtia e o Occidente da Romanía. E termina o apartado dicindo:

> Nas campas galegas a sombra do bosque boreal chega o pe das viñas e nas hortas mesturase as poulas do laranxeiro mediterráneo coas da maceira armoricana. Un peirao da Europa, unha escala precisa nas grandes rutas do mundo. Galicia tense que valorizar en función planetaria polas súas esenciais determinantes xeográficas.

Temos aquí a teoría das orixes celtas do pobo galego, a irmandade con Bretaña e o ser un pobo da Europa. O seguinte apartado: *O Millor torron*, fai referencia a palabra normativa *terrón*, anaco de terra cuberto de herba, como a que levanta o arado. Otero se lamenta das condicións dos portos da costa e fala de Corme:

> Corme que ten setenta barcos, cerca de catro mil habitantes, e unha incomparable xente de mar, non desfruta no primeiro terzo de século vinte dun metro de peirao.

Ademais fala do estado das comunicacións dos portos co interior galego e di:

> Naturalmente cada ría grande ou pequena é o remate dun val, o relevo guía o seu aceso por terras. Con todo garandes arcos artellados da nosa costa non teñen doada relación co interior e servidos apenas por carreteras de tipo arcaico con por resto de Galicia "terra incógnita"

Aínda así, Otero fai un canto de Galicia como a mellor terra para a agricultura e a pesca e di:

> Na harmonía de beiramar coa Galicia puramente labrega radica un dos segredos da futura grandeza nosa.

Val, chao, montaña, tres conceptos xeográficos que definen os espacios do territorio de Galicia consecuencia das oroxéneses, e que Otero describe así:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> O cerne granítico e pizarrento deixouse esculturar ao decorrer das Eras xeolóxicas polo martelo da mar, a serra, dos ríos, os mil picos cantareiros da


Suplemento de "El Pueblo Gallego„

Xeografía. Economía

Figura 4.22. El Pueblo Gallego, 1 de xaneiro de 1929

chuvia, o vidal barreno das raíces, a mal química do aire, creándose un releve de infinda factura e variedade, traballado e humanizado, ademais, dende a primeira lurada histórica pola raza apegada, como poucas, o chan. Dinamicidade mecina e farturenta do vivir cósmico deste anaco de vello continente, dinamicidade que non consinte delimitar claramente as estaxes verticais mas rexións xeográficas.

E continúa coa descrición da xénese dos vales e montañas dicindo:

> Abonda unha boa exposición para que a costa penedosa se vista co fino bordado das viñas namentres na propia arela do río quizás un outeiral abriga a quebrada onde dorme un inverno nas follaxes do carballo. Viño e pan. Ribeiro e montaña.

Otero nos conta que temos diferencia entre os vales do Norte e do Sur. E fai unha oda do noso viño na veiga do Miño, nas abas dos cotos. E di que en moitas parroquias téñense desterrados outros cultivos.

> Máis pénsese en dúas cousas: a multiplicidade de pequenas vilas de certas rexións de Galicia cun tipo de grande ciudade espallada e dende logo pora o porvir coidamos que este modo de ser pende unha das garantías da grandeza de galega. E pénsese tamén que pasou fai moito o sinxelo artellamento dun pais agrícola e produtor dunha vila consumidora.

E nos fala do desconcerto da nosa economía:

> Asombra o desconcerto da nosa economía. No Norte de Galicia bebese viño de maragato, e o mesmo tempo, quizás non haxa na ribeira a quen vendelo.

E continúa mostrando a variedade de zoas xeográficas e agrícolas.

> Bocarribeira e montaña, terras de pan. Bos trigos escuros, centeos dignos de Europa xermánica. E unha dor que en moitas terras falle o fondo sombrizo do bosque boreal... Hai que crear o bosque pechado, sonoro, que rube e baixa polas abras das serras, e se afonda nas quebradas, e aguanta no alto pasar dos ventos. Ha de desaparecer a gándara deserta.

Otero analiza así a situación de entón da masa forestal e propón solucións.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Hai que criar o bosque pechado, sonoro, que rube e baixa polas abas das serras, e se afonda nas quebradas, e aguanta no alto o pasar dos ventos. Ha desaparecer a gándara deserta. Naturalmente deixados así mesmos repoboaríanse en xeral os nosos montes.

Cousa semellante e a análise *das formas da actividade económica*:

> O esforzo de todos hase guiar por ista arela: aproveitar os zumes do chan, as fontes de enerxía, a dinámica da raza nun grado e cun rendemento que fagan de Galiza unha forma necesaria no mundo económico, de tal xeito que sen ela non se poida espricar doadamente a economía mundial.

E nos di cal debería ser a condición esencial para conseguilo:

> Comunicar a Galicia entre si mesma. A serra e o val non han de seguir ollándose como patrias estrañas, nin a beiramar incomprendida no interior, os lindes provinciais han de trazar arbitrarias demarcacións. Para resolver iste problema abonda con obsérvalos feitos xeográficos e históricos fortalecendo en senso moderno as correntes de relación entre os pobos rurais dando vida legal ás parroquias, inmorredoiras nómadas sociais de Galiza.

E das vilas e cidades nos di cal sería o modelo:

> A materia urbana organizase de seu en constelacións de pequenas vilas, primeiro paso pra unha forma de poboazón á que aspiran os mellores cerebros do mundo cansos das grandes urbes que xa consideran en gran parte xigantes fracasos.

E fai unhas previsións sobre o futuro das aldeas.

> Os paisanos estraños na gran cidade entenden a pequena vila. E cando as aldeas estean dotadas de luz, de camiños e de hixiene ninguén fuxirá delas e crearase o que pola natureza está iniciado na nosa terra. Non compre dicir que tal angueira non se fai dende o decreto-lei e non se fundamenta nas estatísticas oficiais. Para ser vital ten que respectar e seguir as formas de vida do pais. Entón a forza económica de Galiza chegará a un alto desenvolvemento.

Otero non conta coa continúa emigración que se produciu ao longo do século XX do campo á cidade e ao estranxeiro, pois sempre pensou que se podían conservar as formas de vida agrícola das aldeas tal como el as coñecía. A pesares de que nos di que se ten que cumprir unha condición:

> A xente fuxiu dos pazos. Ten que volver á aldea para redimir e redimirse a si mesmos. Unha xeración nova que sentirá a urxencia do problema de Galiza poida facer o milagre en poucos anos.

A pesares deses desexos, tamén nos fala do potencial de Galiza polas condicións naturais para desenvolver unha economía produtiva. E remata o artigo dicindo:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Polas condicións naturais Galiza pode ser ata economicamente un país non so moderno, senón ultramoderno no sentido que xa comeza a apuntar o igual que unha alborada de consolo no mundo canso das grandes cidades, da

> concentración do vivir das neuroses bancarias. Unha luzada que procura as fontes eternas dos pobos e da natureza, máis fondo, máis sereno, máis idealmente humán ata na Economía
>
> R. OTERO PEDRAYO

Temos que dicir que cos datos que tiña Otero, o seu coñecemento da vida rural e ese sentido profundo que sentía de onde estaban as esencias vitais de Galicia, creía nunha Galicia desenvolvida economicamente sen deixar morrer a vida das aldeas.

4.1.9. Pelerinaxes (1929)

A obra xeografía que relata un viaxe que vai dende Ourense a San Andrés de Teixido en Cedeira, e que realizou a pé Otero en compañía de Vicente Risco e Xosé Ramón Fernández-Oxea, coñecido por Ben Cho Sey, e se relata no libro titulado: *Pelerinaxes I*[119], obra editada por a editorial *Nós Publicacións Galegas* en A Coruña en 1929 .

Uns galegos, nin turistas, nin deportistas, nos di Vicente Risco no prólogo desta obra, e ademais tamén nos conta:

> Eu non falarei tampouco do proveito científico destas viaxes, do que con isto gañan a xeografía, a etnografía e a socioloxía de Galicia….
> Máis neste pelerinaxe, anque se fagan traballos deses, o seu fito non está niso.

Para Risco o motivo da viaxe e a fe, alí, como en cada capela consagrada pola tradición popular. Otero vai escribir, Risco debuxar paisaxes, esbozos da arquitectura e retratos costumistas. Segundo o relato, a viaxe realízase en 8 días e un de volta en autobús. O itinerario de Ourense cara o Norte percorre o día 4 de xullo: Cudeiro no municipio de Ourense. Gustei, o Empalme, Cambeo, no concello de Coles. Pena de Reádegos, o Pazo, León, Río, no concello de Vilamarín. Lamas de Aguada, Barrela, Touza, Coedo, Buciños, Tresar de Sabugueiro, Tresar de Carballo, no concello de Carballedo; dia 5 de xullo: Xulfe, Comezo, Riazón, Nuxilde, Penasillás, Mouricos, Arguzón, no termino de Chantada. Xestosa, Meson de Campos, Suxá, Cerdeda, a Cal de Mourille, no concello de Taboada. Olveda, Pereiras, Moexa, Coira, Casas de Naia no concello de Antas de Ulla; día 6 de xullo: Esporiz, Bidouredo, Pedraza, no concello de Monterroso, Gresulfe, Vilareda, Palas no municipio de Palas de Rei. Día 7 de xullo: Lugo. A Robla, Outeiro, no concello de Outeiro de Rei. Rábade. Día 8 de xullo: Trobo, Galbor, no concello de Begonte. Vilalba. Dia 8"(!)" de xullo: Candamil, Cabreiros, no concello de Xermade. Pontes de García Rodríguez. Dia 9 xullo: Pasan polo O Caxado, no concello das Pontes de García Rodríguez, e os pobos de: Deveso, Insua, San Clodio, Cuiña, Ortigueira, Día 10 de xullo: Ortigueira, Mera, San Andrés de Teixido. Dia 11 de xullo: Cariño, Viveiro, Mondoñedo, Lugo e Ourense. Uns 190 quilómetros. Unha media de 23,8 quilómetros día. Pero o relato indícanos que as etapas finais fanas en autobús e automóbil, Pois Otero chega coxo a Ortigueira.

Pode exporse, como nos conta Marta González que prologa unha edición facsimilar de Edicios do Castro desta obra que é a edición manexada por min, publicada no ano xubilar de 1993, que existe o debate de se esta obra pódese clasificar como caderno de viaxes, guía turística, estudo paisaxístico ou relato dunha peregrinación. Pero o claro é que as viaxes a pé, e a xeografía que deriva delas, é son unha constante en Otero. *Pelerinaxes I*, debeu ser o inicio para outros peregrinaxes. Marta González cóntanos que tamén fixeron unha peregrinaxe desde Ourense a Compostela, nesa ocasión en 1926, os compañeiros de Otero foron: Otero, Risco, Lois Feixóo, Antón Sánchez, Florentino López Cuevillas, Alfonso V. Monxardín e Xabier

[119] Utilizase a edición facsímile de Edicios do Castro publicada en 1993.

Pardo, este último publicou o relato na revista: *A Nosa Terra* nos números de xullo de 1926 e abril de 1927. Viaxe que tamén relata Otero no capítulo V da Obra*: Paisajes y Problemas Geográficos de Galicia (1928).*

Como veño mantendo, os escritos de Otero sen abordar neles aspectos xeográficos non serían o que son. É por iso que, *Pelerinaxes I* e a *Guía de Galicia* son nesta tese incluídos no apartado de escritos xeográficos. Pois tamén os estudios paisaxísticos, as guías de viaxes teñen a súa pegada n*a Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.*

A ruta a San Andrés de Teixido iníciase o día 4 do mes de Santiago na praza do Ferro en Ourense, sempre coa dirección do Norte, e Otero nas primeiras liñas nos di do pai Miño:




Figura 4.23. Pelerinaxes I

> Os espellos deslustrados do Miño crébanse acantazados polos penedos e os coiñales. Comprobación da lei de Baer encol da evolución dos meandros

Esta referencia é xeografía de como se conforman os meandros dun río. Esa lei do biólogo e xeógrafo Karl Ernst Ritter von Baer[120], que nos postula que no hemisferio norte, a erosión se produce sobre todo nas ribeiras dereitas dos ríos e no hemisferio sur nas ribeiras esquerdas. Esta é a observación do xeógrafo cara a Ourense, ao Miño, desde as alturas da parroquia de Cudeiro.

Seguen por Sobral e Gustey, e comenta:

> Por Gustey vaise enchendo o peito co ar da bocarribeira, inda non ollan senón un segmento dos circos das serras, Onde remata a ribeira? Cambiante matización da paisaxe. Dificultade de pór os marcos: ribeira-bocarribeira-montaña. (...) Salgueirais, lameiros mollados, millo en torrón de lentura, e o voar mañanceiro das rulas dende os piñeirais dos cotos aos arboredos mollados no regueiro: temos a sensación da bocarribeira na ponte onde gastamos a segunda pousa da mañá.

Vemos que para Otero, o estudio das composicións da paisaxe é unha teima da súa xeografía, estamos en 1929, a dubida será resolta en 1954 no ensaio*: Sobor a paisaxe galega.*

Xa polo Gambeo:

> Están ben plantadas, coa confianza das institucións petrucias, as grandes carballas de valente tronco finamente enrugado e folla miúda, mimosa , de femia, ao fin, diferente da máis esgrevia dos carballos. Hai nos paisanos unha gradación estimativa das sombras: carballo, castiñeiro, piñeiro.

120 Xeógrafo alemán (1792-1876)

O chegar o val do Barbantiño nos di:

> Logo baixamos ao val mozo do Barbantiño. Nos penichaos docemente ondeados o valciño de lonxe apenas sinala encostas doces, tan doces que o torrón labrego non deixa lucir a pedra, e no medio delas unha banda de lameiros e correntes: o Barbantiño. Baixada pola frouma alapeada dos piñeirais; impresión de ribeira;

Ao camiñar por Barrela, Touza, Coedo, Buciños, no concello de Carballedo, nos di:

> Eiquí toda aterra é de nabeira. Os pobos, ben organizados arredor das prazas creadas polo cruce de camiños. Vivir invernizo, recollido, forte, sen as presas do verán e toda a maxestade petrucial do inverno, das castañas, do gando, das noites de contos e trazas das serenas labouras da montaña.

Van por Tresar de Sabugueiro, Tresar de Carballo, no concello de Carballedo. E nos di: En Viana, onde remata a primeira etapa nos conta da súa xente:

> O patrón, moi paisano, dos non encetados, parece un home de peito e de pro. Forte individualidade da terra pois estivo moitas vegadas na América e consérvase asegún dixemos: loiro, traballado, bigotes galos. A muller é morena, inda graciosa con esa pel lixada polas labouras do campo e da casa. Hai unha meteorización da pel asegún as profesiños e os medios que se debería estudar. Unha ponla da Antropoloxía, para debuxar nunha tese doutoral.

Vemos que o relato do primeiro día ten comentarios de xeografía, antropoloxía e fai descrición da paisaxe. Xa na segunda etapa o pasar por Nuxilde no concello de Chantada atopan varios carpinteiros, o que lle da pé a Otero para falar dos arbores que chama *célticos*.

> Os castiñeiros semellan máis grandes e ledos, espallan o caracocho e a gloria das ponlas no agarimo da orballeira.(...). Esta árbore tribal e petrucial solemne e maina, no seu florecer a derradeira, a soa en gardara follateira cando os outros bruan espidos ao ventos dos Santos, acouga en soutos bastos e fortes tódolos lugares desta terra.(...) O carballo parece máis xermano.(...) O bido, árbore da Céltiga do norte e da outra; o castiñeiro, tamén céltigo máis da terra máis meridional e baixa, inda montañosa.

En Arguzón tamén en Chantada, Otero fai una síntese xeografica:

> Agora é tempo de sintetizar un pouco. Interpretación do pais que cruzamos dende Lamas a Arguzón : unha especie de val lonxitudinal ao Faro cavado polas augas inda vagarosas que baixan da montaña e máis á dereita organízanse en ríos formais cara o Miño; algunhas quebradas subsecuentes impoñen a dirección xeral. Verdecente, arboredo, farto de augas novas e froitos da montaña, ben bañado polos soles nacentes, enfreado no serán pola sombra do Faro.

En Mesón de campos e Xusá: Otero fai unha aclaración e nos di:

> Hastra eiquí un calco do Fontán foi o noso conselleiro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Volvemos a dicir que o Fontán e o mapa guía de Otero cando fala de xeografía e paisaxe de Galicia. Esta segunda etapa remata na vila de Monterroso onde cean troitas e un bo xamón, ao que Otero fai un canto en hexámetros.




Figura 4.24. Pazo e paisaxe

E describe a vila Monterroso:

> Monterroso, capital da Ulloa, organizase dunha maneira disforme coa maioría das vilas galegas. Hai anacos que son lugares campesíos, outros que medran correndo ao longo das estradas. O gran e pazo dos Salgado, (coñecido por pazo de Lax*e)*, preside a un dos máis vellos. Máis o sinekidsmo (unión de lugares distantes para facer unha vila) da vila foi obra dos campos da feira. Mercado aberto a todos os camiños, del naceron as tendas, mantéñense os oficios e xurdiu a organización da xustiza e administración. Por iso as distancias longas dentro da vila.

Na terceira etapa, alí, en Monterroso Otero nos fai un canto das feiras da vila, as súas casas, un pazo, unha tenda, o barbeiro e a igrexa. Pasan por Esporiz e Otero nos fala dos condes de Amarante fundadores da igrexa do pobo, tamén ven a igresiña de Bidouredo e Pedraza e chegan a Palas de Rei, fin da terceira etapa. E nos fala desa vila e nos di:

> Aniñada nas terras verdecentes da montaña, unha montaña e tipo entre chaira e a abombeada nas serras. Este verdor de Lugo é outra cousa do de beiramar, e o ourensán. Un verdor denso, forte, indiferente, mollado de augas constitucionais.

A cuarta etapa collen unha berlina, e conta Otero que sería millor non falar desta etapa , pero ten que ser fiel cronista. Cruzan o río Ferreira en Guntín de Pallares pola ponte de Meixaboi. E chegan a Lugo, onde pasean moitas vegadas as rúas do centro. Otero describe a catedral Visitan a igrexa de Robra. Pasan por Outeiro de Rei. E van durmir en Rábade.

Comeza a quinta etapa. Están na Terra Chá e Otero di:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Xeograficamente a Terra Chá é propiamente a que ten por centro a Castro de Rei, máis en realidade tamén se pode chamar así a terra vilalbesa. Un escudo que ergueu ao ceo os cen brazos de granito da terra. Un peito abombeado mainamente na respiración cósmica da Galiza.

Pasan por Vilalba e de alí as Pontes de García Rodríguez. E de Vilalba e de Mondoñedo conta Otero:

> Vilalba. Clara e xentil urbanidade, limpa historia de señores, puras augas, verdecer orballeirado da campía. Raíña do planalto alongado, debuxa a octógona torre como unha lembranza para comprar co tempo de hoxe...
> Mondoñedo florece como unha roseira en horto pechado. Horas cortadas polas badeladas canónicas, lembranzas dos vellos tempos viventes como os órcelos nas pedras, dozura e preguiza do val, quente, húmido, acariñado polas montañas nais.

Iníciase a sexta etapa en As Pontes, que na primeira edición de Pelerinaxes I, leva repetida a numeración da quinta, quizais un erro de imprenta, pois a pesares desa repetición de numeración e unha etapa distinta da anterior. E neste capítulo nos contan a filosofía do camiño.

> Camiñando rexorden en tódolos momentos horizontes novos. Unha serra vibra como un ser vivente na súa pel; sentimos pasar un río cono unha forza, non como unha cousa que corre. Non hai unha paisaxe feita definitiva e formada. Cada unha componse de elementos das anteriores e dos que veñen despois combinados un instante apenas nunha forma deseguida desfeita, gardada na lembranza como un esquema de seísmo iniciado. A nosa filosofía. (...). Coido que é unha das razóns da vitalidade dunha filosofía: gardar o frescor de alba das primeiras preguntas. Nós, camiñantes, en van quixemos aprisionar algúns temas galegos; o que fixemos foi darlles movementos, dinamicamente, a tódolos temas xa pensados.

Aquí Otero se declara seguidor de Bergson, e da súa teoría da intuición como método dunha metafísica que persegue achegarse á natureza e a vida para ter chegado ao real da vida mesma. Nesta etapa de Vilalba a Pontes de García Rodríguez cruzan o norte e noroeste da Terra Chá polo concello de Xermade e Otero comenta:

> Cruzamos o grande rectángulo de Lugo sempre confiado e ledo. Agora xa adiviñamos nas montañas un galgar silandeiro de néboas mariñas.
> Xa se ordenan os cumes nos horizontes espallados. Érguese o chan do xeito que se finca un peito e de tódolos rumbos acudiron-. Cumes alongados, lombos descansados nos que o ceo se pousa confiado, lombos vibradoiros recollidos da dinámica de choutar para coller unha nube, isoladas testas pensativas coa tristura e ao mesmo tempo con esa dignidade que concede ás cousas o sentirse a palparse individualizadas, diferentes das outras formas gregarias. Montañas claras, montañas escuras, unhas chamadoras do sol, outras amorriñadas na neboeira. Pola dereita un erguemento pizarrento cuberto de pizarras figura relucente e mollado. Sobre desta montaña acaba de pasar unha nube griseira, agora vai máis lonxe ameazando encubrir as ceibes lonxanias dispostas en circos harmoniosas polo N. E polo W.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta descrición dos horizontes á dereita e esquerda do camiño polo concello de Xermade, tanto da serra da Corda como da serra da Loba son unha mostra da forza que ten ao sentir a persoa de Otero a paisaxe, descricións cheas de metáforas, unha paisaxe que sinte viva nese devalar das sazóns, dignidade que outorga as formas e as composicións.

E das Pontes nos documenta:

> Con todo, Pontes é un val de montaña. Non ten, a pasar dos piñeiros , esa preguiza da beiramar.

Pola súa banda do Eume di:

> Un río de loita, de combate, esgrevio serranchín que labra os cernes duros do granito. Boa diferencia dos ríos desafiados, superficiais, tranquilos das mesetas lucenses. Eiquí o río sente a responsabilidade histórica (xeoloxía histórica) da súa función erosiva.

Fan noite nas Pontes, Otero está coxo, e collen un automóbil para chegar a Ortigueira:

> En poucas horas debullamos os 38 quilómetros hastra Ortigueira. Foron unha exaltación de cumes e unha revelación das Mariñas.
> Non granitos, esquistos cristalinos. Feros e esgrevios afeitados en masas deformes, inclinadas cara ao NW. Séntese nos lombos pizarrentos unha forza dura que non teñen os granitos.(...) No conxunto, os horizontes senten o imperio da atmósfera neboenta e espállante en lombos suaves, máis ollados cada un deles, vese a dinámica de forzade roca e flor de pel. (...). Un maquis de toxeiras, de xestas e sobre todo de uces e ericas viste humildoso os montes.

Son as paisaxes do monte O Caxado do que fan un debuxo, e o pico da Torre. Dormen en Ortigueira, e a mañá collen a pé con bastóns e adobíos camiño a San Andrés. Cruzan nunha motora a Mera. Con outros amigos de Cariño e algúns cabalos suben a serra da Capelada, da que Otero nos di




Figura 4.25. Monte Caxado

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> As rocas da Capelada figuran camiñar con ardente paixón procurando o mar. Bótanse a ela con pulo elegante e formidable nos cantís e cabos da costa. O camiño é serra deserta un monumento.

E a paisaxe de San Andrés que nos debuxa:

> Toda a montaña obedece o ritmo mariño. Refunfuxando os feixes disformes de esquistos dóbranse e caen no mar. Non hai orela. (...). A montaña crébase en valgadas súpetas abertas por torrentes agora enxoitos. Adivíñase baixo as pizarras calcadas, sobrepostas, casadas ao lonxe de largos estrados deitados ou rompidos, unha auga doce, en entraña da terra, que ás veces alumbra en fontes deseguida fuxitivas desexosas do labio salgado do océano. Nunha das quebradas, na máis artella, na que crea un oco garimoso, o vivir humano prendeu semellante unha planta enraizada na fenda dunha roca: San Andrés.

Otero conta o sentido da peregrinación á capela de San Andrés na historia da Igrexa Católica. E describe os tipos humáns destas costas das que di:

> Ao pé do San Andrés a costa debuxa unha curva errante, máis non amolecida por ningunha praia e, máis dereita a punta Herbedeira ten a figura dunha cachucha de porco de fociño alongado, un suído traballando en formas de monstruosa anatomía. Máis lonxe, a Punta do Cadro, outa, núa, sinxela, non deixa ver o cabo Ortegal. Estaba calada a paisaxe e descansados os fortes arbotantes da Capelada.

Viaxan a Cariño, e Otero nos copia unha prosa de Vicente Risco que se titula: *Lembranzas de Teixido*, que foi publicado o 3 de setembro de 1927 en *La Voz de Ortigueira*, pois di: *que totaliza dun xeito do que non son capaz as impresións en aquel día.* Fan noite en Cariño, nos fala do pobo e da súa historia, e collen un autobús nunha viaxe de volta por Viveiro, Mondoñedo, Lugo e Ourense. E remata o libro:

> Aínda se non murchou a herba de namorar que como no cantar traguemos no bolso:
>
> a herba de namorare,
> a herba namoradeira,
> a herba de namorare
> tráigocha na faltriqueira.
>
> Amigos Risco e Ben-Cho-Shey: unha aperta e a pousar os bastóns por algún tempo. Ao longo do moitos ollar un camiño por non ter de desairar a súa invitación á viaxe
>
> !Terra a Nosa!

A tese que mantemos é que *a xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo* está en toda a súa obra, pois como vemos eiquí en *Pelerinaxes I* os paráfragos sinalados son textos xeográficos que demostran sen dúbida algunha o sentir dun xeógrafo que de seguro ten que atoparse cun sereno e grave gozo ao describir a *Nosa Terra.*

Engadimos dous dos debuxos que leva esta edición realizados por Risco e que mostran a arquitectura, a paisaxe, e unha imaxe de Otero que nos di moito da súa postura ante a realidade xeográfica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO



Figura 4. 26. Paisaxe e debuxo de Otero

4.1.10. Galicia. Geografía Universal Descripción Moderna del Mundo. (1929)

No ano 1929 o Instituto Gallach de Barcelona, publicou a primeira edición da súa *Geografia Universal. Descripción moderna del mundo*[121], dirixida por Fernando Valls Taberner. É unha obra de 5 tomos e o terceiro dedícase a España e Portugal. Nese tomo cando se fai a xeografía de Galicia o autor é Ramón Otero Pedrayo. Nesas datas Otero é catedrático no instituto de Ourense. Esa xeografía ten os capítulos seguintes:

Posición, límites y extensión territorial
Condiciones naturales de la región
Población
Vida económica
Cultura y vida social

No capitulo primeiro localiza a Galicia con 29.151 quilómetros cadrados, no macizo galaico-duriense conformada polas catro provincias e vai recorrendo os límites xeográficos. E logo, comeza un percorrido polas provincias, en Lugo pola ría do Eo, as montañas da Fonsagrada, o val do Navia, os cumios dos Ancares. En Ourense a serra do Montouto, curso alto do Sil, val de Valdeorras, a serra do Eixe, Pena Trevinca, o país Sanabres, as Portillas e A Canda. A fronteira con Portugal, cos vales de Verín, Monterrei, A Limia, o paso de Portela do Home, Calvos de Randín co Couto Mixto, Crecente, Tui e a desembocadura do Miño. De seguido detalla os 453 km de costas. Dende Ribadeo a Estaca de Bares: a ría do Eo, Ribadeo, Foz, Viveiro, o Barqueiro. Entre o cabo de Estaca de Bares e os Aguillóns: Santa Marta de Ortigueira, Cedeira. Entre cabo Prior e o Prioriño a lagoa de Doniños. Do Prioriño á Coruña: as Mariñas coas rías de Ferrol, Pontedeume, Betanzos e A Coruña. Dende a Torre de Hércules a Finisterra: o cabo de San Adrián, as illas Sisargas, máis os cabos de: Roncudo, Vilán, Buitra, Touriñan, Laxe, Corme e Camariñas. A o sur de Finisterra as Rías Baixas: Corcubión, Muros e Noia. A península do Barbanza, ría de Arousa, illa de Salvora, península de O Grove, illa de A Toxa, ría de Pontevedra e Vigo, illa de Tambo, península do Morrazo, ría de Aldán, illas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[121] O orixinal desta obra foi consultado na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela

Cíes, Redondela e Pontesampaio, Baiona e o cabo Silleiro, Santa Tecra, e a Guardia na desembocadura do Miño.




Figura 4.27. Mapa de Galicia 1929

No capítulo das condicións naturais da rexión, nos fala Otero da roca predominante o granito, ás veces asociado ao gneis que son as rocas mais antigas. Terreos cámbricos, grandes masas de pizarras na parte oriental. Do terciario zonas diluviais no centro de Lugo. E fai mención á minaría galega. Otero para estudiar o relevo divide Galicia en catro rexión:

Nordeste
Noroeste
Macizos orensanos
Rías Bajas
Miño Inferior

En cada rexión nomea os eixes montañosos, as altitudes e os cumios.

Continua coa descrición do clima, afirmando que está sen estudiar con precisión, pois se descoñece o das altas montañas. E sinala que o clima xeral é atlántico. Estando na clasificación de Köppen cruzada polos paralelos 42 e 43 e no grupo da zona templada con inverno pouco desenvolvido pola influencia oceánica. A cifra de nubosidade alcanza o 6, con gran cantidade de chuvias. E dinos que:

> La vegetación es la expresión más completa del clima, del relieve y de la composición del suelo. Además, en las tierras como Galicia la acción del hombre complica los caracteres del tapiz vegetal. Pocos hay tan constantes,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> variados y espesos como el que cubre las viejas rocas y fértiles tierras de Galicia.

Pola humidade temos gran cantidade de musgos e liquens. E Otero escribe:

> El maquis o monte bajo de retamas (xestas) urces (uces) y tojo, cubre los relieves descubiertos combatidos por el viento.

Aquí temos un erro nun concepto. O maquis é o mato no monte baixo no clima mediterráneo. E debemos falar de a landa que é o mato no monte baixo no clima oceánico de Galicia. Quizás o erro no concepto debese a transposición, en aqueles días, da palabra da xeografía francesa.

Continúa Otero falando da vexetación costeira. Os piñeiros cobren a costa e ascenden polos vales, pero a árbore característica nas elevadas costas e quebradas é o bido, bídalo ou bidueiro. O carballo en terras fértiles. O castiñeiro case desaparecido forma sotos nas costas dos vales do Sil, Sor, Miño, e nas terras altas entre agras de centeo. Os prados naturais están en tódalas rexións co a súa vexetación de salgueiros, chopos, vimbios, freixos. Os tilos en Pontevedra. Temos negrillos e sobreiras, e oliveiras. O ciprés nos pazos e cemiterios. E toda rica variedade de arbores de froitas.

Continúa Otero describindo as concas das augas correntes cos quilómetros de cada río principal e nomea os afluentes e as vilas das ribeiras. A rexión cantábrica, a costa atlántica, entre a Coruña e Fisterra, as rias baixas, o sistema do Miño, e os ríos da fronteira portuguesa.

Otero pasa a recordar as principais comarcas galegas. En Lugo: Valadouro, Terra Chá, Terra de Sarria, Terra de Lemos. En A Coruña: As Mariñas dos Frades e a dos Condes, Betanzos, Bergantiños, Xallas e A Mahía. En Pontevedra: Camba, Deza, e Trasdeza, a Terra de Montes,, a Ulla, o país do Salnés, o Condado de Salvaterra, as Gándaras de Budiño, o Morrazo, Cotobade. En Ourense: os Chaos de Amoeiro, o extenso Ribeiro de Avia, A Peroxa, a Limia Baixa, a Limia Alta, o Bolo, A Arnoia, a Terra de Caldelas, o val de Monterrei, a Rabeda, e nos di:

> Y muchas otras que se podrían estudiar en un trabajo de otra naturaleza, bien caracterizadas en el paisaje y en la vida humana y de relación del país.

Volve Otero co tema das comarcas. Xa que logo, en 1926 Otero publicou a *Sintese Xeográfica de Galicia* e a *Guía de Galicia*, que son as dúas obras de xeografía de Galicia que xa estudamos e que podemos comparar a esta terceira obra dirixida ao gran público en 1929. Así nunha primeira análise podemos dicir que Otero analiza primeiro e describe o concepto de rexión natural na *Sintese Xeográfica de Galicia.* Nun segundo paso nesas rexión naturais segundo o relevo fai mención ás comarcas na *Guía de Galicia* dentro da división en Galicia Occidental e a Oriental. E nesta *xeografía de Galicia* contida na primeira edición de 1929 da *Geografia Universal. Descripción moderna del mundo*, as comarcas son nomeadas dentro das catro provincias. Logo deixando así as cousas; nos capítulos desta tese onde imos analizar os resultados e as conclusións faremos unha discusión e ampliación con maior profundidade deste tema das comarcas na *xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*.

Prosegue Otero co capítulo da poboación, temos que situarnos en 1929, e a poboación está por riba dos dous millóns e medio e conta cunha *poboación relativa* de 85 habitantes por quilómetro cadrado. Nos di que esa poboación historicamente foi clasificada na familia celta polos escritores clásicos. E que nosas cumios de Galicia foi substituído o altar dos sacrificios pagáns por unha ermita. Temos un período romano ao que lle segue o xermánico. A invasión

musulmán que non se instalou nestas terras. Tras o que veu a restauración polos reis astures. Séculos XII e XIII de colonización e o XIV e XV moitas loitas feudais. E o poderío das escolas monásticas. E nos di:

> Pero en todos tiempos el espíritu colectivo de Galicia, a un tiempo agrícola y aventurero, mostró altos valores, creó positivas riquezas y produjo eminentes individualidades.
> Como tierra de elevada natalidad y apasionada afición al trabajo agrícola, siempre tuvo Galicia una población comparativamente elevada y cultivó enérgicamente el suelo bajo circunstancias históricas y sociales menos favorables.

E nos introduce os datos de poboación de varias cidades e vilas:

Cidade /Vila	**Habitantes**
A Coruña	60.000
Santiago de Compostela	35.000
O Ferrol	30.000
Muros	2.500
Noia	3.500
Padrón	1.400
Ordes	800
Lugo	36.000
Ribadeo	3.000
Mondoñedo	2.700
Vilalba	2.217
Fonsagrada	920
Sarria	1.150
Chantada	1.390
Monforte de Lemos	5.500
Quiroga	600
Pontevedra	25.200
Villagarcia de Arousa	3.600
Cambados	2.800
Marín	3.200
Vigo	80.000
Redondela	3.000
Baiona	1.700
Cangas	4.500
Tui	3.000
A Guardia	2.800
A Estrada	2.000
Caldas de Reis	2.000
Lalín	900
O Porriño	2.000
Ponteareas	1.600
A Cañiza	850
Ourense	18.300
Ribadavia	2.354
Carballiño	1.690
Allariz	1.800
Celanova	1.500
O Barco de Valdeorras	1.100
Trives	930
Viana do Bolo	900
Xinzo	1.500
Verín	1.850

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Non fomos quen de atopar a orixe destes datos demográficos, os datos que temos no INE son do ano 1920 e 1930, e na edición de Gallach non temos referencias. Ademais Otero nos di:

> En Galicia no existen grandes centros de población comparativamente a su densidad; sólo nueve términos municipales tienen una población superior a 20.000 habitantes.

Na listaxe de datos demográficos que temos reproducido so podemos deducir que son 6 cidades as que pasan de 20.000 habitantes, máis Ourense que está cerca desa cifra, e que cos datos do seu rural inmediato podería chegar a eses 20.000. ¿Cales son os outros dous concellos da listaxe dos que Otero fai referencia como tamén de 20.000 habitantes? Quizás un erro non corrixido.

Prosegue a descrición do carácter do rural galego falando da parroquia, *célula vital e insustituible.* Un rural de vivendas espalladas, casas de pedra. Un réxime de pequena propiedade. Explotacións agrícolas e industrias aparelladas ao traballo no campo.

Nos di que a língua no campo é o *romance galego, evolución del galaico-portugués que en la Edad Media fué instrumento de una rica literatura.* E que nas cidades e vilas as clases do señorío falan castelán co a clase traballadora cando fala con estraños. Existindo variantes locais máis ben fonéticas en grupos de montaña, costa e val.

En canto aos costumes cidadáns son esenciais no vivir agrícola, destaca as romeiras e festas relixiosas. Sendo un pobo que lle gusta o litixio cun fino sentido xurídico. O réxime de propiedade é o Foro. Nesas datas case desaparecido. É tamén case un costume a emigración, sobre toda a América. E resume a estrutura social de Galicia dicindo:

> Una clase, la más numerosa y fuerte, que dedicada al campo y al mar experimenta urgentemente un proceso hacia la economía monetaria moderna; el absentismo despuebla las antiguas moradas campesina; crese la importancia de la clase comercial en gran parte integrada por personas extrañas al país, y ninguna da las ciudades tiene carácter metropolitano. Continúa la incomprensión da las ciudades respecto del campo y aumenta la deserción entre las clases productoras.

O capítulo da vida económica comeza coa numeración dos cereais cultivados: centeo, millo e trigo, a pataca, os legumes, a vide, as castañas, pavías, laranxeiras, maceiras, pereiras e unhas poucas zonas de oliveiras.

No forestal a castaña desapareceu de moitas rexións, abunda o carballo, os montes de piñeiro son moi extensos e abundantes.

O gando vacún é moi extenso nas catro provincias, como o porcino e nas montañas o cabalar.

O mar é de gran riqueza de especies e cantidades.

Boa actividade mineira eo granito, caolíns e pizarras. Ferreirias no Caurel, saltos de auga en Ézaro. Augas minerais.

Salazóns, fabricas de conservas.

Fabricas rurais de queixos, produtos derivados do gando porcino, bicas, galletas, licores a augardentes, bodegas de viño.

A construción naval tanto militar como pesqueira e de transporte está presente en toda a costa.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A rede ferroviaria é tan só de 604 quilómetros, 281 do Norte, León A Coruña, 182 de Monforte Ourense e Vigo, 44 de Betanzos a Ferrol, 94 de Santiago a Pontevedra, Redondela e Tui. Estando adiantadas as liñas de A Coruña a Santiago, Ourense a Puebla de Sanabria.

A rede de estradas nos di Otero que non responde ás necesidades do país e describe os itinerarios principais e da conta dos quilómetros construídos que son:

Provincia de A Coruña ..... 1.340 km.
Provincia de Lugo..... 1.080 km.
Provincia de Pontevedra..... 1.040 km.
Provincia de Ourense..... 710 km.



VISTA PARCIAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GALICIA

por D. RAMÓN OTERO PEDRAYO

Catedrático del Instituto de Orense

POSICIÓN, LÍMITES Y EXTENSIÓN TERRITORIAL

Los 29.151 kilómetros cuadrados que integran el territorio de las cuatro provincias gallegas, no ocupan los límites naturales de la región que los geólogos llaman macizo galaico-duriense, que comprende todo el norte de Portugal y diversas comarcas asturianas y leonesas. Las indicaremos al tratar de las afinidades naturales de Galicia. El límite administrativo oriental con Asturias, León y Zamora, comienza en la ría del Eo, sigue una parte del curso del río ; inflexionándose al este, hace dos curvas entrantes en país asturiano, dejando en Galicia el distrito montañoso de Fonsagrada y dos secciones del alto valle del Navia. Sigue el límite de Lugo con León señalado por la divisoria montañosa de los Picos de Ancares. El de Orense con León por la sierra de Montouto y parte del curso del Sil comprende en Galicia el valle de Valdeorras y sigue entre Las Cabreras leonesas y las altas tierras gallegas de la sierra de Eixe hasta Pena Trevinca, donde se juntan las provincias de Orense, León y Zamora. La demarcación entre Orense y Zamora deja en ésta el país sanabrés, cruza en la Portilla de Canda la carretera de Villacastín a Vigo y sigue hasta Portugal cerca de Cidadhos. La frontera con Portugal se divide en dos secciones bien distintas: la de Pontevedra, señalada por el curso del bajo Miño desde la embocadura a Creciente, y la orensana por ásperas sierras (de E. a O. los altos al S. E. del valle de Verín, Larouco, Xéres, Leboreiro y Penaguiche) interrumpidas por el amplio valle de Monterrey y el del Limia, con algunos pasos históricos como la Portela do Homen, por donde pasaba la vía romana principal de Braga a Astorga. En el municipio de Calbos de Randín, un pequeño entrante portugués forma el llamado *Coto secas*, que en otro tiempo pertenecía a la diócesis de Orense : el pequeño pueblo de Santiago dos Mintos está dividido por la frontera que sigue la línea de la calle principal.

Las costas de Galicia alcanzan en los cabos Estaca de Bares y Touriñán las latitud N. y longitud O. de España y tienen un desarrollo de 453 km.

Figura 4. 28. Geografía Universal Descrición Moderna del Mundo 1929

E remata este capítulo facendo unha listaxe de portos que chama interoceánicos e os de cabotaxe e comercio.

No derradeiro capítulo de Cultura e Vida Social, cita a Universidade Literaria de Santiago (Facultades de Dereito, Medicina, Farmacia, Ciencias e Filosofía y Letras). Os institutos nacionais nas sete cidades, e os locais de Ribadeo e Noia. Cinco Seminarios. A Escola Naval. E o Seminario de Estudios Galegos. Cita que aí 271 as fundacións entre hospitais, asilos, escolas, leprosarías etc.. Tamén fala de patrimonio documental, os mosteiros e catedrais, castelos e pazos. E remata cun sentimento da galeguidade do pobo dicindo:

> Algunos grandes poetas (Curros Enríquez, Rosalía, Cabanillas), algunas agrupaciones de música gallega son sentidas con orgullo y celo patriótico de un rincón a otro de Galicia. Pero ante estos síntomas halagüeños no deben olvidar su cometido las generaciones nuevas llamadas a desarrollar las grandes posibilidades que contiene el país de la bandera azul y blanca y el viejo blasón de las siete estrellas en torno al cáliz del Santo Grial.

Esta visión xeográfica de Galicia que Otero redactada en 1929 ten unha certa similitude co xa feito en 1926 no seu libro: *Sintese xeografica de Galicia.* A diferencia máis notable é que en 1929 deixa de lado a paisaxe. E a estrutura desta xeografía contendo os mesmos temas que 1926, troca a orde de exposición, pois Otero adapta a mesma que teñen todos os capítulos desa *Xeografia universal*, pois quizás a editorial adoptou ese índice para tódalas rexións e países. E pódese pensar que ten ademais unha limitación de espacio.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1.11. Terra de Melide (1933)

En 1933 o Seminario de Estudos Galegos editou un traballo conxunto da sección de Xeografía sobre a comarca de Melide. Leva por título: *Terra de Melide*. Otero realizou o capítulo sobre a Xeografía da comarca. O estudio ten no seu limiar un mapa da comarca de Melide que é un anaco do Mapa de Fontán.

No limiar deste libro se di:

> Seminario de Estudos Galegos seguindo a arela e o programa principiado co estudo da Terra de Deza, aínda en preparación, dedicouse no ocorrer do ano 1929 á Terra de Melide nos diferentes aspeitos (Xeografía, Arqueoloxía, Historia, Etnografía, Folclore) que esixe o coñecemento dunha rexión natural. Foi escolmada a terra melidá polo seu recoñecido intres arqueolóxico e histórico e pola posición central en Galicia, ben que cumprindo un dos fins da nosa institución, tódalas rexións galegas terán de ser estudadas miudamente.

Vemos que o programa e un dos fins do Seminario era estudar tódalas comarcas de Galicia, cousa que non foi posible. No caso do estudo nomeado da Terra de Deza, nunca chegou a publicarse. A redacción do libro rematouse en xullo do 1936 e foi á imprenta máis de alí desapareceu, Máis no museo Arqueolóxico Provincial de Ourense atópanse unha carpeta desa xeira realizadas por Cuevillas. E tamén atopei unhas notas desa comarca na biblioteca de Xaquin Lorenzo depositada no Museo do Pobo Galego.

Tamén en 1978 Edicios do Castro editou un facsímile desta obra, *Terra de Melide*[122], que neste caso ten un limiar de Xosé Filgueira Valverde, e nos di:

> A monografía xeográfica é un traballo, moi persoal de Otero Pedrayo, sobranceiro na súa longa e fonda obra. O coñecemento do pais galego dáballe azos pra tenzoar un vivido panel, certamente antolóxico, da Terra de Abeancos, no seu relevo, nas súas demarcacións, nos horizontes, os pobos, os casaes, os camiños…

Como inicio deste estudo da Terra de Melide se inclúe unha visión da situación da comarca, os límites e a contorna no mapa de Fontán centrado na vila de Melide.




Figura 4.29.Terra de Melide no mapa de Fontán 1854

[122] O texto utilizado nesta investigación é a edición facsimilar de 1978, propiedade do autor desta tese.

O índice xeral desta obra é o seguinte:

I Posición e demarcacións.
II. Idea xeneral do releve.
III Zona sub montaña.
IV. Penichán.
V. Ribeira e bocarribeira Ullán
VI. Rexión do sistema do Iso.
VII. Os pobos, 1. Rexión sub-montana, 2. Rexión penichan dá gándara, 3. Rexión de bocarribeira, 4. Rexión do sistema do Iso, 5. A vila de Melide.
VIII. Paisaxes xeográficos, 1. Do castro de Serantes, 2. Do castro de Novela, 3. Paisaxes dá terra de Santiso, 4. Paisaxe dá ponte Arcediago, 5. Carreteira dá ponte Arcediago a Melide, 6. Paisaxe dá gándara, 7. Paisaxe do castro Pedro.
IX. Os camiños antigos.

Otero comeza coa posición da Terra de Melide na súa contorna e cos seus límites. Describe o relevo do municipio. A zona do pé de monte. A chaira. A ribeira e bocarribera do Ulla. Os asentamentos de catro subrexións e a capitalidade do municipio. As paisaxes xeográficas desde tres castros, o dunha estrada, o dunha subcomarca e o dunha ponte. Finaliza describindo os itinerarios dos vellos camiños que cruzan Melide.

Pero o máis sobresaliente deste texto non é o texto xeográfico en si, senón os dez esbozos sobre o que chama horizontes desde tres puntos de vista determinados, e que son:




Figura 4. 30. Debuxo do horizonte I

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 4.31. Debuxo do horizonte II




Figura 4.32. Debuxo do horizonte III




Figura 3.33. Debuxo do horizonte IV

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 3.34. Debuxo do horizonte V




Figura 4.35. Debuxo do horizonte VI




Figura 4.36. Debuxo do horizonte VII

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 4. 37. Debuxo do horizonte VIII




Figura 4.38. Debuxo do horizonte IX




Figura 4.39. Debuxo do horizonte X

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pola toponimia que se sinala neste ultimo horizonte, que non está definido no texto, de seguro que se trata do horizonte N.E. do castro de Serantes.

Estes dez esbozos correspóndense ás vistas desde os castros Pedro e Serantes, así como desde a gándara melidense. Podemos dicir que o estudo da Terra de Melide realizouse cunha ou varias visitas ao seu territorio e desde os tres puntos anteriores observouse o territorio a estudar. Non hai indicios para pensar que Otero foi o autor destes esbozos ao realizar estas excursións en grupo. Pero tampouco nada en contra. Pero o que non cabe dúbida de que el os supervisou e aprobou, pois dirixía a sección de Xeografía do Instituto de Estudios Galegos.




Figura 4.40. Terra de Melide 1933

A demarcación da comarca ou a terra de Melide ten como límites: polo norte a serra do Bocelo, ao leste as serras de Corno do Boi e de Carión, polo oeste o Ulla desde Ponte Ramil ata a desembocadura do río Besoña, polo oeste o val do Iso. Concreta a delimitación ao considerar as parroquias de cada unha das subrexións en que divide a comarca. Aquí cabe sinalar que Otero non da entidade xeográfica aos municipios, á hora de delimitar esta comarca, pois os considera meros entes administrativos, e si utiliza as parroquias como entidades naturais de Galicia ao delimitar as comarcas. Así, a Terra de Melide está formada polas parroquias actuais de Toques, que son dez e de Santiso, que son dezasete, unha de Arzúa: Boente, e vinte dúas de Melide, deste concello non nomea catro parroquias das actuais situadas ao norte do concello, Otero nomea todas elas segundo a toponimia do Mapa de Fontán de 1854.

O estudo continúa cun apartado sobre a: *Prehistoria de Melide*, realizado por Florentino López Cuevillas, que realiza un mapa de vinte nove castros da comarca. Tamén temos un estudio histórico realizado por Antonio Taboada Roca[123], que nos nomea a esta terra como Terra de Abeancos, segundo a testemuña das actas do concilio de Lugo no ano 569, que na actualidade é unha parroquia do concello de Melide, Ten notas históricas ata o século XIX e un estudio das casas da nobreza. O libro tamén recolle un capítulo sobre a *arqueoloxía relixiosa de Melide*. Que describe as igrexas da comarca. estudio realizado por Xesús Carro García[124], Emilio Camps[125] e Xosé R. Fernández Oxea[126]. O *estudio etnográfico da Terra de Melide* foi realizado por Vicente Risco. O estudio do *folclore de Melide* é autoría de Vicente Risco e Amador Rodríguez Martínez[127]. Temos tamén o *folclore musical* por Eduardo

[123] Membro da RAG, cronista de Melide (1899-1978)
[124] Sacerdote compostelano, académico da RAG (1884-1973)
[125] Non se atoparon datos deste home.
[126] Mestre do ensino. membro da RAG.(1896-1988)
[127] Sacerdote melidense (1910-1946)

Martínez Torner[128] e Xesús Bal e Gay[129]. E remata o libro cunha *Lembranza Biográfica de D. Mateo Segade Bugueiro* realizada por Armando Cotarelo Valledor[130]. Este persoeiro foi natural de Trasigresias, lugar da parroquia de San Román no concello de Santiso (1605-1672). Tivo os cargos de arcebispo de México, bispo de Cádiz, León e Cartaxena, e deu clase como catedrático de Filosofia e Teoloxía. O libro leva un mapa dos trinta e nove castros da Terra de Melide




Figura 4.41. Mapa dos castros da Terra de Melide

Visto o contido integro do libro *Terra de Melide*, podemos concluír que Otero concibe o estudio xeográfico dun territorio, comarca ou rexión, como unha unidade de investigación interdisciplinaria. Pois logo, este estudio ten un esquema xeográfico é rexional, centrado nunha rexión natural, coas súas compoñentes e feitos de xeografía física e de xeografía humana.

4.1.12. Repaso de la geografía gallega (1950)

Estamos na metade do século XX, ano 1950, o Instituto de Cultura Hispánica, publica unha revista titulada*: Mundo Hispánico*[131], editada en Madrid, Bos Aires e México. En aqueles días nos números 28-29 de xullo e agosto editase nun especial dedicado a Galicia. Alí escribiron entre outos: Eugenio Montes, José Filgueira, Alvaro Cunqueiro, Wenceslao Fernández Flores, Torrente Ballester, Vicente Risco, Camilo José Cela, e Ramón Otero

[128] Musicólogo (1888-1955)
[129] Musicólogo lugués (1905-1993)
[130] Membro da RAE,. Historiador (1879-1950)
[131] Esta revista atopase na Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.

Pedrayo, que fixo un pequeno ensaio sobre o estado do desenvolvemento económico repasando a xeografía de Galicia que titulou: *Repaso de la Geografia Gallega*. A revista editase en castelán. No editorial da revista se nos di:

> MUNDO HISPANICO, en definitiva, quiere mostrar a los gallegos de ultramar la Galicia que no conocen. Quiere enseñarles algunos aspectos, sólo algunos aspectos, de la Galicia de 1950. Y poner en sus manos, para la exhibición orgullosa o la polémica apasionada, un documento incontrovertible sobre la modernización y el progreso de esta región gallega en la que los aturuxos y los a lalás — que se echan de menos en estas páginas—están a punto de ser electrificados. Entiéndase: Galicia se está convirtiendo en el primer centro productor de 'nergía eléctrica de la Península.

É claro que a revista é un apéndice publicitario do réxime franquista. Porén Otero nese artigo da revista fai un peregrinaxe pola xeografía galega mostrando o estado da vida económica en aqueles días.. O ensaio ten os catro capítulos seguintes:

> Las agras del centeno y de la Ría de Vigo.
> La canción del suburbio y el ocaso de las conversaciones.
> El triunfo de los Genios del agua.
> Peregrinos y turistas.

Otero nos conta que quere aludir a dúas formas diferentes do territorio*: la ribera moderna y el campo antiguo.* Que forman unha mesma unidade xeográfica. E nos di:

> Exige «actualismo» el asunto. Una visión de Galicia en 1950. El problema es grave y no deja de plantearse con cierta ironía. No estamos aún a la mitad del curso del año. Es además el 50 un año central, crítico. El «divortio aquarum» del siglo. Las aguas van al 21. Se siente - la juventud con la encantadora impaciencia de los ríos jóvenes - la llamada del siglo futuro. Dirán con el tiempo los ensayistas si nuestro 1950, aun a la mitad, tiene perfil de cúpula, rotunda, cerrada, maestra, o se quiebra como los perfiles de las cordilleras melladas por los torrentes. Los «ensayistas» hemos escrito, si es que no vuelven los filósofos de la historia.

Estou a pensar que a utilización da ironía e a metáfora son un recurso para dicir cousas que non foron ven collidas pola case segura censura da época. Otero ten dúbidas, certa esperanza no futuro pola crenza na xuventude. Anque hai un perigo de quebra. Nos sitúa na diferenza entre o rural e a cidade de Vigo, e di.

> Vigo ha logrado su nuevo puerto pesquero, blanco, aséptico, pre ciso orden de azul, blanco, gris. La montaña y la «bocarribera» están acabando de segar su centeno. Las trémulas superficies de las «agras» de oro se han enrollado y concentrado en la geometría de los almiares y en el terrón despojado comienzan a verdear los maíces de la segunda cosecha.

É unha constante na obra de Otero a exaltación do medio rural, e do traballo dos aldeáns. Que xurde como consecuencia das necesidades de alimentos da posguerra.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Este año, en lo constante, podemos señalar una novedad: aumenta la tierra dedicada al pan. Grandes lomos de montaña, «gándaras» vacías, se animan con los rectángulos y rombos de los nuevos labradíos. De lejos parecen reflejos cuajados de sol de invierno o mantas y refajos puestos a enjugar. Seguimos pensando en el pan fuerte y honrado de la montaña. Muchas gentes de la ciudad no saben nada de la belleza y poesia del centeno, aunque las dificultades económicas les hayan enseñado a no rehusar su sabor leal y confortativo en el pan amasado por rústicas manos y la harina nacida al son de molinos arcádicos. En la economía gallega no puede pasar inadvertido el hecho de esta colonización en mayor escala del monte y del yermo. Obra espontánea, aldeana, sin plan, vital.

No seguinte apartado: *la canción del suburbio y el ocaso de las conversaciones,* neste artigo Otero fai un pequeno análise do crecemento das cidades e vilas galegas e nos conta:

> Todas las ciudades gallegas han crecido en estos años, están creciendo. Todas menos Túy y Mondoñedo. No las saludemos con el aire melancólico de los románticos. Sorprendería a muchos el ritmo íntimo de estas viejas ciudades episcopales, de que volveremos a tratar, quizá, en este articulo. También crecen las villas y muchas aldeas se van haciendo «villas», Por lo menos en la estructura. Todas las aldeas no están en absoluto esprovistas de comunicación. El motor triunfa, domina y apasiona, n países de población dispersa el auto es agente esencial. Se adapta a o antiguo, y si perturba lo bucólico, es condición de lo económico. Crecen las ciudades por inmigración del campo y por propia expansion.

E fai dúas conclusións do estado da economía e da vida social de aqueles anos:

> En el paisaje humano de Galicia se dibujan todos los aspectos de la rápida transformación económica de los últimos decenios. La valoración es difícil. Depende de una tarifa, de una cosecha. En este año 50 la rendibilidad conjunta de Galicia alcanza su máxima capacidad para lo económico. Nos referimos a la proporción de lo pretérito, pues el aire social parece muy lejos aun de haber alcanzado ni el umbral de la saturación, de la posible saturación, de lo económico.

Continúa o artigo co apartado: *el triunfo de los genios del agua.* Temos que dicir que como outras veces Otero utiliza as metáforas, aquí a dos rios galegos para falarnos das cidades de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra

> Los ríos gallegos, cargados de experiencia geológica, soñaban con el hecho indispensables al sastre y al albañil, al maestro zapatero, al comerciante, enriquecidos, un poco enriquecidos, y lo mismo al señorito que hace años tal vez vendió o abandonó sus tierras para encerrarse en una casa de la ciudad. En el desarrollo de las ciudades gallegas se da un caso de vuelta al campo sin alejarse de la calle y su atractivo, como en las nuevas fisonomías aldeanas domina el deseo de urbanizar, si no el campo, una parte de la vida en el campo

E nos fala de certo equilibrio na expansión das cidades.

> En sus líneas generales, el proceso de expansión parece haber alcanzado un perfil de equilibrio. Podrá La Coruña establecer grupos de bloques en las

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> primeras colinas estrictamente continentales, fuera de las prestigiosas curvas rectoras de impronta marina, y, sin duda, vencida la condición y creadora exigencia del castro, lanzará Vigo sus avenidas con la seguridad de claras teorías realizadas.

É distinto o caso de Lugo e Ourense.

> En el desarrollo de Lugo, de Orense, las condiciones varían no poco. No escribiríamos una paradoja si dijéramos cómo con toda su historia las dos capitales del Miño están en trance de ocupar su solar histórico. Ambas, sacudidas peseras antiguas, comienzan a situarse con relación al Miño—lo que fluye y pasa—y al horizonte. También las ciudades, inconscientemente, se proponen y realizan, o no realizan, objetivos. En Orense y en Lugo los nuevos arrabales tienen en algunas direcciones un aspecto familiar. Los pequeños burgueses de la calle tradicional y oscura han decidido construir en el huerto. Es una realidad, a condición de colocar a su lado la más potente realidad de las fortunas comerciales.

E verifica que o suburbio galego, en aqueles anos non é un cinto industrial.

> En todo caso, el suburbio gallego no es cinturón industrial, sino ? degradación de la ciudad en la aldea, o al revés. Un estudio preciso y llevado con método nos daría en cada lugar el predominio y los el reposo de rentos estuarios, como el maravilloso de Pontevedra, pulsado por la marea y con un final de cola y fuga de epílogo. Algunos de ellos ven interrumpido su fluir, rejuvenecido artificialmente el viejo y grato valle y lanzadas las aguas prisioneras, encerradas y calculadas en función de las estaciones.

E nos conta a construción dos encoros na terra galega

.

> Las presas son ya un factor en el paisaje y en el ritmo geográfico de regiones enteras. Primero fué el Tambre, aprisionado cuando se aproxima a su descanso. Ahora, el Sil y el Miño en los solemnes conjuntos de su confluencia entre maduras montañas. Se habla de un embalse sencillo y gigante. Inundará la vega más hermosa y rica del Miño central, con trastorno de los ejes de la economía de varias comarcas. Y es una realidad el nuevo Limia, detenido en Lago, al salir de la Limia, en el tramo de las aguas aceleradas en los meandros hundidos de las «Conchas»

E nos fala da electrificación do rural e o xurdir da minería.

> He aquí el clima y el relieve gallegos hechos factores de fuerte renovación industrial. La aldea gallega hace décadas se halla electrificada en gran proporción. Y no es extraño caso la precedencia de distritos montañosos de vida arcaica respecto de otros de apariencia más accesible. En el mismo rumbo de mejoras industriales podríamos señalar en este año el lisonjero aspecto de las condiciones de un futuro minero. La atención, desviada de las grandes formaciones de hierro, se concentra en riquezas menos frecuentes, como el amianto, el manganeso, como si la riqueza mineralógica del suelo gallego guardara este don para nuevas industrias


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Remata o ensaio cos: *peregrinos y turistas.* Non teñen os turistas as simpatías de Otero, xa o recordou no prólogo do libro*: Pelerinaxes I.* Neste artigo comenta:

> Confesamos nuestra poca simpatía respecto al nombre y ocupación de los turistas, sin extremarla, porque tiende a desaparecer, en el sentido de superficialidad y moda. Las apariencias parecen contradecir nuestro aserto. Confiamos en la creciente gravedad de las horas de los hombres y en la acción eficaz y callada de los paisajes y las obras del arte y la historia.

E referíndose os peregrinos:

> Hablemos de los peregrinos, de los peregrinos en una generosa libertad, entendiendo por tales los arqueólogos y los viajeros que, sin guías, saben aún viajar. No ha decrecido la regular y hermosa peregrinación anual a los santuarios.



LAS AGRAS DE CENTENO Y LA RIA DE VIGO

LA CANCION DEL SUBURBIO Y EL OCASO DE LAS CONVERSACIONES

REPASO DE LA GEOGRAFIA GALLEGA

POR RAMON OTERO PEDRAYO

LAGO

Figura 4.42. Revista Mundo Hispánico de xullo- agosto do 1950

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E remata o ensaio cunha visión xeral de Galicia en 1950. E nos fala do futuro da cidade penetrada do campo, cousa como sabemos non sucederá.

> Hace un instante recordábamos la aspiración decimonona y novecentista hacia la gran ciudad. Hoy, en Galicia, se restablecen los fundamentos y se inician los ritmos de la región, no digamos «urbanizada» en el sentido prosaicamente municipal. Digamos la comarca—la región geográfica—, ordenada en función ciudadana, sin perder la admirable libertad de los grupos. Betanzos y sus mariñas, las orlas de Vigo, las de Pontevedra, el contorno ferrolan», el valle inferior del Avia, algunos segmentos del Miño, otros valles, no pocas «bocarriberas», como el Carballino. La inserción del valle del Sar en el país ullán, admirable fusión de motivos, ¿no autorizan a predecir en un futuro no lejano el predominio en Galicia de esa forma geográfica de ciudad penetrada de campiña? Su vigor alienta ya. Falta una compenetración y un sentido estético, formado en el estudio y sentimiento de Galicia, y su paisaje humanizado y su forma predilecta de grupos libres y combinados en un fondo de curvas marinas o de cuestas suaves.

No análise xeográfico que Otero fai neste artigo do progreso económico derivado das obras hidráulicas nas concas de Galicia, ademais de introducir un pouco de historia xeográfica, pois as cidades e as comunicación crecen, anque nos afirma que non se chegou á máxima saturación económica. Pois como xa vimos el ten unha esperanza no sentido estético do pobo que fará nunha mellor paisaxe na Galicia.

4.1.13. Las ciudades gallegas (1951)

En 1951 Edicións Galicia do Centro Galego de Bos Aires publicou un pequeno libro de Otero titulado: *As ciudades gallegas*[132]. Está escrito en castelán. E existe un exemplar desta obra na biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, cunha dedicatoria de Otero asinada de febreiro de 1952, na cal dedica e doa o libro á Biblioteca Universitaria de Santiago.

Neste pequeno libro Otero descríbenos once cidades galegas: Lugo, Ourense, Tui, Vigo, Pontevedra, A Coruña, Betanzos, Ferrol, Mondoñedo, Viveiro e Santiago de Compostela.

É moi significativo o propio índice do libro:

> Preliminar
> Las tres ciudades del Miño
>
> Lugo: acrópolis, mercado, graves horizontes
> Orense: El hogar ciudadano y la puente pasajera
> Tuy: antología de la belleza del Miño galaico- portugués
> Las dos capitales de las rías bajas
>
> Vigo: o la serena y gozosa energía
> Pontevedra: las horas del jardín de Galicia bajo el reloj de la Peregrina
> El “seno” de las Mariñas o “Magnus Portus Artabrorum”
>
> La Coruña: el encanto y cuidadoso espejo
> Betanzos: reflejos del claro pasado
> El Ferrol: el símbolo de una política oceánica
> Dos ciudades cantábricas
>
> Mondoñedo y Vivero

[132] O texto desta investigación é a edición de 1951, propiedade do autor da tese

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Ciudades gallegas
> Santiago de Compostela: hogar gallego, irradiación universal.

Vemos pois, e deixando illados certos erros de concordancia quizás por non corrixir as probas de imprenta, que non é un libro só de xeografía, tamén está a súa irmá a historia. Otero en 55 condensadas páxinas danos a visión que el tiña desas once cidades. Cabe preguntarse si consideraba que en Gálica só existían once cidades naqueles días de 1951. A teor dos que di na súa *Guía de Galicia*, escrita en 1926, a resposta é non. Cal é a razón, entón desas omisións e o curto contido deste libro? Ao falar de Viveiro dinos:

> Vivero ostenta el título de ciudad. Podrían llevarlo otras villas gallegas cuya energía rectora ordena y articula comarcas y marinas. Preferimos observar la conducta recomendada por el P. Sarmiento a los pontevedreses, y asi el no incluir otras poblaciones gallegas en estas páginas no supone pleitesía excesiva al título de ciudad y si obediencia al que va al frente de este volumen.

Tan só podemos especular, pero coñecendo a obra de Otero no seu conxunto e esa forma intuitiva de escribir apoiada na súa memoria, cabe indicar que o concepto de cidade e como nos di no preliminar do libro pode ser un título recoñecido e as veces si, ou non, segundo o considerado polos seus habitantes. Ademais, como xa indicamos ao comentar no capítulo V titulado: *As vilas e as cidades* da obra *Paisaxes e Problemas Xeográficos de Galicia (1928).* Otero afirma que é extremadamente difícil diferenciar onde empeza a vila e onde empeza a cidade. Creo pois, que Otero naqueles días recoñece once cidades de cidadáns. Este libro é só un apéndice dun pensamento máis amplo e global disperso pola obra xeográfica de Otero.

Para un mellor coñecemento do contido deste libro imos comentar nunhos parágrafos o que Otero di desas once cidades. Poren antes vemos que no Preliminar do libro nos comenta:

> No siempre condensan y expresan las ciudades en claras formulaciones la materia dispersa en aldeas y villas. Tiene sus quiebras, por desgracia para los aficionados a la armoniosa expresividad de las formas como somos nosotros, la ley geográfica de lógico sentido de la instrumentacion en series naturalmente coordinadas de los hechos antropográficos.

Otero se declara abraiado polas formas na paisaxe urbano e se decata coñecedor da lei xeográfica de que os homes crean as cidades. Tamén afirma que a cidade como feito xeográfico é profundo, complexo e expresivo.

Imos aló, as primeiras cidades das que trata Otero son as cidades do Miño: Lugo, Ourense e Tui.

De Lugo describe o seu pasado romano. A súa praza Maior a rúa da Raíña e o parque que acentúa a posición sobre o Miño. E recorda ao poeta Luís Pimentel[133] cantor da beleza luguesa.

De Ourense, A Burgas e a Ponte. Cidade nada a media ladeira e no suco do río Barbaña. Cidade de casas fidalgas. Cidade do seu nacemento. As súas calles: Progreso, e Calvo Sotelo. Núcleo ferroviario. Cidade cantada por Lamas Carvajal e Curros.

De Tui, cumio erguido fronte a Valença. Sede episcopal, Catedral case castelo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[133] Poeta lugués (1895-1958)

Das Rías Baixas como rexións destacan as cidades de Vigo e Pontevedra. O Berbes pescador e a Colexiata. Pontevedra coa historia nas prazas do Teucro, a Ferreiria e a Peregrina. E capital de comarcas rurais.




Figura 4.43. Las ciudades gallegas. Donación de Otero

No arco Ártabro e nas Mariñas, tres cidades: A Coruña península e torre de Hércules, Betanzos a dos Cabaleiros. Ferrol símbolo da expansión atlántica.

Dos cidades cántabras. Mondoñedo e Viveiro. Cidades monásticas con titulo de cidade.

E remata con Santiago de Compostela. Cidade que segundo o dito popular:

Entre Sar e Sarela
Está Compostela.

Todo é a catedral do Apóstolo. Rúas concéntricas. Mosteiros. Universidade. Símbolo da Cristiandade.

O que conta Otero destas sete cidades está moito máis amplo na *Guía de Galicia*. Porén neste libriño o discurso é máis literario, e fai un resumo de calidade e clara definición do concepto de cidade con moitos séculos de historia.

4.1.14. Nuevo Enfoque de la Ciencia Geográfica. Geografia Universal. Gallach

Un dos textos máis conceptuais e de análise sobre a xeografía teórica e a historia da xeografía que nos deixou Otero é o titulado*: Nuevo enfoque de la ciencia Geográfica*. Datado en Trasalba en xaneiro de 1952. O texto está incluído a modo de estudio preliminar na obra: *Geografía Universal, descrición moderna do mundo*,[134] segunda edición en 4 tomos editada polo instituto Gallach de Librería Edicións S. L. Nesta obra segundo di o seu editor no seu inicio:

> Revisada, unificada y reorganizada con estructuración nueva, por un cuerpo de geógrafos bajo la guía Dirección Científica del Instituto Gallach. Estudio preliminar redactado por el Profesor Don Ramón Otero Pedrayo. Catedrático de la Universidad de Santiago de Compostela .

A mesma obra recoñece as colaboracións da primeira edición de 1928-1931 en cinco volumes, de todos os xeógrafos que participaron e entre eles cita a Otero no tema de Galicia que xa estudamos

[134] O exemplar desta obra utilizada nesta investigación e propiedade do autor da tese




Figura 4.44. Geografia Universal. Gallach 1952

.

Nese estudo preliminar, a xeito de prólogo, que redacta e firma Otero está a recoñecer unha evolución da ciencia xeográfica e os novos xeitos ante os feitos xeográficos, o cal implica un continuo estudo e seguimento da evolución da xeografía. Habemos de dicir, que Otero inicia os seus escritos sobre xeografía na década dos vinte do século XX. Todo estaba por facer na ciencia xeografía moderna e na xeografía galega. Xa comentamos as súas obras xeográficas desa época, nas que crea conceptos e desenvolve unha maneira moi particular de expor os feitos xeográficos e de describir a paisaxe geográfica de Galicia.

O artigo, quizais un pequeno ensaio comeza así:

> Es a un tiempo atractivo y peligroso escribir hoy sobre el carácter y el estado de la Geografía. La profunda sugestión y esa especie de contentamiento sereno del Geografia universal. Gallachespíritu, inherente al tema geografico, determinan la belleza del intento.

Otero confésanos como fai moitas veces a íntima relación entre a xeografía e o estado do seu espírito. É un gran xeógrafo. Que en todo momento vive a xeografía á cal lle ten un gran respecto e fálanos da súa beleza. O articulo prosegue con aquela curiosidade de Heródoto, a intelixente habilidade de Humboldt e os seus precisos estudos monográficos, dos que sinala: "*la gloria y la esperanza, una de las esperanzas de nuestra ciencia."*

Pero tamén existe un perigo de confusionismo ao idealizar, ou substituír cun estado subxectivo, a necesaria realidade científica. Tales ataques non se escatimaron á Xeografía. Otero menciona os feitos polos sociologos do grupo de Emile Durkhein[135] ao explicar, este, os fenómenos sociais pola función que exercen as institucións na sociedade. E aos xeógrafos chámaselles románticos coas súas descricións da realidade cunha intención xeográfica.

Pero é moi oportuno buscar:

[135] Sociólogo francés (1858-1917)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Los elementos y motivos para la reivindicación de la geografía como ciencia propia, independiente, digna de figurar en el sistema filosófico con las necesarias notas de trascendencia y finalidad.

Estamos ante o problema de definir o contido e leis de cada ciencia e así evitar o confusionismo e a anulación dalgunhas ramas da ciencia. Otero defende a realidade científica da xeografía como ciencia independente que nos vai a definir.

Por iso no momento presente, anos no medio do século XX, imponse a obrigación de definir os rumbos das ciencias e entre elas a Xeografía. Pois hai unha transformación das ciencias da natureza para Otero. Xa son ruínas o sistema de Newton, e en palabras de Otero: "*hasta la genial síntesis de Suess en "Das Antlitz der Erde",* (Las caras de la tierra), *para los amantes de la geografía, tan cara…Hermosas, venerables, pero ruinas al fin."* Eduard Suess, sabemos que foi un xeólogo austríaco experto na xeografía dos Alpes. Os Alpes… tal foi un dos temas da oposición de Otero á cátedra de Xeografía na USC.

Prosegue que a xeografía non pode vivir estraña aos cambios do coñecemento da natureza nin ao desenvolvemento das ciencias da natureza. Da súa conexión con elas pode a crítica de métodos e obxectos descubrir camiños para chegar a unha definición da Xeografía.

> La geografía no puede vivir extraña a los cambios del conocimiento de la naturaleza ni al desarrollo de las ciencias llamadas culturales e históricas.


NUEVO ENFOQUE
DE LA CIENCIA GEOGRÁFICA

Figura 4.45.Nuevio enfoque de la Geografia. Geografia Universal . Gallach 1952

Neste artigo vemos a Otero como fiel seguidor da escola francesa de Xeografia, como a maioria de xeografos españois da época, apreciamolo cando reivindica os libros de: Camile Vallaux:" *Les sciences géographiques*" de 1926 e o de Max Sorre datado en 1943 titulado: "*Les fundaments de a Geographie humaine*", que defenden á xeografía como ciencia e a toda xeografía humana como ecoloxía. Os dous xeógrafos declaran que as súas raíces e métodos están no seu mestre Vidal de La Blache. A moderna escola francesa é admirable no estudo das

comarcas. Polemizaron e colaboraron coa escola xermánica e acudiu ás veces ao pragmatismo anglosaxón. É Enmanuel de Martone quen analizou as unidades xeográficas, que as delimitou á superficie da terra e ás capas inferiores da atmosfera. É dicir, o escenario non ben determinado da historia.

Otero prosegue cunha análise da expresión: *xeografía humana*. Pero lembra que os postulados de espazo e tempo - tempo actual - son as coordenadas do xeográfico. E que a xeografía non pode converterse nunha enciclopedia. Non é a proxección espacial de todo aquilo susceptible de ser e poder figurar nun mapa. O feito económico, artístico, xeolóxico, biolóxico, político, non é xeográfico se non se lle examina no ritmo e mundo dos feitos xeográficos.

Otero da a primacía ao feito xeográfico sobre o que ocorre no territorio e na vida dos seus habitantes. Ao seu xuízo e sentir, os xeógrafos deben buscar o obxecto e tema da Xeografía. Definir ordenar o feito xeográfico, buscar o seu módulo, compor cun sentido da orde e a súa condición cósmica e a actual realidade tecida e vivida no mundo dos feitos xeográficos. Este é o futuro non afastado da Xeografía. E dinos que ao Dr. Otto Karl Siegfried Passarge xeógrafo Radical alemán faltoulle moi pouco para definir o feito xeografico. Segundo a súa teoría, debería ser posible para os xeógrafos o establecer un sistema taxonómico como as ciencias biolóxicas.

> Definir y ordenar el hecho geografico, buscar su módulo, componer con un sentido del orden y su condición cósmica y actual tejida y vivida del mundo de los hechos geográficos, el objeto y tema, único de la Geografía, es a nuestro juicio y sentir, tarea inmediata de los geógrafos

Otero pide permiso aos lectores para imaxinar o que puidese ser en breve unha Xeografía autóctona e reivindicativa. Otero cando chegou á xeografía, está estaba nos seus inicios e sempre apoiada noutras ciencias, por iso quere que a súa visión da ciencia xeográfica sexa unha ciencia total e independente.

Otero prosegue coas conclusións que extrae da contemplación das formas do granito. E dinos:

> El geógrafo, sencillamente el voluptuoso o el imaginativo de los aspectos naturales, goza ante la majestad o la gracia, lo titánico y lo sereno, y hasta lo catártico, de las composiciones de las rocas... El geógrafo estudia y clasifica los granitos, las areniscas, los corales, interpreta sus formas, busca relaciones y consecuencias sociales, económicas, psicológicas, también artísticas.

Estes dous últimos parágrafos dinnos moito do que Otero sentía como xeógrafo e cara a onde debía ir a configuración da ciencia xeográfica. Todo empeza co chan de rocas, ao estudar un territorio sempre comeza co chan terrestre que para el é o primeiro condicionante da paisaxe. Todo se debe estudar así como as súas consecuencias e relacións.

Dinos que xeograficamente a rocha xorde na luz do día. Ten raíces nas pegadas da topografía. Das súas profundidades xorden as augas termais ou non.

Fálanos da xeografía como reino da luz normal. É un fermoso título. Que podería incluír o esencial da historia da xeografía, e outra historia do "*sentido xeográfico*". Pois di que, ao redor da xeografía latexa en sentido xeográfico nos individuos e os pobos. Pois podería estudarse o sentido da rúa, da cidade, nos individuos e as épocas. O sol e o tempo son factores sen os que non se pode definir o feito xeográfico.

Considera que a variedade de tipos de cidades é necesario estudalas, e as súas épocas históricas. Así como as ruínas, xa Ratzel no seu libro "*Antropoxeografía*" dedica un capítulo

ás ruínas. Roma e Santiago son exemplos de que a corrente espiritual decora espazos que se deben estudar na xeografía urbanística. Asi tamén a arquitectura entra no dominio xeográfico pois compón horizontes e é teatro de actividades que reflicten os seus propios ritmos.

Quedan na paisaxe o tema da relación do home co medio, a ecoloxía. De feito, o home e o seu contorno se dan cita, sucédense e interfiren os parásitos e bacterias, é a creación dunha corografía médica. O xeógrafo non pode deixar de lado o seguimento de enfermidades e pandemias nun mapa. E as súas palabras son:

> Por agora seranos fácil establecer como o ámbito da Xeografía adáptase ao mundo da luz dos obxectos normais, sendo, por tanto, os seus límites, o microscópico e o telescópico.

Finaliza Otero este ensaio, considerando que o tecido dos feitos xeográficos sobre a Terra, a universalidade dunhas reaccións sinxelas, non é difícil imaxinar un novo espírito das sínteses xeográficas e unha nova valoración do feito illado como momento dun sistema de adaptación.

Algo fundamental é o criterio do feito xeográfico: a forma, o sentido do tempo e o espazo, a cor. E finaliza dicindo*:*

> Y no sabríamos dar fin a este Prologo sin intentar la respuesta a una pregunta sobre la necesaria definición de la Geografia. Sin duda se forma en el espíritu del lector. Quedan sus elementos en líneas anteriores, por lo que apenas hace falta formularla. Siendo noble ambición, legítima conquista de la ciencia del "sentido geografico", pudiera sorprender propuesta en estas páginas. No tardara en brillar en libros elementales, al frente y como resultado de las grandes síntesis, y animaría con su pneuma filosófico el trabajo monográfico y las labores preparatorias y técnicas de toda clase: el concepto de Geografia como ciencia del mundo sensible a la luz normal, o de las formas perceptibles por la sensibilidad media la luz de la Historia o del momento actual de la Historia.
>
> He aquí una obra que lleva en si la serena visión de una suprema categoría merecida para nuestra ciencia entre las disciplinas filosóficas.
>
> R. Otero Pedrayo
>
> Trasalba (Orense), enero de 1952

O esquema e índice nesta obra para cada nación estudada é o seguinte:

> Consideraciones generales
> Configuración fisiográfica
> Climatología e hidrografía
> Biogeografía
> Geografía Humana
> Las regiones naturales
> Geografía Económica
> Geografía Política

Temos que dicir que visto o contido deste pequeno ártico ou case ensaio, no que Otero recolle a historia da xeografía, así como aqueles xeógrafos por el considerados como eixes desa historia, Herodoto, Humboldt, Suess, Camile Valleaux, Max Sorre, Vidal de La Blache, Enmanuel Martone, Ernst Haeckel, Siegfried Passarge, Ratzel e Elias Beaumont, Porén o máis xeográfico neste ensaio é a evolución que describe dos conceptos xeográficos: ciencia

USC DE COMPOSTELA

da natureza, xeografía descritiva, xeografía humana, e sempre o feito xeográfico. Pois ben, este ensaio debería ser un dos textos a estudiar polos futuros xeógrafos galegos, xa que pola súa síntese, os conceptos empregados, e o gran sentidiño xeográfico, fainos descubrir o alicerce da xeografía galega e *a Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*

4.1.15. Geografia de España. potencia y presencia del suelo del pueblo español (1955)

No ano 1955 seguindo coas colaboracións co Instituto Gallach de Librería de Edicións. Otero redactou a obra de estudo e consulta titulada: *Geografia de España. Presencia y Potencia del Suelo del Pueblo Español*[136]. É unha obra en catro volumes, enriquecida con fotografías e mapas procedentes dos arquivos da editora. Imos dicir e insistir que na paxina inicial se di que esta obra é:

> De estudio y consulta, en cuatro volúmenes, redactado por el profesor
> Don Ramon Otero Pedrayo
> Catedrático de la Universidad de Santiago de Compostela,
> y enriquecida con una nutrida selección grafica documental apartada por los archivos del Instituto Gallach

E no prólogo a editorial nos di:

> No vamos a caer ahora en la ingenuidad de decir que al fin hemos descubierto un autor. Por fortuna, España tiene muchos hombres eminentes. Lo que hemos tardado en descubrir ha sido quien pudiera consagrar a ello el largo tiempo requerido, y que, al calor de su cátedra, pero sin abandonarla, hiciera posible el milagro de presentar ESPAÑA a los españoles en una formidable visión conjunta y al mismo tiempo con un dominio local que a todos dejara convencidos y plenamente satisfechos. Don RAMON OETRO PEDRAYO, el hombre que conoce y domina como pocos la geografía peninsular y tiene el don de la palabra galana, desde su emotivo ámbito santiagués nos envió entusiásticamente el "sì" que ha hecho posible la realización de esta obra.

Tamén temos que recordar o dito por Otero en carta[137] a súa nai datada en Santiago de Compostela o 12 de marzo do 1953.

> Mi querida y adorada mama.
>
> Te escribo a las seis de la tarde con un día de viento muy frio. Desde ayer a las 7 está aquí el gerente principal de la casa Gallach de Barcelona, que vino con su esposa a tratar del asunto de la Geografía. Hoy les hemos invitado a comer y después recorrimos Santiago. Ya está hecho el contrato en muy buenas condiciones económicas, mejor de lo que esperaba, ya te contaré. Me dará bastante trabajo. Pero como yo sé bien la materia todo es cuestión de ordenarlo y disponer bien el tiempo. Desde luego es un trabajo, aunque largo, muy bien remunerado.

[136] O exemplar desta obra utilizado na investigación é propiedade do autor da tese
[137] Carta 874 da obra : Cartas a Nai 1951-1956. (2007). Editorial Galaxia. Edición de Patricia Arias Chachero e Mónica Pazos Martínez




Figura 4.46. Geografia de España Gallach. 1957

Esta obra de unhas case dúas mil páxinas redactadas por Otero ten, polo seu contido, extensión e profundidade dunha entidade suficiente para ser o obxecto para realizar un ensaio, sobre a súa concepción, contido e desenvolvemento.

En palabras de Otero na carta do 5 de setembro de 1956[138] dirixida a Francisco Fernández del Riego lle di: *Rematei a Xeografia de España. Escribín, según me dixo o editor, 3.900 holandesas, que Deus perdoe tanto pecado*...Son tres anos os que tarda Otero en redactar esta Xeografia

O que confirma a necesidade de facer ese estudio antedito. Pois cabe preguntarse. De onde saíu o texto desa obra redactada en Trasalba e Santiago? Da memoria de Otero. Dos libros de Xeografia da biblioteca de Trasalba. Sexa o que sexa, a cousa é clara, Otero traballaba de arreo e fiaba todo a súa memoria. E é lóxico pensar que a obra tivo a supervisión do editor

A obra ten uns estudios iniciais con tres temas.

> Génesis y contenido de esta obra
> Visión general de España
> Esquema descriptivo preliminar.

Da xénese e contido da obra xa reproducimos o que os editores nos din e as referencias o seu autor.

A visión xeral de España céntrase na posición da Península Ibérica e as correspondencias xeográficas de España. O texto está redactado nesa linguaxe literaria de Otero cunha chea de

[138] Carta126 da obra: rexistros no vento. Epistolario de Ramón Otero Pedrayo e Francisco Fernández del Riego (2024). Editado pola RAG. Edición de Patricia Arias Chachero.

circunstancias históricas dende o século V, coa mención a Paulo Orosio, a Hesperia, a Hércules, a Atlántida, o xeólogo Suess, o xeógrafo Reclus, e remata:

> Y la unión, en el poderoso vaso de Iberia, de las corrientes culturales procedentes del Norte y del Sur, dió un resultado tan fuerte como inconfunduble. El receptáculo, con la lección de su forma y de su contenido, imprime todo un carácter. Ese mismo carácter que luego aflora tantas veces en el proceso histórico.

Vemos que os feitos xeográficos son froito da historia e a visión xeral da xeografía dun lugar para Otero ven precedida da historia do lugar e os conceptos xeográficos xorden nese tempo ascendente dos feitos históricos.

O esquema descritivo preliminar ten os eixes seguintes:

> Conceptos interpretativos
> Los montes pirenaicos
> Las regiones vasca y cantábrica
> Galicia y sus temas geograficos
> La España Central
> Castilla la Vieja y León o comarcas durienses
> Castilla la Nueva y Extremadura, o la España toledano-emeritense
> Las tierras de la depresión del Ebro: Álava, la Rioja, Aragón y la Cataluña interior
> Cataluña y Levante y sus temas geográficos
> El archipiélago Balear
> Andalucía
> El archipiélago canario
> Presencia de la cultura y de la economía españolas
> Alcance y significación de la presente obra.

Os conceptos interpretativos veñen definidos pola delimitación das rexións naturais de España partindo das formas xurdidas pola evolución do relevo, o que Otero chama *terras altas ou tendidas chairas:* as dúas Castelas, León e Extremadura. E as rexións periféricas a ese macizo central. A orientación danos diferentes climas. As serras definen o carácter das xentes. Temos unha España seca e outra húmida, e nos di:

> Lo más difícil de conseguir cuando se persigue el deseo de comunicar fielmente la fisonomía del paisaje geografico, es la verdadera selección de sus conceptos interpretativos. España es tan precisa en facetas - montaña, meseta, vega, llano, cuesta, valle, litoral - y tan rica en sectores de matiz y de transición, que no siempre se logra interpretarla con exactitud. Pero como tema es tentador, vamos a poner a su servicio los apartados que siguen a modo de preámbulo a las descripciones sistemáticas - región, provincia - que forman el verdadero cuerpo de la obra.

Continúa coas descricións a modo de pórtico das rexións xa mencionadas e súas provincias e engade ao labor da historia como orixe da cultura e os recursos naturais como exixes da economía.

E do alcance e significación da obra, feita a descrición do ambiente físico vai a ser completada coa cartografía do instituto Gallach e nos di:

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

> El propósito del autor y el deseo de los editores, palpita, desde el comienzo hasta el final, la obsesion de una idea: ESPAÑA; y con ella, el ansia de una misión: divulgar a los cuatro vientos el valor real de su presencia en el amplio concierto de pueblos que aun no han perdido la fe en los destinos ni el porvenir de Europa.

E xa inicia o estudio xeografico do solo español. Pero limitarémonos aquí a desenvolver o esquema co que Otero aborda cada rexión e provincia. Ese esquema igual para as rexións naturais e as históricas, así como para as provincias que integran cada rexión teñen os apartados seguintes:

Consideraciones generales
Configuración fisiográfica
Climatología e hidrografía
Biogeografía
Geografía Humana
Las comarcas
Geografía Económica
Geografía Política

Vemos pois, que Otero, fai unha xeografía de concepción vidaliana e asemade contempla as novas xeografías, pois inclúe cadros estatísticos, informativos e económicos en cada sección. Este xeito de camiño que percorre lévanos a dicir que Otero segue ao día as cuestións xeográficas, utiliza os novos conceptos buscando unha xeografía que integre os feitos xeográficos, e toda esa vida nos da a mellor imaxe dun territorio e a súa paisaxe.

Debemos facer fincapé que o esquema antedito ten moita similitude co xa estudiado na obra *Geografia Universal* da editorial Gallach na edición de 1952, tan só a diferencia a temos en que nesa Xeografía Universal considérase un capítulo de rexións naturais e na Xeografía de España 1955, trócanse polas comarcas.

Como resumo desta gran obra xeografica de Otero, debemos dicir que foi unha xeografía froito do estudio e a investigación da súa época, feita segundo os eixes xeográficos e culturais de entón. Sen embargo, danos esa visión global que Otero tiña da xeografía e a paisaxe, Pensamos que é a obra que mellor debuxa a *Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.*

4.1.16. Geografia de España y Portugal. Galicia (1958)

Non temos unha obra xeográfica de Otero que se titule *Xeografía de Galicia*, pois sempre a xeografía de Galicia está formando parte de xeografías de España ou universais, polo que os seus contidos son sempre un pouco cativos. Lembremos que cando escribe a *Síntese xeográfica de Galicia* como manual divulgativo de xeografía, quizais ten o pensamento futuro dunha gran xeografía de Galicia, cousa que non viu a luz. Pois ben mirado, a xeografía que si podería ser a máis elaborada e cientificamente estruturada, e que ten ademais o traballo e a experiencia de moitos anos de estudio da xeografía é a súa colaboración na *Geografia de España y Portugal*[139] edición de 1958, dirixida por Manuel Terán Vázquez, na que Otero é o xeólogo Hernández Pacheco redactan parte do tomo IV-I, que trata dunha xeografía rexional, a obra que foi editada en Barcelona por Montaner e Simón S.A. en cinco tomos. Otero redacta no tomo IV, o capítulo II: *paisajes y comarcas gallegas; e* colabora con Manuel Terán na redacción do capítulo I: *Los factores geograficos de carácter general*. Ata esa data as

[139] A obra consultada se atopa na biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela

"Xeografías de Galicia" eran a dirixida por Carreras Candi titulada: *Geografia del Reino de Galicia* (1926-1936) obra en seis tomos, editada en Barcelona pola Casa Editorial Alberto Martín, e a *Geografia de Galicia* de Antón Fraguas, editada por Porto y Cía. Editores no ano 1953. Ese ciclo en aquel tempo queda pechado coa *Geografia de Galicia*, en tres tomos dirixida por Torres Luna en 1986, editada por Xuntanza Editorial na Coruña.

Nesa xeografía de carácter e estrutura rexional, é no tomo IV-I coma nos di a editorial que Otero elaborou os capítulos I, no que colaborou con Manuel Terán, e o capitulo II, dedicado a Galicia, a obra está escrita en castelán.

O contido deses capítulos teñen o índice seguinte


Capítulo I

LOS FACTORES GEOGRAFICOS DE CARÁCTER GENERAL

I .- El medio físico
El relieve
El clima
La vegetación

II.- La población, evolución histórica y distribución actual
evolución de la población
El habitad rural, la estructura agraria y la vivienda

III.- Las actividades económicas
La agricultura
La explotación forestal
La ganadería
La pesca
La minería
La industría


R. 21 806

GEOGRAFÍA
DE
ESPAÑA Y PORTUGAL

POR
MANUEL DE TERÁN

ESPAÑA


GEOGRAFÍA REGIONAL

POR
MANUEL DE TERÁN

CON LA COLABORACIÓN DE
R. OTERO PEDRAYO y F. HERNÁNDEZ PACHECO

Tomo IV, 1.ª parte

BARCELONA
MONTANER Y SIMÓN, S. A.


Esta tomo ha sido redactado por los siguientes autores:

Capítulos III al X, ambos inclusive, por el Dr. D. MANUEL DE TERÁN, Catedrático de Geografía de la Universidad de Madrid, Secretario del Instituto «Juan Sebastián Elcano» de Geografía (Consejo Superior de Investigaciones Científicas).

Capítulo II, por el Dr. D. RAMÓN OTERO PEDRAYO, Catedrático de Geografía de la Universidad de Santiago de Compostela.

Capítulos I y XI, por el Dr. D. MANUEL DE TERÁN, con la colaboración del Dr. D. RAMÓN OTERO PEDRAYO, para el cap. I, y del Dr. D. FRANCISCO HERNÁNDEZ PACHECO, Catedrático de Geografía Física de la Universidad de Madrid, para el cap. XI.

Figura 4.47. Geografia de España y Portugal. Montaner e Simón S.A. 1958

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Capítulo II

PAISAJES Y COMARCAS GALLEGAS

I.- La orla y zonas de atracción de los arcos costeros ártabro y finistérrico
Terra de Ortigueira
El golfo Ártabro y las Mariñas
Bergantiños y los genuinos Finisterres
II .- El alto Miño y el litoral Cantábrico
El alto Miño
La orla Cantábrica gallega
III.- El valle del Sil
IV.- El valle central del Miño
Comarcas incluídas en la atracción del Miño central
Regiones afluentes de la izquierda del Miño central
V.- Las Médidas y sus aureolas
El grupo central y sus inmediatas formas
Tierras de Arnoya
La Limia y sus momentos geográficos
El valle de Monterrey
Comarcas del Bolo y Viana
VI.- Las Rías Bajas y sus zonas de atracción
El valle del Tambre
El Ulla y sus regiones
Santiago de Compostela
El seno del Pindo
Las rías de Muros y Noya, el Barbanza
Arosa
El valle del Umia y la Tierra del Salnes
Comarca del Lérez y las dos rías Bajas meridionales
Las ciudades: Pontevedra, Vigo
VII.- El Miño inferior
Bibliografía

Da análise desta Xeografía atopamos en primeiro lugar que na bibliografía da obra temos que como obras xeográficas de Otero só se inclúen as seguintes:

Ensayo sobre las variaciones fisiognómicas de la calle orensana durante medio siglo, Cuadernos de Est .Gall. fascículo XII, 1952.
Guía de Galicia 1926;2º edición 1945.
Las ciudades gallegas. Buenos Aires, 1951.
Paisajes y Problemas geográficos de Galicia, 1928.
Paisajes y tipos de Galicia. Orense, 1929.
Terra de Melide. La Coruña, 1929.
Problemas de xeografía galega. Notas en col das formas de poboazón labrega. La Coruña,1927.

A pregunta que nos facemos é por que só se inclúen estas sete obras, e quedan esquecidas *a Síntese xeográfica de Galicia* de 1926, así como os ensaios xeográficos publicados na revista *Nós,* e as colaboracións co Instituto Gallach de Barcelona, ademais dos ensaios sobre a *paisaxe*, todos eles anteriores á publicación desta *Xeografía*. Poderían ser razóns da editorial, ou foron os textos propostos por Otero. Esas referencias o que si nos confirma é un dos

obxectivos desta tese, e dicir, a necesidade de facer a clasificación de tódalas obra xeográficas e paisaxistas de Otero.

Ademais polo índice desta *Xeografía* vemos que Manuel Terán e Otero entenden que a Xeografía rexional debe ser exposta en dúas partes, unha a xeografía dos conceptos xerais, xeografía física, demografía e xeografía económica, e a outra a do estudio do territorio a través das paisaxes e a delimitación e análise das comarcas naturais. Como xa dixemos, Otero é autor do capítulo II: *Paisajes y comarcas gallegas.* Alí Otero nos debuxa sete paisaxes:

I.- La orla y zonas de atracción de los arcos costeros ártabro y finistérrico
II.- El alto Miño y el litoral Cantábrico
III.- El valle del Sil
IV.- El valle central del Miño
V.- Las Médidas y sus aureolas
VI.- Las Rías Bajas y sus zonas de atracción
VII.- El Miño inferior

Paisaxes definidas polos axentes e conxuntos xeográficos: da costa, os ríos, as montañas e as rías. Otero é fiel á definición que nos di en 1928 da paisaxe xeográfica no capitulo I titulado: *Paisaje geográfico* do libro: *Paisajes y Problemas Geográficos de Galicia.*

> El paisaje geografico, al contrario que el pictórico, se fija primeramente en el horizonte que limita el trozo grande o pequeño de superficie terrestre que se considera. Vidal de La Blache había exigido para sustituir al vocablo horizonte un neologismo, scenarie, sacado del inglés. Pero la característica esencial consiste en comprender el paisaje como un dinamismo en dos sentidos: el juego de los agentes de la erosión, de la luz y del calor en su acción sobre el relieve, el tapiz vegetal y los establecimientos humanos, juntamente con la acción de éstas en sus variadas formas, y por otra parte los diferentes aspectos que reviste el paisaje según el ritmo de las estaciones.

E nestas sete paisaxes Otero define tamén vinte cinco comarcas:

1.Tierra de Ortigueira,
2.Golfo Ártabro y las Mariñas,
3.Bergantiños y los genuínos Finisterres,
4.Alto Miño
5.La orla Cantábrica gallega,
6.Comarcas incluídas en la atracción del Miño central
7.Regiones afluentes de la izquierda del Miño central
8.El grupo central,(sierras orensanas) y sus inmediatas formas
9. Tierras de Arnoya
10. La Limia y sus momentos geográficos
11. El valle de Monterrey
12. Comarcas del Bolo y Viana
13. El valle del Tambre
14. El Ulla y sus regiones
15. Santiago de Compostela
16. El seno del Pindo
17. Las rías de Muros y Noya,
18. El Barbanza
19. Arosa
20. El valle del Umia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

21. La Tierra del Salnes
22. Comarca del Lérez
23. Rías Bajas meridionales
24. Pontevedra,
25. Vigo

Otero percorre as comarcas partindo dos eixes dos vales e ríos, as rías tamén conforman paisaxes. A historia dálle nome á rica toponimia utilizada. Ata é orografía e centro dun horizonte. Á hora de falar no capítulo de Discusión e Resultados faremos unha análise máis ampla das comarcas en Otero nesta e outras das súas obras xeográficas.

Tamén temos que Otero ao falar das medas ourensáns escribe: *Las Medidas y sus aureolas.* Falarase deste nome ao estudiar os artigos en prensa de Otero e concretamente ao publicado no xornal: *El Pueblo Gallego*, do 18 de agosto do 1934.

4.1.17. Xeografía. Historia de Galica (1963)

Don Ramón Antonio Vicente Otero Pedrayo escribiu cun gran sentimento de amor a Galicia, cun respecto de fillo, dun modo case sacro, cando Galicia era o seu tema.

> Endexamais teño collido a pruma cun sentimento de amor a Galiza, cun respeto de fillo, un medo case sagrado, como nistes momentos ó teimar o prólogo obrigado e necesario a unha Nova Historia da Nosa Terra.

Así reflíctese no prólogo da súa *Historia de Galicia*[140] de 1963, que se publicou por primeira vez en Bos Aires por Ediciones Galicia, publicada baixo a dirección de Otero, e que foi editada na segunda edición de 1979 por Akal Editor en Madrid. Ademais da dirección desta obra en tres tomos por Otero, a súa vez escribe Otero o apartado da Xeografía, e colaboran: Isidro Parga Pondal que escribe o capitulo da Xeoloxía; Luís Iglesias Iglesias, que se ocupa da Xeografía Fito-Zoolóxica; Vicente Risco da Etnografía: Cultura Espritual; Xaquín Lorenzo Fernández da Etnografía: Cultura Material; Florentino L. Cuevillas do capítulo da Prehistoria e Xesús Taboada Chivite fai unha *Addenda et corrigenda*, sobre a prehistoria de Galicia

Aquí imos desenvolver e investigar o escrito por Otero nesta *Historia de Galicia*. O que podiamos chamar: *unha das súas xeografías de Galicia.* Pois a maioría das veces introducía nos seus escritos históricos unha xeografía do lugar e neste caso de Galicia, textos xeográficos máis ou menos extensos, tamén o fai nas guías, ou xeografías propiamente ditas de España ou de Galicia.

Imos enxergar a segunda Edición de 1979, na que esa xeografía ten os seguintes capítulos:

I.1. Posición e relaciós xeográficas.
I. 2. Dúas leis de esencial valor na temática dás formas.
I. 3. Un primeiro enxergar dá fisiognomía xeográfica dá Galiza.
II.1. Terras do outo Miño o Miño lucense.
II. 2. Terras do Miño centroso o ourensán.
II.3. O baixo Miño o Miño galaico-portugués.
II. 4. Os temas xeográficos dá Galiza ourental.
II.5. A Galiza cantábrica.
II.6. As Mariñas e váles cinguidos coelas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[140] O texto desta investigación é proiedade do autor da tese na idición de 1979

II.7. Terra de Bergantiños.
II.8. O Tambre e seus tempos.
II.9. O val ullán.
II.10. O val do Lerez, Pontevedra e súa ría.
II.11.Temas xeográficos de Vigo os artellamentos dá súa badía e o Miño inferior.

Esta obra vai acompañada de 24 planos de cidades galegas, e outros 28 mapas no que se divide o territorio de Galicia.

Eses planos son 24 das cidades de: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Sant-Yago de Compostela, O Ferrol, Monforte de Lemos, Betanzos, Cambados, Carballiño, Celanova, Mondoñedo, Muros, Noia, Padrón, Pontedeume, Redondela, Ribadavia, Santa Marta de Ortigueira, Tui, Verín, Viana do Bolo e Vilalba. Os 28 mapas delimitan 28 zoas e subrexiones naturais e son: Miño Outo, rexión de Lugo, Sarria e Samos, rexión de Lemos, Miño Central, rexión de Fonsagrada, rexión de Becerrea, rexión de Valdeorras, As Medas, rexión de Celanova, A Limia, Val de Verín, Costa de Lugo, rexión de Mondoñedo, ría de Viveiro, ría de Santa Marta, as Mariñas, ría dá Cruña, val de Bergantiños, ría de Corme e Laxe, cabos Touriñan e Fisterra, ría de Muros e Noia, val do Ulla, rexión de Sant-Iago, ría de Arousa, o Lerez e ría de Vigo.




Figura 4.48. Plano de O Ferrol. 1960

Estas rexións naturais son delimitadas por criterios de xeografía física, aquí Otero utiliza os ríos, as rías, as vilas, as cidades e a súa zona de influencia, o relevo, e demarcacións de antigas xurisdicións.

En toda está xeografía Otero intercala no texto descritivo, as veces, conceptos e definicións de feitos xeográficos que nós fan achegarnos a súa ciencia xeografica. Asemade tamén cita a xeógrafos europeos mestres do seu saber. Eses parágrafos van a ser expostos a xeito de notas escritas onde correspondan.

Posición e relacións xeográficas

A posición á que fai referencia Otero está unida ao que chamaba o *mundo céltico*: desde as illas Orcadas ao norte de Escocia o val do Douro e do atlántico ao meridiano 0 de Greenwich. Escocia, Irlanda, Bretaña e Galicia teñen características xeográficas semellantes sobresaíndo as rías ás que Richthofen deu nome universal, e Wegener cualificou de vales

asolagados. Fálanos e identifica o concepto: "*border"* centroeuropeo dos países célticos coas costas das rías do atlántico na rexión chamada mar "*Céltigo*".

Lembra a escritores como: Macbeth, Emily Brontë, Yeats, e Chateaubriand que na súa obra: "*Memorias de ultratumba*" describe a paisaxe da landa do centro de Europa. E iguala a landa coa penichairan dos países célticos. Estes razoamentos creo que tratan de facer fincapé na teoría das orixes celtas de Galicia, que Otero defendía.

Dinos que calquera viaxeiro por Galicia descobre a cor e a tónica das rexións na "*Carta Xeométrica de Galicia*" de Fontán. Continúa coas terras limítrofes de Asturias, León e o Bierzo. No Bierzo as formas xeolóxicas son moi semellantes ás de Galicia. É fermoso como o clima galego vaise enrarecendo nas terras zamoranas. En Pena Trevinca a maior parte das augas van para Galicia e a paisaxe vexetal vese nos vales.

E nos horizontes con Portugal temos un mundo de montaña con vales cheos de vexetación meridional en unidades en ovalo con pouco desenvolvemento nas bocarribeiras. Un litoral de formas maduras, praias e roquedos en forma de serra. O val de Praga, Ponte Limia e de Viana é comparable ao val de Moraña ou do Miño ourensán.

Aquí as notas que no texto introduce Otero son:

> Procura a xeografía, ciencia de procesos e formas ca altitude ou, un xénero seu de precisión. lembranza do home...
> O mestre do fino senso do decorrer das formas xeográficos, Richthofen, deu cidadanía universal ó nome galego e o proceso e temática das rías.

Dúas leis de esencial valor na temática dás formas

Unha ciencia, a xeográfica leva en si o de enunciar leis. Otero dinos que lonxe dos feitos e das cousas medidas, máis aló da esfera provisional e de maneira sucinta pódense enunciar as leis. A Xeografía máis que un saber das cousas, quizais dos procesos, ou mellor da superficie das cousas, e manexando cifras, non moitas cifras. Cre na integración vital dunha xeografía da esencia de Humboldt comprendida baixo os filósofos clásicos e a vivencia do tempo moderno cos progresos da xeografía humana, das ciencias ambientais e da sociedade ordenada baixo o eixo conceptual da paisaxe.

Neste sentido enuncia dúas leis nadas do estudo e das vivencias da realidade galega. En primeiro lugar, *a lei da atracción occidental*. Lei morfoxenética, plástica, de valor histórico e psicoloxía dentro da psicosocioloxía. Pódese definir como a individualidade xeográfica de Galicia. *É un feito o máis aló das formas cara a unha peninsular liberdade que responde á chamada do Atlántico*. Relaciónase a tectónica e un pasado de ciclos oroxénicos pequenos e marcados polo tempo que ordenou os montes de granito batidos polo mar. A Galicia oriental e occidental dominan os montes de diferentes oroxenias. O tempo e as formas son outros. En todos os países hai sentimento de norte e sur. Discutirase a primacía dunha Galicia do norte e outra do sur. Con límites tan singulares como os vales do Sil e do Ulla. E as diferenzas propias dun lugar de labradores do Tambre, verde, ventoso, con néboas, gandeiro, en comparación co Miño, de doces invernos, mesetas labradas segundo as estacións. É a lei da erosión esculpindo Galicia desde o nivel base do Atlántico. Hipsométricamente Galicia descende no sentido dos vales. Por non falar dun pé de monte. Un descender en ordenación de cambios e reflexos doutros movementos que ás veces parecen imposibles.

A segunda lei envolve a relación norte - sur. Temos disonancias no territorio por cuestión de coordenadas xeográficas, máis ben por minutos de meridiano e paralelo decláranse variacións de paisaxe e de historia. En calquera paisaxe estase cativa a resonancia da historia e descóbrese a mestura entre ambos sentidos. *As formas e procesos maduran e mestúranse no*

USC DE COMPOSTELA

rumbo oriente - occidente. No feito xeográfico non se pode apartar do proceso da forma. Só nun xénero de feitos isto non acontece nas ruínas. A ruína pódese definir como un estado do feito no que se detén o proceso e queda a forma. Nas terrazas abandonadas queda a ruína que se envolve na erosión pola auga, vólvense bravas e outra forma encobre a vella terraza. A ruína sérvenos para determinar o feito xeográfico e a función do proceso e a forma. O val como unidade, a casa, un campo, a carballeira, a vila, son procesos creadores de formas. Na paisaxe ordenada dun horizonte os feitos xeográficos son moitos e mesturados. Condición esencial de xeógrafo e da xeografía é discriminalos ordenándoos en filas e series, sempre descubrindo o desenvolvemento evolutivo no tempo, a súa periodicidade, ou establecer os tipos de feitos segundo a súa cantidade, duración, transcendencia, é dicir o seu valor. Estamos en 1963, e Otero marca o camiño da investigación xeográfica e sempre partindo dunha paisaxe.




Figura 4.49. Historia de Galicia . Xeografía

Esas notas no texto son as seguintes:

> Non queremos gabarnos de profetas. Os vieiros dos diferentes saberes artellados ou tanxentes á Xeografía procuran, cada un co seu ritmo, chegar a unha síntese creadora. Cicais se non decatan do que ten de acontecer, Mellor para os xeógrafos apaixoados. O saber técnico e popular máis vello xurdira dono dun método no século XX como o máis novo...
> Paisaxe fondamente humanizada. Humus, humán, A sinxela relación gramatical dos vellos glosadores e escolásticos colle entre nós unha impresionante gravidade. E xurde unha figura e realidade, cicais superior valencia, da Galiza se a enxergamos na dimensión dunha pel fina, delgada,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> unha película de vida xeórxica, pastoril, vilega, sobre esgrevias e duras formacións xeolóxicos...

Continúa o texto co capítulo I.3 titulado: *Un primeiro enxergar dá fisiognomía xeográfica dá Galiza*.

Enxergar a Galicia enteira nunha unidade, espallando dende unha paisaxe calquera, pois todos están unha fonda unidade. Debe facerse o estudio conxunto dun espacio no mapa de Galiza, ou do Mundo. Enchéndoo metodicamente de nomes e formas. Todo esto en Galiza ira ben confiándose o decorrer do rio centroso, gran patrucio de formas, ritmos e paisaxes, o Miño

Esta primeira visión sobre as formas xeográficas de Galicia é un repaso buscando a unidade das formas do relevo de Galicia, centrado no Miño e as súas comarcas de ribeira, as costas, as rías e os seus vales adxacentes. Iso é o preludio do mencionado e o máis extenso capitulo II cos seus 11 apartados nos que describe 11 grandes rexións e as súas 54 comarcas, que son as seguintes:

TERRAS DO OUTO MIÑO OU MIÑO LUCENSE
A terra Cha e a comarca villabesa
Terras entre o camiño das Mariñas (Parga, Friol, Guntín, Chamoso) e o camiño de Sant-Iago. Temas xeográficos de Lugo
Terras de Chantada, Sarria, Lemos e suco do Miño
TERRAS DO MIÑO CENTROSO OU OURENSÁN.A RIBEIRA DO MIÑO
Terra de Nogueira e Luintra e o Loina
Terras e paisaxes afloentes do Miño ourensán pola beira dereita: A Peroxa, os chaos e bocarribeiras, os ribeiros da Avia
Terras da esquerda do Miño centroso ou ourensán: Rabeda, Terra de Montes
O BAIXO MIÑO OU MIÑO GALAICO-PORTUGUÉS
O tramo da Frieira e as serras franqueirás ou da Cañiza
Os vales do Tea e o propio Miño tudense
O derradeiro tempo do val do Miño
OS TEMAS XEOGRÁFICOS DA GALIZA OURENTAL O NORDE DO VAL SO SIL
Serras e vales ó norte do Cebreiro
Serras e vales o sul do Cebreiro
Terras do Incio e de Brollón
O Sil nos seus tempos e chamadas
Algunhas notas do Bierzo e da paisaxe das Medulas
Terra de Valdeorras
Montefurado e Quiroga
O val di Sil deica ambas mestas. Os tres rios
A rexión centrosa das medas
Terras de Caldelas e de Trivés
Terra de Maceda e val do Arnoia
Terra de Celanova
Abaixa Limia e a terra de Calvos de Randín
Os temas xeográficos da Limia
Terras de Laza e Monterrei
Terras do Bolo e de Viana
Terras da A Gudiña e da Mezquita
A GALIZA CANTÁBRICA. DENDE RIBADEU A FOZ
Terras de Mondoñedo e Viveiro ca ribeira dende Foz a Bares

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mondoñedo e Lourenzá
Valadouro e o litoral de Fazouro
Vales do Landrove e do Sor, ca costa de Viveiro e Bares
Ortigueira e a súa terra co litoral de Cedeira e Valdoviño
AS MARIÑAS E OS VALES CINGUIDOS COELAS
Terras de Trasancos e San Sadurniño, vales do Xubia e Neda, Ría e comarca Ferrolán
A península do Chanteiro ou de Mugardos
Pontedeume e Betanzos
A península ou penilla de Meirás
A ría da Cruña e o val do Mero
Os temas xeográficos das cidades e vilas das Mariñas
TERRA DE BERGANTIÑOS
Xallas, Soneira, Fisterra
O arco de costa de Laxe e Fisterra
O seo da Fisterra e o Pindo, Cee-Corcubión e as erras afloentes
O TAMBRE E OS SEUS TEMPOS
A ria de Noia e Muros
O VAL ULLÁN
O ampido das chairas e montañas da beira dereita Ullán
Sant-Iago de Compostela
A Mahía e o esteiro Ullán
A Barbanza ca banda do mar de Arousa
Camba, Deza, Trasdeza, Tabeiros
Dozon e Deza
Tabeiros
Os temas xeográficos de Arealonga e ribeira de Vilagarcía
O Salnes e as beiras cambadesas de Arousa
O VAL DO LÉREZ, PONTEVEDRA E SÚA RÍA
Pontevedra e a ría ca forma peninsular do Morrazo
As terras montesías de Pontevedra
Terras de Montes
Cotobade
OS TEMAS XEOGRÁFICOS DE VIGO COS ARTELLAMENTO DA SÚA BADÍA E CO MIÑO INFERIOR

Sería case presuntuoso trasladar a escrita esa mirada que Otero fai nesta obra desas cincuenta e catro comarcas, que ben coñece, non tería sentido, pois pódense ler nesa xeografía seguindo co outro ollo o mapa de Fontán. É xeografía vidaliana con pequenos apuntes da historia de cada lugar. Temos sempre un río e os seus afluentes, os vales, as montañas, as longas serras, a costa, os estuarios e as badías. E sempre o fluír da xeoloxía na paisaxe en tempos mainos e outros de maior plenitude. Tamén están sempre os factores, os tempos, os ritmos e as composicións da paisaxe de cada comarca.

4.1.18. A aldea galega no seu decorrer histórico (1965)

Quizais o texto que máis conxuga a historia e a xeografía de Otero é un ensaio titulado: *A aldea galega no seu decorrer histórico*[141]. Que foi publicado en 1965 no número 8 de abril e maio da revista Grial. Neste ensaio Otero nos mostra as liñas da historia e da xeografía que conflúen ao dicir as cousas que compoñen a paisaxe xeográfico de Galicia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[141] O texto desta revista foi consultado na biblioteca virtual Miguel de Cervantes

Este ensaio ten os capítulos seguintes:

> Diante do Fontán.
> Patriarcalismo e parroquia
> O comén da metamorfoses.
> A aldea de hoxe
> A aldea mañá.

O ensaio comeza cunha clara alusión xeográfica as parroquias que locen no mapa de Domingo Fontán;

> O Fontán, entre as moitas regalías súas luce a de rexistrar polas súas cabeceiras, as eirexas, as costelacións das parroquias da Galiza. Poucos lugares, ou pobos, non cabezaleiros de parroquia, sinala. O fermoso mapa conselleiro, grave e ledo, ten pra nos, os vellos camiñantes das estradas galegas, a emoción sempre nova do horizonte e o consoo e fortecemento de un desenrolo de memorias.(...) E asín o Fontán e as presencias que o poboan, invitan a unha meditación sobre a aldea galega.




Figura. 4.50. Revista Grial 8. 1965

Vemos como en tantas ocasións o mapa de Fontán é o punto de partida para iniciar unha investigación sobre a xeografía de Galicia. Otero recorda a Antón Vila Ponte[142] o falar do "rus", o agro e a terra. E dinos que o rus:

> Precisa un novo traxe e de outro espírito. Atopouse de sutaque pavero, ridículo. Cada día inspira menos interese etnográfico, e moito menos amor e simpatía.

Otero fala dos novos ventos da Península con costumes dun novo clasicismo de regalías do paganismo hixiénico e deportivo.

> O gustante da aldea galega, da súa patriarcalidade, da súa conquerida fórmula social, xa desconcerta e espaventa como un poeta nun consello de administración, ou unha dilixencia ou carrilana con maioral barbuzán e riseiro polas rúas cronometradas e mecanizadas.

Pódese dicir que Otero chora pola perda do romanticismo na vida da aldea a beleza e a irmandade dunha vendima, e nos confirma que a aldea galega:

[142] Farmacéutico e escritor lugués (1881-1936)

> A aldea galega foi condición material, inerte, pasiva, dun decorrer histórico de máino ritmo, con curtos "allegros", a cárrego de castes fidalgas, burguesas, administrativas.

Otero sempre comentou que estrutura do campo galego foi obra da Eirexa Católica e polas ordes monásticas, tanto nas cidades, serras, montañas, bocarribeiras e beiramares. A Eirexa dou o espírito ao labrego nun senso que el chama "retabular" do mundo, do decorrer da historia das cousas e dos homes. Era cada semana a sazón o vivir dos homes. Esa visón era a guía das artes plásticas. Otero nos cita a Valle Inclán en "Divinas palabras" e na "Flor de santidad". Rosalía como andoriña por eses paisaxes. E en Pondal esa tese se fortalece.

O outro elemento da vida da aldea en xustiza é unha organización de xente de moita travesura, cheiran os litixios se buscan os preitos, se consumen os patrimonios, alí están as artes da avaricia, afastando regos, maquiando marcos, movendo vieiros. Xente de raposeira condición, malamente espallada como si fora herdo de galegos, e nós di:

> Pois pensamos ser o eixe e cerne da aldea, da parroquia galega, unha rexa, unha adamantina forza enxamáis esgotada, por moitos perigos e chamamentos enfebrecida, como nistes tempos nosos, pro sempre viva, pódente nas súas mesmas pousas.

Debemos pois, case concluír que Otero entende que na vida da aldea está a esencia de Galicia. Esa enerxía dos galegos que ten o campo galego nos debagares e nas largas agardas para ter o froitos das colleitas.

Nós recorda Otero que xa ten falado da parroquia. O lugar, o pobo, ou tamén un barrio pode desaparecer deixando cativas ou ningunhas sinais.

> Pro si ás veces do lugar non fica outra memoria da que a gardada nos documentos de entrambilicada letra antiga, non morre a parroquia.

Hai un senso do lugar e outro da parroquia que é agrupamento de lugares. Estamos a falar da aldea antiga, que chegou no esencial deica ao comezo do noso século. Centro da parroquia é a eírexa coa reitoral e o adral, lugar de encontro de veciños. O labrego antigo descoñecía o aburrimento nas horas do día. O xefe da casa como un patriarca, pois ordena os traballos: a malla ou a vendima, guía os bois, a sega, todo segundo as sazóns. A muller fía, remenda, enforna, cociña, lava, maza o lino, desenvolve tarefas aprendidas pola tradición na ordenación do xiro do día.

Na aldea a economía e pechada. Comerciase na feira. De moi raro se vai á tenda na vila e na cidade. A paixón é a terra, o gando, o ben, non se perde o devir histórico.

O foro, acordado e cambiante é o "status quo". Nas romeiras locen os santos patróns arrancan os males e os meigallos. Como di Otero:

> A Idade media inda despois das Cortes de Cádiz.(...) A parroquia ao seu xeito tamén ofrecía o esquema do mundo bo e ás veces conquerido. No labrego e na parroquia a ordenación das cousas e das vidas non era a "ilustrada".

Dende o século XVIII chega a invasión comercial a Galicia: os maragatos, os zamoranos, "*axentes do resgardo*". O comercio se espalla nas tendas que medran no século XIX, Axudaron as estradas, a seguridade dos camiños, a emigración e o novo diñeiro. Os bancos

USC DE COMPOSTELA

gardan o diñeiro das novas fortunas. A parroquia vive sen o señorío. Os antigos pazos perden pola preguiza do señor que se vai a cidade. Cos avós perdeuse as vellas fidalguías. A terra pasou a comerciantes.

> Espreitada dende o cerne da aldea, a historia política do século XIX, tendo unha semellanza co proceso de romanización desenvolve coa metódica de instaurar novo estado lóxico, claro apelando á organización das relacións sociais conforme a principios considerados como subxacentes na conciencia dos homes.

Coas Cortes de Cádiz chegan ás Deputacións provinciais, xulgados, rexistros, o censo, as contribucións. Unha nova burguesía se fortalecía cos patrimonios desamortizados e sometidos aos regulamentos municipais. O estado crece e a aldea perde a enerxía antiga. Todo este proceso é contado por Otero, coas metáforas encadeadas e con certa nostalxia da historia por el estudada.

E nos recorda que na aldea de hoxe, estamos en 1956, hai un síntoma de antinomia aldea-vila. O paisano faise á comodidade do burgués, pero non deserta da súa parroquia. Todo son tratamentos económicos. O senso da propiedade fixo adopta as formas de vida burguesa. O inzamento da tenda vai tamén a do bar. Os homes xa non beben nas adegas. O agro é cousa de técnicos.

> Co crescemento do monte e do bosque, axudado e disposto polo Estado e as provincias en grandes constelacións, semella en grandes proporcións fracasada a grande obra de destouza e traballo agrícola fino e progresivo, correspondente, en termos xenerales, a un tempo que comeza no derradeiro tercio do XIX e se amesta nos primeiros trinta anos diste século.

A aldea, mañán.

> Pro a nosa teima procura o ser íntimo do agro galego. Vivimos nil docemente asolagados. Non temos prexuicios e sabemos aturar e explicar espectáculos como o de unha antiga e fermosa viña de treixadura ilustre desinzada e convertida en lameiro.

Suceden as cousas na Galicia en función de como vai o mundo.

> Hoxe, gracias a moitos trocamentos, de tipo e senso universal, a aldea galega —un "hoxe" de drento de algús anos, si bondosos númenes xusticieiros presiden os nosos destinos— semella millor disposta que nos días da "Cámpana de Anllóns" ou dos "Aires da miña terra" pra recibiré a sementeira de unha cultura remanecida das fondas raíces da aldea e frolida cas primaveiras de Europa.

E fai Otero un afectado desexo

> Si unha "paz perpetua", millor unha alianza confesional e un xeito novo de patriarcalísimo económico trunfaren no mundo, a Galiza ha ser, e precisamente polas súas condiciós que hoxe semellan negativas, unha das patrias favorecidas. Elo, no campo das forzas humáns, ten de remanecer da garda do noso espírito, da adaptación de traballos modernos, da fuxida de imitanzas ben coñecidas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E finaliza o ensaio

> E non desconfiamos de que o noso labrego chegue a non ter precisión de mercar outras máscaras e poda chegar, enteirado na Galiza única, xa non como estaxe, a vivir o seu interno mundo no horizonte futuro da técnica e da política, ca mesma sinxeleza e reverencia dos días de floreceren as rosas mañanceiras dos ouros románicos e de se chegaren os Santos. Francisco e Mingos a cantaren as preces dos defuntos probes.
>
> R. OTERO PEDRAYO

Podemos dicir que o ensaio: *a aldea galega no decorrer histórico,* ten moito de xeografía humana nun percorrido histórico polo devalar da aldea galega. Otero ten a esperanza dunha Galicia que non perda o sentidiño do rural de aqueles anos. Porén os seus desexos foron en parte esquecidos pola sociedade do consumo, aínda que, temos algúns exemplos de xente que volve a o agro no rural.

4.1.19. As guías turísticas Santiago de Compostela (1945). Orense (1972)

Na biblioteca de Trasalba atópase máis dunha ducia de guías turísticas de cidades europeas, españolas e de Galicia. Otero utilizou este formato en varias ocasións, as máis editadas e máis notables foron as guías das cidades de Santiago de Compostela e da provincia de Ourense. Son guías redactadas en castelán.



Figura 4.51. Guía de Santiago de Compostela 1945

As dúas guías teñen unha estrutura moi diferente, tanto polo seu contido descritivo como o xeográfico.

A guía de Santiago de Compostela ten o índice seguinte:

Arte, Espíritu, Historia
Itinerarios
Rúas y plazas centrales
La catedral del Apóstol
De la puerta de la Mámoa a San Cayetano
Fonseca, San Francisco
Santa Susana y la Herradura. Bonaval. Belvís. Sar. Conjo.
La noche compostelana
El curso del año en Santiago
Capítulo rabelesiano de la mesa santiaguesa
Excursiones desde Santiago de Compostela
Ilustraciones suplemento de información práctica
Plano de la ciudad.

A guía da provincia de Ourense ten o índice seguinte:




Figura 4.52. Guía de Orense. 1972

Visión general de las comarcas de la izquierda del Miño
Los claros ríos de las regiones centrales orensanas
El variado tapiz de la vida vegetal y animal
Climas y microclimas
La vida rural y ciudadana
Las once villas orensanas
Esquemas económicos
Los ejes esenciales del paisaje histórico
Arte y arqueología
Orense, posición, relaciones, caracteres generales
El viejo y atrayente corazón
Tesoros artisticos

Na comparanza desta dúas guías, encóntrase a estrutura do estudio que se fai ao describir una cidade ou unha provincia. Na cidade de Santiago de Compostela é a historia a que inicia os límites que completan a arte e o espírito, as estruturas das rúas que conforman a morfoloxía urbana, e despois as metáforas de gran sentimento ca paisaxe urbana dan vida á imaxe da cidade. Chegando ao final do plano cartográfico esencia da situación da cidade. Na provincia de Ourense é a xeografía, os feitos xeográficos, os vieiros polos que sucan as comarcas, as rexións, os ríos, o tapiz vexetal, o clima, a vida rural, as vilas, a economía, que son a vida das paisaxes ourensás. Tamén temos arqueoloxía e arte. Rematando co a capitalidade provincial e os tesouros da cidade.


USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vemos que o estilo e redacción destas guías turísticas pouco se diferencian do contado desta cidades na *Guía de Galicia*. Pois xa, na primeira *guía de Santiago de Compostela* editada en 1945 pola *Editorial Compostela* hai unha nota preliminar que nos adianta que o seu contido é integramente o da *Guía de Galicia,* que entón estaba en preparación para saír dos talleres da *Editorial Compostela,* Porén publícase para contribuír á exaltación do Ano Xubilar de 1945.

4.1.20. Os ríos galegos (1977)

A publicación do libro titulado: *Os ríos galegos,* en 1977 por edicións Cástrelos de Vigo é segundo dinos os editores na nota preliminar un compendio de partes de dúas obras de Ramón Otero Pedrayo. Unha do seu estudo: *Síntese xeográfica de Galicia*. Publicada en *A Nosa Terra. Idearium dás Irmandades de Fala,* números 217, 219, e 222 (outono-nadal 1925). Temos que dicir que estes artigos non están asinados por Otero. Pero a editora do libro *Os rios galegos,* si o contempla como autor a Otero.

E a outra parte é o capítulo titulado: *fisiognomía xeográfica de Galicia,* que é un capítulo da *Xeografía de Galicia* que Otero escribe para súa obra *Historia de Galicia* (1962), que xa estudiamos en anteriores capítulos desta tese. A editora dinos que son dous textos complementarios, así no primeiro se traza unha listaxe de 225 ríos, con algúns afluentes, as lagoas e as augas termais. O segundo traballo é o estudo das dúas grandes correntes de Galicia a do "pai Miño" e o vigoroso Sil.



2 A NOSA TERRA

O que todo galego ten que saber

PRIMEIRA PARTE

SINTESE XEOGRAFICA DE GALICIA

III

HIDROGRAFIA

1.ª Os ríos

Temos que ter en conta primeiramente, duas vertentes: a do Cantábrico, toda de pequenos ríos, quitando o Navia e mais o Eo – que non son propiamente do Macizo galego – que van todos en xeral, de S a N, e a do Atlántico, ond'os ríos siguen a dirección NE a SW dos plegues hurcinianos.

Ao S da vertente Cantábrica, temol-a bacia do Miño, da que, pol-a importancia que ten, compre faguer estudo aparte. Os ríos menores da vertente Atlántica, quedan ó W da bacia do Miño.

Ao S do Miño temol-a cunca da Limia, ó W, e ó E tres ríos que van verter no Douro.

Pol-o tanto, o noso estudo ha levar iste orde:

a) Vertente Cantábrica.
b) Vertente Atlántica.
c) Bacia do Miño.
d) Cunca da Limia.
e) Afluentes do Douro.

a) *Vertente Cantábrica.* O rio *Navia* pertence a Galiza na mitá superior do seu curso, ou sexa, mais de 80 kil. Nasce nos vertentes do Cebreiro, e ten no partido de Becerréa e no concello de Navia de Suarna, do de Fonsagrada, unha cunca regularmente estesa, onde recolle augas dos montes da Pelicieira, Anceres e Cebreiro pol-o E, e da Meda, Oribio e Lózara pol-o W e S, sendo os seus afluentes principás: o *Cruzal* que ven do monte da Albela en Becerréa e *Cancelada* que nasce na serra d'Espancerca, o *Ser* no Porto d'Ancares, o de *Rao* e o *Suarna*, que nasce en Foufria en Fonsagrada. Tamén se lle xunta en Galiza o *Ibias* que ven d'Asturias.

O *Eo* nasce no monte Cadeho, e vai ó pé da serra de Meira, regando os vales de Pedroso e Valeiras e terra de Miranda, indo dar á ría de Ribadeo, formando lindeiro dend'a confluencia do Trabada, antre o partido de Ribadeo e Asturias. Os afluentes son todos pequenos agás o *Rodil*, que nasce perto de Villardongo e descrebe unha gran curva car'o N, no partido de Fonsagrada, recibindo moitos regueiros. O *Martín* en Fonsagrada e o *Pinturto* e mais o *Trabada* en Ribadeo son de pouca importancia.

O *Masma*, do outro lado da serra da Cadeira, é o primeiro río inteiramente galego que topamos. Nasce na Pena de Xistral e vai de W a E ó pé dos montes da Infesta, torcendo logo pra buscal-a ría de Foz, onde verte. Perto da Ponte Cazolgas, e perto de Vilanova de Lourenzá, recibe o río *Lourenzá*, que rega o val d'iste nome, vindo de Sta.María Mayor, na serra de Lourenzá e recollendo moitos regatos. Afluentes do Masma son tamén os ríos de *Picos*, *Buzos* e *Sinto* que regan as terras de Mondoñedo.

Na ría de Foz verte tamén o *Colín* onda Foz, que ven do colo da Frouseira.

O río d'*Ouro*, que da nome a un val moi sonado, nasce na serra de Xistral, e vai de SW a N E desembocar antr'as puntas de Fazouro e Vilameá.

Veñen logo ríos pequenos: o *Campas* que nasce en Moncide e verte no porto do seu nome; o *Xanco* que ven dos montes de Cabeleiros verter en Ruela pasando por antre Cerbo

2 A NOSA TERRA

O que todo galego ten que saber

SÍNTESE XEOGRÁFICA DE GALICIA

(Proseguimento)

c) *Bacia do Miño.* Ocupa mais da terceira parte, perto da mitá do terreo de Galicia. Nasce o río Miño na fonte chamada Fonmiñá, á que concurren os regatos *Meira e Longo*, perto de Meira, e no debalo da serra d'iste nome. Forma unha comba convexa car'o N ata a confluencia do Támboga, e baixa logo de N a S pol-a depresión lucense de que falamos na parte de xeoloxía, que ven enfiada dend'a ría de Foz. O chegar os Peares, recibe o seu meirande afluente: o Sil, que ven de Castela, e ali remata o que podemos tomar coma curso superior do Miño. A portla de si o verdadeiro Miño e o que ven por Lugo, ou o Sil, proposta antr'outros pol-o P. Sarmiento, non está resolta d'un xeito indubidábel; mais o que leva dende que hai memoria d'homes, o nome de Miño, é o brazo lucense, río inteiramente galego e propio do Macizo, namentres qu'o Sil ven d'outros terreos, tendo que fural-os barreiras que se l'opoñen. Dend'os Peares a Crecente, vai por terras da provincia d'Ourense; dende Crecente ata a foz, vai servindo de lindeiro antr'a de Pontevedra e a portuguesa d'Entre - Douro - e - Miño. Baña vilas importantes coma Lugo, Ourense, Ribadavia, Tuy e Valença, e verte no mar Océano por Camposancos. Na parte inferior do seu curso, ata mais arriba de Tuy, pódese navegar por il. Podíase hai pouco ate Salvaterra, e no século XVI ate Ribadavia.

No val superior, recibe o Miño os seguintes afluentes: Dereita:

O *Mibaio* que ven dos montes de Santa María Mayor, serra de Lourenzá e verte perto de Saldanxe, regando o concello da Pastoriza.

O *Dián* que nasce perto de Calvedo, no-cordal de Neda, rega o mesmo concello e verte perto da ponte de Pacios.

O *Pequeno* que ven do cordal de Neda, vai pol-o concello de Pastoriza e logo fai lindeiro antr'os partidos de Lugo e Villalba ate a ponte d'Anido, onde verte no Miño.

O *Anllo* que nasce en Galgao, antr'o cordal de Neda pol-o N e o Mouseibán, dos que recolle augas, e verte ond'a ponte de Vilagalsada.

O *Támboga* que nasce no Mouselbán, recibe pol-a dereita o *Mantiñán* que ven da serra da Carba, e pol-a esquerda augas do Pazo das Estremas de Goa, e verte por termos de Damil.

O *Parga*, que ten unha estesa bacia no partido de Villalba. Nasce na Coba da Serpe e cordal de Montouto en dous brazos que recollen moitas augas dos montes e xúntanse perto de Parga; rega terras de Trasparga, Bégonte, Friol e Outeiro de Rei e verte perto de Caboy. Ten varios afluentes que veñen: un do cordal d'Ousá, outro de Buriz, e o principal, que é o *Ladra*, que se lle xunta pol-a esquerda, e que se forma de dous: o da *Madalena*, que ven en moitos brazos da serra da Carba; e o *Trimaz* que baixa de Pena Gubia, e mais adiante xúntaselles pol-a dereita o *Labredo*, que ven da serra da Loba, tamén en moitos brazos.

O *Narla* que nasce no Toxo, nas vertentes de Corno de Boy e recolle augas do Cordal d'Ousá, vertendo por terras de Hombreiro.

O de *Vilaffz* que se lle xunta perto de Lugo.

O *Pereira* que nasce no Corno de Boy e serve de lindeiro antr'os partidos de Lugo e Chantada, recibe pol-a esquerda o Zamay e verte por termos de Naballos

Figura 4.53. *A Nosa Terra. Idearium dás Irmandades de Fala,* 217, 219

Os números da revista *A Nosa Terra. Idearium dás Irmandades de Fala,* atópanse na *Biblioteca Dixital de Galicia. Galiciana.* Aínda que a colección desta revista non está completa, a serie de artigos desa *Síntese xeográfica de Galicia* só están os números: 211, 212, 213, 222, 223, 229 e 231. Sen embargo a obra está editada nunha edición facsímile na biblioteca do Museo do Pobo Galego cos números 211, 212, 213, 217, 219, 222, 223, 229 e 231.

O estudo dos ríos faise coa seguinte orde:

Vertente Cantábrica
Vertente Atlántica

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Bacía do Miño
Cunca da Limia
Afluentes do Douro

Con esa orde se nomea cada río, o lugar onde nace, o val que percorre, os afluentes, os quilómetros do canle, e onde verte as augas. Imos ver como exemplo o que dinos do río *Masma*.

> *O Masma*, do outro lado da serra da Cadeira, é o primeiro río enteiramente galego que atopamos. Nace na Pena de Xistral e vai de W. a E. o dos montes da Infesta torcendo logo para buscar a ría de Foz, onde verte. Perto de Ponte Cazolgas e perto de Vilanova de Luorenzá, que rega o val do mesmo nome, vindo de Sta. María Maior, na serra de Lourenzá, recibe o río *Lourenzá* e recollendo moitos regatos. Afluentes do Masma son tamén os ríos *Picos, Ruzos* e *Sinto* que regan as terras de Mondoñedo.

Das lagoas afirma*:*

> Hai algunhas pequenas lagoas na terra de Galicia.
> A máis importante é a da Limia, chamada lagoa *Antela*, ou lago *Beón*, que recibe moitos regatos e dá nacente o Río Limia. É un lago cuaternario que vai secando moi pouco a pouco. Diferentes veces teñen traballado con pouco froito para secala de todo. Ten 5 quilómetros de N. a S. , e 7 de E. a W. Con unha fondura máxima de 3 metros, e a altitude de 610 sobre o nivel do mar.
> Todo o terreo arredor é lamacento é do moi bo pasto, onde se cría o gando negro de Limia. Cría ademais moitas zumezugas, ras parrulos bravos e moitas mais aves acuáticas, entre elas algunhas garza e cegoñas




Figura 4.54. Mapa dos ríos galegos e portada os ríos galegos 1977

Os editores destes textos, publicados no cabodano do pasamento do Mestre, teñen a intención de poñer en valor o papel primordial que os ríos representan nos feitos xeográficos. E salientan que a prosa científica galega debe a estes estudios de Ramón Otero Pedrayo algunhas das súas páxinas más lucidas e reveladoras. Coincidimos plenamente con esa afirmación

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO V

A PAISAXE XEOGRÁFICA EN RAMON OTERO PEDRAYO

5.1. AS OBRAS SOBRE A PAISAXE DE OTERO PEDRAYO

Fixemos o estudo do que pode ser a Xeografía teórica de Otero Pedrayo. E imos achegarnos ao elemento xeográfico aglutinador do seu pensamento xeográfico, que é a paisaxe. Otero chega, como xa veremos, a definir a xeografía como a ciencia da paisaxe. Por iso é necesario e cómpre expoñer a teoría que elaborou sobre a paisaxe, que, aínda que dispersa nos seus textos pódese reunir nun continuo, diacrónico e ordenado discurso, que encerra unhas leis, uns elementos e unha clasificación das paisaxes galegas.

Varios autores, Panisse, Baliñas, Casares e outros, afirmaron que a paisaxe é unha personaxe máis das novelas de Otero. E a paisaxe foi dende os primeiros momentos en que empezou a escribir a maior preocupación para diferenciar e estudar a singularidade de Galicia.

Otero escribe ensaios sobre a paisaxe, o primeiro en 1925 co título: *Temas Compostelanos* na revista *Nós* e o ultimo en 1976 co titulado: *Introducción al paisaje,* escrito en castelán, formando parte con textos doutros autores do libro titulado*: Los Gallegos*, coordinado por Gustavo Fabra Barreiro. Neses cincuenta e un anos son dezaseis ensaios, e varios artigos aos que Otero lles da un corpo unificador cheo de metáforas, sentimentos e formas de mirar e ver, eses ensaios son escritos xeográficos nos que describe as paisaxes galegas os seus ritmos, formas e leis, e así fai unha teoría xeográfica, pois ben, entendo que é unha teoría da paisaxe galega única e ata hoxe non superada. Tamén as súas novelas teñen todo xeito de descricións de paisaxes, claro síntoma da súa gran memoria. Como xa dixemos o escenario sempre é unha paisaxe, pasando a maioría das veces a ser un personaxe. A xeografía é posta en primeiro plano da súa narrativa. Ademais, nos seus artigos en prensa nunca esquece a paisaxe e teoriza sobre os seus aspectos máis sobresaíntes que caracterizan ao territorio galego. Imos, pois e por esta orde: teoría da paisaxe, as paisaxes literarias, paisaxes de actualidade, a expor o máis querido da xeografía de Galicia por Otero: as paisaxes. E como xa dixemos, ao falar do marco teórico desta tese. *A xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo,* ten o seu orixe no Mapa de Domingo Fontán, el describe a Terra, na que vive o Pobo o cal dá orixe á Paisaxe, todo iso configura para Otero a Patria ou a Nación Galega.

Foi en *Cantares Galegos* de Rosalía de Castro publicados o 17 de maio de 1863 cando Rosalía no seu prólogo descríbenos literariamente por primeira vez a paisaxe de Galicia. E son os seus versos os que nos dan a súa imaxe:

> Adeus, ríos; adeus, fontes;
> adeus, regachos pequenos;
> adeus, vista dous meus ollos,
> non sei cando verémonos.

Otero recoñece nos poetas galegos os seus mestres na descrición da paisaxe e sobre todo en Eduardo Pondal. Así no 1927 no pequeno ensaio titulado: *Notas encol da paisaxe romántica,* publicado no número 38 da revista *Nós,* di:

USC DE COMPOSTELA

Cicais quen millor sentiu a poesía cósmica do ermo outonizo e a forza étnica da raza atlántica de veiramar, foi o noso Pondal. Ten seu moimento feito polas brétemas dos mares do Norte. Non é enxebre no senso vulgar da verba, sendo o millor interprete da paisaxe nas nosas letras.

Que din os rumorosos
na costa verdecente,
ao raio transparente
do prácido luar?

Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valoroso chan,...



Figura 5.1. Anaco da folla nº 187 do M.T N. A escala 1/50.000

Tamén, alá polo ano 1932 Don Ramón Otero Pedrayo confesaba e escribía sobre a paisaxe no seu ensaio: "*Encol do elemento animal na paisaxe*." Dicindo:

> Confeso non me poder afastar da suxestión do tema da Paisaxe. Considero ser il de valor esencial non somentes para a interpretación xeográfica senón para a psicoloxía das culturas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En todas as súas obras os seus personaxes están impregnados dos trazos da paisaxe vivida e por el descrito. Don Bernardo tío de Adrián Solovio protagonista da obra: "*Arredor de si*", cando está no leito de morte, pide aos seus parentes que lle traian o mapa de Fontán, pois quería morrer mirando a paisaxe de Galicia. E díxolle a Adrián que abrise os ollos a Galicia percorrendo o mapa de Fontán. É quizais esta visión romántica o que máis inflúe en Otero e nas súas descricións da paisaxe de Galicia. Pero á vez descubríanos o seu mundo íntimo. Era xeógrafo e un poeta da Xeografía. E todo comezou coa paisaxe que se descobre desde o lugar de Cima de Vila, da parroquia de san Pedro de Trasalba, no concello de Amoeiro na provincia de Ourense. Unha parroquia de bocarribeira. As composicións da paisaxes de Galicia segundo Otero son: "*a mariña, a ribeira, a bocarribeira, a montaña, e a serra"*. Pero habemos de constatar que esa clasificación das formas, composicións da paisaxe, como nos di Otero, debe ir acompañada dos innumerables itinerarios de cada comarca para individualizalos coa súa toponimia. Non atopei, se algún xeógrafo galego teorizou coa profundidade desexada e contidos desa idea global da paisaxe de Galicia segundo Otero, pois ás veces, xerarquizouse en paisaxes particulares catalogadas de forma sinxela e baixo un prisma cativo. Quizais, todo sexa consecuencia dun produto pouco elaborado; pois a xuício do profesor Carlos Casares na súa biografía sobre don Ramón, vénnos a dicir que:

> É evidente que os traballos técnicos sobre a paisaxe de Otero están cheos de intuicións e ideas, pero carecen de orde e de sistema. A súa achega está especialmente nas grandes descricións da paisaxe galega e na interpretación xeográfica de Galicia.

Como xeógrafo non comparto ao cento por cen esa conclusión, pois Otero tiña unha forma de escribir que fai necesaria unha sistematización posterior das súas ideas e non só das xeográficas,

Pois, só o profesor Francisco Río Barja, discípulo de Otero Pedrayo, foi quen entre outras cuestións xeográficas, o que cuestionou o lugar de nacemento do río Miño, ao situar as súas fontes no Pedregal de Irimia na serra de Meira, e alí este xeógrafo rematou a súa última viaxe pois, nesa paraxe é onde foron espalladas as súas cinzas. Circunstancia romántica, e que á vez enlaza co espírito do seu mestre Otero. E así escribiu no seu traballo: "*A personalidade Xeográfica de Otero Pedrayo*" editado por Galaxia en 1958 con motivo do LXX aniversario do seu nacemento, alí nos di:

> Para determinar a forma necesitase dunha determinante que a anima: o seu ritmo, a súa evolución. Isto é o que pretendo ao considerar un cambio "un devalar" na transformación da paisaxe.

Río Barja nas súas palabras marca o proceso que vai da xeografía de Otero a esa xeografía como ciencia da paisaxe. Aspecto no que afondou o profesor Augusto Pérez Alberti (2001) no seu texto:

> Admitindo que unha paisaxe existe en tanto que é percibida por un observador, a variedade da percepción é sempre grande e varía dunha persoa a outra, polo que é preciso apuntar que a percepción é algo dinámico dado que non todas perciben o mesmo. Por outra banda, a paisaxe non só é percepción é moito máis; é o resultado sempre inestable dunha dinámica na que interveñen elementos bióticos, abióticos e antrópicos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pódese dicir que Otero tiña en conta as relacións do home coa terra como a base dos seus estudios de xeografía, sendo a paisaxe a mellor expresión desa relación. Este enfoque dos estudios xeográficos iniciounos Camille Vallaux (1870-1945) e Jean Brunhes (1869-1930) xeógrafos franceses, dos que Otero posuía a súa obra, presentes na biblioteca de Trasalba. Pois ben, a paisaxe vivida foi desenvolta por Otero nos seus ensaios e algúns artigos que imos comentar e estudar a continuación.

Facendo unha descuberta cara ao o dito por Otero sobor a paisaxe, imos ter a lembranza do ano 1945 cando nos Cadernos anexo I do Instituto de Estudos Galegos, publicou un artigo titulado: *Un horizonte Gallego*, no que nos di como remate dese ensaio que a Xeografía é a ciencia total da paisaxe.

> Solamente con un estricto método y una seguida interpretación podrían despertarse los temas de un horizonte, empresa en nuestro sentir necesaria para llegar a una verdadera experiencia y consiguiente doctrina de la Geografia como ciencia total del paisaje
> Trasalba, 19 de septiembre de 1945.

Sabemos que o estudo da paisaxe implica unha pluralidade de enfoques partindo cada un deles do obxectivo perseguido e o campo de actuación ou estudo inclúen a arte, a arquitectura, a arqueoloxía, a psicoloxía, a historia, o urbanismo, por mencionar os máis actuais. Pero o que non ten dúbida é a necesidade dun mapa, como representación dunha paisaxe, e nel é onde a paisaxe integra a todos os demais ámbitos de estudo das paisaxes. É dicir, sempre teremos un estudo global da paisaxe se facemos xeografía da paisaxe. Ese mapa é para Otero a Carta Xeométrica de Galicia.

E ademais a paisaxe xeográfico tal e como a entendía Otero está implicado no desenvolvemento da Xeografía como ciencia, que une os fenómenos naturais e sociais que teñen lugar na superficie do planeta. Para el, a paisaxe xeográfico fíxase primeiramente no horizonte xeográfica que o limita. Pero esa paisaxe é o froito do dinamismo en dous sentidos, o xogo dos axentes da erosión, da luz e da calor na súa acción sobre o relevo, por un lado, ademais do tapiz vexetal e os establecementos humanos, por outro. Estes son os conceptos máis significadiños vertidos por Otero no capítulo I *Paisaxe geografico* do libro: *Paisaxes e Problemas Xeográficos de Galicia* (1926).

Estes pequenos anacos do pensamento de Otero sobre a paisaxe xeográfica temos que completalos coa análise das súas obras, que teñen o obxectivo teórico de mostrar, divulgar e facer máis agarimosa a paisaxe xeográfica e a de Galicia en particular. As obras que seleccionamos e imos a estudiar son as seguintes:

TÁBOA 5.1. ESCRITOS PAISAXISTAS DE RAMÓN OTERO PEDRAYO		
ANO	TITULO	EDICIÓRIAL
1925	TEMAS COMPOSTELANOS	Revista Nós
1926	ESTÉTICA DEL PAISAJE (GUÍA DE GALICIA)	Espasa Calpe
1927	ENCOL DA PAISAXE XEOGRÁFICA	A Nosa Terra
1928	OS CAMIÑOS DA PAISAXE	Revista Celtiga e Sonata Galega
1928	PAISAJE GEOGRAFICO Y LA INTERPRETACION ARTISTICA DEL PAISAJE GALLEGO (PAISAJES Y PROBLEMAS GEOGRÁFICOS DE GALICIA)	Biblioteca de Estudios Galegos
1932	ENCOL DO ELEMENTO ANIMAL DA PAISAXE	Revista Nós
1933	O ESTILO DA PAISAXE	Revista Nós
1945	UN HORIZONTE GALEGO	Seminario de Estudios Galegos
1947	A PAISAXE GALEGA, AS SUAS LEIS E TIPOS	Transcrición CGC 1989
1947	MOTIVOS SOBRE EL PAISAJE DE GALICIA	Editorial Kau
1947	SETE PAISAXES GALEGAS E MÁIS OS ALICERCES DUNHA TEORIA	A Nosa Terra

USC

1954	SOBOR DA PAISAXE GALEGA	Galaxia
1956	CLIMA ESPIRITUAL, HORAS, SAZÓNS E TRABALLOS DE UNHA PARROQUIA DA RIBEIRA GALEGA NO DECORRER DO SÉCULO XIX	Biblioteca Social e Corporativa de Lisboa
1969	TEMÁTICA Y ESTILOS DEL PAISAJE ACTUAL DE GALICIA	Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento
1975	GALICIA UNA CULTURA DE OCCIDENTE	Editorial Everest
1976	INTRODUCCIÓN AL PAISAJE	Edicións Istmo

Elaboración propia

Estas dezaseis obras de Otero sobre a paisaxe as analizaremos partindo da súa cronoloxía co gallo de atopar eixes da evolución do seu pensamento; e son as publicadas na revista *Nós*, a editorial *Espasa Calpe*, a *Nosa Terra*. no *Seminario de Estudos Galegos*, na *Editorial Galaxia*, na *Universidade de Braga*, na Editorial *Kau*, no *Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento*, no *Consello da Cultura Galega*, na *Editorial Everest* e en *Edicións Istmo*.

Como nos recorda Otero en 1926 na súa obra: *Síntesis xeográfica de Galicia*, no capítulo g) ao falar da paisaxe:

> Naturalmente hai unha interpretación xeográfica e outra literaria da paisaxe. A primeira inda non está nin medio feita. Da segunda poderíanse citar moitas admirables páxinas de prosistas e poetas de paisaxes convencionais que o mesmo puideron aplicar a Galicia.

Salvador Lorenzana, que foi o pseudónimo que utilizou despois da guerra civil Francisco Fernández del Riego, pois ben, este home testamenteiro de Otero o cal danos a medida da súa amizade, alá polo ano 1954 publicou con outros autores e Otero nunha edición de Galaxia o libro *Paisaxe e Cultura*, un artigo que titulou: *Panorámica da nosa paisaxe literaria*, alí ao falar de Otero nos di:

> Quizabes ninguén coma Otero Pedrayo acertou, entre nós, a pintar a paisaxe de Galicia cun grado máis fondo de espiritualidade. Non hai emoción máis sentida que a súa cando pon en contacto coa natureza de seo país. As páxinas, innumerables, que Otero ten adicado ó tema, atinxen unha alta expresividade difícil de superar.

Vemos e confirmaremos nas liñas de máis adiante que Otero foi un mestre da xeografía da paisaxe. Ademais no capítulo desta tese dedicado á xeografía na literatura de Otero imos dedicar tempo de investigación e análise no encontro desa pegada do xeógrafo na súa obra literaria que ten a paisaxe como un protagonista máis.

Tamén imos ver nas obras paisaxistas, que Otero repite varias veces a clasificación das paisaxes e sobre todos nas súas últimas obras. E penso que en cada caso sen reler as anteriores. Pois reincide en fórmulas que el de seguro tiña na memoria.

5.1.1. Temas compostelanos (1925)

No número 19 de data 25 de xullo de 1925 apareceu na revista *Nós* un fermoso articulo co título de*: Temas Compostelanos*[143]. No que inicia Otero as súas descricións e clasificacións da paisaxe de Compostela. Estuda a súa paisaxe, a Rúa Nova, os colexios de Santiago Alfeo e San Xerome, a historia do arcebispo Monroy, o pazo de Altamira, as campás de abril e o outono pleno e dourado. Quizá sexa o primeiro escrito de Otero onde examina e describe a

[143] O texto desta investigación foi obtido dos orixinais na Biblioteca Dixital de Galicia

paisaxe galega e en concreto da cidade de Santiago de Compostela. Nesta análise conservamos a grafía de Otero, debemos lembrar que estamos en 1925. Pois entendese ben o texto.



TEMAS COMPOSTELANOS

A PAISAXE

Santiago frorece secularmente n-unha rexión de contauto dos dous tipos difrentes da paisaxe galega: o montesio, esquivo, cuesque ermo das terras do Tambre e vails verdecentes que preludien e saudosa beleza do val Ullán e da ría d'Arousa. Despois do cemiterio a final da rua de Bonaval, romantizado pol-as oxives nórdicas do ábside de Sanot Domingo, despois do cruceiro de San Pedro, a túneca de pardomonte do ermo paisaxe alóngase en lexanías griseiras. A carretera da Cruña tamén sai en precura dos abertos hourizontes d'un *dos de pay's* batido pol-os ventos, comesto das ovellas, sotlo decorado nascelas primaveiras pol-a sinxela froración das eces e dos toxos. Os camiños pechados antr'as outas tapias d'hortas que saen de San Francisco, levan ós fresqueiros prados do Sarela. O bosque de San Lourenzo, a carretera de Noya, as terras e lugares que chegan preto da Ferradura, xa son d'outro xeito. Dend'a Ferradura dominase un dos hourizontes mais compretos da nosa terra: ó lonxe azuleian os cumios de Barbanza e do Trelto na direición da ria de Noya, os milleirales e arboredos da Mahía contrastan co cume penitente do Pedroso, os piñeirales de Conxo xa son irmaus d'aquiles da veiramar que soan á compás do Atlántico. Pra sintir o espritu de Compostela é preciso fuxir algunha ves do leitizo das arquiteturas pra pasear por estradas e congostras. Santiago ten penetrado pol-a vida da aldeia, cidade de pazos, de mosteiros, centro de paisanaxe, lugar das tradicións, xurde mais compreto e vivo contemprando o fincar das suas raices no vello chán galego. Como todal-as grandes creación é universal sen deixar de ser de terra, e cicais precisamente por selo en mais outo grado que ningunha outra vila.

A RUA NOVA

Santa María Salomé co seu sinxelo pórtico aldeán parés unha fidalguiña d'aldeia entr'os grandes pazos de señores encopetados. Esta Rua Nova é un anaco d'unha Ravena menos tráxica, menos desfeita, como que en vez do sopro murto do Adriático, chega eiqui os creadores nevoeiros atlánticos. Na Rua Nova hai ó menos otto perspectivas difrentes, un xogo de soportales asegún andamos por eis. Os pazos grandes coma Audencias Territoriales, alternan c'as fachadas barrocas nas que a pedra sabe xugar co-a luz do sol e da lua, e os ferros froridos c'as *improntas* súpetas das chuvias. Hai os soportales de *loggia* italiana, os que forman un nartbex ós pazos, os mais familiales que collen varias casas e teñen teito calceado con bombillas eléuiricas com'as xdas domésticas. E eu conceitúoa a vía mais nobre d'esta Compostela que non ten unha gran rua trasversal com'as cidades mediterráneas (Corso). N-a Rua Nova, os oficios teñen caris arcaico ou artisteco, carpinteiros, xastres, chocolateiros d'aspeuto crerical, sobre todo os chocolateiros, que van rasurados, visten de loito, trepan pouco, teñen a coor do cirio e as maneiras soaves dos que traballan pol-a noite ó acollido.

A QUINTANA DOS MORTOS

Toda Compostela está chea da ledicia do campo galego. Hastra a granitica praza Quintana, ascéteca e fría, animase no lado N. sobr'as escaleiras, co-a fachada d'un verdadeiro

Figura 5.2 Revista Nós 19. 1925

Iníciase o articulo coa descrición seguinte:

> Santiago florece secularmente nunha rexión de contacto de dous tipos diferentes de paisaxe galega: o montesío, esquivo, cuasque ermo dás terras do Tambre e vales verdecentes que preludian a saúdosa beleza do val Ullán e dá ría de Arousa.

Despois continúa cos lugares da paisaxe de Compostela: cemiterio de Bonaval, igrexa de Santo Domingo, cruceiro de San Pedro; hortas de San Francisco, *fresqueiros prados do Sarela*, bosque de San Lorenzo, Ferradura, cume do Pedroso, piñeirais de Conxo.

No parágrafo seguinte entra na Rúa Nova:

> Santa María Salomé co seu pórtico aldeán parece unha fidalguiña de aldea entre grandes pazos de señores encopetados.

A Rúa Nova con varias perspectivas diferentes: xogo de soportais, pazos, fachadas barrocas, ferros floridos, soportais: de logia italiana, nártex nos pasos, outros collen varias casas

> E eu conceptúoa a vía máis nobre desta Compostela...
> Hai na rúa, oficios varios, carpinteiros, xastres, chocolateiros...
> A Quintana dos mortos...
> Hastra a granítica praza Quintana, ascética e fría, animase no lado Norte sobre as escaleiras coa fachada dun verdadeiro pazo, de leda ornamentación barroca, solaina e parra vella .

Conta Otero que a Quintana está lousada coas pedras dun mosteiro desfeito.

Fainos Otero unha elexía do arcebispo Fray Alonso Monroy, *riquísimo mexicano da orde de Predicadores*, que gobernou a igrexa compostelá os trinta derradeiros anos do século XVII.

> As dúas fundacións do gran Fonseca, os colexios de Santiago Alfeo e San Xerónimo foron lamentablemente desfeitas en 1830.

Refírese tamén a vida case conventual dos estudantes. E conta que materias estudaban neses colexios os teólogos e filósofos.

Otero conta e describe o Pazo de Altamira:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> A casa gótica que había noutro tempo na praza do Pan debería chamarse palazo, a florentina.....O palazo torreado, forte, cunha elegancia de armadura e propio de guerras familiares.....En Santiago xa non queda ningún, a vila encheuse nos séculos XVII e XVIII de pazos feitos para dominar a etiqueta polos foros e polas leis, non polas armas.

Otero fai a continuación una descrición do románico esencia da Galicia rural e di da catedral:

> Soilo en Galicia se puido facer a catedral roáaneca grande de abondo pra coller na súa sombra campesia a multitude dos pobos cristiáns. A perda de grande parte da catedral románeca foi tan lamentabre como a basíleca de San Pedro de Roma. O románeco de Compostela vai asociado o nome de Xelmírez. En Santa Susana, en San Fiz pouco queda.

Continúa Otero co Santiago preapostólico.

> Por unha elocuente contradición a máis ilustre vila de Galicia e a máis nova das nosas vilas históricas. Non ten bronce, nin cemento, nin epigrafía romana.

Hoxe en día sabemos que na zona da Catedral de Santiago houbo un poboado romano, que se tende a identificar como a *mansío* romana de *Assegonia*, e que existiu entre a segunda metade do século I e o século V.

Remata Otero cunha metáfora do outono farto e dourado::

> O correr do tempo o barroco gana en dinidade: o sol e a chuvia, a saudosa neboeira atlántica recoñece a súa amiga a pedra e van coreando, amorosiñamente hastra darlle o caris dos outeirales...Hai tardes en Santiago nas que as torres resaltan no sol derradeiro, parescen luxosamente revestidas, celebrar na Misa Mayor.
>
> Ramón Otero Pedrayo

Imos de dicir que de Otero, como xa temos dito na pequena biografías que acompaña esta tese, que Santiago de Compostela foi unha das máis queridas paisaxes despois de Trasalba e a capital de Ourense. Ademais cando describe as cidades galegas nas súas obras, e sobre todo na *Guía de Galicia*, é a cidade Santiago de Compostela a que lle dedica mais profundidade, tanto na súa historia, monumentos e arte. Pois na súa época de Catedrático de Xeografía na facultade de Filosofía e Letras viviu oito anos na rúa Nova no hotel España, pasando case todos as fins de semana en Trasalba.

5.1.2. Estética del paisaje (1926)

Como xa dixemos ao comentar a *Guía de Galicia*, o seu capítulo IV Otero titúlao: *Estética da paisaxe*[144]. É un curto ensaio de cinco páxinas, que case debiamos reproducilo enteiro. Nel Otero dinos:


> Pero aún Galicia espera el libro, a la vez delicadamente analizador y genialmente sintetista que sepa descubrir y exponer la estética trascendental de su paisaje.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[144] O texto utilizado nesta investigación é da segunda edición da Guía de Galicia, propiedade do autor da tese

O ensaio podería ser o prólogo e unhas notas para ese futuro libro. Que en tal forma e sentido nunca escribiu. Aínda penso, xa que logo, neste mesmo ano 1926 de a publicación da *Guía de Galicia*, Otero tamén publicou o xa estudiado libro: *Paisajes y Problemas Geográficos de Galicia*, na súa vertente xeográfica. E a estética da paisaxe ímola buscar ao analizar neste capítulo da tese, os capítulos I: *paisaje geográfico* e VI: *La interpretación artística del paisaje gallego* dese libro de *Paisajes y Problemas Geográficos de Galicia*,

As ideas e principios iniciais que Otero nos dá na *Guía de Galicia* ao falarnos da estética da paisaxe podemos centralos nos contidos seguintes:



IV

ESTETICA DEL PAISAJE

La roca granítica y esquistosa predominante, el mar y la atmósfera atlántica, el prolijo tapiz vegetal y la acción de una larga historia campesina, son los principales factores de los aspectos variadísimos —dentro de una ley general que tiende a la expresividad de los matices mejor que de las formas—, del paisaje de Galicia. La roca básica de lejanos orígenes geológicos, roca eruptiva sometida a prolongados ciclos de erosión de la atmósfera húmeda, da las formas suaves de relieve, los montes en sierra dulce, en cúpula y *meda* característicos, los valles ampliamente articulados y las *gándaras*, extensiones aluviales, planas o poco abombeadas de hidrografía indecisa de la Galicia occidental, la más abierta a la influencia del océano, en contraste con las formas heroicas, duras, de valles estrechos y relieve en pleno proceso formativo, propios de la Galicia oriental de formación cámbrica. El mar lucha en los arcos del litoral bravo, esculpiendo relieves de expresivo titanismo, y en los senos de las costas de rías —Mariñas, Rías Bajas— alcanza la perfecta y admirable belleza de la harmonía lograda en la combinación de las formas de mar y tierra. El fondo atmosférico disuelve los colores y matiza delicadamente las perspectivas, siempre un poco *saudosas*, como expresando un vago anhelo no conseguido; y las masas de la vegetación boscosa y pratense intensamente verde, de maravillosas degradaciones cromáticas en los otoños y en los crepúsculos, se conciertan con la obra geórgica de los campos que suaviza las cuestas y sólo deja fuera del imperio denso, profundo y variado de la agricultura, algunos islotes de sierra. Prolijamente humanizado, el paisaje ostenta la huella de la historia desde las manifestaciones primitivas de los castros a las hondas composiciones de los grandes siglos, y la densidad de la población no permite casi en la campiña y en la montaña la posibilidad de un sentimiento y percepción de aislamiento.

Buscando paralelismos en el lenguaje de las formas artísticas, se encontrarían como los más identificados con el genio del paisaje en Galicia, los estilos de expresión románico y barroco, como estación de máximo valor emotivo el otoño, como parale-

189

Figura 5.3. Estética del Paisaje. Guía de Galicia

1- A lei xeral tende á expresividade de matices mellor que ás formas.

2- O granito e os xistos, o mar e a atmosfera, o tapiz vexetal e a historia campesiña son os factores principais.

3- O románico e o barroco son as expresións artísticas máis identificadas a paisaxe.

4- As paisaxes de serra, de montaña, de bocarribeira, de val, de costa, combinan e manifestan con diverso acento os mesmos motivos esenciais.

5- Fai falla un afán de peregrino e non turista para sentir e descubrir a paisaxe de Galicia.

6- A sociedade de montañeiros" *Pena Trevinca*" iniciou un estilo moderno de coñecemento da montaña galega. Revelou a Galicia unha nova beleza e ensino a vivir os niveis nevados.

7- Colmeiro, Castelao, Maside, Lloréns son exemplo da paisaxe na arte.

8- Noriega Varela, Cabanillas, Pondal, Eladio Rodríguez González, Pardo Bazán, López Abente, Murguía, Rosalía de Castro, Luís Amado Carballo, Manuel María, Eugenio Novoneyra, Ánxel Fole, Carvalho Calero, todos eles mestres da paisaxe na novela e a poesía.

9- E máis notas e aspectos da paisaxe móstranse nos itinerarios da *Guía de Galicia*.

Sendo a estética como ciencia unha póla da filosofía, que ten por obxecto o estudio das sensacións e sentimentos que temos nos sentidos ao ver e mirar a arte e a beleza das cousas, Otero introduce nese ámbito os matices das formas, a xeoloxía da paisaxe galega, a luz que nas sazóns nos dan o mar e a atmósfera, a vexetación e esa historia vivida e sentido do rural galego. Temos estética na paisaxe románica case centrada no rural e o barroco nas cidades. Con acentos diferentes se nos mostran valores estéticos na mariña, na ribeira, na bocarribeira, na montaña e na serra. Necesitamos o recorrer manso do peregrino para ver e ollar a estética nas paisaxes. Os montañeiros descubriron unha nova paisaxe nas cumes nevadas. Os pintores e poetas galegos dos que nos fala Otero son os seus mestres ao describirnos as paisaxes de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Galicia. E sempre que viaxamos, ou máis ben imos de peregrinaxe por itinerarios e vieiros de Galicia temos que ver e ollar esa estética ás veces pechada alí no fondo do noso vivir cotián.

E Otero finaliza este capítulo da *Guía de Galicia* dicindo:

> El peregrino de Galicia debe acompañarse de los poetas y algunos grandes maestros en otras formas de arte literario. con esta invitación a la conquista de una profunda y exacta vivencia del paisaje de Galicia, se cierra la parte General de este libro. Otras notas y aspectos del paisaje, en el sentido que hemos indicado, podrá encontrar el lector en los itinerarios que forman la sección especial de esta Guía.

5.1.3. Encol da paisaxe xeográfica. (1927)

Hai un pequeno artigo de Otero titulado: *Encol a paisaxe xeográfica*[145], publicado o 1 de xaneiro de 1927 na revista*: A nosa Terra, Idearum das Irmandades da Fala.* Que imos reproducir na súa totalidade e coa grafía de aqueles días. Penso, como xa dixen, que os orixinais de Otero son un tesouro a conservar. A súa normativización lingüística é unha garantía de dar a coñecer ese tesouro. Ademais os orixinais chegan máis alá. Neste pequeno artigo entendese moi ben o que nós di Otero en 1927. Xa que, temos que pensar e confirmar que Otero evolucionou cos tempos á hora do devalar da escrita galega. Sen máis, imos á xeografía deste pequeno artigo.

Otero propón como primeira medida *a creación da nosa xeografía,* cun feixe de especialistas. Diferencia a paisaxe xeografica da paisaxe literaria e da paisaxe pictórica. O mestre a seguir a Paul Vidal de La Blanche, que describe as paisaxes partindo do horizonte. Diferencia paisaxe do concepto da rexión natural. O primeiro é un estudio preliminar de cada país. Outro exemplo a seguir é o xeógrafo: CamiIle Vallaux. Outro problema é a nomenclatura, a toponimia, non se deben esquecer nomes como: *Coto, outeiro, corgo, penascada, regueira, quebrada, facho, cón, lama seara, chao, gándara, tonticeira, pena.*

Cita aos autores que fixeron viaxes case xeográficos como*:* Darwin e Ritchofen, aos que debemos estudar. E o seu mellor mestre para a síntese xeográfica é Reclus.

Vemos neste artigo cales son os eixes da Xeografía de Otero e nos confirma o xa estudado sobre a formación xeográfica de Otero.

Imos reproducir ese fermoso artigo no formato orixinal de 1927:

> ENCOL DA PAISAXE XEOGRÁFICA
>
> Unha das empresas mais xurdías que ten obriga de rematar a crecedeira cultura galega é, sen dúbida, a creación da nosa xeografía. Falei mal; unha angueira de semellante alento non se remata endexamais. Soilo pra trazar as liñas direitoras é preciso un equipo de traballadores pra facer laboura nova, dinámeca. vital. Pois n-hai ren mais afastado do senso xeográfico que os cadros fixos e mortos,
>
> Pra traballar ca xeografía non é perciso que tudos sexan especialistas. Pra moitos seitores e non dos de menor imporíanza abondan certos principios de método. Sabere ollar e saber e xuntar sin violenza as categorías espalladas n'aparencia dos feitos. Imos, pol-o d'agora, enmarcarnos no conceito un pouco neboento demais, da paisaxe xeográfica.
>
> Hai paisaxe literarea, paisaxe pictórica, paisaxe dos naturalistas, as vegadas non doados de difrenciar. O senso artísteco ten feito moito mal nos libros de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[145] O texto orixinal foi obtido na Biblioteca Dixital de Galicia.

xeografía, É antropocéntrico, postura bén contraria ó fin do que queira interpretar un hourizonte xeográfico. Ista noción é necesario determinal-a da maneira mais xusta que sexa posibre.

Vidal de Lablache, o grande xeógrafo francés morto fai pouco tempo, propuxo un nome tirado do inglés pra sinalar a paisaxe xeográfica *scenery*, i-empregouno no seu ademirable *Tableau de la geografíe de la France*. O xeógrafo tende a describir a sua paisaxe partindo do hourizonte que cncadra o anaco da supreficie terrestre qu'estuda, tratando de sentire a interna xuntanza cinguidora dos elementos naturais (feituras do chan, erosión, vexetaceón, etcétera) e'os humans ou históricos (traballo labrego e industrial, distribución dos pobos, camiños etc.) É sempre n-un senso cinemáteco ou dinámeco pois nada hai mais lonxe da xeografía viva qu'as anxoitas nomencraturas de cousas e feitos postos a carón us dos outros.

Non hai que equivocare a paisaxe ca rexión natural. O primeiro é un traballo prelimíar a tudo estudo de país. Mais ademáis das condiciós ditas hai que ter outra moi en conta: a luz i-a estaceón, sobre tudo a derrudeira. Un bretón de verdadeiro xenio descriutivo, CamiIle Vallaux, propón pr'os países suxetos os troques de vexetaceón o nome de paisaxes *rotatorias*. Por exempro: é ben difrente unha veiga lamiguenta no inverno, co vivir humán redocido as cousas mais simpres do que a mesma terra coberta pol- o tapís cooreado das colleitas. Unha paisaxe do Sahara ou d'Arabia é, en troques, fixo.

Outro probrema importante: a nomencratura. Os congresos xeográficos téñense ocupado n-íl, con evidente froito. Mais n-hai sistema, por sabio que sexa, que teña as ventaxas da nomencratura local. Os galegos non debemos esquencelo. *Coto, outeiro, corgo, penascada, regueirá, quebrada, facho, cón, lama seara, chao, gándara, fonticeira, pena* e tantos outros non teñen sostituceón posibre. É propia d'un país graniteco traballado pol-a erosión d'un ceo húmido c'unha particularidade que nin é equivalente á d'outras terras semellantes com'á Bretaña.

Na literatura xeográfica pódense citar como exempros de paisaxe entr'os vellos Darwin, Ritchofen e Schweinfürth. O primeiro no *Viaxe d'un naturalista arredor do mundo*, un dos mais suxestivos libros de viaxes, contén ademirabres descriuciós da Pampa, dos Andes, das Illas de Coral, Ritchofen trazou no *Viaxe a China* unha incomparabre pauta pr'o exprorador, coma Schweinfürth pr'o viaxeiro do Sahara. Na literatura n-outrora tan popular entre a mocedade, de Xulio Verne, domiña un senso eminentemente xeográfeco ispirado en Reclus. Lembremos aquil comenzo de *Héctor Servadáe*, ou as térras da Ouganda de *Cinco semanas en globo*.

O senso do releve é difícile d'aquirir: un mestre incomparabre é o americano Daris, afeito a esculcar as paisaxes xeolóxicas das Rocosas. En Francia, no país de Gales, na América, e dende logo na Alemaña hai compretas escolas que van pouco a pouco renovando a xeografía descritiva pol-o sistema de curtos e suxesíivos estudos compretos d'hourizontes e de rexions naturas. As terras mais vellamente conoscidas, presas hastra o d'agora na rede das vastas síntesis estilo Reclus, toman un aspeuto mais vital, forte e suxestivo, preno de siñificanzas do vivir das terras e das sociedás.

Un dos mestres da paisaxe atránteca é o citado Camilie Vallaux. Estudiou a montana d'Arrée, i-as costas da sua patria. Bretaña, os fiords noruegos, o bosque céltico de Dartmoor. E sobretudo a mar verde e bruante, a mesma que eco a nos cons das nosas Marinas.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vemos que non fai falla corrixir nada, todo ten sentidiño, e sentido xeográfico. O texto tamén confirma o estudo e coñecemento madurecido que Otero ten dos conceptos xeográficos e dos xeógrafos de aqueles días..


A NOSA TERRA

ENCOL DA PAISAXE XEOGRAFICA

PARA OS DA TERRIÑA

Figura 5.4. A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala .1927

5.1.4. Camiños na peisaxe (1928)

Esta obra de Otero foi publicada na revista *Céltiga*, revista da emigración galega na Arxentina editada en Bos Aires entre 1924 e 1932, que estivo dirixida por Eduardo Branco Amor, Eliseo Pulpeiro e Ramón Suárez Picallo. A citada revista está dixitalizada polo Consello da Cultura Galega. Pois ben, Otero publicou no número 78 de marzo de 1928 un artigo titulado: *Camiños na Peisaxe*. Tamén podemos dicir que Otero publicou este mesmo artigo por segunda vez no número do mes xuño de 1944 na revista *Sonata Gallega* de Pontevedra. Revista dixitalizada en Galiciana. Sen embargo, neste caso o artigo está asinado por Santiago Amaral un dos pseudónimos que Otero utilizou na posguerra. O título en as dúas revistas ten a grafía citada. Quizais un error de imprenta ?... E comeza así:

> Dende o penedo cercelado, espállase diante min un bo anaco do val do Miño farturento e descansado, desenrolándose ou correr dous tempos e dás augas, antre as esporentes costas dá bocarribeira que logo ditadas en chaos, asucadas por regueiros; vanse erguendo mainamente ata xuntarse co pé, rico en augas, dás longas serras abombeadas do lonxe.

Case utilizando as mesmas verbas de Otero no pequeno artigo se fan mil descricións das paisaxes, como exemplos: *alí esperta a paisaxe de Trasalba*. Os meandros do Miño en Arrabaldo. O delta fluvial do Barbantiño. O maquis de toxo. Nesa pena que é limite de dúas terras e horizontes. Rematan os campos de centeo e comezan as viñas. As terras da rega. Os pobos con adegas e lagares. A visión dos campos e fala dun vivir de ribeira diferente do da montaña. O río. A erosión. O sol fai ver as formas topográficas. É o sistema que trazan os vellos camiños. Na pena onde está situado Otero, dinos, que pasa un camiño dos máis transitados. E os outros do val desenvólvense segundo o relevo entre viñas e a beira das prazas dos pobos. Teñen chan de pedra para subir costas. Para cruzar o terreo os carreiros achegan os límites das leiras. O principal vai dereito aos pobos. Pero os carros e o movemento van pola estrada que desfixo a cara do labradío da parroquia, e vaise poboando de casas novas: de

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

cemento, de perpiaño, galerías e terrazas para a solaina de verán. Na ponte crúzanse as estradas unha será a principal de entrada no pobo. *Así que os vellos lugares quedan afundidos na terra labrega*. O camiño que deixa a ribeira ao chegar á altura cambia de carácter. No inverno a erosión pola auga crea charcos e barro que acaban nos campos. As vagadas e as rodeiras dos carros guían o traballo das augas.

E tamén nos di cousas dá rexión das canteiras o camiño é máis plano, fúndese cos lindes dos campos, crea buleiras no inverno e descobre as pedras. A vexetación asóciase nas súas marxes lineais. Un camiño calquera pode ter variadas formas segundo o chan, o relevo, o clima, a circulación, a relación co vivir dos seus veciños. Asi deixan o seu dinamismo na cara topográfica do chan galego.

Vemos neste artigo, outra sementeira do facer *a xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.* Observa a paisaxe, descríbea e relaciona as súas formas co tempo xeográfico, o cal lévalle ás formas, que son tamén causa da historia dos homes. E todo mesturado na tipicidade do ser de Galicia. Tamén roda polos camiños do cambio da paisaxe, estamos en 1928, pola


Camiños na peisaxe

POR

SANTIAGO AMARAL

Figura 5.5 Revista Sonata Gallega. 1944


PROSAS GALEGAS

Camiños na peisaxe

Figura 5.6 Revista Céltiga. 1928

construción de estradas e as novas casas asociadas nas súas marxes, así o home sementa as leiras preto dos camiños en toda Galicia.

E as impresas palabras de Otero coas que finaliza o artigo son:

> Pisando, de vagarciño, un camiño calquer pénsase na sede intuída dos que, con variadas feituras asegún o chan, o releve, o clima e a circulación, ínzanse raros ou vastos e ó tempo de vibrar c'o vivir humán de relaceón, deixan ollar seu dinamismo na faciana topográeca do chán galego.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.1.5. Paisaje geográfico. La interpretación artística del paisaje gallego (1928)

Otero aborda outra vez o problema da paisaxe galega dun xeito teórico e coma feito xeográfico, no libro: *Paisajes y Problemas Geográficos de Galicia.*[146]. Dos seis capítulos do libro describimos o II, III, IV, e V ao falar das obras xeográficas de Otero, pois nese libro temos o capítulo I que se titula*: Paisaje geográfico* e o VI: *La interpretación artística del paisaje gallego.*

5.1.5.1. Paisaje geográfico

Xa vemos que Otero inicia o libro *Paisajes y Problemas Geográficos de Galicia.* falándonos da paisaxe, imos pois preguntar. Porqué esta primacía? O mestre dinos que a paisaxe é un concepto de fundamental importancia e exacta compresión e aplicación crecente no caso de Galicia. Pois as interpretacións ao uso de *Galicia como país verde, montañoso, nostálxico, húmido e mimoso son equivocadas*. O concepto confúndese coa paisaxe literaria, o pictórico e o das ciencias naturais. Todos eles organízanse desde un punto de vista distintos e buscan fins diversos.

Pero Otero dá unha definición da paisaxe xeográfica e dinos:

> El paisaje geográfico, al contrario que el pictórico, se fija primeramente en el horizonte que limita el trozo grande o pequeño de superficie terrestre que se considera. Vidal De La Blache había exigido para sustituir al vocablo horizonte un neologismo, *scenerie*, sacado del inglés. Pero la característica esencial consiste en comprender el paisaje como un dinamismo en dos sentidos: el juego de los agentes de la erosión, de la luz y del calor en su acción sobre el relieve, el tapiz vegetal y los establecimientos humanos, juntamente con la acción de éstas en sus variadas formas, y por otra parte los diferentes aspectos que reviste el paisaje según el ritmo de las estaciones. Este punto de vista es esencial para la comprensión del paisaje de las zonas templadas (...). Por la naturaleza de la observación tiene que ser siempre antropocéntrico desplazándose el horizonte con el espectador.

É unha definición da paisaxe e explica a técnica para describilo coa observación partindo dun horizonte.

Despois descríbenos diferentes paisaxes: a paisaxe desde Cima de Vila unha parroquia de bocarribeira; desde Pazos de Arenteiro unha parroquia de ribeira; desde o lugar de Santo Domingo de Castro Dozón, unha parroquia de montaña, unha paisaxe de mariña entre cabo Ortegal e punta Candieira, e a paisaxe das Rias Baixas. Estas paisaxes veñen postos no seu lugar ao través do método da lectura xeográfica dos horizontes que nos dan os catro puntos cardinais. Método que xa vimos na introdución desta tese ao falar do artigo: *desde a solaina.*

5.1.5.2. La interpretación artística del paisaje galego

No capítulo VI, do libro: *Paisajes y Problemas Geográficos de Galicia,* Otero fai mención á diferencia entre paisaxe xeográfica e a artística. Pois el pensa que en toda forma artística hai polo menos o eco afastado dunha interpretación da paisaxe. Neste capítulo Otero fai mención da paisaxe como interpretación étnica e persoal de cada artista, E explica a

[146] O texto estudiado é da edición de 1926, obra propiedade do autor da tese.

interpretación das paisaxes feitas polos os artistas ao longo da historia. Fala do concepto case panteísta do cristianismo ao través de teólogos e místicos con alusións ao canto da natureza polo *Povorello* de Asís. Otero nesta altura dos anos vinte anos (1926). Fai a referencia á interpretación céltica do mundo. Á función do Renacemento, sobre todo do Romanticismo como creador do sentimento moderno da paisaxe. E Otero faise a seguinte pregunta:

> Siendo el paisaje artístico, el de los escritores especialmente, una proyección individual sobre el mundo, ¿ qué papel juega en un libro de Geografia?. Pues el paisaje geográfico tiende a la objetividad, debía separarse de él toda interpretación individual.

E a resposta é a seguinte:

> Sin insistir en este punto evidente, no puede olvidarse que la Geografía busca sobre todo la íntima y vital compenetración del hombre y la tierra... Hay pueblos que aparecen postizos y apenas aceptados en su medio físico; otros, desde antiguo, profundamente identificados con él. A este grupo pertenece Galicia con su paisaje humanizado y su alma llena de paisaje.

Otero fai referencia ás artes construtivas e aos seus elementos artísticos que dende o románico conservan o selo de adaptación á paisaxe. E afirma como elemento esencial da paisaxe galega, a roca granítica e esquistosa co peculiar proceso de erosión. Pasando a nomear a autores do seu tempo, como Filgueira Valverde, que fai un suxestivo estudio da paisaxe no *Cancionero da Vaticana*, así como os artigos de etnografía na revista *Nós* de Vicente Risco. No Romanticismo iníciase en Rousseau o prestixio literario das montañas e en xeral da paisaxe. É un tema de todos os románticos españois, e o máis entre os galegos están: Nicomedes Pastor Díaz. Emilia Pardo Bazán con poderosa narrativa descritiva. Manuel Murguía coas impresións da paisaxe na súa historia da Galicia. E tamén Valle Inclán. Nas súas comedias. Pois ben, Otero salienta:

> Pero quien sin proponérselo luce un sentido verdaderamente geográfico para caracterizar algunos momentos del ambiente geografico de Galicia, es D. Miguel de Unamuno, sobre todo cuando descubren sus míticos ojos apacentados en la *Calva Armuña,* y en los encinares Cristo de la Cabrera, el maternal relieve de las formas del suelo gallego, que habían permanecido inéditas para los descriptores anteriores.

Sen lugar a dúbidas Otero fai referencia ao libro de Unamuno titulado: *Por tierras de Portugal y de España* (1911). Libro que se atopa na biblioteca de Trasalba. No capítulo titulado*: Por Galicia,* que dedica á súa boa amiga Emilia Pardo Bazán. Son 16 páxinas nas que describe unha viaxe polos canóns do Sil entre Monforte e Ourense. Tamén de Ferrol a Betanzos. E na Coruña. E Unamuno finaliza esas páxinas coa frase: *Por esto me gusta tanto Galicia, porque tiene el alma liberal*.

Continuamos con Otero que pasa a falar dos poetas contemporáneos: Pondal, Rosalías, Curros, Lamas, Noriega, Eladio Rodríguez, Cabanillas, Amado Carballo, Eugenio Montes. E fala da prosa galega das novelas curtas que se publican nas revistas: Céltiga, Alborada e Lar. E finaliza con Vicente Risco que fixo o estudio xeográfico da vila e horizontes de Castro Caldelas, na que describe todas as estacións e as paisaxes das aldeas. Máis Otero fai o comentario final da intención de completar este capítulo nunha antoloxía da paisaxe galega.

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Libro que nunca chegou a facer. Sen dúbida esa antoloxía está desenvolvida en todos os seus artigos posteriores sobre a paisaxe.

5.1.6. Encol do elemento animal na paisaxe. (1932)

Otero publicou na revista *Nós*, número 105 do mes de setembro de 1932 un ensaio que aborda unha análise dun elemento que se encontra na paisaxe, o mundo animal, e está titulado: *Encol do elemento animal na paisaxe*[147].

Pois ben, o ensaio ten seguinte estrutura: Unha introdución onde analiza en xeral o que el chama elemento animal e a súa relación coa paisaxe. Deseguido establece outras dúas consideracións da relación do home co elemento animal o longo da historia. Prosigue coa análise como os animais inflúen na paisaxe de dúas maneiras. Tamén concreta en algúns paisaxes a pegada dos animais. E, finalmente, fai o análise e consideracións dos animais que viven en clara sociedade cos homes.



ENCOL DO ELEMENTO ANIMAL NA PAISAXE

Por R. Otero Pedrayo.

I

Cosmo me non poderei afastar da suxestión do tema da Paisaxe. Considero ser il de valor esencial non somentes pra a interpretación xeográfica sinón pra a psicoloxica das culturas. Si d'unha maneira concreta teimara n-istas páxinas abranguer a teoría da paisaxe xeográfica daría como primeira parte o basamento filosófico do probrema. Máis iso ficará pra outro estudo. Pol-o de hoxe heime demarcar no espacio sinalado pol-o título: o elemento animal na paisaxe, sin faguer distincións entre o valor e sinificanza que os animaes xogan en relación ca xeoloxía e a flora, ca bóveda celeste e a atmósfera, cos homes e as obras dos homes.

Dende logo un espíritu suxeito por demais ás costumes estabrecidas poderá pensar ser a función dos animaes de inferior categoiría. Pois na evolución do sentimento da paisaxe, no sentimento e no conocimento primeiro xogóu a vexetación o meirande papel, despois a roca, o chán. Deixemos pol o de logo a consideración do home e as suas obras. Na paisaxe natural o primeiro en operar sobre a sinxela visión e sobre a conciencia alongada na memoria e refreisiva arredor dos datos da «esprencia, é sin dúbida, a vexetación, o «tapis vivente» que dixo Ratzel apegado por razón elementar da vida ô chán, o fondo das manifestacións da vida humás, a cour e a figura das paisaxes. Acontece naduralmente isto no decorrer 'da cultura histórica, e na formación da cultura individual, os primeiros paisaxistas nas letras ou na pintura fixéronse no mundo vexetal como os nenos e os homes de sinxela educación lembran somentes o tón vexetal dos horizontes que lles fán impresión. Os poetas dos cancioneiros sinten a presencia dos albres e das pradeiras. Os nenos e os labregos fatan de bosques, de gándras, de desertos. O elemento xeológico fica ausente. Todo o máis sifilica en conxunto a presencia de algo estrano, terribre, descoñecido. Si valen algo as formas do terreo é pol o manto vexetal que as reviste. Eisí o anacoreta Bruno de Colonia o fundador da Cartuxa di n-unha sonada epístola a un amigo seu gabándolle a lediza da soedade: —«Iste chao entre montes, istes verdecentes lameiros, istes pastos de froles— os vajes recollidos fresqueiros d'augas e fontes». É ben sabida a función dos pre románticos descobrindo o valor das montañas. Hai encol d'isto toda unha literatura cuia lembranza non podemos seguire eiqui. Abonda con sinalar como a paisaxe no seu elemento xeolóxico vai sendo estimada deica ô punto que hoxe incruso o nomeamento científico das rocas ou das formas evolutivas dos montes, figura como expresión elocuente do ser d'unha paisaxe.

O elemento animal fica o máis esquencido de todol-os que nas diferentes combinacións integran a paisaxe. O máis fuxitivo. O apenas sinalado. E non porque os animaes non sexan tema custante das meditacións. Na literatura teñen de antigo unha función simbólica. Eles refrexan ou acompañan representacións morais i-estéticas: a pomba, a águia, o león, as abenzas, as serpentes, os castores. Amigos ou nemigos do home gardan no mundo das artes, n-un longo decorrere, seu carácter mitolóxico, unha lembranza do tempo edénico ou totémico, no que eran condición esencial do vivir dos homes. Máis como compoñentes da paisaxe apenas se teñen estudado. A razón é ben

Figura 5.7. Revista Nós 105. 1932

Nesa introdución nas primeiras liñas do ensaio Otero nos di:

> Confeso non poderme afastar dá suxestión do tema dá Paisaxe. Considero ser o de valor esencial non soamente para interpretación xeografica senón para a psicoloxía dás culturas.

Temos aquí esa teima que sempre tivo Otero coa paisaxe, que ademais afirma que é a mellor ferramenta para a interpretación xeográfica.

Xa que logo, a paisaxe é esencial para interpretar a paisaxe e a cultura galega en particular. Dinos que é necesario un baseamento filosófico do problema, pero neste estudo non só fai unha descrición dos animais, senón tamén unha distinción entre os animais salvaxes e os domesticados e o papel que xogan en relación coa xeoloxía e a flora, coa bóveda celeste e a atmosfera, cos homes e as obras dos homes. É unha paisaxe moi humanizada sendo a maioría animais domésticos.

Nesta introdución Otero ao falar da paisaxe natural nos di:

> Na paisaxe natural o primeiro en operar sobre a sinxela visión e sobre a conciencia alongada na memoria razoábel arredor dos datos da experiencia, é sen dubida, a vexetación, o tapiz vivente, que dixo Ratzel apegado por razón elemental da vida e do chan.

147 Orixinal deste artigo na Biblioteca Dixital de Galicia

Ademais de establecer unha consideración previa da influencia dos animais na paisaxe, segue ao xeógrafo alemán Friederich Ratzel do que Otero nos fala no xa comentado artigo titulado: *Encol dos estudos modernos de Antropoxeografía*, publicado no número 27, de marzo de 1926, da revista *Nós.*

> A nosa paisaxe galega por ser das millor e máis fondamente humanizadas por unha vella cultura figuraría privada do elemento animal ou polo menos ridocido iste a unha domesticidade compreta.

Hoxe en día, existen poucas paisaxes naturais sen a intervención humana, pois en todas elas a acción do home é visible, aínda que sabemos que o término natural nos principios do século XX era para a xeografía un concepto que limitaba a rexión natural con elementos xeográficos da natureza. Nese contexto dinos Otero, que na paisaxe natural primeiro xoga un papel primordial a vexetación e despois a roca, o chan. O *"tapiz vivente*" como dixo Ratzel, apegado ao fondo das manifestacións humanas.

E acaba o curto ensaio con estas palabras:

> Sen teimar a precisión de leis ou relacións categóricas que soilo o progreso dá ciencia e dá estética dá paisaxe poderá establecer, podemos rematar coa afirmación de como os animais vitalizan en diferente grao as paisaxes e son expresión necesaria e acentuadora dá súa fisiognomía e verbo no seu estilo.

5.1.7. Ensaios encol do estilo da paisaxe. (1933)

Outro ensaio de Otero sobre a paisaxe é o titulado: *Ensaios encol do estilo da paisaxe*[148], publicado na revista *Nós* no número 113 de maio de 1933, está dividido en catro epígrafes.

> I. Os fenómenos atmosféricos
> II. A Paisaxe da noite
> II. A lus e as cores
> IV. Os sons na paisaxe

Comeza o ensaio afirmando que paisaxe é un concepto moderno no que entran ademais da arquitectura, as formas e a superficie das terras, a dinámica da erosión, as obras dos homes e moitos aspectos máis e entre eles os fenómenos atmosféricos.

> A meteoroloxía vóltase fisiognomía… Nubes, choivas, neves, o orballo dás mañáns, compoñen a complexidade dos horizontes.

Otero ve claramente que os fenómenos atmosféricos diferencian paisaxes e o aspecto da superficie terrestre. É dicir, a climatoloxía inflúe na paisaxe.

Na segunda parte: *a paisaxe na noite.* Facéndose preguntas investiga a paisaxe, hai dereito a falar da paisaxe astronómica ou da astronomía da paisaxe? Coma a paisaxe da noite. Fai falta a presenza da historia ?, Os astros só entran na paisaxe da noite, que interpreta a arte, pero teñen certa categoría xeográfica. As paisaxes da noite pintounas moi ben Turner. A pintura barroca fíxoo coa noite azul de Venecia. Pero os escritores chegan mellor á esencia da noite, non só o románticos como Leopardi, tamén o harmonioso Ovidio. Aquí Otero fai unha definición da paisaxe.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[148] O texto comentado é o orixinal da Biblioteca Dixital de Galicia

> Si a paisaxe pódese definire como a faciana decorrente, eispresiva, no tempo e no espazo, da natureza aparencial, isa forma mostrará nas horas da noite e aínda pra unha observación xeográfica algúns aspeitos, formas, enerxías e os elementos pra sentir polo menos un comenzo de composición da paisaxe.

E nas cidade tamén temos paisaxes.



ENSAIOS ENCOL DO ESTILO DA PAISAXE

por R. Otero Pedrayo

I

OS FENÓMENOS ATMOSFÉRICOS

Nun conceito moderno da Paisaxe collen además da Arquiteitura e forma das terras, da tona vidal, da dinámica da erosión, das obras dos homes, moitos aspeitos, entre eles os fenómenos da atmósfera. Por fuxitivos e leviáns que eles somellen non deixan de prestare a sua caraiteristica das síntesis da Paisaxe. A meteoroloxia vóltase fisiognomía, vidalizase no ampro sentido do vivir cósmico. Nubens, choivas, neves, o orballo das mañáns, compoñen na comprexidade dos hourizontes. E quen esculque n-eles un estilo, unha fisiognomía, non pode esquencer o reino skakespirian de Ariel. Pol-o de hoxe somentes teimaremos responder á algunhas suscitacións do suxestivo tema.

II

A PAISAXE DA NOITE

¿Hai dreito á falar da paisaxe astronómica ou da astronomía na paisaxe? Cecáis, ben pensado, non seña desmasiada pedanteiria. Os astros fulxindo sereamente, ordeados nas graves misteriosas das costelacións, a dramaturxia dos ceos, os variados aspeitos do luar, o latexante estrelecer da Galaxia, chegan á nós peneirados pol-a atmósfera, e pra a emoción e a posibre sistemática da Paisaxe, fican baixe os roteiros da cencia moderna. Os astros e os ceos xogan na Paisaxe igoal pra o contemporán de Heráclito, de Marco Polo, de Ibn-Batuta, de Keplero ou de Einstein na composición antropocéntrica do cosmos. Falamos dos astros na familiaridade do ámbito terrestre, atmosférico. Cecáis algún astrónomo na soedade, porta de evasión cas azas do cálculo, en Lick, Mounts Wilson, Upsala, Tokio ou Melbourne, poderá sentir como paisaxe os xogos sidéreos e sinódicos de Ariel, Umbriel, Titania e Oberón no morno fogar afastado de Urano. Cecáis os canales de Marte, ou o escoando da cortiza luar, señan interpreitados como paisaxe por algún cosmógrafo maxinativo. Poderia un poeta poboar de paixón e degaro humán o mapa das rexións do hemisferio luar que os grandes telescopios achegan ao noso ollar á unha larganza de poucos kilómetros. Nos chegarán á seren endexamáis escenarios de Paisaxe. Fai falla a presenza da historia, da conciencia diante a natureza, un circo de hourizonte galgado pol-os miradas instintivas, intelixentes, das xeneracións. Os astros collen somentes na paisaxe da noite, que además de ser interpreitada pol-as artes, pol-e adiquirir tamén unha certa categoiría xeográfica.

Algús grandes pintores teñen acertado nas paisaxes da noite, sempre ca presenza humán manifestada nas luces das fiestras, no halo lumioso das cibdades, na fogueira dos pastores ou dos nómadas. E cousi sempre baixo a saudade elexiaca ou eufórica do luar. Turner pintou as febras da noite petando no vidros alomeados do queste e pechado «home» inglés, a fuxida dos bergo- cerne os mollados pol a brétema na que navegan os faroles, ou a fouce do faro acitura isocronamente molladas de tempo e de noite, e tremores de gaivotas acompañan o folgo dos barcos viaxeiros. Na pintura barroca son as festas as que eisaltan a noite. A noite azul de Venecia salferida pol-o levian frolecer dos fogos de artificio, o ronsel do faro da góndola no canal vibradoiro ou calado onde se afogan os ceus adriáticos. Fuxida das carreiras de buxos, maxinadas perspeitivas de

Figura 5.8. Revista Nós 113. 1933

Esta definición e das primeiras que intenta Otero. A paisaxe é o que se ve. As formas e os elementos dentro dunha composición.

Segue Otero falándonos da *lus e das cores*. O ceo coa lúa clara, estrelado, con néboas: soar a luz das augas, vento nas follas, bater das ondas, o pisar area ou rocas, néboa alongando formas, cantos de paxaros, cheiro das colleitas en cada estación, presenza de obras do home, fume dos fogares, cheiro do gando. Todo iso pode ser principio da síntese xeográfica da paisaxe.

> As vilas son en grande parte fenómenos xeográficos e na sua materialidade e intención responden aos temas do ambiente e da paisaxe

Isto tamén pode notarse á luz do día coas cores

> A cada hora do día e da sazón, a lus viste con diversa fondura, intensidade e armuñia as corres das paisaxes.

A luz é a luz do sol condición para crear as paisaxes.

> A luz do.sol como condición é ao longo do ano como criadora de paisaxes: eis un tema que a nova Xeografia, sintesis das esencias de tantas ciencias, sintesis apenas deica hoxe sospeitada de tantas de tantas diferentes e armoñosas posibililidas, ten de estudar e armonizare en cada rexión do praneta

E finaliza cos *son na paisaxe*, que mostra as maneiras e a dinámica e vida do mundo. O vento esperta rumores a cada resistencia que atopa no camiño. Nos chaos é monótono. Na serra asubía. unánime nos piñeirais. Un coro nas carballeiras. Hai que facer un estudio xeográfico establecendo a tona de vento segundo as facies telúricas. E remata o ensaio:

> Poderíame lembrare outras moitas sons, que en si serán decorrentes, máis entran na paisaxe pois cada un precisa un aspeito, un instante, unha categoría *da* paisaxe, e hai sons animais da gándara, do piñeiral, do pomar, do monte, da ribeira.
>
> Trasalba,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.1.8. Un horizonte gallego (1945)

Con motivo do primeiro centenario da publicación en 1845 da Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán o Seminario de Estudios Galegos nos seus Cuadernos de Estudios Gallegos no Anexo I que prologou Otero, publicou en 1945 o ensaio titulado: *Un Horizonte Gallego*[149]. No que Otero dinos:

> Quisiéramos presentar un ensayo de temática del paisaje, único método, a nuestro entender, capaz de levantar a la geografía a su dignidad fisiognómica y técnica de ciencia. Pues actualmente su riqueza es de prestado pagando elevados réditos a otras ciencias - la Geología, la Biología, la Historia, la Economía……- cuando debería con hitos propios, sintetizar los resultados de muchas en la indiscutible unidad del paisaje, rostro, aspecto y condición de la naturaleza y de la historia.

Así desde o horizonte circular do coto do monte Rodeiro de 479 metros de altitude na parroquia de San Pedro de Trasalba, ao leste da casa de Otero e a uns 2.000 metros de distancia, cóntanos que eran as 11 da mañá do 25 de agosto, Otero vainos a dar unhas directrices para analizar a paisaxe que podemos sintetizar nas seguintes fases e normas.




Figura 5.9 Fragmento da folla nº 187 do M. T. N. (2007)

Otero considera o horizonte, pero dinos que, basta o tacto da roca, a cor, a escultura, o cheiro dos cotos. E prosegue:

> El dominio del paisaje y de la Geografía es una dermis más o menos profunda, siempre delgada en relación con el inmenso, misterioso y ahistórico cuerpo que lo recubre.

149 O texto orixinal foi consultado na Biblioteca do Seminario de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.




Figura 5.10. Fragmento do mapa de Fontán 1845

O dominio da paisaxe e da Xeografía é unha pel máis ou menos profunda, sempre delgada en relación co inmenso, misterioso e histórico corpo que o recubre. E indícanos que sería unha boa clasificación das formas dos penedos galegos. Ben con criterios comparativos ou metafísicos, fitomórficos, zoomórficos, antropomórficos. Estruturais e decorativos. Arquitectónicos e ruiniformes.


Pero a paisaxe e a súa vivencia xeográfica non se limitan ao presente, algo nos obriga á pensar nas súas orixes. Un horizonte pode ser unha unidade natural ou ficticia, ou participar de ambas calidades. Pero sinálanos que antes de interpretar os aspectos da paisaxe dabemos ter presente tres leis xenerais.

> La gradación en tesis general de la facies de sierra, montaña, chao, bocarribeira, cuesta, y valle o ribera en una consideración de altura, el triunfo de las direcciones subsecuentes sobre las consecuentes en los surcos fraguados por las aguas, lo mismo temporales que el fluir permanente...
>
> Para aproximarnos a la comprensión de la última ley del paisaje, es necesario vivirlo en sus variaciones estacionales e incluso en las más leves, pero también dotadas de potente expresividad del ciclo diurno en el sucederse de las horas...
>
> De todos los horizontes y paisajes no hace falta discriminar ambas vivencias conjuntas y sin embargo diversas en grado de intensidad - sonoros y fragantes, ninguno alcanza el poder del horizonte y paisaje óptico, llevado aquel hasta el extremo de síntesis y totalidad en que solo son determinantes las líneas esenciales de la forma y de las masas y tonos de color, las gamas de azul y gris de las lejanías diferentes y características de cada estación y en cada hora del día.

É a cor a que culmina as diferenzas na paisaxe. Este esquema utilízao ao describir neste ensaio as paisaxes no horizonte circular desde o alto de Rodeiro. Pero fai fincapé en que esa paisaxe é diferente en cada estación do ano. Finalmente, débese ver a paisaxe humanizada, as ermidas, o tapiz vexetal, os lugares e vilas coas súas consecuencias.

USC

Otero en un parágrafo final resume o horizonte mais propio de Galicia dende a etapa do románico, pois aínda é o mesmo que en aqueles dias.



UN HORIZONTE GALLEGO

por

RAMON OTERO PEDRAYO

I

Reposamos en el "coto" más elevado y descubierto del monte Rodeiro, en los términos de la parroquia de San Pedro de Trasalba, sobre los Chaos de Almoeiro. Los conceptos de relieve y posición son los primeros que se imponen en un examen interpretativo del paisaje. Contemplamos la sierra de S. Mamede, la Cabeza de la Meda, el Testeiro, la Martiñá, el Faro de Avión y otras altas y extensas sierras ordenando por casi todos los rumbos el horizonte, y en un nivel inferior, grandes desarrollos de montaña individualizadas unas, otras basamento y condición de las sierras. En verdad, comparado con ellas, nuestro Rodeiro no merece el nombre de monte en el sentido hipsométrico ni aun como realidad morfológica. Su cota anda por los 600 m., solamente unos 400 sobre el Miño central, que a menos de siete kilómetros en línea recta se empereza entre las terrazas estructurales de Untes y Alongos. Pensemos en la relatividad de los términos geográficos. Para las gentes de Trasalba acostumbradas a las cuestas suaves dibujadas por las aguas y vestidas de viñas en su segundo tercio; para las de los «Chaos», criadas

Figura 5.11. Cuadernos de Estudios Gallegos. Anexo !. 1945

En la perspectiva conjunta, la propia del tema de la Geografia y el paisaje, de los factores naturales y humanos a un horizonte de castros, con poblados oscuros, como renuevos inmediatos de la tierra, grandes zonas boscosas, humos de familias y de clan alzándose preferentemente en los valles y las bocas riberas de una parte y de la otra en las acrópolis montañosas, con grandes espacios vacíos, y caminos aunque trazados en sus líneas generales poco destacados, sucedió en Galicia, en nuestro caso el horizonte románico de las parroquias con sus iglesias, sus aldeas ordenadas por afloramientos de fuentes, o terrazas, o en disposición radial, presidiendo desde zonas de cultivos inmediata la orla de reservas de bosques y pastos, sonorizada por las campanas cuya voz fue la primera que expresó conjunta y cordialmente una vivencia y un anhelo, ese horizonte continúa actualmente en sus bases y lineas fundamentales

.

Todas estas ideas e conceptos da paisaxe son os xa explicados por Otero nos seus ensaios publicados na revista *Nós*. Cando no ano de 1954 se estruturan e definen de xeito máis organizado é cando escribe o ensaio titulado: *Ensaio sobor a paisaxe galega*, que publicou Galaxia no libro: *Cultura e paisaxe* en 1955. Que analizaremos máis adiante.

E no derradeiro parágrafo deste ensaio de 1945 Otero define a Xeografía coma a ciencia total da paisaxe, dicindo:

> Solamente con un estricto método y una seguida interpretación podrían despertarse los temas de un horizonte, empresa en nuestro sentir necesaria para llegar a una verdadera experiencia y consiguiente doctrina de la Geografia como ciencia total del paisaje
>
> Trasalba, 19 de septiembre de 1945.

5.1.9. A paisaxe galega, as súas leis e tipos. (1947)

Foi alá polos vieiros da Arxentina en 1947 cando Otero fixo unha viaxe por aquelas terras. Levou o mapa de Fontán, e falou de xeografía e da paisaxe. De tal xeito que deu unha conferencia no local da Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires na data do 26 de xullo de 1947 e falou: *a paisaxe galega, as súas leis e tipos*[150]. Esta conferencia esta recollida unha

[150] O texto orixinal estudado está no Consello da Cultura Galega

publicación do Consello da Cultura Galega de 1998. Otero ao principiar a conferencia fai nunha sentida confesión:

> Eu son un home que chego xa ós lindeiros da vellez, co espírito cangado e co corpo cangado, máis co espírito aceso, soñando con voltar a aqueles días da adolescencia en que soñaba ser algo pra ofrendalo no vello e eterno latar da nosa Galicia

Otero ten 59 anos, está un pouco tristeiro, sen cátedra no instituto, con morriña da terra, aínda que rodeado de amigos e paisanos. E xa coas lembranzas vivas da xuventude. E continúa:

> Eu señores, escollín como tema desta disertación ante vós, algo que me é moi querido e que é moi intimo pra o meu pensamento e pra a miña soidade, que é falar da paisaxe de Galicia. Galicia é estimada pola maior parte da s xentes como unha terra fermosa, como unha terra gasalleira.

Nos conta que Galicia non está para ser contemplada con ollos de turista:

> Galicia é necesario achegarse a ela, como se achega un a un templo e os númenes deste templo; a grandeza e o destino deste templo está pintado nos seus paisaxes. Un paisaxe non se pode comprender como fondo do teatro, como o fondo das decoracións que se poden poñer neste escenario inmóbil.

Máis adiante explica:

> A paisaxe hai que sentilo como algo que vive, como algo que evoluciona, como algo que se desenrola, e que se está facendo e que nunca se fai por completo.

E nos di que as forzas que provocan esas variacións:

> Esas forzas, unhas, son forzas naturais, cósmicas, telúricas, propias da natureza e do mundo inorgánico, outras, son as forzas da vida, e outra, a máis podente de todas, a que está sometida aparentemente ás outras pero tamén sabe guialas e enroitalas, é a forza do home, a forza do intelecto humán. É sinxelamente, a historia en loita co medio ambiente, o home afirmándose na natureza.

Son afirmacións teóricas ditas en 1947, que ben poderían dicirse hoxe en calquera manual sobre a ciencia da paisaxe xeográfica. E de ese estar facéndose continuamente a paisaxe Otero imaxina varios tipos:

> Unhos son os de movemento ceibe, outros dun movemento manso. Unhos forman rexións independizadas das terras que arrodean como son certos arquipélagos montañosos.

Tamén se poden estudar seguindo as formas de cultivos.

Como se vai organizando a Galicia dos centeos e a Galicia das viñas, a Galicia de beiramar e a Galicia do interior.

E as leis da paisaxe poderían concretarse en tres ou catro, pero temos unha lei xeral para Galicia:

> Toda Galicia, na súa unidade morfolóxica, obedece á atracción do Atlántico, O Atlántico manda, o occidente manda.

Esta lei tamén está explicada na xeografía coa que empeza a *historia de Galicia* (1963). Son as terras pizarreñas que dende Asturias e León van cara occidente, xúntanse coas serras centrais graníticas que chegan ao mar. E nos di




Figura 5.12. Consello de Cultura Galega 1988

> Nos consideramos que esta lei de atracción do Atlántico que chama polas augas, que chama polas formas, que chama polas xentes, que chama pola saudade é a primeira que integra á nosa terra. É a primeira lei formativa, porque a Galicia foi esculturada e é esculturada polas ondas, esculturada polas ondas do mar e esculturada polas chuvias. E as chuvias son fillas do Atlántico.

E máis adiante volve a outra clasificación das paisaxes:

> Puidéramos establecer outra clasificación dos paisaxes de Galicia segundo o seu ritmo, segundo o ímpeto e a enerxía do seu devalar, segundo o triunfo e a resistencia que ofrecen a esta atracción do Atlántico que por igual chama ás correntes do Miño en cuxo fluír se poden distinguir espiritualmente o sabor de tódalas fontes e o acento e o canto de tódolos regueiros que o integran, e igual nas formas do releve montesío.

E continúa con outra clasificación:

> Outra clasificación que puidéramos ofrecervos e que podíase desenvolverse dunha maneira maxistral se un tivera a categoría de profesor e a categoría didáctica, científica que me autorizara a facer esta exposición, sería en seguir un criterio estratigráfico. Teríamos paisaxes de ribeira ou de val, en primeiro termino; despois teríamos os paisaxes da bocarribeira; logo teríamos os paisaxes de montaña e derradeiramente os paisaxes da serra.

A continuación Otero fai unha explicación do concepto de bocarribeira, onde visualiza as ribeiras moi queridas do Pai Miño en Amoeiro.

> A bocarribeira é unha palabra que se usa moito nas terras ourensás e tamén nas terras de Pontevedra para sinalar as encostas. E dicir, esas baixadas, esas caídas da montaña cara a ribeira. Alí dá moi ben o sol, cando a bocarribeira está nunha exposición favorable; alí danse tódolos produtos; alí aprovéitanse moi ben toda a enerxía e todo o que pode favorecer da rede hidrográfica. Así é que vemos que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> ese termino de bocarribeiras está case sempre seguido por unha fita de parroquias labregas de densa e de forte poboación. E moitas vilas se establecen na bocarribeira dominando ós seus pés os vales.

Otero visualiza os ribeiros de Pazos de Arenteiro, Ribadavia, Leiro, Cabreiroá, A ribeira de Avia, e a eses paisaxes os chama:

> Temos aquí, polo tanto, unha cousa lograda, unha cousa perfecta: estas paisaxes que son propias delas vellas terras de vella cultura e de antiga civilización.

E continúa:

> En troques, si vamos a outras terras de Galicia, alí encontramos terras pobres, alí atoparemos como a loita está aínda nos primeiros estadios, está nunha época heroica.

Neste eido lembra a costa finistérrico-bergantiñán, a cantada por Pondal.

> Alí temos unha natureza dura, temos un roquedo forte, temos que ningún intre nin de inverno nin de verán detense de combater a onda contra as rocas. É unha loita fermosa, unha loita épica porque, ¿cal é máis grande das dúas? ¿a roca ou a onda?

A cousa é como di Otero, que a onda quere ter forma e para tela ten que sufrir a resistencia da rocha.

E Otero chama ao noso vate Pondal no seu libriño: Queixumes dos pinos, como poesía cósmica dos celtas, e contador das nosas costas atlánticas

E así resume:

> Dentro da nosa terra de Galiza podemos atopar todos estes tipos de paisaxes. Temos establecida a lei da atracción do Atlántico, temos establecida a lei da sucesión estratigráfica das formas ...

Vai Otero aos Chaos de Amoeiro camiño vello, que deixa meandros no Miño, por alí pasaron monxes de Oseira que tiñan rendas en Santa Cruz de Arrabaldo. Camiños vellos da historia. Do castro foron nacendo castelos, florecendo igrexas. E nos fala de paisaxes de castelos e igrexas.

E termina coas seguintes palabras:

> Eu con esto, meus amigos e irmaos, eu saúdovos a todos, desexándovos que sempre sexades os mesmos que tendes sido e quedo a vosa disposición co meu pequeno coñecemento das cousas de Galicia, cos meus pequenos libros que eu ofrendo ó altar da terra de Galicia e pedíndovos perdón polas horas ou polos minutos que arestora vos teño roubado ó voso sentimento da patria e da terra.

Estes tipos da paisaxe e as súas leis, están recollidas en outras obras de Otero, aquí Otero fai memoria e resume para deixar lembranzas nos oíntes que están lonxanos da terra *un pequeno coñecemento das cousas de Galicia.*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.1.10. Motivos sobre el paisaje de Galicia. (1947)

Na biblioteca do Museo do Pobo Galego temos un libriño doado pola familia de don José Vázquez Romagura galego emigrado na Arxentina. E que está escrito en castelán, da autoría de Ramón Otero Pedrayo titulado: *Motivos sobre el paisaje de Galicia*[151]. Foi editado en Bos Aires pola editorial Kau, que non ten data exacta de publicación. Aínda que na páxina da Fundación Otero Pedrayo está datado en 1948. Tamén temos un exemplar desta obra na biblioteca do Mosteiro de Poio. Deste traballo nos dixo Antón Fraguas en 1988 no seu artigo: *Don Ramón, o xeógrafo das paisaxes*, que publicou na revista Outeiro no seu número 28, que era *o cumio* sobre a paisaxe galega. Pois ben, o pequeno libriño recolle un ensaio que ten no índice os capítulos seguintes:

> La primavera desde la Herradura compostelana
> El Fontán coloreado de vida y simpatía
> Poesía de legendarios bardos
> Desde el Rodeiro de Trasalba
> El canto de cisne del viejo Miño
> Magnolias, pazos, ondas
> En el núcleo de la historia
> La ronda de las estaciones.

No índice, e visto o seu contido, pódese albiscar, unha primeira cuestión: Temos como autor a un escritor romántico. Máis nunha segunda e repousada lectura veremos aquelo que vía un xeógrafo das paisaxes de Galicia.

O capitulo primeiro da *primavera desde la Herradura compostelana.* é unha descrición dos efectos da primavera sobre a paisaxe ao través do seu horizonte do xardín da Ferradura de Santiago de Compostela, e comeza así:

> Una grata sorpresa nos reserva el horizonte del hermoso parque, desenvuelto con cadencia y número de poema en torno al castro de Santa Susana y su armoniosa corona de célticos robles.

Como xa sabemos polo ensaio *Sobor a paisaxe galega* (1954), para Otero sempre temos un horizonte que é o factor da paisaxe que impón o valor ao espazo. Pero non se limita á primavera:

> La ronda de las estaciones como danza de antorchas, unas veces ardientes, otras desfallecidas, circunda según la ley periódica de su existir algo inmutable que le sirve de centro y eje, de motivo. Considerar como definitivo este momento del paisaje de la Herradura Compostelana sería no entender su esencia e incapacitarnos para sentir y comprender la vida conjunta y fluyente del paisaje.

E esa é a lei para comprender calquera paisaxe de Galicia. A paisaxe é dinámica nunca finaliza,, todo se funde nun proceso, e insiste en outros horizontes:

> Tampoco podríamos comprenderlo sin el recuerdo de otros infinitos paisajes que hacia la montaña y hacia el mar, en todos los rumbos, viví en más allá del círculo mágico del horizonte de otros horizontes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[151] O texto orixinal atopase na Biblioteca de Museo do Pobo Galego

Pois Otero nos di que paisaxe é:

> Pues el paisaje es, sin que intentemos matarlo al querer definirlo, el rostro de la naturaleza animado por el alma de la historia.

Se contan os horizontes próximos, os aleixados eses que os peregrinos percorren para chegar a Compostela.

Otero fálanos no segundo apartado, *el Fontán coloreado de vida y simpatía*, como en tantas ocasións, do mapa de Fontán, no que cartografou a anatomía do relevo e as formas do perfil e límite oceánico de Galicia. Alí no debuxo cartográfico corre a vida dos campos, dos pobos e as formas pequenas do fluír da historia.

> Entre los mapas de Galicia ninguno existe que supere en belleza y poder de creación al que el matemático Antonio Domingo Fontán dibujó y grabó hace cerca de un siglo.

Podemos pensar que Otero ten diante a Carta Xeométrica de Gálica e nos di:

> Querer clasificar las formas del paisaje gallego sería intento demasiado audaz, si llevará aquella intención científica que algún día inspirará al estudio de la naturaleza conjugada con la historia…No olvidemos que el paisaje actual de Galicia es un momento del largo proceso en que evolucionan, obedeciendo a tiempos diferentes, muy diversas fuerzas…He aquí un primero e imperfecto criterio: paisajes de ritmo lento, paisajes de ritmo acelerado.

Os primeiros están nas rexións montañosas e do interior, pois no val e na costa todos os medios son óptimos para os cambios da vida e a historia. E recorda varios exemplo da xeografía galega. E finaliza este capítulo:

> Así contemplando en el Fontán, animado por el recuerdo de la fisonomía de Galicia, surgen diversos criterios de clasificación de sus paisajes. Una Galicia predominante esquistosa; otra esencialmente granítica. Regiones de ritmo lento, regiones de ritmo acelerado. Galicia interior de fuertes reservas arcaicas, Galicia abierta en valles y costas al soplo generoso del Atlántico.

O terceiro capítulo ten por título: *Poesía de legendarios bardos.* E temos que preguntar que ten que ver coa paisaxe de Galicia. Otero relata o poderoso encanto das paisaxes de Ponteceso, Corme, Camariñas, Sires, Muxía e Camelle. Si leemos os poemas da obra: *Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar,* publicado en 1958 en Madrid polos mozos de Brais Pinto, vemos que eses poemas teñen un 40% de termos xeográficos. Otero facía xeografía coa poesía. Ademais quen son os Bardos. Pois imos ver que segundo o dicionario de Eladio Rodríguez González de 1958, publicado por Galaxia, e con respecto a voz Bardo e nos di:

> BARDO s. m. Nombre dado a los sacerdotes y poetas de los antiguos celtas. // Poeta heróico y lírico. // Los antiguos bardos eran poetas, cantores, músicos, historiadores y genealogistas. En Galicia, cuyo origen céltico ya pocos discuten, se dio por asenso unánime el calificativo de bardo a Eduardo Pondal, porque sus poemas *Queixume dos pinos*, publicados en 1886 evocan las pretéritas edades.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Recordando que Otero sempre foi partidario da orixe celta dos galegos, pois así o manifesta no Ensaio *histórico sobre la cultura gallega* publicado en 1933. Pois ben, seguindo coa poesía lendaria dos bardos, manifesta:

> Eduardo Pondal, hijo del estuario de Ponteceso, vivió poéticamente las riveras que en arco curvado en voluntad titánica se tienden desde Finisterre a la torre de Hércules.




Figura 5.13. Motivos sobre el paisaje de Galicia

En Otero as paisaxes sempre teñen historia e xentes con vida. É un motivo para falar dos poetas que viron os horizontes atlánticos.

O cuarto capítulo nos leva ao que se ve *desde o Rodeiro de Trasalba*, o monte Rodeiro queda a un quilómetro da casa de Cima de Vila e poido ser unha das camiñadas de Otero pola parroquia de San Pedro de Trasalba. É un fermoso texto xeográfico describindo descubertos horizontes próximos e no lonxe. Temos pois que léelo....

O capítulo quinto se titula: *O canto do cisne do vello Miño,* aquí como tantas outras veces Otero fai uso das metáforas para describir o sistema fluvial do Miño-Sil. Da desembocadura en A Guardia nos di:

> Aquí fluye la historia y la geografía de las tres cuartas partes de Galicia. La marea cambia diariamente de aspecto semilunar en los bancos de arena. En la corriente, azul, acero, plata con ciertos soles ponientes, púrpuras encendidas, se funden las aguas de mil valles, unos serenos y parcos de montaña, otros profundos, lentos, mimosos.

E do Sil nos di:

> Viene de muy lejos y muy cargada de historia esta rama potente del Sil. En los montes Astures, de tonos de acero, aire cristalino y sencilla vida pastoral, una fuente al pie de Cuetos Albos se sintió enamorada del mar lejano y hacia él bajo su caudal conjurando las corrientes del horizonte de graves sierras dentadas que envuelven los valles.

Do Miño central comenta:

> El Miño central crea terrazas estructurales, Orense o por lo menos el Orense que se aproxima al río se instala en una de ellas, prodiga aluviones pasa lento en el regusto del paisaje, desde los Peares a Filgueira.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fai tamén máis descricións das ribeiras da raia con Portugal, e os horizontes dende Santa Tecra.

No capítulo sexto, *magnolias, pazos, ondas.* Dende a torre de Fefiñáns nos fala da ría de Arousa.

> Desde la torre de Fefiñans se siente fluir la historia con el mismo ritmo con que las aguas del Umia fluyen por la tierra materna del valle del Salnes.

O capítulo sétimo, *no núcleo da historia*, desenvolve máis metáforas para falarnos das cidades e vilas de Galicia, as paisaxes urbanas, e nos di:

> Pudieran clasificarse las poblaciones gallegas según un esquema parecido a este: de castro (Lugo, Tui, Mondoñedo), de cuesta o declive (Orense, Vigo), de orla de estuario (Betanzos, Vivero, Padrón, Pontevedra), de valle (Mondoñedo, Rivadavia), de istmo (La Coruña, Mugía), de cruce de caminos en resalte montañoso (Pontes de García Rodríguez). En todas se conjugan varios imperativos que a lo largo de la historia predominan sucesivamente.



Figura 5.14 Revista Galicia 411. 1947

E remata este fermoso ensaio coa *ronda das estacións*, un percorrido polos tempos do ano. Tal cousa fai Otero en todas as súas novelas e ensaios sobre a paisaxe. Sempre esa ronda das sazóns, e remata o ensaio:

> Hace que todos los paisajes de Galicia vivan en tensión de un espíritu misterioso que lucha por librarse de la ley de las formas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Otero vía e miraba as paisaxes de Galicia, Otero escribe ensaios sobre a paisaxe e dálles un corpo unificador cheo de metáforas, sentimentos e formas de mirar e ver, eses ensaios son escritos xeográficos onde describe as paisaxes galegas os seus ritmos, formas e leis, así fai teoría xeográfica. Pero tamén as súas novelas teñen todo xeito de descricións de paisaxes, claro síntoma da súa gran memoria de xeógrafo.

Que máis dicir deste fermoso ensaio, pois léelo danos un sereno e suave gozo ao estar voando como pomba mensaxeira polas comarcas de Galicia. Xa que a xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo ten na paisaxe o cerne e eixo da ciencia da xeografía.

Debemos facer constar que este ensaio publicouse en 1947 na revista Galicia do Centro Galego de Bos Aires en unha serie de artigos consecutivos nos números 411, 412, 413, e 414, a citada revista está depositada no Arquivo da Emigración Galega, sito na ciudade da Cultura de Santiago de Compostela, dependente do Consello da Cultura Galega.

5.1.11. Sete paisaxes galegas e máis os alicerces de unha teoría (1947-1948)

Temos un ensaio que Otero titulou: *Sete paisaxe galegas e mais os alicerces dunha teoría.*[152] Que se publicou en 1947 e 1948 na revista*: A Nosa Terra,* editada en Bos Aires. O ensaio está recollido no libro: *Sereno e grave gozo. Ensaios sobre a paisaxe.* Edición de Galaxia de 1999 e preparada por María Cuquejo. A autora nos conta que o ensaio tivo seis entregas, nos números: 458 en 1947; 459, 460, e 461 en 1948; pero foi imposible atopar o número 459, polo que se recollen cinco e non sete paisaxes como di o título do ensaio.


Galiza Sempre Desperta
Sete Paisaxes Galegas e Máis Os Alicerces D'unha Teoría
Do ser, do Facerse e do Set.rse Galego

Figura 5.15. Revista A nosa Terra,458. 1947

Podemos intuír que Otero plántea sete paisaxes característicos de Galicia e logo pon a base e fundamento dunha teoría da paisaxe. Na primeira entrega nos fala da paisaxe de Muxía, e nos di:

> Muxía queda así definida: pedra, vento, escuma, sargazo. Nin eido labrego, nin horta caseña sequera, nin trollo, nin lama. Hai unha paridade e pureza nesta roca de muxía, no vento oceánico, na area, fariña de pedras, maquiada polo grande rodicio do mar.

E Otero pregúntase.

> Cómo se fixo esta paisaxe? Estase facendo cada día. Dun xeito enorme e sinxelo. Pola erosión podente do Atlántico sobre a pedra rexa. Esculturar xigante e insomne, endexamais rematado. Sería preciso, para estudiar ben esta paisaxe, teimar a clasificacións das formas: furna, ovoide, proa, sapoconcho,

[152] O orixinal do texto atopase na Biblioteca Dixital de Galicia

> cornixa barroca, decorada a cicel isócrono polas ondas, callao aínda groseiro, area pouco peneirada. Engadindo á acción do mar a do vento e do sal, en pouca latitude a da vexetación e da historia humana, teriamos as forzas que loitan neste obradoiro de formas sobre a rexa indiferencia da roca de gra, cerne valente, máis tamén diaclasado en grandes extensións.

Na segunda entrega fálanos da comarca de Carballino e nos di:

> O Carballino goza dun horizonte calmo, harmonioso e rico. E dunha vivencia, ö tempo enérxica e doce, a propia de ser da súa paisaxe. Nin a raxeira se fai bochornosa no cerno do mes de Santiago nin o toradon da neve fai de correr a rente do chan os fumes de xaneiro.(..) O Carballiño é tipicamente vila de bocarribeira—ou de beira de encosta—como A Estrada, A Cañiza, Trivés, Silleda...

E finaliza dicindo:

> Como vila e como paisaxe o Carballiño para nós significa o clasicismo na paisaxe de interferencias da bocarribeira galega do interior.

Otero segue co estudo e percorrido a través de paisaxes, como en ensaios precedentes, a súa andaina vai buscando explicacións aos fenómenos e formas que encontra, e que teñen explicacións nas accións dos elementos atmosféricos e xeolóxicos sobre paisaxe, el utiliza metáforas de elementos da vida para nomear as formas.

Ata aquí as dúas primeiras entregas deste ensaio. As que faltan son a terceira e cuarta. A quinta entrega vai sobre as serras da Galicia Oriental:

> Fonsagrada e Viana do Dolo son dúas vilas cabezaleiras da Galicia oriental, de serras esgrevias; unha o Norte, outra o Sur do asucamento e condición xeografica significada polo fondo do Sil.

De Viana do Bolo nos di:

> Viana e o seu arredor dende calquera dos vistosos miradores da vila. Os lombos dos montes descenden en podente se abundadas costas, rachadas nas súas raíces polo fondo val do Bibei que, pé do coto de Viana, se xunta co Xares.(...) Un circulo pastoral pechando a un labrego, e este á vila, e o seu acompañamento de hortas e terreos en abano: así se dispón a paisaxe de Viana, e mais co afundimento do val, que ergue o valor da consideración estratigráfica e inspira un método para estudiar os variados temas: posición central atraendo camiños, valor da xuntanza de rios, lonxanía do mar, grande proporción da economía pastoral, meirande importancia do inverno.

Otero nas súas reflexións atopa o método de estudio de accidentes xeográficos. É necesario ter en conta a configuración dos estratos ao estudiar un val, que vai a determinar a ruta e posición dos camiños, a confluencias dos ríos e a súa distancia ao mar, tendo gran importancia as sazóns e a bucólica vida.

A sexta entrega refírese a paisaxe de Viveiro e a súa comarca, e nos di:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Paisaxe de Viveiro é, por si, significativa, e tamén porque ela fai cavilar nas ultimas pontes dos ríos, no ponto máxico a que chega a marea e os barcos.

> Xúntanse os camiños e o ritmo das formas naturais conxerga na historia para crear fartas manifestacións de longa e fonda vida.

As formas da ria de Viveiro única polo súas praias e madurecido litoral. Dous sistemas, un o dos vales e outro os das ribeiras do mar.

> As costas do val organízanse en chanzos mainos, ordenados pola atracción do esteiro; e a influenciada marea, da onda vivente e regulada, ven a significar a pulsación, a forza vital da paisaxe, co sei mecanismo cósmico, cinguido co decorrer e sucederse das horas o dos tempos das colleitas e dos traballos.(...). E na paisaxe de Viveiro hai unha combinación de grandes reflexares mariños co esplendor verdecente do val e o espallar do río,

Aquí Otero, xa nos fala dos tempos e os ritmos na paisaxe. Que explicará polo miúdo no ensaio do ano 1954, sobre a paisaxe galega.

O último paisaxe é a do val da Mahía de Compostela ata Padrón, e os cotos da Barbanza. E nos di:

> Unha paisaxe da Mahía (Bastabales, Ames, Os Ánxeles, Casal...) ten que contar cos seguintes factores: o piñeiral, o lameiro, a nabeira, o coto, a ladea antiga. Dominan as formas de roda, de curto radio.. A Mahía desenvolvese como un calidoscopio de pequenas paisaxes ondeadas. De combas e cortiñas de roda.

Otero ten diante unha paisaxe ven coñecida, como toda a contorna de Compostela. Aquí recorda a Rosalía que tan ben dixo a paisaxe da Mahía.

Na octava entrega e ultima Otero xa introduce os alicerces dunha teoría. E moi importante que Otero nomea a Eduardo Suess e a súa obra: *Der Autliz der Erde,* que atopase na biblioteca de Trasalba, o que danos a orixe de algunhas das súas ideas xeográficas sobre a paisaxe como consecuencia da oroxenia. E nos di:

> A paisaxe galega resulta da polémica de crase e tempos xeolóxicos das forzas da atmosfera cun macizo de rocas cristalinas, e dunha conxunta polémica de séculos, inscrita sobre a primeira do home e de xeracións labregas sobre a mesma roca.

Otero na busca da súa teoría da paisaxe postula algunhas afirmacións:

> O Atlántico, como nivel de base, rexe e determina o variado e conxunto xogo das forzas erosivas. O océano determina a facies esencial e a historia física de Galicia.(...) O Atlántico chama pola Galicia, e a Galicia tende, faise cara o Atlántico, en cuxa veciñanza chega a meirande expresividade da paisaxe.

E sobre a estética da paisaxe nos di:

> A Estética da paisaxe usada e da que se fala non ten valencia filosófica, nin estética, nin xeografica. pois todo se reduce a imitanza das artes. E en xerga pictoricamente. E a paisaxe non se pode sentir así, nin como cousa rematada nin como fondo doutros devires.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E continúa coa afirmación:

> Hai na paisaxe a interferencia do tempo cósmico e do tempo humano. Na Galicia tende a ser dramática. Hai que estudala en cada val, en cada circulo do horizonte, ten as súas épocas. Tamén vai do Este para o Oeste medrando aquel dramatismo e expresividade.

E conclúe que as paisaxes pódense clasificar polo seu ritmo e para iso é preciso estudalas en todas as sazóns do ano. E remata o ensaio coa clasificación da paisaxe en tres idades:

> Antiga (dende a prehistoria á chegada desta sazón da vida nos vales), medieval (ou romántica: organización das parroquias, sistema do centeo e o viño) e a moderna (cultivo do millo, era barroca, pazos, etc.). Pódese engadir a modernísima: desenvolvemento do piñeiral; bruídos mecánicos, en a paisaxe da noite, triunfo de electricidade.

Temos que dicir que cando Otero escribe esa clasificación das paisaxes estamos en 1948. Sabemos que a electricidade completouse en Galicia nos anos 1960. E os feitos xeográficos sempre van parellos coas idades históricas. Pois veremos, como no ensaio sobre a paisaxe galega de 1955, Otero ten xa un pensamento máis madurecido sobre a paisaxe.

5.1.12. Ensaio sobor da paisaxe galega. (1954)

Foi en Trasalba en 1954 cando Otero escribe un ensaio titulado: *Ensaio sobor a paisaxe galega*, que publicou Galaxia no libro: *Cultura e paisaxe*[153] en 1955. Neste libro tamén escribiron sobre a paisaxe: A. Bonet Correa[154], Florentino Cuevillas, Amando Losada[155], J. L. Allue Andrade[156], Álvaro Cunqueiro e Salvador Lorenzana. Temos que dicir que este ensaio xeográfico e paisaxístico é quizais o máis coñecido e comentado dos ensaios de Otero. Foi estudado por lingüistas, filólogos, xeógrafos e profesionais que estudan a paisaxe. Nas referencias imos conservar o texto orixinal, sempre e cando non comprometa o sentido do texto e a súa compresión. Tamén facemos unha esquema ou guión na estrutura do texto, pois inxerín títulos de varios subcapítulos, que xa foron introducidos por Carlos Baliñas na edición de 1983, no tomo II das *Obras Selectas de Otero*, e que lle dan mellor compresión a este ensaio. Xa que, Otero no orixinal escribe de seguido diferenciando só os tres capítulos que citaremos. O ensaio comeza con estas palabras:

> Comezo cun sereno e grave gozo de ceo enneboeirado e mozas centeeiras iste traballo. Quixen donar a Galaxia a flor de meu pensar de home illado e camiñante enxamis desamparado da paisaxe e dos amigos galegos.

Estas palabras demóstrannos que Otero está na plenitude do seu saber xeográfico e da paisaxe de Galicia. Xeógrafo madurecido, Ten 66 anos. Exercía a Cátedra de Xeografía na USC. Foron seguramente os seus anos máis gratos e felices. O ensaio termina cunha exclamación:

> Ise ermo ditoso, sen traballo, dá idade de ouro inzada de froitos de luz, que todos levamos máis fondo ou máis lixeiro dentro de nos!

---

[153] O exemplar estudiado é propiedade do autor desta tese
[154] Historiador galego (1925-2020)
[155] Avogado galego (1908-1980)
[156] Físico e enxeñeiro galego (1931-2020)

Ourense, luns de Pascua, 1954

Este claro principio e final son concluíntes e lévannos a un contido xeográfico cheo de natureza, paisaxe galega que debemos mirar e ollar con sereno e grave gozo. Para Otero a paisaxe cambia coas estacións, e que se vivía naqueles días acompañado do calendario litúrxico. Pero no fondo de cada un é Galicia unha paisaxe ditosa que levamos con agarimo no máis profundo de nós. Imos tratar de resumir o esquema xeral deste ensaio. Vai Otero na procura dunha teoría xeral da paisaxe, reflexiona, analiza e define a paisaxe que mirou e viu polos elementos seguintes:

I Factores da paisaxe.
II Os tempos da paisaxe.
III As composicións e os ritmos.

5.1.12.1. Os factores da paisaxe

> A paisaxe componse de procesos e formas. Só a análise pódeos distinguir, e é precisión de método a vivencia das cousas, separalos a condición de xuntalos novamente na súa devalar.

Devalar palabra moi utilizada por Otero, palabra que é a mellor para definir ese alcanzar coa vista a paisaxe que manifesta a súa forma como fito no proceso como memoria.

> A historia é un devalar. E na paisaxe, en calquera paisaxe, con potentes ritmos ou apenas como ecoares e lembranzas, todo o devalar conxunto, único, cheo de paixón da Nosa Terra.

Nestas ideas, Otero, confirma que a paisaxe non é estática, pois ten unha historia en cada lugar, o que el chama *devalar.* Esa historia ten que facerse coas distintas recreacións ao longo do tempo.

> O método para entendemento da paisaxe ten que supor un senso e vivencia primeira do tempo. Elo para moitas mentes significa un esforzo e traballo. Como que non son poucas as xentes fuxitivas do tempo das rúas e das cidades para repousar na paisaxe imaxinada fora do tempo ou soamente rexida polo tempo cósmico.

A tese de Otero, dinos, que non se reduce unicamente á vivencia da paisaxe como repouso. E nos fala da paisaxe da ciudade

> Tampouco se pode establecer unha categoría de cidade, ou de rúa, a forma esencial da cidade, supoñendo as cidades como unidades esparexidas na paisaxe e nel envoltas. A cidade é unha paisaxe onde o factor tempo da historia humana, a prol da cultura, impúxose coa verdade ou con mentira aos outros factores, pero sen desbotalos enteiramente, pois os axentes cósmicos, o clima, as formas de vida vexetal, a roca no chan ou baixo del, seguen operando cada un segundo os tempos e fitares máis ou menos escurecidos e minguados, pero xamais do todo arredados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aquí Otero, como historiador e xeógrafo e habitante en cidades, sabe, que a paisaxe que ve e mira non sempre foi a mesma, nin o será. Isto é a base e o xerme da prognoses, diagnóstico e a análise territorial dos planificadores de hoxe en día.

5.1.12.1.1. A luz e o ceo

Para Otero a luz e o ceo son factores que nos definen paisaxes. O sol e a lúa dannos as cores da paisaxe. Algunhas composicións se ven con prismáticos e precísanse as xeometrías. O sol e a lúa mostran variacións nas entrañas da paisaxe e no noso sentimento e paixón ante o mesmo.

E resume estes conceptos cando nos di:

> E aínda se podería seguir cara atrás ou sucedérense dous tempos dous castros e dous lucus, dás régoas antigas e os adros dás parroquias.

Todo este ensaio que comezamos a estudar, as súas primeiras páxinas lémbrannos un concepto actual de paisaxe, que nos dá o Convenio Europeo da Paisaxe (2000) no seu artigo 1, o define como :

> Por paisaxe entenderase calquera parte do territorio tal como percíbea a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos.

Otero escribe en 1954 e fálanos do que vemos e miramos no horizonte. É son a súa cultura e oratoria, co o seu saber xeográfico, os que definen a paisaxe como un personaxe que nos chama e lembra os nosos sentimentos e desexos neste mundo histórico e cósmico. O Convenio Europeo fálanos de percepción e Otero do seu chamamento, que implica percepción, escoitar, preguntarnos que nos di, é dicir, sen establecer ese dialogo non hai paisaxe. Repito que Otero definiu a paisaxe sesenta e seis anos antes do citado convenio.

5.1.12.1.2. O horizonte

Dinos que se podería pensar que a forma perfecta e arquetipo da paisaxe sexa o horizonte. Pero que non é o esquema ideal, nin sequera o horizonte cerrado como o mariño, pois é un proceso e forma vivente, vivido polo espírito en todo tempo e lugar. E conclúe: *O horizonte é un termo e un chamamento.*

Para Otero se impón o valor do espazo. Pois hai curtos horizontes: un val, unha ladeira de montaña, unha ladeira en sucalcos, unha planicie, que sempre están dentro dunha forma superior: o xiro do horizonte, formas que se suman en potente liña de cores en ton agrisado, o gris horizonte.

Volve ao sentido do anel do horizonte, e dinos.

> Non só poeticamente está composto e mantido polos ollares e arelanzas dos homes e significa coa súa demarcación o desexo de choutar por riba.

E continúa dicindo que o horizonte non é xeométrico senón cambiante, curvas do terreo, esmalte azul ou violeta do ceo. E fixa as características do gris horizonte condicionado pola distancia. *É a suma das cromáticas vexetais e das propias dos tons humanos e históricos*. É un ton mineral, xeolóxico, que triunfa sobre o tapiz vexetal e xeórxico, Prosegue co horizonte mariño, *horizonte atlántico no que foron vividos no* recordo. Os ollos galegos

crearon horizontes libres da enorme sinxeleza da esfera, do cárcere xeométrico cun alento de recordo doutros tempos e formas. Significa un latexar en diferentes escalas e é a suma dun gris semellante ao horizonte terreo. Aquí atópase a comicidade do ceo e iso fai crecer a beleza das terras mariñeiras. Debemos pensar noutras relacións do horizonte. Habemos de ver liñas de horizonte. Pois somos herdeiros dunha cultura vivida conforme á nosa personalidade. As formas levámolas nós e conforme a elas interpretamos en cada momento do tempo, os procesos e os tempos do mundo da flora, que se acomoda ao o noso sistema de medidas e relacións. Pero non é completo. Diante de cada círculo segmento de paisaxe empréganse de novo nosas coordenadas. Cada quen experimentou e intuíu a máis amada das paisaxes: os seus tempos, a ordenación de formas, o seu perfil, e sobre todo o expresionismo das súas metáforas. Otero non entende a paisaxe sen o home sen a súa percepción e sentimento. E afirma*:*

> Pero cada un de nós leva consigo ou suco e lembranza dun horizonte Mestre e amigo, arquetipo e desespero, para nel facerse historia e novos horizon*tes*.

5.1.12.1.3. O chan rochoso

Outro dos factores da paisaxe é o "chan", a roca, ou sinxelamente a terra. *Podemos ter unha paisaxe cun anaco de terra nas mans*. Nunha pedra, unha pena, unha serra. Son granitos, gneis, xistos cristalinos. As calcarias son exfoliadas, creadas nas augas. As nosas rocas resucitan na luz como no recordo e nostalxia do lume onde se forxaron. É un chan de sedimento. Otero fálonos da Pena Corneira, do coto de Novelle, da cúpula de San Mamade. O Pindo, e di:

> As nosas rocas alentan na luz como lembranza e saúde do fogo en que se fixeron.

Márcanos a diferencia do chan de granitos e gneis así como o de pizarras e nos di:

> Os granitos e os gneis declaran sempre a lei da paisaxe, da tendencia a esfericidade. Compren mellor do que ningunha as condicións do horizonte. Compóñese en chairas abombeadas, en encostas de xigantes maquias de penedos, en unidades máis ou menos perto dese ideal de forma endexamais conquerido e endexamais esquecible, ordenase en medas ou serras alongadas como o cerrizo das vacas...
> En troques, nas pizarras e estrutura en folla engana. Sufriron estaxes longas, foron os seus elementos criados no fogo astral; as presións e movementos que so podemos intuírnos ergementos esgrevias.

E pon o exemplo dos Ancares e o sistema do Sil.

5.1.12.1.4.. chan agrícola

E outro factor da paisaxe e Otero di:

> O chan labrego fillo en variadas estaxes e maneiras do chan básico pola laboura da erosión e polo traballo dos homes.

O home caracteriza esta paisaxe polos estados e formas da vexetación. Que ás veces termina na roca. E non podemos esquecer a bravura dos conxuntos que se descobren nos pequenos procesos e figuracións desta paisaxe.

5.1.12.1.5.. O factor humano

Outro factor é o humano. E Otero di:

> Non se pode imaxinar a Galicia espida da tona vexetal que cingue á roca e a terra deica enteirar con elas unha pel sensitiva. Con ela vai a historia: a laboura humán enxergada como un intre do longo proceso e decorrer a prol dunha perfección.

Nos fala da poesía de Virxilio, como voz xeórxica para os mundos destas labouras. E volve a falar da historia:

> A paisaxe galega en cada arestoridade pódese definir como o degrau de inxerimento da liberdade e as súas obras do devir dos procesos das formas.



Figura 5.16 Paisaxe e Cultura. Galaxia 1955

E continúa constatando que en Galicia non podemos de ningunha maneira teorizar sobre a paisaxe "*natura*l". Pois foi máis que transformada, humanizada por cada labrego.

E nos di no paragrafo seguinte, de moi de difícil entender, e no que vou axeitar as súas palabras a normativa:

> Albiscar desde o alto, nunha tarde de chuvieira invernal, unha paisaxe de terreos planos e serras, ou escoitando na noite de cru inverno ou o inclinar a cabeza pola choiva e o ruído da auga nos sucos e canles, descóbrese o espírito, cun sentimento sublime, da traxedia das formas da historia ao estimar o leve da fina túnica cortada e botada pola historia sobre o planeta. Este tecido de labores do campo, de piñeirais, de camiños. Vese en aldeas, en vilas e cidades onde levántase a ilusión e a forma de vivir nos tempos que nos tocan.

Nesta última idea Otero recorre á historia para explicar os cambios que descobre e estuda na xeografía da paisaxe. A súa linguaxe é descritiva. poética, sentimental, chea de conceptos xeográficos. Quizais sexa esta linguaxe a que fai que os xeógrafos modernos, moi técnicos hoxe en día nos termos e conceptos utilizados polas aplicacións da xeografía, se esquezan da xeografía de Otero. Pois el ten conceptos elementais expostos hai case un século e quizás sen sabelo hoxe en día son repetidos pola xeografía moderna. Xaque as cousas poden ser que, sen ler na súa totalidade a obra de Otero, descoñezan conceptos que el anticipou.

Pero sigamos co ensaio sobre a paisaxe galega. Como dixemos, neste estudo predomina como concepto o estudo histórico sobre o paisaxístico, pero nunca por separado, pois Otero

USC DE COMPOSTELA

dinos: "*A historia camiña a unha estaxe de sometemento dá paisaxe*". É dicir, que o camiñar da historia está en liña e relacionada coa paisaxe. A historia relata o cambio de paisaxe pois todo redúcese a tempos e ritmos cósmicos. O día, a noite, o aire, o chover, as estacións, envolven como teóricas condicións o percorrer por exemplo dalgunhas cidades coa seu microclima. Esa historia tamén se manifesta nas formas xeométricas dos procesos xeográficos. A arquitectura, o románico o barroco son formas coa súa lei xeométrica. Que tamén debuxan os camiños, ríos e formas do chan.

Continúa Otero recordando a lei da chamada do Atlántico:

> Sendo unha lei no decorrer galego da chamada do Atlántico....Abrangue coa súa forza, chamando polos vales as augas, a enteiriza da Galicia.

En Galicia a natureza das paisaxes é chamada polo Atlántico. Lei xa explicada ao comentar outros traballos e ensaios xeográficos nesta tese.

5.1.12.2. Os tempos da paisaxe. Os tres tempos

> O noso tempo e máis o tempo do mundo. Pero debemos diferenciar desde o primeiro intre o tempo cósmico e o tempo da paisaxe. Quizais tratando do derradeiro estaría mellor posta outra palabra: "*decorrer, devalar, devir*."

Sobre todo a palabra máis utilizada por Otero na súa xeografía é *devalar* que nos define un concepto e un proceso continuo de transformación das cousas ao longo do tempo.

Na paisaxe debemos considerar sempre, en calquera lugar, tres tempos. O tres teoricamente contidos no tempo cósmico o proceso abstracto e matemático, de maneira semellante a como transcorre o tempo e o vivir espiritual que está rexido por categorías lóxicas.

> A tales canles do devir e os seus procesos chamarémoslles: Tempo planetario, tempo vital e tempo histórico. Cada paisaxe non terá valencia, será un flatus vocis, privado de calquera deles.

E dicir sempre o tres tempos, pero xamais coa mesma potencia. Os tres paralelos son inimaxinables, aínda nas paisaxes máis clásicas. Moitas veces é dificultoso sinalar os límites e ribeiras aos tempos que o espírito abarca. Pero a arte de examinar ou contemplar a paisaxe radica niso, e non noutra cousa, é acertar na primeira ollada coa lei dos tempos e os tons, os ecos dos ritmos e tempo transcorrido, a memoria da paisaxe as harmonías e as desharmonías. Otero pon os exemplos dunha gándara en Melide e unha rúa compostelá. E dinos que

> Si estudamos as composicións da paisaxe na nosa Terra: mariña, ribeira, bocarribera, montaña e serra. O tempo histórico está vivo nas ribeiras e bocarriberas, o tempo planetario nas serras.

5.1.12.3. Os ritmos

Tempos e ritmos suaves, rexios, apertados: *espondaicos*. Tempos e ritmos rápidos, con movemento, vivos no sentido de adiantar: *trocaicos.* Otero utiliza dous termos que designan dúas pés métricos na poesía clásica greco latina. O espondeo é un pé de métrica constituído por dous sílabas longas seguidas. E o trocaico é un pé de métrica constituído por

USC DE COMPOSTELA

unha sílaba longa e outra breve. Nuns e outros se manifestan os tempos: nacen, se crían, permanecen e morren as formas.

Como debemos de entender eses dous conceptos anteriores aplicados á pasaxe? É claro que está a definir máis os ritmos que os tempos. Pode ser unha metáfora. Translación do sentido recto dunha voz a outro figurado, en virtude dunha comparación tácita. Ou é unha metáfora continuada tan usada por Otero. A plasmación no discurso dun sentido recto e outro figurado. Isto podía ser case unha tese para a filoloxía. Estudar a cultura galega tal e como se manifesta en Otero coa súa lingua e na súa literatura, principalmente a través dos textos escritos, reconstruílos, fixalos e interpretalos. Pero aquí estamos para facer xeografía e estudar a xeografía do Pai da xeografía galega.

Otero leu con intensidade a Virxilio, que na súa obra: *Xeórxicas.* Cóntanos e informa acerca dos labores agrícolas, ademais de facer unha loa da vida rural. Explica o funcionamento das estacións do ano e das características climáticas. Estes conceptos están nas obras de Otero

Otero na súa obra poética: *Xeórxicas do pan*. redactada en verso da que escribiu tres versións. Desta obra habemos de contar cousas no apartado da xeografía na poesía de Otero, así das súas partes e contido.

Aquí só lembrar que, canto máis e máis lemos e estudamos a obra de Otero, temos que entendela como un todo. É moitas veces ao facer a crítica dos seus textos xeográficos faise difícil de esquecer outros. É quizais a bagaxe herdada do Patriarca das Letras Galegas. Pero sigo acreditando que a Otero léselle pouco e sen meditar os seus textos de forma concienciuda. E sobre todo sen a esencia da súa xeografía case como sentimento de amor á Terra.

Continuamos co noso discurso da clasificación dos ritmos da paisaxe en Otero, sobre os que nos di:

> Todo o problema da Ciencia da Paisaxe remanece da posibilidade dunha métrica dos seus ritmos. E as características de cada Terra de seu, como a Galicia, penden da lei de conxugárense os ritmos e os tempos.

E pon os exemplos de que se poden ordenar as paisaxes no movemento ao redor da cúpula dun monte, nas fileiras do curso dun río, nos estratos e terrazas dunha costa, ou nos arcos dunha baía. Coa presenza conxunta do tres tempos e a diversidade de ritmos e nos di: que *case non hai paisaxes puras*.

Volve á metáfora dos conceptos poéticos: *espondaicos e trocaicos*. Dúas silabas longas, e unha longa máis outra curta. Poderemos dicir, un en ritmo constante e outro variable. Un sen cambios e outro mudable. Ou un en cada estación ou outro no límite entre dúas estacións.

E prosegue dicindo que non podemos esquecer os ritmos *crebados*. Hai recordos, ecos doutros tempos, ruínas de formas de paisaxes. *A ruína rompe o ritmo, fracasa un proceso, que se afunde noutro ritmo e proceso.*

Para Otero as cousas suceden de maneira distinta nos horizontes dunha montaña, nas ribeiras dun río. E nas parroquias de montaña suxeitas a ritmos xeórxicos máis calmos, téndese ás terras do pan, máis lonxe, o monte, as carballeiras, o ermo da serra.

> Un anfiteatro de tempos de tónica planetaria enriba, de procesos de tempo vital e histórico no medio, deica dominar o derradeiro no cerne: ista podería ser a esquemática da parroquia.

Hai que facer un exercicio de crítica literaria e á vez lingüística para desentrañar moitas veces o sentido das palabras de Otero. Ese non é o obxectivo desta tese, pero si o tratar de interpretar os seus escritos xeográficos para atopar a súa xeografía. Ben, pois, dinos que,

nunha parroquia, como unidade vital no territorio, vense claramente os tempos e procesos que nos definen as esencias das parroquias desde o onte ao hoxe.

Continúa describindo os ritmos dun río, e dinos que, ás veces pódense medir coa métrica dun verso antigo. "*Na nosa Terra decorren ríos espondaicos, dactílicos, trocaicos"*. Como xa apuntamos anteriormente estes conceptos da métrica do verso clásico:

Espondaico - pé de dous silabas longas

Dáctilo - pé dunha silaba longa e dous breves.

Trocaico - pé dunha silaba longa e unha curta.

Que nos indican estes conceptos? Ritmos constantes sen grandes variacións. Dous ritmos distintos cun gran contraste, uns dobres dos outros. Dous ritmos, con grandes diferenzas. Na lei máis estendida dos ríos seguen en cada un aos procesos dos rápidos, novos, do ritmo e tempo planetario da serra; á liña máis doce dos vales de meandros, onde se conxugan e mesturan a vexetación e a historia fin, *pero na nosa Terra volve o renacer a frescura do tempo e ritmo planetario nas formas do curso de rápidos e novo afundimento, que rompe no curso final*. A idea é clara, está a describir o curso alto, medio e baixo dun río en Galicia. como exemplo, o Xallas.

A lei dos ritmos pódese estudar nas beiras do mar, e no vivir histórico das rúas dunha cidade. Si falamos dos ríos: os claros e rápidos, ou os que son espello da nostalxia de Galicia. En Galicia temos un sentir profundo da unidade do val. Os ríos co seu rumor dan voz ás paisaxes, a irmandade da auga e a luz por ser os ríos formas consecuencia das choivas e as formas das nubes. O val nace nunha montaña, discorre ás veces rápido outras amodo e como envellece ou rompe. En Galicia dous grandes ciclos teñen moita importancia os vales.

Temos o problema da harmonía das liñas e das formas das canles e do val. A auga no seu camiñar exprésase nunha sucesión de remuíños. Cada un traballa no seu lugar ou charca e a liña de todos se xunta en canles. A escultura da canle garda o movemento e o fluír do río. Esa graza de correr vese no Miño e o Ulla. Compáranse cos espellos. Os vales abertos e os angostos tamén mostran nos seus tramos costas e arcos de meandros e tramos rectos e canles nas súas ribeiras. O val pódese representar por unha liña que ten elementos dun tirso: o xogo das curvas ao redor dunha vara.

5.1.12.3.1. Os ritmos sazoneiros da madurez

> As montañas, a serra, non teñen sazóns. Donas aínda dunha forza da resistencia ou moles pasivas, case plásticas,..., impoñen, na súa pasividade, o método e estilo aos factores que determinantes as formas da paisaxe.

E pon dous exemplos: chover acariña as rocas por levar a auga a un repouso na súa superficie esférica: a do espazo. Pero a vexetación agarda a madurez e con ela os animais.

> Son os ritmos sazoneiros e os ritmos hebdomadarios[157] da vida e o reflexo, expresión e cumprimento do ritmo luminoso do mundo.

Otero nos fala do ritmo das estacións e os semanais na vida dunha *aldeia* calquera, Otero nos di:

> Podíase ensaiar unha definición da paisaxe: intre do decorrer do mundo na lei e acompasamento da luz.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[157] Semanal

Espazo de tempo no transcorrer do mundo na lei que se corresponde coa luz. Xa nos dixo Otero que a luz é un dos factores da paisaxe, o sol e a lúa xogan na paisaxe o papel da xeometría no pensamento. É claro que segundo a hora do día un mesmo horizonte presenta na nosa mente unha paisaxe con outros contrastes. Isto é o que, Otero achéganos con esa definición. Otero coa súa linguaxe metafórica sempre traslada o sentido recto dunha palabra a outro figurado. Facendo así unha comparación dos eventos xeográficos coa historia, co devalar.

5.1.12.3.1.1. O inverno

> Aconsellan os magníficos e calmos teoremas das composicións estelares de xaneiro. No inverno a luz fortécese, ascende...Nas carballeiras espidas, no tecido detona vexetal e xeórxica domina o esquema, mingua a instrumentación, reguladas as cousas polo tempo cósmico máis claramente do que noutras sazóns. Medra a pesadume das serras, aparece doadamente o releve a lei de escultura das formas.

Para Otero os horizontes grandes ou pequenos parécen máis pequenos ao interporse entre as formas as ordenacións vexetais e xeórxicas gandeiras. Nos cumes de neve esqueceuse o rumor da vida. Están máis potentes os ventos, os rápidos, o mar: sons de tema cósmico. Só o cheiro das follas do chan molladas, ao irse a neve do campo, expándense na paisaxe. Nesta estación é cando crece e ensínase o vivir cidadán, pois se esquece a longa noite das paisaxes de luz e os microclimas interiores. Conforme a lei xeral tamén nas cidades coa visión dos conxuntos urbanos e os xardíns espidos gobernan os ritmos da comicidade do inverno.

Nesta estación os labradores empregan a palabra: *invernía*: tempo envolto no mirar a choiva, o cal é estación e ritmo da expresividade atlántica galega con vento mariñeiro ou sen el. O chover rexuvenece. Hai no seu ser e na imaxe da auga unha alegría de mocidade de soño, de porvir e gran confianza. O chover concede sonoridade ás cousas e axuda a aclarar os ritmos representativos da paisaxe. "*O chover e a néboa ensaian, como en proceso imaxinativo, as formas dá paisaxe".* É dicir, a choiva e a néboa, que ao contemplalas espertan a imaxinación, descóbrennos as formas da paisaxe. Vemos aquí o que nos dixo moitas veces Otero, e nas primeiras palabras deste ensaio: "*A paisaxe componse de procesos e formas*". Que o paisaxe é precisión e método de vivir das cosas.

5.1.12.3.1.2 A primavera

Hai no nacemento das xemas nas plantas e no seu desenvolvemento primaveral sucesivas liñas que caracterizan o seu conxunto na Nosa Terra. E dinos Otero,

> Pedindo dispensa de antemán pola violencia que en materia tan doncel e afeitosa supón o esquematismo, podémolas sinalar así: preludio de ordenación cósmica, preparación do cadro xeométrico; ensaio de cor ceibe e mesura nova do mundo como recriado para o novo vivir; triunfo dos equilibrios da luz e dos verdes novos na forma cause achegada á delicia e gozo de perfección esferoidal.

Otero fainos a advertencia que non lle gustan os esquemas, isto é unha constante na súa obra xeográfica, pero sempre se poden extraer esquemas dos seus discursos e ensaios.

Aquí nos conta as características da primavera:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Inicio do orde das estacións.
> Se prepara un orde das formas.
> Un novo color.
> Os verdes son a perfección

A pregunta que xorde é como Otero non utiliza os esquemas como ferramenta de síntese. A primeira impresión é pola súa gran capacidade de memorizar os textos. Ao que podiamos engadir que no ensino da época predominaba a acción memorística. Sexa o que fose, esta forma de proceder é unha constante nos seus escritos.

É clara a utilización da metáforas e a metonimia. Estas fases non teñen criterios estritamente da botánica ou da bioxeografía, pois Otero utiliza nas súas obras conceptos agrícolas extraídos da vida da aldea e da observación das faenas do rural acompañados de certa oratoria descritiva. É dicir, primeiro hai unha lei universal que inicia a primavera, a sementeira dos campos as xemas e os brotes; logo defínense as formas das flores e os froitos segundo a especie; así chega o tapiz de cores; e finalmente as definitivas formas dos froitos case esféricos. En poucas palabras: sementeira, brotes, floración, froitos e madurez. Así é a beleza lingüística e literaria que utiliza Otero cun marcado carácter romántico e xeórxico. Para el San Xoán é o ultimo tempo da paisaxe estival. A primavera:

> Son días ou semáns de clara tela ou branco mármol ou albo papel de luz e formas para que a vida pinte, esculture e conte e cantigue, Vai broslar a primavera no claro bastidor dos marcos do horizonte.
> Os primeiros cantos dos paxaros afondan e miden e esfera da luz...Elo vaina beleza purificada dos días da Paixón nas paisaxes das cidades de pedra, nas campías raramente agromadas.

Aquí Otero dinos como outras veces, que o calendario litúrxico da Igrexa Católica marca a vida da aldea. Nas composicións mixtas dos bosques hai unha cor de vexetación aínda non verde pero case, é un gris rosa que teñen as rocas: a cor da adolescencia das cousas. É a luz que declaran as maceiras, as cerdeiras, os toxales. O ouro dos torques célticos, dos toxos loce en moitas estacións do ano. Pero o da primavera é potente na montaña e nas ladeiras, contrastando coas belas flores das xestas.

5.1.12.3.1.3. O verán

> O triunfo e enteireza do verán acugulado en pechas ordenacións das cousas, ten unha boa expresión no froito. Hai pasaxes e vilas, como froitos, aínda duros, pechos, cos pulos de verdecer e de coller forma.

E continúa falando de que porfían en roda os bosques, perfeccionándose segundo a lei de cada árbore. *A conciencia do froito e no seu estudo conforme ás variadas paisaxes, repousa o acertar ou non coa chave como forma de vida e da xeórxica*. Neste sentido chegou o millo para enriquecer a nosa paisaxe. Os piñeirais parecen indiferentes ou afastados, son unha invasión a súa altura de copas concéntricas, parece reducir o sentido da estación, establécese un novo ritmo e lei lonxe da variedade. Pero tamén o piñeiral reflicte o movemento da estación, non infunden na verde indiferenza as súas follas caídas, e non só cando florecen as candeas amadas de Castelao.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No verán viven con ordenada mestura vexetal as categorías cósmicas presentes no inverno e na primavera. Quizais se poden considerar como luz e forma traducidas á linguaxe da vida. Coa primeira rotura do outono xorde na paisaxe galega un factor novo, o máis parecido ao recordo. *O tempo xeórxico réxese segundo a lei que vai desde o sementar do centeo por San Xoán ás vendimas do final do verán coas diferentes ordenacións de froitos*. Non se manifesta só nas colmadas parras e nas veigas ben cheas de millo, e nas doces mazarías xa envolvidas na luz do outono. *Ten a súa simboloxía a semana da flor de cada formación vexetal. Vai rodeada cun tempo cósmico, unha particular luz, un tempo vital*. Nas castiñeiras, das que colgan os ramos cheos de ouro que sinalan o cume do verán. No verán son tamén os meses cando, as vilas aos ritmos máis se achegan ao campo e ao goce polos cidadáns da paisaxe, aínda que son ás veces panos de interpretacións tópicas.

> *5.1,12.3.1.4. O outono*
> É a estación sobre a que máis escribiu Otero, pois aborda o tema varias veces nos seus artigos xornalísticos, nas súas novelas e aquí neste ensaio. Era o seu tempo estacional preferido e o máis acorde co seu carácter, pois a melancolía, os recordos, a esencia da paisaxe debuxábase máis e mellor na fermosura dos outonos galegos.

Así dinos que:

> Tendo gabada a fermosura dos outonos galegos como sazóns desladoiras, máis do que as outras, do misterio da paisaxe percorrida pola lembranza, e das fundas e sutís relacións dos adeuses da luz e dos traballos.

Para Otero a característica astronómica do outono, está no acurtarse o día, no percorrido do sol, na nova calidade das sombras nos grandes cromatismos vexetais. Todo acompaña moi ben os significados da paisaxe outonal. Os froitos son despedidos ao caer no chan ata polo espírito ao estar maduros pola súa historia e por cerrarse as espigas do millo, os cerrados acios en flor do viño e os soles do verán, na nai terra das plantacións de nabos as tardes nos toxales e as de xeneroso chover. Na vida da natureza e no espírito dos homes, o descanso da enerxía e do traballo manifféstanse no desenvolvemento dos ritmos que parecen esquecidos. Neles van os fíos tecidos do recordo e o sentimento repousado, grave e relixioso no espírito, a festa de defuntos, novena de anímalas, os novos luceiros que se recoñecen nas noites, así diante da solaina do universo de frescura cósmicos e dos aspectos libres e vaporosos. Estes factores levan unha confianza moito menor na realidade.

> Íspense os arboredos, medran as noites, madrugan as xeadas, alónganse as choivas, aminguamento da xeórxica, medra a vivencia da orde planetaria, que ha de gobernar o inverno, e vai devalando a paisaxe en mainos tempos entre as cromáticas liberadas, as neboeiras imaxinativas, ou o desartellarse dos ritmos e procesos denantes harmonizados; cada tempo, diferentemente expresado e conxugado segundo as composicións xeográficas de mariña, ribeira, bocarribera, montaña e serra e tamén conforme as leis diferentes de espallamento.

Observamos que as estacións están definidas polas faenas do campo e a labranza, festas relixiosas e os sentimentos que a Otero acompáñanlle no seu vivir de cada día e mes. E

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ademais, dinos que son diferentes en cada unha das composicións da paisaxe, as cales define a continuación.

5.1.12.4.. Composicións e ritmos

"*Chama ou Atlántico, goberna os procesos e as formas*". Que nos di Otero con esta afirmación. Xa falamos nos escritos xeográficos desta lei. A metáfora de que nos chama o Atlántico é usada noutro sentido cando queremos contemplar a beleza do horizonte mariño. E é seguro que a temos no noso vocabulario. Pero cal é o sentido xeográfico. A seguinte idea de que o mar goberna, dá ordes aos procesos e as formas, é a clave xeográfica. Sen o mar as rías galegas e a súa costa non serían o que, e como son. Ese é o sentido da chamada. As comarcas da Galicia occidental teñen unha marcada pegada pola súa proximidade ao mar. E as orientais son fillas dos movementos impulsados polo mar. *Os seus procesos de formación e as formas que conseguen non poden separarse das accións do Atlántico*. Esta explicación está imbuída da linguaxe peculiar de Otero. Así, esta forma de expresións é en Otero habitual e hai que entendela partindo do sentido metafórico das palabras, pero buscando o matiz xeográfica.

Continúa Otero explicando as combinacións dos ritmos en cada unha das composicións das paisaxes. E que o sentido do ritmo pode ser a guía para chegar ao eixo e esencia do problema das formas. En cada paisaxe, cada un dos factores maniféstase cun ritmo propio, pero sempre hai un ritmo superposto aos outros. Aquí neste punto Otero dinos que:

> Aquí damos coa pobreza terminolóxica. Quizais chegamos a un tempo da perfección da ciencia de Humboldt e Ritter. Ten que descubrir a lei métrica do ritmo no devalar das paisaxes. E tema de fina e longo laboura. Precisa de moi requintados saberes de varios saberes dos procesos da natureza e os procesos da cultura. Nas paisaxes os dous procesos, danse xuntos , e xuntos han de ser mesurados nos fíos do seu decorrer.

Otero nunca tratou de facer unha ciencia pecha, varias veces aléntanos a seguir o curso da historia e dos posibles avances da xeografía e das ciencias que necesitan conxuntar os seus saberes.

Dános os exemplos da terra Cha, as ribeiras do Bibey e Xares, o val da ribeira do Avía. Compara Vigo con Santiago, pero di que esas comparacións son unha interpretación estática da realidade. Non é o mesmo unha praza de Santiago aos vales das Mariñas.

5.1.12.5. A escala de composicións xerais

Os factores da paisaxe delimítannos mellor o problema dunha clasificación das paisaxes. E propón as seguintes composicións da paisaxe*: mariña, ribeira, bocarribeira, montaña e serra*. Estes termos son os afeitos no falar e na sensibilidade galega. *O falar das xentes.* O menos usado é bocarribeira coa excepción do Miño central ourensán, Otero este concepto o aplica a outras rexións de Galicia, tal e como o fai na *Guía de Galicia.* Pasemos aos seus comentarios e definicións.

5.1.12.5.1 A mariña

> Na mariña os valores do cosmos e os propios do hemisferio significado polo Atlántico adquiren máis forza e xornaleira continuidade. Pódese non enxergar para o ceo, pero óllase de cotío para o mar. O mar significa presenza, mesura, comparanza. Medra e multiplícase a potencia individualización das formas da

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> terra diante a sinxeleza sen tempo do mar, que fai máis vivente o proceso e a forma do cabo senlleiro ou do arco conxunto da costa.

É dicir, na costa galega sempre son as formas costeiras o accidente xeográfico que máis a define.

> Pero o carácter primeiro e director da Mariña ven de ser nela onde rematan procesos e as formas da terra.

Os vales do Ulla e Umia na ría de Arousa son un exemplo de madurez, e cerrados en tempo acougado e ritmo elemental como o sector de San Andrés de Teixido. O que sabemos hoxe, que, os vales citados tiveron un proceso case rematado e na Capelada o proceso aínda está en evolución. Prosegue Otero,

> Na mariña descóbrense arcos de ritmos vivos e ritmos febles. Falamos do conxunto natural e histórico. As costas chamadas bravas devalan ritmos mainos a pesar da laboura de escultura das foulas e das mareas das mareas no Cantábrico e nos arcos ártabro-fistérricos, nos frontes da penínsulas do Arco do magnus sinus Groviorun ou Rias Baixas, no arco galego -portugués.

A linguaxe de Otero describe a paisaxe e as formas costeiras en función dese tempo xeolóxico e cósmico e o *ritmo de implantación dos vexetais que teñen un tempo histórico*. Otero non é xeólogo e non foi por camiños da xeomorfoloxía, pois así era o seu tempo histórico. E creo que, por iso, é ás veces esquecida a súa xeografía. Pero nela están as bases do que posteriormente os xeógrafos definiron con outras categorías e conceptos.

Continúa Otero cos vales inferiores conxugados coas Rías e os litorais das follas peninsulares interpostas que conteñen, e manifestan as maiores riquezas das formas e declaran os triunfos a expresividade dos poucos ritmos crebados. É o mesmo linguaxe co que describe a intercalación das rías e penínsulas do litoral galego que teñen o seu principio nos vales. E dinos:

> A frieira do Ézaro pe do monte Pindo, ou sé entre Finisterre e os Remedios teñen un non sabemos que imperfecto e turbado dous procesos, de non afitado non rumo deles, de confuso nas formas.

Aquí Otero marca unha anomalía que non sabe explicar. A fervenza do Xallas. Diso renace unha beleza. Dinos que as dúbidas son moitas na baía de Corcubión e Cee e a cabeza xupiteriana do Pindo. Este cume clásico levántase sobre dous, tres ou catro ritmos imperfectos da ribeira, seos dun estuario, unha gran ría, unha liña de praias, fracasados onde se mesturan formas vellas e outras novas, en busca dunha concordancia aínda afastada.

Vemos que conclúe falando da formación das Rías

> Non esquezamos unha condición: contense na vella doutrina de Ritchofen de que as rías son vales inferiores asolagados. Expresan, pois, unha longa historia de formas antigas envolveitas por outras...
> As formas e os procesos das rías non se poden entender sen os estuarios e os vales...
> É o val coas súas paisaxes quen devala na ría en tempos vivos ou en tempos mainos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E linguaxe coa que Otero explica a formación das rías, os estuarios, os vales e os movementos oroxénicos. E tratando de dar maior claridade sintetizo as ideas de Otero: O mar sen forma colle forma na ría. As rías pódense interpretar como un introducirse dos ritmos do océano, non contidos nun golfo, e dos ritmos da terra non contidos no val. Pois son arcos do litoral as grandes rías e presentan ao océano as soleiras de rocas antigas. E Otero móstranos a diferenza coa paisaxe dos golfos e os vales que levan a ter na desembocadura dun río. As rías son algo diferente polas características das rocas litorais. Prosegue Otero coa descrición das paisaxes das rías.

5.1.12.5.2. A ribeira

> Ribeira e val. Pode ser crebada fina, curta, no cerne das serras, o seu ser val cinguido co decorrer dás augas, a estaxe abrigosa e resgardada, e un seo de douzura, maina e mixturada xeórxica, bos camiños, fartura e graza.

Pois, con coidado e graza fala o aire cálido, nas alegres composicións de pontes e muíños, na sensibilidade dos bosques postos segundo os cursos das augas conceden, algunhas veces, de mal xenio, o aire da montaña ao home da ribeira. Toda as notas e matices anteriores son a vivencia da ribeira como terra do viño. No sur de Galicia a conxugación perfecta é: *Moita ou pouca ribeira, medra moito a ribeira, foi boa a ribeira*, son expresións que se usan de cotío, nun sentido popular e de repousada hermenéutica.

> Os conceptos de ribeira e río son parellos no sentido do discorrer e da xeración das formas. E así non hai río sen ribeira, ou algún tempo, o inicio e hastra arelanza dela.

Otero quérenos dicir coa súa linguaxe metafórica, que concede personalidade case humana ao río e á ribeira, que o curso dun río non sempre ten ribeira, pois na súa formación e no seu nacemento pode ser difícil identificar esa ribeira, pero sempre hai unha procura e unha tendencia a buscar a súa ribeira.

> Espreitada no conxunto devalar das formas, a Galicia manifféstase un intre, o tempo da historia humana, do cósmico ou planetario o decorrer dos procesos morfoxenéticos guiados polo sistema dos ritmos vivos das ribeiras chamadas polo mar.

Otero, como fai sempre concede aos feitos xeográficos unha vida case propia, fainos dialogar entre eles e achega prioridades duns sobre outros. É o mar Atlántico o que chama aos ríos que con formas e ribeiras debuxan a paisaxe. Dinos que,

> Vén de lonxe o proceso. Houbo un remozamento nos vales. As correntes de moitos ríos case non tiveron tempo de criaren e organización dunha ribeira de seu. Outras son correntes moi de tona, non afondadas. As ribeiras, como madurez dos vales ordénanse segundo a lei do decorrer unha métrica en tempos.

Dous grandes e espazosas ribeiras teñen o río Sil: Valdeorras e Quiroga, e dúas estreitas, afundidas: San Esteban de Ribas de Sil e a serra de Arnoia.

As claras diferenzas que Otero apunta nas ribeiras que el chama *espaciadas e as estreitas*. Os ríos de Terra Chá case non debuxan ribeiras.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Volvo neste ensaio de difícil lectura a normativizar as palabras de Otero: En cada río o seu tempo e curso ordénase segundo a lei das costas (a topografía), si é escoitado o seu chamamento para edificar as primeiras terrazas, e aproveita as terrazas nas terras de baixada, o que ten unha calma e bonita beleza. Non só na Galicia oriental, pizarreña, as ribeiras son deliciosas fonduras, como a do Xares do Bibey que en cotas de 800 metros e máis na plena serra ordénanse en pequenos e abrigados arcos. As ribeiras novas na montaña pouco cortada descóbrense na ribeira do mar. As ribeiras tardías do outono, madruga a primavera, ben tecidas as xeórxicas, de camiños cun sentido de luz e de sombra moi viva, mostran nos maduros e vivaces procesos e tempos paralelos no sentido do curso do val. Río arriba no seu curso pódese sinalar, reducindo o esquema, as seguintes características:

- curso lento de gran caudal.
- curso de ritmo forte na súa historia.
- curso en costa en terrazas ou non.

As grandes ribeiras desenvolven chans fondos e planos como no concello das veigas do Avía, en Rogodeigón e Camporredondo, e en Ventosela no Miño, ao pé do coto de Novelle.

Continúa Otero levándonos á catedral de Tui desde onde se divisan os cumes de San Xiao, Galleiro, Bubiño, Paradanta e os montes de Portugal que cerran unha rica ribeira de tempo vexetal, xeórxico e histórico, de ritmos fortes e procesos que chegaron á madurez. É un manto de boa terra, vigoroso e esponxoso, que cobre rocas, as canles en bancos de seixos cheos de piñeiros, ordenación de cultivos en bandas en tempo de nabos e parras, cuxa disposición asemella medir e rexistrar o transcorrer das formas do val e os ciclos estacionais, os pobos dispostos sobre asentamentos antigos coma se as vellas parroquias fosen ericas en flor, toda a composición vai chegando a un estado case perfecto, que se declara con maior verdade nas bebedeiras e mornos invernos e nas verdes e douradas tardes do mes de Santiago. Esta descrición do val do Miño en Tui ten o seu gran valor nas palabras textuais de Otero.

> Ou manto calcado de boa terra, rexa e mol, encubridora dous penedos; as canles afondadas en bancos de callaus inzados de piñeiros; a ordenación dous cultivos en bandas e tempos de nabeiras e parreiras, cuia disposición semella mensurar e rexistrar ou decorrer dás formas do val e vos ciclos sazoneiros; vos pobos novamente dispostos sobre vos antigos como llas vellas parroquias foran torgueiras agromadas; toda composición vai chegando a unha estaxe case perfeita, que se declara, coa maior verdade, nas calcadas e tépedas invernías e nas verdes e douradas sestas do mes de Santiago.

Pero como en todos os seus escritos xeográficos a linguaxe recréase con adxectivos que apoian as súas metáforas dos feitos xeográficos.

5.1.12.5.3 A bocarribeira

> Chegamos nista procura de lei nas formas ao concepto de bocarribeira. E iste un dos aspectos e composicións da paisaxe máis nosos pola graza e leda potencia da expresión, pola fartura e acompasamento das formas e os procesos en estaxes ráioas, vistosas, por seren a zona de contacto onde nin remata a montaña en facies duras nin morre supostamente a ribeira, pois entrambas se conxugan na gracia da síntese da bocarribeira.

En principio só os granitos vellos, non os fermosos e lucentes batolitos novos, coas súas solainas e cotos, afloramento de crebadas, chairas no nacemento das crebadas, costas suaves ben solleiras figuran ser a condición das bocarribeiras. E dinos.

> As mellores condicións para as paisaxes de encosta poidan atinxir ou degrau óptimo de bocarribeira son as tres seguintes:
> - pe de montaña ou montaña en esteso chao
> - val franqueado, madurecido en conteste ribeira
> - encosta en escada, con meirande inclinación nun derradeiro degrau sobre ou val e asucada en ritmo harmonioso por regatas das chamadas subsecuentes.

É dicir, pé de montaña ou a montaña na súa cima en penichán; cabeza do val, ben formado en contraste coa ribeira; ladeiras en escaleira con maior inclinación no último tramo sobre o val asucado en ritmo harmonioso por regachos que recollen as choivas. Temos dúas primeiras condicións que se dará unha ou a outra na montaña, e con ela as condicións do val. Así Otero cita varias zonas de Galicia onde se cumpre estas condicións: No val do Miño desde Portomarín, con maior desenvolvemento nos Peares, e nos vales do Arnoia, Xunqueira, Avía; no Sil en Valdeorras e Quiroga; na paisaxe da Mariña. No lugar de Abelanda ao pé de Castro Caldelas; nos vales das Rías Baixas; no Umia, no Ulla, no Lerez e pouco no Tambre. Nos vales do Cantábrico.

Estas condicións na definición do termo xeográfico: *bocarribeira*. Que sen dúbida foi introducido na xeografía por Otero aínda que el nos dixo, que era o *falar das xentes*. Debemos para a súa mellor comprensión representalas pola cartografía. E ademais para toda Galicia. Estou seguro que Otero ollaba e miraba o territorio na dimensión cartográfica, pois as súas descricións van seguindo a configuración que marcan as superficies que definen as curvas de nivel. Tiña o mapa no seu interior. Ou o tiña diante. Pero este empeño hoxe en día é posible conseguilo cos sistemas de información xeográfica (SIX). É a ferramenta para delimitar e marcar as zonas de bocarribeira e a elaboración de perfís lonxitudinais en varias direccións sobre os territorios que cumpran as condicións de bocarribeira. Traballo por facer pois non entra nos contidos desta tese.

5.1.12.5.4 A montaña

Otero considera á montaña un tema fermoso e apaixonante. Na noite, nas tebras, a montaña ten un cheiro propio, Tamén a xeometría das esferas debúxannos a súa escultura e formas. O sentir da montaña en cada rexión de Galicia é conforme ao relevo e a relación entre o mar e a liña de costa, ou segundo o criterio xeórxico e a colleita do viño. Segundo Otero nos define a montaña como:

> Terra de centeo, gando, leña, pobos raros, máis fresqueira do que quente, outa con relación á ribeira e á mariña, de ritmos sociais (históricos), máis descansados e arcaicos, non cultivadora de cepa, nin en xurdía proporción ou millo.

Polas leis dos procesos xeomorfológicos as montañas, teñen un carácter case chairo, esténdense en extensas chairas bombeadas de formas menos ricas que as ribeiras en costa, asucadas polos ríos que moitas veces tiveron tempo para crear ribeiras.

5.1.12.4.5. A serra

Para Otero as serras teñen diversas formas. No oriente son serras en forma de cúpula. As Medas, Pena Trevinca de:

> Estesos lombos alongados e traballo en fío de serra carpinteira dos vales asucados, os mais sen vagar para criaren estaxes de bocarribeiras.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Serras de extensas cúpulas alargadas e serras con vales cultivados onde nacen as bocarribeiras. E nos di:

.

> Os caracteres da serra son no tema xeórxico a falencia do millo; no vexetal, a dos piñeiros co desenrolo das ermanzas e gándaras, as augas ou dubidosas nas chairas ou pulantes nas encostas; no ritmo ou maiorazgo do factor cósmico, telúrico, co aminguamento da tona vexetal, o longo dominio do inverno, as formas labregas moi cinguidas, elementais e rexas con admirable beleza ética do acomodamento intelixente no traballo dos centeos, das patacas, no coidado do lameiro no vivir antigo, rexo, potente dos homes.

Aquí Otero describe a serra como zoas de labradío de millo, centeo e patacas, pois é terreo augacento onde tamén medra a herba nos prados e os arbustos.

E a modo de conclusión, pensemos que escribe en 1954, facendo un canto bucólico á cultura dos homes da ribeira e das bocarribeiras onde están as orixes da idade de ouro que todos levamos dentro de nos.

> Hoxe a nosa cultura é cultura de ribeira ou bocarribeira, Pero do mesmo xeito que en toda a longa requintada magnolia ou dourado verdecente retabulo da paisaxe galega péchase a forza durmiñenta do ermo, e en toda a cultura latexa a arelanza de voltar as orixes, o que as veces se equivoca coas chamadas decadencias, no espírito dos labregos e mariñeiros durme un amor ao cósmico e sinxelo da montaña e do mar. Cada outonía coas labouras ou cada sementeira co cuco facendo a critica e burla do suco mal guiado pola preguiza do labrador ou o eloxio cando enche a súa nota de chirimía de basílica a festa do equinoccio, gabando ao pretrucio madrugador co luceiro na orella a aos bois percorridos da impaciencias como o marelo das toxeiras da nordesía, os homes pensan, con relixioso respecto, comezaren a historia e piden perdón ao ermo. ! Ise ermo ditoso, sen traballo. De idade do ouro inzada de froitos de luz, que todos levamos máis fondo ou máis lixeiro dentro de nós!
>
> Ourense, luns de Pascua 1954

5.2.CONCLUSIÓNS SOBRE O ENSAIO SOBRE A PAISAXE GALEGA

Non podemos deixar de elaborar unha conclusión sobre o ensaio de Otero sobre a paisaxe galega. Este ensaio recolle unha teoría da paisaxe, sendo o máis completo e exhaustivo que escribiu Otero sobre o tema. Maila isto, non se estudou por outros autores nin no seu total contido nin con profundidade. Tan só fíxose referencia á súa clasificación das composicións da paisaxe en*: mariña, ribeira, bocarribeira, montaña e serra*. E ás veces, tratando de establecer que bocarribeiras só existen en Trasalba. O cal é descoñecer o concepto e non ler con xeito a Otero, que a define varias veces. Pois o concepto bocarribeira pódese aplicar a toda Galicia e a outras contornas, ademais é necesario e pódese facer unha cartografía das bocarribeiras de Galicia, xa que se descobren e delimitan aplicando o concepto de pendente acoutándoo sobre os vales e as montañas. É o espazo xeográfico entre as cabeceiras dos vales e o pé de monte. Ademais, este ensaio é como xa dixemos unha teoría sobre a paisaxe, eu atrévome a dicir que é unha teoría sobre a paisaxe galega, que ten que agrupase con outros conceptos máis elaborados pola xeografía posterior a Otero. A xeoloxía, a xeomorfoloxía, a climatoloxía, a demografía, a xeografía urbana, a bioxeografía, a xeografía política, o turismo e todas as ramas da xeografía actual. É un bo punto de partida para estudar a paisaxe e máis se o xeógrafo codifica a súa percepción partindo dos conceptos oterianos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Temos que descubrir que este ensaio foi e é o máis analizado e criticado polo o autor desta tese Recordo que foron case dez lecturas, e tres versións distintas as escritas, e aínda así de seguro que podían facerse máis. O resultado é un principio para entender a teoría da paisaxe de Otero, Xa que logo, esa é *a Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.*

Neste senso estou de acordo co xa exposto polo catedrático Carlos Baliñas Fernández, no seu libro *Descubrindo a Otero* (1991). Pois a conclusión que fai un filósofo ao falar da sensibilidade de Otero cara a paisaxe galega é a seguinte:

> Madía leva a literatura galega polo *Ensaio sobre a paisaxe galega*. Sen embargo, aquí como noutros puntos, un ten a sensación de que hai quen non se ten decatado de que as súas descricións paisaxistas baséanse nunha teoría. Non que fosen aplicacións da teoría. senón que está, máis asimilada que definida, funcionaba como condicionante tácito. Puido ter sido influído por Bergson. Poida que a inspiración viñera dos xeógrafos que o marcaron. Ou poida que todo viñese de proceder dunha familia que tiña un pazo e de que el mesmo era, anque tépedo, agricultor en exercicio e estaba dotado dunha sensibilidade case mórbida. O caso foi que elaborou unha *xeografía estética* que tiña por unidade de estudio cada paisaxe concreto na imbricación de xeo, vida humán e conciencia cultural.

Vemos que desde a filosofía se encontra unha teoría no *Ensaio sobre a paisaxe galega*, temos definicións, estrutura, clasificacións e leis.

En esquema a teoría a poderiamos expor na seguinte visión global da paisaxe en Otero:

O esquema reflíctenos o corpo científico que elabora Otero sobre a paisaxe. Parte da observación das distintas composicións: mariña, ribeira, bocarribeira, montaña e serra. Nelas descompón o territorio galego. Prosegue cos seus factores: horizonte, luz, chan, chan agrícola e o factor humano, que todos eles inciden sobre as composicións. Nesa paisaxe e en cada unha delas os tempos: planetarios, vital e histórico que influíron na súa formación e estado actual.

Pero a individualidade de cada paisaxe queda matizada polos ritmos: espondaico, dáctilo, trocaico; paisaxes sen grandes variacións, outros con pequenos contrastes e os outros con grandes diferenzas. Esas paisaxes sempre estarán acentuadas segundo os ritmos que impoñen as estacións. Esta construción que parte da xeografía física, compleméntase coa xeografía humana que ten raíces na historia. É unha construción vidaliana, pois é a xeografía francesa na que se formou Otero.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 5.17. Teoría da paisaxe en Otero. Elaboración propia

Os que estudaron a paisaxe segundo a visión de Otero, moitas veces valoraron as formas como composicións e os ritmos intercambiáronse cos tempos, o cal non veño a dicir como erros de concepto. Parto de que eses estudos foron realizados sen todos os elementos e conceptos xeográficos e paisaxísticos a ter en conta de Otero. Pero son dun valor necesario para chegar a comprender o que Otero quere dicir. A súa obra é unha construción vidaliana, e si esquecemos os eixos e conceptos de Paul Vidal de La Blache, non podemos interpretar a Otero. Para Vidal o obxecto da xeografía era a relación do home con natureza, desde a perspectiva da paisaxe concentrada no estudo da rexión. O home cos seus hábitos, costumes, que Vidal chamaba *xéneros de vida* que crean as sociedades. Para Otero o pobo galego co seu idioma, as súas formas de vida na aldea, coa súa organización en parroquias e cidades na rexión delimitada polo mapa de Fontán era o obxecto da súa xeografía. Sen esquecer os estudos doutras rexións do mundo.

E non podemos pedir a Otero outra cousa: estatísticas e gráficos, pois na súa época ninguén os consideraba ferramentas da xeografía, pero si observaba, estudaba e extraía as mesmas consecuencias e conclusións que podían deducirse dos números de medida e dos feitos xeográficos. Caso aparte, como dixemos é o pouco uso que fixo da cartografía como produción propia. Nos seus escritos xeográficos sempre facía referencia ao mapa de Fontán e pódese inferir que cotexaba as follas do mapa topográfico nacional a escala 1/50.000, pois existe unha ampla colección en Trasalba. Das cales debeu facer a oportuna lectura do mapa e de todos os seus signos convencionais: escala, curvas de nivel, toponimia, cultivos, vías de

comunicación e a rede hidrográfica. O relevo, que completaba cos seus coñecementos da realidade xeográfica polas súas viaxes e itinerarios de peregrinaxes realizados. Podemos dicir que Otero tería un sobresaínte na materia de lectura de mapas.

5.1.13. Clima espiritual, horas, sazóns e traballos de unha parroquia da ribeira galega no decorrer do século xix. (1956)

No ano 1956 Otero, Risco e outros persoeiros galegos deses anos tiñan unha forte vinculación con membros da universidade de Braga. E así, ámbolos dous participaron no *1º congreso de etnografía e folclore,* promovido pola Cámara Municipal de Braga. Pois ben, nas actas dese primeiro congreso publicadas en 1963 pola Biblioteca Social e Corporativa de Lisboa, Otero publicou un pequeno ensaio titulado: *clima espiritual, horas, sazóns e traballos de unha parroquia da ribeira galega no decorrer do século XIX*[158]. Podemos pensar que Otero participa neste congreso na súa calidade de historiador, e coñecedor da etnografía, pero na redacción do texto Otero aplica os seus coñecementos de xeógrafo. Pois logo, Otero centra o seu estudio na parroquia de Santa Cruz de Arrabaldo hoxe no concello de Ourense, pero naquel tempo situábase no concello de Canedo anexionado a Ourense en 1943, e con lindeiros comúns coa parroquia de San Pedro de Trasalba, el era ben coñecedor desa parroquia onde a súa familia tivo propiedades. O ensaio ten os capítulos seguintes:

> Prólogo
> Condiciós xeográficas da parroquia de Santa Cruz de Arrabaldo.
> Os logares antigos e súa distribución e avencellamentos.
> Algus trocámonos históricos no séculos XIX
> Os ciclos sazoeiros.

Otero nos di no prólogo que quere presentar unha visión da paisaxe, composición de traballos e folgos, clima familiar e social dunha parroquia galega no decorrer daquela centuria do século XIX. O estudo, moi sinxelo, establece liñas de traballo segundo as horas e sazóns, fai unha introdución xeografica e histórica. E nese prólogo nos di:

> Eu teño enxergado as viñas de cepa vella, das ilustres castes de caiño e a treixadura, vivín a cobranza dos foros de viño branco ou tinto, acabazado ou sin acabazar, no bico do lagar ou non, e asegun medidas xa non usadas fai tempo, e inda non esquecín os axóuxeres do cócache de cabalos do Carballino soando con ledo rebulicio, entre a néboa da mañán vindimeira por a ponte barbantiña.


Debemos sempre ter en conta que, cando fagamos unha interpretación dos escritos xeográficos ou sobre a paisaxe de Otero, que a súa familia eran propietarios de fincas de labradío, vides, soutos e monte. Logo el participou desas labranzas guiadas polas sazóns. Pois el relátao en moitas das cartas coa súa nai e amigos. E pode que sendo neno ou rapaz tiverá visto a cobranza dos foros.

As condicións xeográficas van marcadas pola situación da parroquia no centro do val do Miño, hai terrazas, bocarribeiras, terras de centeo sobre terras do viño. É unha ribeira pizarrenta e unha curta porción do granito. A parroquia é unha banda alongada conforme o senso do decorrer do Miño, que se ordena en tres bandas, a primeira crebada de granitos e pizarras de Souto do Río, a segunda cunha doce inclinación é onde están os feitos da vida,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

158 O texto utilizado atopase na biblioteca do Museo do Pobo Galego.

son os mellores terreos, lugares antigos, modernos e camiños mestres, a derradeira é a da beira do río, toda ela cuberta por terrazas estreitas.



CLIMA ESPIRTUAL, HORAS, SAZÓNS E TRABALLOS DE UNHA PARROQUIA DA RIBEIRA GALEGA NO DECORRER DO SÉCULO XIX

POR RAMON OTERO PEDRAYO

PRÓLOGO

O século dezanove, cas sua fonda trasformación dos alicerces da economía e sistema de vida foi sempre terréo escollido por as miñas cavilacións de mocifio e de estudante novo afeito os paisaxes das antigas viñas comestas por a filoxera, as lembranzas dos vellos pazos e dos antigos camiños ben trabados de laxes. Quixera presentar nas severas horas de traballo do Congreso de Etnografía de Braga unha visión e paisaxe, composición de traballos e folgos, clima familiar e social de unha parroquia galega no decorrer das décadas de aquila centuria... A parroquia, forma eixe, avencellamento antigo e vivente, anovado e fortecido a cada xeneración, siñifica na Galiza coma nas antergas e criadoras terras nais de Portugal a unidade comprexa do vivir social, e cido do esprito, o escenario e hourizonte ou paisaxe moral e histórico onde se compren os destiños dos homes. A historia, o ser de Galiza tócese do vivir das parroquias. Xeneracións enteiras non teñen saído de seu ámpido, e ninguna vida se pode enxergar, agás das eisistencias ciudadáns, lonxe das detrensiñantes impostas por a parroquia...

197

Figura 5.18. Actas1° congreso internacional de etnografía. Braga .1963

De un xeito doado a parroquia por a lei das formas ordease con claridade de abondo en tres franxas lonxitudinais, ben sinaladas e de acción transcéndente no ser e disposición dos pobos, nos cultivos e nos camiños.

A paisaxe destas tres bandas, segundo Otero, esta limpa, traballada pola erosión e ten ben encauzadas as augas polo val de Souto do Río. As encostas vístense de toxeiras e xesteiras, de morogos, sobreiras e carballos, case sen pinos naquel XIX. Cambios de cor, de formas, de economía. E teñen unha lei que as rexe:

De aiqui unha lei ou mensura en tres tempos das regatas: Un tempo maino, tranquío, entre dous rápedos, o da encosta penedosa, esporente, cas súas raíces e motivación xeolóxica e morfolóxica o ar, vixiante da erosión, penedo laboura escultora, e o da beira do río en materias moles, obedentes, pasivas, de feituras e ritmos mainos. Aseguran e métrica crásica do verso a lei das crebradas ou regateas afroentes é a do verso ca fórmula c-c .

No texto anterior Otero seguindo a teoría das formas da paisaxe, indica que temos un tempo de erosión xeolóxica, un trasporte no cauce do río e unha sedimentación nas beiras do río e quebradas. Na banda das ribeiras están cheas de viñas e hortas. Hai vida e fontes. Alí está a igrexa e as vivendas. Tamén temos un microclima, presenza de neboeiras, xeadas, e sol calmo dos invernos.

Otero continúa coa descrición dos antigos lugares e a súa distribución do espacio. Os Sistís co pazo de Ramirás, os do Val, Alén, Souto do Río, Casa Nova, Porta do Prado, Outeiro, A Granxa, Arrabaldo, Casardomato. Hoxe a estrada nacional N-120 Ourense-Vigo construída en 1863 é o eixo da parroquia sobre as terrazas do Miño. E o ferrocarril de Ourense a Vigo de 1881 perfora con túneles o norte da parroquia. Conta Otero os señoríos que posuían terras na parroquia. O máis grande era o monástico dos Bernardos de Oseira no lugar da Granxa. Outros eran da lonxana terra do Deza. As grandes casa eran a de Reinoso, a de Ramirás, e a de Somozas. Entre os fidalgos, a súa familia, os Sotelo de Trasalba e Vilar do Monte, e Goldar. A parroquia foi afectada polos cambios da desamortización, decadencias dos señoríos e fidalgos aldeáns e as enfermidades das viñas de 1852 a 1855. Fálanos da *tenda* que chegou a Arrabaldo. E nos di que a parroquia era do concello de Canedo, anexionado a Ourense en 1943.

Otero se espalla máis no seu relato ao cantar os ciclos sazoneiros que chama *cursus.* A vendima na que axudan os homes da montaña, as castes de uva de cepas vellas de garnacha,

caíño, treixadura, vencéllao, as parras que eran baixas. A vida nas adegas. Otero describe as labores na viña durante todas as sazón do ano. A mantenza do gando coa rica avea. Os salgueiros. Afrauta do cuco. No inverno a moenda nos muíños. E remata dicindo como era a cobranza dos foros.



Figura 5.19. Lugares de Santa Cruz de Arrabaldo. MTN 1:50.000, folla 187, ano 2007

Os foros eran pagadeiros no *bico do lagar*, ou por o San Martiño. Usábanse medidas antigas e dereituras. Uns eran pagadeiros na casa do dono ou do señorío, ou no lugar acostumado que o millor era un pardiñeiro, un lagar ou adega esquecido e envolto nas herbas bravas. Outras eran cobrados por o señorío nas adegas dos pagadores, Había diferentes costumes e formalismos. O pagador espreitaba con anguria disimulada como pra encher as olas, cabazas netos de renda había de lle dar un *baixo* ou máis *baixos* a pipa. Algúns foros e costumes daban licenza pra garda afastada das outras pipas, ou pipote co viño de renda.

No decorrer do ano non hai na ribeira semana nin apenas xornada onde non se compra algún traballo na viña ou na bodega. Dende a filoxera teñen demudado de abondo as cousas, e xa nos días de arestora comeza un xénero de industrialización do cultivo e da colleita.

Así as cousas, preguntei ao profesor Augusto Pérez Alberti, pois esta parroquia é a orixe da súa familia, se Otero lle fai xustiza á paisaxe da súa xuventude. Esquecín a reposta exacta, máis de seguro lendo este pequeno ensaio, el recordou lembranzas de neno, pois creo pensar, que alí está a orixe da súa vocación de xeógrafo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.1.14. Temática y estilos del paisaje actual de Galicia. (1969)

O Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento no ano 1976, na serie de Cuadernos de Estudios Gallegos, publicou un ensaio de Otero que ten data en: *Trasalba. Viernes Santo, 1969*. E que se titula: *temática y estilos del paisaje actual de Galicia.*[159] O ensaio está escrito en castelán e ten os capítulos seguintes:

> Ante la invitación y misterio del paisaje
> Pasión de valles jóvenes y blanco temblor de abedules
> Lenta progresión de formas
> El Sil heroico y geórgico
> La orla cantábrica y la síntesis ártabra mariñán
> Bergantiños y el Tambre
> Paisajes del Ulla y Arosa y las comarcas sometidas a su atracción
> Tierras ordenadas por el valle del Lérez y la ría de Pontevedra
> El mundo de las "medas· centrales orensanas
> El Miño central orensano
> El Miño tudense y final y sus articulaciones montañosas

Xa vimos ao estudar no ensaio de Otero de 1954 titulado: *Sobor a paisaxe galega*, os factores, os tempos, as composicións e os ritmos, como elementos da paisaxe galega. Pois logo, este novo ensaio sobre a temática da paisaxe actual de Galicia (1969) vai a introducir os elementos procedentes de aquela obra en unha comarcalización da paisaxe galega, e comeza así:

> El paisaje fluye según diversos ritmos, a veces difíciles de distinguir, si no lo contemplamos y sentimos con verdadera y agradecida emoción. Aunque podamos concebir y de hecho vivamos paisajes nocturnos, es la luz normal para el hombre de sensibilidad educada, por el instinto o la cultura, no al rendido a morbideces subyugantes, la que enciende la fina palpitación azul de las sierras de occidente vuelta en el otoño violeta casi angustioso, juega en la gris soledad de la robleda invernal, acentúa la gracia de las jóvenes playas rubias y la lívida tristeza de las playas muertas, pesadillas fantasmales en el horizonte.

Penso que quizais nun madurecido concepto da paisaxe, Otero indícanos que a luz é a que fai posible a paisaxe e as súas formas. E segue sendo un misterio esa invitación a ter unha paisaxe diante de nós. Son exemplos, os verdes das vides, as esculpidas montañas, as augas azuis, os grises das rocas, e dinos:

> Los más hermosos valles de Galicia se abren, generosos, colmados de adioses e imposibles deseos hacia occidente como hastiales de los templos, las solanas de los pazos y el mirar siempre anhelante de los marinos. En cada paisaje intervienen los ritmos naturales y humanos. De lo contrario no existe paisaje. La sensibilidad y la experiencia los gradúan. En las rúas compostelanas -- la ciudad es tan paisaje como la llamada campiña -- se impone el ritmo histórico.

Neste ensaio é moi difícil recoller cales son os parágrafos esenciais, pois temos unha chea de conceptos teóricos que en ringleira semellan un campo de millo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

159 O orixinal utilizado neste estudio se atopa na Bilbioteca do Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento.




Figura 5.20. Cuadernos de Estudios Gallegos.1976

> En cada valle y cuesta bien cultivados los ritmos se confunden, marchan paralelos, se cruzan, se muestran según las estaciones y las horas. Al compás de las densas lluvias, cuando la montaña es un formidable órgano pulsado por el invierno. El ritmo planetario domina.

Son os conceptos e leis xa estudiadas. O senso dos tempos e os trocos das sazóns son elementos fundamentais da paisaxe. E aínda máis nos di Otero:

> Una adhesión de raíz, amor y recuerdo del hombre a la tierra por el hombre elevada una trascendental categoría, vuelven más prolijo y rico de temáticas el "suceder" en el paisaje gallego. El término en su acepción bergsoniana nos parece irreemplazable.

Aquí Otero nos descubre o seguimento da filosofía do premio Nobel de literatura de 1927, Henri Bergson, (1859-1941). Na biblioteca de Trasalba temos libros deste autor. Sería cousa de ver e estudiar polo miúdo de que xeito as ideas de Bergson, sobre a conciencia, a materia, a memoria, a evolución creadora, a enerxía espiritual, o *élan vital*, a *dúre*, teñen un fío na filosofía paisaxista de Otero. El nos di que pode ser. Pero deixemos a cousa para os filósofos, aquí o xeógrafo só pode confirmar a admiración do xeógrafo polo filósofo. E prosigue no ensaio:

> El ojo, el tacto, el oído, el recuerdo, se emplean en la captación de cada paisaje gallego con la finura de la auscultación, el interés de la lectura, la caridad por recibirlos ecos y ruinas de paisajes cansados o vencidos, la pasión filosófica de sentir complejos y variantes, tremendas diferencias y estrechas amistades, en los factores del paisaje, cuyos elementos como el hombre en su labor cultural, tienden a la expresión nunca conseguida de la forma perfecta.

Logo na paisaxe atopamos os ruídos, a choiva nas arbores, o golpe dos ourizos no chan, o trotar dos cabalos nas serras, os ventos, o cheiro do centeo, o ulido das augas dos ríos, dos piñeiros.

Otero neste ensaio ten unha visión máis xeomorfóloxíca da paisaxe, o seu pensamento xeográfico vai conformando unha síntese dos procesos xeolóxicos, pois atopa paixón nos xuvenís vales de NE galego. Alí a verdadeira serra xurde como illa o en forma de arquipélagos sobre a vaguidade da montaña.

> En cambio, la Terra Chá, en una amplia acepción de alto Miño lucense significa el ritmo lento, la suave ondulación de las alturas, la tendencia a las aguas estancadas, claros espejos donde se miran los blancos y finos abedules.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Otero comezou polo norte da provincia de Lugo, as serras, a chaira do Miño e busca unha lenta progresión das formas na Terra Lemos.

> Obtiene la tierra de Sarria, desglosada, como un fruto aún verde de las sierras esquistosas, profundos acordes de cortinas de sauces pautando la pereza glauca de los prados. El tiempo geológico de bancos de rocas apiladas que un río puro y de admirables silencios corta como el filo de acero un grueso tronco, caracteriza el valle de Samos. (…). En Lemos la casi unidad morfológica de la penillanura se matiza en machones de gándara como recuerdos de Limias y cerros esculpidos y libres cuyos flancos decora la viña. El río Cabe expresa un larga, lenta y perezosa, entre saucedas muy sensibles a los otoños y los breves torrenciales, la originaria y la epilogal en hondo cañón sinuoso hasta conjugarse al Sil. Sil y Miño.

Otero continúa coa paisaxe humanizada da marxe dereita do Miño. Alí o Faro de Chantada, as carballeiras no Deza e Trasdeza, Tabeirós e Dozón, Ao Leste o Caurel. Son un espallado de aldeas. E de alí a o pai Miño chega ás bocarribeiras ourensáns. Para Otero o río Sil é heroico e xeórxico.

> Las aguas circulan en lechos excesivos de cantos. Se confunden las ruínas de superficies geológicas mordidas y destruídas con las gigantescas obras romanas de minería. Es el fluír una indecisión no juvenil. El río entra Galicia cerca del enorme apilamiento de arcillas cárdenas deshuesadas, a lo lejos la ilusión de fortalezas doradas por ponientes, de la Médulas

Despois chega o maino ritmo de Valdeorras e Quiroga, temos conos de sedimentación, vides nas ribeiras. Tamén xuvenil erosión dos vales de montaña ata a desembocadura no Miño.

Volve Otero á orla Cantábrica e á síntese ártabra da Mariña.

> De todas las formulaciones paisajísticas de la costa cantábrica gallega de la de máximo interés histórico-geológico es la llanura de abrasión de Reinante, la playa más bella y evocadora, la de los Castillos de Vivero, como en el mismo contorno el estuario del Landrove, las más bellas plásticas costeras, la finura de Estaca de Bares las grandezas de numen vencido del cabo Ortegal.

O país do Eo, Figueras, Castropol, Vagadeo e Ribadeo. Moi rica terra, emigración que volve e sementa chalés na paisaxe.

> También Galicia esculpe muy bellos valles cantábricos. El del Masma es profundo y matizado. Entre montañas lentas, de curvas de gran radio, orladas en sus flancos de espesas robledas, se ahueca con un huerto de la leyenda de oro de los monasterios románticos, al solar de Mondoñedo. (…). En Luorenzá el valle se abre en perezosas cuestas de eucaliptus y finos castaños a luz cantábrica que, en la ría de Foz, (…), la bellísima llanura levemente ondulada del Valadouro - o valle del oro -, (…). El valle, dominado por la fuerte y legendaria cumbre de la Frouseira, (…). La viva dinámica se muestra en el valle del Landrove. Cae entre densos bosques y solo al final estuarios y descansos parciales, preludian la ría de Vivero, bajo la alta y peñascosa cumbre del Penedo do Galo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Prosegue Otero vendo un forte horizonte do monte Cadramón. A ría de Ortigueira e o cabo Ortegal. Logo vai ao litoral da provincia de A Coruña. E dinos:

> Todo lo abrupto y grandioso del Norte coruñés - sus sierras duras anudadas en picos difíciles, su desolación y predominio de facies geológica con sus surcos consecuentes y subsecuentes de jóvenes valles se aprecia en la sierra Capelada y el Santuario de San Andrés de Teixido.

O cabo Prior de colores grises e cárdenos de rocas con frontes feitos polo mar, cun algún areal de gris tenro e a ría de Cedeira de azuis entre lentos areais.

> En el hemiciclo casi teatral, extenso y prolijo, de las Mariñas se combinan según las leyes precisas y generosas de forma, cuestas soleadas, profundos y articulados estuarios, penínsulas y tómbolos, trozos de costa brava, ordenados por cuatro rías inscritas en arco abierto y firme, intensamente pobladas y trabajadas por una historia secular. Las composiciones del paisaje se rinden a la imposición y gustosa ley del óvalo.

Vemos que Otero fai unha descrición do golfo ártabro, coas rías de Ferrol, Ares, Betanzos e A Coruña, nas que a forma de cada ría marca as varias composicións da paisaxe, son catro óvalos. Nos ven a dicir, que as composicións de: *mariña, ribeira, bocarribeira, montaña e serra* teñen como orixe os procesos xeolóxicos que dan as consecuentes formas. E logo, temos una lei das formas que debe terse en conta ao ver e mirar as composicións das paisaxes.

Otero describe a beleza de Ares, Cabanas e Pontedeume, o río Eume o longo esteiro do Mandeo, Sada, a ría do Burgo e A Coruña. E nos describe a comarca de Bergantiños e o río Tambre, e nos di:

> Todo o Norte de Galicia obedece a un ritmo lento de penillanura vencida, con surrecciones, a veces imprevistas. Quien busque el tema y la tónica de sus paisajes no puede olvidar el rejuvenecimiento de la red fluvial y la presencia de ecos y rotos acordes de la antigua estructura.

Otero nos fala desta costa de graves promontorios rochoso e xuvenís cuncas fluviais orixinadas polas oroxenias da historia. Estamos na comarca bergantiñán, o río Anllóns, a ría de Corme, a praia de Baldaío, Malpica, as torres de Mens, as illas Sisargas, o cabo San Adrián.

> Todo el NN. de Galicia hasta el cabo Finisterre - o más precisamente el monte Louro, entrada de la ría de Muros - ofrece graves paisajes.

Laxe e as súas praias, as furnas, o verde Vimianzo, mámoas, os penedos de Traba, o río Castro. Camariñas entre cabo Vilan e a punta Buitra, o tómbolo de Muxía. o cabo Touriñan, cabo Fisterra, A comarca do Xallas, o cumio do Pindo. Ría de Cee e Corcubión. Comarcas de Dumbría e de Mazaricos.

> El rumbo de la costa nos lleva en la proximidad del Monte Louro, al mundo de muy diverso acento de Las Rías. Es apenas posible acercarse a la entrada de su belleza sin recordar los grandes y expresivos valles con ellas articulados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O do Tambre coas pontes de Sigüeiro, Maceira, Portomouro e Ponte Nafonso. As gándaras interiores de Curtis, Sobrado, Mezonzo.

> Una Galicia de valles, plenos y modulados se inicia en el Tambre y triunfa en el Ulla y su enorme pero medida riqueza de formas. Entre ambos valles se alza Santiago de Compostela.

Otero continúa coas paisaxes do Ulla e Arousa e comarcas sometidas á súa atracción. Qué quere dicir Otero cando fala da atracción en xeografía como unha das leis esenciais na temática das formas. Xa dixemos ao falar da xeografía no capítulo II da *Historia de Galicia* (1963) que Otero fai un ensaio de dúas leis, unha delas é a lei da atracción occidental en Galicia. E ven a dicir que as formas de feito teñen un impulso que se inicia na tectónica e do pasado dos ciclos oroxénicos. É dicir, os vales do Ulla e as comarcas da Arousa teñen orixe nesa atracción do pasado oroxénico da ría de Arousa.

> Alcanza la invitación del profundo surco del Ulla muy alto en las vagas montañas y gándaras del S. coruñés, del O. lucense y las sierras enlazadas con el Faro de Chantada y la profusa Tierra de Montes.

O autor fala da vila feudal de Monterroso. O castelo de Pambre. Ao NE as Penas de Ambarria ruínas de formacións xeolóxicas. Temos fortes contrastes nas ribeiras, arxilosas da gándara de Meire, o río Furelos. Ao fondo Compostela e os vales do Sar e o Sarela. Padrón, Iria Flavia. Torres de Oeste, Catoira.

> La bahía o ría de Arosa, es la mas grande de Galicia, se tiende entre dos formas peninsulares, cuyas características deben ser señaladas para penetrar en el sentido de sus márgenes. A la derecha la fuerte, alta, variada Barbanza, rica en términos de montaña y gándara sobre fértiles y deliciosas riberas.

Están os concellos de Noia, Outes, As montañas de Fruime, Porto do Son, Corrubedo, a illa de Sálvora.

> En cambio, el tendido agrícola Sálnes, ovalo gentil entre el Lobeira sobre los términos de Villagarcía y el fuerte y rugoso Castrove, recorrido y pautado por la suave corriente del Umia y su cantar superficial, ofrece colinas de suave labra, fina entraña blanca envuelta en verde de pinares, a veces suelta en perfectos bloques.

O Ulla ten a súas atraccións segundo as marxes. Os vales da Camba, do Deza, Lalín, Trasdeza, Tabeiros, Cuntis.

> Si nos encontramos alguna vez en el ineludible compromiso de contestar a la pregunta de cuál será la más hermosa villa de la costa gallega no vacilaríamos en responder: Cambados.

As grandes praias de Ribeira, Palmeira, O Grove, a Toxa, Vilagarcia, Pobra do Caramiñal, Rianxo e a illa de Cortegada.

E neste tempo do ensaio cóntanos o seguinte:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Es posible que el lector se fatigue de una nuestra insistencia en llamadas de niveles de base y dinámica que podemos decir, geográfica. La creemos necesaria si se quiere obtener una verdadera interpretación y sentido del mundo profundo, sutil e intimista hondamente enlazado con nuestro ser, el paisaje.

Logo vemos, que Otero neste ensaio fai necesaria a xeografía para interpretar a paisaxe, que ten unha alma intimista e preto do noso ser. Así as cousas, temos un gran agarimo do xeógrafo, polos horizontes, as campiñas, os montes, as xuntanzas de vexetais. Como xa se ten dito, un xeógrafo das paisaxes. E vai a evocar as paisaxes do Lérez.

> El Lérez traza su curso en pura entraña de granitos, ahonda en meandros hundidos y ofrece a lo largo de su valle un rehundimiento característico. Parece complacerse hundiendo su filo y sierra en la entraña de la roca, dejando los bordes altos del antiguo valle en niveles y promontorios donde se instalan los pueblos y las iglesias.

> Alí están as vilas de Cerdedo, nun val gris de roca compacta nos altos en diáclasas en arquitecturas de ovoides. Cotobade de vales profundos e cumios moi debuxados, con bosques de carballos. Moraña de moi antigas carballeiras e novos piñeirais

> Lo intenso y al mismo tiempo calmo del vivir humano en la costa de las Rías sólo se acelera superficialmente con el gran impulso viajero de la corriente de los caminos. En el paisaje es necesario la constatación del hombre y su sombra. En la montaña gallega aún el viajero suscita ecos dormidos. En los valles y riberas siempre es temporal la impresión de la corriente pasajera. Queda, presente, dueña de su noche y su huerto, la tranquilidad lograda en la vida social y familiar como en la morfología natural del ritmo en las mareas sobrepasa la acción de las tempestades. Estos principios pudieran ayudarnos a comprender y definir la significación de Pontevedra.

> Pontevedra. Horta, xardín, estuario. O monte Castrove que é limite do Sálnes. A vide en parras con esteos de branca pedra, ringleiras de millo.

> Una palabra pudiera servir mientras no madura la difícil definición perfecta: retablo. En variadas escalas todo el paisaje gallego — como el vivir de las antiguas aldeas sujetas al ritmo de las estaciones de la iglesia y el natural de las cosechas — tiende al expresismo inspirador de tímpanos románticos y los retablos barrocos.

Este concepto de *retablo* no eido da paisaxe, ou *retabular*, foi estudado por Otero no seu ensaio: *A aldea galega no seu decorrer histórico*, publicado en 1965 no número 5 da revista *Grial*. A paisaxe froito da terra e das accións do home no territorio teñen un espírito que reflicte ese senso de retablo en toda Galicia, herdanza das costumes que a Igrexa deu ao home galego.

Deseguido Otero vai a ensinarnos os contrastes das paisaxes das Rías Baixas. O Sálnes grandes praias como a Lanzada. Un Morrazo rochoso. A de Vigo con uns óvalos de Redondela, o estuario de Ponte Sampaio. E nos conta a calidade e beleza das Rías Baixas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> La belleza y por tanto la individualidad de las Rías Bajas se aprecia en función de la dinámica de las mareas y los vientos que influyen en el juego reflector de las aguas y las calmas y poderosas formas.

Remata Otero este parágrafo sobre as Rías Baixas recordando a Ferdinand Freiherr von Richthofen quen formulou a teoría de que as rías son vales inudados. E toda esa paisaxe ten o seu final en Baiona e a desembocadura do Miño.

O ensaio pasa ás terras queridas de Otero o mundo das Medas centrais ourensáns.

> Al sur del Sil, al Sur y Este del Miño orensano, un poderoso y alto grupo de sierras de forma cupulares muy rebajadas, naturaleza granítica y esquistosa, enlazadas por altos y desolados montes a otros sistemas zamoranos y galaico-portugueses de parecida estructura

É un mundo onde están a Cabeza de Meda, a serra de San Mamede, a Cabeza Grande ou de Manzaneda, e a de Queixa, que ofrecen horizontes coas cima en arcos. Son pendentes liviáns, con campiñas de soidade musgos e matogueiras. Alí nas barrancas bidueiros, amieiros e carballos.

> Las formas se multiplican en *outeiros* o colinas, en cuya estructura, es grato seguir el proceso de descomposición de una grande y pura unidad peñascosa. En verdad cada bloque es la formulación de la teoría de las sierras y las líneas guiadoras del ataque de la erosión evocan los trazos valles.

Alí aldeas de Queixa e Chandrexa, vilas como Montederramo. A neve en Manzaneda. Paisaxes de Trivés cheas de castiñeiros. bosques do Invernadeiro. Chegan os encoros. Comarca de Molgas. Terra de Maceda e a de mosteiros de Celanova. Polo sueste A Mezquita, Viana e o Bolo, Sanabria e Tras Os Montes. Monterrei e Verín.

E do Pai Miño nos di:

> Cada tramo de los tres en que se distribuye con propios ritmos y paisajes el flíir del gran río gallego aparece presidido por una vieja ciudad, romanizada y episcopal: Ludo, Orense y Tuy.

Describe Otero o Miño centroso, dende Peares ata Filgueira no concello de Crecente.

> Es la región de los valles minuciosos, las bocarribeiras de densos cultivos, bien poblados de aldeas, los chaos altos, tendidos hasta el pie de las sierras. (…) Ambas riberas, antes de Rivadavia se conjugan en admirable llanura surcada por claros ríos. Valle casi constantemente labrado en granito, con algunos manchones de esquistos y grandes formaciones de arcillas y arenas, en bancos lenticulares y en colinas antiguas dada la erosión y el lento hundimiento del río. Todo el paisaje en cierto modo fluye. Alternan tramos anchos en arco de círculo y tramos estrechos.

Xa o dixemos ao comentar outros parágrafos deste ensaio. Que Otero debe ter diante o mapa de Fontán, ou outra cartografía. Pensamos que vai lendo un mapa, ou a súa memoria percorre o couce do Miño... E escribe...

Continúa falando das vilas nas ribeiras do Miño, e tamén os horizontes lonxanos: Ribadavia, Barbadás, Sobrado, San Cibrao das Viñas, Dozón; as serras de Martiñá, O Faro de

USC DE COMPOSTELA

Chantada, a Magdalena, o Paraño, o Faro de Avión; e os queridos chaos de Amoeiro. Recorda o mosteiro de Oseira, o río Barbantiño e a vila de Maside. Carballino. O couto de Novelle.

> Ricas bocarribeiras enmarcan el profundo Ribeiro cuyo tema geológico de grandes formas ovoides se tiende a veces en calmas orillas pratenses – como lugar del camping de Leiro -- , pero en conjunto aprieta y precisa en minucioso trabajo artístico del labriego, las viñas ciudades como jardines, las huertas de ilustres frutales, los pueblos enmarcados en las alturas para aprovechar en el viñedo el rico suelo y vigilar la extensión de los glaucos pámpanos, los finos cipreses ceremoniosos de los pazos, las aldeas fragantes del otoño al aguardiente recién alambicado, las revueltas del río y sus altas y trémulas alamedas.

Volve ás vilas e aldeas preto do Miño. Pazos de Arenteiro, Beade. Os montes de Pena Corneira, San Torcuato. O río Arnoia. Castros de Trelle. E a desembocadura no Atlántico, o Miño tudense e as súas articulacións montañosas.

Otero neste ensaio vai pousando a súa mirada sobre a paisaxe que se debuxa no mapa de Fontán, fica nos accidentes xeográficos e nos fitos sobresaíntes do relevo, dándolle valor ás metáforas con adxectivos da dinámica xeográfica. Termina no cabo Silleiro o arco das Rías Baixas. E o Miño galaico-portugués. Que comeza no concello de Melón, A Cañiza, Cortegada, Arbo, As Neves, Tui.

> La tónica del bajo Miño no remonta de manera perceptible los valles afluentes. Dos de los principales muy característicos retoman el Tea hasta el seno de las sierras graníticas.

E volve sobre Mondariz, Ponteareas e as gándaras de Budiño.

> El río Louro bordeado de ricas tierras, en franja intensa lateral, declara una formación moderna, sedimentaria, Se piensa en la posible y fantástica Ría por los grandes aluviones del Miño colmada. Estas hipótesis generan un método de observación y precisión de los paisajes… Desde Tuy y Valença un fino caso dual en la inflexión geográfica, elrio fluye entre finas alamedas y saucedas, a veces dejándose emperezar en largas islas transitorias con sus verdes manojos de hierbas fluviales,

Todo neste ensaio nos leva a un romanticismo poético e madurecido dun xeógrafo onde os conceptos xeográficos chegan a un alto cumio da expresión literaria, que danos esa visión oteriana dunha xeografía en galego e cun gran agarimo das verbas do noso idioma, para poder dicir de Galicia e cos seus fillos: *a Terra Nosa*. E remata Otero dicindo:

> Preside el Santa Tecla, pagano y penitencial, un Facho como en el umbral de una total trasposición de los paisajes gallegos en devenir de puras, trasparentes, nunca mimadas imágenes.
>
> Trasalba. Viernes Santo, 1969.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.1.15. Galicia una Cultura de Occidente. (1975)

Nunha carta datada o 16 de xaneiro de 1976 en Ourense, que Otero remite ao seu amigo Sebastián Martínez-Risco, solicítalle que o represente ante a editorial Everest de León, que vai publicar o seu libro titulado: *Galicia unha cultura de Occidente*[160]. Pois Otero está delicado de saúde:




Figura 5.21. Galicia una cultura de Occidente.1975

> Sabes que por riba dá miña definitiva tristura estou case tolleito dás pernas e mal ando pola casa, apoiado nun pau.

Debemos lembrar que Otero morreu o 6 de abril de 1976. É dicir, que a obra titulada: *Galicia unha cultura de Occidente*, que se publicou en castelán pola editorial Everest en 1975, ben puido ser a derradeira de Otero.

O seu índice reflicte a visión de totalidade da *xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.* Unha xeografía feita pola descuberta da paisaxe seguindo o exemplo do horizonte que vía e miraba desde a solaina da casa de San Pedro de Trasalba. Mariñas, vales, montañas, serras, ribeiras e bocarribeiras. Composicións da paisaxe, formas, tempos e ritmos. Así diante do mapa debuxado e cartografado por Domingo Fontán Rodríguez. Galicia unha cultura de Occidente.

VARIACIONES EN EL PAISAJE
El mundo del patriarca Miño.
Paisaje del alto Miño.
Lugo
La ofrenda románica de San Esteban de Ribas del Miño.
El solemne Miño central.
Dos valles característicos.
Paisaje del Miño galaico-portugués.
Los temas del Sil.
El mundo de montañas de los afluentes del Sil.
Los grandes valles orensanos.
La montaña lucense y la costa cantábrica.

EL LITORAL GALLEGO DEL OESTE Y SUS GRANDES VALLES AFLUENTES
La comarca de Ortigueira y la costa desde Estaca de Bares al cabo Priorio.
Magnus Portum Artabrorum.
Paisajes del doble arco ártabro-finistérrico.
El Tambre y sus paisajes arcaicos y originarios.
El mundo finamente matizado del valle del Ulla y sus afluentes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

160 A obra utilizada no estudio é un exemplar propiedade do autor desta tese

Melide y Arzúa.
La Ulloa montañosa de múltiples aguas.
Camba, Deza, Tradeza y Tabeiros.
El trazo armonioso del valle.
Compostela, el Sar, Arosa.
El Salnés y la ría de Pontevedra.
El Lerez y los valles centrales de Pontevedra.
El morrazo y la ría de Vigo.

FIGURAS Y MOMENTOS DE LA HISTORIA DE GALICIA.
El problema de los orígenes considerado en un paisaje.
El Medulio y la torre de Hércules.
Prisciliano, el primer gallego de nombre universal.
Los Padres de la iglesia gallega.
Los Reyes de la lengua cabellera.
Ante la pérdida de España.
Lugo, la Basílica de Santa María y la Exposición continua del Santo Sacramento.
La catedral de Orense dedicada a San Martín.
La Compostela de las peregrinaciones.
La Compostela de la Edad Media.
Don Diego Gelmírez.
La floresta inspirada de los cancioneros.
La ojiva y sus aspiraciones y desarrollo, o el arte ojival en Galicia.
Los pugilatos feudadles del siglo XV por el dominio y la explosión justiciera de los irmandiños.
El poniente en el Obradoiro.
La Compostela y la Galicia Neoclásica.
El P. M. Feijoo y Montenegro." ciudadano libre de la república de las letras".
El Padre Martín Sarmiento, erudito y precursor.
La Guerra de la independencia.
Las guerras carlistas.
Nicomedes Pastor Díaz o el romanticismo.
Rosalía de Castro, el género lirico de Occidente.
Murguía, el Patriarca.
Eduardo Pondal. El Bardo.
M. Curros Enríquez. El vate justiciero.
Doña Emilia Pardo Bazán.
El canónigo López Ferreiro.
Ramón Cabanillas. "O poeta de raza".
Castelao.
La palabra de la generación NÓS.

COSTUMBRES, LEYENDAS, TRADICIONES, ARTE POPULAR.
La vida, la muerte, y el más allá.
Geórgica y bucólica.
Los productos fluviales y el mar.
Fiestas y costumbres según el ciclo anual.
Algunas notas sobre las ciudades gallegas.
Las tres ciudades episcopales remontando el Miño.
Cinco estampas compostelanas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Breve recuerdo de la constelación de villas gallegas.
El "Pazo" símbolo de una existencia armoniosa, colmada, feliz.

Foi necesario transcribir todo índice, pois se o primeiro e segundo capítulos son de xeografía da paisaxe, o terceiro é de historia e o cuarto de etnografía con algúns conceptos de xeografía humana. Esta obra que creo está ben clasificada nas obras sobre a paisaxe é merecente dun profundo ensaio, aínda non feito, pois nela Otero Pedrayo, co seu dicir literario e poético cheo de lirismo fálanos de xeografía, paisaxe, historia e a xeografía humana da súa terra, Galicia. Descríbenos as variacións da paisaxe galega seguindo as augas do pai Miño, as terras das ribeiras do Sil, as serras de Ourense, a montaña lucense e o litoral cantábrico. Fai outro xiro polo litoral galego do oeste e os seus grandes vales afluentes. Tamén nos deleita coas figuras e os momentos da historia de Galicia. Finalizando coas costumes, lendas, tradicións, e arte popular. É a mellor síntese de xeografía, paisaxe e historia de Galicia, que sen dúbida debía difundirse e dar a coñecer máis do que se fixo e se fai. Esta obra é o cumio dun xeógrafo e poeta que amou á súa terra, Galicia. É sen dubida *A xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.*

5.1.16. Introducción al paisaje. (1976)

Foi nos derradeiros días do paso pola terra de Otero Pedrayo, cando estaba case no prelo o libro: *Los Gallegos*[161]. Libro que tiña como director da edición ao profesor Gustavo Fabra Barreiro, que tamén non chegou a ver publicado o libro. O libro editouse por edicións Istmo. E podería dicirse que polo seu contido estamos diante dun retrato de Galicia e dos galegos en aqueles anos. Xeografía, historia, etnografía, demografía, economía, arte, literatura, linguaxe, cultura, dereito, e a imprenta en Galicia. O dito, unha aproximación á realidade e historia de Galicia naqueles días. A obra escrita en castelán é un conxunto de trece textos de especialistas en todas esas materias. Entre eles está Ramón Otero Pedrayo, que abre la edición cun texto titulado*: Introducción al paisaje.* Este texto é un dos últimos escritos por Otero Pedrayo, pois publicouse cando xa estaba no alén dos ceos. O libro ten outros capítulos: *La Sociedad y la Economía,* por Valentín Paz-Andrade. *Historia Política*, por Xosé R. Barreiro Fernández. *Cultura Material y Espiritual, por* Xesús Taboada Chivite. *La Lengua*, por Francisco Rodríguez. *La Literatura*, por Basilio Losada Castro. *El Arte,* por María del Carmen Pena. *La Cultura Científica,* por F. Díaz- Fierros Viqueira. *El Derecho,* por Manuel Iglesias Corral. *La Religión y la Iglesia,* por Andrés Torres Queiruga. E a *Bibliografía*, por Antonio Odriozola.

O texto de xeografía, ou máis ben de ciencia da paisaxe ten a estrutura seguinte:

Introducción al paisaje
Galicia litoral
Los sistemas de valles
El sistema Miño-Sil
Montaña y bocarribeira
Caracteres y relaciones de la sierra.

Tendo presente todo o dito, estudiado e investigado nesta tese, podemos inferir que Otero Pedrayo neste texto fai un concluínte esquema da xeografía de Galicia. A paisaxe e a tese

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[161] O texto orixinal utilizado é propiedade do autor da tese.

xeográfica, esa xeografía é un sistema que amalgama outros sistemas: o litoral, os vales, os ríos, os montes e as serras.

O texto iniciase así:

> Galicia país occidental, península o casi península atlántica, -- hay en su estructura y despliegue al Oeste una especie de anhelo incumplido --, de arcaica formación geológica -- granitos y esquistos cristalinos --, envuelta en clima húmedo, decorada por densa y continua vegetación en cuya urdimbre se combinan en ciertos paisajes, de manera armoniosa, especies nórdicas y especies mediterráneas, dotada de una población hondamente adherida al país, por ella cultivado y trasformado en un mundo de profundos paisajes cuyo valor espiritual se trasluce a cada momento en la poesía y el arte popular, pide para él leal tratamiento de su "rostro geográfico" la aplicación de un criterio que no excluya lo trascendental ni olvide en ningún momento su secular e intensa humanización.

Paisaxes húmidos e cheas de vexetación, territorio antigo dunha cultura de país occidental diferenciado, que ten valor de seu, berce dun pobo. E máis abaixo dinos:

> Para un examen un poco metódico debemos obedecer a la ley general de la modulación del paisaje gallego en litorales, valles, cuestas y montañas. De ésta, de la montaña, es una variación, en general poderosa y solitaria, la sierra.

Da Galicia litoral confirma a formación das rías segundo as teorías de Ferdinand Richthofen, e fai un percorrido e descrición dende a desembocadura do río Eo ata o cabo Silleiro. O sistema de vales, das Mariñas, do golfo Ártabro, de Bergantiños, do Tambre, do Ulla, e Pontevedra. O sistema Miño-Sil, A paisaxe dos tres ríos. O Bierzo, Fonmiña, cos vales diferenciados fértiles ribeiros e bocarribeiras. A montaña en Ourense de 100 a 170 metros de altitude, no interior entre 300 e 800 metros. E Otero Pedrayo volve a definir a bocarribeira:

> Estas tierras intermedias entre el ribeiro y la montaña, dispuestas en cuestas o llanos ondulados y disfrutando, como diría un humanista clásico, de los dones de Baco y de Ceres, es decir, del vino y el pan, se conocen con el nombre de bocarribeiras.

E as serras teñen como características e relacións:

> A partir de los 800 metros puede hablarse de sierra. En general la sierra surge como poderoso archipiélago en la extensión de la montaña.

E remata este ensaio co resume seguinte:

> En conjunto el paisaje gallego opera sobre la cultura y sus motivaciones de un modo suave y sedante. Pudieran ser estudiados procesos colectivos o individuales. El fruto sería prueba de la callada influencia del medio perfeccionando en lenta acción, los perfiles --, lírica, saudade, intuición, anhelo de lo trascendente -- característicos del espíritu gallego en sus más elevadas concepciones poéticas, así como el sentido del humor, nacido quizá del contraste entre la belleza de los bienes del mundo y la fugacidad de los ríos de la vida.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Otero Pedrayo además de xeógrafo, tamén se sinte poeta romántico, un xeógrafo anovador, e pon en descuberta o estudio de procesos xeográficos que nos levan ás paisaxes con ese devalar polo mundo da xeografía. É sen dubida a xeografía que Otero fai nos seus últimos dias na Galicia, unha xeografía da paisaxe. É *a Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*,




Figura 5.22. Introducción al Paisaje . Istmo. 1976

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO VI

NOVELAS. BIOGRAFÍAS. POESÍA. TEATRO E CONTOS DO XEÓGRAFO

6.1. A XEOGRAFÍA NA LITERATURA DE OTERO PEDRAYO

As descricións dos escenarios nos que se desenvolven as tramas literarias poden ser imaxinarias ou espellos dunha realidade vivida polo autor. En Otero conxúganse estas dúas opcións, pero as máis das veces insire os seus personaxes nos seus recordos e paisaxes vividas. Iso se, pero trocando os nomes dos lugares e dos protagonistas. Nesta investigación vou usar a estratexia empírica que considero como a máis axeitada para interpretar os textos, e realizar a análise dos datos de forma precisa. O Dicionario da Real Academia Galega define o término análise, como: *separación das partes dun todo para coñecer os elementos que o constitúen.* Aquí non imos realizar unha análise gramatical e filolóxica ou de estilo do texto, máis ben, se quere atopar o contido das ideas expresadas e o carácter xeográfico das mesmas. A análise de cada obra, ou documento, esixe unha lectura total para enfrontarnos ao esquema unitario, e posteriormente unha segunda lectura selectiva adaptada ao espazo do traballo proposto e sobre todo relendo os capítulos que teñan un marcado xeito xeográfico. Establecemos así un método intensivo despois dun extensivo. Para conquerir o noso obxecto: a xeografía de Otero nos xéneros literarios por el cultivados. Imos analizar cada capítulo seleccionando palabras, frases e parágrafos, que por si sos ou en base á frecuencia de aparición nos sirvan de base ás conclusións. A análise do contido, segundo Berelson[162] (1952), é unha técnica de investigación que pretende ser obxectiva, sistemática e cuantitativa no estudo do contido manifesto da comunicación. Podemos inferir a teor do anterior que pretendemos ser obxectivos, sistemáticos e cuantitativos.

Pero debemos de ter en conta cal é o discurso do autor, de Otero. Profesor de xeografía e historia no instituto de Ourense e de xeografía na cátedra da USC, que ten a costume e a teoría e método da observación dun xeógrafo, así en toda a súa obra, ademais dos ensaios puramente xeográficos e paisaxísticos, xa estudados, están as súas novelas, artigos, teatro, o conto e a poesía que están mollados de xeografía, a xeografía de principios e mediados do século XX, moi descritiva e vidaliana. Ese é o matiz que unido ao espírito romántico de Otero nos situaran para facer esa análise xeográfica da súa literatura.

Temos que dicir que, a obra de Otero, ou mellor dito a xeografía de Otero, está chea da toponimia galega. Mergullarse nesa etimoloxia que estuda a orixe, historia e significación dos nomes dos lugares, non é cousa pequena para un xeógrafo sen a axuda da filoloxía. É cousa doutros devalares máis alá desta tese.

Aquí non imos entrar nos aspectos gráficos, morfogramaticais, nin nos aspectos léxicos, propios doutras ciencias como a filoloxía. Pero si nos aspectos teóricos que sendo xeográficos eran utilizados polo autor, pois os tiña como xeógrafo anovador e investigador. Habemos buscar a interacción entre a xeografía e a literatura co humanismo romántico de Otero no contexto do concepto das xeohumanidades, sen esquecer a conexión coa xeografía clásica de Humboldt e Vidal de La Blache, mestres de Otero.

Ademais, podemos dicir con Yi-Fu Tuan[163] que entende a topofila como "*manifestacións específicas do amor humano por un lugar*", pois ben, é certo que Ramón Otero Pedrayo

[162] Sociólogo estadunidense (1912-1979)
[163] Xeógrafo chinés (1930-2022). Libro Topofilia. 2007

amaba, e así o escribiu, un lugar: *A Terra, Galicia.* A obra de Otero é xeoliteratura e ten unha xuntanza e conexión entre o espazo vivido e a súa produción literaria.

Todas e cada unha das obras literarias de Otero teñen algún contido xeográfico. Cantas veces nos falou do mapa de Domingo Fontán, a Carta Xeométrica de Galicia. É por iso, que eliximos en cada xénero literario aquelas obras que nos achegan con maior extensión e profundidade conceptos xeográficos e paisaxísticos. Nelas a xeografía é a paisaxe, que as máis das veces son uns personaxes máis. Ademais de describir os lugares onde a acción ten lugar, tamén están as sensacións que os protagonistas das súas obras experimentan coas súas vivencias na contorna do seu vivir. Todos os comentarios e análises a realizar sobre a xeografía contida nas obras literarias poderían entrar en grandes explicacións, pero a análise que imos facer é obrigada, é suficiente para deixar claras as implicacións xeográficas e paisaxisticas das obras literarias de Otero.

Desa relación entre literatura e xeografía xa tiña falado Otero nun pequeno artigo publicado no xornal: *El Pueblo Gallego* de Vigo, o domingo 29 de maio de 1932, titulado: *Mapa literario da Europa,* que comeza así*:*


EL PUEBLO GALLEGO

OPINIONES

CURSO DE GOBERNANTE

CONSELES

MAPA LITERARIO DA EUROPA

SE INAUGURO AYER EL CONGRESO DE ABOGADOS

UN INCIDENTE QUE OBLIGA A ABANDONAR EL SALON A JIMENEZ DE ASUA. SERRANO BATANERO SE PEGA CON DIAZ DEL MORAL

FRANCIA Y ALEMANIA

Figura 6.1. El Pueblo Gallego. 1932

> Non teiman istas liñas dibuxare o cadabullo dun novo eido da seara estesa da Xeografía. Aínda que fora doado e cecais lexitimo o facelo obedecendo as paralelas metódicas, coidamos non haber razón para esmiuzar cun criterio máis a sufrida pelexa grande Mai da Terra. Soamente procuramos fixar a atención encol do nacer das formas literarias do espírito nun cruce de camiños que, xornalísticamente e hoxe con actualidade crecedeira, é merecente de calcada e renovadora meditación.

Otero nos introduce nun comportamento que tivo toda a súa vida nas horas de poñerse a escribir, pois segue o exemplo dos seus mestres. No artigo nos falada virtualidade do poema épico da Divina Comedia, das paisaxes das Lusíadas, no verso homérico da Eneida. Esas literaturas nacionais contra formas de imperialismo. E di:

> Poderíase imaxinar unha sorte de sindicalismo literario que enfeixe os poetas, da mar, da melancolía, da bohemia, do agro, ou da rúa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E nos recorda a Homero, Dante e Goethe como figuras de unha tradición de arela nacional. E na *Hespaña*: Baroja pasea nunha paisaxe vasco, Galdós habita en cidades, Azorín en Castela pechado nas súas páxinas, Barres na paisaxe Lorenesa, D`Anunzio no Abruzzo, Xosé Courad no mar Índico. Todas as terras teñen humildosos poetas. E remata o artigo:

> Encol do mapa animado procuremos a simpatía dos que deron voz as terras, e estilo as linguas do agro e do mar.

Vemos que na literatura os escritores teñen algo de xeógrafos. Pero Otero é o xeógrafo, e sabemos que ten moito de escritor de historias cousa moi axeitada no Otero que imos descubrir.

A novela é un xénero literario no que as máis das veces os seus autores introducen feitos e personaxes das súas propias vivencias e biografías. Das novelas de Otero Pedrayo os estudosos da súa obra apuntáronnos que, plasmaba nos seus personaxes toda a experiencia das súas peregrinaxes, así como o froito da súa observación e contemplación da paisaxe. Por todo iso, non é necesario apuntar os traballos de investigación sobre as súas novelas no senso da estrutura, do léxico, e as súas tramas. O que buscamos é a sementeira de conceptos xeográficos, extraer a xeografía das súas novelas. Así coa atenta lectura, vou facer mención a esas paisaxes e personaxes, que marcan o perfil de quen escribe é un xeógrafo, e sobre todo de alguén que nos describe a paisaxe, que na maioría das veces, volvemos a insistir é un personaxe máis.

En canto as biografías, que tamén foi un xénero literario cultivado por Otero, temos os personaxes históricos que tiveron particular influencia na súa vida, os amigos e os médicos. Quizais o máis agarimoso e o *libro dos amigos* (1953), son trinta e nove lembranzas nas que debuxa os contornos sentimentais, intelectuais e humanos de personaxes, mestres e compañeiros, todos eles amigos no devalar da historia vivida, que tiveron un gran predicamento e influencia na súa vida. Tamén analizaremos a biografía do Pai Feijóo, pois nela temos unha especie de a arqueoloxía xeográfica das vilas e cidades da vida e época de Feijóo. Quizais sexa, segundo o meu entender, a mellor biografía escrita por Otero.


A poesía de don Ramón non foi moi valorada por el, pois non se publicou en vida todo o seu poemario, Otero facía versos como lecer do seu traballo e consideraba a súa poesía como un divertimento marxinal. Recordar que lía moito a Virxilio, as *Xeórxicas*, pois sempre dixo que era a mellor expresión dos traballos do campo e da vida rural. Ademais, o único poemario que publicou en vida foi: *Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar*. (1958). Onde temos a xeografía do seu ben querido amigo o pai Miño e dos chaos de Amoeiro. Non se pode aquí esquecer un dos poemas de máis contido xeográfico de Otero, que é o titulado: *A Serra da Mariña.* Poema de 1925. Que foi publicado en 1926 no número CCXVII de: *A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala*, e di:

> Serra da Martiñá, varuda serra
> Esquiva nai da nordesía óuvente
> Miras pasar os signos sobre a terra
> Eterna e simple como mar brúante.
> Gardas na túa conciencia misteriosa
> A lembranza de estrelas esquecidas
> A túa penedía bretemosa
> Ve nacer e morrer as nosas vidas
> Como os lóstregos que na noite moura
> Fan os folios na escura lonxanía

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cando o bico do sol túa cume doura
Cando dos vellos pinos a harmonía
Se axiganta nas noites de luar
Serra da Martiña, na túa altura
Está o xenio dos ventos a cantar
Coa lira eterna da túa pedra pura.

É un poema cheo dun lirismo que expresa uns profundos sentimentos que xorden ao contemplar dende a solaina de Trasalba a Serra da Martiñá. Pois ben, o texto transcrito está corrido segundo a lexislación das normas lingüísticas actuais, que podemos comparar co orixinal de 1925 que mostramos na figura seguinte :



12

A SERRA DA MARTIÑÁ

Serra da Martiñá, baruda serra
Esquiva nai da nordesia ouveante
Miras pasar os sigros sobr'a terra
Eterna e simpre com'o mar bruante.
Gardas na tua concencia misteriosa
A lembranza d'estrelas esquencidas
I-a tua penedía bretemosa
Ve nascer i-morrer as nosas vidas
Com'os lustrigos que na noite moura
Fan os foliós na escura lexanía
Gando o bico do sol tua cume doura
Cando dos vellos pinos a armonía
S'axiganta nas noites de luar
Serra da Martiñá, na tua outura.
Está o xenio dos ventos a cantar
Co'a lira eterna da tua pedra dura.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Ourense 1925.

Figura 6.2. A Serra Martiñá 1926

Por outra banda, Otero escribiu catro colecciónss de contos ao longo da súa vida. Os primeiros foron *tres contos* no número 34 de 1926 da revista Nós. Logo os sete relatos incluídos nos *Contos do camiño e da rúa*, publicados en 1932 por Nós. En 1957 a Editorial Galaxia había publicar outro feixe de vinte contos, baixo o título *Entre a vendima e a castañeira*, e de novo Galaxia editou nove máis en 1988 na edición póstuma *Contos de Santos e Nadal*. Pouca xeografía teñen os contos, son feitos fantásticos e aventuras de neno, pois teñen moito de lembranzas, e case sempre para entreter. Só a paisaxe envolve estes relatos breves.

No tócante o teatro que tamén foi un xénero cultivados por Otero, aparecen reflectidos os seus conceptos de xeografía e paisaxe. A maioría das veces son as ribeiras do Miño, e nestas obras descríbenos a paisaxe da bocarribeira de San Pedro de Trasalba, os seus montes e ríos, e sempre Santiago de Compostela. Non imos entrar nos seus contidos dramáticos ou literarios, pero si trataremos de atopar o latexado xeográfico e o humano das esencias de Galicia que teñen os contos á luz dun candil e no teatro dos dramas rurais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pois ben, debemos reiterar que se Otero non fose xeógrafo a súa obra tería sido de contido distinto. As obras literarias que imos analizar son:

TÁBOA 6.1. OBRAS LITERARIAS CON MAIOR CONTIDO XEOGRÁFICO DE OTERO		
ANO	TITULO	GENERO
1925	Pantelas, home libre	Novela
1928	Os Camiños da vida	Novela
1929	A Lagarada	Teatro
1930	Arredor de si	Novela
1932	Contos do camiño e da rúa	Contos
1934	A Romaría de Xelmírez	Novela
1934	Teatro de Máscaras	Teatro
1935	Devalar	Novela
1944	Adolescencia	Novela
1956	Contos de Santos Nadal	Contos
1957	Entre a vendima e a castañeira	Contos
1966	O espello do serán	Novela
1955-56	Bocarribeira	Poesía
1959	Rosalía	Teatro
1972	El Padre Feijóo, su vida, doctrina e influencias	Biografía
1973	Noite Compostelá	Teatro
1988	Contos de santos e Nadal	Contos
2013	Xeórxicas do pan	Poesía

Elaboración propia

Para el, para o xeógrafo Otero, o espazo é un texto, e os seus textos móstrannos un espazo. Así, de unha xeografía vidaliana, que vai de Trasalba á Compostelá, da ría de Ribadeo ao cabo Silleiro, de o cumio de Trevinca ao cabo Vílano, alí danos unha imaxe de Galicia como espazo vivido, que sempre está chea dun discurso romántico e metafórico.




Figura 6.3. Relación da Literatura e a Xeografía en Otero

Otero deixou escrito moito sobe as paisaxes de Galicia, pois sempre tiña esa visión de observador e do xeógrafo. Non era un *paisaxista* como os que ben coñecía, Azorín ou o benquerido Chateaubriand. Penso que el entendía a paisaxe máis ala do que vía e miraba. Era a Terra con maiúscula. Ademais deixou escrito no artigo: *Parolar por parolar conforme imos camiñando,* publicado no xornal *La Noche* na data do 7-IX-1948, e falando das rexións de Galicia:

> Eu amo sobre de todas a Galiza erma, pobre, a Galiza fea no sentir do máis da xente a non visitada nin gabada por ninguén.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

É un discurso feito nos ermos ourensáns, romántico pensando na Galicia esquecida, e metafórico nos sentimentos da xente con Galicia.

Ese camiño na novela empezou en 1925. A cousa foi así: Otero presentou unha pequena novela, un drama rural, que titulou: *Pantelas, home libre*, no concurso convocado polo Seminario de Estudos Galegos en 1924, que obtivo o premio. Un ano máis tarde a revista *Lar* deu ao prelo a citada novela, que se publicou no número 6 de xuño de 1925.



Figura 6.4. Revista LAR. 1925

Neste drama rural, Pantelas queda orfo do seu pai. Na mocidade asistiu á transformación do val onde vivía pola construción dunha carreteira onde traballa o Pantelas. O capataz das obras escapou coa súa muller. Pantelas pasa doce anos na cadea por darlle a morte o ladrón da súa muller. Volve a súa terra e pasa a gobernar un pazo do século XVII. Otero narra as faenas da vendima e da lagarada. Morre o fidalgo e Pantelas xa vello chega á loucura.

Lendo esta novela ven ao recordo a outra: *Os camiños da vida.* E a obra de teatro*: A Lagarada.* Iso polas semellanzas dos argumentos e as situacións dos personaxes. Nesta curta novela a xeografía atopase na descrición dos lugares, nas tarefas do campo e nas costumes aldeáns, cousas que estudaremos nas novelas seleccionadas nesta tese.

6.1.1. Os camiños da vida (1928)

Como xa sabemos esta novela é a máis lida das de Otero, pois a editorial Galaxia editouna unhas doce veces, pero temos que dicir, que a primeira edición foi publicada en 1928 pola *Editorial Nós* en tres partes ou entregas tituladas: *os señores dá Terra, a maorazga*, e *o estudante*. E remata, segundo escribiu Otero, a terceira entrega na data: *Ourense, 17 de xaneiro de 1928*. Para mergullarnos na novela utilizaremos a décima edición de Galaxia de 1990. Editada como outras edicións co titulo: *Os camiños da vida*[164]. Que recolle as tres entregas iniciais.

Sobre ela, Otero nos dixo no seu artigo *Morte Resurrección* de 1931:

> Na miña novela *Os camiños da vida*, quixen trazar as escuras correntes dominantes no século dezanove galego, baixo a fronda dunha fábula familiar.

Otero fai historia, conta as ideoloxías vixentes na época do século XVIII, os costumes, os fidalgos, os aldeáns, os cregos e monxes, as liortas políticas. E neses escenarios fai xeografía.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

164 O texto empregado na lectura e comentario, é a decima edición de 1998, exemplar propiedade do autor da tese.

Son as paisaxes das parroquias, vilas, aldeas e cidades, e dos mosteiros. Os pazos rurais son escenarios nos que se desenvolve a trama, un deles en Trasoutos, traspúñao de Trasalba. As cidades son: Ourense, Santiago de Compostela, Baiona, Madrid, e París. Tamén en Irlanda. En poucas palabras presenta dúas familias fidalgas. O vivir nunha paisaxe rural daqueles días e remata ca decadencia da caste fidalga e o cambio da paisaxe na vida rural do XIX.

No capítulo primeiro: *Os pazos no serán*, describe o camiño desde o mosteiro de Oseira á parroquia de Trasoutos, Trasalba, e o narrador descríbenos a paisaxe da parroquia onde se asentan os pazos, e tamén describe ás dúas familias que protagonizan a obra: os Doncos e Soutelos.




Figura 6.5. Os caniños da vida. Galaxia 1998.

> As bocarribeiras alongábanse en herdades, soutos e nabeiras, esmaltadas aquí e acolá polos treitos de colmo dos lugares. O correr dás cercas dás terras abiñábase o trazado dous camiños… Descontra ou poñente ou chan dá parroquia encostábase en cotos penedosos e fondas crebadas en baixada esporente ó val, xa asolagado polo empardecer ribeirán.

Aquí describe a parroquia de Trasalba, a súa bocarribeira, camiños, soutos e a ribeira do Miño. De igual modo relata as faenas da vendima, da sega do centeo, así como se cobraban, e onde, os foros.

No capítulo dous: *Historias das campás de abaixo*, defínenos uns espazos da parroquia que denomina: *campás de abaixo* e dinos que na parroquia de Trasouto chaman campás de abaixo a:

> Unha rexión un pouco indeterminada nos seus lindeiros precisos, mais fortemente individualizada non conxunto pola feitura de chan, as colleitas, a disposición dous lugares,… Un conxunto de valciños esporentes, de costas e penedías que baixan en procura do río….Non descenden nun caer seguido, pois espállanse de abondo arreconchegados chaos. É a ribeira.

Otero emprega a toponimia dos lugares tal e como as xentes din, e define cada lugar con criterios xeográficos. Son terras do viño de variadas especies de uvas: caíño, brencellao, treixadura, carnote, moza fresca, son viñas na ribeira, cepas antigas e retortas nas ladeiras abrigadas entre rochas e terras secas. Despois da vendima de setembro córtase o millo e recóllese, estes labores que se facían en comunidade entre todos os fregueses.

No capítulo terceiro*: Don Xosé María*, situámonos en Baiona. O Val Miñor e Vigo, Ponte Caldelas, Pontesampaio, escenarios da Guerra de Independencia. Así cóntanos a vida de Don Xosé María home liberal que percorre Ribadavia, Leiro, ata Trasoutos e reúne a súa partida para participar na Guerra Carlista.

> Ademais en Trasouto tiña unha partida do seu patrimonio: a casa, pequena, de ribeira, no lugar de Pontiñas; algunhas boas viñas; o mellor lameiro da freguesía, de torrón tan lameirento que a herba dun día para outro cubría a fouce esquecida, e moitas pezas de monte e carballeira nas quebradas findas da parroquia.

No capítulo cuarto: *A partida*. seguen as loitas cos carlistas en Amoeiro. E todo acaba en fusilamentos.

O capítulo quinto: *O hallalí na casa de Doncos*, comeza coa descrición do nacer da primavera.

> Xa florecía a primavera as xestas dos cotarelos e polo verdecente dos centeos decorría unha vibración de esperanza. As serras enfariñadas de neve miudiña consideraban cun sorrir o rebulir das augas baixando a presa as encostas da pedra para se deitar, costeladas de flores, nos lameiros mimosos.

E relata a decadencia do pazo dos Doncos, de don Caetano, carlista.

O capítulo sexto: *Unha tertulia*. É unha preciosa historia que conta un exclaustrado da fundación do mosteiro de Oseira e laméntase da desamortización. Participan o boticario e o fidalgo de Doncos.

E no sétimo. *Os ditos e feitos do fidalgo da Pedreira,* é o último da primeira parte da novela, que relata a decadencia do pazo dos Soutelos, pero había algo de alegría de don Xosé María e os seus fillos. E comeza así:

> Calquera que chegara a Trasoutos, fora fidalgo ou labrego, tiña para rir as cachizas se entraba pola porta do pazo da Pedreira. Os da parroquia xa non lle chamaba a atención, pois estaban acostumados ó escanastramento do pazo, ó bravo das hortas e das terras.

É a decadencia dun pazo pola abandono das terras e a administración dos donos.

No primeiro capítulo da segunda entrega, que se titula: *O desterro,* comeza co capitán Antonio Soutelo que conta as súas correrías na Guerra Carlista e pide casar con Ramoniña filla e herdeira de don Xosé María. No capítulo seguinte*: O barco negreiro,* fálase dunha gran fame e seca en Galicia e a emigración ás Américas.

> Despois de todo un inverno sen pan e sen compango son seis , oito meses longos de agarda e paciencia queimando no lar unha pobre garamata... Dende a primavera decorreron os meses baixo a sombra dunhas nubes grosas e mouras, sempre paradas como monólitos funerarios. A seca fría encheu de herbas ruíns os sucos dos eidos. Non houbo maneira de seiturar os centeos cativos dos eidos. e as follateiras dos carballos encinzábanse de peste tristeira.

Continúa o seguinte capítulo: *O scherzo da Heroica.* Se conta o levantamento de 1846, loitas en Compostela, batalla de Cacheiras.

No capitulo IV desta segunda parte titulado: *A señora Tutana,* Os Doncos donos do pazo xa escanastrado. Don Caetano e familia vivían en Ourense.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> A vida do traballo fuxira para sempre do pazo. Cando no solpor de sapo de don Laureano baixaba pola Seara para axexar as mozas da fonte, semellaba o espírito maligno que aletaxaba nas salas do pazo dedos Doncos.

No seguinte capitulo, o V titulado: *O tío de Fora*, Adrián Soutelo conta a súa vida, home liberal, con exilio en París. No capitulo VI titulado: *Clases de retórica*, Adrián conta que en Ourense recibe clases de Retórica, vivindo nunha pousada con outros estudantes. E nunha viaxe a cabalo volta ao pazo de Trasouto. Aquí Otero fai unha das mellores descricións da paisaxe dos chaos de Amoeiro:

> Axiña deixaron a *carretera* e treparon ledas as bestas polo camiño encostado e pedregullento. Xa a néboa se fendía e polas rachas dela xurdían cotos e arboredos vestidos polo sol baixo, que camiñaba a rente do frío das montañas do sur, máis tiña gusto para se deitar un anaquiño nas encostas trepadas polos palitroques das viñas. Nos penedos amigos da habenza, e resultaba nun relevo frote toda a topografía do val...
> Viñan dos chaos de centeeiras, foran nadas para se debrocaren todas xuntas en fíos cantareiros polas laxes e empedrados. Abaixo a fofa néboa debuxaba a masa e o contorno dunha ría enchendo o val do Miño. E dela saían ceibes, gloriosos de sol, os primeiros cotos das encostas. Reinaba na costa e nos chaos unha serenidade emocionada, como se as terras quixeran aproveitar cun silencio afervoado, só cruzado por berros dos pastores, o serán curto de Nadal...
> Unha beleza que decorría coma un lóstrego, pois axiña os ventos salferiran as follas e non votaría o sol a morrer con cores máxicas de alquimia. Un grande salgueiro isolado vestido de ouro sinalaba o final da costa. Xa o alentar da noite de xeada. ...
> De súpeto as montañas tinxíronse dun apaisanado púrpura, voaron bateladas das igrexas, a derradeira salaiante coma se tivera medo de ficar soila; e foi a noite nos chaos.

Estes parágrafos que percorren o camiño de subida dende as ribeiras do Miño aos chaos de Amoeiro, ben queridos e coñecidos por Otero, son merecentes de ser percorridos lendo estas páxinas dos *Camiños da vida.*

O último capítulo da *maorazga,* o sétimo titúlase: *as trenzas loiras*. É unha rapaza loira de dezaseis anos, filla do dono da tenda que había pouco abrirase na praza da vila. A moza e cortexada polo fidalgo do pazo dos Doncos e a historia ten un tráxico final. As trenzas loiras desfiadas polo chan.

Xa na terceira parte da novela titulada: *O Estudiante,* Otero conta a vida universitaria en Santiago de Compostela do Paio, herdeiro do pazo de Trasouto, que estudia medicina. Que logo quedará na aldea como médico rural. Aquí de seguro, que está o recordo do pai de Otero. Tamén esta terceira parte ten sete capítulos. O primeiro titulado: *O coto de Ushna*. Que así se titula unha novela que escribe o tío do Paio. É unha ferramenta literaria que Otero utiliza para falar das terras de Irlanda e da Bretaña do seu ben querido Chateaubriand. E falando do rapaz, o Paio, nos di:

> Naquel verán moito paseou. Fixo pouquiño a pouco a descuberta da parroquia. Cada noite durmíase co pracer das cousas novas que lle gardaban para o día seguinte as quebradas de lameiros pechados no cerco dos salgueirais, os cotos dos que, agatuñando, se albiscan a cada hora insospeitadas feituras de parroquias labregas esmaltadas de pazos, a vexetación variada, forte, infinda...

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Foi decorrendo o verán. O sol, esquerdeando tódolos seráns unha miguiña, foi procurando a cova do poñente de o Suído, cara o Faro. Cruzaron as torres das tronadas de San bieito, Santa Mariña, e Sant-Iago, sen deitar nas herdades de Trasouto unha orballeira que fartará as terras.

No segundo capítulo que titúlase: *A rúa Mazarelos*, pois alí o protagonista colle unha habitación nunha fonda. Tal e como fixo na súa vida o pai de Otero. E se relata a vida universitaria.

O terceiro capítulo titúlase: *A variación na paisaxe.* Pois ben, esa variación non é outra cousa que a visión desde Trasoutos da *carreteira*. Palabra castelá coa que Otero chama á nova estrada que dende Maside chega a parroquia. Era do que se falaba en toda a aldea. Cousa do demo, pois cambiaran as relacións entre os lugares, morrerían as viñas, esmorecían as casas, o campo volvíase bravo, pola carreteira todo iría para as cidades. Outra cousa que cambia é o *tendeiro.* Entraba o comercio na aldea. Chegou o *castellano,* fala das novas castes de comerciantes, dos novos propietarios das terras que vivian fora da aldea, na cidade. Foi o cambio da paisaxe humano de Galicia dende o século XIX ao XX.

No capítulo IV que ten por título: *As fontes do Hospital,* Otero conta a vida *do Paio* en Compostela como estúdiante de medicina, así como as leccións e clases prácticas no hospital de Santiago.

No capítulo V Otero nos leva á historia dos mártires de Carral alá polo ano de 1846. A cousa cóntase desta maneira. O tío do Paio, o tío Adrián, home do XVIII, e xa con un pé no Alén, ven a Santiago para ben morrer. Cóntalle ao sobriño que ten unha antiga noiva no convento de Santa Clara. O tío quere ir de viaxe ata Carral, e esa viaxe ten unha paisaxe:

> Ermos marelos de xesteiras coma mantas de farrapos postas en grada do novo sol. Os cumes ó lonxe observaban o mundo cheos de curiosidade. Ollaron o Tambre na gótica ponte de Sigüeiro. Longas herbas deitábanse esfiadas ó correr do río como cabeleiras de tristes Ofelias. Pasando Ordes os ceibes ventos detíñanse bruantes nas carballas do feiral. E dixo o Adrián:
> Esta éche a estrada máis dolorosa de Galicia. Unha vía de sufrimento. Aquí foi vendido Porlier. Mais adiante o Carral...
> Ollaron para o mesón no que se tivo o consello de guerra presidido por Cachafeiro, cruzaron as canellas lamaguentas do pobo, e sen se mirar un ó outro rezaron no pequeno cemiterio de San Estevo de Paleo. A herba miudiña, pecha, humildosa dos campos santos, agarimaba as covas dos fusilados.

Volven a Santiago á maña seguinte e moi cebo desapertan ao Paio. O corpo do seu tío estarricábase na saliña cun un tiro no peito. Déronlle terra no cemiterio de Sar.

Este capítulo o titula Otero: *O suicidio de Werther.* Protagonista dunha novela de Goethe de 1774. Prototipo de heroe romántico que co suicidio chega ao final do seu apaixonamento

O capítulo VI titúlase: *As vacacións derradeiras*. É o derradeiro ano de universidade. No que o noso protagonista coñece e namora de Xulia. E quedaron noivos. Ela despois das vacacións regresou a Madrid. E o Paio cavilaba de pasar un ano en Madrid para o doutoramento.

O derradeiro capítulo sétimo leva por título: *Os camiños da vida*. Relata a vida do médico que percorre a cabalo as parroquias, e recibe aos pacientes no pazo de Trasouto. Unha carta de Xulia é a despedida, pois non se poden entender. En un deses días:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Pola mañá rachou o día e un solciño agarimou os pazos, os pomares espidos, a friaxe dos soutos, e mostraba ó lonxe, nas parroquias de por frente, o verdor dos centeos e das ferraias. E máis lonxe a nudeza dos ergueitos cumes.

Unha noitiña o Paio chegou determinado a falar á nai e á tía a decisión de ir a Madrid para o doutoramento. O Paio non se atreve. *Era racharlles a vida*! A novela remata ca escena, xa mediada a noite, da chamada ao médico para ir a un lonxano lugar, xa que un veciño estaba a morrer.

> O Paio vestiuse e pasiño a paso foi bicar as frontes da nai e da tía Ramona. Cando en compaña do fillo do doente e do Estevo, que levaba o farol, cruzaba a penascada do Vedral, o médico levaba unha cántiga nos beizos.
> !TERRA NOSA!
> Ourense, 17 de Xaneiro de 1928.

O xa visto nesta novela nos confirma, que a xeografía e a paisaxe segue sendo un personaxe máis nas novelas de Otero.

6.1.2. Arredor de si. (1930)

O ter diante a novela *Arredor de Si*[165], de 1930, nos leva a recordar o discurso lido o día 24 de novembro de 2006, de ingreso na Real Academia Galega de Don Ramón Villares Paz, que glosou co título: *fuga e retorno de Adrián Solovio*. *Sobre a Educación sentimental dun intelectual galeguista.* Nel o historiador fai un percorrido polo carreiro e formación sentimental do protagonista da novela, que pode moi ben ser o vivir das lembranzas de Otero e os membros da *Xeración Nós,* naqueles anos da vida universitaria en Madrid.

Comeza a novela coa descrición da viaxe e da chegada do tren a Madrid, cunhas verbas na descrición da paisaxe:

> Nacía, coa mañá, a terra de Avila. Luz estraña ós sucos infindos, xeados. Brillar ceibe do día. Dous chopos esquemáticos: a idea do chopo. Puro pensamento materializado na mañá. Pesadelo dunha misticidade obrigada. Desexo de cabalgar todo o día por aqueles chans, bebendo a luz, sentindo decorrer o sangue polo corpo. Ergemento azul da serra na planura.

Nese viaxe de Galicia a Madrid. Otero nós recorda León, Venta de Baños, Medina do Campo, fainos ver o itinerario, móstranos os personaxes e as rúas que lle levan ao protagonista ao hotel. Descríbenos en particular a Gran Vía madrileña e a finalidade urbanística da súa construción. O protagonista Adrián de Solovio que desde a aldea ven opositar a Madrid, atópase co contraste das paisaxes rurais e urbanas e iso serviralle de pano de fondo para unha análise da súa alma e da súa circunstancia, que desemboca nun camiño que desde Galicia o leva ás raíces de Galicia. Pouca xeografía pódese facer dunha viaxe interior, alguén ha fixo pero non me lembro, a xeografía é o mapa, o Fontán, onde as vagadas e divisorias marcan o percorrer dun peregrino, e as súas parroquias son lugares preferidos para esta reflexión.

No segundo capítulo hai unha lembranza da aldea:

> Dende a fiestra traseira un ventiño livián figura agrandar o estreito horizonte, arrempuxando as montañas e levando as grosas encostas poeirentas. Gurgulla o rego nos lameiros. Treme a avea non chan enxoito dás viñas como unha

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

165 O exemplar utilizado nesta investigación, é unha edición de 2014, propiedade do autor da tese.

> verdecente caricia. Xa teñen brotes as hortensias do paseo dá parra e unha longa hora dubidosa cobre a paisaxe daquel anaco de ribeira.

Non me cabe dúbida que esa visión é a que temos nos inicios do verán desde unha das xanelas de poñente de Trasalba cara á parra e o xardín, que antonte morreu e hoxe en día foi replantada. Tamén se perdeu o Irmanciño[166] que con esa parra, son o "*devala*r" do tempo.

O terceiro capítulo na universidade. Libros en varios idiomas e os compañeiros galegos cos que fai xeografía humana ao definir o "*galleguito listo*". Pero de volta dunha viaxe a Toledo volve lembrar a paisaxe da ribeira:

> Alo, na ribeira galega, despois de dous días de vento do sur aborrallouse ou ceo. No aire quente figuraban medrar brotes novos dás cepas. De onde vén este recender insospeitado na volta do camiño? A acacia toda vestida de ouro vexetal non tinga medo dás bambeádelas do vento. Xa chuvisca. Repenica nos vidros dá casa do Adrián. Figura amolecer vos penedos dá costa e medrar ou cachón do río. Ou mundo agardaba pola chuvia.




Figura 6.6 .Arredor de si. Galaxia 2014

Volve o narrador da novela a dar cabida na mente do protagonista a unha reflexión sobre a paisaxe galega a finais do verán.

En contraste a praza da Armería e a paisaxe azul da serra, os bosques do Pardo, a ponte de Segovia. Foi ao Prado e estableceu comparacións .

> Por que desexa Adrián o arboredo azul e mesto dá paisaxe dá Magdalena de Correggio?

Chega á pradería de San Isidro no Madrid goiesco. Paixón de estudantes empregados e toureiros. E unha reflexión: "*Endexamais entenderei a España. Non serei nada nela*." Pero dórmese lendo a Calderón. E volve lembrar os vales de Galicia cando era neno. O xeógrafo que escribe descobre conceptos de bioxeografía e climatoloxía e o método de comparar as distintas paisaxes de España.

No capítulo cuarto volve ás paisaxes de Galicia, están a plantarse viñas na casa de don Bernardo, fidalgo e sacerdote, tío do protagonista da novela. Alí tan só hai recordos da vida no seminario e dos seus curatos da montaña. E entre unhas cartas atopa uns papeis que dicían:

[166] Exemplar dunha araucaria que plantou o pai de Otero no xardín de Trasalba no ano que el naceu. E levouna por diante un temporal.

> Quixen erguer o sentimento cristián de Galicia. Xuntar todo o esforzo dos galegos para fundar un Reino. Ningún Rei dá Terra. A nosa Nación soamente presidida por Xesús.

Este pensamento propio dun sacerdote do século XIX, tamén pode ser un doce e sereno sono do escritor que foi un católico convencido e fervente.

Volve no capítulo quinto ao Madrid académico e universitario. O Ateneo. A biblioteca na que Adrián non abarca todos os libros que quixese ler. Todas ideas perdidas do século XIX. Refúxiase nas viaxes de Stendhal. O decisivo foi viaxar a Castela, Burgos, "*uns dos diamantes puros do mundo".* Tal era a situación de Adrián que: "*tivo noxo do acento galego*". Volveu a Madrid e foise ao teatro.

Outra vez nese ir e vir de Galicia a Madrid, no capítulo sexto atopamos aos irmáns Xacobe e Adrián e ao pai de ambos. É a xeografía humana de tres formas de ver e estar na vida, pois cada un tiña distinto sentido da vida. Tamén a avoa vivía na casa. Ela só desexaba unha cousa:

> Que chegase o beizo fresqueiro e garimoso do outono e lle cubrisen a solaina coas roibas espigas escolleitas e cos montóns de deformes cabazos.

É a descrición dunha sensación outonal de labores do campo.

Máis imaxes de Madrid no seguinte capítulo, o sétimo, que comeza coa descrición do parque do Retiro:

> O Retiro a hora do solpor. Maio. As grandes masas de arboredo a penas peneiraban ou roibo trigo do poñente. Xa negrexaban os alciprestes poñendo nas ramaxes un pouco de ordenación mística. Espallaban unha esperanza de noite do sur os azulexos dous bancos ás roseiras emparradas

É quizais un paseo que Otero realizou na súa estancia en Madrid, O parque e a rosádela do Retiro. Estas letras, para os que coñecemos o parque, indícannos como o mestre traslada á súa obra a observación dunha paisaxe. E preto da estatua do Anxo Caído fórmase un faladoiro de galegos expresando varias ideas sobre o ser de Galicia e os galegos. *Falaban dá Terra*. Un senador, un notario, un rexistrador, un ex-ministro e un escritor e xornalista. "*Todos fican soñadores*". Adrián está triste e desorientado. Filosofía. Antropoloxía. Lendo a Bergson atopou consolo.

No capítulo VII Adrián de Solovio está en Toledo, que percorre e describe histórica e xeograficamente. E neste capítulo oitavo dinos:

> Hai demasiado sol en Castela e na historia de España. Este luar aquece e dá outra fondura interior para valorar as cousas

Capítulo IX. Quizais son as letras de máis contido de espírito xeográfico desta novela. Está na casa dos Solovio, descríbense as hortas e as ribeiras do Miño.

> A horta da casa dos Solovio na ribeira do Miño non era das máis grandes. Polo xeitosa, leda a farturenta non tiña envexa de ningunha. Despois dun anaquiño de xardín de buxos, roseiras e laranxeiras baixaba en dous planos ata a mesma beira do rego da Millarda. No primeiro cruzábanse dous paseos emparrados, con postes de pedra demarcando catro cadros de horta e patacas sombreados por algunhas froiteiras. No centro estaban o tanque de lavar e a fonte, que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> viñan do mesmo manancial da fonte do lavadoiro do pobo, posto o carón da cerca do comiño. Fora obra dun antergo da casa e levaba a data: 1792.

Todo o descrito é lembranza da casa de Cima de Vila en Trasalba.

O tío de Adrián está moribundo e pide aos seus parentes que lle traian o mapa de Fontán, pois quería morrer mirando a paisaxe de Galicia. E díxolle a Adrián que abrise os ollos a Galicia percorrendo o mapa Fontán. E fai a seguinte descuberta.

> Adrián lía nomes de montes, de ríos, de pobiños, de ermidas. A luz ía seguindo os trazados dos camiños.
> Naqueles instantes estraños e fondos figuraban lucir no mapa agras marelas de centeo, ermos vestidos de flores de toxo e de piorno, serras penedosas, campanarios barrocos, xente que vai polos sendeiros ós muíños e ás feiras, verdeceres de camposantos, fuxir de augas, praias douradas, rúas de vellas cidades, soidades de esquecidos mosteiros.

Capítulo X. Adrián remata na aldea unha novela: Nosa señora das Lavercas. É unha historia na paisaxe de Castela. Pasea pola solaina da súa casa lembrando a morte do seu tío, que moitas veces ao día miraba para o gran mapa de Fontán. É quizais esta visión romántica o que máis inflúe en Otero e nas súas descricións da paisaxe de Galicia. Pero á vez esa escena descóbrenos o seu mundo máis íntimo.

Capítulo XI. Adrián e a marquesa de Portocelos viaxan a París. Describe a historia e os autores franceses que admira: Chateaubriand, Balzac. Percorre París. A idea de Europa: Carlomagno, a escolástica, o renacemento. Rousseau, Goethe, Nietzsche, Renán. Aquisgrán. Francia e os seus departamentos. Lembra as páxinas de *A rebours*[167] de Huysmans[168]. E pasea polo Sena coa marquesa. Francia e os seus escritores son os preferidos de Otero, neste capítulo recolle a todos os que formaron parte da súa biblioteca, libros nos cales atopa descricións das paisaxes.

Inicia o capítulo doce, como case todos, cunha descrición dunha paisaxe de Galicia, as ribeiras do Miño:

> Na ribeira do grande río galego, non lonxe dá aldea de Solovio, a maina curva dun meandro demarca a larganza e fartura dá Veiga cha, de fondo o terrón fillo río, presidida ó leste polo erguemento azul do coto dá Bidueira. Ten as abas vestidas de piñeirais crecedeiros e peito asucado polas arroiadas de invernia.

Dinos que os ribeiregos miran o coto como algo vivo segundo as estacións do ano, que ten cume como a testa dun gato ou de moucho.

> E ben saben que se trata dun alto monte pai dás mainas bocarribeiras.

Por alí está o pazo de Portocelos e o seus seis cipreses. Segue en París en amores coa marquesa. E proxecta unha viaxe a Alemaña.

Capítulo XIII. En tren chegan a Colonia. Son turistas. Berlín. Postdam. Pero necesita as paisaxes do parque Tiergarten. Nunha charla con Florinda, marquesa de Portocelo, sobre Galicia, que dirixíndose a Adrián comenta:

---

[167] A contrapelo
[168] Escritor francés (1898-1907)

> A túa terra foi a maior vergoña dá nena vida. Naceu para serva. Abonda ollar os homes cangados polas estradas. Alí, a porcallada forma parte integrante dá paisaxe. Quizais sirva para un pouco de turismo o día que haxa auga corrente en Santiago e nalgún recuncho dás Rías. Non me fales dá túa ribeira, non che poñas ridículo co teu decrebar do outono nas viñas e nos piñeirais. Endexamais serás un europeo, un home moderno. Todo no pazo do meu home, fedía a vellez e un provincialismo arqueolóxico.

Cando Adrián escoita estas palabras, el lembra os nomes do mapa de Fontán. Foi cruel a marquesa de estirpe de carlistas galegos.

No capítulo catorce atópase en Bélxica e en Amberes embarca para A Coruña. Nos describe as canles e o estuario do río Escalda. Cidade dun heroísmo burgués, municipal e corporativo. Rubéns, a Praza Verde, o café Waterhuis en Gante, Bruxas, Bruxelas. Asucan a canle da Mancha, o cabo Ortegal e Prioriño, chegan A Coruña. E unha viaxe a Santiago de Compostela. Carral, estudar aos mártires. Ordes. A ponte de Sigüeiro. E Santiago:

> Ou chofer metese polas Casas Reais, a praza do Pan, a Acibechería, a praza do Hospital, a Rúa Nova, para saír á estrada de Ourense. Adrián quere facer unha descuberta por Santiago.

Na grande praza, detívose un instante. Conta o desenvolvemento dos soportais do Pazo de Raxoi. Avidiña algo marabilloso no Obradoiro. Agora está en casa, na aldea, na cal pasará un ano. Aquel ano Adrián era dono do seu camiño.

> Sendeiros de montaña cinguidos ás duras abas dás serras, perdidas nas chairas dos soutos.

No capítulo final. Adrián lee *Queixumes* de Eduardo Pondal. Xurdía unha afirmación de raza e de lingua. Morre a súa nai. Na Galicia era Adrián europeo e planetario. En Santiago Adrián sempre se coida na Europa é máis galego que nunca. A súa vida agora identifícase coa vida de Galicia. E remata a novela:

> Pois Galicia tamén comeza a ser outra volta historia das que deprendeu vos camiños para atopar a súa conciencia e deixou de andar como unha cega, arredor de si.
>
> Ourense, xaneiro de 1930

É claro como dixeron moitos autores, Casares, García Sabell, Baliñas, que esta novela relata o nacemento do grupo Nós, é a xénese histórica do seu comezo. Con todo, sen a xeografía, o que nela temos de fondo e na se transluce é a paisaxe de Galicia e das cidades de España e Europa. Sen esas andainas a novela non tería esas connotacións de biografía espiritual dos homes da xeración Nós.

6.1.3. A Romaría de Xelmirez (1934)

A novela *A Romaría de Xelmírez* foi editada por primeira vez en 1934 pola editorial Nós co título: *A Romeiria de Gelmirez*. Esa edición foi ilustrada por Castelao. Neste mesmo ano no número 123 da revista Nós se publicou un paragrafo que mostra o comezo do capítulo VII coa chegada dos galegos á terra do Borbón.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Hai unha segunda edición de 1962. Que *Galaxia* editou en 1991 co título: *A Romaría de Xelmírez*[169]. É unha novela histórica da época medieval, que ten como protagonista ao bispo Xelmírez, e conta a viaxe do bispo de Santiago a Roma a principios do século XII para conquerir do papa Pascual II o privilexio de usar o palio. O que implica obter o título de arcebispo para a igrexa de Santiago de Compostelá. A viaxe percorre 36 cidades comezando polo condado de Galicia, vai polos reinos de León, Castela, Navarra, Aragón, o ducado de Gascuña, Aquitania, Borgoña, A Lombardía, Toscana e os dominios papais. A xeografía está na descrición das paisaxes do itinerario, nas cidades, nos mosteiros, pousadas do camiño e nos costumes da época, tamén son os personaxes da novela os persoeiros históricos daqueles días.

Desta novela o profesor Henrique Monteagudo fixo a introdución na edición de Galaxia de 1991. Nós explica o profesor os criterios da edición onde se corrixiron as erratas do orixinal, a puntuación, os acentos gráficos e algunhas no plano morfosintáctico, e detectou palabras que hoxe non se admiten como correctas. Estas son características máis ou menos de todos os textos orixinais de Otero. E afírmanos que a paisaxe agocha símbolos do Otero creador, e xeógrafo anovador.



A ROMEIRIA DE GELMIREZ

DA NOVELA DE OTERO PEDRAIO QUE VAI APARECER

Figura 6.7. Revista Nós 123. 1934

Na Romaría o marco xeográfico, e máis concretamente a paisaxe, non son simples escenarios e mudas testemuñas da acción, senón auténticos e expresivos colaboradores no desenvolvemento do relato. Como é de esperar no noso autor, as referencias xeográficas e paisaxísticas son numerosísimas ó longo de toda a obra, e, coñecendo a seu talento de xeógrafo profesional, pódese xeneralizar sen maiores precisión a afirmación de N. Dulin: *Se ha podido comprobar, en su mayor parte, una rigurosa exactitud en cuanto a provincias, regiones, pueblos, monasterios y ríos enumerados a lo largo de la progresión geográfica por tierras francesas.*


Estas dúas testemuñas fan fincapé na profesión de xeógrafo de Otero, cousa que como xa dixemos varias veces ao longo desta tese e que ven sendo case unha teima nosa, que sen a xeografía Otero non tivera feito a súa andaina literaria da maneira que a fixo.

Nesta novela o marco xeográfico e as paisaxes son os escenarios e son un personaxe máis como ocorre outras novelas de Otero. Os lugares, as rexións, os pobos, os mosteiros, os rios, nós levan a dicir que Otero é un perfecto coñecedor da xeografía desta peregrinaxe a Roma. E o través dos personaxes uns históricos e outros secundarios, hai un relato da vida, costumes e ideas da sociedade católica feudal. A narración reflicte toda ela a exposición e coñecementos do historiador e do xeógrafo, como xesto creador de Otero, pois xa no capítulo I describe a

169 Esa é a edición utilizada nesta investigación, que é propiedade do autor da tese

Compostela do século XI, no que personaxes da Igrexa universal peregrinos en Compostela á fan en razoados parladoiros discursos cheos da teima de Xelmírez de darlle á cidade do Apóstolo a maior grandeza da cristiandade. No capítulo II temos unha das paisaxes máis fermosos que Otero describe de Galicia, segundo o voar da imaxinación do Prelado de peito nas ameas do castelo das Torres do Oeste.

> A paisaxe amolecía as fortes cores do verán baixo un ceo axiña cuberto polas grosas nubes vagabundas, proxección do mar adiviñado no Horizonte occidental tralos cotos mestos de fondos arboredos. Como bo galego. Xelmírez sufría co ceo azul o sol alapeador do Agosto que durante moitas semanas quixera zugar o brando humor dos lameiros, das searas, dos bosques, cristalizando a paisaxe, tallando en duros planos de luz e sombra a feitura dos penedos, recordando ó lonxe os dentes das serras, avivando a cor de fera das palletas do centeo e o feo seiturado, afirmando a verticalidade das torres feudais y relixiosas...



Mapa 1. A ROMARÍA DE XELMÍREZ. O itinerario e as súas etapas.

CAPÍTULO III
(Finais de Agosto)

1. Santiago
2. Melide
3. Palas de Rei
4. Portomarín
5. Sarria
6. Samos
7. Cebreiro
8. Vilafranca
9. Astorga
10. León

CAPÍTULO IV

11. Arévalo
12. Avila
13. Toledo
14. *Burgos*
15. Pamplona
16. Roncesvalles

CAPÍTULO V

17. Val-Carlos
18. St. Jean de Pied de Port

CAPÍTULO VI
(7 de setembro)

19. *Auch*
20. *Tolosa*
21. *Moissac*
22. *Cahors*
23. Rocamadour
24. Martel
25. *Uzerches*
26. *Limoges*

CAPÍTULO VII
(28 de setembro)

27. La Ferté
28. *Cluny*
29. *San Xohan de Maurienne*

CAPÍTULO VIII
(Mediados de Outubro)

30. Milán
31. Abbiategrasso
32. Piacenza
33. Bondeno del Ronconi
34. Florencia
35. Arezzo
36. Roma

Figura 6.8. Mapa da peregrinaxe. Edición de Galaxia no 1991

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dende as Torres do Oeste a comitiva cabalga a Compostela, e visitan *as nove igrexas dispostas en coroa e adoración arredor da basílica:* S. Pedro, S. Bieito, S. Miguel da Cisterna, a Trindade, S. Fiz, Sta. Susana, S. Paio, S. Martiño e Sta. María da Corticela. E D. Diego despois de dar ordes ao cabido da catedral iniciou o camiño:

> Nunha das derradeiras luzadas de Agosto, despois da misa, con néboa silandeira do Ulla ao pé do Pico, cun erguemento das nove torres da Basílica cara á luz crecedeira, D. Diego Xelmírez e a súa lucida compaña de cregos e homes de armas cabalga pola Vía Francigena, camiño de Roma.

O capítulo III describe a peregrinaxe por Melide, Palas del Rei, Portomarín, Sarria, Samos, Cebreiro, Vilafranca, Astorga e León.

> Cruzaron lugares, cotos da Igrexa, paisaxes extensas mandadas por torres feudais, e o ollar pousaba no mesto verdecer dos soutos de castiñeiros e grandes carballeiras do país montesío. Sen folgar nas esporentes encostas, pasaron o río Iso, pouca auga buligando nas pedras verdes do leito, e chegaron a xantar ao pequeno cenobio de Sta. María de Melide...
> Ficaba atrás o río Furelos e a pobre penitente paisaxe do Leboreiro, onde o cativo río, abraiado e medoño de soidade, a penas se atreve a murmurar. Subindo duras encostas camiño de Palas e do Hospital da Cruz...
> E sen outra novidade chegou con noite pecha a cabalgada a Porto Marín...
> Pola mañá a cabalgada cruzaba por Sarria ao mosteiro de Samos. Fondos verdeceres de lameiros e searas, nutricio murmurar de augas vivas partíndose en mil regos trementes á sombra dos salgueiros e vimieiros en procura do Pai Miño...
> As valentes serras, espidas, severas, erguíanse en marea de rexos lombos, as veces figuraban pechar o camiño, e tiñan os cotos aparencias de bichos disformes prontos a choutar sobre dos viaxeiros cando, deixando o illó da paz de Samos, adiantaban cara ó Cebreiro...
> Cando a expedición petaba nas portas do hospital do Cebreiro.
> Houbo de pasar de calquera xeito a noite...
> Pisando os vales do Bierzo...
> Chegando á vista de Villafranca...
> Astorga, encadrada nas cercas romanas, dominadora do alto chan frío, axotado polos aires do Teleno, pouco os viaxeiros que, axiña, con cabalos de reposto, cabalgaron a infinda mudeza do Páramo...
> Xelmírez non quixo parar deica León.

Temos que dicir que Otero de todas as vilas e cidades conta cousas do seu pasado histórico, describe rúas, mosteiros, igrexas e edificios; así como se encontra polos camiños personaxes de aqueles días e paisanos do pobo.

No capítulo IV a comitiva pasa por Arévalo, Ávila, Toledo, Burgos, Pamplona e Roncesvalles. Aquí Otero recrea a cidade de Toledo e a corte do rei Afonso VI. A cabalgada chega pola ponte de Alcántara e entra na cidade pola porta da Bisagra, A viaxe pasou sen parar por Sahagún.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Despoixa do Douro, xa por terras de Arévalo, xurdía no horizonte o consolo azul das serras...

> A Parameira gardaba o seu manto de sombra e o río Adaja desfiaba augas clara de silandeiro fuxir sobre espalladas laxes, castigando baixiño nos muíños e pasais de pedras...
> Queríase arrodear Avila...
> Axiña foi Burgos un recanto esquecido ó domear o vieiro as montañas espidas, pousando no folga de S. Mingos de Calzada...
> Camiño barúllante de xentes e falas, longo desfilárense das correntes do Ebro que cruzaron os galegos pola ponte de Logroño, un dos lugares máis soados da cristiandade, para entrar de seguido na terra de Navarra...
> Xelmírez tiña présa por cruzar o Pirineo a así, facendo dobres xornadas, fuxindo da fartura e beleza da Estela de novas e belidas igrexas, arrodeando de lonxe a cerca de Iruña, axiña petou no peito das viaxeiros o vento épico de Roncesvalles.

No capítulo V xa comezan a camiñar cara as terras de Francos e Carlomagno. Otero conta a historia de Rondal e Carlomagno en España. Pasan os Pirineos por Valcarlos a San Jean de Pied de Port.

> Falando e lembrando, baixaron polo Val-Carlos. Pasando por Luzaida, vila vasca, nun coto sobre o fondo abismo por onde baixa reloucando a Nive de Arneguy...
> O sabido Gaufrido durante a camiñar a San Xohan de Pied de Port falaba ó trobeiro de Isorna o seu fillo espiritual, dos engados e poder da serpe.

No capítulo VI xa pasados os Pirineos fan paradas nas cidades de: Auch, Tolosa, Moissac, Cahors, Rocamadour, Martel, Uzerches, e Limoges.

> Caendo o serán de 7 do setembro, os peregrinos miraron ó lonxe a torreada vila bispal de Auch...
> Ó chegaren a Tolosa, o vago vapor setembrino do sosegado poñente espallaba horizontes de lameiros e colleitas cangadas polo pesadume dos froitos en sazón...
> Despedidos con honra, cabalgaron ó claustro de Moissac...Nos arrabaldos os ríos Garona e Tarn, afundiron en estreitas concas de encostas esmaltadas de viñas, facían fondas paisaxes na luz dourada de setembro...
> D. Diego escoitaba,...Para el era meirande a camiñar máis o norte: Cahors, Uzerches, e Limoges. "Facemos o revés o vieiro de Compostela...
> E con choiva chegaron os viaxeiros ó Santuario de Nosa Señora de Rocamadour...
> Cedo pasaron enfieirados a ponte curva con bastidas sobre o río Fénolle, fuxitivo, con son de augas novas. Subiron os mais anacos do camiño de Uzerches para logo descer ó Dorgogne e ó Corréze...
> Domeado o val, non tardaron en lucir encol dos cotos, mandando con rexa autoridade as larganzas das chairas, as torres do castelo de Martel...
> Con grande fame e fatiga, xa no lusco-fusco, pasaron o río Corréze, e por estaren pechadas as portas de Uzerches pousaron nas casas burguesas de algúns, e os máis no hospital de peregrinos do arrabaldo de Sta. Baia...
> A vella Augustoritum, cabeceira dos lemovices, as beiras do Vienne, ofrécelles o xentil acougo de vila comercial, franqueada a tódolos vieiros do mundo, gabada polas feiras, a arte dos artistas, a devoción as covas dos Santos Marcial, Leonardo e Valeria.
> Augustoritum cidade fundada por Augusto, é a orixe de Limoges.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No Capítulo VII relátase a chegada ao castelo de La Forté para viaxar de alí a abadía de Cluny e despois a San Xohan de Maurienne.

> Despoixa dunha xornada fatigosa pousaron no castelo de La Forté, grande e fermosa mansión xurdida enteira coas catro torres redondas do cerne do coto contorneado polas rebuleiras correntes do río...
> Na mañá luminosa con liviás brétemas nos montes, do 28 de setembro, os peregrinos miraron a gracioso val percorrido polas augas claras do Grossne. Figuraba o camiño a rúa dunha vila polas moitas xentes que transitaban: monxes dacabalo ou a pé que se axuntaban ledos á caravana dos galegos, soldados e criados de Cluny, xentes do agro desexosas da festa...
> Trasposto o Ródano, pisaban terra dos antigos Alóbrogres. Galopaban no horizonte os cumes centileantes de neveiros dos Alpes...
> E no serán, con moito andar o lombo, petaron as portas da vila de San Xohan de Maurienne.

Neste capítulo Otero conta a longa historia da abadía de Cluny e conta as posibles conversas de Xelmírez cos monxes para ter o seu apoio aos fins da viaxe a Roma.

No capítulo VIII xa na Lombardia pasan por Milán, Abbiategrasso, Piacenza, Bondeno dei Ronconi, Florencia e Arrezo.

> Inzada de mestos acios, a parreira acougada a porta, e abalada para caer a derradeira hora do serán, outro froito loiro a dondo pendurado do ceo da Lombardía,. A casa albeirada franqueábase ó camiño de Milán...
> Estaban en Abbiate Grasso, terra descuberta. Corrían preto as augas do Tessino...
> Facendo folgos nas pousadas lombardas, fartas e ledas, atinxiron coa noite as veiras do Pó, non lonxe de Piacenza...
> Cabalgando duro por bos camiños e fuxindo de se deter en Parma...
> Cangados de dolorosos pensamentos, adiantaban ó castelo de Bondeno de Ronconi, cuxas esguías torres xa se afiaban tras lombos tristeiros comestos por probes habenza...
> Na ilustre cidade de Florencia tiveron pousada os galegos na casa do farto mercador Guido della Gherardesca,...
> Xelmírez ordenou saír o mesmo serán para durmir en Arezzo...

No último capítulo chegan a Roma. Que Otero describe en toda as súas perspectivas do Coliseo, *redonda eternidade*, lembranzas do Foro, das Termas de Caracalla, do río Tiber, e da Basílica de San Pedro. Alí ó *adral franqueábanse as cinco portas, cada unha un camiño: A Arxenta, A Romana, A Giudonea, a de Rabena e a do Xuízo.* Tamén de noite visitan as sete basílicas maiores e as menores. E o día 21 de xaneiro na cerimonia que misa o Papa Pascual II.

> Finados os himnos, os cardeais de roxo arrodearon o Pontífice....
> Conforme as rubricas, feita por Xelmirez a petición do Palio, recadouno o Papa de altere, poñéndoo riba dos ombreiros do Bispo de Iria-Flavia e Compostela, dixo: Tradimus tibi Pallium de corpore Beati Petri sumptum, in quo est plenitudo pontificalis Officii... e fixolle don da Bula Jacobi Apostoli corpus.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E esta novela remate co final seguinte:

> E Xelmirez, temendo que a xoia fermosa se lle crebara nas mans, ergueuna á louzada chorando bágoas de angustia ledicia creadora.
>
> !! TERRA A NOSA!!
>
> Trasalba, noite de San Silvestre do ano 1933




Figura 6.9 Edición de Nós 1934 e edición de Galaxia 1991

6.1.4. Devalar. (1935)

Devalar é a novela de Otero que se publicou por primeira vez en 1935 pola *Editorial Nós*. A edición utilizada nesta tese é a do ano 1992 editada por *Galaxia* cunha introdución da profesora María do Carmen Ríos Panisse. Otero adiantou nun artigo as ideas da novela en outubro de 1934 no número 130 da revista *Nós*. A súa primeira lectura resulta grata ao xeógrafo porque no capítulo IV titulado: *Zocos na corredoira*, descríbese de unha punta a outra o territorio de Galicia. Con todo, o resto da novela, sen esquecer a xeografía, descríbenos paisaxes a través das distintas estacións do ano, partindo dun inverno e rematando noutro. O título da novela: *Devalar* é definido por Otero no ensaio*: Sobor dá paisaxe Galega* (1955). E alí dinos:

> Ten *devalar* ou seu significado. Pero sendo fermosa palabra, chea de luz non tempo, doa de intuición dás cousas xurdindo e sucedéndose non tempo, xulgámola a mellor para abranguer esta maneira de manifestarse a forma como fito non proceso e ou proceso como memoria, ás veces aínda impaciente e choutadora, na forma. Devalan vales para ou mar como devalan as foulas cubrindo a larganza dous areais, como devalan co seu ritmo maino as penedías ou a maneira dá historia destrouzando ermos e creando herdades. A historia, un devalar.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vemos que vinte anos despois de publicar a novela define nun ensaio sobre a paisaxe o concepto *devalar*. Aquí atopámonos co que puidese ser unha forma de traballo do mestre: describe as súas observacións, reflexiona sobre os seus contidos e co tempo a intuición lévalle a definir.

Da novela a filóloga María do Carmen Ríos Panisse, nos di que *é unha novela sobre a paisaxe*. E como nos di o propio Otero no capítulo X titulado: *As palmas de Herbón*.

> Outra forma de nos achegar ao íntimo devalar do espírito e a vida da Galicia no tránsito dun outono ao seguinte outono.



D E V A L A R

Figura 6.10. Revista Nós 130.1934

Vemos que utilizando unha novela o mestre quere escribir sobre Galicia, dala a coñecer na esencia que emana no tempo de cada estación. É un camiño, unha peregrinaxe, desde un outono a outro para acabar en Santiago de Compostela.

Os personaxes e a estrutura da novela parecen algo desconcertantes, caóticos, pois cada capítulo é en si un relato, unha novela. Que sempre ten como pano de fondo unha paisaxe, a súa comprensión é total ao ter presente o ensaio sobe a paisaxe antes aludida. Isto reafirma que o xeógrafo e a xeografía están presentes no escritor ourensán.

No capítulo I titulado: *A escasula na eira*, que relata a faena de recollida do millo nun pazo na paisaxe trasalbés.

> A pasaxe ordena cotos penedosos, un nacer de val humilde sinalado por procesións de amieiros, e no primeiro termo a eira, o pombal, e o muro fuso do alcipreste tecelán de claras horas. Pedra azul da serra lonxanía, pedra espiritualizada, pedra sufrinte dos cotos, pedra claustral da eira.

Continúa describindo as pedras do pazo a súa contorna e a labor da sementeira.

> A sementeira co chan feito unha lama. Os bois trazando os sucos. O gran caíndo no torrón mollado ulinte, rachado polo arado. O desbotar das plantas verdes envoltas nos fíos maliciosos de senradela, loitando coas follas dos xaramagos.

Ora no capitulo II titulado: *As vendimas do ceo,* reflicte una visión da vida rural en canto a labor da vendima por parte da clase campesiña. E tamén nos manifesta algunhas das diferencias entre ribeira, bocarribeira e montaña, cando sinala o devalar dos camiños.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> A primavera madruga moito no torrón enxoito, nas penedas asolladas. Noutro tempo os sucalcos botaban as mellores castes de branco"...
> Toda a Piorneda figuraba salferida de flores de cerdeira."...
> Todalas noites pola fiestra do sobrado mira a paisaxe dun comezo de val...
> Nas chispas da estila o vento bufaba como unha cobra as estrelas ceibaban mangados de xeada. Sopra, sopra serra cara de can, que non me tolles a alegría.

Tamén nos describe unha casa dun campesiño.

> A casa do señor Froitoso afástase do pobo. Amouchada no fondo dunha canella emparreirada agarda a recollida pacienciuda a morte do amo. Sabe a casa, as murádellas do curro, o cabeceiriño, o alboio, a bodeguiña de sábrego fresqueiro cheiroso a cerne da terra, a solaina de laxes rillada polo tempo, o sobrado de madeiras usadas e lucintes coas arcas, as arquetas e os arcaces, o leito de gran cabeceira e pés labourados, a cociña xeitosiña que sempre ficou disposta.

Ora o capitulo III, titulado: *Orballeira na rúa.* Que xa fora publicado na revista *Nós,* no numero 115 do ano 1933. É unha descrición da Rúa Nova de Santiago, e das obras arquitectónicas de Fernando de Casas Nóvoa en Compostela.

> De abondo fixo o altar do Obradoiro para que o sol oficiara nel a réquiem do outono, as misas ledas da primavera, e as estrelas do ceo e dos fogos de artificio, a festa maior do Apóstolo.

E recréase describindo os tipos que viven nesa rúa.
No capítulo IV que se titula*: Os zocos na corredoira,* comeza así:

> As chairas da serra co luar. Polo tapiz da herba doncel pasaron as farpas silandeiras do lobo.
> Fortalecese podente a montaña con varuda alegría conforme os ceos invernizos se van inzando de grobas, lameiros, matas, camiños, labramios de estrelas.

Como xa dixemos descríbese Galicia xeograficamente, comeza coas cumes da montaña, segue cos vales y chega as mariñas. Otero describe os elementos e accidentes xeográficos coma se tiveran vida dentro da paisaxe, utiliza un linguaxe romántico nun galego hoxe xa esquecido, outorgándolles accións humanas ou as veces co ton do falar das xentes da aldea. E velaí o que en tal sentido escribiu:

> A serra durmiu polo verán. Deixaba folgar rechouchíos de vida nas quebradas. Nas chairas salferidas de illós roían as habenzas cun pisar que fai bruído de escarabana nas laxes. Rubían os homes, graves e silenciosos, a romper as remendádelas das estibadas nas que o vento ha reloucar e han granar no centeo humilde e rexo, pan severo e relixioso dos móntaos... Choiva sen voz descida do espacio, e a sombra de cada forma, curuto, penedo, meda, aba, arboredo, quebrada, remordemento apegado a cada forma coma a conciencia dunha servidume...
> As serras , de costas aos zodíacos labregos, foron espreguizando...
> As primeiras na exaltación son as serras do Leste da Galicia...
> Son pizarrentas, esquistosas...

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As follas de roca, afeixadas, griseiras, aguíllanse en dentes, afíanse en diedros, soergen lombos nerviosos, sofícanse en costelas. Salaian co decorrer das augas, fíos de aceiro que lles roen a pel engurrada rachando deica a viva entraña da roca, afondando feridas dos vales estreitos, cacarañando as chairas ventosas, asucando as abas en cachoeiras, esfareladas en escumas ou descendendo silandeiras coma as serpes...

Os Picos dos Ancares, esculturados polos ventos, as neves, as xeadas érguense por riba das galopadas dos horizontes...

A vibración das rocas enloita anceiosa de individualidade trema nas fiadas de serras, unhas cativas, escuras, afogadas na ceguidade primitiva, fracasadas no soño heroico da liberdade, doentes das cicatrices dos camiños....

Todas, as abombeadas e satisfeitas do seu crear materno de augas, as fouleadas polo empuxe do vento oroxénico, deitan en ondas de roca contra o peirao da Terra Cha. Ben sabe da súa angustia o Sil trobeiro das fadas xeolóxicas cando pousa no Valdeorras e conta coas primeiras néboas a confesión do oco de Montefurado...

Co medrar da invernía a familia petrucia do San Mamede, da Queixa, da testa de Manzaneda ordena a súa longa descendencia de horizontes. Impoñen unha vontade nas serras fillas, nos vales mozos, nas chairas serodias...

Fenden coma paladíns os silandeiros bosques dominados polo voo circular das aguias, e baixan levando á terra do Bolo un soar de rocas batidas, de súpetos cadoiros, sen folgar na aperta dos meandros, en procura do Sil de verdes correntes, triunfador das negras pizarras ...

Espalla a Limia lamiguentos chans, auga dos cumes encorada, reflexadora das carballeiras mestas, esfolladas da nube rouca de chíos e ás dos paxaros migradoiros, da tona dubidosa das herbas palustres ...

A testa pensativa, xenerosa poucas veces encabuxada a pesares da súa grandeza, da Manzaneda, enxerga en rodopío como se espallan alongadas e rexas, como afondan saudosas ou se erguen farreantes os feitíos (músculo, óso, nervo, pel) da Terra de Trivés podente, da Terra de Caldelas apaixonada...

Pola outra banda o San Mamede, cachola xigante encol do corpo pequeno, acusada de engurras como caracocho, afonda o pucho na neve, ollando como a cabeza de Meda mal feita, dáo sinal do inverno en Lemos remendado de eidos coma pardomonte dun bo labrego...

Liberdade da roca de gra contra destino das pizarras...

Dende acorda, vagaroso escenario das galopadas dos potrancos do bravío, do Norte ao Sur, meridiano chicoteante, vai decorrendo o esperguizamento alboradeiro do inverno....

Polo Corno do Boi e a Loba, altares de pedra, presidindo a Asemblea das altas e extensas chairas, de longo camiñar, e os ceos brancos coma o peito dos pombos....

Polo Faro de Chantada, xoroba dorosa, dun aurochs ferido,....

Pola Martiñá, a serra que remata en aturuxo....

Pola Madanela, can de palleiro deitado o sol,...

Pola soá de porco bravo do Suído, polo arco de lombo fero a choutar de Avión, despreciador dos Ribeiros,...

En roda, arredor das Mariñas os montes como as augas de bravío, gardan a nenez dos esteiros, as costas voltas ao lobo de vento das chairas. Tieira, Mesía, Montemor fían lá de neve no fuso de aire. Os esteiros apañan despedidas de solpores...

O río Allóns o chegar a ponte, xa batida dun salgado vibrar do Ponteceso. Dita agromar dos piñeiros: as serras sofren...

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Todo ao correr da Beiramar, dos dentes da Capelada ao derradeiro salaiar do Miño,...
> Fortalece Fisterre mans de roca para guiar o temón do destino...
> Agurgulaban en Corrubedo as escumas estrelando abrulas de vento para asustar os nenos portos pescantíns...
> No calado findar do Miño...
> Dente de lobo dos ríos adustos, criados na penitencia das chairas...
> Sombras das encostas pizarreñas, de altos cumes, esmolas de sombra lonxana, as mil sombras que mergulladas no río lle deixan ao seu correr unha fondura de misterio....
> Ventos nos salgueiros, verde orballeira, pasar doncel de follas femininas...
> Pousa dos meandros arelando seren lagos para durmir ma imaxe das mesmas viñas nos sucalcos, das mesmas estradas baixando á auga con mimosos pés...
> Rubidas e baixadas sazoneiras dos peixes fríos rexidos por outros climas dos que gobernan labramios, as vides, os soutos.
> Saudades de Portugal. Augas do Condado. Pasar das barcas. A almiña das fontelas afogada no himno do rio. O Facho do Santa Tegra albisca o nacer das nubes no mar...
> As gaivotas na praia de Cariño pousan nos illós deixados pola longa marea minguante...
> Diante Santo André de Teixido foi a dorna cadaleito debrocado...
> Ourense, Ribadavia, todas as vilas cinguidas polos alcume do outono...
> Pousa na casiña de Pontevedra, non lonxe da praza do Teucro, na rúa onde as arroiadas fan sondo río da serra.

Pódese afirmar que este capítulo é unha Xeografia de Galicia. E a viaxe é unha peregrinaxe polas paisaxes das serras centrosas de Ourense, o sur da provincia de Lugo, a comarca das Mariñas, a Terra de Bergantiños, as costas de Fisterra, O Barbanza, recorre o pai Miño, chega a Portugal e Augas Condado, Cariño e San André de Teixido, finalizando en Ourense e Ribadavia. En resumen este capítulo é case unha recreación literaria que Otero fai do seu libro a *Síntese Xeográfica de Galicia.*

O capítulo V titulase: *Tren mixto.* É unha viaxe en tren na que Otero debuxa varios personaxes: señoritos de casino, xente labrega, traxinantes, frades pecadentos, boas mozas, un viaxante, os garda civís.

No capítulo VI titulado: *a aprendizaxe de Martiño Dumbría*, relátanos a introspección de Martiño en Compostela que lle leva a entender Galicia en noites de paseos nocturnos pola Ferradura da Alameda compostelá e as rúas de Santiago. Na terceira noite todo transcorre ante un mapa de Europa e nel atopa Galicia. Son tres etapas do galeguismo: a orixe celta, a conciencia de Galicia e o europeísmo. Vexamos cal é a paisaxe:

> Chegaba o vento de se fregar como unha onda aos cotos da Barbanza .Deitaba mareas de aire nas larganzas da Amaia...
> Ás veces tiña porfías co vento dos montes que viña cabaleiro pola Ponte-Sigüeiro...
> As veces nesa hora Martiño sentía medo e fuxía polas rúas do norte da cidade, ao campiño dos Menores ou polos Loureiros.

O capítulo VII que titula: *O Argadelo das Vidas*. Aquí Otero debuxa os caracteres de varios personaxes da vida compostelá: un gramático, un fidalgo, un rapaz calquera, un taberneiro e un neno.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O capítulo VII titulase: *Os amantes de Sant-Iago Novela por Miss Agnés Woolf*. Neste capítulo moi literario, segundo a profesora Panisse, Otero mostra a evolución da literatura romántica e indica que o modernismo non é outra cousa que unha volta ao Romanticismo.

No capítulo VIII que se titula. *Das seituras ás castiñeiras*. Volve Otero a describir o verán da campía. E as festas do San Xoán.

> Toda Galicia teme gozosa, gran froito, amarelo das centeeiras, verde de millos e froumas, abanado polo vento atlántico portador das nubes brancas, arredondeadas, pazos de escumas viaxeiras...
> Baixan os sectores da montaña para as bocarribeiras. As agras largasías foulean, pel brillante da vaca familiar, acariñada pola man dos aires inspirados de chíos de paxariños, e do grave cantar das seituras

.



Figura 6.11. Devalar. Editorial Nós 1935, e Galaxia 1992

O penúltimo capítulo titúlase*: As Palmas do Herbón*. Aquí Otero fai coma un principio da redacción de outra novela, que posteriormente publicará en 1941 co titulo: *As palmas do convento*. Que relátanos a vida de Xoán Rodrigues de Padrón.

O derradeiro capitulo que se titula*: Falas dos camiños*. Nel Otero volve a pescudar na idea do devalar polos camiños da Galicia, e comeza dicindo**:**

> É gustoso folgar aquí. Dozura da bocarribeira. Fuxida circular de horizontes.
> Non teño présa por baixarao val...
> O camiño deserto diante da miña casa....
> Non son eu só. Na miña lembranza viven tódolos camiños da Terra...

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> A Galicia évos grande, rexa, sutil, fina e poderosa, madrugadeira e lembradoira, como vós, centenarias formas envolveitas na tenrura das follateiras...
> Hai nas serras camiños enlaxeados non afeitos aos modos do tempo...
> Déixanse esburacar polos remuíños das arroiadas; das súas pontes a penas locen anacos desartellados da soá do arco limpo...
> Son os camiños dos mosteiros mainamente arruinados segundo a lei das grandes arquitecturas...
> Os camiños galegos fórmamos de antigo unha caste de confraría cuxa regra está por nós escrita no lombo dos montes, nas costas das serras, no debuxo que trazamos que trazamos na fartura dos ribeiros e, as veces, nos xuntamos todos en silencio concilio nas prazas de Compostela...

Pero xa vemos que, o elemento máis presente na obra é a paisaxe. Que define e describe en todas as súas estacións de outono a outono. É un personaxe que conta, que fala, que recorda.

E Otero temina o capítulo e a novela deste xeito:

> Eu, engaiolado pola ilusión de ter oído falar ao camiño quíxenlle preguntar polas xentes que pasan ao largo das follas desta novela...
> Eu prefiro escoitar o silencio misterioso doutro ano na Galicia.
> !Terra a Nosa! Trasalba, xaneiro do 1935

6.1.5. Adolescencia. (1944)

A novela *Adolescencia*[170], é unha das dúas novelas escritas por Otero en castelán en 1944. Nela o seu protagonista é un adolescente, José Ramón, que está a finalizar os seus estudos de bacharelato en Ourense. O pai, medico, do protagonista tiña un mapa de Fontán no seu despacho, no que o neno seguía co dedo roteiros de aventuras por Galicia.

> José Ramón miró el gran mapa de Galicia colgado en la pared y comenzó a seguir con el dedo el bello dibujo del litoral de la ría de Arosa. Leyó sugestivos nombres: Rianjo, Padrón, Puebla del Caramiñal…
> Miraba los caminitos dibujados como finas nervaduras de las hojas en el mapa de fintan.

Hai na novela unha descrición da cidade de Ourense e os seus arredores.

> Miraba con amor el declinar cromático y la graciosa ordenación de las frondas del Jardín del Posío al final del barrio Sur.

José Ramón fala dos seus profesores destacando Eduardo Moreno de xeografía.

> D. Eduardo Moreno, catedrático de Geografia e Historia, nervioso, elocuente, apasionado por la enseñanza amaba la curiosidad entusiasta de José Ramón y le inicio en el sentimiento de la dinámica y aspectos de la Naturaleza.

Están no pazo de Vilaverde nas ribeiras do Miño, alí no despacho do seu pai descobre os libros de Lamartime, Chateaubriand, Fernán-Caballero, Larra, Un día descobre "*Aires dá Miña Terra*". Otero cóntanos que o protagonista descobre a néboa e se pregunta: *De onde vén a néboa*? É unha pregunta que se fai nas mañás de Ourense e Vilaverde. Quizais premonitorio da súa vocación xeográfica. En Ourense sempre que tiña tempo libre visitaba con frecuencia

[170] O texto utilizado nesta investigación é de 1988, editada pola Fundación Pedro Barrie de ls Maza conde de Fenosa

a Biblioteca Provincial que amabaa, lía os Santos Pais, místicos, canonistas, os concilios as S.S. Escritura, a historia eclesiástica. Folleaba ópera que tocaba a banda municipal. Pero tiña un gran interese por Bécquer, sabía de memoria as súas Rimas. Tamén descubriu "*Cosmos*" de Humboldt. Leu José Ramón case todo o Reclus na Biblioteca Provincial. No despacho do seu pai folleou a "*Gálica*" de Murguía. Recorda de novo a D. Eduardo Moreno.

> ! Geografia! La tierra, el paisaje, la dinámica de los ríos esculpiendo sus valles, el juego múltiple y alado de los vientos, los contrastes del bosque y de la estepa, el anhelo de las razas en marcha hacia las patrias premeditadas, el estilo de la ciudad, la profunda y calma respiración de los océanos, el brillo de las bahías engarzadas en la roca, la presencia del hombre movilizando, dominando, reduciendo a cosmos harmoniosos lo caótico y lo inexplicable de la naturaleza, ese percibir apasionado y metódico eran para don Eduardo la Geografia.




Figura 6.12. Adolescencia 1944

Foron cinco cursos con D. Eduardo que as veces paseaba cos alumnos. E José Ramón pasaba horas pola tarde na biblioteca do Instituto.

> Leyó José Ramón casi todo el Reclus en la grande y bella edición que se guardaba en la Biblioteca particular del Instituto…
> Vivió muchas horas de su adolescencia en la voluptuosidad de la Geografia.

Como premio ao seu bacharelato José Ramón fai a súa primeira viaxe co seu pai por Galicia: Ourense, Redondela, Pontevedra, Padrón, Santiago. E fai unha descuberta:

> No era el Fontán colgado en el despacho, un frío esquema.

Finaliza a novela cunha bela descrición de Compostela moi semellante a da *Guía de Galicia.* E no derradeiro capítulo se relata a morte do pai do protagonista.

> La muerte y el amor enlazados trágicamente en la inflexible realidad cono antes en los vaporosos ensueños de la adolescencia le harían de un golpe hombre. Hombre con todas sus garantías, sus aburrimientos y sus desfallecerse inexplicables e inexplicados.

Estas vivencias son con toda probabilidade lembranzas da adolescencia de Otero. Nesta novela están contados dun modo literario os recordos e inicios do amor pola xeografía de Otero.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.1.6. O espello na serán. (1966)

A novela *o espello na serán*[171] foi publicada na súa primeira edición no ano 1966 pola *Editorial Galaxia*, e necesario subliñar que esta primeira edición foi ilustrada por Ricardo García Suárez[172], máis coñecido por Xohan Ledo. A edición que estudiaremos é a do ano da primeira edición do 1966, *a novela leva o subtitulo: entre O Pedroso e o Viso*. Na edición do ano 2000 foi corrixido titulo segundo as normas lingüísticas actuais, así o titulo quedou modificado por: *o espello no serán*.

Temos que dicir que nunha carta[173] de Otero Pedrayo datada en Ourense o 6 de xaneiro do 1965. E dirixida a Francisco Fernández del Riego lle di:

> Dubido no subtídoo (Entre o Viso e o Pedroso, Entre Sar e Sarela, Entre Bonaval e Sta Lucia...). Mándolle o índice. Cada ensaio son dúas holandesas. Nalgún caso folios.

Vemos que Otero consulta os seus traballos cos amigos e ademais pídelles consellos, E neste caso busca subtítulos con características xeográficas.

A novela ten noventa e nove capítulos, máis ben son pequenos artigos que de xeito narrativo e novelesco percorren a historia e a vida da cidade de Santiago de Compostela. Que subxugou e engaiolou a don Ramón e fixo de Compostela máis que unha cidade de Galicia, como nos di nas derradeiras verbas do ultimo capitulo da novela ao falarnos da *vieira, fórmula e flor:*

> Ela cumpre no loitar titánico pola expresión, chama creadora e consumidora de Compostela, a xornaleira misión de gracia e esperanza de facela esquecer. Trocando—ou axudando a trocar co seu belido símbolo—a cidade histórica en cidade poética.

E no prólogo Otero nos conta:

> Vivencias de moitos tempos decorren nestas páxinas, entre egoístas e xenerosas, apaixonadas ou criticas, endexamais indiferentes; todas, de lonxe ou de perto, na simpatía espiritual e na dor ou gozo da propia experiencia, inzadas de amor e dedicación á cidade de máis fondas, podentes e sensibles raíces da dor e na gloria do onte e do maña da Galicia.

Esta novela ten como protagonista á cidade de Compostela. Son noventa e nove curtos capítulos nos que Otero goza coa súa prosa, pois en todos eles sempre a trama de cada un é independente dos demais, pero a paisaxe na que se desenvolven é a mesma: Compostela. As súas prazas e rúas, os seus edificios e a catedral, os seus veciños e personaxes históricos, os seus recunchos e pazos, os seus xardíns e os seus símbolos, os estudantes, a Universidade e como non a súa topografía e xeografía. E todos estes personaxes dan reviravoltas por Compostela. Esta novela é difícil de comprender, non hai case estudos sobre ela. Pero o certo é que *o espello no serán*, engaiola e a cada lectura que refacemos engaiólanos máis.

---

171 O texto desta investigación foi a edición de 1966, propiedade do autor da tese

172 Medico e ilustrador de libros de Galaxia (1917-2006)

172 Carta 283. Rexistros no vento, Epistolario de Ramón Otero Pedrayo e Francisco Fernández del Riego,. Editado pola RAG. Edición Patricia Arias Chachero 172 Medico e ilustrador de libros de Galaxia (1917-2006)

USC DE COMPOSTELA

Atopei ao autor que non esquece da xeografía, pois entre palabras dun falar galego hoxe quizais esquecido, sobre todo o da primeira edición de 1966, galego máis ben pouco usado e descoñecido. A xeografía está en cada capítulo: física, humana, urbana, social, política e bioxeografía. As súas reflexións poden ter a súa orixe nos paseos nocturnos que cada día Otero facía en soidade polas rúas de Compostela. É por iso que entre *O Viso e O Pedroso*, delimitación moi utilizada por Otero en varios capítulos desta novela, atópase o símbolo máis querido por Otero de Galicia: Compostela.

Podemos facer unha escolma dos capítulos con máis feitos xeográficos. É no IV cando Otero pon *Compostela no devalar das formas*, Otero nos fala de nefoloxía, centrando a poética da formación das nubes. *Tamén Compostela, fina e solerte e vagorosa escola de nubes.* E dos frontes meteorolóxicos afirma:

> Polos aires da Mahía e os do Pico Sacro as nubes gustan de maxinar ringleiras de "stanzas" onde desenvolver as calmas belezas dos reflexos amantes dos frontes eleitas.

Nos fala das nubes no Pedroso e no Viso *onde sempre desfeitas en choiva*.

No capítulo XXXIX titulado: "*A cadeira dás once*" descóbrenos a paisaxe e o sentimentos dunha clase na universidade ás once da mañá. Sen dubidar a clase é de xeografía. A cousa é así::

> Era tres veces á semana unha hora …
> A mellor xeografía, a dás almas...
> Ou lembrar camiños e paisaxes é ou gosto e coroa dá xeografía

Pois a verdadeira glosa xeográfica da realidade non sen ten que afastar da substancia vital do home e dá natureza, como dándolle forma. É a xeografía, saber de formas, que concorda moi ben cunha cuncha, e recolle os sucos cheos de historia.

Nesta novela Otero utiliza con gran profusión as metáforas e moitas veces encadeadas, pois como nos di no mesmo capítulo é unha maneira de comunicar as ideas.

E para el o esquema da cuncha como imaxe da cidade venerada é adoptada por moitos horizontes e conceptos. Estes conceptos e definición da xeografía son elementais e de gran consenso entre os xeógrafos. A mellor xeografía é a das persoas. A paisaxe é o cume da xeografía. A xeografía non se pode apartar do home e da natureza. A xeografía é o estudo das formas. Estes conceptos e ideas son dun gran xeógrafo anovador, que transmite o seu saber a través da literatura.

Sucos griseiros de néboas nun abril outonizo, son as rúas e prazas de Compostela. Unha no capitulo XXXIV ten *regalías da Rúa Nova.*

> As horas e as vivencias con ritmo e segundo lei das paisaxes aldeas, decorren na Rúa Nova...
> Pódese deducir da Rúa nova de Santiago un modo de vivir. Polo menos dous ou tres eixes de se comportar

E unha rúa de pazos matizada *como un camiño de bocarribeira,* nelas teñen lembranzas da aldea.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Non estivo conforme ó seu designio unha Rúa Nova embocando no adral, ou na praza. Nela remata a súa dedicación. E quen colla para a Conga vai xa exercitado en como ten que cruzar a Quintana.

Mazarelos porta Laureada. Titulo do capítulo XXXVIII. Unha praza e un ramo de casiñas do Cantón das Madres. Otero nos recorda que o seu pai habitou tres anos nunha pousada na praza de Mazarelos.

> Gústanos, de noite, pasar de vagariño por Mazarelos. Como se na curta rúa ficara para nós un pouco de quentor dos anos nenos.

No capítulo XLIII ten por titulo: "*O Pedroso e O Viso*". O Pedroso e O Viso son dous montes ao redor de Santiago de Compostela o primeiro está a 42º 54´ 3,20" N de Latitude e a 8º 33` 53,44" W de Lonxitude, e situado ao Noroeste de Santiago de Compostela e cunha altitude de 461 metros; o segundo está a 42º 54` 34,66" N de Latitude e a 8º 30`55,40" W de Lonxitude, e situado ao Suroeste da cidade e cunha altitude de 401 metros. Ambas cotas visualízanse entre si e están a unha distancia de 5,15 quilómetros en liña recta.



Figura 6.13. O Pedroso e O Viso na folla 120 do M.T.N.

Vemos no mapa superior, que é un fragmento da folla 120 do M.T.N. a escala 1:50.000, a situación de ambos montes, o Viso e o Pedroso, desde os cales se ten unha visión e perspectiva completa da cidade. Esta formulación da situación xeográfica dun lugar por medio dun mapa e as súas coordenadas xeográficas nunca foi realizado por Otero, pois na súa época non resultaban necesarias estas precisións, así como, que non se percibía a utilidade destes datos; que sempre son datos necesarios nas aplicacións da xeografía, das cales Otero, fóra do ensino, non aplicaba ningunha, pois sempre introducía a xeografía para un coñecemento directo da terra ou como un personaxe máis das súas obras. Ata creo non equivocarme, que el entendía que a cartografía en estrito sentido era cousa dos cartógrafos e non dos xeógrafos. Aínda así, neste capítulo os dous montes son os protagonistas. A través de metáforas

USC DE COMPOSTELA

encadeadas na historia xeolóxica, a climatoloxía, a hidrografía do Tambre e o Ulla, as rúas, os xardíns e as paisaxes que rodean a Compostela, relaciona a cidade cos dous: "*vellotes do Xiro*".

No capítulo LXXII, titulado: "*un doutor mozo do XIX*", traza unha descrición novelada de Domingo Fontán en Compostela,

> Fontán, don Domingo Fontán. Un petrucio, un senador da ciencia. O seu retrato por Esquivel espalla unha digna fidalguía de maorazgo da ciencia.

Despois Otero danos a coñecer o seu saber matemático, lémbranos que Fontán por unha triangulación deunos a realidade de Galicia que ata entón fora inintelixible.

> E de entón, xa disposto, coa consagración dunha vida, pensou na Carta Xeométrica.

Otero volve no capitulo LXXV a debuxar as paisaxes de Compostela. *A foresta máxica.* E nos debuxa unha xenerosa versión da foresta de Compostela:

> Quizais para o observador moderno, o "ego ipsissimus", espido, esparto, todas as potencias vixiantes para as presencias do mundo – as soas fortecedoras, as sufincadoiras del mesmo --, cruzando Compostela ten e alenta na impresión de pasar, mainiño ou de presa, esperto o sentido ou aqueloutrado, unha foresta rumorosa e fonda, ulinte, inzada de chamadas de follas muchas, de troncos derrubados, latexante de piares e cantigas de paxaros, de caladas pasadas de bechos silentes, de charetear de lumes viaxeiros, de bruídos de machados, de laios de fontes...Máis dunha foresta, pois espacios grandeiros a parten, e o conxunto roda, en elipse, segundo a lei das carballeiras galegas, non responde á mesma lei sazoeira.

Otero debuxa os espacios verdes que sucan Compostela, e así temos vida vexetal que en conxunto non responde as estacións, pois temos primavera ao carón do río e outono nas carballeiras. E unha paisaxe máxica.



Figura 6.14. Espello (na) no serán. Galaxia 1966 e 2000

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E podemos rematar por *o paseo das tres fontes,* no capitulo LXXVI.

> Santiago apaña moi finas augas. Dos catro elementos, a auga semella o mellor verquido e con máis amantiño coidado, entre o Viso e o Pedroso, na cidade de pedra e ensoño. Pois é galega, humildosa, xentil, tristeira

Otero nos describe uns dos seus paseos por Compostela. Baixa por Casa Reais, Chega a Porta do Camiño e saúda a rúa de San Pedro. Topase ca fonte da " *alcachofa*", máis alá una esfinxe bota auga do pazo de Altamira, e chagamos á fonte das Horfas.

> Sen dúbida, esta novela é quizais unha das máis xeográficas de todas as escritas por Otero, xeografía urbana e humana. Pois sen esa xeografía, aquí pódese dicir que a novela: *O espello na serán*", non tivera un nacer.

6.1.7. Unha biográfia. El padre Feijóo, su vida, doctrina e influencias. (1972)

Otero Pedrayo escribiu varias biografías e lembranzas dos seus amigos e contemporáneos, e doutros personaxes históricos que eran do seu interese. Pódense citar: a *Vida do doutor don Marcelo Macías y García*, a biografía de *Juan Manuel Bedoya*, e a do *doutor Varela de Montes*, a de *Florentino López Cuevillas*, e o *libro dos amigo*s. Mais temos que fixarnos na extensa e longa biografía do Padre Feijóo titúlada: *El Padre Feijóo. Su vida, doctrina e influencias.* Imos a descuberta da xeografía de Otero Pedrayo na última obra das citadas na listaxe anterior. Pois nela atópase de maneira máis certa e acubillado o seu saber xeográfico.

O Instituto de Estudos Ourensáns Padre Feijóo publicou en 1972 a obra de Ramón Otero Pedrayo titulada*: El Padre Feijóo, su vida, doctrina e influencias*. Obra escrita en castelán que é froito de varios anos de investigación. Nela Otero utiliza varias veces o latín ao transcribir historias e feitos doutros autores que escribiron nesa lingua e sobre todo o lembrar textos das Sacras Escrituras.

Nesta obra cando Otero nos relata as vicisitudes da árbore xenealóxica do P. Feijóo, cóntanos que nos séculos XVII ata o XIX as familias fidalgas e labregas acomodadas prezábanse do dobre vivir nos seus días e meses entre o pazo, a casa solarega e outras propiedades inmobiliarias nas aldeas de orixe ou ás veces nas ribeiras. Iso era guiado polas faenas do campo e o calendario litúrxico. E dinos:

> Un fenómeno de gran significación social, económica, y psicológica, ni bien estudiado para establecer las bases de un conocimiento necesario: el de la morfologia de la vida gallega. Debe advertirse que el concepto de valle vinícola se confunde con el de Ribera del mar, y el de montaña con la forma de "bocarribeira",

Esa palabra, "bocarribeira", é para el axeitada para expresar as zonas ricas e solleiras de densa poboación que envolve e domina a certa altura os vales e poden caracterizarse coa orla inferior do cultivo do centeo xa mesturado coa vide. Pois o termino montaña é equivalente na antiga linguaxe de "terra pan", como terra de "exclusividade". Aquí Otero introduce uns feitos e conceptos xeográficos, que explican as formas da vida galega do século XIX.

Tamén é moi descritiva a narración das paisaxes da aldea de Casdemiro, lugar do nacemento do pai Feijóo o 8 de outubro de 1676 na parroquia de Santa María de Meilas en Pereiro de Aguiar, no pazo da súa familia, e nós conta que, no dintel do portal hai unha inscrición que fai referencia ao nacemento do Pai Feijóo, que di: "EN EL AÑO 1676 NACIO

EN ESTA CASA EL ILMO. Y RVD. P.M. FEIJOO Y MONTENº. Otero Pedrayo nos recorda que o Pai Feijóo escribe moitas veces: *Orense, mi patria.* E con este fío nos comenta:

> He aquí confirmada por el sentimiento reflexivo la íntima unidad de las comarcas integradas en la provincia orensana. Por lo menos de aquellas, las más extensas y características cuyas aguas afluyen al Miño central o cuyos caminos, desde los contornos de las Medas, la centenera, boscosa y pratense Limia, las altas tierras de Trives y Caldelas, y las del Bollo y Viana, con los valles del Tamega gallego y sus articulaciones, buscan pasar el Miño por la puerta de los viejos fundamentos, el descanso y la apacible dulzura del recoleto solar orensano.

Este parágrafo nós marca o estilo e maneira de introducir a xeografía nesta obra, sempre que Otero Pedrayo fai a descuberta dunha paisaxe vivida polo Pai Feijóo, nos introduce coa xeografía nas vivencias e sentimentos que ten o xeógrafo, pois quere que coincidan co protagonista da biografía.

Así nós fala das paisaxes da infancia e mocidade en Vilanova suburbio de Allariz, e do mesmo Allariz e tamén de San Esteban de Ribas de Sil. Son extensas as descricións das viaxes desde Casdemiro a Vilanova e Allariz pasando por Ourense, do cal Otero Pedrayo fai un percorrido por rúas, prazas e monumentos da época. Son parágrafos que teñen que ser lidos se queremos coñecer a *xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.*

Feijóo aos catorce anos pide o ingreso no mosteiro de Samos, e con Otero percorremos a viaxe desde Casaldemiro a Samos, pasando polos Peares, Pantón, Monforte de Lemos, Bóveda, Sarria, e o val onde está San Xulián de Samos. E Otero dinos:

> El lugar, el ambiente geográfico de Samos sorprende a quien conozca la Galicia Atlántica, de suaves e individualizadas formas graníticas, abiertos y matizados valles, densa capa de "humus" vegetal y "humano " No significa lo escrito una asociación caprichosa. El pueblo labrador forma como los musgos y los líquenes sobre la roca una capa continua, de variable densidad, adaptada al cuerpo geológico de Galicia"

Continúa Otero Pedrayo coa morfoloxía das serras orientais, toda unha lección de xeografía da comarca. Segue coas formas do río e o val, o río Sarria que lle serven de introdución á historia do mosteiro.

O Pai Feijóo realiza os seus estudos na orde beneditina nos mosteiros de San Salvador de Lérez, San Vicente de Salamanca, San Pedro de Eslonza e San Xoán de Poio. Otero debúxanos a xeografía e a historia das viaxes que o P. Mestre posiblemente realizou entre eses lugares, así como a historia dos mesmos.

Despois da súa formación eclesiástica o P. Feijóo trasládase a Oviedo e reside no mosteiro de San Vicente do que foi abade por máis de trinta anos. No cruceiro desta igrexa está o sepulcro do pai Feijóo. Que morre o 26 de setembro de 1764. Na universidade era catedrático por oposición, aos seus 33 anos, de Teoloxía e outras materias. Otero Pedrayo fálanos do roteiro posible desde Pontevedra a Oviedo. E cóntanos a morfoloxía da cidade naqueles días así como a historia da súa catedral.

Despois Otero Pedrayo vai analizando a obra do pai Feijóo, e comeza co "*teatro crítico* "e as "*cartas eruditas*". *O Teatro crítico universal, o Discursos varios en todo género de materias para desengaño de errorres comúnes*, é unha colección de ensaios escritos polo monxe beneditino en oito volumes desde 1725 ata 1739. As *Cartas eruditas e curiosas*,

publicadas en catro volumes entre 1742 e 1760. Estas cartas son discursos cheos de investigacións e reflexións sobre variados temas de: medicina, filosofía, teoloxía, moral, literatura, xeografía, música, historia, climatoloxía, física, apoloxética, moral, política, urbanidade, matemáticas, arte, botánica, agricultura, zooloxía, lóxica, e metafísica. Otero Pedrayo como historiador estuda e analiza estas obras e realiza unha crítica do seu contido. É moi apreciable a semellanza da estrutura destas obras coa que ten a obra de Otero Pedrayo. No sentido de preferir discursos, ensaios e artigos de pouca extensión á hora de escribir sobre temas da actualidade científica, xeográfica e literaria. Otero o comentar o tomo sétimo no seu discurso 4: L*as dos Etiopías, el lugar del Paraíso,* cuestión está que era de actualidade nos debates teolóxicos da época co pai Feijóo, dinos:

> He aquí a nuestro monje convertido en excelente comentarista geográfico del Génesis...
> La tierra clásica desde los orígenes sumerios de los cambios morfológicos de la erosión fluvial tiene en el P. Feijóo su admirable comentarista interprete contando la imperfección de los mapas y descripciones de la época. Son páginas agradables que sería grato comparar en algunos respectos con las ideas modernas incluso a la luz de la síntesis genial de E. Suess y los mapas paleográficos de los continentes de Ankara y Gondwana, su ruptura, el geosinclinal y el plegamiento alpino, si lo consintieran las proporciones de este ensayo .

Vemos que a Otero Pedrayo lle agrada o realizar posibles estudos xeográficos comparativos e históricos sobre a evolución dos ríos en Mesopotamia.

Un dos temas que Otero explora e estuda é a estética da paisaxe, cousa que atopa en páxinas do P. Feijóo polo seu recoñecemento da luz e aptitude pola beleza, pois no seu discurso 25 do tomo quinto: *nuevas propiedades de la luz*, e no discurso 12 do tomo cuarto: *resurrección de las Artes y Apología de los Antiguos*, exponnos as súas vivencias e conceptos da beleza. Comentando estes discursos Otero Pedrayo fálanos da indiferenza feijoana ante a paisaxe e que esta provén da educación nos clásicos, o predominio dunha pura, forte e exhaustiva intelixencia, dun concepto máis matemático que vitalista, pero todo iso e outras causas que puidesen sinalarse é pouco ante a ausencia do sentido histórico. E dinos:

> El paisaje es en todo país, y más en Galicia, historia plasmada, natural y humana, en las lentas estratificaciones, en las huellas de los largos cielos vegetales y el esfuerzo humano, en las realizaciones y en los fracasos. Y para sentirlo no se pueden olvidar el tiempo de la historia y de la tradición".

Ideas estas xa expostas nos seus ensaios sobre a paisaxe.

Ao comentar as ideas do P. Feijóo sobre a natureza e as leis da Xeoloxía máis especialmente Xeognosis, coñecemento da Terra, nas súas pegadas e resultados, que podemos chamar hoxe da Geografia. E desas pegadas nós di:

> El geógrafo los ve en la estructura de una sierra o en el estuario de un río. Deja al geólogo el estudio de su origen y etapas de desarrollo morfológico. El geógrafo tiene su ámbito en el contacto de la superficie terrestre con la zona inferior de la atmósfera, es decir, en altura y profundidad la película en que se desarrolla la vida y especialmente la vida de las sociedades humanas."

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O P. Feijóo pola súa época non distingue as dúas ciencias e tende a unha visión xeognóstica, o que os xeólogos veñen chamar Xeoloxia Dinámica, pois se interesa polos terremotos, os furacáns, o mito da Atlántida, as fontes termais e os modelados dos relevos, a erosión. E dinos que o P. Feijóo é dinamista en Xeoloxía. E que acepta a teoría dunha circulación subterránea das augas mariñas dun a outro polo. E os seus estudos sobre os terremotos que afunden a terra e emiten materias sulfurosas. Das augas termais comenta que Feijóo di que proceden da mestura dalgúns minerais, cuxas partículas raen e a súa fermentación produce unha calor sensible e violenta. Sobre a constitución interna do globo o P. Feijóo non admite como lume central no núcleo, prefire colocar un gran imán. Así continúa describindo as ideas do P. Feijóo sobre as rocas, a orixe das montañas, o trono as transformacións do relevo terrestre. Sobre os fósiles, os vexetais. As mareas. As neves e o xeo. E a composición do Cosmos no século XVII. En relación coa física no discurso 12 do tomo quinto, cóntanos as catro conclusións sobre a luz: é pesada, propágase en liña recta e curvas, ten forza impulsiva, e é moi probable que a propagación da luz non se fai instantaneamente, este discurso, que Otero Pedrayo cualifica como o máis fermoso que o Pai escribiu sobre a física. Descríbenos os sistemas do Universo. Nos problemas físicos mestúranse conceptos antigos e modernos e así a súa discusión enturba e atafega o positivo valor da ciencia feijoana.

Otero Pedrayo tamén nos describe o sentido da sociedade e a economía no P. Feijóo, que recoñece nos homes, segundo os países, diferenzas no sensitivo e vexetativo. E dinos que a paixón nacional é filla lexítima da vaidade e a emulación. A inxustiza e o excesivo amor nacional é un sentimento que dana a todos. E que recoñece nos libros políticos a falta de verdade e unha vaidade insufrible. En todo este tema é a Xustiza o ideal da sociedade.

Otero fálanos do espírito crítico do P. Feijóo, determinado por obxectivos precisos e claros, que percorre a temática e os métodos. O reflectido o debido á contradición, ás variadas incidencias, que non desvirtúan as liñas da argumentación, reducidas ás veces a lóxicos esquemas. O Pai Feijóo emprega o criticismo idealista o de esencias e de formas, e sabe expresarse sen fatiga na constatación experimental e testifical dos feitos. Toda a obra feijoana é un desmentir de erros comúns. Sen desdeñar a polémica dos detractores da súa obra. Otero aplaude a reforma dos estudos universitarios de 1768 en Castela, o plan de Olavide de 1769 en Sevilla e no resto das universidades de Salamanca, Alcalá, Selecta, e Valencia. O Pai estima necesaria a Lóxica e a Metafísica e estudar as regras para resolver sofismas.




Figura 6.15. El Padre Feijóo. 1972

Otero Pedrayo introdúcenos e estuda a crítica da superstición e dos saberes máxicos. Tambien a critica do que fai a medicina en daqueles días. E que, a pesar de ser un gran teólogo na súa cátedra, pouco

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

escribiu sobre a teoloxía. Finalizando cun ensaio sobre a significación e destino da obra do P. Feijóo.

Podiamos dicir que é pouca a xeografía nesta obra de Otero Pedrayo, aínda que nun libro como este de setecentas setenta páxinas, as descricións desas viaxes do Pai Feijóo deben ser lidas como se un estivera percorrendo as rutas polos campos e polas rúas de vilas e cidades de século XVII e XVIII




Figura 6. 16. A estadea 1936

6.1.8. A estadea (1936)

Xa dixemos que, o ano 1936 foron rachados os esforzos e estudios na xeración Nós e das forzas do galeguismo. Para Otero que en maio dese ano foi elixido presidente do Seminario de Estudos Galegos, significou unha realidade fantasmal, pois fixéronse anacos os ideais de seguir facendo alta cultura galega. Pois nos meses posteriores ao inicio de sublevación. Otero escribe un canto no que nos transmite a súa magoa e tristura. Son 136 versos sobre a clausura do Seminaro de Estudos Galegos, que titulo*u: A Estadea.* Unha Santa Compaña. O manuscrito deste texto gardase na bibliotecas de Xaquin Lorenzo "Xocas" depositada no Museo do Pobo Galego. E foi o catedrático Xesús Alonso Montero o que encontrou estes versos nunha copia mecanográfica na Fundación Penzol. Achado que publicouse en 1998 no número 10 de serie *Alicerce*s do Museo do Pobo Galego.

Pois ben, nesta Compaña, os persoeiros de SEG camiñan pola xeografía de Galicia.

O poema elexíaco comeza así:

> Longa tebra de brétemas chorosas
> riba do maino devecer dos soutos,
> randear de muchas follas dubidosas,
> i o salaiar do vento nos petoutos,
>
> Canto saudoso e verde dos arumes,
> decrebamento vago das paisaxes,
> historias que á serán contan os fumes
> de lobicáns, espeitros e romaxes.
>
> Algo fuxe levian como salaio,
> algo pasa no vento, silandeiro…
> Hoxe voa na testa do Domaio,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pousa mañán nos adros do Ribeiro,

Trema na paz de pedra da Quintana,
Peta nos craros vidrios da Marina,
Cas ondas galga por a Buserana,
Do Pico Sagro ronda a testa fina.

E nesta estadea hai sombras de espíritos dos amigos mortos e vivos, que serviron á ciencia de Galicia, así Otero vai nomeando a eses persoeiros ilustres membros do Seminario de Estudos Galegos.

Vicente Risco

Como lámpada fiel do tempo Prisco,
testemuña baril da idade oután,
fosforecia na man do iluste Risco
o fémur xigantesco de Breogan.

López Cuevillas

Tolle o reuma as canelas de Cuevillas,
leva na man campaniforme vaso,
arquiólogo de moitas campanillas
atura con pecenza o triste acaso,

Filgueira Valverde

As tibias de Filgueira longos zancos
raña cun peroné aquil ritmo trocaico
que en vida por as terras de Nemancos
o fixo preste de un epodo arcaico.

Bouza Brey

Uns dirán: foi bo pretor da Estrada;
e os máis: vaille millor a Lei
ditada aos poetas por a noite arpada
ao bon chantre d¨Arousa Bouza Brey.

Xesús Carro

I outos máis, toda xente veterana.
Un crego, Carro, de falar medievo
moi ben relazoado na Quintana
e nos adrales de historial lonxevo,

Lois Iglesias

Lois Iglesias maxina bolboretas
nos fuxidos xogos do luar
E lepidopterizando nas caretas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Soio atopa dos vermes o brilar.

Parga Pondal

Parga, renovo bon de Bergantiños,
mira as micas o brilar sereo
xunguido aos feldespatos cristaiños
Como outrora Gea no himeneo.

Ramón Piñeiro

Xocas escuita do crain guerreiro
a chamada baril e vai ao frente;
aló nun castro esbróanlle un ombreiro
i é o soio vivo qu¨hai en tanta xente,

Otero Pedrayo

Fuma Otero Pedrayo seu charuto
us funeraria, fume vesperal
que envolve en néboas o esquelete hirtuso
saindo por o buraco occipital.

Iglesias Vilarelle

Vilarelle executa o organistrum
o Dies irae fadal do Seminario
Na románica moda dos magistrum,
No santiagués estilo milenario,

Otero non nomea a todos os membros do SEG, quizás son máis próximos a súa persoa e á inspiración da fiel musa Erató coroada de mirto e rosas.

É a Santa Compaña percorrendo a Galicia, o Seminario de Estudos Galegos de curta vida de 1923 ata 1936, un centro de alta culturas, que quixo levala máis alá….

6.1.9. Bocarribeira (1958)

Otero publicou un único libro de poesía en vida, titulado: *Bocarribeira*. *Poemas pra ler e queimar,* publicado en 1958 en Madrid polos mozos de Brais Pinto. Deste libro dinos Carballo Calero (1981):

> Son cáxeque sempre composicións moi breves, epigramáticas - non satíricas, pero coa concisión do epigrama - que nos amosan ao poeta en profunda comunicación co ambiente natural que a arrodea.

Vistos os escritos de Otero Pedrayo, podemos compartir que foi un poeta da xeografía, máis ben diría eu que, foi un xeógrafo que coa súa poesía escribiu xeografía, un xeógrafo e poeta amante da súa Terra Galega. don Ramón escribiu:

Bocarribeira; herdade, souto, laxe,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

sol mañanceiro, parras de caíño,
eira soante, leda muiñaxe,
feiras raiosas, gosto do camino….

***

Bocarribeira, leda pinga,
e grave pan,
hedras con abellós
e o nórdes oután.

***

Baixa o outono, rube o abril
entre montaña e ribeira;
do merlo o canto souril
e o pranto da carballeira
pousan no engado xentil
dá leda bocarribeira.

Só estes versos da obra: "*Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar"* de Don Ramón Otero Pedrayo, veñen definir o estado do espírito do seu autor. E sobre todo a íntima unión coa palabra máis oteriana e xeográfica do seu vocabulario: *bocarribeira*. Son catorce versos escollidos para describir unha bocarribeira. É claro que Otero está a pensar, vivindo e sentindo a paisaxe da parroquia de San Pedro de Trasalba. E constatamos que catorce versos, en cincuenta e oito palabras, hai vinte e un termos xeográficos. Esa porcentaxe de case o 40 % de termos xeográficos nunha obra poética. E hai estrofas desta obra que superan esta porcentaxe.

Podemos preguntarnos si Otero publicaría esta obra poética sen ser xeógrafo. A resposta é clara, notoria e rotunda: non, xamais se viu tal cousa. Un dos poemas da obra dinos:

Poesía,
raiola na maña fría,
alborada lucidía,
toda a vida recendía,
todo morrer frolecía.
Poesía.

É certo que Otero tivo pouca produción poética, pero os seus discursos, novelas e ensaios están cheos de sentido poético, é dicir, relacionado coa poesía, pero o seu espírito literario atopábase máis a gusto nos arredores da poesía. Sempre os seus substantivos e verbos acompáñanse de adxectivos que cualifican ou determinan un feito a maioría das veces xeográfico. O poema anterior denota e lévanos ao devalar da vida, que nos di é poesía. Son dous os poemas dedícaos a*: Os chaos de Amoeiro.*

Chaos de Amoeiro,
sombra quente no vran,
no inverno xiada,
enxamais mollada.

***

Nos Chaos de Amoeiro
vento, pan, area
triste pasaxeiro

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

deixa a sombra negra
que o vento abanea

***

Están nestes dous poemas ben definidos unha paisaxe e a seo devalar xeográfico. Otero coa xeografía fai e compón poesía. É o poeta da xeografía.

Todo a poesía de *Bocarribeira* é un estar na xeografía de Amoeiro e en especial na parroquia de Trasalba. Otero cos seus versos trasládanos o seu sentir, a imaxe do territorio, os límites do seu ver e ollar aos catro puntos cardinais desde a solaina da súa casa. Otero é poeta e xeógrafo. Logo tamén na poesía temos *A Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*


Bocarribeira

Poemas pra leer e queimar

Bocarribeira: herdade, souto, taxe,
sol mañanceiro, parras de caiño,
eira soante, leda muiñaxe,
feiras raiosas, gosto do camiño..
moza souril de abóa na serra albeira
e noivo garanduxo na ribeira.

Trasalba dos Chaos
Nadal e Reises
MCMLV - MCMLVI

Figura 6.17. Orixinal de Bocarribeira. Fundación Penzol

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.1.10. Xeórxicas do pan galego

Xeórxicas do pan é unha longa poética de Otero da que fixo tes versións. O manuscrito está depositado na fundación Penzol. Pois ben, en 2013 publicouse unha edición dese poemario dirixida por Manuel Santiago Fernández Álvarez, máis coñecido polo pseudónimo de Manuel Forcadela, pola *Editorial Galaxia*. Que en palabras de Carvalho Calero son: *as Xeórxicas do pan galego,... de gran enxebrismo galego*".

A obra é un relato dos labores e personaxes do mundo rural, a sementeira do centeo, a sesta ou o descanso nos campos, o canto das fadas, a recollida do gran, a carga nos carros de bois, a agrupación da palla en palleiros e finalmente os cantos na maia. E que segundo os investigadores a obra posiblemente este inacabada nos seus 2.400 versos na versión máis longa. Son tres as versións atoadas destes poemas.

E no discurso de presentación desta obra no pazo de Trasalba o 30 de xuño de 2013 polo profesor Forcadela, dinos:

> A formación xeográfica de Otero está implícita na súa espreita da natureza, vivida como unha experiencia sentimental, cousa que ten levado a algúns autores a falar de "xeografía estética" e de "xeografía viva e espiritoal"

Vemos pois, que a xeografía que se atopa no texto é unha xeografía humana e rural, recollémola nas súas palabras e descrición de faenas agrícolas e nas paisaxes das zonas de cultivo. Xa Otero no prólogo da Gran Enciclopedia Galega nos di:

> O sentimento do traballo labrego e mariñeiro ten xunguido á xente galega coas leis cósmicas nunha fonda vivencia; coma nas *Xeórxicas* de *Virxilio,* o poema clásico máis casado coa visión do tempo e do traballo galegos.

Como de toda a obra poética de Otero penso que, máis que facer forza para buscar a esencia xeográfica dos versos, só temos unha cousa que facer: léela paseniñamente baixo a mirada dunha paisaxe.

Nesta obra Otero segue na súa andaina os pasos de Virxilio, e así temos que recordar que na biblioteca de Trasalba temos de Publio Virgilio Marón a *Opera Omnia,* e a *Eneida.*

Imos pois, a salientar uns poucos sucos raiados desta sementeira poética, paisaxe xeórxico paisaxe xeográfico que comeza así:

> O xenio do centéo, adusto e grave
> Vaga por as antigas carballeiras
> Y-os espallados ermos onde o vento
> Xostrea insomnes bultos de penedos
> E briza o espello morto e cristaiño
> Dos illós silenzosos. Por as gándras
> De armoñosos piñeiros povoadas,
> Por as bravas encostas que as frieiras
> Rachan con tolo ecoar nas invernías
> E nos chaos ondeados que dos outos
> Miran o longo mimo das ribeiras…
>
> Da estrela da serán. Non procuredes
> O étnico e rexo xenio do centeo
> Por a donda Galiza das ribeiras
> Ben tecidas de vides nin na leda

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fartura con que se abren cara as alas
As beiramares de cántigas vibrantes
Quere a aldea lonxana po os érmos
Severos rexamente adoutriñados,
A serra nai dos rios iñorantes…

O fidalgo Salnés e das Mariñas
O engádego xentil, da Avia e da Arnoia
As abas faturentas. Petai rexos…

Vive nos vaporosos horizontes
Da Limia lameirenta e carballeira,
Da Terra Cha, que o Moño noso cruza
Sorrires de ouro presta as lonxanias.
Deza e Rodeiro. I-Ordes e Mesía.
E o gandeiro melide, e de Ortigueira…

Sementeira…

Madrugaron as serras envolveitas
En néboas vaporosas. As longas somas
Tenderon sobor de eidos e camiños
Os páledos eispectros do arboredos…

Que das serras da Loba e Montouto
Desceeu pra esquecere na soedá do faro
Soma xigante de Rodeiro e Deza.
Viña tristeiro e canso. Eramoi vello.
Pra que voltarao mundo, demandaba
“Millor durmir ao pé do Sagro Monte”…

Com`os ecoares solenes daLanzada
Nos pechos piñerais e nos roquedos,
Nas abas dasmontañas galoupadas
Por o estrondr salvaxe das frieiras,…

Epos do norde ceibe…

Chove lomngo e caroal. Baixas os ríos
Gozosos, farturentos, cantareiros
Ao descer as mortes, ou van graves
Pomposas, e risoños por as veigas
Xa nin teñen canal, nin con as beiras
Cadabullos nin marcos decurrentes…

A sesta das agras…

Chegaba o bardo por o bos vieiros
Que docemente os montes conxugando
Pasan sempre moi outos, e non saben

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

De outro arelar que dos vieiros do ceo
O xufir luminoso. Aínda a invernia…

A ronda das fadas…

Cinco eran, cinco, as fadas vaporosas,
Contounas o rapas loiro das vacas
Cando con luar a casa daba volta
De faguer unha emprega no muiño…

A seitura…

Dende Amoreira a Melide a nova albeira
Brincou con ar e acento de paxaros,
Foi fita nos currás e nas lareiras:
" E o tempo da seitura!" Cada ano
A mesma nova desde lonxes séculos…

Largas carradas de pan…

Despazosos camiños montesios
Noutrora graves por os largos ventos
Mallados a cotío, agora sodes
Baixo o imperio de loiro e verde Juño
Triunfantes e algareiras aveñedas…

A ronda das Medas…

Florece no San Xoan ca graza loira
Das medas ledas. As contestes rodas
Dende o pé hastra o curuto arredondean

O anterior feixe de versos son máis que suficientes para reafirmar a tese de que, Otero sempre está sementando os seus coñecementos da xeografía galega na composición das súas obras, eiquí na súa poesía. Se nomea a toponimia, as comarcas, os ríos, as formas das montañas e as paisaxes.

Pódese deducir a vista da ultima paxina do manuscrito desta obra, que é unha obra inacabada, pois figuran como cousas a facer*: Eros do centeo. O himno dos bosques. A flor do viño. A gloria das neboeiras. E a Graza dos xardíns,* Temas todos eles tratados nos seus artigos en prensa

6.1.11 Arte dramático na obra de Otero Pedrayo

Na Xeración Nós, foi un eixe da súa inquedanza o emprego e fomento da lingua propia en tódolos eidos da cultura. E case todos eles, escribiron obras de teatro.

Para un xeógrafo ter que descubrir xeografía nunha obra teatral é de xeito inicial unha cousa case na penumbra. A xeografía non se atopa nun escenario teatral. Tal vez no dialogo das cousas da vida, metáforas dos estados da alma que representan os comediantes, nunha viaxe, nun drama rural, na vida dun fidalgo ou un exclaustrado, na biografía dunha galega

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

como Rosalía. Quizás as obras de teatro de Ramón Otero Pedrayo, sempre deben ser lidas e non olladas dende o patio de butacas por un xeógrafo.

6.1.11.1. A lagarada (1928)

A Lagarada. Xa non se pisan as uvas no lagar, as prensas levaron *a Lagarada*, que era unha das faenas que tiña a vendima en cada parroquia de Galicia, iso xa está no recordo. Pisábanse as uvas para extraer o froito das primaveras e veráns nas ribeiras dos ríos galegos.

Esta obra teatral é un drama rural, un crime froito de paixón no ambiente da vendima. Otero case escribe unha obra de teatro para ser lida, describe a paisaxe da escena, os movementos dos personaxes e dos actores irreais: as cubas, a alquitara, as fadas e as sombras. Escenas na casa, na súa solaina, na adega e no monte próximo. O escenario podía ser a casa de Otero en San Pedro de Trasalba e no cercano monte Medelo. Desde o cal nos describiu os seus horizontes e a paisaxe xeográfica noutras obras e ensaios. A xeografía desta curta obra teatral está nos preámbulos de cada escena: describe a estación da vendima, as faenas agrícolas que realizan os personaxes. A luz, o clima, a néboa, as noites e os días. O monte, a terra, os aires, as follas, as fontes, a auga, o chover, o ceo. A adega, as parras, as uvas, o lagar, as cubas, o viño. Foi a lembranza dunha tristeira vendima.

A escena primeira do acto primeiro ten como escenario unha casa labrega que Otero a describe así:

> Patio ou curro da casa do Señor Vences. Enriba a parra retorta sosteñida pola grande cepa de caíño que zuga fai séculos o torrón do sábrego xunto da porta da bodega. Á dereita dista porta, a do lagar e a escaleira da casa rematada nunha pequena solaina. No fondo a porta grande da cociña terrea e as máis pequenas das cortes e cortellos amparadas todas por un pendello que chega o rente da parra e como ela sufíncase en postes de pedra.

6.1.11.2. Teatro de máscaras (1934)

O *teatro de mascaras* é un feixe de dezaseis pezas moi breves escritas por Otero no ano 1934. Pero se publicaron en 1975, cando os seus antigos alumnos do Instituto de Ourense fixeron unha edición para ofrecerlla como homenaxe. E que a *Editorial Galaxia* publicou en 1989.

No *teatro de mascaras* de Otero, os personaxes son os mesmos que nas novelas, fidalgos, labregos, cregos, un poeta, as musas e tamén temos o pan, o viño, unha ponte, un pazo, as árbores, un can, un pipote, os penedos o luar, un doutor, os doentes, uns traxes, os ventos, as fadas, a morte, a vida, uns militares, un literato, xentes de aldea, San Roque, San Wintila. Xa que as escenas teñen lugar en ambientes rurais recreando o pasado do Antigo Réxime, a fidalguía rural, as distintas capas sociais e costumes de aqueles anos. As descricións lévannos a novela *O camiños da vida.*

Poñemos como exemplo *A farra do pan e do viño,* acto XII, que ofrécenos a festa das labores na campía de facer pan e viño. E a paisaxe que describe Otero é:

> Xorden longas agras e nelas co sol de outono os homes arando e sementando o pan. Palican ó lonxe as carballeiras xa marelas. As xentes cantan saudosas cántigas da sementeira. Vellos rexos, inspirados, aconsellan con grandes berros. Os mozos duros van extasiados. Van xurdindo as agras debuxadas en sucos e o canto di: sementamos a esperanzado aldea

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.1.11.3. Rosalía (1959)

Este Parladoiro que non se publicou en vida de Otero Pedrayo, pero se encontra asinado en Trasalba, no maio do 1959, foi publicado pola *Editorial Galaxia* en xuño de 1985. É unha fonda interpretación de Rosalía, da súa vida e a obra da poetisa. É un diálogo dramático que ten lugar en tres paisaxes, unha de Santiago de Compostela, outra en Madrid en 1857 e outra nas veigas de Sar. Ademais de Rosalía temos como personaxes a Murguía, varios fidalgos, mozos e mozas, varios cregos. os poetas Bécquer, Neira Mosquera, e Aurelio Aguirre. E logo uns personaxes animados polo romanticismo de Otero: as pedras de Santiago, as belidas donas da Catedral, o canto do pobo, o bosque de San Lourenzo, as botinas dunha moza, os zocos doutra, a rosa roxa, a rosa branca, os ollos dos mortos, unha tampa antiga ou un balaustre en flor enseando camelias e pazos, un fume ou néboa leiva, case pneuma da terra, os coros irmáns, os antigos silencios e remorsos, a nau bogadora, as sombras, as tristuras, as bagoas, a fonte soa no ermo, outro son de auga entre sebes, a auga viúva, un marmullar moi fondo, un mariñeiro, as vellas, as badeladas, o peleriño, o pranto das saas das mulleres, o remorso do fidalgo arruinado a fonte das patios, os homes e mulleres na emigración. Vistos todos estes personaxes, Rosalía é unha obra dramática para ler, e de moi difícil representación.

A paisaxe da casa da Matanza:

> Na veiga do Sar, polo tépedo inverno; no cemiterio de adina, na cinza e calma hora do abril; nos graves arrabaldos de Compostelá; na casiña, beira dos fillos; en calquera parte e en ningures: Rosalía.

6.1.11.4. Noite compostelá (1973)

Pequena peza de teatro publicada no número 40 da revista Grial en 1973. Nela Otero con personaxes como: un fidalgo, unha dona descoñecida, un doutor enciclopedista, a estatua de Minerva, o escultor Ferreiro, un liberto, unha pomba, Rosalía, a amante esdenada, o desenganado dos libros, un vello azorrado, un feudal, o escribán, un mozo, un casado, un pobre vello, unha mociña, o valente destouzador dos ermos, o que ventan a morte, a que va parir, a sibila de cen anos, un farrapo da neboeira, o albriño doncel. Todo no escenario das rúas de Compostelá dos primeiros anos do século XX

> Polo Sul as nubes do mar sobor dos piñeirais en roda, maxinaban Mahías de fonduras de Arousás. Nas canles, nos agros, nos rueiros, nos illós de augas fora do tempo dos adros, a esperanza da chuvia leda unha tona de impaciencia. Polo Nordés e o rumbo de Lugo pousaba a espallada lus branca do serán de montaña. Durmía nela unha lonxana e nena conciencia de neve. No medio de entrambos hemisferios, de lus cima, de lus branca, Compostelá ensoaba podentes cimas de arquitecturas.

6.1.12. Narrativa breve, contos de Otero Pedrayo

Os primeiros contos que escribiu Otero foron *tres contos* en 1926 no número 34 da revista *Nós*. Outros sete relatos foron incluídos no libriño titulado *Contos do camiño e da rúa*, publicados en 1932 por a *Editorial Nós*. En 1957 a *Editorial Galaxia* publicou outro feixe de vinte contos baixo o título *Entre a vendima e a castañeira* e de novo Galaxia editou nove máis en 1988 na edición póstuma, *Contos de Santos e Nadal*. Son un total trinta e nove contos, narracións moi curtas onde os protagonistas veñen sendo os fidalgos, as clases emerxentes de aquela época a burguesía comercial, os funcionarios, o campesiñado e o chamado mundo sobrenatural e relixioso. Alí sempre a paisaxe do rural galego. Imos ollar esa paisaxe

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.1.12.1. Tres contos

Quizás foron os primeiros contos escritos por Otero Pedrayo os publicados en 1926 no número 34 da *Revista Nós* nun artigo titulado: *Tres contos.* Eses tres son*: O Medo, o Luar e os penedos, as onzas*. No primeiro relatase o medo dun neno ao presenciar unha matanza.

6.1.12.1.1. O luar e os penedos.

Este conto comeza así:

> Os penedos polo día calan no monte coma nun silencio planetario. Mais pola noite cando o luar vai apalpando entre nubes e penedos as pedras falan.
> Por iso o piñeiro torto da gándara garda o medo de ouvir aquelas verbas da pedra e está sempre en actitude de escoitar.

Sabendo que o estilo de Otero ao escribir bota man das metáforas, atribuíndo a seres non racionais (animados e inanimados) calidades, accións ou facultades humanas. Unha prosopopea. Esta figura retórica está en case todos os seus contos. E así máis adiante neste conto continúa:

> O luar e os penedos falan coma vellos compadres.
> Os cotos amontoados comestos polos fíos da serra de augadas invernías: as pedras de ovo, semellantes os cerebros dos homes primeiros; as laxes tendidas que teñen marcas non vistas polos ollos humáns, mareiras de fogo interior da terra que as fan rubir e baixar a maneira do salgado lombo das badías.
> Todo o monte creba a súa sede de verbas na pulpa da froita da lúa.
> E din: chegaron os canteiros e racharon a nosa éntrama.

Despois se nos contan as operacións e traballos que realizan os canteiros e ao final os penedos pensando das pedras arrincadas din:

> Xa non son nosas. Outra alma ficou nelas, a alma que lle sopraron os artistas, os obreiros, a ademais a dor acugulado das xeracións crecidas e mortas os seus pés...
> Os penedos gardaron desde entón unha alma melancólica de patrucios abandonados.

Este conto reflicte a man dun autor que ten coñecementos de xeografía e xeoloxía, pois introduce conceptos desas ciencias no relato duns feitos ocorridos na paisaxe dunha canteira e o resultado do tempo. Unha nova paisaxe.

6.1.12.1.2. As onzas

Neste conto o escenario é unha partida de cartas na sá dun pazo. Que se interrompeu cando o herdeiro do pazo depositou na mesa de xogo ata sete onzas de Carlos III. E un deles dixo:

> !Ti fixeches algo malo!

O conto remata así:

> Ao romper o día a dúas légoas do pazo, as primeiras vellas que correron á misa atoparon o gandeiro morto no camiño fondo onde inda reinaba a noite. Ferido

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> en loita franca o volver da feira, tiña sido rematado por man aristocrática polo prezo dunha xugada de bois.

Pouca xeografía temos neste conto, quizás só o reflicto da carácter dalgunhas persoas. Xeografía humana. E ironía dun autor de contos.

6.1.12.2. Contos no camiño e na rúa

Baixo o título: *Contos no camiño e na rúa,* Otero publicou na editorial *Nós* en 1932 este libriño de sete contos.

6.1.12.2.1. A serea

Fermoso conto do amor dun fidalgo e unha serea. Temos varias paisaxes.

> E chegou o cordoazo de San Francisco, os Santos, o inverno. O vento peiteaba a contrapelo os piñeirais; os charcos da praza gardaban todo o día un reflexo mormo de luzada tristeira...
> Unha estrela tremendo entre as néboas sinaloulle cos dedos de luz o pazo mariño da súa amada. As píllaras celebraban os esponsais voando en nube desfiada e os mouros corvos, asembleados no areal, contaban que o home pálido roubara a terrible deidade parase casar con ela e iren vivir xuntos no pazo da montaña.

6.1.12.2.2. A criada

O conto é quizás un desexo de Otero, eran tempos da decadencia da fidalguía, e Otero acariñaba a súa volta. E di:

> E o fidalgo casou coa criada.

6.1.12.2.3.. O pazo das cinco chagas

Cinco son as fillas dun fidalgo e cinco as chagas da paixón do Señor no escudo de armas do pazo. Máis como case todos os pazos queda sen herdeiro. Nesta tristura Otero descríbenos o río preto ao pazo:

> Polo río rubían a folgar as lanchas a vela e máis aló. Trala cortina mesta dos piñeirais, espallábase a grandeza da ría, vibradoira do sol, escura de reflexos de nubes, cinguida de escumas algareiras, pechada por grandes montes para comungar coa a hostia do sol puña tódolos seráns o seu traxe violeta de bispo.

Nun conto e no conto Otero Pedrayo fala da paisaxe ao serán e do río como camiño que vai ao mar, entre piñeiros nun val pechado por grandes montes.
E remata o conto:

> As silvas cubriron as pedras da solaina e o vento do largo peneirado pola harmonía enigmática dos piñeiros choutou tolo, burleiro, terrible e irónico das salas desertas do Pazo das cinco Chagas.

6.1.12.2.4. Dona Xoana e don Guindo

Un fidalgo xa vello, que vive nun *pazo da bocarribeira de Carballino* mando a seu fillo a coñecer os parentes que teñen na Galicia. O conto recorda aos itinerarios que Otero describe na *Guía de Galicia*. O rapaz é o narrador e conta:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Precisamente aquela mañá crebárame a badelada da capela un ensoño cuia meiguice me cubría ata as doce, como o orballo cobre as frores do xasmineiro. Eu viaxaba máis aló das serras azuis, baixaba os vales murmuradores de augas e rubía os cotos esgrevios, niños dos ventos bravos...
> Louvaba a ciencia do cóengo de Sant-Iago, a riqueza dos fidalgos os primos, da beiramar do Salnes, as bodegas das tías do Riveiro de *Avia*, a beleza da gándara, das sobriñas que arredadas do mundo baixo o goberno dun pai tolo, gastaban a mocidade na terrade Sobrado dos Monxes, lonxe da moda e lonxe do amor, e admiraba a santidade da monxiña de Santa Clara de Allariz, e do abade de San mamade dos Agros.

Este conto e o libriño dos sete remata así:

> Dona Xoana e don guindo entraron na categoría dos mitos. Eu non me atrevo a penas a falar deles ¿ Para que ? A súa memoria está asegurada e fanlles xustiza o verdecer e o froitecer inmorredoiro das castes ilustres que levan ledas e fidalgas os seus nomes lexendarios.
>
> ! Terra a nosa!
> Trasalba, outono de 1930

6.1.12.3. Entre a vendima e a castañeira

Este libro é o máis extenso dos que escribiu Otero recheo de contos titulado: *entre a vendima e a castañeira,* foi publicado en 1957 pola editorial Galaxia, no que se recollen vinte relatos de narrativa breve. Recollemos só tres.

6.1.12.3.1. A revolta de Casadenón

Este conto comeza así*:*

> Na estrada dos Chaos a revolta de Casadenón é, como denantes, a máis vistosa. Dá xenio, no outono, ó se ergueren as néboas dos ríachos e lourear o sol nos penedos, botar un pito alí, denantes de seguir camiñando.
> Á dereita, pola encosta, inzáronse bastos piñeiros. Aínda son novos. Inda non podreceron en tocos vellos.

Vemos como en tantas ocasións que a paisaxe é un protagonista máis. Pois nun piñeiral cométese un crime cando alí se cortan os pinos.

> Xa estaban os derradeiros piñeiros tronzados. Só faltaba un. As toradas rexas, redondas, pesadas, só agardaban un rempuxón para rolar monte abaixo. Er fermoso velas baixar. No primeiro tercio da encosta, de pelo de lobo, un saínte de laxe pizarreña dáballes nova forza para baixar choutando. Paraban as máis na cuneta.

6.1.12.3.2. O ensoñar do torrón labrego

O conto é esa visión xeórxica que segundo Otero era o rural galego daqueles dias. O labrego sempre ten un sono coa súa terra onde nace, vive e morre. E Otero descríbenos eses sentimentos da alma do labrego na paisaxe do seu torrón.

> Alí agardaba a grande e testuda Seara, bo torrón enxebre cos súas cabeceiras de casqueiros, os seus cadabullos verdes e floridos e os cotarros de arredor pouco encetados polos canteiros. O lugar non sendo dos máis vistosos,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> afastado dos camiños mestres, era moi do gusto do tío Trocado, pois alí sentíase máis home de seu, no torrón forte gardador da lentura, de bo render se mans experimentadas o maquian no traballo amoroso, grave, respectuoso, como conversa de antigos amigos...
> Aínda nono peneiraban as ponlas a luz da mañá. Na Seara mantíñanse no ar, nas murádellas, figuranzas de inverno. Afondaba lonxe a sucádela da ribeira, o cantar non ben asegurado do cuco. O vello decatouse dunha friaxe de seixo no peito a as mans non andaban listas desfacendo o portelo.

E xa no cabo dos seus días o labrego está nas portas do Alén

> Xa ben pouco me falta. Vou ás Searas da eternidade. Non me mancaran rellas de arado. Deumo a entender a terra. Ben lodo vou ser ensoñar da terra, soño fondo e sen feitura, ou ensoño lixeiro. E non quererei deixala. Hei ser ditoso sendo dela un livián ensoñar.

6.1.12.3.3. Os armentíos e as mallas do Morgadan

O conto comeza case cuns datos da vida do neno Ramón.

> Cando eu era neno, neniño naipelo, chegaba por veces á nos casa da bocarribeira un vello da serra Martiñá.

E nos describe os pasteiros onde levan o rabaño pacer todo o armentío.

> Naqueles lombos demarcadoiros do Barbantiño e o Asma, barís mozos monteses, non lonxe da esculturada Martiñá de pedra que ergueron os bernardos de Oseira, as grandes larganzas de monte son un fondo horizonte, sinxelo e podente, de moitas vidas.
> O ermo conquere, apaixona, emborracha. A súa luminosidade leva por termos abstractos e non se pecha no demarcado das paisaxes ordenadas e ritmadas polas graves farturanzas vexetais. O tempo vai ben a modiño.

E dunha festa das mallas nos conta:

> a lapa levoume a un pobo, quizás o meu, onde parou no centro dunha aira ben laxeada de medas, madeiras e medouchos no cerne do inverno. Facíase unha malla, das grandes, mis unha malla calada. Como se os mallos foran de palla e os malladores E envurullos de lá.

6.1.12.4. Contos de Santos e Nadal

No pequeno prólogo que ten este feixe de dez contos e que está datado en: *Sant Yago de Compostela, 8 de Santos 1956,* Otero deixa caer os motivos destas pequenas narrativas. Das que destacamos dúas.

> Os vellos gustamos dos contos. Mais non sempre por nos xustificar diante dos novos ou por panforrear da experiencia, senón tamén por contar os mais e a nós mesmos, intres e aconteceres sospeitados e non vividos. As nosas vellas preguizas e indeferencias son xustificadas nalgunha mesura polos contos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.1.12.4.1. O sorriso da serea

Este conto é a historia da decadencia dos pazos polo abandono dos fidalgos. Estamos en 1804. No pazo da Area de alí saen cinco comiños:

> Cinco camiños saian do campo das Carballas, soleira e vestíbulo da casa, chantados polos vellos fidalgos para deixaren abondo sombras e sinaladas executorias de outono.
> O camiño a cidade. Íase en carroza
> A estrada da montaña. Adoitábase valente cabalo. Á parte o vieiro da encosta para o mosteiro. Era de usanza a mula.
> O carril para o porto mariñeiro, malfadado, o dos veleiros vagamundos. Só de a pé.
> O quinto camiño, o dos paxaros, o vento e a noite.

É a situación das comunicacións dun tempo, hoxe xa esquecido, tempo das paisaxes e reviravoltas do século XIX que tan ben estudou Otero.

6.1.12.4.2. O vello e máis o Río

Neste conto temos dous protagonistas: un neno e o río Miño.

> Regueiros da Terra Chá de meus aniños. Albo e verde balado. E o meu cantigar polos lameiros. Daba gusta a friaxe verde e non tiña grima de se bañar espida nos illós a estrelada mañá por un eu mozo inocente....
> O Miño vai dende hai lagoas, como hai anos, decorrendo sobre das propias lembranzas. Xa non toca coas augas vellas, sensitivas, chan novo algún. Decorre sobre si mesmo. En verdade xa está morto, belidamente morto...Pero deixar maxinar o vello ría.

Nestes once exemplos de contos dos corenta publicados por Otero nótase moi ben, que Otero ten no seu pensar un claro romanticismo centrado na xeografía do mundo rural. E nos seus personaxes preferidos: O labrego, o fidalgo, o tendeiro e o crego. E latexa no seu escribir o fío dunha memoria das lembranzas de neno. É a xeografía dos vieiros destes contos a mesma que nas paisaxes das novelas de Otero, que nos dan sempre unha ensinanza moral ao través dos seus protagonistas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO VII

ARTIGOS DE PRENSA, ACTUALIDADE XEOGRÁFICA

7.1. OS ARTIGOS NOS XORNAIS E REVISTAS. ACTUALIDADE XEOGRÁFICA

A cantidade de artigos en xornais e revistas que publicou Otero non foi na súa totalidade estudiada. Esa actividade xornalística de Otero comezou na súa xuventude con 29 anos na revista *Centuria.* Desa época díxonos:

> Fiquei engaiolado co arte superior de vostede escolmando e ordenando ramos votivos na púlante vexetación de tantos artigos e ensaios da miña xuventude.

Son palabras de Ramón Otero Pedrayo escritas en carta do 10-IX-1973 a don Carlos Baliñas Fernández, co gallo da publicación da escolma de artigos e ensaios no tomo *Parladoiro* das *obras selectas* de don Ramón. Libro que conten 139 artigos publicados en catro xornais e dez revistas. Temos que dicir que esta escolma foi a única autorizada en vida polo propio Otero.

Son case 1.000 os artigos que publicou Otero en 64 xornais e revistas, segundo os datos que aporta o catálogo da exposición do seu centenario en 1988. Por certo, bibliografía copiada do libro publicado por Galaxia en 1958 co gallo do libro *homenaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*. Os temas son en grao sumo moi variados, por iso tratei de buscar aqueles dun carácter máis xeográfico. Centreime en primeiro lugar nos que teñen como motivo o mapa de Fontán. O Fontán que acompañaba todos os días a Otero cando estaba en Trasalba, e segue sendo admirado por todas as visitas á casa de Cima de Vila en Trasalba. E alí facer ese exercicio de buscar nel o noso "*recuncho*", e é inevitable acabar exclamando: ! *a miña adeia !* .

Deses artigos xa comentamos nos escritos xeográficos: *Repaso a la geografia gallega* na revista Mundo Hispánico; *Xeografía, Economía,* no xornal: El Pueblo Gallego de Vigo; outros catro da revista Nós. E sobre a paisaxe: *Camiños na peixase* nas revistas: Céltiga e na Sonata Gallega*;* tres na revista Nós; un na revista A Nosa Terra, Idearum das irmandades da fala: *Encol da paisaxe xeográfica.*

Tamén debemos mencionar os máis de dez anos de 1937 a 1947 de colaboracións de Otero, e Risco, na revista *Misión*, fundada en Ourense en plena Guerra Civil, que tiña como ideario a difusión das ensinanzas da Igrexa Católica. E tamén con certo carácter ideolóxico propio dun estado en guerra. Nela Otero escribe en castelán con varios pseudónimos entre eles: Luís Peñanofre, Juan Gallego, José Alba, Luís Alba, José Monteagudo, Antonio Montegudo, Santiago Amaral. Sobre esta etapa hai estudios de Xosé Filgueira Valverde (1976), e de Olivia Rodríguez González (1994-95) que os analizan. Nestes artigos hai temas da paisaxe, xeografía, o mapa de Galicia, paisaxe e literatura, personaxes históricos, arte, a aldea, a morte e a relixión. Estes artigos encóntranse na hemeroteca municipal de Madrid, pois a redacción da revista trasladouse alí en 1941. Trátase duns 190 artigos, que son merecentes dunha axeitada publicación.

Outra revista católica na que colaborou Otero foi: *Logos,* subtitulada *Boletín católico mensual*, editada en Pontevedra de 1931 a 1936. Creada por Antón Iglesias Vilarelle e Xesús Ferro Couselo. Nela Otero publicou seis artigos todos eles de carácter relixioso, dous desenvolvendo as festas litúrxicas da Semana Santa. Outro sobre Tomas Moro. Un sobre o monxe Francis Thompson. Un sobre o poeta Paul Valery e un breve estudo dunha parroquia dos ermos.

USC

Algúns dos artigos que publicou Otero están posteriormente recollidos en varias publicacións, entre elas as seguintes:

OTERO PEDRAYO, RAMÓN; (1973): *Parladoiro*. Editorial Galaxia
OTERO PEDRAYO, RAMÓN; (1927-1934).): *Prosa miúda*. Edicións do Castro. (1988)
OTERO PEDRAYO, RAMÓN, (1943-1946): *Artigos de posguerra*. Editorial Galaxia (2002)
OTERO PEDRAYO, RAMÓN; (1926-1963).): *Teoría de Galicia*. Editora Albarellos. (2007)
OTERO PEDRAYO, RAMÓN; (1958-1960).): Del Orense antiguo y otras colaboraciones. Ramón Otero Pedrayo en la Región. Deputación de Ourense. (2018).

Aínda así, temos que dicir, que estes catro libros teñen un total de 384 artigos. Pero comparando estes libros coa bibliografía do catálogo da exposición do centenario de Otero, temos algúns artigos recollidos neses libros que non están no catálogo citado e viceversa. Bótase pois en falta, unha investigación que nos aporte a listaxe completa de todos os artigos de Otero publicados en revistas e xornais. O que si confirmamos que son mais dun milleiro os que aparecen dito catálogo, pois contáronse nesta investigación eses 1017 artigos. E sen dúbida o feixe de artigos de Otero van máis alá das estrelas dun horizonte da súa parroquia de bocarribeira.

Nesta tese acudiuse á consulta directa nas bibliotecas xa citadas no capítulo referido sa fontes. As revistas son: *Nosa Terra Idearíun das Irmandades da Fala, Cëltiga, Dorna, Finisterre, Galicia, Grial, Lar, Logos, Misión, Mundo Hispánico, Mundo Gallego, Nós, Nudos, Outeiro, Raigame, Síntesis, Sonata Gallega, Vieiros* e *Vida Gallega.* E nos xornais*: A Nosa Terra, Ciudad, El Correo Gallego. El Pueblo Gallego, Heraldo de Galicia, La Noche,* e *La Región, .*

A xeografía e a paisaxe son moitas veces o fío que da puntadiñas na obra periodística de Otero Pedrayo. Conceptos xeográficos e olladas sobre as paisaxes que sementan a esencia dun xeógrafo nas páxinas de xornais e revistas. Limitacións de orde material coutaron a nosa vontade de darlle larganza especial a presentación desta realidade na obra de Otero Pedrayo. O que se procurou foi facer unha escolma de aqueles artigos máis representativos da xeografía de Otero Pedrayo, ben por ser unha explicación dun fenómeno xeográfico ou ser a paisaxe o elemento central do artigo. Xa tivo lugar na introdución desta tese o estudio do artigo titulado: *desde a solaina,* quizais o máis representativo dese método da observación do feito xeográfico indispensable para facer xeografía. Sen dúbida teñen un especial significado os artigos sobre a Carta Xeométrica de Galicia e do seu autor Domingo Fontán Rodríguez. Tamén temos que dicir que ao realizar a análise das obras xeográficas e paisaxísticas de Otero xa foron examinados algúns dos artigos publicados en revistas e xornais.

Nas reviravoltas que o pensamento do xeógrafo dá nas peregrinaxes sobre os feitos xeográficos á hora de ter diante esa mestura de ideas e cousas que forman a ciencia da paisaxe, sempre queda unha dúbida da exposición clara e breve do asunto tocando só e de maneira ordenada os puntos máis importantes, ou doutro xeito elaborar un composto a partires de todos os elementos constituíntes. Dúas maneiras de facer a síntese. Particularizar ou globalizar. Pois ben, a fonda pegada que Otero deixou en revistas e xornais, é un lonxe horizonte que ten unha lonxitude que carece de fin, nos leva á necesidade de aturar co traballo de ler e contar os milleiros de grans de areas de praia que son os artigos sementados por Otero en revistas e xornais. Cen dias e noites da invernía compostelá non chegaron, máis a primavera trouxo gromos de froitos de singular maneira de facer xeografía.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Así ollando no espello da actualidade periodística daqueles días vaise recoller unha chea de artigos sobre conceptos xeográficos, artigos paisaxísticos, artigos sobre a aldea, e finalmente, artigos sobre a carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán. Dun xeito máis esquemático diferenciamos e imos desenvolvéndoa en dous capítulos: un que abrangue os artigos sobre a Carta Xeométrica de Galicia, e outro que recolle o resto dos artigos de Ramón Otero Pedrayo.

Máis que facer? Unhas recensións, unhas notas? Quizais o mellor sexa deixar dicir a Otero o que quixo dicir cunhas copias dos orixinais, que imos engadir nun anexo desta tese, pois a cousa é que son artigos pequenos de repousada e doada lectura. Unha escolma de artigos xeográficos. Dos que imos subliñar as principais ideas e conceptos sementados por Otero.

Ben pois, imos diferenciar os artigos que teñen por teima a Carta Xeométrica de Galicia e os demais que van ao rego dos conceptos e ideas sobre a aldea, a paisaxe, as sazóns, a xeoloxía, a toponimia, a cidade, as montañas, as rías, as pontes, os ríos, os camiños, a vexetación. Todo aquilo que é Xeografia.

7.1.1. Artigos sobre a Carta Xeométrica de Galicia

Xa falamos e estudiamos a Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán. Para Otero a alma de Galicia case está nela contida. Pódese dicir que coa Carta foi a todos os lugares, aldeas, pobos e cidades. A certeza de que foi a teima máis querida por Otero está neses cinco e fermosos artigos que publicou en xornais e revista sobre a Carta Xeométrica de Galicia, e que son:

TÁBOA 7.1. ARTIGOS DE OTERO SOBRE A CARTA XEOMETRÍCA DE GALICIA		
DATA	ARTIGO	REVISTA / XORNAL
1945, 02.	Ante o Fontán	Finisterre
1945, 08-0	Variaciones en el Fontán	El Correo Gallego
1946	Domingo Fontán e o seu mapa de Galicia	Cadernos de Estudios Galegos, anejo 1
1947, 02-12	O Fontán en Bos Aires	La Noche
1968, primavera	Cen anos do pasamento de Fontán	Vieiros

Elaboración propia

7.1.1.1. Ante el Fontán (1945)

A revista Finisterre naceu o 1 de setembro de 1943 en Pontevedra e pretendía que o resto da Patria coñecese as belezas naturais e históricas de Galicia. Otero nela colaborou en 25 números da revista, e no número 18 de febreiro do 1945[174], escribiu sobre o Fontán. Temos que dicir que Otero naqueles anos empregaba un seudónimo ao firmar os seus artigos, varios seudónimo en realidade, e neste caso o artigo está asinado por *Santiago Amaral*. Dinos que o Fontán hai moitos anos que preside e ennobrece o seu cuarto de traballo. O articulo que se titula: *Ante el Fontán*, escrito en castelán e comeza asi.

> La misma generosa y esperada lluvia que verdea los centenos y anima el sueño de las carballeiras en estos finales de Enero, parece tenderse sobre el dibujo viviente, delicado y expresivo de la hermosa "Carta Geométrica de Galicia".

Estas palabras mostran o grandísimo calor e admiración que Otero tiña a Domingo Fontán. Tamén nos di que nin un só día deixa de miralo. Chámalle *incomparable amigo que lle consola nos desfalecementos, acompaña nas alegrías e garda os máis leves recordos*. *E*

[174] O orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

cando non se pode viaxar bríndanos gozosas e imaxinativos roteiros. Esta última afirmación móveme a pensar que Otero nos seus itinerarios, obtiña datos do Fontán para complementalos coa experiencia e observación propias.

Continúa dicindo que ante o mapa detivéronse moitas persoas. Entre elas un arrieiro, un arqueólogo, un fidalgo, unha muller de aldea e un poeta. E confirma que, *"Dialogar diante do "Fontán" é dialogar ante o rostro de Galicia".*

Así fainos ver a cada un deses personaxes, que se deteñen diante do Fontán o ven e relatan as súas historias e vidas. O arrieiro percorre co seu dedo os roteiros que fai. Os Ribeiros, por Terra de Montes, ao Ulla e Compostela. Deza, Trasdeza, á dereita Camba e Rodeiro. Cambados, Salnés, o Morrazo. Para o arqueólogo Bergantiños, Carboeiro e Muxía. Caldas. Terra Cha, o Pindo e Santa Tecla. O fidalgo pensa nas feiras de Monterroso, A Golada, Xinzo, Baíñas e moitas máis. E Otero quixese pintar no mapa os produtos de cada terra. Á muller de aldea o mapa pareceulle inexpresivo afeita aos retablos das igrexas. Pero cando leu os nomes, co dedo marcou o roteiro a San Andrés de Teixido, Ortigueira e á ermida do Consolo. O poeta lembra os silencios do piñeiral de Tella, elixido do Anllóns en Ponteceso, alí despois de sacrificar nas aras de Pondal, Rosalía e Curros, detívose nos xardíns de Ramón Cabanillas, nos cumios atopou a Noriega e en Terra de Montes a Amado Carballo. Despois escoitou o rumor dos peregrinos en marcha cara a Santiago. E remata o artigo cun sentimento de esperanza no futuro de Galicia:



ANTE EL
"FONTAN"
Por SANTIAGO AMARAL
(Especial para FINISTERRE)

Figura 7.1. Revista Finisterre 18,1945

> Conmovido por el coral del trabajo y el camino, que el poeta suscitó, el Fontán expresa por algunos momentos la secular creación al son del canto étnico, del suelo de Galicia por el trabajo y la inmortal esperanza de las generaciones. Febrero 1945.

7.1.1.2. Variaciones en el Fontán (1945)

No ano 1945 cumpriase un século dende a publicación da *Carta Xeométrica de Galicia* de Domingo Fontán Rodríguez en 1845. Co gallo de tal aniversario Otero publicou no xornal: *El Correo Gallego* un artigo con data de 8 de marzo do 1945[175], que titulou: *Variaciones en el Fontán*. O artigo está escrito en castelán. No mesmo artigo Otero nos confirma a súa finalidade:

> Al cumplirse el siglo desde la publicación de la "Carta Geométrica de Galicia", de Fontán, es grato e instructivo constatar sobre su hermoso dibujo las variaciones experimentadas en la fisonomía geográfica de nuestra tierra. Solo podríamos determinar algunos cambios de gran bulto y volumen. El

[175] O orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

> estudio completo exigiría un perfecto conocimiento de las formas y de los hechos, la aplicación de una estimativa sutil de los matices.

Otero nos confirma que a análise dos cambios xeográficos acaecidos na Galicia nun século necesitan dun ensaio máis profundo do que é un pequeno artigo de prensa. Aínda así nos di:

> En una centuria el modelado de Galicia avanzó un poco hacia un ideal de forma nunca conseguido. Crecieron las semilunas de las playas, se afinó el embate marino el perfil de las puntas, los mil cinceles de las corrientes de cada sistema de valles disecaron un poco más los relieves sometidos a su acción.


EL CORREO GALLEGO

Vísperas de San Francisco

VARIACIONES EN EL "TONTAN"

La festividad de Santo Tomás de Aquino

En Madrid

Figura 7.2. El Correo Gallego 8-03-1948

Cóntanos o cambio da paisaxe da tona vexetal que tivo lugar coa plantación dos piñeiros.

> Desde el litoral de Oeste a Este, remontando el sutil entramado de los valles, como el viento atlántico, los pinares han conquistado las tres cuartas partes de los horizontes gallegos. He aquí un hecho importantísimo. Influye en los valores estéticos del paisaje, sus formas cromáticas, rumores y fragancias, en la vida económica, en la sensibilidad y sentidos de las gentes.

O maior cambio foi o producido no viario pois no tempo de Fontán só tiña Galicia como conexión coa meseta a estrada borbónica a A Coruña e o seu ramal a Rábade. E no interior a de Santiago a Pontevedra. E nese século foron realizadas as estradas de Villacastín a Vigo, e Pontevedra a Vigo.

> El sistema itinerario moderno cambió profundamente la vida y el aspecto de Galicia

Pasando a afirmar de xeito xeral o cambio de aldeas a vilas

> En conjunto notamos en un siglo una mayor liberación de las condiciones topográficas, una libertad de expansión general a toda Galicia, pero más clara y potente en su porción occidental. El camino se vuelve con facilidad calle… Crece y prolifera la matización y los tipos intermedios entre el campo y la ciudad.


E pon como exemplo os cambios nas cidades de A Coruña, o Ferrol, e outro caso moi distinto a cidade de Mondoñedo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> La expansión y la aglutinación de los lugares inmediatos es extraordinaria en Vigo al enseñorearse del relieve y las curvas litorales, en La Coruña, en El Ferrol. Solo alguna antigua capital eclesiástica conserva su carácter de antiguo huerto cerrado bajo la voz de sus campanas, como Mondoñedo.

7.1.1.3. Introdución a Domingo Fontán e o seu mapa de Galicia (1945**)**

Con motivo do primeiro centenario da publicación do Fontán o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento publicou nos seus Cuadernos de Estudios Gallegos, no anexo I, un traballo titulado: *Domingo Fontán e o seu mapa de Galicia*,[176] que foi unha homenaxe a este autor; nel lémbranse os métodos e procedementos da elaboración deste mapa; o texto da introdución foi redactado por Don Ramón Otero Pedrayo.


CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTIFICAS
INSTITUTO PADRE SARMIENTO

D. DOMINGO FONTAN
Y SU
MAPA DE GALICIA

EN EL PRIMER CENTENARIO
DE SU PUBLICACION

CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS
ANEJO I
SANTIAGO DE COMPOSTELA
MCMXLVI

Figura 7.3. Cuadernos de Estudios Gallegos, anejo I.1945

De Fontán temos que dicir que Otero publicou en 1945 este mesmo artigo co titulo: *El rostro de Galicia. Sobre un centenario*[177], na revista Misión, na data do 27 de xaneiro, pero asinado co pseudónimo de Santiago Amaral

Otero lémbranos a obra: "*Der Antlitz der Erde", "o rostro da Terra*" que así titulou o mestre Suess. E Otero pregúntase: Por qué non aplicar ese mesmo símil tan expresivo á Carta Xeométrica de Galicia de Fontán publicada en 1845? A resposta é un si. A face, o rostro, a fisionomía da terra. E continúa. Pois son palabras insubstituíbles na súa aparencia de metáfora para sinalar o dominio da ciencia de Estrabón, de Humboldt, de Ritchofen, de Davis. É claro que Otero delimita Galicia por os límites que marca Fontán. E atopa a paisaxe. O reino da Xeografía, na paisaxe dos homes.

Para Otero é un mapa que nace con aspiración de retrato para ser interpretado por intérpretes da fisionomía xeográfica e histórica. Dinos en 1956, que a exactitude das proxeccións e a plasticidade das curvas de nivel pobóanse con esquemas e símbolos na Paisaxe, e na carta percíbense as "facies" de bosques e cultivos, os agrupamentos aldeáns, a orla entre as actividades do mar e o agro, as ruínas e as células cidadás.

Foron máis de vinte anos de esforzada labor. Fontán despregou metodicamente un traballo inmenso de perfecto resultado. A "*Carta*" atrae, impón, adoutrina pola súa beleza plástica. Só superada polo mapa topográfico nacional que é obra do Estado cando se completan as súas follas.

Prosegue, para dicirnos que a casa natal do ilustre xeógrafo, e na que viviu na rúa do Vilar en Santiago deben ser honradas. Todas as experiencias, recordos e memorias cobran vida mirando con amor ao Fontán. As cidades e pobos adquiren conmovedor sentido de fogares.

[176] Orixinal na biblioteca do Instituto de Estudios Gallegos padre Sarmiento.
[177] Orixinal na hemeroteca do concello de Madrid

Pasou un século. Pero a Galicia de Fontán é a mesma que en parte se percibe no horizonte das nosas xanelas. Debemos buscar o lugar de Portela do Conde, no concello de Portas. Alí naceu Fontán. El tivo de neno a inicial impresión dun horizonte de Galicia e a ilusión conseguida na Carta Xeométrica de Galicia, que engarza en gran harmonía cartográfica todos os horizontes galegos.



MISION

La carretera de Birmania, abierta

EL ROSTRO DE GALICIA

SOBRE UN CENTENARIO

Una noticia a nuestros pequeños lectores

Figura 7.4. Revista Misión 27-01-1947

Vemos que é moi grande a admiración de Otero cara a Domingo Fontán e a súa obra. E atrevémonos a dicir, que, sen ese mapa, non tería sido posible o sentimento dunha nación que Otero atopou e transmitiu coa súa xeografía aos seus contemporáneos. Non é pois discutible que todos os movementos nacionais buscan e realizan un mapa.

7.1.1.4. O Fontán en Bos Aires

Otero viaxou a Bos Aires en 1947 co mapa de Fontán, circunstancia contada no artigo: *O Fontán en bos Aires*[178], publicado no xornal *La noche de Santiago* o 2 de decembro do 1947, nunha sección titulada: *parladoiro*.

Comeza o seu artigo contando a necesaria elocuencia que empregaba para pasar a aduana e explicar aquilo do longo paquete que levaban. E vendo subir a caixa ao barco no peirao de Alcántara de Lisboa pensaba: *"Toda Galiza vai nela".*

Dinos que o mapa tivo moitas miradas e tamén moitas bágoas. Pois na conferencia de deu, era o mapa o que dirixía e falaba polas palabras do conferenciante, o propio Otero. Era o mapa quen falaba operando taumaturxicamente con graza e beleza os nomes do recordo. E na imaxinación dos emigrados o campo do seu lugar, o acento da súa comarca subían polas néboas densas a unha nova e consoladora verdade. E coa última frase da conferencia comezaba a interna lección do mapa. Os dedos buscaban tocar un nome. Nais que aos seus fillos ensinaban as paisaxes amadas. E os bicos sobre o mapa nun nome da toponimia..

O artigo remata así:

> E cando no balbordo das conversacións e lembranzas puido franquearse un camiño, unha señora velliña co seu sombreiro e abrigo doutro tempo, chegando guiada por un instinto de amor, bicou longamente un nome no mapa. Toda a grandeza da Carta Xeométrica de Fontán viuse aloumiñada por unha divina claridade de consolo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

178 Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

Toda a grandeza da Carta Xeométrica de Fontán viuse no xesto do pobo e de seguro chegou á alma de Otero Pedrayo.

Estas ideas sobre o Fontán, reflicten o dito outras veces por Otero Pedrayo, que sen territorio de referencia non hai idea de pertenza a unha patria.

7.1.1.5. Cen anos do pasamento de Fontán

Otero publicou en 1967 no número 4 da revista *Vieiros* un dos artigos mais fermosos e sentimentais, que nos dan a imaxe do personaxe e o carácter do seu espírito. Artigo cheo de lembranzas da nenez, da vida universitaria e das peregrinaxes cos amigos. O artigo lembra os *cen anos do pasamento de Domingo Fontán*,[179] e comeza así:


LOS DIPUTADOS SON LOS CIUDADANOS INGLESES QUE TRABAJAN MAS HORAS

Cobran mil libras anuales y reciben 50 cartas diarias

WALTER ELLIOT, CAMPEÓN de la LOCUACIDAD PRONUNCIÓ CINCUENTA Y CUATRO MIL PALABRAS EN SETENTA Y CINCO DIAS

LA NOCHE

VUELVEN A INTENSIFICARSE EN GALICIA LOS MERCADOS GANADEROS

En España, el censo pecuario prosigue acusando bajas

MADRID

DIAZ PARDO, EN VIGO

PARLADOIRO

La Farola en Vela

CRUCIGRAMA

Retablillo

Figura 7.5. La Noche 2-12-1947

> Dende nenos amamos ó mapa de Fontán. Un ser vívente, lemhradoiro, apaixoado. Ou millor amantiño e conselleiro. Un vello amigo. Pro sin énfasis, pedantería, nin aforismos.

Otero describe coa súa oratoria o sentimentos que encontra ao contemplar o mapa

> Pois chaman mil camiños, acenan os nomes agasalleiros, os lonxanos, os vagoentos. Nas serras, na larganza dos érmos xostreados polos ventos, un consóo de sol novo devólvenos ás agostosas xeiras da nosa mocidade. Ou tamén as riveiras do mar dos Artabros esculturadas pola rexa paixón fadalista das ondas

Recorda as peregrinaxes cos amigos:

> Co itinerario formado no Fontán procurando os antigos camiños cumprimos e enteiramos con Vicente Risco e Xosé Ramón e Fernández Oxea a romaxe do Santo Andrés de Teixido. Enxergamos a miúda figura do Risco debuxando con relixioso respeto unha serra de lonxe, un peto de Animas o fato de velliñas na porta do forno...

Nos conta os traballos de Fontán na construción do mapa:

> Debuxou con amor tódolos antigos camiños. Tivo unha visión matemática, un senso óptimo da Galiza. Debuxa as escuras serras na proxección cartográfica.

E finaliza o artigo facendo unha comparanza da figura de Alexandre Bóveda con Fontán

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

179 Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

Hai, houbo, na Nosa Terra espíritos calmos, fondos, de cortiza xeada gardando a brasa de lava do corazón. . . Descóbrense nas aldeas, non fallan nas cernes xéneas de artesáns das cidades e das vilas. Un outo carácter galego nos nosos tempos entrañado na rexa e grande figura de Alexandre Bóveda. Un espírito que brilla no retrato — enxergar analítico, señorío intelixente, seriedade caladamente fría, exemplar — de Fontán, pintado por Esquivel.. .

Trasalba, 1967


CEN ANOS DO PASAMENCO DE FONCAN

RAMON OTERO PEDRAYO

Figura 7.6. Revista Vieiros 4.1967

7.1.2. OUTROS ARTIGOS DE RAMÓN OTERO PEDRAYO

Facemos neste capítulo unha peregrinaxe polos artigos publicados en xornais e revistas por Otero, e non faremos unha paradiña nos xa estudiados noutros capítulos desta tese. Máis non é intención de repetir conceptos, e si mostrar que o xeógrafo anovador volve a sementar á Xeografía polos vieiros e sucos do xornalismo.

Facemos a listaxe dos artigos de Otero, os xa estudiados con anterioridade e outros de nova análise. Todos eles son os seguintes:

TÁBOA 7.2. OUTROS ARTIGOS DE CONTIDO XEOGRÁFICO DE OTERO		
DATA	**ARTIGO**	**REVISTA / XORNAL**
1925, 24-05	Desde a solaina	Galicia,Vigo
1926, 17-11	Un-a leucion de geografia	El Pueblo Gallego
1926, 12-12	Ollando pr-o mapa	El Pueblo Gallego
1927, 01-01	A horta galega	A nosa terra. Idearium das Irmandades da Fala.
1927, 01-01	O mapa de Galicia	A nosa terra. Idearium das Irmandades da Fala
1927, 25-02	A solaina cara oval	El Pueblo gallego
1927, 01-04	Na Lanzada	A nosa terra. Idearium das Irmandades da Fala.
1927, 10-06	N-o empardecerú aldeán	Celtiga
1927, 10-10	A pizarra e o granito	Celtiga
1927, 25-11	A Estila	Celtiga
1927, 10-10	Paisaxes	Vida Gallega
1927, 30-11	Unha aldea	Vida Gallega
1927, 00-12	Un paisaje de rocas	Sintesis
1928, 25-03	Camiños na paisaxe	Celtiga
1929, 01-01	Xeografía. Economía	El Pueblo Gallego
1929, 29-01	Formas. Caminos. Recuerdos	El Pueblo Gallego
1929, 28-04	Diálogos na noite	El Pueblo Gallego

1929, 14-07	O Vento na gándara	El pueblo Gallego
1930, 20-04	Unha Lombardia Galega	Vida Gallega
1930, 01-06	A rúa e o camiño	A nosa terra. Idearium das Irmandades da Fala
1930, 25-06	A Xeoloxía do carácter	Celtiga
1930, 10-09	A Galicia no planisferio	Celtiga
1930, 16 09	Fontelas rumorosas	El Pueblo Gallego
1930, 30-09	Crónica de aldea	Vida Gallega
1933,11-05	Follas galegas do mapa do instituto xeográfico	El Pueblo Gallego
1934, 09-04	Lembranza do inverno	Heraldo de Galicia
1934, xullo	A parroquia dos ermos	Logos
1934, 18-08	Ao correr dos horizontes	El Pueblo Gallego
1937, 01-05	La ronda de las horas	Misión
1937, 15-05	La lección del paisaje	Misión
1938, 15-05	La visión de las parroquias gallegas	Misión
1938, 15-10	Tambien el poema en la Geología	Misión
1939, 15-08	El mapa viviente y evocador de las Diocesis	Misión
1943, 17-07	Historia y Georgica	Misión
1944, maio	El encanto de la ultima puente	Finisterre
1944, Estío	Camiños na paisaxe	Celtiga
1946, 05-08	Ideas no horizonte	La Noche
1946, 23-12	Rutas I	Ciudad
1946, 30-23	Rutas II	Ciudad
1947, 06-01	Rutas III	Ciudad
1948, 13-03	Entre el Finisterre y el Silleiro	La Región
1948, 26-06	Diante da serra	La Noche
1948,02-07	Unha leucion de Geografía compostelán	La Noche
1948, 09-08	O souto	La Noche
1948, 03-11	No altar do Pico Sagro	La Noche
1949, 26 01	Marcos e deslindes	La Noche
1950, 29-01	Formas. Caminos. Recuerdos	El Pueblo Gallego
1950, outubro	La primera hoja de Galicia del nuevo mapa geologico de España	Galicia, Centro Gallego de Bos Aires
1958, 28-12	El viaje estacional	La Región
1959, 25-01	La “carretera” y el presidio.	La Región
1959, 28-01	Rúa dos Zapateiros	La Región
1959, 07-05	La erosión de medio siglo en el paisaje urbano	La Región
1965, outono	A roseira mucha dos ribeiros ourensáns	Vieiros

Elaboración propia

Son 53 artigos todos eles moi cheos de xeografía, xeografía física e xeografía humana. mesturados co devalar da historia das xentes. Faremos a análise nese orde diacrónica, pois así veremos a evolución conceptual e madurecida do devalar da xeografía de Otero.

7.1.2.1. Un-a leucion de geografía (1926)

Os artigos que Otero publicou nos xornais e revistas na década dos anos 20 do século XX, son sen dubida unha fonte para estudiar o por qué das variacións na grafía da lingua por el utilizada. Traballo que deixamos para os filólogos. Proba do que dicimos son os artigos publicados no xornal: *El Pueblo Gallego.* Un dos primeiros ten por teima a xeografía, é o titulado: *un-a leucion de geografía, (unha lección de xeografía),* que viu a luz na data do 17 de novembro do ano 1926.[180] Neste artigo Otero fai un ollar aos horizontes da súa casa en

[180] Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

Trasalba. Quédase un pouco pequeno se se fan uns anacos desde artigo, cara á explicación do seu contido. O mellor é ler o texto íntegro no anexo desta tese. Xa que todo o texto é unha completa lección de xeografía. Desde o principio nos conta o nacer da terra e as augas.

> Desde que se botaron as augas pódese estudiar e máis sentir a paisaxe galega. Denantes baixo a lapa do mediodía e no cruceiro preguizoso do serán, os montes e os vales, as costas e as regatas, os chaos e as penedías eran so petrificadas feituras dun miolo morto. Agora as augas cantareiras, o pasar mol das brétemas, a leda virxindade das fontelas danlle un lucir de pensamento as formas do chan.


EL PUEBLO GALLEGO

Figura 7.7. El Pueblo Gallego 17-11-1926

Otero está na parroquia de San Pedro de Trasalba e pensa como faría cos seus discípulos unha lección de xeografía, e nos conta:

> Eu collería os meus discípulos ideais e os levaría a miña solaina, cando o sol xa leva feito un anaquiño da súa xornada. Hai unha luz de mapa topográfico.

Describe a paisaxe da parroquia:

> A casa está plantada no terreo esporente cara un val que aduriñamos claramente. As searas e os eidos cos seus muros e súas touticeiras, os pequenos montes que son salientes das costelas do chan, a feituras das regatas van cara baixo. Os camiños, congostras e carreiros teñen tamén disposición fluvial cara o val amoroso. Os lugares páranse nos sitios mellores para quentarse o sol da serán e para ollara o río e a carretera

E xa na solaina describe os horizontes:

> Por cal razón aquela quebrada que vedes a dereita ten eidos máis fartos, arboredos máis pechos, pobos máis bastos? Pois por ser un pequeno val oblicuo, non normal, ó val patrón. Ademais é máis grande, e espallase nunha familia de pequenas quebradas que son fillas dela.

Continúa coas terras de bocarribeira

> A terras tamén de bocarribeira que ollamos por fronte… Podémolas mirar nun largo desenrolo, cause que dende o pé hastra a cima. A cima é cha… semellante da terra que está as nosas costas, si rubimos un pouquiño.

Outras terras

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Alí, por fronte as parroquias, os torrón labregos, acugúlanse nas quebradas subsecuentes. Tamén procuran ollar para o val máis quedándose en certa altura para aproveitar o sol mañanceiro como os da beira dacó procuramos o sol do serán.

E remata ollando cara o sur

> Para rematar imos a fixarnos un instantiño naquela riola de montes baixos que ollan cara o sur. Están xa fora do sistema que temos considerado. Nelas vese unha longa ferida que vai camiño de chegar hastra o lombo redondeado.

E matiza que nun tempo planetario esa ferida co tempo será un novo val.

> Pouquiño a pouco, o compás do reloxo planetario, a ferida chegar ao cume, partir en dous o monte, recoller augas que polo de agora procuran outra vertente de laboura, criar unha familia de regatas afluentes. Estamos asistindo a nacemento dun val.

7.1.2.2. Ollando pr-o mapa (1926)

Xa temos visto a gran teima que Otero ten co mapa de Fontán. Pois tamén, son recorrérentes as olladas aos mapas en todos os seus escritos, ben porque o ten diante ou na súa memoria. A xeografía sen cartografía está coxa. E desde moi cedo o xeógrafo estudia e traballa cos mapas. Proba máis que suficiente é o seguimento que fai dos mapas que vai editando o antonte chamado Instituto Xeográfico e Estatístico, hoxe Instituto Xeográfico Nacional.

O primeiro mapa de España que editou este instituto foi en 1926[181], mapa a escala 1:500.000 en nove follas



Figura 7.8. Mapa de Galicia 1926. Do Instituto Geográfico Nacional

[181] Orixinal na Cartoteca do Instituto Geográfico Nacional

Pois ben, visto este mapa de España o xeógrafo fai unha crítica cartográfica do mesmo e a publica en 1926 na data do 12 de decembro no xornal: El Pueblo Gallego, que titula: *Ollando pr-o mapa.*

Otero fai unha gabanza da publicación do mapa, pois nos di:

> Iste mapa xeneral do que tratamos é unha obra de moito intres sobre todo para o gran público e para ensinanza. Polo que toca a Galiza e o primeiro o que se representa a feitura do noso chan asegún o sistema de curvas de nivel, de cen en cen metros, o único que pode dar idea do releve.

Mais fai unha crítica da toponimia da Galicia, pois non é axeitada.

> E unha dor que non se puxera máis coidado na transcricións dos nomes. Xa estamos afeitos a Puente-Ceso, Puente-Caldelas etc.. por Ponte-Ceso, Ponte-Caldelas. Hai cousas peores: sierra de la "Cabra", por sierra de la "Carbia", "Monferro" por "Monfero", río "Iume" por río "Eume", río "Ordugo" por río "Berdugo", e o noxento cabo "Villano" que en castelán respectuoso ca verdade debe ser "Vilan" e non doutro xeito.

Debe dicirse que aínda hai máis topónimos daquel mal xeito.

A cousa non remata aquí. Pois Otero nos di, que é necesario facer un atlas de Galicia. Un mapa de parroquias, un mapa da vexetación, mapas de itinerarios, mapas artísticos e económicos. Imos de dicir que o Instituto editou o Atlas de Galicia en 1982.




Figura 7.9. Mapa de España 1926. Folla I Galicia I.G.N.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Ollando iste ou calquera outro mapa xurde a necesidade ou unha grande, forte e fidalga empresa: a dun atlas de Galicia. Será o día que se faga ben, o expóñente do vivir cósmico e humano da nosa terra. Mapas perfectos das parroquias dispostas polas súas relacións naturais, mapa da variade "facies" vexetal asegún a latitude e a altura, mapas itinerarios, artísticos, económico


10 céntimos

EL PUEBLO GALLEGO

COUSAS DA VIDA

EL PUERTO PESQUERO DE VIGO

Figura 7.10. El Pueblo Gallego 12-12-1926

E fai unha proposta para a edición futura de mapas:

> Polo menos debería polo marxe de tódolos mapas unha noitiña de dixera, pouco máis ou menos, diste xeito: non faga o lector demasiado caso dos marcos de provincias e de partidos, Nin sequera dos axuntamentos. A poboación deste país agrupase naturalmente dende séculos máis lonxanos e polo imperativo de seu vivir, en parroquias que son a única realidade orgánica do agro, dende a montaña a beiramar.

E remata cun chamamento aos lexisladores para que fagan unha lexislación para darlle maior sona á parroquia galega.

> Os paisanos para dicir que unha terra esta fartamente poboada din: "alí están ben bastas as campas". Queiran ou non os lexisladores a parroquia é máis que a célula, mónada social de Galicia.

7.1.2.3. A horta galega (1927)

Estamos en 1927, Otero xa ten redactado a primeira edición da *Guía de Galicia* (1926) e a obra xeográfica: *Síntese xeográfica de Galicia* (1926), e as observacións que alí fai sobre as cidades e as hortas nos arrabaldos van a ser novamente comentadas no artigo titulado: *A horta galega*[182], publicado o 1 de xaneiro do 1927 en*: A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala.* O artigo comeza cunha tese:

> Arredor de cada cidade e de cada vila galega florece o arrabaldo farturento das hortas. Terra mol, fonda, mollada, nunca cansa, sempre disposta a producir.

É ese cinto de cultivo intensivo que separa a vila da propia campía. E nos recorda un feito xeográfico que ocorre en Galicia:

[182] Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia.

> Máis na Galiza, como todos saben e non se debe esquecer, domina o asombroso feito xeográfico e económico seguinte: a maior porción da propia campía é tamén terreo de horta admirable.

Na cultura e na linguaxe, tamén nos documentos de propiedades atópase o nome de *horta*.

> Toda a que se chama nos documentos e na linguaxe, chan de nabeira e ó de horta propiamente. Estes chaos están adicados a maior parte a lameiro, millo ou viña.



A NOSA TERRA 7

o seu fervor patriótico n'este homenaxe anual que o pobo cruña rinde aos ilustres galegos que repousan n'este cimiterio.

Vén, como sempre, ateigada d'unha fé inmorredoira nos destinos de Galicia que os homes a quenes agora rendimos homenaxe cantaron en páxinas xurdias que honran a literatura galega. Cada día mais convencida, de que os anos no seu longo decorrer, endereitan os pasos da vida de Galicia cara un porvir lumioso de liberdade que cada vez está mais perto.

Curros, Pondal, Murguía, Chané, Adalid e outros mais cando a vida de Galicia desenrolábase ao medio d'unhas fondas e espessas bréteimas souperon a través d'eiles ollar ao fondo un horisonte de craridade, un alborexar cheo de ledicia e de vida que anunciaba unha nova Galicia, unha Galicia libre, grande, que puidera figurar por méritos propios no concerto dos pobos que merecen o nome de tales.

Ca'a sua visión profética de homes superiores acuciada pol-os latexos dos seus corazóns patrióticos viron que nas páxinas da nosa historia agardábanlle a Galicia días de felicidade inmesas, de groria e libertade, e nas en verso, outros en prosa e outros no pentágrama entonaron un himno fermoroso cuio balbordo tiña de ficar eternamente nos ouvidos das futuras xeneracións obrigándoas a seguir con firmeza e decisión o camiño añalado.

Cumpriron co seu deber de bons fillos da terra verdecente e ao morrer sabían que a obra por eles comenzada habería de ter proseguimento. Por eso naceron as Irmandades da Fala.

Dixen xa outra vegada n'este mesmo sitio que o acto que hoxe realizamos, tanto como un homenaxe de lembranza aos nosos mortos debía ser un rendimento anual de contas. Vir aquí a lles decir o que fixemos, como cumprimos os seus mandatos. Para elo, deixemos a cada ún co'a súa conciencia.

Os nacionalistas galegos temos sempre a vista de todos a nosa obra da que non imos a falar. ¡Ojalá todol-os galegos sentiran no íntimo da súa conciencia a satisfación que nós sentimos do deber cumprido!

De todos xeitos; dende o ano pasado ao que estamos sucederon cousas en Hespaña que contribuiron e contribuirán mais aínda ao desenrolo do progreso e da libertade da nosa terra que por agora está auxeita ao rumbo político da península. Todos as sabedes e todos as presenciáchedes.

Arrecífanse para Hespaña proisimos días de liberdade civil, de saneamento das formas de Gobierno, de novos e honrados procedimentos políticos e todo elo repercutirá en Galicia axudándolle a orgaizar a sua propia vida.

Por eso hoxe mais que nunca compre que Galicia estea dispóstaa a facer valer os seus dereitos para que lle sexan reconecidos nas futuras normas que nos tardarán en rexir a Hespaña.

Ao mesmo tempo que nos preocupamos do desenrolo dos nosos valores autóctonos, como a fala, e o sentimento racial, temos que, por virtude da nosa supeditación ao estado hespañol, conseguir d-el concesións políticas que hasta agora non foi posíbre conseguir, que nos permitan desenvolver a propia vida de Galicia con todol-os seus aspetos.

Político, económico e cultural.

Unha fonda e patriótica preocupación por Galicia en cada día, en cada momento, e o máis grande e fervoroso homenaxe que podemos rendir aos nosos inesquecibres mortos.

DIXEN.»

A HORTA GALEGA

Arredor de cada cibdade e de cada vila galega frolece o arrnboldo farturento das hortas. Terra mol, fonda, mollada, ranca cansa, sempre disposta a producir. O feito é d'abondo xenreiro na Península: en canseque todol-os centros de pobozón unha cintura de cultivo intensivo separa a vila da propia campía. Mais na Galiza, como todos saben e non se debe esquencer, domina o asombroso feito xeográfico e económico seguinte: a maior porción da propia campía é tamén terreo d'orta adenrábre. E isto non acontece nas outras terras da península.

A Galiza asucada por infindos vales, grandes e pequenos, que van dende os chaos esteos e as lengua e virosas veigas hastra os recunchos gromosos das pequenas quebradas da montana, a forsa das augas cría infindas e variadas terres de horta. Todl'o que se chama nos documentos e na linguaxe, chán de nabeira eó de horta propiamente. Estes chaos están adicados á maior parte a lameiro, millo ou viña. Proba de que nin o instinto da rasa nin unha boa direución económica souperon gular d'o xeito mais proveitoso posíbre as enerxías e posibilidas agrícolas da Galiza.

O paisano fai d'abonda. Ten que procurar cousas pra manter a casa e mail'o grando e estar sempre disposto a soltar a presiña da prata dos infindos trabucos nacionais e municipales qu'o asoballan. El non ten a obriga de saber mais qu'os que teñen a obriga de dirixilo. E como ninguén o dirixe a Galiza entregada a un absurdo sistema económico sofre d'unha miseria inxustificada no estado xitual do Mundo, e sobre todo no sistema económico da Europa.

Este sistema vai parezo c'a posición cultural da que se pode chamar con algús xeógrafos alemás. Peninsas dos Alpes xa qu'o falar da Europa haxa que limitar a verba á Europa occidental. Val sendo o xurdín e a Universidade do Mundo. Económicamente está en camiño de producir somentes cousas finas, sutís, química mais que mecánica, ideas e ensayos mais que rendimento estensivo. Deixa os grandes corpos dos outros continentes a angueira da masa, da primeira materia, hasta da grande industria de volume. D'iste xeito os trigos, os millos, as madeiras, as carnes, as lás' os metales en proporción cada día maor son produtos da Pampa, do Canadá, da Australia, do Cabo, do Mississipí, da India, sin contar naturalmente os froitos tropicás. Ela agricolamente vai sendo a horta da Europa. Laboura fina, oportunista, delicada, intensiva. Dinamarca vive da manteiga. Bretaña, e outras partes da Francia son arrabaldos pr'o rianxo xornaleiro de Londres tanto como de Paris. E tan crecedeira a importancia da horta e do pouar coidados con rigrar xaponés qu'a Provenza de Mistral arrinca as vellas oliveiras simbólicas, gratas a Daudet e a Maurras pr'adicarse ás legumanzas. Nos vales alpinos resco mais a auga da horta qu'o machado do leñador ou o corno do pastor. Sollo algunhas terras—Castilla, os Balkáns—gardan a anacrónica emigración dos rebaños. Mais na Hespaña Cataluña, Valencia, Andalucía, Aragón medran c'o antigo abó da horta mais en anacos pequenos. Impostos pol-as cousas naturaes. Galiza debía ser a horta da Hespoña e hastra en grande parte de Inglaterra. O relevo, a auga, o terreo, o xenio do labrego, a forma da boposición son adenrábres condición, dancas na Hespaña. Hai na nosa terra un andacio de cabras e ovellas roedoras dos bosques e faltan finas casles criadas na corte. Curral e horta deberían ser polo menos tanto como agro e lameiro na agricoltura nosa. Con boa propiganda e acertada política económica, Galiza n'iste senso axudada pol-a resurrección e modernización das industrias da aldea e as que faltan nas grandes vilas, non precisaría que ningún dos seus fillos procurase o seu compango nas Américas nin en ningures.

R. O. P.

Na amañecida

Xa xá van os días pretos e fernandinos. A noite rompeu o fin nunha amañecida, inceria, mbocira duvidosa, pro amañecida o fin. Os vellos voltarán a sua cilada séte anos atrás; nós adiantámola oito anos pra adiante, gocando na semellanza da lús, a ledicia do xoi-por do día, derradeiro de... ¡tantas cousas!

En confeso que n'este istante non penso na outra política de Madrí; a fonda crisis política d'Hespaña ha-se resolver de por sí. Entristéceme e mágoame esa outra crisis que se ten de resolver nos pequenos meiios: nas cibdás de provincis, nas vilas, nas aldeias. Eiqui pouco importa que gobernen conservadores ou liberaes, carlistas ou masós; importa o caciquego d-un ou d'outro, as latrocadas d'este ou as trompas do outro. Teño xodo de ollar neramente a gabocheria do pedáneo e a venda de votos dos labregos.

Preocúpame so nesta hora nova a vida de miñas aldeias galegas. Eu quixera que celas se revolteasen todal-as vellas preocupacións, pra que neste istante que encomenzan, sentidades todos fortes e limpos, saidasen seresmente as contas d'un pasado que se poderá voltar no caso en que sexan pesíbres retoñacións por non ter ben metido o arado.

Mesmiño dicía ha pouco: nin camisas bermellas que cheiran a sangue, nin camisas pretas que cheiran a podre; camisas brancas e limpas.

Figura 7.11. A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala 1-01-1927

Otero describe a triste situación do campo galego

> E como ninguén o dirixe a Galiza entregada a un absurdo sistema económico sofre dunha miseria inxustificada no estado actual do Mundo, e sobre todo no sistema económico da Europa.

Describe as zoas do mundo onde a agricultura é unha industria punteira. E nos di que futuro debe ter Galicia nese senso:

> Galiza debe ser a horta da Hespaña e ata en grande parte de Inglaterra...
> Curral e horta deberían ser polo menos tanto como agro e lameiro na agricultura nosa. Con boa propaganda e acertada política a económica, Galicia niste senso axudada pola resurrección e modernización das industrias da aldea e as que faltan nas grandes vilas, non precisaría que ningún dos seus fillos procurase o seu compango nas Américas nin en ningures

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

7.1.2.4. O mapa de Galicia (1927)

Galicia vai polo 1927, Otero ten xa as primeiras obras de xeografía escritas: *Guía de Galicia* e *Síntese xeográfica de Galicia* (1926), e no artigo titulado: *o Mapa de Galicia*[183], publicado o 1 de xaneiro do 1927 en*: A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala.* Analiza o concepto do: mapa. E a máis, o mapa de Galicia. Otero ten neses días a mirada no Fontán e nos di:



A NOSA TERRA

O MAPA DA GALIZA

HONRANDO AOS NOSOS MORTOS

Figura 7.12. A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala, 1-01-1927

> O mapa engana. Os afeitos a miralo a cotío experimentamos o imperio e a, limitación do artificio con que se fai.

Podemos dicir que un mapa é a representación gráfica a escala da Terra ou dunha parte dela, polo xeral nunha superficie plana, onde se describe a súa xeografía ou se localiza un fenómeno, construción etc., por medio de símbolos convencionais.

Por iso:

> No mapa pérdese a realidade da fondura e do ritmo. Para sentir a Galiza, as vidas da Galiza, hai que maxinarse primeiro un releve material e logo os vales, os chaos outos, as cordilleiras da configuración espiritual.

Otero ten diante o Fontán, e para os homes que non coñecen as técnicas de elaboración dun mapa:

> Agudízase o dramatismo do instante histórico da Galiza. Máis nas dúas Galizas—postas a un lado as vilas;—como se debuxa o mapa físico e hastra certo punto ó mapa espiritual, pódese debuxar un mapa de opinión?
> Deixando o das vilas e cidades—polo menos da tona aparencial delas—a opinión da campía esmigállase en tantas parroquias como hai no mapa.

E recollendo ese contido dese mapa espiritual e para rematar o artigo nos di:

> Mais non hai unha opinión xeneral de todo agro galego sobre algúns problemas esenciais da raza e da terra? Haina. O feito sería dar á lus, facela xurdir da conciencia íntima dos labregos. E elo se non consigue con outros medios dos que noutra hora espallaban as lendas dos heroes e dos santos. Por medio de xentes que souberan falar ós galegos, por medios dos que falaremos, si Deus da vida, noutro artigo.

183 Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

7.1.2.5. A solaina car-ó val (1927)

Teremos sempre a discusión de se debemos normativizar os textos orixinais de Otero ou de outro xeito deixalos tal como os escribiu. Cousa da filoloxía. O certo que na obra de Otero as palabras van cara a normativización. Máis son da idea que xa expuxen con anterioridade, que a escrita de Otero naqueles días non racha o sentido dos textos. Debemos perdela? É *a solaina cara o val,* e foi en 1927. *A solaina car-ó val*[184], pois ben ese foi o título do artigo publicado o 25 de febreiro do 1927 no xornal: *El Pueblo Gallego.*

Este artigo é unha profunda reflexión dun *vello, velliño,* alá no 1927 sentado na solaina da súa casa.


10 CENTIMOS **EL PUEBLO GALLEGO** NUMERO 107 AÑO IV

VIGO, VIERNES 25 DE FEBRERO DE 1927

Obra de devoción

Herejías al agua

A SOLAINA CAR-Ó VAL

GALERIAS

El Asamblea de la Prensa

Perfiles de la ciudad

Figura 7.13. El Pueblo Gallego, 25-02-1927

Nunha solaina feita de catro lousas sobre a porta da bodega. Séntase tódolos seráns un vello, velliño. Os ollos murchos carregados de experiencia…

E van percorrendo mainamente de norte a sur, e logo de sur a norte, toda a familia de cotos e quebradas, viñas e lugares, pazos e espadanas, das terras de por fronte.

O vello viu moitas cousas na súa vida

O vello ten visto moitas mudanzas no val. A carretera branca vai cinguindo os cotos esporentes, por ela baixan señoritos de caste e asegún o vello, botan o automobre a escape para non ollar a melancólica ruína do seu pazo.

Viñeron ao val xente de fóra

Pois nin eses nin os piratas que medraron con tendas e negocios dende que se fixo a estación do tren, que vostede ben olla aló no baixo éranlle da terra.

E que fixeron os da parroquia?

> O de sempre, o noso. Sachar e render, podar e abonar, decotar os carballos e non durmir unha noite sen cavilacións.

A historia é así:

> Máis, ao que iamos: todos se fixeron ricos no val menos os paisano. Tendeiros de afora, negociantes, xente de tralla chucharon eiquí os cartiños, espremeron o sangue do país e alá, a facer casas na vila, e a lucir e buligar polo mundo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

184 Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

Así foron as cousas, e remata o artigo cunha pouca de tristura:

> O vello velliño inda se demorou un anaco ollando para o val. Enterrábase o sol e o frío rubíalle polos osos cansos. Con traballo foise para a cociña. Estralaba unha lapa de frouma na lareira. Un traia unha disforme carola de nabo e nela o vello comezou a labrar a coitelo o chedeiro e as rodas dun carro, diante dos ollos marabillados do rapaz.

7.1.2.6. Na Lanzada

Da praia da Lanzada, no Grove, nos conta Otero na *Guía de Galicia* en 1926:

> La punta y la ermita de La Lanzada centrar este vasto playal, frente el Atlántico, de los paisajes de dunas de Vilalonga y Noalla, y defensa de los tómbolos de la Toxa y estuario del Umia.

Pois ben, un ano despois en 1927 na revista: *A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala,*. publica na data do 1 de abril un artigo titulado: *Na Lanzada*.[185] É a descrición pausada, xeográfica e as veces romántica nese estilo de puro comento literario desa paisaxe do areal da Lanzada. Que comeza así:



A NOSA TERRA

N A L A N Z A D A

Figura 7.14. A Nosa Terra. Idearium das Irmandases da Fala, 1-04-1927

> Pisamos unha terra anfibia, asistimos a un drama que se ven desenrolando es escenas soilo mensurabres polas velocidades da luz, así neses pulos de imaxinación que empuxan as cantigas de tempo como o norte livián.

Nos di que a luz é o factor determinante desta paisaxe. E recorda o ceo e a historia da ría de Pontevedra

> Tras nós a ría de Pontevedra tremeloce calada, cun lucir que parece xurdir non do ceo bretemoso desfeito a cada instante en churiscadas cantareiras, senón dos francos pazos mariñeiros.

Camiñan eles polas dunas e Otero define os seus elementos

> Camiñando polas dunas entramos nun ciclo de disolución dos elementos das cousas: voos de escumas salgadas, poeira de conchas, chafaris de arxilas, molladas denantes de chuvia desfiada.

185 Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

Nos da a opinión do xeólogos.

> Os xeólogos din que esta é unha costa vella. Será certo, máis a impresión é mellor dunha mocedade loitadora, orixe de novas formas insospeitadas no futuro.

E eles van xantar en Vilalonga

> Despois, pouco dentro en Vilalonga, o acougo dunha galería de moda, ben quente e alexada corría o viño espadeiro cantando nos vasos as cantigas amadas polos abades godiardescos.

E remata coa saudade

> Teño sobre a mesa unha conchiña bonita como unha doa, da poesía da Lanzada. Foi poesía a loita sinxela do mar ca terra para criar o fino organismo xa morto máis que deixou nista xoiña a figura de ola e a alba raiola do luar.

7.1.2.7. N-o empardecer aldeán (1927)

Sempre foi a aldea e os aldeáns unha presenza nas obras de Otero, na xeografía describiu a aldea, a súa vida e as paisaxes. Nas súas novelas, que son novelas de aldeas contou a vida de Galicia.. Mais onde máis contou o devalar da aldea foi nos seus artigos. Nesta escolma que estamos a facer serán tres os artigos encol a aldea.


PROSAS GALLEGAS

N-O EMPARDECER ALDEÁN

Por Ramón Otero Pedrayo

LO DICEN LOS CLIENTES

TROITIÑO

Figura 7.15. Revista Céltiga, 10-06-1927

Un deles foi publicado na revista Céltiga, na data do 10 de xuño de 1927. Que se titula: *N-o empardecer aldeán*.[186] Son algunhas lembranzas da vida e paisaxes ao atardecer na aldea. E comeza así:

> Abaixo, no val, a terra deixase rachar, gustosamente, polos dentes da aixada. Estivo aforrando enerxías o correr do inverno agarimada contra as xeadas e as néboas pola capa ben tecida de herba.

É certo o que nos conta Otero, pois son as consecuencias dun clima.

[186] Orixinal na hemeroteca do Consello da Cultura Galega

Os salgueiros escoitan o novo cantar das augas cubríndose de ovos alongados coma vermes vexetais.

Otero utiliza as metáforas para describir a forma dos salgueiros

> O entrar no pazo de asolamento distas parroquias, a historia parécenos máis culta e mais livián.

Case sempre nas aldeas temos un pazo, aquí tamén,

> Por iste camiño non fai tanto que baixaban os monxes de Oseira, e os templarios da Encomenda de Amoeiro.

Xa vemos que nos está a falar dunha aldea de Amoeiro.

> Novos e ledos medran os centeos na rexión das herdardes. O arado raña un peito de pedra cuasque virxe. Eiquí e alí erguese en penedos indiferentes a os que se xunta a rapazada, e estarrícanse os vellos á raxeira. A xente ten traballado moito, mais como si a pedra medrara inda queda moita por esnaquizar.

Estamos no tempo do centeo. Pero queda moito por traballar a terra do ermo.

> No souto e inverno demorase no seo dos caracochos. Chegou a hora da xuntanza das pegas.

O mellor do empardecer son os paxaros, as pegas.

> O azoreiro cruza por riba, detense un instantiño cun xeito épico e heráldico moi da súa caste. Logo, debe cavilar que aquel "aplech" non pode ser cousa boa e vaise en circos en procura dalgún pardal acollido nas silveiras

Mais por alí esta o azor

> Os paisanos tamén se recollen cedo. O can vello faise pequeneiro e mimoso para se deitar veira do lume. Un luar peneirado nas nubes procura as vidreiras do pazo. As luces dunha vila de carretera figuran un peirao novo na oceánica masa das treboas

E remata contando o descanso merecido dos paisanos, nesa aldea de carretera.

7.1.2.8. Paisaxes (1927)

Estamos no 1927, Otero a principios dese ano publicou na revista *A nosa Terra, Idearium das irmandades da fala*, o artigo *Encol a paisaxe xeográfica.* Que xa comentamos ao falar das obras paisaxistas de Otero. E a cousa foi que dixemos, que o mellor era a lectura de dito artigo máis que o seu comentario. Un segundo artigo sobre a paisaxe foi o publicado nese mesmo ano na revista *Vida Galega* no 10 de setembro, que se titula: *Paisaxes*[187]. Nel non temos teoría e si unhas descricións de cinco paisaxes: o agosto mollado, o pintor, o piñeiral mozo, os castros e a lembranza do fogar. Que nos dan cinco olladas na paisaxe: o que

[187] Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

deixa o tempo e a climatoloxía na terra, o que describe un pintor nunha vendima, a tona vexetal dun piñeiral, e os recordos dos días pasados. No agosto mollado:

> Din os sabios que estes veráns chuviñosos son causados polos icebergs tardeiros. Baixou dos mares do circo polar xa adianta a primavera e as súas froitas escintilantes de brancura enfrían o vasto peito da mar que condensa os vapores outros veráns espallados na ar raiólante de sol.

O pintor:

> O pintor traballa a rego, máis as cousas demandan o seu tempo. Comezou nas parriñas abrigadas, nos bacelos ben soleados, humildiño, coroado de fina púrpura os acios verdes como o lirio. Agora xa pintan as cepas enteiras, sen orde asegún as castes e os enxertes.

O piñeiral mozo.

> Pasan as aves, cae unha piña, a sombra, ceguiña, vai amodiño polos lombos esgrevios do outeiral. Tamén o tempo se demora no feitizo do piñeiral mozo pois as doce batelan ó lonxe tan febles como bico das copas que se tocan na mesa posta.




ANO XIX. — GALICIA. 1927 — NUM. 352.

VIDA GALLEGA

Crónicas de la montaña

PAISAXES



VIDA GALLEGA

Figura 7.16. Vida Gallega, 10-09-1927

Os castros:

> Escuramente adiviña que pisa un chan sagrado. Baixo a luar e cando albisca o día os castros cámbianse saúdos calados e o arqueólogo escudríñalles as entrañas cunha emoción descoñecida diante os outros momentos pois nos castros latexa a primeira faísca da patria.

A lembranza do fogar:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


> E ledo como un patrón, ceibando o peso do manvesa e da toga, rubiu a unha escala e podou con mimo os probes sarmientos retortos. Indiferente á mordedela do aire da serra, soñaba estar na casa petrucial da ribeira galega, baixo o sol esperando de xaneiro, a carón do camiño por onde veñen as carradas de leña lameiro dos salgueiros espidos.

7.1.2.9. A pizarra e o granito (1927)

Quizais ven cedo ou non, Otero emprega a prosopopea, son cousas propias dunha imaxinación dun poeta, estamos en 1927, e o 10 de outubro e publica na revista *Céltiga* o artigo titulado: *A pizarra e o granito*[188] . No que se fala de montañas de Galicia. Mais quen falan son as montañas, montañas dos granitos e das pizarras, as dúas ben diferentes, e teñen historias que contar. Atoparemos moitas veces a personificación nos artigos de Otero, esa retórica de atribuír a seres non racionais calidades, accións ou facultades humanas.

As montañas falan, as pizarreñas da parte oriental de Galicia coas graníticas da zoa occidental e a beiramar.

E contan as pizarreñas:



PROSAS GALLEGAS

-: A pizarra e o granito :-

Por Ramón Otero Pedrayo

Teño a forza e a mocedade. Os pobos e os ríos, os tempos e as ideas seguen a rego o meu ritmo secular. Xurdidas do seo maternal das augas primixenias, as miñas laxas gardan un espallar de alborada e unha fresqueira lentura dos océanos que me criaron. Dun cabo ó outro as miñas serras valentes, son mollos apertados de follas brilladoras nas que se escribe a historia do mundo.

E as graníticas tamén din:

Ben sabemos da vosa nacencia: eramos xa lanzales cumes cando os mares, voso país, batían feros os nosos francos lucenses ó sol. Pasiño a paso ollamos o voso xurdir e o erguemento das vosas arquitecturas. Pola vosa obra estamos apelados o continente as que denantes eramos ceibes illas, ledas. o poñente...

Xa nin salaiamos cando os tiros dos canteiros arrincan lumieiras para o fogar aldeán e ledamente abranguemos os brazos para que a mar críe loiras praias e medren os albos peiraos mariñeiros.

Figura 7.17. Revista Céltiga 10-10-1927

Nas xeografías de Otero e na *Guía de Galicia* ao falar sobre a formación do relevo e do chan en Galicia segue a concepción analítica de E. Suess, e os estudios de Isidro Parga Pondal.


188 Orixinal na hemeroteca do Consello da Cultura Galega

Fermoso artigo que encerra unha maneira de contar cousas. Aínda que a xeografía poucas veces aturou este método. É o home que sendo xeógrafo vai máis alá cando viaxa moi lonxe polos horizontes de Galicia.

7.1.2.10. A estila (1927**)**

A lagarada, a vendima, a estila foron teimas constantes nas que persistía Otero en toda a súa obra. Labores da aldea que están nas súas novelas, dramas rurais e poesía. Tamén na súa xeografía o través dos seus pequenos artigos. Xeografía humana dos costumes dos labregos. Un deses artigos é o titulado: *A Estila*,[189] publicado o 25 de novembro do 1927 na revista *Céltiga*.

Otero comeza o artigo situando temporalmente a estila na sazón do outono:



DE RAMÓN OTERO PEDRAYO

A ESTILA

(Especial pra CELTIGA)

Pol'a mañán xa chirifa o bico na solaina. Nos vales e quebradas demórase a noite, e apéganse preguizosos farrapos de néboa dos vellos penedos das encostas. Inda está verde a ramaxe dos carrales, mais xa mollos, amodiño, por'vos, unha envurta de acendrar cha cólor do millo dourado e da fueda soba mañán. Tamaretia pol'os seguintes anfpetos. Nos rastros dumendos poidde as primeiras ribbaas. O outono.

Na bodega trunfa outro ulido. Paramos da Terror na cubas e rematase a trasfega. Vella terra familiar e calcada, friaxe dos canteiros, balor dos pipotes esquecidos c'as costelas podrecentes de carballo, e sobre todo a gravenella d'un ser fidalgo e tirizoso, ruinoso e lacrimo, ufrito a impoloriar a refuxeo e labranza. Incrafiento e pechado o Pal Vilo rematia o verdadeiro amil-do fidalgo. Unt'anmoxos, baxo cadrarom aguilas amados vilos do tempo dos fridas. Máis ao chegado cáqui na nosa conversa, compre demorarse un pouquiciño falando do negocio. O rematante, que se fe val facer, todo somos da ribeira. E loio quer dicer, descansado, falandeiros, labriadores, argallantes e señortiricos, sin botar tabs téremenos a nada, parte pois chegando a nación. As señoras, da arxeita e das cabas ¡fra de frias! tamén se sabe estirarse a cirpo traballando a regas, ou fino o amontillo, apegita e requiras as xiarnellas. Deitremos e dis na leas alegando pra que nada lla mire pol'a cua vida.

Pois pra lembrar é millor a natilla. Agora ande ao cas, alá por riba da montana mouta, un labrador igual an qu'un fachiño, ruba na arcosar de terra dos pequenos lamelros afundidos nas regantas e das vilas onde na deserta, esparrando d'inverno, a area humidosa. Agrupada a rin no cocido. Xa prase un cuentiño de brasa. Acarda de fogar, na cocilla escura, nanamentras mulleres andan d'aqui pr'acolá despachando a fameda. O latrollo da noite en agarda do fechado da lapa concellera de cantos e marmelas, esperanzas e apódos. Un siposo traguiño sobre no curro, e unha cousa. Idiernas, estrañas, roberta, e bruzosa sonde na gosta. O herdeiro d'un home cargado baixo o pase. Tosegilla chega outro home cargando no cesto retorto arriscu anda nota longa e grave que racha a natilla con'unha rarda chamada de guerra. Respondon outras lonxanas e rumas, cando os filfrutes ingresa da parroquia. Vai comezar a estila.

O derradeiro canto de Vendimio. O remate alquímico, do tratamento das forzas do viño, que principia coa tonsura da poda, segue ó largo do ciclo agrícola dos augueiros mesturada ca aplicación do sulfate a o xofre. N'nin prenda que esprimente tantos sufrimentos! Por los ás que pestar e concretar sua enerxia. O chigrita c'ha máquina fal dos vilas anha primera quimera, pin unha, esor artifi- cines nos vale. A mpe chora na na poda bágoas de sorte orbefalla y dosna do virir derramando. Nas primeiras semanas de San Xoáqne volvese a prohibir tenentemente o mlingo. Tan no fin do viño días de partida. Sudre a operación cuatros da vendimia. Outras pracias, os arbores, dormas vair, mobe, o fruito. Ha, non. E por mais nin'a deixan durmir de ventre a campia da folla murcha de bisuitinos tonte, pois mil mans de traballar pestiñana pr'a fazenda, e que dan os trabelros earmentos sapidos e arvorgolados.

Nin deixan o viño a tolada de ferver. Deseguida lle poñen unha barra de tumba. Despoias hastra o separan do bagullo pra deixar limpo nas cubas o igual d'un sistema d'educación comunista que ignora as nais. Por derradeiro tormento a panza do alambique unha figura antropoide das vellas alquitaras.

Xa vai costando pouco. A estatua funeraria do gran barracán épico, que debía de baleer en fardal'os ribeiros, recomanda a fatura da alquitara antiga e sarta parente do medel carvalgo fechado.

Algunhas hada se cria dos viños e dos beiduiros novos n'os recunchal escuros das bodegas. O fogo da estila fal befar a yalma mais arreconchegada da cepa, cuntas yalmas de dadio que sal humado pol'o serpentín. Fogo e yaugas d'alquimia.

Nas tertallas que se organizan arredor da porta, nengure se fala de cousas terribres. Arremllase outro río escuro: as natureas. Entllas, mulanzas o castañeiro son os madeiros adiados os Galiza os deuses célticos, pictonianos. Como que inlevan o refuelo da noite despertando en mfloiselas modernistas, e vedes c'as baleiadas dos Difuntos.

Dis que o borracho d'augardente deixa na sinla on na nose unha lagoeata de alquitara. De feito os peixiños beben o aproveno do rosario hastra que fal os vare, por'unha orde de dame.

O legal das pezadas ás agricultis mesturadas gr'os animais e fazeis gr'os cristianos. A piedade das gentes beixa hastra o fado do bagullo sutil. do gra pécar a gostoso grá. E os mariñeiros dos portiños atrasinos aguelan gra, quentar o seu corpo salgado como o fo de Ghanot pol'a lingua aparelante das ribeiras.

No deixa de ser estrano a falla de grandes industrias do alcohol nas terras do viño galego. Cada un fai o seu, no curro, pol'a noite, sempre un pouco desconfiado da lei e da Hacienda. Un aroma vexetal de zume alapeado

El más rico CHOCOLATE, los más deliciosos CHURROS y los HELADOS más exquisitos se toman únicamente en
"LA ARMONIA" 1002 - Av. de Mayo - 1018
ESQ. B. DE IRIGOYEN

Figura 7.18. Revista Céltiga. 25-11-1927

Pola mañán xa se arrefría o bico na solaina. Nos vales e quebradas demórase a noite, e apéganse preguizosos farrapos de néboa os vellos penedos das encostas. Inda está verde a ramaxe...

E xa nos introduce a descrición da adega:

Na bodega trunfa outro ulido. Para non ferver as cubas e rematase a trasfega. Vella terra familiar e calcada, friaxe dos canteiros, balor dos pipotes esquecidos coas costelas podrécentes de carballo...

Pasa a vendima e trasfegar na adega e chega;

Vai comezar a esti1a.
O derradeiro canto de Vendimion. O remate alquímico, do tratamento das forzas do viño, que principia coa tonsura da poda, segue ao largo do ciclo agrícola dos augueiros mesturada ca aplicación do sulfate a o xofre...
Nin deixan o viño a tolada ferver. Deseguida lle poñen unha barra tumba. Despois hastra o separando bagullo para deixar limpo nas cubas o igual dun sistema de educación comunista que ignora as nais. Por derradeiro tormento a da panza do alambique unha figura antropoide das vellas alquitaras.

E finaliza Otero botando en falla as industrias do alcol nas terras do viño

> Non deixa de ser estrano a falla de grandes industrias do alcohol nas terras do viño galego. Cada un fai o seu no curro pola noite, sempre un pouco desconfiado da lei e da Facenda. Un aroma vexetal de zume alapeado

189 Orixinal na hemeroteca do Consello da Cultura Galega

espallase polos vales. E ruben fumes de sacrificio igual que os da chamusca do porco e os magostos no alquímico solpor outonizo.


7.1.2.11. Unha aldea (1027

Ducias ou case centos de veces Otero nos falou da aldea galega, outra das teimas sempre presentes na súa xeografía. Alí encóntrase a esencia do pobo. Mais no artigo titulado: *Unha aldea*[190], publicado na revista*: Vida Gallega,* o 30 de novembro do 1927, Otero nos conta unha triste historia dunha aldea de catro casas en ruínas. A paisaxe entre camiños:

> Os camiños xúntanse gustosamente naquel lugar para botare un parrafeito; uns ruben amodiño dentro do val pola ladeira esporente amiga do sol da serran e levan ó alto a sombra vizosa das parras, a altura dos lameiros onde as flores medran graciosas e tristeiras como Ofelia na auga encorada, e a hora das doce cala tranquila presa na paz dos bimbeiros.

A aldea situada nun cruce de camiños:

> Todos chegando o pobo se fan de mor larganza pois o seu peito alenta máis folgadamente. O propio camiño real afeito a cruzar destemido e dereito cara ó Norte detense nunha doce curva ao pé da asemblea dos castiñeiros para ollar polas fendas dos arciprestes que rezan no xardín as horas canonices de seu vivir



VIDA GALLEGA

Porque hay que confesar que hasta hace muy poco tiempo—mientras no surgieron los afortunados trabajos de Fernández de los Ríos, de Ksado, de Jaime Pacheco, de Portela, de Feijóo, de Merino, de Tenreiro, de Moral, y de otros profesionales y aficionados, notables como esos y, por desgracia, demasiado amigos del anónimo—no se había hecho nada digno de mención en este sentido. Poseíamos un catálogo clásico que no había pasado por la lima del buen gusto. Vigo, desde el monte del Castro; Pontevedra, desde el puente de la Caeira; Puente Sampayo, desde Arcade; Tuy, desde el puente internacional. Nada de los rincones deliciosos, llenos de tradición y de poesía. Y todo sin primeros términos, todo con una absoluta buena fe, de efecto negativo, como si no o se hubiesen dicho por donde había que ir los catalogadores de las bellezas de Suiza, donde todo aparece en las alturas o en las hondonadas, donde el desnivel territorial fué sabiamente aprovechado y donde no se utilizó el primer término artístico monumental porque apenas existe.

Hoy tenemos que reconocer que la fotografía es la verdadera tarjeta de presentación de Galicia. En ella anotamos todos nuestros títulos. Nuestros títulos son nuestras bellezas naturales y arquitectónicas. En fuerza presentarlas debidamente, embelleciéndolas, si esto puede decirse, mediante la elección del punto de vista.

¿Que esto es costoso? ¿Que esto es molesto? ¿Que estos, a veces, desesperante?

Tenía delante de mí la iglesia de Leboseende y sobre ella el grupo antañón de casas verdinadas—tan clásicas, tan monteñesas y tan aldeanas!—de la parroquia. Pero necesitaba una parra y unas uvas para enmarcar ese conjunto. La parra y las uvas estaban en la solana de un viejo solar poco habitado. Los dueños se hallaban en la vendimia. Los muros eran muy altos para pensar en un escalo. Los vecinos no podían facilitar una escalera porque los vecinos—¿cómo no?—estaban reñidos. ¿Qué hacer? Enviar un propio por la llave. Y emular a Josué clavando los ojos en el cielo para pedirle a Dios que detuviese al sol en su carrera.

Solo así, por la paciencia, por el sacrificio, por la firme voluntad, produciendo menos y estudiando más, podremos cambiar, fotográficamente, el aspecto de Galicia. Porque Galicia, que nos pareció muy bella hasta aquí, nos ha de sorprender cuando llegue a su mayor edad, por los procedimientos técnicos y por los alardes de la selección, nuestro apenas naciente arte fotográfico.

JAIME SOLÁ

VIDA GALLEGA EN PUERTO RICO

Rogamos a n. das las personas que deseen recibir *Vida Gallega* en Puer. Rico se dirijan á nuestro representante general en aquella isla, *D. Valentín Trigo*, P. O. Box, 456, que les atenderá con la actividad y patriotismo regional en él reconocidos.

UNHA ALDEIA

Os camiños xuntanse gostosamente n'aquil lugar pra botare un parrafeito; uns ruben amodiño dend'o val pol'a ladeira esp·rente amiga do sol da serán e levan ó alto a sombra vizosa das parras, a lentura dos lameiros ond'as froles medran graciosas e tristeiras como Ofelia na auga encorada, e a hora das doce cala tranquila presa na paz dos bimbeiros. Treguen fortes recendéres das hortas coarteladas das bestega, cantigas d'arrieiro e pisadas do peiño das mozas sobr'as pedras usadas dos pasales. Ostros veñen exaltos e arosos coma peliteiros queimados có sol, cend'os chaos descobertos estremecidos pol'as longas vibracións das centeirras. Tudos chegando ó pobo fánse de mor larganza pois seu peito alenta mais folgadamente. O propio camiño real afeito a cruzar destemido e dreito car'ó N., detése n'unha doce curva á pé d'a asembreia dos castiñeiros pra ollar pol'as fendas do muro ó pomar do paso e a penitenza dos alciprestes que rezan no xardín as horas canónicas de seu vivir: canto coral feito frouma rechoncheante de paxaros, arela infinda da yalma do monse que quer pisar pel'o ceo camiños d'estrelas de redención.

Agora os camiños, os arboredos, as casas dos lugares, os cotos, os nenedos parecen achegarse no curto día pol'o medo á noite crecedeira que se cría nos fondales e nas agrevias montanas do leste. Ouvezes de mais preto as voces, as latricadas e as cántigas de logar a logar, misturanse os lumes dos fogares, hastra a ergueita espadaña da eirexa chega por entre as ramaxes espidas pra escalcar o que se pasa nos campos e prazas dos pobos. Toda a parroquia fálase a pequerella pra millor se gardar dos despeiteados ventos da inverna.

Iste pobiño, do que tratamos, agromado no cruce dos camiños non deixa de presentare unha certa semellanza c'o vello souto de disformes castiñeiros que envellecen a carón d'il. Alunde no sabrego, na laxa, na herdade, e na nabeira, as raizes do seu vivir, acompasan o seu vivir c'o decorrer das estacións, agroma en rapazes rebuldeiros coma follatos novos no ser primaveiral e tal tremar o torrón cando un abó labrego cai na coba con'unha valente trabe no lirio d'ourizos e follas. Un vivir vexetal e cósmico o largo dos tempos.

Mais s'afundimos no estudo do pobiño pobre e pequeno e esquecido, si cavilamos sobr'as escrituras entrambilicadas dos pergameos e có mandamos os vellos que agora, n'istes días, ceiban a lingua c'o labio do viño novo, entón dibúxase no tempo pasado e no presente e adiviñase pr'o de mañán garimado nos abrentes, un ser de voluntade, de paixón e de dolor. A yalma do pobo latexante baixo as mais humildosas feituras materiales. As probes casiñas de forren, os sucos dos eidos, os canles das augas, os palitroques das parras, a figura material do logar é unha arteria pequeniña e sinxela pol'a que decorre unha pinga sempre renovada da sangue espiritual da raza. Poderceron baixo dominseos diferentes, criaron o torrón vexetal, prantaron os arbres e trées lonxe n'outros pobos cu alén da mar renovos qu'inda levan na yalma a graciosa feitura do hourizonte do pobo. No pazo ciclás berraron fidalgos esgrevios ou cavilaron teólogos cenobios, e de fixo houbo donas que salayaron saudades. . traxedia, a farsa, a risada e o pranto, tremaron con'os lapas de fogar nas casiñas tarreas e nas casa-reloxeiras do pazo. A Fame e a Morte, cicáis o crime agachaban suas sombras pra entrar silandeiras pol'as portas. Cicáis tamén o miragre, de fixo en voos de pombas das virtudes. Pouca cousa ron os empeñe·s dos homes. Mesma qu'as pantasmas da brétema antre duas ryolas de sol inverniso. Mais si houbera un espirito capaz d'aborrío pra esxergar na sua profundidade infinda tede o pasado da yalma d'istas catro casas, toda a fondura de paixós e d'arelas d'un roio día, non sería preciso estudar mais os mortos moimentos dos pobos nin encher de cadavres os mesmos cosmográficos. D'un pulo teríase chegado ó tema universal da Hesterca.

Por iso son tan tristes as roinas d'unha aldeia. Cando as probes pedras da lareira s'afunden no chán esquencida queda presa n'elas un derradeiro salayo remoroso diante do cego imperio da Natureza ceoleca.

R. OTERO PEDRAYO

Figura 7.19. Vida Gallega, 30-11-1927

E un pobo pequeniño:

Este pobriño, do que tratamos, agromado no cruce dos camiños non deixa de presentar unha certa semellanza co vello souto de disformes castiñeiros que envellecen a carón del... Máis se afundimos no estudio do pobiño pobre e pequeno esquecido, se cavilamos sobre as escrituras dos pergameos e demandamos os vellos que agora, nestes días, ceiban a lingua co labio do viño novo.

Pobres son as casiñas:

As pobres casiñas de forra, os sucos nos eidos, as canles das augas, os palitroques das parras, a figura material do lugar é unha arteria pequeniña e sinxela pola que decorre unha pinga sempre renovada do sangue espiritual da raza.

Alá unha traxedia, fame e milagres

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

190 Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

> A traxedia, a farsa, a risada e o pranto, tremaron como as lapas do fogar nas casiñas terreas e nas salas resoantes do pazo. A fame e a morte, cicais o crime, agacharon as súas sombras para entrar silandeiras polas portas. Cicais tamén o milagre, de fixo os voos das pombas das virtudes.

Todo en ruínas, máis unha cousa caótica.

> Por iso son tan tristes as ruínas dunha aldea. Cando as pobres pedras da lareira se afunden no chan esquencido queda presa nelas un derradeiro salaio tremoroso diante do cego imperio da Natureza caótica.

7.1.2.12. Un paisaje de rocas (1927)

As primeiras palabra da *Guía de Galicia* son unha ollada sobre a xeoloxía de Galicia. Un baixar ao chan sementado de rocas graníticas que dominan a paisaxe. Pois ben, Sobre ese concepto de *roca* Otero fai longas reflexións no seu artigo titulado: *un paisaje de Rocas*[191], publicado na revista arxentina: *SÍNTESIS, artes ciencias y letras,* no número 8 de decembro do 1927.

O artigo comeza así:

> De viejas rocas graníticas, indiferentes, con una indiferencia planetaria al largo baño de sol de septiembre, el ilustre químico, experto destilador de zumos ricos, alma de este paisaje gallego, en la piña del racimo, en la espiga abrigadas del maíz y las pesadas frutas del antiguo pomar que caen con un ruido de madurez cumplida en la hierba humilde, ya otoñal del suelo. Estas grandes rocas componen, ellas solas, un fondo pequeño pero completo de paisaje, el primero e inmediato de mi meditación.

Continúa Otero falando da roca como gran bloque que racha pola acción da erosión das abundantes chuvias. Das rocas naceu o chan labrego:

> Un paisaje de rocas contra el que se baten las ondas de las tierras labradas. E el contraste, toda la vida mundo. Tierra labriega, sufrida y resignada, siempre deshecha, nunca dueña de una forma precisa, polvo de rocas sin nombre, pisada y mezclada con la podredumbre del abono; con todo, profundamente humanizada, nutricia del vivir esencial de la aldea.

Temos unha vexetación no chan das rocas areniscas

> Una vegetación de maquis norteño y meridional (retama, tejo, unce, laurel), la voluntad invencible del roble y el ensueño lírico de los pinos, se instala en el pobre suelo arenisco, dispuesto a recoger por un momento, el soplo rápido de los vientos

E o contraste da terra labrega


> Tierra labriega, sufrida y resignada, siempre deshecha, nunca dueña de una forma precisa, polvo de rocas sin nombre, pisada y mezclada con la podredumbre del abono; con todo, profundamente humanizada, nutricia del vivir esencial de la aldea


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[191] Orixinal no Arquivo Histórico das Revistas Argentinas

Mais Otero nos di que é necesario determinar conceptos

> Mineral, roca. Sería precisa una determinación de conceptos. La roca, una realidad, domina; el mineral integra, supone un primer análisis.
>
> Fácilmente percibimos como esta noción y valor: roca, es una de la últimas adquiridas para la invención integral y aceptada de nuestro paisaje humano.
>
> Si solo por la historia podemos darnos cuenta da la realidad y dinamismo de las ideas, nada sustituye a la historia de la idea y concepto de la roca y su composición en el paisaje humano, de sus orígenes arcanos y variaciones. No es posible tal estudio




RAMON OTERO PEDRAYO

UN PAISAJE DE ROCAS

DE viejas rocas graníticas, indiferentes, con una indiferencia planetaria al largo baño del sol de septiembre, el ilustre químico, experto destilador de los ricos zumos—alma de este paisaje gallego—en la piña del racimo, en la espiga abrigada del maíz y las pesadas frutas del antiguo pomar que caen con un ruido de madurez cumplida en la hierba humilde, ya otoñal, del suelo. Estas grandes rocas componen, ellas solas, un fondo pequeño pero completo, de paisaje, el primero e inmediato a mi meditación. Entre sus convexidades suaves, incesantemente acariciadas por la vista, surgen vagos trozos de horizonte en lejanos azules. Las rocas se amontonan redondeadas, con un vago anhelo de esfericidad nunca realizada, en individualidades trabajadas a lo largo de un tiempo no medido, por la erosión de los profundos inviernos lluviosos. Duerme en ellas un tiempo enorme, que durmiéndose ahonda cada hora de sol, de luna, de estrellas, en la eternidad. En lejanías cósmicamente mitológicas tal vez, formaron un único bloque. La caricia quieta o arrebatada de pasión de las lluvias, cayendo largas y metódicas o guiadas por el *impromptu* de los vientos, fueron atacando el bloque según las líneas sensitivas de menor resistencia: en el suelo la lucha horizontal

— 175 —

entinas | www.ahira.com.ar

Figura 7.20. Revista Sintesis, número 8, 12- 1923

7.1.2.13. Diálogos na noite (1929)

Foi alá polo abril de 1929 cando Otero escribiu no xornal: El *Pueblo Gallego* editado en Vigo, e na data do 28 de abril, un artigo titulado: *Diálogos na noite*.[192] Volve neste artigo Otero a darlle calidades humanas a un feito xeográfico, pois escenifica o diálogos que unha noite teñen catro camiños. O do val, o da serras, un histórico e unha corredoira. Comeza así:

> Chegan os catro, cada un co seu traballo a súa esperanza. Son catro camiños labregos. Chegan, e un anaquiño folgan ó amparo dos caracochos do campo da feira.

Un camiño é o que sube polo val e chega cansadiño:

> Eiquí non vos enteirades de nada. Abaixo recollo moitos camiños que chegan dende as beiras do mar: alí cubertos de parricochas rematan nas escaleiras dos

[192] Orixinal na Biblioteca dixital de Galicia

peiraos onde están as redes de enxoitar. A min trónzanme a carretera e a vía do tren, e figuro a carón delas ben pouquiña cousa. Escoito as historias dos mariñeiros, as latricadas dos ribeiráns, o pasar dos autos. Son tan vello como o río que franqueo atontiñado cas pedras dus pasales, máis a cada agromada vólveme a mocidade e sinto forza nova ó me levaren as augas de invernia.

Outro é o patrón que ten rodeiras de carros:

Rubindo as serras perdín a conta dos anos. No alto o tempo se non mide. Abóndame para ser ditoso a sombra dun bidueiro ou a veciñanza do ceo refrexado non illó. Alí as cantigas son tan mozas como a mañán do San Xoán, e ó caer unha torada de neve perdo de lediza e tino e non sei por onde vou. Chamo a moitas sendas de pastores e de lobos; eiquí veñen comigo; si non foran tan sinxelas e temerosas veriades que fermosas historias vos contaban...


EL PUEB LLEGO

VIGO, DOMINGO 28 DE ABRIL DE 1929

Este número ha sido visado por la censura

HASTA LOS REACCIONARIOS PIDEN LIBERTAD DE PENSAMIENTO

DIALOGOS NA NOITE

LA DAMA FATUA Y EL PRINCIPE PRUDENTE

Partidario del voto de las mujeres

Varias muertes a bordo de un trasatlántico

La política antiemigratoria del fascismo

Adelantan 170 millones de pesetas al Gobierno

MADERAS

Fino La Riva

Figura 7.21. El Pueblo Gallego 28-04-1929

O terceiro é un camiño señorial e histórico

Veño do pazo e da igrexa. Estou brasonado pola vida e pola morte. Son un camiño histórico. Tódolos outros trátanme con respecto debido ó meu señorío. Inda que agora estou un pouco deixado e hastra diante do portón fidalgo inzase en min as herbas ruíns do monte. Contodo, o domingo espállome para ouvir á xente no adral e as misas cantadas e axiña me gobernan cando veña a nova señorita do pazo. Qué murmuras ti, fillo dos zocos dos paisanos

O cuarto camiño é a pequena corredoira, que di:

Endexamais saín da parroquia. Abríronme na entraña dos eidos os vellos que prodeceron no adral. Non teño tempo para falar con ninguén, sirvo as terriñas da nabeira e a horta, e camiño tan pouco que non paso da touticeira comunal comesta pola abenza. Non vos riades de min pois teño fielmente moitos milleiros de carros de pau, moitos amores e esperanzas e guiado, moitas dores para o consolo do traballo.

E para rematar o dialogo o camiño da montaña vólvese xuíz

Dende os curutos da serra, eu vexo toda a redondez da nosa terra, o mar que se fai mimoso para tecerlle encaixes de Camariñas, os vales quentes e tódolos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

rumbos do horizonte: as veces a lúa reflexa coma un espello a faciana enteira de Galicia. E vexo máis...

Nomea paisaxes... E fai un rogo :

> Guiade ben aos homes, camiños galegos. Non olledes nas noites craras o camiño de Sant-Iago que cruza toda a esfera somentes parase xuntar connosco. Os vellos castiñeiros aprobaron cun ruxir de follateiras novas, e un instante no sinxelo campo da festa, sentiuse decorrer, poderosa e unánime, a presenza de Galicia.

Neste fermoso artigo de latexantes arterias do corazón da Galiza danos unha visión da mostra de aqueles camiños antigos, moitos hoxe esquecidos polas presas do mundo actual. Máis non deixa de ser unha lección de xeografía



ANO XXII — GALICIA, 1930 — NUM 446

VIDA GALLEGA

DIRECTOR FUNDADOR
JAIME SOLÁ

VIGO

Unha Lombardía galega

Por RAMON OTERO PEDRAYO.

EL PRINCIPE ABRIL

(Para VIDA GALLEGA)

Figura 2.22. Vida Gallega, 20-04-1930

7.1.2.14. Unha Lombardía galega (1930)

Nun pequeno artigo do 1930, publicado o 20 de abril na revista: *Vida Gallega* e titulado: *Unha Lombardía Galega*[193]. Otero fai un xogo de xeografía comparada, Pois nos fala da rexión italiana da Lombardía en comparanza cos Chaos de Amoeiro. Unha rexión grande e un pequeno penichao. Nos recorda as notas que deixaron Chateaubriand e Taine ao viaxar pola Lombardía. E nos di:

> Galia cispadana e tras un alen, padana. A Celtia italiana, patria de Virxilio o campesiño que chorou a perda dos eidos familiares e fixo o poema harmonioso das sazóns labregas. Galia igual a Europa centro atlántica

Tamén recorda que é patria de Virxilio e S. Ambrosio, sazóns labregas e catolicidade.

E nos di desa terra galega:

A terra galega que agora teimamos lembrar non é estesa nin ilustre, non se inza nela ningunha cantiga e rica cidade nin ten por fondo da paisaxe a procesión de cumes dos Alpes. Máis cruzando polas careiriñas das herdades, folgando á sombra dos pequenos santos e das carballeiras, ouvindo o correr dos regueiros invernizos no chan areoso, ven as mentes a lembranza lombarda.

193 Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

Fala desa terra galega o os seus horizontes

> E terra de penichao, nin ribeiran, nin montesía, nin fría nin quente, e sen estar moi outa domina un horizonte equilibrado harmonioso, de serras que o porse o sol se tinxen de tódolos matices de violeta como si dentro levaran unha luz astral. Non hai nela grandes bosques, nin veigas lenturentas de doado traballo. A Natureza non foi prodiga con ela…

Fai comparanza de terras

> En comparanza cos arboredos da montaña e coa fartura de viñas da ribeira, aquela terra, figura probe. Co traballo produce máis que elas, e dispón de tódalas colleitas, ata dun viño lixeiro e escumoso que sabe a frescor de pedra de seixo…
> País no que o home é superior á natureza e non deixa dominar por ela. Recórdana seus fillos onde queira que camiñen pois en ningures atoparon unha espiritual gracia que se lle asemelle.

E remata o xogo xeográfico:

> Xa vai sendo horas de nomear ista Lombardia pequena da Galiza: son os Chaos de Amoeiro, a igual distancia da ribeira do Miño e da serra Mariña.

7.1.2.15. O vento na gándara (1929)

Unha das paisaxe que describe Otero en toda a súa obra xeográfica e paisaxista é a gándara, terreo baixo, areento, húmido e improdutivo, onde só medra a maleza. Pois ben, nun artigo titulado: *O vento na gándara*[194], publicado na data do 14 de xullo do 1929, no xornal: *El Pueblo Gallego,* Otero nos define ese paisaxe da gándara.

> Ista gándara ten un piso firme e elástico que axuda ó andar dos cazadores e dos pastores. Espallase indiferente e sinxela no triunfo das súas dimensións da superficie. Lonxe do traballo labrego aínda garda un pouco da planetaria virxindade das terras apenas percorridas.

A gándara paisaxe sempre de peito vasto

> A gándara desprezando a fala dos arboredos franquea cara ao ceo seu peito vasto, aturando o calor e o frío sen deixar esculturar súa poderosa entraña polo fío das augas nin pola forza vital das raíces.

A gándara que ten por límites os montes do Bócelo e o lombo do Careón, no concello de Toques

> Só os montes do Bócelo e o lombo do Carión bordean os marcos da gándara con duras sombras estrañas. Outro pasar decorrente de sombras fuxitivas bótanlle as nubes no seu eterno e ledo tecer e destecer. Figura morta a gándara.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

194 Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

A gándara ten moito vento, campo afeito ao deporte

> Pasan pola gándara longos camiños desfiados, axiña, como si tiveran medo, como os ronseis no mar. Xoga o vento das cumes facendo da gándara seu campo de sport.

Na gándara, en naqueles tempos botábase centeo

> Os labregos as veces, fan unha estirada para coller centeo forte como criado por silenciosas enerxías primitiva, máis deseguida deixan o torrón a bravo e vagaroso mordiscar da abenza e dos facos de longa caudada.


AÑO VI
Número 1.933
EL PUEB[illegible]LGO
VIGO, DOMINGO 14 DE JULIO DE 1929
OPINIONES
Una amenaza para nuestra ganadería
O vento na gándara
EXCMO. SR. D. NICASIO PITA ESTRADA
El primer plebiscito
El ministro de Instrucción ha entregado al Museo Antropológico
ESPECTACULO AGRARIO
LUSIADAS EN VIGO
MADERAS
Fino La Riva

Figura 7.23. El Pueblo Gallego 14-07-1929

Unha gándara no cerne de Galicia

O senso íntimo, o chan máis fondo da alma galega ten unha impresiónate personalidade nesta erma gándara posta no cerne de Galicia. Tamén ela como as catedrais e os mosteiros dispón dun tesouro de sepulcros.

Alí na gándara hai mámoas.

As mámoas figuran pequenos erguementos: o chan da gándara cobre piadosamente os mortos como un pano que deixa translucir unha idea de forma humana.

Na gándara falan os celtas

Todo silencio da gándara cingue ao dolmen e o vento bruando nas súas pedras fala na lingua dos celtas

7.1.2. 16. A rúa e o camiño (1930)

Todalas reflexións que Otero fai sobre o home e o seu vivir son de certo cousas da xeografía humana, sempre moi próxima á historia. Así no artigo titulado: *A rúa e o camiño*[195], publicado o 1 de xuño do 1930 na revista*: A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala.* Otero nos comenta os cambios na maneira de vivir e relacionarse os veciños nas casas das cidades en contraste coas xentes da aldea.

Así nos describe Otero a aldea:

> Cando pasar un lugar figura camiñar adispaciño para ouvir a conversa das casas, das figueiras, dos curros e das pitas, E o seguir camiñando leva un largo treito — deica a revolta, deica a fonte—o espírito daquel lugar.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

195 Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

E son as cousas nas cidades



A rúa i-o camiño

Da nova Galiza

Figura 7.24. A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala. 01-06-1930

> O camiño pasa a rúa nas cidades e pola outra veira nas cidades todo cambia... Mais estas casas non fan familia, non falan coas de por fronte, considéranse estrañas, indiferentes. No bosque onde os toxos e xestas do chao deica os mais outos follatos dos árbores, circula un aire de sociedade, de colaboración na vida. Nas casas cada piso vive asegún un ritmo diferente e todos eles compoñen un sistema de terreos sociais estratificados...
> Os veciños saúdanse cerimoniosamente na escaleira. As portas da dereita e da esquerda considéranse con política, con sospeita. Cada habitación vive para si, soilo comunalmente coas outras na relación xurídica co caseiro e co concello.

E o progreso e devalar da historia do éxodo ás cidades

> Sabemos que as cidades son a forma superior da sociabilidade humano. Elas son as verdadeiras poboadoras das nacións, súa opinión na política e no estilo da vida pesa moito máis que a das campías, como que dirán o titulo de cidadán ó home moderno...
> É tráxica, ista xeada mentalidade da rúa e da escaleira. Conforme medran as cidades amingoa o sentido vivo da comunidade social e en lugar de verdadeiras familias hai greas de solitarios dispostas a ser xoguete de calquer suxestión dun instante.

E fai unha nostálxica reflexión final

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Con ese sentimento volvemos ó camiño labrego sen ser donos a deixar de pensar si cicais co crecemento urbano vaise xeando o sangue social dos pobos.

7.1.2.17. A xeoloxía do carácter (1930)

Sempre foi a Terra a teima de Otero. Idea fixa e constante ou costume na que persiste. Unhas veces no senso político, outras no poético e romántico, outras son escenarios das peregrinaxes dos perxonaxes das súas novelas. E eiquí nun artigo do 10 de maio do 1930 publicado na xornal: El Pueblo Gallego[196]. Tamén foi publicado o 25 de xuño do 1930 na revista Céltiga[197], titulado: A *xeoloxía do carácter*. Otero debulla en termos sinxelos o que fixo a xeoloxía pola terra de Galicia. Mais a cousa non queda así. Quizás a cousa é que Otero fala do carácter dos galegos e fai unha comparanza entre os tempos do carácter e os ritmos da xeoloxía


EL PUE LEGO

VIGO, SABADO 10 DE MAYO DE 1930

Este número ha sido visado por la censura

A XEOLOXIA DO CARACTER

EL PARTIDO DE LOS ASISTENTES

MAGISTERIO, ALERTA!

LA CENSURA, SEGUN EL CLIMA

SOBRE EL ORDEN

Los liberales catalanes que van a escuchar a Romanones

LAS LLUVIAS DE MAYO por Torres

—No se podía salir a la calle sin paraguas

SCHOLARUM

PRETEXTOS COTIDIANOS

Figura 7.25. El Pueblo Gallego, 10-05-1930


Céltiga

PROSAS GALEGAS

A xeoloxía do caracter

Ramon Otero Pedrayo

Figura 7.26. Revista Céltiga, 25-06-1930

> Gracias a Xeoloxía un paisaxe é para nós algo máis que un fondo pictórico. Representa un momento do drama cósmico paralelo co diferente medida á drama humano.
> Formacións xeolóxicas, formacións psicolóxicas. Erosión das lavas, das olas, das chuvias. Erosión das paixóns. Lacolitos, volcáns fósiles. Fósiles nas almas, antigos amores.

[196] Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia
[197] Orixinal na hemeroteca do Consello da Cultura Galega

Este dualismo no é cousa de filosofia, é paralelismo da xeoloxía e a psicoloxía, recurso literario no que Otero amosa coñecementos do pobo e da xeoloxía facendo coincidir unha e outra, de xeito romántico e existencial. A viaxe comeza así:

> Meu amigo, tolo co novo método saíu á rúa ben de maña, como un naturalista, para facer calicatas nas almas.

E que ollamos na paisaxe:

> Vellas e criadas, señoras para á misa: O "humus" vexetal do traballo caseiro encobre a roca soterrada, granito ou esquistos. Unha nai que perdera o seu fillo: a chuvia bate nun paisaxe de pizarras duras, un tolo: bosque fusil sobre estrañas e mortas rocas lunares como os estudados pola escola de Davis...
> Paisanos: seixos lucentes afloran nas terras moles polo traballo, vellos penedos cubertos de órcelos, mulleres chan de fondo regueiro, traballando...
> A familia: terreo metamórfico desfeito pola vexetación da moda...


Céltiga

Proxas Galegas

A GALICIA NO PLANISFERIO

R. OTERO PEDRAYO

Figura 7.27. Revista Céltiga 10-09-1930

E finaliza comparando a lei de Alfred Wegener[198], con un desprazamento do carácter nun conto dun home que foi poeta na mocidade. E fai unha descuberta:

> E saiamos polos camiños ollando facianas nos penedos e penedos nas facianas.

7.1.2.18. A Galicia no planisferio (1930)

Para Otero é unha cousa triste o planisferio. Así deixa o seu criterio nun artigo titulado: *A Galicia no planisferi*[199]*o*, publicado na revista Céltiga o 10 de setembro do 1930.

> A Galiza figura no planisferio un esquinal duro, da Iberia, sendo Galiza todo menos esquina ou ángulo...
> A nosa terra figura ben pequeniña sen máis vantaxes que a dos paralelos, os mellores para cultura e a ponderación dos paisaxes, a larga vista sobre o mar, e as boias dos Aguillóns sinalando a entrada do Cantábrico.

Continúa describindo Galicia no planisferio, e remata cun desexo:

[198] Físico alemán (1880-19309
[199] Orixinal na hemerteca do Consello da Cultura Galega

Máis non sigamos ollando pro planisferio estático e morto como o sentido político dun ministro dos partidos turnantes. Hai que sentir a Galiza na esfera viaxeira entre raios de lus de estrelas.

7.1.2.19. As fontelas rumorosas (1930)

Alá nos tempos do 1930, no xornal el Pueblo Gallego, Otero publicou na data do 16 de setembro un artigo que titulou: *As fontelas rumorosas*[200]. Son todas as fontes da terra galega, ben clasificadas e debuxadas no seu facer dos tempos que como nos di Otero son: *donas, señoras.* Son bonitas, con augas que se peitean nas noites de lúa chea. So temos que calar para escoitar o seu canto de esperanza.

O coro das fontelas da terra. Das fontelas ceibes, saudosas e xogantinas, da Galicia.


EL PUEBLO GALLEGO

LA MISION BIOLOGICA Y LAS ESCUELAS DE FORMACION Y READAPTACION PROFESIONAL

LAS BELLAS MANERAS FEMENINAS

EL JUEVES TERMINARA LA PREVIA CENSURA

LAS FONTELAS RUMOROSAS

LOS CACIQUES

LA LUCHA ANTICACIQUIL EN GALICIA

¿VENDRA EL EX DICTADOR A REGIR SU VENCIDO?

GALICIA EN LA "GACETA"

Figura 7.28. El Pueblo Gallego, 16-09-1930

A primeira é a da serra:

Primeiro que outras a fontela da serra. Alí pode coller amantiña no seu seo a vibración de estrelas non albiscadas abaixo. Saben dela os paxaros migradoiros. os pastores e o lobo, melancólico cumpridor dun destino cruel.

E despois as fontes dos mosteiros:

A fontela dos monxes sabe cultivar o silencio como fontela dos pazos adeprendeu o símbolo renovado das xeracións. No horto pechado as follas muchas escreben páxinas místicas e ditado dos alciprestes.

Temos outras:

As pechadas en arcas de pedra dominica no cruce dos camiños...
As nadas nas encostas do sábrego deseguida extasiadas en pequenos lago....
As cinguidas de pedras usadas polo bater valente da roupa manexada por brancos brazos de muller...
As que fan unha coviña no peito sombrizos dos lameiros...
As que figuran ollos do fondo terrón das nabeiras, sempre fresqueiras da noite xeolóxica cuxa auga maquia co bimbastro...
As gardadas nos vellos muros...
Outras, de pinga fresca que deseguida mata un pouco da sede enorme do mar comesto de sal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

200 Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

E as augas infindas fonteliñas que de outono e primaveira debuxan nas laxes un pequeno suco de vida...
Son as fontelas rumorosas da Galicia. Este artigo é un exercicio cos resultados dunha investigación que o xeógrafo fai no decorrer dos tempos polos camiños das súas peregrinaxes. É o método da observación en todos os os horizontes. Máis como sempre en prosa agarimosa, chea de sentimentos e dun leve romanticismo que nos leva moi a modo a ollar as paisaxes de Galicia.

7.1.2.20. Crónica de aldea (1930)

Antonte, en tempos de Otero, as palabras andiveron polos eidos ourensáns. É o falar de Ourense. No artigo titulado: *Crónica de aldea*[201], publicado na revista *Vida Gallega,* na data do 30 de setembro do 1930. Alí temos que ollar un horizonte ourensáns daqueles tempos. Hoxe as cousas non son aquelas. Otero nos conta as novas de aldea:

Onte a tronada andivo rosmando pola banda do Leste. As grosas torres soilo deixaron caer por eiquí unhas pingádelas raras, mais xa no castro a pedra acantarou as parreiras...
Tamén e un mal a pouca valía dos marrexos. Hai veciño que lle arde a cabeza cas leitadas na corte, canso de pasear feiras...


ANO XXII — GALICIA, 1930 — NUM 462

VIDA GALLEGA

DIRECTOR Y FUNDADOR
JAIME SOLA

VIGO

Crónica de aldea.

Por R. Otero Pedrayo

Figura 7. 29. Vida Gallega, 30-09-1930

A xente ten agora tres días de festa, entra de Sta Cruz, na baril carballeira do S. Vitorio e a do S. Xulián de Abruciñas...
Eiquí non hai novas políticas. Non, a parroquia coma ter ten boa paciencia. Endexamais agás da escola, recibiu un beneficio do Estado, da Provincia nin do Concello que soilo serven para lamber os cartiños dos probes...
Cartas de América? Hai poucas, e si as hai pouco se conta delas pola xente non é tan franca nas súas cousas coma era noutro tempo...

Mais os veciños teñen esperanza da vida de aldea:

Que teñan saúde e se non esquezan da parroquia nativa que mediante o traballiño labrego dá de todo e disfroita dunhas vistas e dos ariños que le dan envexa as de arredore.

E remata o artigo cun sentido histórico e poético.

201 Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

> Mais quen sería capaz de recoller un pouco da vibración interior que ven de lonxe e lonxe vai da ialma do pobo? Isa é angueira de poeta. As boas noites e Deus no libre dun pedrazo.

Este artigo e daqueles que teñen que se ler moitas veces para chegar a o fondo das palabras de Otero, aínda sendo un veciño de aldea son cousas que vivimos ou nos contaron. Unha xeografía humana de aldea.

7.1.2.21. Lembranza do inverno (1934)

Unha das teimas de Otero nos seus artigos é o contar a crónica das cousas que ocorren nas sazóns, estacións do ano, que rexen a vida do campo e o vivir dos feitos xeográficos. E tamén Otero leva a darlle aos montes e serras personalidade propia con vida case humana. Este é o método descritivo que utiliza no artigo titulado: *Lembranzas do inverno*[202]. Publicado o 9 de abril do ano 1934, no Heraldo de Galicia. Que comeza así:


Heraldo de Galicia

Lembranza de Xuxo Lourenzo

Lembranza da invernía

LA ALEGRIA DE LOS PINGUINOS

Seminario de Estudios Gallegos

Figura 7.30. Heraldo de Galicia, 9-04-1934

> No inverno a serra canta, vive, atolada e criadora, con diferente tema en cada feitura e aparencia do seu unánime ser poderoso.

Polo oeste de Galicia as serras…

> As serras do Leste da Galiza son as primeiras na exaltación cando aínda os ouros do outono esmorecen paisaxes fantasmais nas beiras da mar e nos vales algueirantes de vendimas

Os Ancares

> Graves, relixiosos cangados de cósmicos destinos os Picos dos Ancares cinguidos por a paixón do vento, da neve, da xeada, érguense encol dos horizontes

As serras centrais de Galicia

> Dende a Corba vaporoso escenario das galopadas dos potrancos bravos vai correndo o esperguicimento invernizo.
> Por o Corno do Boi e a serra da Loba, altares cósmicos presidindo a grande asemblea das chairas altas, estesas, de longos camiños e ceos brancos cono o peito dos pombos. Por o Faro a xoroba dun Adamastor domeado, vella sombra, paseando amodiño a terra de Chantada inzada de antergas

[202] Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

carballeiras, a terra de Rodeiro onde os castros melancólicos vixían a nacenza dos regueiros.
Por a Martiñá, meda de pedra, meda de azul, que por riba dos chaos mestos de eirexas saúda as orellas maliciosas do coto de Noelle, gato dos montes que esculca as ideas e voltas das sazóns por os fóndeas de entramos ribeiros.
Por a Madanela can de palleiro deitado ao sol, indiferente as picadelas dos piñeirais enxames de pulgas do monte rubíndolle as costas.

Tamén na beiramar

A todo o correr da Beiramar dende os dentes da Capelada ao derradeiro salaio do Miño nos areais que ruben a baixan en curvas de lúa ca marea, os cons e fachos, os promontorios e as puntas van respondendo como os Faros que se acenden ao medrar a noite á chamada baril do grave inverno.

E nas rías atlánticas

Deita no Touriñan a onda un berro de naufraxio.
Afirma o Fisterra mans de pedra para apañar o maxinado temón dos destinos.
Gurgullan en Corrubedo as escumas estralando abrulas de vento e facendo o lobo para asustar as nosos portos pescantíns.
O Facho de Santa Tegra conxunta o infindo fuxir das ondas da mar co longo morrer silandeiro do río e cinguindo por o desgarro de entrañas paixóns afirma na roca gris galega un erguemento de humana vontade.

As lembranzas do inverno unha máxica paisaxe

Arestora ensaia o cuco a súa frauta nun máxico recanto ignorado, a Pastoral apreixa os temas campesíos, máis aínda na serra manda a Heroica do inverno.

7.1.2.22. A parroquia dos ermos (1934)

A revista *Logos* foi un boletín católico mensual, editado en Pontevedra. No seu número 43 de xullo de 1934 Otero publicou un artigo titulado: *A parroquia dos ermos*[203]. Os ermos son terras que antonte tiñan moitos habitantes máis agora quedan ermos, con moitos menos. Terreos baldíos. Sen cultivar. Pois ben, Otero neste artigo descríbenos os ermos dunha parroquia. O artigo comeza co retorno dos fillos da parroquia:

Os fillos da parroquia cando volven a ela despois de moito camiñar senten unha emoción relixiosa.

É un sentimento de cada terra

Cada terra de Galiza ten seu nome especial na beleza do chan e da vida, e seu acento. Unha infinda matización dos temas inspiradores do seu conxunto e podente da Nosa Terra. Máis, quen podería escudriñalos? Son intuicións, lembranzas, arelanzas, desacougos e alegrías que se non catalogar

O cantan seus poetas

[203] Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

Nalgunhas estrofas de Lois Amado Carballo latexa o feitizo de Terra de Montes como orballo na tea da araña nas toxeiras outonizas. É o amor étnico bergantiñán no canto pondaliano

Así son os ermos



LOGOS

BOLETIN CATOLICO MENSUAL
Redacción e Administración: Arzobispo Malvar, 20
CON LICENCIA ECLESIÁSTICA

N.º 43 - PONTEVEDRA XULLO DO 1934

A PARROQUIA DOS ERMOS

S fillos da parroquia cando volven a ela despois de moito camiñar senten unha emozón reluiosa. Non'o din. Darialles vergonza decilo. Moitos son socialistas. Outros—ou os mesmos—teñen ildo as derradeiras dexeneración de Allen Kardec. Mais coñéceselles nos ollos e na fala e no ser en certa maneira eiblítico de andar os primeiros días, visitando os eidos.

Cada terra de Galiza ten seu nome especial na beleza do chan e da vida, e seu acento. Unha infinita matinación dos temas inspiradores do seu conxunto e podente da Nosa Terra. Mais ¿quen poderia escudriñalos? Son intuicións, lembranzas, arelanzas, desacougos e legrías que se non poden catalogar. A ciencia témse de contentare con esquemas xeneraes i-o noso sentimento pátrio tamen. «A Galiza verdecente, labrega e mariñeira, deveñir das xeneracións presentes na lembranza i-o traballo esparzado e xubiloso de cada hora, co calado celme da fantesía». Istas e outras espresións mais ou menos abranguedoras son certas, mais a yalma de cada rexión no sentido mais da historia que da xeografía, o feitizo de cada unha, ise engidego que esprica, defiñe e afirma o amor do home pol'o seu fogar, solo o pode vivir artificialmente na cántiga ou na lírica e na novela. Pois non hai de se contentare co sentimento do berce. Esirdérese sempre en motivación pois todo amor demanda en silenzo unha xustificansa. N'algunhas estrofas de Lois Amado Carballo latexa o feitizo da Terra de Montes como o orballo na tea da araña nas toxeiras outonigas. É o amor étnico bergantiñán no canto pondaliano. Poucas son as terras privilexiadas de iste xeito. O mais da

Figura 7.31. Revista Logos, nº 43, 04-1934

Ruben a ela os camiños como caxatas de romeiro para domear as crestas. Conforme se rube figura meirande o ceo, máis largasío o viaxar das nubes, as ribeiras cativas, afondadas na soma. Fica nelas a dozura de vivir!…
Apenas as agras de pan esmaltan o vagantío dos ermos. Algúns fatos de castiñeiros. Casoupas baixas, eiras pobres, pedras novas no adral, un rego xunguindo no se silandeiro decorrer nos fondais de lameiros de severo verdecer.

Triste ollada para os que volven

Os que volven de outros mundos fican silenciosos e graves sentindo no labio da pedra, o pasar do vento, a presenza de algo eterno e sublime. Sen darlle nome as pobres conciencias lixadas senten a presencia de Deus.

7.1.2.23. Ao correr dos horizontes

Estamos no 1934, e o xornal *El Pueblo Gallego* publica na data do 18 de agosto un artigo de Otero titulado: *Ao decorrer dos horizontes*[204]. Nel o xeógrafo reflexiona coa toponimia dos montes galegos.

Ao ollar nos horizontes case sempre están as montañas. E Otero buscas uns nomes axeitados

> Na viaxe e na lembranza as montañas galegas xorden eiquí e acolá, as veces cruzadas polo noso camiñar, duras e rexas ou liviáns e fuxidas nos horizontes...
> Todas teñen o seu nome, admirativo e exaltador da ergueita calidade ou da soberanía das paisaxes, respectuosa como nomeando un "tabú" tamén irónica e familiar. Silvaescura, Montouto, Pedras Apañadas, Faros e Fachos.

E fai a seguinte reflexión:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[204] Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

> A xeografía dos montes como todas as xeografías, non chega a dispoñer de nomenclatura científica semellante ás que son linguaxe noutras ciencias. Eiquí as inxustas transposicións dos nomes nas cartas.

E conta o pouco interese dos xeógrafos galegos.

> Os xeógrafos galegos non teñen cavilado neste problema e fica o conxunto do noso elocuente releve, abranguido nos termos xenerais de "macizo galaico-duriense", "pirineos galegos", e outros de semellante vaguidade.

Naqueles tempos non existían estudios de toponimia galega. Otero quere sementar nomes pois parécenlle escasos e cativos. E darlle un sentido científico e académico. Pois se pregunta:

> Porqué non encher as horas entre Ponte Sampaio e a Ponte Sigüeiro bautizando as familias de montes?


EL PUEBLO GALLEGO

Figura 7.32. El Pueblo Gallego, 18-08-1934

E como exemplo seguindo a toponimia europea propón nomes para as familias de serras e montañas para cinco comarcas seguintes:

Medidas, para as medas centrais da provincia de Ourense.

Ancáridas, para as serras da comarca dos Ancares.

Cárbidas, paras as serras da Terra Chá.

Fárido-Arionidas, para as serras próximas o Faro de Chantada.

Curótidas, para as serras da comarca do Salnés.

Así remata o artigo:

> "Medidas", "Ancáridas", "Cárbidas", "Fárido-Arionidas", "Curótidas", cinco categorías para os montes da nosa Terra. Cicais algún novo xeógrafo pense arestora no estudio axeitado para lles dar dignidade no linguaxe e interpretación científica. Que boa falla temos de esta penosa angueira.

Podemos dicir que a toponimia é a paisaxe que non se pode ollar nunha paisaxe. Facemos unha enquisa para coñecela. Estudiamos os mapas de todas as épocas. E tomamos unha decisión na hora de facer un novo mapa. Otero nos quere axudar nesta tarefa e propón que ademais do xa dito, que temos que coñecer a historia do lugar e mesturar as formas dos accidentes xeográficos, máis ter a axuda dos profesionais da linguaxe. Este é o camiño que hoxe en día percorren equipos de profesionais das ciencias sociais. Para Otero a toponimia estaba no Fontán e no falar das

xentes de cada lugar. E xa vimos ao falar da colaboración de Otero na *Geografia de España y Portugal* edición de 1958, dirixida por Manuel Terán Vázquez. Alí aplica estas reflexións, pois ao falar das comarcas centrais de Ourense, as chama*: Las Medidas y sus inmediatas formas.*

7.1.2.24. La ronda de las horas (1937)

Nos anos da Guerra Civil, xa comentamos, que Otero utiliza nos seus artigos varios pseudónimos. E fai moitas colaboracións na revista ourensán *Misión*, revista quincenal da parroquia e a escola, en cada número Otero publica varios artigos cada un con distinto pseudónimo. A revista ten un ideario tradicionalista católico e de certa propaganda política do réxime franquista. Otero comenta a xeografía de Galicia e se confesa de ideas católicas. Pois ben, un deses artigos ven a contarnos a xornada dun labrego ao longo do día, e titúlase: *La ronda de las horas*[205], publicado o 1 de maio de 1937, asinado co pseudónimo de Luís Peñanofre. Tamén anos máis tarde no 1944 volve a publicarse na revista *Finisterre*.

Esa xornada comeza de noite

> Aun no se sabe por dónde viene el día cuando el señor Payo sale al camino. Aún tiemblan en el cielo los grandes luceros, aún corre el agua de la fuente con el mismo rumor puro de la noche.

Chega a mañanciña.



LA RONDA DE LAS HORAS

Por LUIS PEÑANOFRE

Figura 7.33. Revista Misión 15-05-1937

Ya el ganado rumia en la cuadra el heno oloroso y fresco de la mañana. El viejo marcha con el carro hacia el monte y la heredad. Su nieta le acompaña.

Estamos no mediodía

Desde que el primer sol resbala en los altos peñascos y juega en las altas hojas hasta que se afirma en la cúspide del cielo, el viejo derriba metódicamente los espesos tojos de flores de oro virgen...

E a hora do xantar.

Vuelve con el carro pesado y sonoro a la casa donde esperan el pan color de verano, el consuelo del caldo, tal vez el "compango" y el vino animador...

Xa ven o serán.

Es la semana de sembrar el maíz. Aguarda, desgranado y escogido, por el seno germinador de la tierra

[205] Orixinal na hemeroteca do concello de Madrid

> obscura y preparada como un dulce lecho. La tarde sirve, se han esfumado las brillantes nubes de la tormenta...

E a sementeira


> La extensión de las searas aparece poblada de hombres y de yuntas. Lentamente los arados van rasgando el regazo nutricio de la tierra y manos experimentadas guían la mancera y dejan caer la simiente...

Estamos no nacemento da noite.

> Al nacer la noche en los hondos valles y volar como bandada de palomas las campanadas del Ángelus regresa el anciano cansado y satisfecho, poderoso de calladas energías.la noche con su caricia piadosa y el profundo descanso de la casa envuelta por la tiniebla campesina, como un roble secular poblado de nidos y de verdecidas esperanzas.

7.1.2.25. La lección del paisaje (1937)

Un pequeno e fermoso artigo titulado: *la lección del paisaje*[206], que publica Otero co o pseudónimo de Luís Peñanofre, na data do 15 de maio de 1937 na revista Misión. Vainos levar a esa fermosa vocación que Otero ten de profesor. Sitúanos nunha escola rural nunha paisaxe da beira do mar. Circunstancia que el chama a primeira e única lección de Geografia



Pág. 11 MISION 15 Mayo 1937

LA LECCIÓN DEL PAISAJE

L U I S P E Ñ A N O F R E

Figura 7.34. Revista Misión 15-05-1937

La escuela es centro del paisaje, de un horizonte que amplio reducido, montañoso o ribereño, ostenta en varios tiempos y matices los temas eternos y esenciales de la primera y única lección de Geografía.

O niño ten na súa vida o seu paisaxe, o mestre lle axuda a interpretalo. Otero danos unhas claves: os montes, as augas, a erosión, a vexetación, os animais, o bosque, os camiños, e os cultivos que traballan os homes.

Una delicada y fuerte vida reviste cada forma del paisaje: los llanos húmedos y próvidos, las cuestas soleadas, los espaciosos arenosos, hasta los montes desiertos roídos por el diente devastador de los rebaños…

Mais todo é a historia

Sentido del dinamismo natural, pero, sobre todo, esta delgada película de

206 Orixinal na hemeroteca do concello de Madrid

> cosechas que el hombre mantiene con esforzado trabajo diario sobre los valles y las cuestas. Eso es la historia.

E Otero remata o artigo

> En la lección del paisaje palpitan la historia y la geografía, la dignidad de la vida y de la obra, y en todo y por todo y por encima de todo la huella amante de la mano paterna de Dios.

7.1.2.26. La visión de las parroquias gallegas (1938)

Outro dos artigos de Otero na revista Misión, recolle unha incipiente clasificación das parroquias galegas en función da toponimia, da historia, da posición xeográfica, polos seus cultivos, de beiramar, ou montaña. Pois ben, ese artigo foi o titulado: *La visión de las parroquias gallegas*[207]. Publicado no número 31 do 15 de maio do 1938. E asinado por Luís Peñanofre. O artigo comeza así:



MISION

REVISTA QUINCENAL DE LA PARROQUIA Y LA ESCUELA

Una Patria. - Un Estado. - Un Caudillo

VIVA CRISTO REY-VIVA ESPAÑA

VIVA FRANCO

La visión de las parroquias gallegas

Figura 7. 35. Revista Misión 15-05-1938

> Contemplamos un paisaje tendido en llanos ondulados, aprisionado en el seno amoroso de un valle o cayendo al mar con suavidades de playas, con dureza de acantilados. Nos detenemos un momento en el cruce de hondos caminos, cerrada para nosotros por las altas tapias la perspectiva del horizonte.

É a paisaxe xeral de Galicia. Mais sempre temos unha parroquia

> Pero también nos acompaña en todo momento y lugar otra sensación de mayor hondura, la actualidad y la presencia de la parroquia.

A toponimia das parroquias sempre ten historia e feitos xeográficos.

> Y el nombre de la parroquia de estirpe de la baja latinidad, de raíz más antigua y profunda, de significación topográfica, de recuerdo de un lejano fundador, trae consigo infinidad de evocaciones.

Outras son da beleza das ermidas e igrexas

[207] Orixinal na hemeroteca do concello de Madrid

Las hay ilustres y notorias, orgullosas de la belleza y nombradía de sus templos, del rutilar de sus campos de fiestas y de ferias, de la prosapia de sus pazos.

Aquela por a súa festa patronal

Aquella notoria por la devoción de su fiesta.

Noutras teñen fama os seus viños

De esta otra no se puede discutirse la bondad de sus vinos mimosamente criados en terrenos de fresca roca bien expuestos al sol de la mañana.

As hai con fama do cultivo do centeo

La de más allá, que apenas decora el horizonte con verdear de esperanzas y vagos manchones de tierras de labor, es conocida por la bondad de sus centenos

En outras de montaña, os campos están en arriendo

En esta, de tantas casas nuevas, los vecinos no son amigos de doblar el cuerpo en los largos trabajos agrícolas y prefieren arredrar los predios a labradores de la montaña.

Outras son mariñeiras.

Esta, cuyas casas en grupos dispersados cría la curva de la bahía, produce los mejores hombres del mar

Das máis non se ten memoria do gallo da súa toponimia

En otras, la mayoría de las parroquias no es fácilmente captable el tema, el trabajo o el recuerdo que las determina.

E todas esas parroquias están unidas pola maior rede de camiños

Un sutil y sensible tejido nervioso de caminos infinitamente diversificados une a todas las parroquias de Galicia

Camiños con moita historia que chegan e levan a toda Galicia

Este gran camino antiguo ahora descansa un momento de su caminar en el campo de los castaños patriarcales. No sabemos donde nació ni a donde va. Viene de toda Galicia y a toda Galicia camina

Parroquias e pobos ricos. E parroquias pequenas nos montes.

Grandes parroquias de densos pueblos, y ricos agros y fáciles relaciones, pequeñas parroquias apenas perceptibles en la vasta soledad de los montes, las asordadas por el clamor de un mar vecino e inútil

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Parroquias mariñeiras con sucos na mar

> Las que hacen el mar calmo de las rías el mejor campo para sus arados a vela y remos,

Outras preto da igrexa, un convento ou unha ermida

> Las fijó la iglesia, el convento, la ermita

E remata o artigo

> Afortunadas o desgraciadas, según la frágil relatividad de estos conceptos usuales todas alientan en el mismo destino y sobre el mapa material de Galicia bordan con hilos de eterna historia otro mapa sutil, trascendente, espiritual en la cartografía de las tierras inmortales.

7.1.2.27. También el poema en la geología (1938)


MISION

REVISTA QUINCENAL DE LA PARROQUIA Y LA ESCUELA

Una Patria.-Un Estado.-Un Caudillo

VIVA CRISTO REY-VIVA ESPAÑA

VIVA FRANCO

También el poema en la Geología

Figura 7.36.Revista Misión, 15-10-1938

Seguimos nos anos da contenda civil. Otero utiliza o pseudónimo de Luís Alba, para publicar na revista Misión. Son cousas de vida naqueles días polo que escribe en castelán.

Pois ben, outro deses artigos foi o titulado: *También el poema en la Geología*[208]. Publicado no número 41 do 15 de outubro do 1938.

Foi na xeoloxía, despois da xeografía, a ciencia na que Otero mergullouse de xeito máis cómodo. Todas as obras xeográficas teñen páxinas de xeoloxía e, cando Otero peregrina polas revistas, a xeoloxía segue sendo teima oteriana. A cousa é moverse no mundo real ou no pensamento. E este artigo comeza así:

> También la ciencia se resuelve en poesía, de la creación científica se desprenden poderosas fuerzas emotivas....
> El dominio en que se muestra aquella poesía de la naturaleza a la que Platón se refería.

Estas formas de facer mestura de sentimentos ante as olladas dunha paisaxe, tamén é xeografía. As emocións sendo moi subxectivas son o núcleo da xeografía ao pé da Terra

[208] Orixinal na hemeroteca do concello de Madrid

> Los geólogos se emocionan ante una bella roca enhiesta y fuerte y ven en sus perfiles esculpida la historia de una lucha silente y cósmica.

A xeoloxía ciencia que estuda os materiais e a evolución do globo terrestre, teñen sempre a ollada preto da poesía.

> Canta el viento marino en las estrofas, como velas, de los grandes poetas. Es lo fluído, lo fugitivo, imagen de la pasión, de la esperanza, del remordimiento.

Na poesía temos paisaxes, e as máis fermosas metáforas da linguaxe xeográfica

> La geología ha descubierto en las montañas, en la mina tierra del camino y del surco, el recuerdo imborrable del pasado, el rumbo dudoso de un porvenir. En su caso hablan las formas un lenguaje.

Aquí Otero nos ven a dicir que unha linguaxe romántico e poético pode explicar o pasado e o porvir da evolución xeolóxica da terra..

> El fino gusto escultórico del glaciar, privaron a las letras de una inspiración nueva, la de Heim, Suess, Marcel Brentrand.

Otero ten una fantasía, pois pensa que nos tres xeólogos por el estudiados se perderon uns grandes poetas.

> A la Geología se debe una emoción nueva de la naturaleza. Humboldt y Darwin sintieron el tema de los Andes. En Sven Hedin alienta el enorme horror de las mesetas de Asia, grandeza planetaria, paisaje geológico, apenas tocado por leves películas de vida. El americano Davis, estudiando la ley matemática para explicar la evolución de los valles, dio en la clave de la belleza extraña del Far West de Norte-América. No es casualidad la coincidencia de que un anatómico y geólogo, Haller, haya sido el autor del primer poema dedicado a los Alpes

Nos relatou Otero uns exemplos de poesía na xeoloxía.

E remata Otero o artigo facendo referencia a Suess e a súa obra "Der Anteiz del Erde" , da que temos un exemplar na biblioteca de Trasalba e de seguro Otero folleou moitas veces.

> Por algo el ilustre Suess llamó a su síntesis geológica "Der Anteiz del Erde", "La faz de la tierra". En el potente y variado mundo de los Alpes se ahondan los tiempos pasados en arrugas de valles y senilidad de cumbres trabajadas y luce la alegría del presente en el centelleo de los hielos al beso del sol, en el presuroso correr cuesta abajo de los torrente.

7.1.2.28. El mapa viviente y evocador de las diócesis (1939**)**

No *Catálogo do fondo antigo da biblioteca de Ramón Otero Pedrayo* en Trasalba realizado por Pablo Sánchez Ferro e Xulia Seone Boedo,(2006), atopamos cinco libros catalogados na materia de: Xeografia eclesiástica. Tratase da: *España sagrada: theatro geographico-historico de la Iglesia de España: Origen, divisiones y limites de todas sus*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

provincias[209]. Impreso en 1758. Do que autor Enrique Flórez de Setien y Huibodro (O.S.A.), obra que ten vinte nove tomos, a obra completa que foi rematada por outros autores ten cincuenta e seis tomos. Pois ben, eses cinco tomos que folleou Otero, un fala de varóns ilustre cordobeses, os outros contan a xeografía e historia os das dioceses de: Avila, Caliabria, Coria, Coimbra, Ourense, Ourense, a igrexa Iriense, Compostela e Porto.

Fago esta referencia co gallo de deixar constancia do feito que Otero era coñecedor da xeografía eclesiástica de Galicia. Desa xeografía nos fala nun artigo titulado: *El mapa viviente y evocador de las diócesis,* publicado en agosto de 1939 na revista Misión. Nun fun quen de atopar o posible mapa que tiña Otero diante os seus ollos. Así e todo, o que é certo, e que os seus coñecementos xeográficos e históricos das dioceses galegas están acreditados, por exemplo na *Guía de Galicia.*

Pois ben, o dito artigo comeza así:

> Son feos los mapas administrativos que resultan de la aplicación de las leyes. Parecen el comentario cartográfico de un reglamento.



ESPAÑA SAGRADA.
THEATRO GEOGRAPHICO-HISTORICO
DE LA IGLESIA
DE ESPAÑA.
ORIGEN, DIVISIONES, Y LIMITES
de todas sus Provincias. Antiguedad, Traslaciones,
y estado antiguo y presente de sus Sillas,
con varias Disertaciones criticas.
TOMO XIX.
CONTIENE EL ESTADO ANTIGUO DE LA IGLESIA
Iriense, y Compostelana, hasta su primer Arzobispo.
Su Autor el Muy Rev. P. Mro. Fr. HENRIQUE FLOREZ,
Asistente General Absoluto de las Provincias de España,
del Orden del Gran P. S. Agustin.
EN MADRID: Por Antonio Marin. Año de MDCCLXV.
CON TODAS LAS LICENCIAS.

Figura 7.37. Historia Sagrada, 1758


MISIÓN
EL MUNDO Y SUS DIAS
JERARQUIA Y SERVICIO

Figura 7.38. Revista Misión, 08-1939

Vemos que non lle gustan moito…E tamén nos di:

> Pero si queremos disfrutar de un momento de geografía vitalizada por la historia a uno de esos mapas que se titulan un poco prosaicamente: División eclesiástica de España.

Continúa describindo mapa

[209] Orixinal na Biblioteca de Trasalba

> El mapa se colorea con rojo de mártires, violeta de doctores, blanco de vírgenes. He aquí una distribución del suelo peninsular que no obedece a conveniencias del Poder.

Nos conta que algunhas dioceses desapareceron

> Algunas, si, han desaparecido, y con cierta nostalgia leemos sus nombres, sus títulos en los volúmenes de la "España Sagrada", pero su recuerdo persevera en el subtratum del terreno histórico.

E remata co resume cunha apoloxía da fe católica.

> Así, en el mapa diocesal de España se columbra entre ondear victorioso de las palmas inflexibles de los mártires el brotar y madurar de los templos levantados sobre horizontes sin noche por la mano de la Fe, la mano de Dios.

7.1.2.29. Historia y geórgica. (1943)

A xeórxica, é unha obra literaria sobre a vida do campo ou de temas agrícolas. Tal cousa estivo sempre na obra de Otero. e nunca separou da historia, como conxunto de feitos ocorridos no pasado. Agora ben, para Otero máis historia ten a terra, ou mellor dito, sempre remexeu e mesturou as historias das terras coas dos seus habitantes. Pois ben, un deses lugares do que Otero conta a súa historia é *A Golpelleira,* lugar da parroquia de Santa Cruz de Arrabaldo no concello de Ourense. O lugar no nomenclátor actual e no Catastro de Galicia é *A Golpilleira.* A dous quilómetros ao sur oeste da casa de Otero en Cima de Vila en Trasalba.

O artigo que conta esta historia e xeórxica, está nun caderno separado da revista *Misión*, de data 17 de xullo de 1943, escrito en castelán baixo o pseudónimo de Santiago Amaral, e titulado: *Historia y Geórgica*[210].

Otero vai con un pé tras outro pé, é unha peregrinaxe polos vieiros dos arredores de Cima de Vila, e nese artigo nos di:

> Hemos pasado, en la mañana nublada, al lado de la finca que fue de unos amigos nuestros, familia antigua, enraizada en el labio del valle, hoy ausente de este paisaje, casi extinguida.

Nos relata Otero o estado da finca

> Los impares castaños de la finca habían sufrido el otoño anterior una poda completa. Las ramas potentes parecían, ellas alcázar de las aves y descanso de las brisas, muy poca cosa.

Fai preguntas

> ¿Quién plantó estos castaños? ¿Adónde fueron a parar convertidas en fuertes y lucientes tablas las maderas de otros castaños hermanos, que sin duda cubrían en oro lugar la ladera? Las preguntas se suceden. ¿Quién abrió estos muros aún nobles en su ruína? ¿Por qué dominios pasó este trozo de tierra?

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[210] Orixinal na hemeroteca do concello de Madrid

Conta as características do terreo

Las terrazas estructurales del río nos dan una relativa medida. Este valle es un valle maduro. Hace una edad inmensa que su perfil de equilibrio está conseguido…
No hay rastros ni ruinas anteriores al siglo XIX, si es que puede llamarse ruína a la casa que sin pretensiones de "pazo" fue erguida en XVIII.

O porque do nome da A Golpelleira

Se llama "A Golpelleira": es decir, lugar de zorros, propio o habitado por los zorros. En gallego, el zorro es "golpe".

A estrutura do chan

El suelo es de estructura granítica, con algunas inclusiones de "gneiss".,,

La "Golpelleira" tendrá poco más o menos de una hectárea, "murada sobre si", como se dicen los documentos legales, graduada en bancales, que aquí se llaman "sucalcos", en su región encostada, y en la superior y casi llana dividida en diferentes rectángulos de cultivos con algún resto de bosque, como los castaños, cuyos renuevos nos hicieron pensar en la historia de la finca.




Figura 7.39. Revista Misión 17-07-1943

Unha casa

La casa, no la describimos, se alza en el contacto de las dos indicadas regiones, y la rodea un trozo de huerta, con buena fuente, y como nota singular, un alto y fuerte ciprés.

Uns muros

De la roca salieron las piedras del muro, de los sucesivos muros, el brocal del pozo; los pásales, colocados en el camino, para recorrerlo cuando el invierno lo trasforma en lecho de torrentes.

A prehistoria da finca.

Es difícil imaginarse esta "Golpelleira" en su estado pre-geórgico. Contraste violento de estaciones, ruda erosión torrencial, mucho aparente músculo de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

roca con escaso tegumento de carne de tierra, y aquel revestido de plantas tumultuosas, probablemente ordenadas por grandes castaños.

E agora conta os cultivos da finca

En la "Golpelleira" vemos unos rectángulos de tierra de centeno. Pronto será segado. Ostenta ya un tono de oro parecido a la flor de los tojos.

A lo largo de veinte siglos las terrazas de la "Golpelleira" maduraron cuajados racimos de azucarado y potente mosto, al sol de los septiembres

Hace cuarenta años vivían en la "Golpelleira" las castas antiguas de la uva: el caíño, el brencellao, el albariño y otras registradas a mediados del siglo pasado por el ilustre químico Casares

Se ven todavía en la "Golpelleira" los retorcidos y nudosos troncos y ramas de la parra del corral

A historia das antigas vides

Una gran melancolía, cuyas huellas aún se perciben por quien sepa inquirir en el paisaje el testimonio del pasado, flota en la "Golpelleira". Es el dolor de los septiembres de 1900, de 1901, en que el sol lucía inútil sobre las viñas enfermas de filoxera

E o foro.

Los monasterios benedictinos organizaron el campo en Galicia. También la "Golpelleira" pagó foro a los monjes de un Priorato. Por San Martín, unas medidas de vino. Por lo Remedios, unas medidas de pan

Pero hacia los comienzos de XVII aparece una fuerte personalidad de hidalgo.

Aunque muy religioso, tuvo pleitos con los monjes. Poseía otras tierras. Logró libertarse del foro, y con la "Golpelleira", y otras fincas constituyó con licencia real un mayorazgo.

Sus descendientes habitaban con preferencia en la alta Galicia, tierras de Deza y Trasdeza. Solo en las vendimias bajaban con gran comitiva de criados a la "Golpelleira".

Chegou la hipoteca,

Era el mayorazgo, aunque de probada, de pequeña hidalguía. No podía vivir sin la tierra y una aplicación labradora. El día en que esta proporción de dorada mediocridad se quebró se cernió sobre la viña y los agros de la "Golpelleira" la sombra de la hipoteca

O millo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> En la "Golpelleira" hay también unos cuadros de maíz, y en octubre las mazorcas cuelgan del balcón prologado al reflejarla la luz de los ponientes cada día más breves.

Os piñeiros

> En la "Golpelleira" los pinos suplantaron a los robles y castaños de las cabeceras de la finca

É o resume da historia e xeórxica de unha finca

> Pues una finca, a través de los tiempos, cono fondo y escenario de generaciones y trabajos de los hombres, luce y acrecienta con el tiempo algo que no nos atrevemos a expresar, aunque lo percibamos oscuramente en esta mañana nublada de primavera.

E remata co sentido poético dos recordos da vida no rural.

> la "Golpelleira" una tradición vagamente plasmada en las cosas, cordial, aleccionadora, algunas veces melancólica, con esa melancolía que presta a los trabajos y deberes una especie de lírica belleza.
>
> Santiago Amaral



EL ENCANTO DE LA ULTIMA PUENTE

Por SANTIAGO AMARAL

Figura 7.40. Revista Finisterre, 05-1944

Temos as imaxes do caderno deste artigo. É a primeira saída do prelo. A pregunta que nos facemos. foi publicado? Cousa de difícil resposta. Porén o mellor e ler o artigo e acudir á zoa, pois alí quedou unha paisaxe de gran agarimo para Otero.

7.1.2.30. El encanto de la última puente (1944)

No ano 1944, Otero publica en maio de 1944 na revista *Finisterre* un artigo sobre as pontes de Galicia. O artigo está escrito en castelán. Nel Otero coloca o xénero do substantivo "*puente* " en feminino. Pois así o escribe nove veces no texto do artigo titulado: *El encanto da la última puente*[211]. Otero ten artigos deses anos sobre o Fontán con idéntico erro. Podemos preguntarnos: Descoñecía Otero as normas ortográficas do castelán? Eu penso que non. Logo porqué o facía? Non é unha pregunta para un xeógrafo. Un tradutor ten resposta certa. Gustaríame que fora certo

[211] Orixinal na Biblioteca dixital de Galicia

o seguinte conto: Xa que obrigan a escribir en castelán, poñamos un pouquiño de galego. Sexa o que sexa, Otero nos di:

> Hemos sorprendido en las aguas de un río particularmente amado el primer temblor de la tarde de abril bajo la última púente…
> Mañana será otra la sombra de las hojas y el nacer de las anémonas de la espuma de las aguas a la sombra de la última puente…
> Ninguno tan hermoso como el que invita en periplo de recuerdos, en prolongada hora de atardecer, uniendo en el contorno de Galicia las puentes terminales.

Otero nomea a toponimia

> Puente de Viveiro, del Barqueiro, de Neda, Pontesdeume. Ponte do Porco, del Burgo, Ponteceso, Pontenafonso, Pontecesures, Pontevedra, Pontesampayo, puente de la Ramallosa... Basta la simple sonoridad y evocación de los nombres, el despojarse de la flor toponímica de los recuerdos.

Fai unha reflexión xeral sobre as pontes.

> Cada puente significa un momento petrificado del fluír del río y con ello la conquista de una perspectiva, de un tema sobre cuyo eje podríamos ordenar algo del brumoso pasado, de la historia de las cosas y de los afanes y trabajos de los hombres.


LA NOCHE

LA LIGA ARABE IMPONE CONDICIONES

El plan británico de una Palestina federada, ni siquiera se ha discutido

Amenaza de paro en los EE. UU.

LEIBNITZ o el optimismo

Nuevo preventorio

MIRADOR

WALSH, EN MADRID

PARLADOIRO

Figura 7.41. La Noche, 5-08-1946

Volve a darlle ás pontes adxectivos da súas historias

> Puentes del Tambre caballerescas, puentes del Avía goliardescas, puentes del Ulla cancioneras, puente de Orense ojo de mediodía ojival, puentes del Sil trajinantes y las del Iso y Turelos y otras mil peregrinas

E remata o artigo falando da última ponte que teremos que cruzar

> El que nos espera a todos, incomparable amigo, en la última puente de nuestra vida, en la hora de abril o de noviembre con el mismo amor, antes del sorbo salado.

7.1.2.31. Ideas no horizonte (1946)

Xa temos visto que o horizonte é para Otero unha dos factores da paisaxe, e pensa que é case forma perfecta e arquetipo da paisaxe. *Ensaio sobre a paisaxe galega* (1954). Máis nun artigo titulado: *Ideas no*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

horizonte[212], publicado o 5 de agosto do 1946 no xornal *La Noche*, Otero xa tiña observado moitos horizontes e neste artigo nos di:

> lsto pénsase na Terra en todol'os frentes -na verdade, un soilo-do galeguismo. Isto é doce e ledo o escribilo, eiquí, en Madrí, esquencidos dos malos galegos, dos homes de pouca fé, das concenzas vendidas, de toda a masa de treidores, dos espritos fofos e cursis, da triste grei de servos, pr'os que a Galiza - o fin de contas, garimosa Nai - ainda terá unha rayola de perdón.



Céltiga

No ditoso outono

POR

RAMON OTERO PEDRAYO

No ditoso outono — xa os membrillos douran a noite azul do pomar e un vagar de neboeiras cingue as frontes cavilosas das serras — vai a nosa Galiza a coller con outo esprito e forte voluntade unha miga d'atonomía. Pouca, a precisa somentes paru ensiñar ainda ós mais incomprensivos, como éla sábese gobernar e soerguer. Haría outros camiños. Resérvaos pra cando sexa preciso. Ela, sempre curtés e acollendose ó marxe da Lei fondamental, iniza unha xeira — nova, espranzada, xubilosa — do seu desevolvemento hestórico.

Pol-o d'oxe os nazonalistas galegos temos o deber de falar d'iste xeito sin dubidar en-col do voto das Cortes. O noso pequeno Estatuto terá vida legal. No seu amparo e cando as enerxías galegas deseguida tomarán novo pular o mais outa exemplaridade moitas direición encamiñadas a comprir o ideal da grande Galiza. Si non fora d'iste xeito, si o Estatuto non fora aprobado? Pol'o pronto arredemos ista pergunta. Mais sin esquencer a posibilidade noxenta.

E tamén os nazonalistas galegos temos que dicir como o noso esforzo non considera rematada ningunha das suas empresas. Sedamente, con mais fé e millor método que dinantes, traballaremos toda a viva a materia da Galicia deica darlle a forma suprema soñada, gardada e merecida, Pechar calquera posibilidade sería crime de priguiza e de indifrenza. A nova conquista servirá de ánimo i-exempro, pra compreta reconquista da Galiza por ela mesma. Agora sin folgo, con urxente e xornaleira dedicazón.

Isto pénsase na Terra en todol'os frentes —na verdade, un soilo—do galeguismo. Isto é doce e ledo o escribilo, eiquí, en Madrí, esquencidos dos malos galegos, dos homes de pouca fé, das concenzas vendidas, de toda a masa de treidores, dos espritos fofos e cursis, da triste grei de servos, pr'os que a Galiza — o fin de contas, garimosa Nai — ainda terá unha rayola de perdón.

Figura 9.3. Revista Céltiga, 27-04-1932

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[249] Orixinal na hemeroteca do Consello da Cultura Galega

Quizás podemos pensar que o artigo non ten cabida nunha tese sobre xeografía. Mais Otero ten un sentimento de delicia nese *outono ditoso*, unha de tantas metáforas. Do outono foi a estación da que máis escribiu. Ese pouco de romanticismo sempre foi ben acollido no carácter de Otero.

É o sentir naqueles días de esperanzas políticas do galeguismo.

Máis a máis nos chega o titular que o xornal *Heraldo de Galicia* [250]de data 2 de novembro de 1933, no que Otero reivindica

> Son católico e galeguista por enriba de todo.



heraldo de galicia

Derechas? Izquierdas? Está bien, pero ante todo y sobre todo los intereses primordiales de Galicia.

AÑO IV — SUPLEMENTO CORRESPONDIENTE AL DIA 2 DE NOVIEMBRE DE 1933

Los problemas concretos

EL MITIN DE AYER EN TRIVES

Son católico e galeguista por enriba de todo, dijo Otero Pedrayo

Galicia se salvó de infinitas agresiones durante la pared viaje parlamentaria, gracias a la presencia de tres diputados galleguistas. Si en vez de tres fueran treinta, no se hubieran paralizado las obras del ferrocarril Zamora-Corunha.

-CON PRISMA AZUL-

Un libro de versos azul, azules, y su autor

«CON PRISMA AZUL»

Por JOSE LUIS PARENTE

(De venta en todas las librerías)

PAGINA SEGUNDA — HERALDO DE GALICIA — PAGINA SEGUNDA

La candidatura del partido radical.-Mitin de propaganda derechista.-El M. de Justicia salió para Madrid

LERIA NOVA

MITIN GALEGUISTA

O día 4 do mes que corre, ás catro da tarde, celebrarase na praza de Maceda un gran mitin galeguista de propaganda electoral.

Falarán:

Xosé Luis Parente.

Xosé Fernández Borrajo, e

Ramón Otero Pedrayo, candidato do Partido Galeguista pola provincia de Ourense.

Se queredes escoitar a voz dos auténticos defensores de Galicia, dos que sempre tiveron por único guía os intreses da nosa Terra.

Acudide a escoitalos.

Boletín Oficial

Cuarto de Socorro

Gran Hotel Universal

Gran Hotel Roma

Bar-Café

Votad a Ramón Otero Pedrayo

DEPORTES

Bases para la Carrera Ciclista del día 5

SUCESOS

Señoras... Caballeros:

Compren sus calzados donde gasten, pero antes retengan en su memoria esta afirmación:

UN DURO

puede ahorrar el que haga sus compras en

Calzados "La Suiza,,

PEREIRA, 1 (frente a Olmedo)

CURTIDOS

Felisindo Mangana

Bazar Outeiriño

GRANDIOSA EXPOSICION

Figura 9.4 Heraldo de Galicia, 02-11-1932

[250] Orixinal na Biblioteca Dixital de Galicia

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO X.

RESULTADOS E DISCUSIÓN. CONCLUSIÓNS

10.1. ENQUISA DE INVESTIGACIÓN E COÑECEMENTO DA XEOGRAFÍA DE RAMÓN OTERO PEDRAYO

Non se teñen dúbidas de que o personaxe de Ramón Otero Pedrayo e ben coñecido entre a intelectualidade de Galicia, e polo publico en xeral, pois no currículo académico da ensinanzas medias el está moi ben representado.

Sen embargo e xa que estamos remexendo doadamente na xeografía de don Ramón co fin de acadar a posesión do seu saber xeográfico. E sendo seguro que coa tese A xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo, foi conquerida a ciencia da paisaxe tal e como el ollaba e miraba na súa Terra.

Agora ben, non todos teñen esa inquedanza polas lembranzas da xente da Xeración Nós, os bos e xenerosos sempre estaban dispostos para o traballo de arreo que se levou a plena satisfacción con poucos medios, pero hoxe temos a incomprensións da maioría dos cabaleiros das ciencias sociais.

Ora que, como xa quedou dito deixouse de ter presente a xeografía vidaliana mudando a rexión polo lugar cheo de estatísticas, enquisas, clasificacións e formas sociais de comunicación para ser obxecto das novas xeografías.

Non obstante cabe preguntarse que saben e pensan os amigos da xeografía de aquel xeógrafo trasalbés que na súa vida non parou de facer xeografía desta a nosa Terra.

Imos pois, a facer unha enquisa de investigación e coñecemento da xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.

Pois alí onde se encontran os amigos da xeografía que son a mostra perfecta habemos de facer esta tarefa. Son de seguro os alumnos do grao de Xeografía e Ordenación do Territorio da facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.

O deseño da enquisa busca encontrar as porcentaxe de coñecemento da xeografía e o interese polo xeógrafo Don Ramón. Así temos que a enquisa foi definida para realizala en dúas sesións independentes, a primeira si se coñece ao xeógrafo e a segunda si se coñece a súa xeografía. As cuestións son as seguintes:

1. Coñeces algún xeógrafo galego dos séculos XIX ou XX?
2. Quen foi o primeiro catedrático de Xeografía e da Facultade de Filosofía e Letras da USC entre os anos: 1950 e 1958?
3. Coñeces a Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán, e sabes onde existen exemplares deste mapa?
4. Podes definir o concepto xeográfico de bocarribeira?
5. Pensas que están ben clasificadas as composicións da paisaxe galega cos conceptos xeográficos: mariña, ribeira, bocarribeira, montaña e serra.
6. Quén foi don Ramón Otero Pedrayo?
7. Coñeces algunha obra xeográfica de Ramón Otero Pedrayo?
8. Coñeces algunha obra de xeografía da paisaxe de Ramón Otero Pedrayo?
9. Estudiaches no Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio a xeografía de Ramón Otero Pedrayo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

10. Que che di a afirmación seguinte: As mellores condicións para que as paisaxes de encosta poidan atinxir ou degrau óptimo de bocarribeira son as tres seguintes: pe de montaña ou montaña en esteso chao; val franqueado, madurecido en conteste ribeira; encosta en escada, con meirande inclinación no derradeiro degrau sobre ou val e asucada en ritmo harmonioso por regatas dás chamadas subsecuentes.
11. Tes interese por coñecer a Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo?

Os resultados da enquisa na que participaron un total de setenta e un alumnos, dezanove do primeiro curso, vinte e catro de segundo, trece de terceiro e quince de cuarto.

Entre os alumnos do primeiro curso só un coñece que Otero era xeógrafo. Tres citan a Fontán, un a Río Barja, outro a Miguel Anxo Murado que é periodista e a Inge Lehnam (1888-1993) que foi unha sismóloga danesa. E dicir un 0,5 % saben que Otero era xeógrafo. Pero non coñecen ningunha obra xeográfica de Otero. E todos eles teñen interese en coñecer a xeografía de Otero.

Dos alumnos de segundo curso, tres coñecen a Otero como xeógrafo, tres nomean a Fontán e un a Fraguas, e dicir 1 % coñecen a Otero como xeógrafo. Só un nomea a Guía de Galicia como obra de Otero, outro a novela Arredor de si, outro a Guía histórica de Galicia no século XVIII, e outro cita a obra Fisionomía e alma de Galicia que é un texto de Xeografía de Galicia escrita en 1955 por A. Rodríguez Rodriguez. Todos tamén mostran interese por coñecer a xeografía de Otero.

Entre os trece alumnos do curso terceiro, seis citan a Otero como xeógrafo, outros seis a Fontán, outro a Vicente Risco e un deles tamén cita ao profesor Francisco Durán, e dicir un 46% coñecen a Otero como xeógrafo. En canto as súas obras de xeografía, citan unha descrición do Caurel, a paisaxe do pais Vasco, a novela Arredor de si, e unha xeografía de España. E volven todos eles a ter interese pola xeografía de Otero.

Entre os alumnos de cuarto curso, catro nomean a Otero como xeógrafo, seis a Fontán, un a Leopoldo Pedreira (1869-1915) que escribiu libros de xeografía no XIX, dous ao profesor Alberti, outro a Parga Pondal, un ao profesor Rubén Lois e outro a Francisco Durán, e dicir un 11% saben que Otero foi xeógrafo. Das obras de Otero só un coñece a súa xeografía de España, outro cita unha xeografía de Galicia, outro a novela Os camiños da vida outro a obra Arredor de si. Tamén todos eles teñen interese por coñecer a xeografía de Otero.

Dunha valoración global dos estudantes Xeografía e Ordenación do Territorio da Facultade de Xeografía e Historia da USC no curso 22/23, temos un 18,3% son os que coñecen a Otero como xeógrafo, 13 de 71, pero non chegan ao 1% os que citan algunha obra de xeografía de Otero. Ninguén define o concepto de bocarribeira, pero é moi grato que o 100 % quere coñecer a súa xeografía.

Deses datos só podemos inxerir que o xeógrafo Ramón Otero Pedrayo non está moi representado nos temarios dos futuros xeógrafos de Galicia. Eu fago unha chamada a darlle a volta a esta situación, pois ensinar as orixes da xeografía galega sempre terá un froito máis pronto que no serán.

10.2. RESULTADOS E DISCUSIÓN

Se temos unha visión histórica podemos dicir que a actual ordenación territorial do Estado Español é consecuencia da delegación desta competencia cara as comunidades autónomas dende a promulgación da Constitución de 1978. Pouco ten que ver coa división en provincias que fixeron en Hispania, os romanos, mantida nos séculos posteriores; xa que é, en certo xeito

USC
DE COMPOSTELA

herdeira, dos reinos cristiáns medievais, situación corrixida polos decretos de Nova Planta dos Borbóns e a división provincial liberal de Javier de Burgos.

Os planificadores actuais en ordenación territorial en Galicia, nos documentos que elaboran, nunca fixeron referencia a ningunha teoría xeográfica. Limitáronse a elaborar instrumentos de planificación e plans segundo as definicións e normas que o ordenamento xurídico-administrativo vixente lles esixe. É certo que eses instrumentos non son documentos teóricos ou de investigación. Pero si diagnostican, analizan e propoñen que facer, e como, no territorio; impulsados polas directrices e programas dos órganos promotores da ordenación territorial e do plan urbano. Na diagnose dos problemas dun territorio utilízanse técnicas cuantitativas e indicadores de referencia temporais, que se cualifican e analizan coa técnica DAFO e outras comparacións con veciños territoriais. Así, as propostas tenden a satisfacer os requirimentos orzamentarios dunha programación a curto prazo. O panorama non é tan desolador e correctamente político. Temos estética, ecoloxía, sustentabilidade, coidado do medio ambiente e novas metas de desenvolvemento. Mais debemos preguntarnos: temos xeografía entendida como coñecemento do medio, análise e propostas que sigan as leis xeográficas?

Esa pregunta se fai no contexto do que estamos, o estudo e investigación da *Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*; e se ese saber pode ou debe ser utilizado para o estudo do territorio galego e é aplicable a súa ordenación?

Se analizamos a concepción que Otero nos deixou a través da súa obra histórica e literaria da sociedade e o seu vivir no territorio de Galicia nos séculos XIX e XX, podemos aproximarnos á resposta. Así como á análise xeográfica plasmada nos seus ensaios xeográficos e paisaxísticos, visión benquerida da identidade do pobo galego. Temos e imos pois, a partires dun eixe xeográfico, a realizar un esquema e clasificación posible da xeografía de Otero. Temos que realízalo dunha maneira cronolóxica, como idades de creación de saber madurecido; cales foron os temas e eventos xeográficos que ao longo da súa vida foron obxecto prioritario dos seus ensaios? Non cabe dúbida que este posible esquema clasificatorio debe ter en conta que Otero Pedrayo non era partidario destas divisións e esquemas, o seu método foi a observación e o discurso intuitivo apoiado na experiencia. Así pois, o labor debe partir dunha metodoloxía de análise dos esquemas da xeografía da súa época (1926-1976), pero deixando os resultados dos esquemas de xeografía contemporánea para repartir os conceptos e ideas oterianas plasmadas nas súas obras xeográficas e non xeográficas.

Volvemos á análise que o catedrático Carlos Baliñas Fernández, fai no seu libro *Descubrindo a Otero*, ao falar dos estilos do mesmo:

> Realmente a xeografía que facía era unha xeografía estética, tomando a paisaxe no senso máis amplo como concepto básico e sen esquecer nunca de como a expresan en caso escritores e artistas plásticos: estaba pois, nas antípodas de estatísticas, porcentaxes e medicións de calquera tipo.

É unha apreciación que parte da filosofía e da análise de textos, mais e ben certo que a xeografía de Otero Pedrayo acuñou teoría xeográfica e case sempre co seu especial e metafórico estilo literario.

Pois ben, cabe facer unha análise cronolóxica, xa que, temos dúas etapas no seu saber xeográfico ben distintas polas súas características, unha delas con fincapé nos conceptos teóricos e no uso do idioma galego; e a outra sen esquecer a teoría temos máis xeografía descritiva e o uso do idioma castelán. A primeira etapa correría dende 1926 a 1950, e a segunda dende 1951 a 1976. N a primeira as obras de Otero son editadas pola revista *Nós* e o *Seminario de Estudios Galegos*, e na segunda son as varias editoriais de América, *Galaxia, o*

Instituto Gallach, Akal e outras. Tamén podemos dicir que nesa etapa de traballo teórico está a máis puxante e vigorosa investigación e aplicación dos concepto xeográficos, sendo a segunda etapa de divulgación e ensinanza dos resultados obtidos do estudo e investigación. Vemos nas táboas que seguen as distintas obras desas dúas etapas:

TÁBOA 10.1. OBRAS DE XEOGRAFIA E A PAISAXE DE RAMÓN OTERO PEDRAYO (1926-1950)		
ANO	TITULO	EDITORIAL
1922	ENCOL DA ALDEIA	Revista Nós
1925	TEMAS COMPOSTELANOS	Revista Nós
1926	ENCOL DOS ESTUDOS MODERNOS DE ANTROPOXEOGRAFÍA	Revista Nós
1926	SINTESE XEOGRÁFICA DE GALICIA	Seminario de Estudios Galegos
1926	ESTETICA DEL PAISAJE - GUIA DE GALICIA (1ª e 2ª edición)	Espasa-Calpe/Sucesores de Gali
1926	GUIA DE GALICIA (sete edicións)	Galaxia
1927-1928	PROBLEMAS DE XEOGRAFÍA GALEGA. NOTAS EN COL DAS FORMAS DE POBOAZÓN LABREGA	Revista Nós
1928	PAISAJES Y PROBLEMAS GEOGRÁFICOS DE GALICIA	Biblioteca de Estudios Gallegos
1928	OS CAMIÑOS DA PAISAXE	Revista Céltiga
1928	PAISAJE GEOGRAFICO Y LA INTERPRETACION ARTISTICA DEL PAISAJE GALLEGO (PAISAJES Y PROBLEMAS GEOGRÁFICOS DE GALICIA)	Editorial de Estudios Gallegos
1929	XEOGRAFÍA, ECONOMÍA	Xornal El Pueblo Gallego de Vigo
1929	PELERINAXES I	Nós Publicacións Galegas
1929	GALICIA. GEOGRAFIA UNIVERSAL. DESCRIPCIÓN MODERNA DEL MUNDO (1ª edición)	Instituto Gallach
1932	ENCOL DO ELEMENTO ANIMAL DA PAISAXE	Revista Nós
1933	TERRA DE MELIDE (Coordinación)	Seminario de Estudios Galegos
1933	O ESTILO DA PAISAXE	Revista Nós
1945	UN HORIZONTE GALEGO	Seminario de Estudios Galegos
1947	MOTIVOS SOBRE EL PAISAJE DE GALICIA	Editorial Kau
1947-1948	SETE PAISAXES GALEGAS E MÁIS OS ALICERCES DUNHA TEORÍA	A Nosa Terra

Elaboración propia

TÁBOA 10.2.OBRAS DE XEOGRAFIA E A PAISAXE DE RAMÓN OTERO PEDRAYO (1950-1976)		
ANO	TITULO	EDITORIAL
1950	REPASO A LA GEOGRAFÍA DE GALICIA	Revista Mundo Hispánico
1951	LAS CIUDADES GALLEGAS	Ediciones Galicia Centro Gallego de Buenos Aires
1952	GEOGRAFIA UNIVERSAL. NUEVO ENFOQUE DE LA CIENCIA GEOGRÁFICA. (2ª edición)	Instituto Gallach.
1954	SOBOR DA PAISAXE GALEGA	Galaxia
1955	GEOGRAFÍA DE ESPAÑA. POTENCIA Y PRESENCIA DEL SUELO DEL PUEBLO ESPAÑOL (2ª edición)	Instituto Gallach
1956	CLIMA ESPIRITUAL, HORAS, SAZÓNS E TRABALLOS DE UNHA PARROQUIA DA RIBEIRA GALEGA NO DECORRER DO SÉCULO XIX	Biblioteca Social e Corporativa de Lisboa
1958	CAPITULOS I E II DO TOMO IV-I, DA XEOGRAFIA DE ESPAÑA E PORTUGAL DE MANUEL TERÁN	Montaner e Simón
1963	GEOGRAFIA, CAPITULO I DA HISTORIA DE GALICIA	Ediciones Galicia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1969	TEMÁTICA Y ESTILOS DEL PAISAJE ACTUAL DE GALICIA	Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento
1971-1972	GUIAS TURISTICAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E OURENSE	Editorial Noguer e editorial Everest
1975	GALICA UNHA CULTURA DE OCCIDENTE	Editorial Everest
1976	INTRODUCIÓN AL PAISAJE	Edicións Istmo
1977	OS RÍOS GALEGOS	Ediciones Cástrelos

Elaboración propia

Xa que logo, Otero na primeira metade do século XX realiza dezanove obras sobre xeografía e paisaxe, e despois na segunda metade as reduce a trece, sendo estas ultimas dun contido xa estudado na etapa anterior e nas que introduce esquemas de divulgación, monográficos de xeografía rexional e paisaxista.

Xa vimos os contidos desas obras xeográficas e paisaxistas. Todo nos ven a dicir e sinala que en Otero non hai compartimentos estancos, toda obra ten comunicación coas demais e coa súa visión espacial e itinerante. Por iso, é esencial entender os seus textos nos conceptos xeográficos que encerran. Otero escribía de seguido e non corrixía ou facíao moi pouco. O fío era a súa memoria. Pero pensamos que á xeografía actual, pouco vidaliana, máis ben cualitativa e cuantitativa e bastante social e ecolóxica, a xeografía de Otero non lle interesa.

O mesmo pódese dicir dos seus artigos en xornais e revistas. Teñen moita xeografía e gran divulgación dos seus principios e leis. E de seguro que esa xeografía *xornalística* foi máis espallada que os libros de ensaios xeográficos.

Para cambiar o curso destas ideas imos ver en conxunto esa xeografía de Otero. Xa se estudiaron con pousada e serena análise os contidos das obras xeográficas e paisaxistas de Otero Pedrayo, pero débense comparar todas elas e así ter o marco onde extraer o resumo da súa xeografía. Imos pois, esquematizar mergullándonos nos índices deses feitos xeográficos e paisaxísticos que se definen nas súas obras xeográficas, facendo ese estudio de xeito cronolóxico, pois pódese ver un pensamento evolucionado e madurecido:

SÍNTESE XEOGRAFICA DE GALICIA 1926	GUÍA DE GALICIA 1926
Xeoloxía Releve Litoral Crima e vexetación Xeografía Humán Xeografía Económica Paisaxe	Geologia Relieve Litoral Clima y vegetación Geografia humana Regiones naturales Geografia administrativa Estética del paisaje Itinerarios

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PAISAJES Y PROBLEMAS GEOGRÁFICOS DE GALICIA 1928
El paisaje geografico. El problema de las regiónes naturales. Formas de población rural: La parroquia Las villas y las cuidades Itinerario de Ourense a Santiago. La interpretación artística del paisaje gallego

GALICIA. GEOGRAFÍA UNIVERSAL. DESCRIPCIÓN MODERNA DEL MUNDO. INSTITUTO GALLACH 1929
Posición, límites y extensión territorial Condiciones naturales de la región Población Vida económica Cultura y vida social

TERRA DE MELIDE 1933
Posición e demarcacións. Idea xeral do relevo. Zona sub montaña. Penichan. Ribeira e bocarribeira Ullán Rexión do sistema do Iso. Os pobos Paisaxes xeográficos Os camiños antigos

GEOGRAFIA UNIVERSAL – INSTITUTO GALLACH 1952
Prólogo: Nuevo enfoque de la ciencia geográfica Consideraciones generales Configuración fisiográfica Climatología e hidrografía Biogeografía Regiones naturales Geografía humana Geografia económica Geografia política Geopolítica

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GEOGRAFÍA DE ESPAÑA. POTENCIA Y PRESENCIA DEL SUELO DEL PUEBLO ESPAÑOL - INSTITUTO GALLACH 1955
Consideraciones generales Configuración fisiográfica Climatología e hidrografía Biogeografía Geografía Humana Las comarcas Geografía Económica Geografía Política

CAPITULOS I E II DO TOMO IV-I, DE LA GEOGRAFIA DE ESPAÑA E PORTUGAL DE MANUEL TERÁN 1958
El medio físico La poblacion, evolución histórica y distribución actual Actividades económicas Paisajes y comarcas gallegas

XEOGRAFIA, CAPITULO I DA HISTORIA DE GALICIA 1963
Posición e relaciós xeográficas. Dúas leis de esencial valor na temática dás formas. Un primeiro enxergar dá fisiognomía xeográfica dá Galiza. Terras do outo Miño o Miño lucense. Terras do Miño centroso o ourensán. O baixo Miño o Miño galaico-portugués. Temas xeográficos dá Galiza ourental. A Galiza cantábrica. As Mariñas e váles cinguidos coelas. Terra de Bergantiños. O Tambre e seus tempos. O val ullán. O val do Lerez, Pontevedra e súa ría. Temas xeográficos de Vigo os artellamentos dá súa badía e o Miño inferior

TEMÁTICA Y ESTILOS DEL PAISAJE ACTUAL DE GALICIA 1969
Ante la invitación y misterio del paisaje Pasión de valles jóvenes y blanco temblor de abedules Lenta progresión de formas El Sil heroico y geórgico La orla cantábrica y la síntesis ártabra mariñán Bergantiños y el Tambre Paisajes del Ulla y Arosa y las comarcas sometidas a su atracción Tierras ordenadas por el valle del Lérez y la ría de Pontevedra El mundo de las “medas· centrales orensanas El Miño central orensano El Miño tudense y final y sus articulaciones montañosas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GALICIA UNHA CULTURA DE OCCIDENTE 1975
El mundo del patriarca Miño. Paisaje del alto Miño. Lugo La ofrenda románica de San Esteban de Ribas del Miño. El solemne Miño central. Dos valles característicos. Paisaje del Miño galaico-portugués. Los temas del Sil. El mundo de montañas de los afluentes del Sil. Los grandes valles orensanos. La montaña lucense y la costa cantábrica. La comarca de Ortigueira y la costa desde Estaca de Bares al cabo Priorio. Magnus Portum Artabrorum. Paisajes del doble arco ártabro-finistérrico. El Tambre y sus paisajes arcaicos y originarios. El mundo finamente matizado del valle del Ulla y sus afluentes. Melide y Arzúa. La Ulloa montañosa de múltiples aguas. Camba, Deza, Tradeza y Tabeiros. El trazo armonioso del valle. Compostela, el Sar, Arosa. El Salnés y la ría de Pontevedra. El Lerez y los valles centrales de Pontevedra. El morrazo y la ría de Vigo.

Nunha ollada ao contido destes índices anteriores preguntámonos: pódese artellar un índice común e resumo que sexa o axeitado a este intento empírico de ter idea de conxunto da *Xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo,* e coa posibilidade de ser a guía dun futuro compendio da xeografía de Galicia de Otero? E cabe preguntarse tamén por qué Otero modificaba os índices das súas *Xeografías*? E por qué non permanece fiel aos anteriores? Confrontou as súas ideas cos editores? Adaptábase aos cambios de terminoloxía xeográfica que xurdían co paso dos anos? Non temos datos para acertar a causa destes distintos enfoques que fai Otero nas súas "*Xeografías".* Para Otero Pedrayo Galicia, ou mellor dito a Xeografía de Galicia, ten unha primeira ringleira poboada dos escritos xeográficos e paisaxísticos publicados na revista *Nós* dende 1922 a 1932, ensaios con certa condición divulgativa e froito do facer da época. Logo a xeografía de Otero Pedrayo comeza coa definición de conceptos e feitos xeográficos de Galicia, que investiga, estudia e nomea neses ensaios da revista *Nós.* E na obra: *síntese xeográfica de Galicia* (1926), fai o estudo do medio físico, do home e a paisaxe. Temos unha segunda aproximación na *Guía de Galicia* (1926), na que mantén o mesmo esquema: medio, home e paisaxe, introducindo unha análise das rexións naturais. En 1928 xa fai un estudio máis teórico sobre os chamados*: " Paisajes y Problemas Geográficos de Gálica"*, cun especial estudio da parroquia. En 1929 redacta a *Geografia de España: presencia y potencia del suelo del pueblo español*. E tamén en 1929 no artigo *Xeografía. Economía.* marca as relacións da xeografía con outras ciencias. Despois temos nos tempos do *Seminario de Estudios Galegos* un traballo sobre unha rexión ben definida: *Terra de Melide* (1933*),* que é a única comarca que Otero delimita de xeito completo e se pensou como modelo doutros traballos que tiña na mente facer. Cabe indicar, que en 1936 desapareceu o libro *Terra do Deza* que se atopaba no prelo. e de seguro seguía o modelo desenvolvido para a aproximación á *Terra de Melide.* A partir de entón a análise xeográfica pasa por acoller e participar con outros xeógrafos en xeografías rexionais de maior ámbito, España, Portugal e o mundo: A *Geografia Universal* (1952), a *Geografia de España: presencia y potencia del*

suelo del pueblo español (2ª edición de 1955). Na década dos sesenta Otero Pedrayo céntrase na xeografía de Galicia que presenta un madurecido pensamento xeográfico que conduce ao que poderiamos denominar unha xeografía descritiva e paisaxista. Así temos a obra da *Historia de Galicia* na que enxerga nos capítulos I e II a súa *xeografía de Galicia.* (1963). Nos deixa tamén o ensaio paisaxístico en: *temática y estilos del paisaje actual de Galicia* (1969). Así como en 1976 o libro: *Galicia unha cultura de Occidente.* No que a xeografía de Galicia foi levada a unha xeografía da paisaxe de Galicia. E xa o derradeiro ensaio sobre a Galicia é unha xeografía da paisaxe de 1976 publicado no libro *Galegos* cando Otero Pedrayo xa está no alén.

Para Otero a Xeografía de Galicia, ou mellor dito a *Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo* estuda a definición de conceptos e realidades de Galicia, o que denominaba *Paisajes* y *Problemas Geográficos de Galicia*. É un dos primeiros que chama a súa atención sobre o problema das rexións naturais. E dinos:

> Non tentaremos resolvelo. Require un estudo preparatorio de delicados traballos, unha cartografía expresiva de todos os aspectos xeográficos e un método á vez firme e elástico para agrupar sen desarticular conservando a delicadeza vital dos matices, porque, como indicamos anteriormente, a unanimidade de caracteres esenciais do país galego só se diversifica en zonas de atenuación."

Tratou en varias das súas obras este problema, como na *Guía de Galicia,* pero non chegou a trazar o mapa das rexións e comarcas definidas por el.

A execución dun mapa sempre xorde como necesidade de ter a imaxe dun territorio ben delimitado e posuír todos os seus aspectos xeográficos nunha cartografía, así como todas as súas variacións. Tamén nese mapa habemos de definir que fenómenos e conceptos xeográficos queremos representar, e elixir a forma dos signos convencionais que debemos utilizar para a súa representación. Estas regras elementais e clásicas de todo estudo cartográfico débennos acompañar para realizar con éxito o mapa dun territorio descrito de forma escrita a partir da observación dun xeógrafo. Estas son as condicións de partida coas que debemos ir cara execución dun mapa de comarcas e rexións. Otero Pedrayo botaba unhas olladas e describía literariamente o visto e mirado, dando un sentido científico cando investigaba, descubría e teorizaba sobre a realidade do territorio de Galicia. Pero a realidade histórica dinos que Otero apenas cartografou o territorio. E cabe preguntarse o por qué desta escaseza de mapas nos seus ensaios e obras xeográficas. Podemos intuír que a súa marcada formación literaria era suficiente para a comprensión e descrición xeográfica. Ou pensar que a Cartografía era o labor prioritario doutros profesionais. É certo que Otero utilizaba cartografía realizada por outros, e iso confírmao a carta que Sebastián Martínez-Risco diríxelle a Otero en data do 6 de outubro de 1961. Nela, cóntalle varios pormenores da edición da Historia de Galicia en Bos Aires, e que están a esperar que o cartógrafo de Madrid remate o mapa xeral de Galicia, que será a cartografía na que se apoiou para os seus itinerarios e relatos. Cousa que facía con copias do mapa de Fontán. E xa que, en Trasalba hai varias follas do Mapa Topográfico Nacional a escala 1/50.000, e outros mapas de Galicia, (dos cales fixemos un inventario reflectido nos anexos desta tese), parece claro que Otero interpretaba e lía os mapas e iso servía aos seus propósitos de teorizar, definir e clasificar e escribir os aspectos e fenómenos xeográficos dun territorio.

Pero se o noso obxectivo fose cartografar o que el non cartografou debemos obter as descricións dos seus posibles mapas. Por todo iso, se quixésemos trazar os mapas das

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

comarcas ou das rexións naturais de Galicia segundo Otero é imprescindible atopar as súas delimitacións.

Eses mapas están escritos e desenvolvidos nos seus ensaios xeográficos e tamén nos seus relatos. A pregunta que nos facemos é se o seu traballo foi o suficientemente claro e completo neste eido ao describir as rexións e as comarcas.

Otero enfróntase ao problema das rexións naturais ao que lle dedica o capítulo segundo, que é o máis extenso, da súa obra "*Paisaxes e problemas Xeográficos de Galicia*" (1928). Nese capítulo Otero describe dezasete rexións naturais:

I. Sierras y valles del NE. Gallego.
II. Mesetas lucenses.
III. País de Lugo y las tierras de Sarria y Lemos.
IV. Valle del Miño desde Puertomarín a los Peares,
V. Región cantábrica
VI. Tierra de Ortigueira.
VII. Zona montañosa de la Galicia central y la orla de las Mariñas.
VIII. Las Mariñas.
IX. Países del norte de la línea del Tambre.
X. Países entre el Tambre y el Ulla.
XI. Tierras de Camba, Deza y Tras Deza.
XII. Tierra de Montes.
XIII. Rías Bajas.
XIV. Valle del Sil.
XV. Regiones del Miño central.
XVI. Macizos centrales de Orense y sus regiones dependientes.
XVII. Miño inferior.

Pola súa banda, na xeografía de Galicia incluída na *Geografia de España y Portugal* edición de 1958, dirixida por Manuel de Terán Vázquez. No capitulo II, *Paisajes y comarcas de Gallegas,* temos sete paisaxes ou rexións:

I.- La orla y zonas de atracción de los arcos costeros ártabro y finistérrico
II.- El alto Miño y el litoral Cantábrico
III.- El valle del Sil
IV.- El valle central del Miño
V.- Las Médidas y sus aureolas
VI.- Las Rías Bajas y sus zonas de atracción
VII.- El Miño inferior

E, na xeografía da *Historia de Galicia* en 1963 no capítulo II temos once rexións:

II.1. Terras do outo Miño o Miño lucense.
II. 2. Terras do Miño centroso o ourensán.
II.3. O baixo Miño o Miño galaico-portugués.
II. 4. Os temas xeográficos dá Galiza ourental.
II.5. A Galiza cantábrica.
II.6. As Mariñas e váles cinguidos coelas.
II.7. Terra de Bergantiños.
II.8. O Tambre e seus tempos.
II.9. O val ullán.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

II.10. O val do Lerez, Pontevedra e súa ría.
II.11.Temas xeográficos de Vigo os artellamentos dá súa badía e o Miño inferior.

En cambio, no ensaio paisaxístico de 1969 titulado: *temática y estilos del paisaje actual de Galicia*, as rexións son dez:

- Vales do noroeste gallego
- Tierra Llana
- El Sil heroico y geórgico
- La orla cantábrica y la síntesis ártabra mariñán
- Bergantiños y el Tambre
- Paisajes del Ulla y Arosa y las comarcas sometidas a su atracción
- Tierras ordenadas por el valle del Lérez y la ría de Pontevedra
- El mundo de las "medas· centrales orensanas
- El Miño central orensano
- El Miño tudense y final y sus articulaciones montañosas

Aumentando o seu número no libro de 1975 titulado: *Galicia unha cultura de Occidente*, no que as rexións descritas por Otero ascenden a vinte catro:

1- El mundo del patriarca Miño.
2- Paisaje del alto Miño.
3- Lugo
4- La ofrenda románica de San Esteban de Ribas del Miño.
5- El solemne Miño central.
6- Dos valles característicos.
7- Paisaje del Miño galaico-portugués.
8- Los temas del Sil.
9- El mundo de montañas de los afluentes del Sil.
10- Los grandes valles orensanos.
11- La montaña lucense y la costa cantábrica.
12- La comarca de Ortigueira y la costa desde Estaca de Bares al cabo
13- Priorio
14- Magnus Portum Artabrorum.
15- Paisajes del doble arco ártabro-finistérrico.
16- El Tambre y sus paisajes arcaicos y originarios.
17- El mundo finamente matizado del valle del Ulla y sus afluentes.
18- Melide y Arzúa.
19- La Ulloa montañosa de múltiples aguas.
20- Camba, Deza, Tradeza y Tabeiros.
21- El trazo armonioso del valle.
22- Compostela, el Sar, Arosa.
23- El Salnés y la ría de Pontevedra.
24- El Lerez y los valles centrales de Pontevedra.
25- El Morrazo y la ría de Vigo.

Por tanto, vemos que Otero expón variacións na configuración das rexións naturais, ás que se achega nesas cinco das súas obras xeográficas: 17 en 1928, 7 en 1958, 11 en 1963, 10 en 1969, e 24 en 1975.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tamén, temos que considerar que no eido das comarcas, Otero fai varias listaxes, e así temos, que na súa *Guía de Galicia* (1926) as comarcas son corenta e tres:

1. Ribadeo
2. Terra Chá
3. Valadouro
4. Sierras Cámbricas
5. País de Sarria
6. País de Lemos
7. Sierras de Burgo, derrames del Cabeza de Meda
8. Codos de Larouco, valle Bibey
9. Bolo y Viana do Bolo
10. A Gudiña
11. Valle del Tamega
12. País de Xinzo
13. Maceda
14. Tierra de Ortigueira
15. Mariñas
16. Cúpula Tamárica
17. Ordenes y Mesía
18. Bergantiños
19. Soneira
20. Vimianzo
21. Orla píndica
22. Barbanza
23. Ulla
24. Melide
25. A Mahia
26. Quinta (Rois)
27. Camba
28. Deza
29. Trasdeza
30. Tabeiros
31. Tierra de Montes
32. Peroxa
33. Chaos de Amoeiro
34. Riberos del Avía, Terra do Condado
35. Valles del Tea
36. Gándaras de Budiño
37. O Salnés
38. Moraña
39. Cotobade
40. El Morrazo
41. Baja Limia
42. Calvos de Randín
43. Lobeira

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Porén, na Xeografía de Galicia incluída na *Geografia de España y Portugal*, edición de 1958, dirixida por Manuel de Terán Vázquez, no capítulo II, *Paisajes y comarcas de Gallegas*, preséntanos vinte e cinco comarcas.

1.Tierra de Ortigueira,
2.Golfo Ártabro y las Mariñas,
3.Bergantiños y los genuínos Finisterres,
4.Alto Miño
5.La orla Cantábrica gallega,
6.Comarcas incluídas en la atracción del Miño central
7.Regiones afluentes de la izquierda del Miño central
8. El grupo central,(sierras orensanas) y sus inmediatas formas
9. Tierras de Arnoya10.3
10. La Limia y sus momentos geográficos
11. El valle de Monterrey
12. Comarcas del Bolo y Viana
13. El valle del Tambre
14. El Ulla y sus regiones
15. Santiago de Compostela
16. El seno del Pindo
17. Las rías de Muros y Noya,
18. El Barbanza
19. Arosa
20. El valle del Umia
21. La Tierra del Salnes
22. Comarca del Lérez
23. Rías Bajas meridionales
24. Pontevedra,
25. Vigo

Mais seguindo a descrición que fai en 1963 na *Historia de Galicia* no seu capítulo II de Xeografía, aparecen cincuenta e seis comarcas, que son as seguintes:

1. A terra Cha e a comarca villalbesa
2. Terras entre o camiño das Mariñas (Parga, Friol, Guntín, Chamoso) e o camiño de Sant-Iago. Temas xeográficos de Lugo
3. Terras de Chantada, Sarria, Lemos e suco do Miño
4. Terra de Nogueira e Luintra e o Loina
5. Terras e paisaxes afloentes do Miño ourensán pola beira dereita: A Peroxa, os chaos e bocarribeiras, os ribeiros da Avia
6. Terras da ezquerda do Miño centroso ou ourensán: Rabeda, Terra de Montes
7. O tramo da Frieira e as serras franqueirás ou da Cañiza
8. Os vales do Tea e o propio Miño tudense
9. O derradeiro tempo do val do Miño
10. Serras e vales ó norte do Cebreiro
11. Terras e vales o sul do Cebreiro
12. Terras do Incio e de Brollón
13. O Sil nos seus tempos e chamadas
14. Algunhas notas do Bierzo e da paisaxe das Medulas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

15. Terra de Valdeorras
16. Montefurado e Quiroga
17. O val di Sil deica ambas mestas. Os tres rios
18. A rexión centrosa das medas
19. Terras de Caldelas e de Trivés
20. Terra de Maceda e val do Arnoia
21. Terra de Celanova
22. Abaixa Limia e a terra de Calvos de Randín
23. Os temas xeográficos da Limia
24. Terras de Laza e Monterrei
25. Terras do Bolo e de Viana
26. Terras da A Gudiña e da Mezquita
27. Terras de Mondoñedo e Viveiro ca ribeira dende Foz a Bares
28. Mondoñedo e Lourenzá
29. Valadouro e o litoral de Fazouro
30. Vales do Landrove e do Sor, ca costa de Viveiro e Bares
31. Ortigueira e a súa terra co litoral de Cedeira e Valdoviño
32. Terras de Trasancos e San Sadurniño, vales do Xubia e Neda, Ría e comarca Ferrolán
33. A península do Chanteiro ou de Mugardos
34. Pontedeume e Betanzos
35. A península ou penilla de Meirás
36. A ría da Cruña e o val do Mero
37. Os temas xeográficos das cidades e vilas das Mariñas
38. Xallas, Soneira, Fisterra
39. O arco de costa de Laxe e Fisterra
40. O seo da Fisterra e o Pindo, Cee-Corcubión e as erras afloentes
41. A ria de Noia e Muros
42. O ampido das chairas e montañas da beira dereita Ullán
43. Sant-Iago de Compostela
44. A Mahía e o esteiro Ullán
45. A Barbanza ca banda do mar de Arousa
46. Camba, Deza, Trasdeza, Tabeiros
47. Dozon e Deza
48. Tabeiros
49. Os temas xeográficos de Arealonga e ribeira de Vilagarcía
50. O Salnes e as beiras cambadesas de Arousa
51. Pontevedra e a ría ca forma peninsular do Morrazo
52. As terras montesias de Pontevedra
53. Terras de Montes
54. Cotobade
55 Vigo
56 Miño inferior

Xa vimos que Otero tanto nas rexións como nas comarcas non fai as descricións moi precisas ao falar da xeomorfoloxía do territorio: serras, vales, baías, ríos. Ademais nomea a toponimia dos lugares, ríos, serras, parroquias, municipios e cidades. Preguntámonos se son estes datos máis que suficientes para situar no territorio unha rexión ou comarca, pois nos dan os aspectos e formas naturais da mesma, máis cada unha delas así delimitadas orixinan ocos baleiros no mapa de Galicia, como nos demostran os estudos de: Andrés Precedo Ledo (1987), e Alejandro Otero Varela (2022).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A pregunta e análise que nós facemos é: en 1926 Otero fai unha clasificación de corenta e tres comarcas, e con máis imaxes xeográficas o número evoluciona ata as comarcas nas que divide Galicia no capítulo II da súa *Historia de Galicia*, que son cincuenta e seis. Mentres que nas rexións naturais, nos cinco exemplos anteriores Otero plantexa unhas variacións nas súa configuración de: dezasete en 1928, sete en 1958, once en 1963, dez en 1969 e vinte e catro en 1975. Cal é a definitiva?

A resposta pode ser, nunha primeira ollada, que Otero Pedrayo tivo un pensamento madurecido como consecuencia de estudio e análise das investigacións e así chegou a datos definitivos nas súas derradeiras obras. Tamén se pode enxergar que Otero facía en cada un dos ensaios unha corrección do anterior en base a datos xeográficos novos. Pero temos que unha cousa é clara, que todas as clasificacións feitas polos xeógrafos posteriores a Otero son diferentes, pois danlle en cada unha a primacía a un feito xeográfico distinto. Queremos pois crer que Otero Pedrayo tiña diante as obras feitas tempo atrás e conxugaba o xa feito cunha intuición xa madurecida pola lectura doutras xeografías e unha análise máis pausada e traballada do territorio galego. Xa sexa unha cousa ou a outra, quizais temos unhas comarcas sen límites ben definidos, estamos pois diante *da xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.*

En todo caso, sabemos que Otero Pedrayo mostrou un contido pouco estruturado do seu pensamento xeográfico, incluíndo os estudos, que podiamos dicir non finalizados, pero vese neles unha madurecida reflexión o través dos anos da súa vida. Pensamos que todo é devir dos tempos mainos polos que pasou a xeografía nos séculos XIX e XX dende 1888 a 1976.

Pero se puideramos embarcarnos na tarefa de delimitar territorios en Galicia, para realizar as delimitacións das rexións naturais e comarcas sería preciso facer longos traballos topográficos de campo e os posteriores en gabinete, así como enquisas entre os veciños. Ben pois, xa que logo, esa andaina é un pouco imposible para o autor desta tese, pois aínda que é un titulado na enxeñeira técnica en topografía e ten experiencia en tales traballos, o tempo necesario para facelos en toda Galicia sería cousa de moitos meses cunha compaña de polo menos catro topógrafos e uns oito auxiliares, máis os aparellos técnicos necesarios, e traballando a tempo completo. Aínda que podían axudar as delimitacións xa existentes dos concellos, Pero sabemos que Otero pensaba que as divisións entre concellos son cousa artificial. Para el son entidades máis significativas as parroquias. Logo que se podía facer, para ter esa visión das rexións naturais e comarcas segundo as descricións de Otero? Se fai logo necesaria en unha primeira tarefa de definición da escala desta posible cartografía para a recollida dos datos. Un camiño sería empregar a base previa das follas do Mapa Topográfico Nacional a escala 1/50.000 que en Galicia son 86. Traballo de varios anos. Outra cousa máis sinxela seria utilizar o mapa autonómico a escala 1/250.000 editado polo IGN. Outro procedemento a seguir sería, cotexar as descricións de Otero e nelas sinalar os concellos que coincidan en toda a súa extensión a cada comarca, e no caso de dúbida integrar na comarca o concello que teña a maior extensión segundo a referencia de Otero. É este un criterio científico? A cousa é dubidosa. Pero temos ademais que utilizar nestes casos un ou varios criterios xeográficos e paisaxísticos. O camiño ten que partir das xeografías de Otero. E un traballo posterior sería facer a dixitalización dese mapa cas delimitacións obtidas no traballo de campo para así poder tratar os datos completos dixitalmente. Pois ben, xa que logo, vimos que Otero recolleu e nomeou diferentes rexións e comarcas segundo o ano no que fai a escrita do seu traballo, se ben temos moitas coincidencias que mantén en todos os escritos xeográficos. Cales son esas rexións e comarcas das que Otero sempre falou e contou cousas das súas paisaxes? Tamén debemos ter en conta o que nos di a o falar das agrupacións de parroquia na súa tese de doutoramento: *Los orígenes de la Galicia moderna:*

> Debemos hacer constar como las parroquias gallegas sin perder su propio carácter, manteniéndose como individualidades, se agrupan en sistemas espontáneos, extraños a las divisiones administrativas según su vecindad y relaciones integrando en unos casos la comarca o región geográfica, saltando fuera de ellas por la acción de las relaciones económicas.

A única comarca ben delimitada e estudiada por Otero foi a *Terra de Melide*, e foi un traballo que se desenvolveu ao longo dun ano e ocupou a máis de dez persoas. Por outro lado, e como dixemos, os mapas comarcais ata hoxe feitos cos datos das comarcas descritas por Otero Pedrayo teñen ocos baleiros sen toponimia comarcal. Por tanto, podemos case concluír e dicir que as comarcas galegas para Otero Pedrayo non teñen límites. E se volvera nun futuro ese sentimento e espírito dos traballos dos membros do Seminario de Estudios Galegos á hora de traballar e estudar para coñecer todas as rexións galegas, ese mapa comarcal buscado tería o seu nacemento, Máis a cousa é quizás dun longo final.

Tamén é ben certo que na xeografía de Otero os feitos xeográficos e a súa definición son un eixe principal do seu saber madurecido. Ten de seu un principio na toponimia recollida no mapa de Fontán. Nas composicións da paisaxe xa estudiadas: *mariña, ribeira, bocarribeira, montaña e serra*. Composicións e formas descubertas por toda Galicia. Pero Otero Pedrayo confésanos no prólogo da Gran Enciclopedia Galega que:

> E fermoso segui-la mocedade e apoteoses dun val galego. Nós temos agasalleira sensible pros ríos; amamos como se nos descobren no Sil as vellas formacións pizarreñas xeolóxicas e aínda históricas, e no Miño o gozo de afondar no abrazo do rochedo, pai dos granitos; Pro decatámonos máis xunguidos ás formas e á lección de enerxías do val, pois cada val é o vaso fermoso onde decorrer da vida se escancia en honra do Creador...
> Infinitamente broslados, matizados, cada un dos vales galegos ten un espírito, un carácter de seu, as veces non doado de ser desvelado. O verdadeiro xeógrafo galego ten de ser profeso nunha especie de relixión de asceses e agardas.

Cando Otero escribe estas letras ten un pensamento madurecido, estamos en 1974, os tempos foron os mestres. Os vales e os ríos formas que veñen sendo case límites e eixes das rexións e comarcas, se temos mil ríos temos mil comarcas. Así o xeógrafo galego ten que ser e estar engaiolado da terra e dos homes vendo pasar as sazóns para ter que facer ciencia xeográfica.

E con todo isto, non caben maiores discusións do feito e escrito por Otero Pedrayo. A cousa é como é. Todo o feixe de estudos, ensaios e literatura de Otero son e teñen Xeografía. Otero foi un xeógrafo. Pois logo, non temos dúbida que xa foi investigada, feita a análise, e exposta *a xeografía do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo.*

10.3. Conclusións

Non é tarefa fácil, peneirar con moito tino ou de certeza a cortiza e cobertura para separala dos feitos xeográficos, e iso polo motivo da proliferación dos feitos vividos en todos os camiños sen estar presente o autor dos mesmos. Todo o que se investigou e o que queda…. Pero cabe preguntarse, por aquelo de se a obra de Otero Pedrayo ten hoxe virtualidade para a ciencia xeográfica, se hai elementos teóricos na obra de Otero Pedrayo para a planificación territorial actual? Ou máis ben, se aos planificadores do territorio, e sobre todo os xeógrafos

USC DE COMPOSTELA

de hoxe en día achégalles algo aos seus traballos e devir profesional a xeografía de Ramón Otero Pedrayo. A obra xeográfica de Otero non é nomeada nos estudos académicos sobre a ordenación territorial nin sequera en Galicia. Pero iso tamén ocorre coa maioría dos xeógrafos do século XIX e principios do XX. Pero non comparemos. O que aflora na superficie do panorama académico é unha devoción minoritaria cara a Otero, e ven sendo especial no cenáculo ourensán con afluentes no resto de Galicia. E aínda así, sempre con contidos literarios e case nunca xeográficos. Iso obedece á escasa difusión da súa obra xeográfica, que leva a un descoñecemento que deteriora o mesmo interese académico pola súa xeografía. Aínda que as institucións e asociacións que teñen por obxectivo dar a coñecer a súa obra son numerosas e activas, pouca é a relevancia que lle dan á súa xeografía.

Vexamos cales foron as conclusións dos xeógrafos que estudaron algunhas obras de Otero.

Habemos de dicir que Fraguas ademais de amigo, era desde o punto de vista xeográfico discípulo de Otero e a el dedícalle a súa Xeografía de Galicia de 1953. Nos di que Otero creou novos conceptos xeográficos, que tiña en conta na súa xeografía todas as ciencias colaterais, así como a acción do home sobre a natureza. Fraguas afírmanos que Otero tiña en conta sempre a estación do ano, a luz, as cores, as estrelas. E nas cidades a paisaxe urbana é un fenómeno xeográfico de inspiración humana. Xa que Otero era o xeógrafo das paisaxes.

Pola súa banda as conclusións do profesor Río Barja están impregnadas dunha admiración do discípulo cara ao seu mestre que todo o fixo ben. É un home moral e científico. A súa ciencia está baseada no estudo dos feitos xeográficos. "Todo o perceptíbel polos sentidos, á luz normal, nun tempo histórico, é materia de Xeografía". Estuda e describe incesantemente os procesos e as paisaxes que orixinan

Noutra orde, lamenta Pérez Alberti que Otero non seguise polos camiños da xeografía teórica, aínda que a súa paixón, á que nunca renunciou, foi describir a paisaxe, que aprendeu da súa contorna e móstranos as transicións paisaxísticas. Augusto Pérez Alberti é o autor que mostra máis a lectura dos escritos de Otero, pero reduce e minimiza o pensamento de Otero, quizais por falta de espazo ou premura de tempo ao facer os seus artigos, e por iso reduce todo o máis rechamante nos seus comentarios deixando todos os demais aspectos xeográficos que examina e describe Otero.

Os profesores Pazo Labrador e Santos Solla, polo seu lado, fálannos do ser xeográfico de Otero. Era xeógrafo cunha gran intuición. Para el a paisaxe era o visible, o percibido. A súa xeografía esta impregnada de linguaxe literaria. E actualizan os datos xeográficos do seu estudo sobre a parroquia de San Pedro de Trasalba.

Os profesores Ruben. C. Lois González e Juan M. Trillo Santamaría, conclúen que, toda a xeografía de Otero parte da visión de Galicia que nos dá o mapa de Fontán. E lembran varios estudos que nos levan a atopar nas ideas de Otero o concepto de nación galega. Realizando unha táboa da clasificación das paisaxes que fai Otero.

Jacobo García Álvarez, pola súa banda, conclúenos que no plano vital, biográfico, Otero fai referencia central á parroquia de San Pedro de Trasalba, alí aprendeu a lingua materna dos campesiños, as súas actividades e formas de vida, e tamén a linguaxe da natureza e como dixo nalgunha ocasión, da xeografía.

Polo menos debería polo marxe de tódolos mapas unha noitiña de dixera, pouco máis ou menos, diste xeito: non faga o lector demasiado caso dos marcos de provincias e de partidos, Nin sequera dos axuntamentos. A poboación deste pais agrupase naturalmente dende séculos máis lonxanos e polo imperativo de seu vivir, en parroquias que son a única realidade orgánica do agro, dende a montaña a beiramar.

Nun feito ben sinxelo e coñecido e con todo esquecido por cada fillo de veciño. Unha agrupación ademais inmellorable para o desenvolvemento das enerxías da terra nunha forte vida verdadeiramente moderna. Os paisanos para dicir que unha terra esta fartamente poboada din:" alí están ben bastas as campas". Queiran ou non os lexisladores a parroquia é máis que, a célula, mónada social de Galicia.

El Pueblo Gallego, 12 de decembro do 1926

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A HORTA GALEGA

Arredor de cada cidade e de cada vila galega florece o arrabaldo farturento das hortas. Terra mol, fonda, mollada, nunca cansa, sempre disposta a producir. O feito é de abondo xeneral na Península: en cuasque tódolos centros de poboazón unha cintura de cultivo intensivo separa a vila da propia campía. Máis na Galiza, como todos saben e non se debe esquecer, domina o asombroso feito xeográfico e económico seguinte: a maior porción da propia campía é tamén terreo de horta admirable. E isto non acontece nas outras terras da península. A Galiza asucada por infindos vales, grandes e pequenos, que van dende os chaos estesos e as longas e vizosas veigas hastra os recunchos garimosos das pequenas quebradas da montaña, a forza das augas cría infindas e variadas terras de horta. Toda a que se chama nos documentos e na linguaxe, chan de nabeira e ó de horta propiamente. Estes chaos están adicados a maior parte a lameiro, millo ou viña. Proba de que nin o instituto da raza nin unha boa dirección económica souberon guiar do xeito mais proveitoso posibre as enerxías e posibilidades agrícolas da Galiza.

O paisano fai de abondo. Ten que procurar cousas para manter a casa e mailo gando e estar sempre disposto a soltar a presiña de prata dos infindos trabucos nacionais e municipais que o asoballan. Il non ten a obriga de saber máis que os que teñen a obriga de dirixilo. E como ninguén o dirixe a Galiza entregada a un absurdo sistema económico sofre dunha miseria inxustificada no estado actual do Mundo, e sobre todo no sistema económico da Europa.

Este sistema vai parexo ca posición cultural da que se pode chamar con algúns xeógrafos alemás. Península dos Alpes xa que o falar da Europa haxa que limitar a verba a Europa oucidental. Vai sendo o xardín e a Universidade do Mundo. Economicamente está en camiño de producir somentes cousas finas, sutís, química máis que mecánica, ideas e ensaios máis que rendemento extensivo. Deixa os grandes corpos dos outros continentes a angueira da masa, da primeira materia, hasta da grande industria de volume. Diste xeito os trigos, os millos, as madeiras, as carnes, as lás os metais en proporción cada día maior son produtos da Pampa, do Canadá, da Australia, do Cabo, do Mississippi, da India, sen contar naturalmente os froitos tropicais. Ela agricolamente vai sendo a horta da Europa. Laboura fina, oportunista, delicada, intensiva. Dinamarca vive da manteiga. Bretaña, e outras partes da Francia son arrabaldos para o rianxo xornaleiro de Londres tanto como de París. E tan crecedeira a importancia da horta e do pomar coidados con mimo xaponés que a, Provenza de Mistral arrinca as vellas oliveiras simbólicas, gratas a Daudet e a Maurras para radicarse ás leguminosas. Nos vales alpinos resoa mais a auga da horta que o machado do leñador ou o corno do pastor. Soilo algunhas terras de Castela, os Balcáns gardan a anacrónica emigración dos rebaños. Mais na, Hespaña Cataluña, Valencia, Andalucía, Aragón medran co antigo avó da horta máis en anacos pequenos impostos polos «oasis» naturais. Galiza debe ser a horta da Hespaña e ata en grande parte de Inglaterra. O releve, a auga, o terreo, o xenio do labrego, a forma da poboazón son admirables condiciós, únicas na Hespaña. Hai na nosa terra un andacio de cabras e ovellas roedoras dos bosques e faltan finas castes criadas na corte. Curral e horta deberían ser polo menos tanto como agro e lameiro na agricultura nosa. Con boa propaganda e acertada política a económica, Galicia niste senso axudada pola resurrección e modernización das industrias da aldea e as que faltan nas grandes vilas, non precisaría que ningún dos seus fillos procurase o seu compango nas Américas nin en ningures.

A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala. 1 de xaneiro do 1927

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O MAPA DE GALICIA

O mapa engana. Os afeitos a miralo a cotío experimentamos o imperio e a, limitación do artificio con que se fai. Arquipélagos de parroquias grosas illas de cidades, unhas co antigo prestixio da cruz bispal. Outras cun vento novo nas indicacións dos consulados, dos cables, das liñas de navegación. As mentireiras suturas dos marcos das provincias debuxando unha arquitectura morta de cranio e non a vidal unanimidade da sustancia cerebral, e miolo sensitivo da Terra.

No mapa pérdese a realidade da fondura e do ritmo. Para sentir a Galiza, as vidas da Galiza, hai que maxinarse primeiro un releve material e logo os vales, os chaos outos, as cordilleiras da configuración espiritual. Diste xeito consideradas deseguida se olla unha zona de vilas e parroquias, salferidas en deferentes grupos, que viven na cultura entre a neve e es lobos, preto das nubes. Non chega a elas o claxon nin o peixe fresco. Son no espírito como as neveiras fontes des ríos e fontes da historia. Seu ritmo máino aínda, se acompasa co reloxo do mundo mítico, animado, dramático. En serras duras ou en chairas estesas e as parroquias monterías—as primeiras douradas polo sol da mañán—son o Pamir—orixes das augas, de sangre, da raza; — da Galiza. Hai nelas deferentes gradacións pois todo feito na nosa terra matízase fortemente, o carácter das xentes, as asociacións da paisaxe, as rocas, a arte, dentro dunha vidal unidade. E baixo deles festoneada en costas bravas ou doces, artellada en vales estesos come pequenas planuras e mais frecuentemente afundidos e debuxados como engurra da cortiza dun podente carballo. Nista rexión viven as cidades e as vilas, corren as estradas e os camiños de ferro cuasque afastados da primeira. A campiña tamén latexa cun vivir antergo e racial, mais sempre e loita coas entras concepcións mecanicistas do mundo. Agudízase o dramatismo do instante histórico da Galiza. Máis nas dúas Galizas—postas a un lado as vilas;—como se debuxa o mapa físico e hastra certo punto ó mapa espiritual ¿pódese debuxar un mapa de opinión? Deixando a das vilas e cidades—polo menos da tona aparencial delas—a opinión da campía esmigállase en tantas parroquias como hai no mapa. Algúns pequenos grupos de parroquias poden dispoñer dunha certa unanimidade de opinión en col de certos asuntos. Mais non hai unha opinión xeneral de todo agro galego sobre algúns problemas esenciais da raza e da terra? Haina. O feito sería dar á lus, facela xurdir da conciencia intima dos labregos. E elo se non consigue con outros medios dos que noutra hora espallaban as lendas dos heroes e dos santos. Por medio de xentes que souberan falar ós galegos, por medios dos que falaremos, si Deus da vida, noutro artigo.

A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala. 1 de xaneiro do 1927

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A SOLAINA CAR-Ó VAL

O pobiño florece como un órcelo no outeiral penedoso. É preciso aproveitar a mellor porción da encosta soleada onde o pintor chega axiña e non demoran as xeadas serodias do abril. O penedo deu ó lugar un solar resoante, as limpas trabes graníticas das lumieiras, a pedra das paredes vellas e dos novos perpiaños lucentes, a seara lareira, e algunha cousa inmorredoira: o senso moral da loita calada e triunfadora, a rexa vontade de vivir.

Nunha solaina feita de catro lousas sobre a porta da bodega. Sentase tódolos seráns un vello, velliño. Os ollos murchos carregados de experiencia, cobran un brilo neno reflexando o ouro das mazarocas penduradas de millo de rega. E van percorrendo maníanmete de norte a sur, e logo de sur a norte, toda a familia de cotos e quebradas, viñas e lugares, pazos e espadanas, das terras de por fronte.

O vello tolleito xa non pode saír á poda nos porrais de cepa vella nin a pasearse troitas no remanso do río ó pé dos salaiantes salgueiros. Máis é feliz coa usa xarriña ó pé, e cada minuto xúrdelle na lembranza tres cuarzos de século da historia do val.

Denantes chegaban os arrieiros polos fondos camiños empedrados e na outoniza rubían cara a montaña os fidalgos lanzais, plantados nos seus valentes facos, seguidos da riola de criados e caseiros. Os abades coa súa grande canoa agardaban no adro as novas da guerra. Na outra noite chegaban cansos e desfeitos os contrabandistas do sal. Ninguén se atrevía a principiar a vendima mentres non rolaba polo val o bando do concello.

Os lobos tiñan súa cama de fentos nas pechas carballeiras das quebradas. Ningún fogar labrego contaba cen douscentos reas en diñeiro; en troques enchíanse as arcas de bo millo, prensábanse as uvas sen sulfato, nin sofre. Un comercio natural mantiña o equilibrio entre montaña e ribeira: o grao viña de enriba e en cambio rubían os pipotes e os pelexos no abrente da invernia.

O vello ten visto moitas mudanzas no val. A carretera branca vai cinguindo os cotos esporentes, por ela baixan señoritos de caste e asegún o vello, botan o automobre a escape para non ollar a melancólica ruína do seu pazo. O luar paseouse polas salas escanastradas onde noutro tempo gobernaban. Misia Xusta como unha reina!

Alí, naquela casa baixa de ben cativo aspecto botáronse os cimentos da fortuna dos fulanos, puxéronse a vender e a roubar, encalatrando aos paisanos, entón sen malicia encubrindo aos ladróns, adiantando cartos sobre fartas herencias. Viñeron co posto e unha muda nun pano. Fóronlle peor que a filoxera. Dúas casas de boas familias vexo dende eiquí que non tardaron en agatuñar pra logo vendelas en porcións. Como saír, endexamais sairán despois do empardecer e non erguían a vista do chan.! Saber bailar a peseta foi e inda é! O segredo para facer diñeiro. Pois nin eses nin os piratas que medraron con tendas e negocios dende que se fixo a estación do tren, que vostede ben olla aló no baixo éranlle da terra. Qué fixeron os nativos destas parroquias? O de sempre, o noso. Sachar e render, podar e abonar, decotar os carballos e non durmir unha noite sen cavilacións. Iso sí, aquelas viñas dispostas en sucalcos tan majos eran entón touticeiras boas para as ovellas e os lagartos. En aquelas quebradas onde verdeaban lameiros que dan xenio non se atrevía ninguén e entrar sendo un rapaz. A xente daquela era menos. Os fillos comían o compango cos pais vellos e a mesma lume quentaba a moitos e as facendas xuntábanse na mesma corte. Hoxe todo se bota a desbarate e calquera lacazanciño quere ter casa de seu.

Con todo, eu que me naceron os dentes no traballo ribeiran, digo que se traballa hoxe mellor que entón. Máis, ao que iamos: todos se fixeron ricos no val menos os paisano.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tendeiros de afora, negociantes, xente de tralla chucharon eiquí os cartiños, espremeron o sangue do pais e alá, a facer casas na vila, e a lucir e buligar polo mundo.

Para mercar terra non lles levaba o xenio. A terra e precisa traballala con maus garimosas. As maus sufridas afeitas a arrincar a senradela e o saramago, a desfacer os toróns e a turrar polo rabo da aixada non son para se mostrar na vila. Moitas foron as mudanzas dos tempos: botaron os frades, andares a vapor, e no diaño dos automovios más inda non se encuadriñou o aparato para que a terra produza sen que o labrego se derree o lombo. Vostede viu algún paisano con bandullo? Póñao nunha tenda de boa parroquia e axiña se converte nun pelexo de pé.

--“ E logo, si volvera a ser mozo adicariase a calquera trato?

-- “ Si volvera aos meus tempos de mozote poríame como un lobo a romper do Farauacho pra procurar unha boa viña, e sacaríame o pan da boca para facerlle unha solaina completa a esta casiña. Sempre foi a miña idea…

O vello velliño inda se demorou un anaco ollando para o val. Enterrábase o sol e o frío rubíalle polos osos cansos. Con traballo foise para a cociña. Estralaba unha lapa de frouma na lareira. Un traguia unha disforme carola de nabo e nela o vello comezou a labrar a coitelo o chedeiro e as rodas dun carro, diante dos ollos marabillados do rapaz.

El Pueblo Gallego, 25 de febreiro do 1927

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

NA LANZADA

Pisamos unha terra anfibia, asistimos a un drama que se ven desenrolando es escenas soilo mensurabres polas velocidades da luz, así neses pulos de imaxinación que empuxan as cantigas de tempo como o norte livián. Tras nós a ría de Pontevedra tremeloce calada, cun lucir que parece xurdir non do ceo bretemoso desfeito a cada instante en churiscadas cantareiras, senón dos francos pazos mariñeiros. A onda curvase na parediña do adro, anciosa de escoitar, ela tamén, as glorias da misa. Non ha de ser menos que os alciprestes, as nespereiras, os tilos, seus irmáns no canto coral de ría. Preguiza, ensoño, iniciación dunha filosofia, vontade de sesta ca festa franqueada cara os ramalletes dos laranxeiros, cara os traballos sinxelos e eternos dos peiraos. Máis eiquí as formas indecisas dos areais apenas fan caso do sereno ensoño dos piñeirais. Istes veñen predicando unha fe; inzouse en fatos de apóstolos discipres para fixar en roca galega, en torrón labrego, a nómada lixeireza das areas desviadeiras a tódolos ventos, conqueridas polo mozo regueiro que pasa dispostas o brazo xigante da mar. Camiñando polas dunas entramos nun ciclo de disolución dos elementos das cousas: voos de escumas salgadas, poeira de conchas, chafaris de arxilas, molladas denantes de chuvia desfiada. Todo ceibe, solto, lixeiro, caótico, nun bailado cósmico desviado pola voz riseira, salaiante, brúante, do vento choutando do scherzo ó andante, de presto ó maxestoso.

A praia é nova a cada luzada, a cada mareira, acada ola desfeita en treboenta concavidade, Niste tempo soilo deben danzar na rubia area griseira as fadas do mar dos ollos verdes e desfeitas cabeleiras de escumas. Franquease en curvas abertas ó empuxe do Atlántico. Xorden as néboas dos lombos temerosos, camiñan esfarrapándose nos vellos cons lexendarios, apenas deixan ver ó lonxe os vagorosos penedos da illas de Ons, pantasma nista serán de épica xeolóxica, de ceibe alumeada neptuniana.

Lembramos os cadros do Bosco as fantasías dos flamencos primeiros. Nista desfeita, do mar, do vento e de rocas, xurde a vida triunfante en feituras insospeitadas e sorridentes. Tribos de cunchas marabillosamente ornamentadas pola forza criadora de beleza que leva cada especie, formiguean na vasta extensión da praia. Mineralízanse na feitura de cuncha a forma pasaxeira da ola, o tremelucir do sol mollado, a raiola do luar, a friaxe e o gosto das augas batidas.

Os xeólogos din que esta é unha costa vella. Será certo, máis a impresión é mellor dunha mocedade loitadora, orixe de novas formas insospeitadas no futuro. Os homes apenas lixaron a virxe soedade deste anaco de costa atormentada. Soilo a torre vixilante e a capela riba do con. Maxinamos o lonxe, na tormenta, o canto dos viquingos. Logo un sentimento de alma dos pobos atlánticos das Fisterrás dito naquel refrán dos bretóns, mentres haxa mar haberá Bretaña.

Despois, pouco dentro en Vilalonga, o acougo dunha galería de moda, ben quente e alexada corría o viño espadeiro cantando nos vasos as cantigas amadas polos abades godiardescos. Quen diría que a pouca distancia estopaba o fero mar da Lanzada? Un harmonioso e doce horizonte envolvía en preguizosa ledicia o noso xantar. Os ollos queimados pola sal mariña repousaban gustosos na frouma dos piñeirais e seguían pasiño a paso o mimoso debuxo das terras agarimosamente traballadas. Ista é Galiza. Forza e saudade. Forza de raza volteándose preguiza na fartura dos recunchos floridos mais pronta a choutar ceibe e moza na liberdade criadora da nación. Teño sobre a mesa unha conchiña bonita como unha doa, da poesía da Lanzada. Foi poesía a loita sinxela do mar ca terra para criar o fino organismo xa morto máis que deixou nista xoiña a figura de ola e a alba raiola do luar.

A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala. 1 de abril do 1927

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e agora desfruta de sentir franqueadas súas entrañas ó sol nos longos sucos rimados e de recibir a irmá pataca, de enfaixar en mol caricia, o palitroque do enxerto, de gardar a impronta en flor das pisadas liviáns dos paxaros. Os salgueiros escoitan o novo cantar das augas cubríndose de ovos alongados coma vermes vexetais; cada un garda a promesa dun ramallo de follas verdes as primeiras en rexistrar o paso sutil dos ariiños e en gardar, cando madure o acio, os ouros imperiais a serrán. Mais eiquí. no alto, as cumes patruciais do lonxe non dan licencia para a "abertura" primaveral. Nin é terra esgrevia pois poucas haberá tan doadamente espalladas baixo o camiño crecedeiro do sol, nin se enfría o bico, nin se ouve o rencher da dentamia do lobo. Como nun proxecto os arbores debuxan o completo sistema dos gromos, e soilo agardan a que os montes de arredor teñan sol de abondo para rachar o manto druídico da neve e adormezan na sesta azul. O entrar no pazo de asolamento distas parroquias, a historia parécenos máis culta e mais livián. Vimos para alentar nun aire mozo, nunha reserva de orixes. Por iste camiño non fai tanto que baixaban os monxes de Oseira, e os templarios da Encomenda de Amoeiro. Disque se desfixo o castelo do coto, cantas pedras se apartaron da unidade da montaña para arredondárense en figuras de [vá], de verme xigante, de azoreiro de pedra pronto a bater as ás? Cicais o cicel da chuvia guiada polo vento, apenas iniciou en tantos anos, iste vago perfil de sapo concho en que me sento para albiscar un *pao* marelo que pon o sol, por se divertir, naquela griseira cume do poente. A consideración do tempo cósmico fai ben pequenos os ciclos das culturas. Inda somos novos.

Novos e ledos medran os centeos na rexión das herdardes. O arado raña un peito de pedra cuasque virxe. Eiquí e alí erguese en penedos indiferentes a os que se xunta a rapazada, e estarrícanse os vellos á raxeira. A xente ten traballado moito, mais como si a pedra medrara inda queda moita por esnaquizar.

No sol, por pequeneiro, nunha. cova das nubes, entrar no xardín do pazo é como entrar nun convento de freiras. Virtude humilde e pecha das herbas obedientes disimulando o debuxo artístico os cadros. O chafaris agurgalla cuberto polas vexetacións verdes de auga tamén obediente a regra do cenobio. Soilo as violetas franciscanas arrecenden caladas, apegadas o chan, temerosas do sol, debuxando sinxelas coroas de rapaciñas mártires ou castas procesións ó largo dos paseos.

No souto e inverno demorase no seo dos caracochos. Chegou a hora da xuntanza das pegas. Istes grandes paxaros que teñen certa cousa de góndola, rexen seu vivir po1as bateladas das eirexas. Andiveron todo o día, en parexas, botando as sombras fuxitivas sobre as augas, abaneándose na agulla dos alciprestes, procurando a súa vida con ollar firente e longo voar, indecentes ás maldicións dos paisanos: "Son a peste, non deixan grao, escaravellan a sementeira, pillan os pitiños ¡hai que póriles esternina!

Cando tocan as ánemas vanse afaltando nunha touticeira espallada. Xa pasan de cen. O azoreiro cruza por riba, detense un instantiño cun xeito épico e heráldico moi da súa caste. Logo, debe cavilar que aquel "aplech" non pode ser cousa boa e vaise en circos en procura dalgún pardal acollido nas silveiras. Cando chegaron todas as pegas, siu berros, nin aletexos, cicais obedecendo a orde dunha pega mestra ou priora, vanse rubindo a dous, grandes castiñeiros amparados o norte por un coto.

Os paisanos tamén se recollen cedo. O can vello faise pequeneiro e mimoso para sedeitarveira do lume. Un luar peneirado nas nubes procura as vidreiras do pazo. Aslucesdunha vilade carretera figuran un peirao novo na oceánica masa das treboas.

USC DE COMPOSTELA

Celtiga, 10 de xuño do 1927

PAISAXES

O Agosto Mollado

Franqueando a fiestra de solaina enche a sala un recender de torrón e arboredos mollados. No xardín brilla un verde noviño, coma despois das orballeiras do Maio. As follas rexas dos laranxeiros pingan as notas do salterio penitente de outoniza. Onde vai o grande sol do agosto, que alopea os sucos labregos, fai calar as fontelas, volve amarelos os valentes milleirais? Hoxe érganse dos vales procesións de néboas pelingrinas, brillan regos novos nos lameiros.

Din os sabios que estes veráns chuviñosos son causados polos icebergs tardeiros. Baixou dos mares do circo polar xa adianta a primavera e as súas froitas escintilantes de brancura enfrían o vasto peito da mar que condensa os vapores outros veráns espallados na ar raiólante de sol. Benvidos sexan os barís embaixadores do norte, lles portan un pouco de ensoño polar, das paisaxes das "Sayas", das navegacións dos argonautas normandos. Máis ollando o ceo acugulado de pesadas nubes, cavilase na sorte das colleitas. Nas terras frías da montaña inda fai pouco que seituraron o centeo. Cando madurara o froito do millo? E avaro de luz e calor o noso millo, condensación de preciosas esencias, dourado e fino, denso e brillante. Iste ano tivemos esquencidos os santiños. Sant-Iago, Santa Mariña, S. Roque, que outros regalábannos un *intermezzo* musical de chuvia no solemne desenrolo dos longos días quentes. No oco dunha cova de nubes un sol poente morde o lombo da serra do Testeiro. Fumegan as néboas rente ó chan mollado, Canción de outono no agosto.

O Pintor

Os paisanos xa pensan no viño novo. Quizás, dinantes dos Remedios quentará as cholas nas testas. Agora, din os vellos, non se agardan as sazóns naturais das cousas; noutro tempo a vendima era pregoada e aberta con redobres de tambor logo que o concello ouvía os patrucios experimentados.

O pintor traballa a rego, máis as cousas demandan o seu tempo. Comezou nas parriñas abrigadas, nos bacelos ben soleados, humildiño, coroado de fina púrpura os acios verdes como o lirio. Agora xa pintan as cepas enteiras, sen orde asegún as castes e os enxertes. Sempre hai un paisano que é o primeiro en ollar o pintor e gábase delo como de ouvir o cuco antes que ninguén e de saber a data fixa de emigración dos avións.

Inda co tempo mollado sempre veñen as fadas do pintor cabaleiras nos raios do sol do agosto; compren súa obriga axiña e de calquera xeito. Apeste vai dominada. Deus nos deixa boa recolleita, pois a xente está farta de viños apicados, e marciados mal limpos con claras de ovos, ramos de moreira e miolo de cabaza. E o mal viño soio enxendra malas ideas.

O Piñeiral Mozo

Non recoñecín aquel outeiral nu. esgrevio, apenas mordiscado polas invernías. Acolleume un maino canticar de frouma nova. Xa se inzan na grosura dos musgos, rachan o peito das laxes, os lanzais tronces fan garda de honra os penedos patruciais. A forza cósmica e calada do granito desfruta dunha gracia lírica; os aires xa non pasan ouveando como os lobos pois se deixan engaiolar nas polas harmoniosas. O espírito do ermo atopou a súa céltiga arpa.

Os piñeirais no ritmo ascendente do val á montaña van amolecendo a paisaxe. Nesta terra galgan xa bastos polas encostas e dispoñen nas gándaras batallóns de " bos e xenerosos". A frouma vai criando cos musgos, liques e ouricelos o torrón de futuras labranzas. Pasan as aves, cae unha piña, a sombra, ceguiña, vai amodiño polos lombos esgrevios do outeiral. Tamén o tempo se demora no feitizo do piñeiral mozo pois as doce batelan ó lonxe tan febles como bico das copas que se tocan na mesa posta.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

Os Castros

Tódolos paisanos saben deles. Máis duradeiros cas torres, súa figura diferenciase de infinda gama de feituras criadas pola natureza. Trepados polos arboredos, comestos de abenza, raiados polas augas, remendados polos cadros das canteiras, sempre gardan un erguemento forte, rematado na gracia dunha evocadora e lembranosa. A forza e a gracia da raza primixenia da nos historia.

Cíngueos unha coroa remanécente de lendas. Por iso as vellas cando fían óllanos de lonxe cos ollos esculcadores do misterio e o rapaz do gado non chifra polos seus arredores tan destemido e xentil como un melro. Escuramente adiviña que pisa un chan sagrado. Baixo a luar e cando albisca o dia os castros cámbianse saúdos calados e o arqueólogo escudríñalles as entrañas cunha emoción descoñecida diante os outros momentos pois nos castros latexa a primeira faísca da patria.

A Lembranza do Fogar

Non se falou doutra cousas por moitos días. Primeiro comentárono os graves señores afeitos o paseo dos chopos, logo falouse no casino, nas escribanías, antros procuradores, ata no solemne niño de Porteiro da Audiencia. A grave cidade castelán tivo un movemento de incredulidade: un maxistrado podando a parra!

E a [so…a] parra medrada e tecida ó agarimo do convento preto o paseo dos chopos. O maxistrado sufría ollando tan mal disposte. Pediu licencia a priora, ata o arcebispo choraría. E ledo como un patrón, ceibando o peso do manvesa e da toga, rubiu a unha escala e podou con mimo os probes sarmientos retortos. Indiferente á mordedela do aire da serra, soñaba estar na casa petrucial da ribeira galega, baixo o sol esperando de xaneiro, a carón do camiño por onde veñen as carradas de leña lameiro dos salgueiros espidos.

Aquel outono as monxas penduraron os primeiros acios da vella parra nas mans do Neno Xesús con grande alegría das follateiras barrocas do altar, e mandaron ó maxistrado un bariliño de confitura.

Vida Gallega, 10 de setembro do 1927

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A PIZARRA E O GRANITO

Pola maña dormen as montañas súa sestiña de antergos experimentados. Deixan os vales e as bocarribeiras o balbordo do vivir traballoso dos homes. Elas vestidas co pálido sol das alturas, adormecen, e deitan máis calada e mainiña a auga, das fontelas humildosas. En troques, cando se ergue a noite as montañas espertan. Inda nas arquivoltas da Gloria do poente brillan illas de ensoño figuradas polas nubes: Patmos rubros de isolados e leitos, Jar-Oer das Sagas do Norte, feituras maxinadas polos meditativos celtas da veiramar. Cicais ronsela entre a pantasma da Eirin poboada polas almas harmoniosas dos Santos abenzoados.

Nesta hora as montañas espertan e súas verbas cruzan polo ar facendo calar o balbordo dos vales. Os camiñantes marchan axiña, os labregos pechan as portas, si se ergue a voz das campás vai medrosiña polas tréboas como salaio dun neno na sala escura. Hastra as vilas agarimadas pola forte tradición de seu vivir e amparadas pola lus administrativa senten as vegadas cruzar verbas das montañas e entón teñen eses medos calados que deteñen a latricada dos bébedos extraviados nas rúas e enchen os sonos de cabalgadas angustiosas. Soilo se queima silandeira a lapa das estrelas e as fontes da pedra deitan ledamente as ladaíñas do seu cósmico pranto.

Máis as montañas son unhas vellas é outras novas; das carregadas da experiencia voa un consello as que apenas sentisen a mordedela das augas e non están afeitas a ollar o infindo naufraxio das estrelas. As montañas mozas teñen a fachenda e a maxeza das feituras fortes e destemidas, arelan trazar grandes xeometrías ordenadas, conteñen os ríos no seo forte do roquedo e morden as nubes cos dentes e as pautas das cumes afiadas. Diste xeito falaban, na outa noite as vastas arquitecturas que ergue a pizarra na parte oriental da Galiza.

"Teño a forza e a mocedade. Os pobos e os rios, os tempos e as ideas seguen a rego o meu ritmo secular. Xurdidas do seo maternal das augas primixenias, as miñas laxas gardan un espallar de alborada e unha fresqueira lentura dos océanos que me criaron. Dun cabo ó outro as miñas serras valentes, son mollos apertados de follas brilladoras nas que se escribe a historia do mundo.

Xa pode o salóucante mar enviar riba de min as flotas pelingrinas das nubes: desfanse nos picasos destemidos das miñas penedías e a auga bate en min, sen chegar o meu cerne misterioso. Decorre a chuvia en fíos polas mouras follas e apenas os ríos morden a miña valente estreitura. Permítolles pasar por valeíñós estreitos e eles fuxan de min apresa, saloucando e ruxindo ansiosos por chegar ó longo descanso dos váles farturentos de occidente. Os homes trabállanme e eu apenas se sinto as súas picadelas de insecto. Son rexa e valente, triunfadora e lanzal. Dispoño as auga en despeiteados fachos e no meu seno escuro gardo, tesouros insospeitados. Qué pintas dí, diante meu mol granito amolecido pola vellez e pola aperta escumante da mar?

Entón das cumes conselleiras do norte naceu unha calcada resposta de patrucio. Foi estremecemento os chaos asucados para centeeiras, abaneou as testas moicías dos penedos isolados e fíxose berro de vento no coro ergueito das Medas e nos fachos vixilantes da veiramar. "Mozas sodes, montañas, pizarrentas e pouco sabedes das cousas do mundo. Ca nosa forza e a vosa triunfal feitura sodes roca inda morta, e non tedes lostrego de ialma".

Ben sabemos da vosa nacencia: eramos xa lanzales cumes cando os mares, voso pais, batían feros os nosos francos lucenses ó sol. Pasiño a paso ollamos o voso xurdir e o erguemento das vosas arquitecturas. Pola vosa obra estamos apelados o continente as que denantes eramos ceibes illas, ledas. o poñente. A Irlanda nosa irmá recibe todo arredor a salgada ledicia da mar. Nos ficamos presas as outras terras e tivemos un instante de desconsolo. Sufrimos, e co sufrimento foi xurdindo en nós un lostrego de ailma; andando os tempos os homes chegaron e atoparon nas nosas feituras exteriores unha axuda para os seus

USC DE SANTIAGO

dores, un altar para os deuses. Nesa cortiza enrrugada deixouse rachar gustosa polo arado, franqueouse en espallados vales para que inzaran as familias dos pobos. Donamos gran a gran a terra, a terra onde acouga a sementeira, derrearnos as costas para que os pelingrís puideran rubir os santuarios dos cotos. Temos protexido tantas colleitas, gardamos tantas sepulturas, ollamos tantas doares e alegrías que xa temos corazón como os homes. Xa nin salaiamos cando os tiros dos canteiros arrincan lumieiras para o fogar aldeán e ledamente abranguemos os brazos para que a mar críe loiras praias e medren os albos peiraos mariñeiros".

As novas móntanas pizarrentas escoitando as verbas emocionadas dos granitos sentiron medrar un abrente de alma e dende entón déixanse traballar polas augas, fanse garimosas os pobos, non teñen fachenda dos cotos feridores e de século en século franquean, cause que maternais, súa entraña de folla esgrevia ó traballo, o dor e a esperanza dos homes.

Celtiga, 10 de outubro do 1927
Publicado no libro: Prosa miúda (1988)

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A ESTILA

Pola mañán xa se arrefría o bico na solaina. Nos vales e quebradas demórase a noite, e apéganse preguizosos farrapos de néboa os vellos penedos das encostas. Inda está verde a ramaxe. Dos parrales, máis xa medra, amodiño, por eles unha envexa de senroibar ca cor do millo dourado e da fonda cova máxica figurada polos espraiados solpores. Nos xardíns demandan perdón as primeiras violetas. O outono.

Na bodega trunfa outro ulido. Para non ferver as cubas e rematase a trasfega. Vella terra familiar e calcada, friaxe dos canteiros, balor dos pipotes esquecidos coas costelas podrécentes de carballo, e sobre todo a presencia dun ser fidalgo e tiránico, mimoso e terrible, afeito a impoñerse a señores e labregos. Dórmellento e pechado o Pai Viño resulta o verdadeiro amo da ribeira. Certamente, hoxe caducaron aqueles sonados viños do tempo dos frades. Máis en chegando eiquí na nosa conversa, compre demorarse un pouquiño falando do negocio. O remate, que se lle vai facer, todos somos da ribeira. E isto quere dicir descansadas, faladeiros, latricadores, argallantes e señoriteiros, son botar tales térmenos a mala parte pois chegando a sazón da sulfata, da arxona e das cabas, ¡ira de Dios! tamén se sabe estragar o corpo traballando a rego, ou fino e amodiño, a según o requiran as anguieiras. Deixemos o día ben minguado para que cada un mire pola súa vida.

Pois para lembrar é millor a noitiña. Agora ande no ceo, aló por riba da montaña moura, un luceiro igual que un fachico, rube un aroma de terra dos pequenos lameiros afundidos nas regatas e das viñas onde xa esperta, esperanzada do inverno a area humildosa. Gurgulla o río no cachón. Xa prace un quentiño de brasa a carón do fogar, na cociña escura, namentres as mulleres andan de eiquí para acolá despachando a facenda. O introito da noite en agarda do beilado la lapa conselleira de contos e de memorias, esperanzas e medos. De súpeto trepan zocos no curro, e unha cousa informe, estraña, retorta e burlesca xurde na porta ó ombreiro dun home cargado baixo o peso. Deseguida chega outro home carréxando no carro retorto arrinca unha nota longa e grave que racha a noitiña con unha xurdía chamada de guerra. Responden outras lonxanas roncas dende os diferentes lugares alá parroquia. Vai comezar a esti1a.

O derradeiro canto de Vendimion. O remate alquímico, do tratamento das forzas do viño, que principia coa tonsura da poda, segue ao largo do ciclo agrícola dos augueiros mesturada ca aplicación do sulfate a o xofre.

Non hai planta que experimente tantos sufrimentos. Por eles ten que pechar e concentrar a enerxía. O riberau coa maquina fai das viñas unha paisaxe química, pon unha cor artificiosa nos vales. A cepa chora xa na poda bagoas de zume cristalina e densa de vivir derramando. Nas primeiras semanas do San Xoán volve a pobriña neurasténica e mimosa. Ten no fin do verán días de parida. Sofre a operación cesárea da vendima. Outras plantas, as árbores deixan caer, ceibe o froito. Ela non. E por máis nin a deixan doar, os ventos a esmola da folla murcha de bizantinas tonas, pois mil mans de muller esfóllana para a facenda, e quedan tristeiros sarmientos espidos e avergoñados.

Nin deixan o viño a tolada ferver. Deseguida lle poñen unha barra tumba. Despois hastra o separando bagullo para deixar limpo nas cubas o igual dun sistema de educación comunista que ignora as nais. Por derradeiro tormento a da panza do alambique unha figura antropoide das vellas alquitaras.

Xa van quedando poucas. A estatua funeraria do gran borrachón épico, que debía de habere en tódalas ribeiras, reclamaría a feitura da alquitara antiga e seria parente do cruel sarcófago fenicio. Algunhas inda se rin dos viños a dos bebedores novos nos recunchos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

escuros das bodegas. O fogo da estila fai bufar a alma más arreconchegada da cepa, unha alma de diaño que saia bufando polo serpentín. Fogo de auga de alquimia.

Nas tertulias que se organizan arredor da porta sempre se fala de cousas terribles. Aveciñase outro roto escuro: as matanzas. Estilas, matanzas e castañeiras son misterios adicados en Galiza os deuses chtonicos, plutónicos. Como que inician o reinado da noite despeiteada en mitoloxías modoñentas, e veñen coas bateladas dos Defuntos.

Din que o borracho da augardente deixa na xeada ou na nave unha impronta de alquitara. De feito os paisanos teñen o apesares do rosario beato que fai no vaso, por unha caras do demo.

O igual das pezoñas ten aplicacións meiciñeiras para os animais e tamén para os cristiáns. A piedade das pombas baixa hastra o bafo do bagullo estila do parar á gustosa gra. E os mariñeiros dos portiños atlánticos agardan para quentar o seu corpo sa1gado como o de Glauco, pola limpa augardente das ribeiras.

Non deixa de ser estrano a falla de grandes industrias do alcohol nas terras do viño galego. Cada un fai o seu no curro pola noite, sempre un pouco desconfiado da lei e da Facenda. Un aroma vexetal de zume alapeado espallase polos vales. E ruben fumes de sacrificio igual que os da chamusca do porco e os magostos no alquímico solpor outonizo .

Celtiga, 25 de novembro do 1927
Publicado no libro: Prosa miúda (1988)

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNHA ALDEA

Os camiños xúntanse gustosamente naquel lugar para botare un parrafeito; uns ruben amodiño dentro do val pola ladeira esporente amiga do sol da serran e levan ó alto a sombra vizosa das parras, a altura dos lameiros onde as flores medran graciosas e tristeiras como Ofelia na auga encorada, e a hora das doce cala tranquila presa na paz dos bimbeiros. Tragan fortes recenderes das hortas coarteladas das bodegas, cantigas do arrieiro e pisadas do peiño das mozas sobre as pedras usadas das paisaxes. Outros veñen enxoitos e areosos cono pelingrinos queimados do sol, dende os chaos descubertos estremecidos polas longas vibracións das centeeiras. Todos chegando o pobo se fan de mor larganza pois o seu peito alenta máis folgadamente. O propio camiño real afeito a cruzar destemido e dereito cara ó Norte detense nunha doce curva ao pé da asemblea dos castiñeiros para ollar polas fendas dos arciprestes que rezan no xardín as horas canonices de seu vivir: canto coral feito frouma rechoncheante de paxaros, arela infinda de alma do monxe que quere pisar polo ceo camiños de estrelas de redención.

Agora os camiños, os arboredos, as casas dos lugares, os cotos, os penedos parecen achegarse no curto día polo medo á noite crecedeira que se cría nos fondales e nas esgrevias montañas do leste. Óuvense de máis preto de veces as latricadas e as cantigas de lugar en lugar, mestúranse os fumes dos fogares, hastra a ergueita espadana de eirexa chega por entre as ramaxes espidas para esculcar o que se pasa nos campos e prazas dos pobos. Toda a parroquia se fai a pequeniña para mellor se gardar dos despistados ventos da invernia.

Este pobriño, do que tratamos, agromado no cruce dos camiños non deixa de presentar unha certa semellanza co vello souto de disformes castiñeiros que envellecen a carón del. Afunde no sábrego, na laxa, na herdade, e na nabeira, as raíces do seu vivir, acompasa o seu vivir co decorrer das estacións, agroma en rapaces rebuldeiros como folletos novos de ar primaveral e fai tremer o torrón cando un avó labrego cae na cova como unha valente trabe no leito de ourizos e follaxe. Un vivir vexetal e cósmicos ó largo dos tempos.

Máis se afundimos no estudio do pobiño pobre e pequeno esquecido, se cavilamos sobre as escrituras dos pergameos e demandamos os vellos que agora, nestes días, ceiban a lingua co labio do viño novo, entón debuxase no tempo pasado e no presente e adiviñase para o de mañá gardado nos abrentes, un ser de vontade, de paixón e dor. A alma do pobo latexante baixo as máis humildosas feituras materiais. As pobres casiñas de forra, os sucos nos eidos, as canles das augas, os palitroques das parras, a figura material do lugar é unha arteria pequeniña e sinxela pola que decorre unha pinga sempre renovada do sangue espiritual da raza. Padeceron baixo dominios diferentes, criaron o torrón vexetal, plantaron as árbores e teñen lonxe noutros pobos de alén do mar renovos que inda levan na alma a graciosa feitura do horizonte do pobo. No pazo berraron fidalgos esgrevios ou cavilaron teólogos enxoitos, e de fixo houbo donas que salaiaron saudades. A traxedia, a farsa, a risada e o pranto, tremeron como as lapas do fogar nas casiñas terreas e nas salas resoantes do pazo. A fame e a morte, cicais o crime, agacharon as súas sombras para entrar silandeiras polas portas. Cicais tamén o milagre, de fixo os voos das pombas das virtudes. Pouca cousa son os empeños dos homes. Menos que os fantasmas da brétema entre dúas raiolas de sol invernizo. Máis se houbera un espírito capaz de abondo para enxergar na súa profundidade infinda todo o pasado da alma destas catro casas, toda a fondura de paixóns e da arelas dun só día, non sería preciso estudiar os mortos monumentos dos pobos nin encher de cadáveres os museos etnográficos. Dun pulo teríase cegado o tema universal da historia.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por iso son tan triste as ruínas dunha aldea. Cando as pobres pedras da lareira se afunden no chan esquecido queda presa nelas un derradeiro salaio temoroso diante do cego imperio da Natureza caótica.

Vida Gallega, 30 de novembro do 1927

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UN PAISAJE DE ROCAS

De viejas rocas graníticas, indiferentes, con una indiferencia planetaria al largo baño de sol de septiembre, el ilustre químico, experto destilador de zumos ricos, alma de este paisaje gallego, en la piña del racimo, en la espiga abrigadas del maíz y las pesadas frutas del antiguo pomar que caen con un ruido de madurez cumplida en la hierba humilde, ya otoñal del suelo. Estas grandes rocas componen, ellas solas, un fondo pequeño pero completo de paisaje, el primero e inmediato de mi meditación. Entre sus convexidades suaves, incesantemente acariciadas por la vista, surgen vagos trozos de horizonte en lejanos azules. Las rocas se amontonan redondeadas con un vago anhelo de felicidad nunca realizada en individualidades trabajadas a lo largo de un tiempo, no medido por la erosión de los profundos inviernos lluviosos. Duerme en ellas un tiempo enorme, que durmiéndose ahonda cada hora de sol, de luna, de estrellas, en la eternidad. En lejanías cósmicamente mitológicas tal vez, formaron un único bloque. La caricia quieta o arrebatada de pasión de las lluvias, cayendo largas y metódicas o guiadas por el *impromptu* de los vientos, fueron atacando el bloque según las líneas sensitivas de menor resistencia: en el suelo de lucha horizontal pulió las grandes lajas unidas en su fondo con la poderosa simplicidad de la roca abisal de las profundidades. El bloque se abrió, como los pétalos de una flor, en ocho o diez peñascos tangentes apenas entre sí, colonizadas superficialmente por el vivir elemental de musgos y líquenes más hijos de la atmosfera que de la roca que decoran. Una vegetación de maquis norteño y meridional (retama, tejo, unce, laurel), la voluntad invencible del roble y el ensueño lírico de los pinos, se instala en el pobre suelo arenisco, dispuesto a recoger por un momento, el soplo rápido de los vientos. Un paisaje de rocas contra el que se baten las ondas de las tierras labradas. E el contraste, toda la vida mundo. Tierra labriega, sufrida y resignada, siempre deshecha, nunca dueña de una forma precisa, polvo de rocas sin nombre, pisada y mezclada con la podredumbre del abono; con todo, profundamente humanizada, nutricia del vivir esencial de la aldea. Solo lo brillantes fragmentos de mica revindican para el terrón agrícola un poco de dignidad mineral.

Mineral, roca. Seria precisa una determinación de conceptos. La roca, una realidad domina; el mineral integra, supone un primer análisis. ¿Qué significan en el paisaje y en el realizado artísticamente? Aunque en este momento somos, como Teófilo Gautier, hombres para los que el mundo interior existe, nuestro estudio tiene que oscilar, como cable entre dos amarres, no fijo, sino llevado por la curva del pensamiento que lo inspira: de un lado, el indispensable *concensus* medio que representa a la naturaleza en el momento de nuestra cultura occidental, de otro la figura provocada en cada espíritu individual. He aquí cumplida una formalidad un poco escolástica tal vez. Es necesario indicarla siquiera para fijar el comienzo de nuestra meditación.

Una representación para los hombres de nuestra cultura. Fácilmente percibimos cono esta noción y valor: roca, es una de la ultimas adquiridas para la invención integral y aceptada de nuestro paisaje humano. Nuestra simpatía de vivientes se limitó por mucho tiempo a solo sentir y amar el mundo ciego y verde de la vegetación. Vibración unánime del bosque, pradera, parque, cosecha. Ellas proporcionaban exclusivamente el fondo, la metáfora, la amistad fuera del círculo de la pura amistad humana. Las amistades, los temores, y también las conquistas. El jardín es la trasposición del espíritu (jardines lógicos, románticos, clásicos, barrocos, filosóficos, orgiásticos, consagrados a la memoria o dedicados al olvido) en la naturaleza, mientras no se llegue al gran arte del paisaje indicado en el *Dominio de Arnheim*, Solo una cosa inorgánica y simple entro inicialmente en la esfera de la amistad creadora y artística: el mar. Pero el mar tiene una respiración rítmica y una voz. Puede sentírsele como la presencia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de un animal poderoso y descubre a la red y la mirada de rebaños y conchas mayores que las nutridas en las llanuras doradas. Cambiante como la conciencia es ahora la curva incitadora de Afrodita en la verde alcoba de la bahía., a la noche, o en el duro rompimiento del alba, el ulular elegiaco de Glauco. La roca, la tierra, la montaña, fijas y mudas, solo imponían terror. Muchas gentes solo las perciben confusamente como algo: una baja condición necesaria pero hostil en su indiferencia, quizá como una comparación forzada y siempre melancólica: el reino de la muerte y de un inexplicable horror.

Si solo por la historia podemos darnos cuenta da la realidad y dinamismo de las ideas, nada sustituye a la historia de la idea y concepto de la roca y su composición en el paisaje humano, de sus orígenes arcanos y variaciones. No es posible tal estudio. En él sería necesario distinguir entre la cósmica representación infantil y la vaga que dura en el alma de cada pueblo y la propia de las individualidades creadoras. En los clásicos la roca solo es el más humilde elemento del paisaje puramente etnográfico. Es otro punto de vista el de los sistemas filosóficos (Empédocles, Anaximandro, Platón), que tuvieron evidencia de una vitalidad superior de todo el Universo convertido en un organismo (concepto significativo), sujeto al devenir a la finalidad. Los astros eran seres animados como más tarde los presento la física clásica cartesiana y newtoniana. ¿Y las rocas terrestres? Los griegos amaron la nieve petrificada de los mármoles. Los miraron y acariciaron para darles un aspecto inteligente (geométrico y coloreado), conservando la pauta de su anterior arquitectura de madera. Solo estimaron en la materia roca las cualidades mecánicas de peso, resistencia, duración, pues era el más bajo de los elementos, opuesto diametralmente al éter, admitido para soportar una vitalidad imitada. Los altos promontorios del mar azul, los montes sagrados, la cumbre ilustre de los Olimpos, triunfaban por su elevación en la zona superior de las gloriosas radiaciones. No sintió la graduación el propio ser del mármol, el granito, de la caliza ni de las tierras, a pesar de la aplicación de los romanos [a la re] rustica. En cambio, hay una vaga idea presente siempre, aunque difusa y dispersa, más étnica que filosófica y de oscuros y tenaces recuerdos: la relación de los orígenes con las piedras. Los primeros hombres hijos de Deucalión, el sembrador de piedras. La cosa muerta e informe, necesarias para las obras mecánicas del *homo faber* bergsoniano, y un doloroso sentimiento del origen oscuro y pesadamente misterioso, del que se libraron los hombres merced al esfuerzo inteligente. La roca: lo inferior, y el testigo enojoso de caóticos orígenes. Un sentimiento étnico, racial y al mismo tiempo universal, tal vez la huella de las edades que hoy la prehistoria organiza, lentas como el despertar de las almas, pesadas como el medio industrial de la piedra. Lucrecio vio con sorprendente claridad la sucesión de los ciclos inventores. Tal vez aquel recuerdo, como el de un profundo sueño cósmico no alumbrado por las constelaciones de los mitos y apenas significativo, hará los hombres de las polis y de las urbes. Se pasa cerca de las rocas con extrañeza y miedo; si adoptan alguna figura es siniestra y desconcertantes. Los romanos cruzaron mil veces los Alpes, sin describirlos nunca: Cesar los pisa ligeramente, el casi celta virgilio los vio todas las mañanas desde su patria. Si se cita a las montañas es para exaltar su contraste con la belleza y comodidad de los jardines y del llano cultivado. Solo una clase de rocas excito la atención de los antiguos: aquellas que conteniendo la energía de los metales sirven para avanzar en el dominio del mundo. Pero también otro elemento dinámico y superior, el fuego, es necesario para su utilización. Hasta el punto de que los metales aparecían más hijos del fuego que de la roca, como en el mito grandioso del incendio de los montes, actual como un cataclismo de aurora y de orígenes, en toda el alma antigua.

Pensando en el sentido étnico de la roca, caemos en la consideración de otro mundo, el no clásico, tan esencial, quizá más determinadamente esencial, en la creación de nuestra conciencia. Siguiendo la dirección nacida con la raza celta occidental, llegaríamos bastante

USC DE COMPOSTELA

claramente a nuestra interpretación de la roca. En los monumentos de Carnac, por ejemplo, aunque los dioses vengan entre las sombras desmesuradas, ya hay más piedra, más roca en sí.

En la edad Media, reina un mundo vegetal y animado siempre. De formas medio humanas, medio diabólicas, queque se agita satírico, scherzante y medroso en los bosques, en los pantanos, en los simples pradillos verdes donde al primer rayo de sol pace el caballo encantado, dispuesto para conducir al héroe escogido a las más extrañas aventuras. Cuando al romper el día el sol purificador del bronce hacia huir a los antros a las catervas infernales de la noche, dominaba el oren teológico en los espíritus como el sol en los horizontes. Contraste del día y la noche: todo el ser de la Edad Media. En tal personificación las rocas asumen una forma en el vasto aquelarre, nunca por sí siempre con una vida prestada, y de día son objeto de soledad y horror. Acompañan las meditaciones de los solitarios como lo más opuesto a las tentaciones fáciles y a la vez lo más duro de vencer, escenario propio de las almas batidas, en la lucha por la liberación. Abundas caracterizaciones rápidas y expresivas del paisaje vegetal. El reino mineral de las piedras individualizadas por su belleza o precio obtiene una cariosa e importante literatura. Ellas simbolizaron virtudes, tienen su lenguaje, admiten prolijas interpretaciones dentro del orden que no acoge a la roca misteriosa. Desde el Renacimiento al siglo XVIII recuérdese la literatura de viajes y las interpretaciones del paisaje. En su pobreza total, sigue la ausencia de la roca. El hombre ordenado a fines supremos a lo Bossuet, el hombre de Corneille y de Racine, como el más apasionado Shakespeare, por ejemplo, llena y excede el mundo.

Legamos fatalmente ala trillada pregunta: ¿cuándo se descubre el sentido moderno de la naturaleza? Pues en ella va inscrita nuestra propia pregunta. Es muy corriente señalar dos momentos: Petrarca, subiendo a una montaña y sintiendo con cierto vivo remordimiento de espiritualista la emoción de los horizontes, y Rousseau aparece en la selva como uno de los *rond-points* (estamos en la selva francesa) de donde radian estrellas de caminos. Hasta se vive una hora mágica, determinada. Es un poco pueril. Pero dentro de la pura historia literaria no hay duda, no en la fecha exacta (los relojes del espíritu no la conservan al estilo de los termómetros registradores), sino en el tiempo. Esta novedad de profundos orígenes y larga influencia, surgió en el brumoso archipiélago inglés. Huyamos de la fácil explicación por el medio geográfica. No es un momento fulgurante; aparece envuelta la literatura que hoy nos parece de segundo término, que apenas nadie lee, y se citan en las historias, esmaltando nuestra pobre memoria con nombres de catálogo. ¿Cuándo se escribirá la psicología de la enorme e inerte influencia de los autores que *no se han leído*?

Pobres nombres vacíos de su denominación. Como siempre, fue delante una filosofía. Fácil, sencilla encantadora en su novedad un poco burguesa: el sensualismo inglés. El primero y original. ¿Verdad que al escribir la palabra sensualismo parece que lo hacemos con pluma de ave mojada en un gran tintero polemista, de Sargadelos? Fue como una ventana abierta sobre el campo verde de lluvia reciente después de la apasionada noche (llena de suprema paz) de la metafísica. El sensualismo: palabra y doctrina bien ordinarias.

Las *Estaciones* de Thompson se publicaron en 1726 a 1730, un siglo antes del vértigo romántico. En estos poemas admirables (solo poesía didascálica en los manuales de retórica), se afirma una anterior tendencia vaga, de ciertos aspectos del genio inglés, Pope ya influía. No hay que olvidar ora fecha, También la naturaleza, entrando por la ventana a la ventana de la naturaleza: la invención del jardín ingles por un pintor: Kent. Nombre breve de condado pastoral de vacas. Hay rocas en el jardín inglés, como las hay en el paisaje literario de las *Estaciones*, Thomson es el chantre respetuoso y ritual delante del altar del deísmo. Aun en una lectura superficial del verso clásico y la lengua grave no encubren la nueva emoción. Claro que los procedimientos de Thompson son los de pintor de amplia tela. Pero en él aparece

USC DE COMPOSTELA

el vocablo: romanticismo. Entonces inocente, tímido, apenas notado. También nacieran obscuros los nombres de *güelfo y gibelino,* llamados a correr Europa entre un fulgor de puñales. En las *Estaciones,* Thompson era escocés, como Roberto Burns, conviene fijar una cosa: el profundo sentimiento del invierno. Están en su medio. Las nieblas tormentosas cubren las rocas antiguas secularmente rozadas por el mar. Es inevitable la asociación de Ossián. Una buena determinante para los destinos del movimiento que se inicia. El invierno e algo duro y fuerte, creador de interiores. ¿Por qué las rocas y las montañas tiene más personalidad en otoño e invierno? Es sentimiento casi general, a pesar del alpinismo veraniego. Y su razón, fácilmente explicable: en dichos meses las rocas viven, triunfan y cantan. No es esto solo literatura. Hasta el turista retardado sienten la presencia de las montañas cuando despiertan en las nieblas de la mañana. En la polifonía otoñiza e invernal se iniciaron los mitos de la danza orgiástica de las piedras en la profunda noche celtica. Canta la gruta de Fingal y las islas lejanas parecen respirar con esfuerzo como los cetáceos viajeros. En el verano la gran luz crea sucesivos fondos radiantes, se profundiza el escenario vibrante del mundo. En primavera manda un despertar animal, vegetal, biológico: la época de la tentación. En el invierno la muerte de la vida y la vida del espíritu y de la roca que no tiene tentación voluptuosa ni aun sexo vegetal. El escenario bíblico es el verano: entonces la corte, veranea. Había en esto dos cosas: algo de paganismo y descanso permitido al espiritualista. La roca penitente estaba en el alma. La representación de la roca natural es posterior a la exaltación de la mística.

Poco después de las *Estaciones* sonó la llamada (torrentes, debacles glaciares) de los Alpes. Otro género de roca llamada a llenar imaginaciones. Ahora la nueva fue lanzada en algunas estrofas de un poema inacabado: *Die Alpen*, por un sabio. Un fisiólogo en plena devoción de descubrimiento: Haller. Nombre germánico de pastor, de solitario, e explorador. Era un espíritu atento; estaba en Londres cuando salió el *invierno,* de Thomson. Pues en su ciclo anual (se podría llenar una bonita tablea de biblioteca con solo los libros ritmados por los ciclos anuales de las cosechas: Reymont, Valle-Inclán…). Thomson lógicamente comenzó, por la estación escocesa. Haller se entusiasmó. Vuelto al continente (que contrastes con las posadas limpias y las rápidas diligencias inglesas; igual sentimiento al de Chateaubriand desembarcando en Saint-Maló después del destierro), corrió los grandes caminos de Europa y en Basilea, ciudad docta, habló largamente con Drollinger, gran enamorado de los libros ingleses. Hermosos tiempos en que el exotismo venia tan de cerca. En Inglaterra se acordó de su patria y viajo a los Alpes. Ya tenemos dos escuelas de poesía de montaña. Luego Klopstock, Gessner y todo lo que sigue.

Hay estados de almas que parecen tener la frialdad, las sombras o la trágica pasión de las rocas. Un arte falsamente decadente estropeo, hace años el dinamismo creador del otoño. Nobles vidas, como la de Chateaubriand, trazan su arco entre paisajes de otoño. Recordamos, de niños, al estudiar en el bachillerato una asignatura con el ambicioso título de *Geografía física*, la emoción con que sentíamos correr por las calzadas las primeras lluvias. Hasta la edificación de la ciudad adquiere un color de roca no advertido en el tiempo de la luz vibrante que calculan los arquitectos.

Pudiera intentarse una clasificación sensitiva en este punto. Hay quien percibe la presencia de la montaña no animada como una poderosa reserva cargada de presente desconocido y dueña de un insondable porvenir. Por lo mismo que sube se puede sentir en estilo metafísico. La belleza y profundidad significativa de las rocas es patrimonio de almas fuertes y desesperadas que buscan, cansadas del retorno de las estaciones, una íntima y consoladora frialdad. Tal vez Miguel Ángel fue escultor para apagarse momentáneamente al hundirse en la piedra. La realidad de la roca da un sentido profundo, terrestre a las referencias artísticas del paisaje. En Claudio Lorena, por ejemplo, la roca es siempre ruina o parece serlo.

USC DE COMPOSTELA

Su paisaje es hermano del de Barres. Desde el punto e vista de estos franceses (la Lorena, *quid* del *Ser* de Francia), hay una idea de roca histórica (la colina inspirada), toda prendida de hiedras del alma.

El arte que trata directamente la piedra unas veces guarda su frescura y otras la niega y solo aprovecha las posibilidades mecánicas para el desarrollo de la idea: en el último caso pensamos en el gótico sometido a una escolástica o a una mística y en su origen, interpretación de una realidad (la selva boreal) de vida orgánica. El románico no mata la impresión de roca y conserva la sombra de la gruta. Y sobre el barroco la vegetación ornamental corre sobre un aspecto de piedra. Recuérdese una de las leyes ruskinianas sobre el color natural y el pulimento.

En la interpretación literaria de los estados del alma, después de las llanuras pingues o calcinadas y de los valles pródigos, viene, desde el mal de siglo, el titubeo adolescente o la franca marcha apasionada a través de los paisajes de la roca. Chateaubriand, en una polémica celebre, negó la función inspiradora de las montañas. Un poco extraño. Verdad que el vizconde no conoció los Alpes hasta después de formado su carácter, además, la discusión recaía sobre las cumbres elevadas. Él había nacido en la roca bretona y atlántica y siempre tuvo un alma dolménica.

Otra determinante llena de novedad se impone con la geología. Desde el primer momento aparece como una ciencia llena de simpatía y de aire nuevo. El geólogo no fue nunca un hombre raro como el botánico o el entomólogo. El minerólogo también era un hombre de gabinete. Tímido. Recuérdese el príncipe heredero de Parma en la *Cartuja* stendhaliana. Pero el geólogo trae, orígenes síntesis y comparaciones. Descubre la verdadera realidad planetaria y fundamenta cósmicamente la idea del paisaje. Porque presenta a la roca viva, cambiante y relacionada en grandes familias. Paisajes geológicos de Darwin: recuérdese aquella admirable emoción de las islas de los Galápagos o las noches andinas. Su precisión, entonces poco frecuente, da un valor moderno y fuerte a sus descripciones y en ellas dice su palabra la roca granítica, la volcánica, la sedimentaria. Como Richtchofen tratando de China: quien no lea las páginas dedicadas al *loess* y sus habitaciones será difícil que sienta el paisaje chino como algo bajo el cielo ya plena luz, por muchos puentes que se curven sobre ríos artificiales en paisajes de abanico. El paisaje científico (sociedad natural, dinamismo), viene a ser muy pronto superior al literario. La palabra continente, por ejemplo, parecía lógica o de sentido común solamente, hasta que la tratan Suess, Heim, Wegener; entonces sentimos la avocación contenida en expresiones como estas: arcos, pórticos, escudo canadiense, dinaricos. Los mismos términos científicos (horts, falla, sinclinal, deflación) traen una energía comicidad a las páginas de los libros. El poeta gallego en castellano, Primitivo R. Sanjurjo (*Las mesetas ideales, Escenas de gigantomaquia*), se ha nutrido con la medula leonina de la geología y de los primigenios mitos.

Pocas impresiones de tiempo (un tiempo paralelo al que en la humana dimensión fue cortado y ordenado por Proust), tan profundas como las que creo primero en los paisajes fósiles del Far West la escuela geográfica de Davis. Volcanes arqueológicos, terrazas muertas y ese lento olvido de los mantos de arena, solo parecido al que se pliega incesantemente sobre las memorias de las culturas extinguidas.

Seria excelente sugestivo un mapa de la interpretación artística de la roca en el suelo humanizado de Europa. Las cristalinas y las sedimentarias. La primera, llama fría y quieta del primer fuego astral, inspira gran parte de la poesía atlántica. Texeira de Pascoaes, en la noche montañosa de Portugal del norte, sabe escuchar la palabra cerrada de los granitos. La superioridad de la poesía de Pondal nace de su contacto con la roca madre de Galicia, que lleva hasta las sierras interiores la vibración del inmenso mar. La cósmica nobleza de la roca

USC DE COMPOSTELA

cristalina presa del frescor, hermano de la antigua ingenuidad radical, a la literatura bretona. Hay la fuerza y la gracia del breve sol en el paisaje, de aguas y rocas, a las orillas del mar armoricano de Chateaubriand, de Lammenais, de Renan. La cristalizada pasión se la antigua roco volcánica impera en el devenir de la historia de Egipto, como a lo largo de un gran río: un esculturar apasionado en el negro basalto de los orígenes. ¿Por qué asociamos la audición de Wagner a un pasaje de sus *Memorias*? El barco que llevaba al musico, perdido en la niebla y en la tormenta, amaneció en una azul mañana del norte entre las altas rocas del fiordo escandinavo. En la Europa central domina una posición literaria entre rocas de los macizos antiguos (Turingia, Bohemia, Renania) y las más modernas de los Alpes. Las primeras prendieron su fina vejez en el romanticismo alemán (paseos de Goethe, lunas sabáticas de Bürger) e hicieron comprender a Turgueneff el espíritu de Occidente. Por cierto, que los rusos solo sienten la roca venero de metales: caminan sobre la máxima simplicidad geológica. Hoy Ramúr ve siempre la roca y su sombra como el personaje oculto y decisivo de sus novelas. Mucho se ha discutido sobre el carácter del paisaje castellano: en el que no tiene sierras, un modo de islas, debe su fisonomía del círculo horizonte y al dominio del cielo. Se explica demasiado fácilmente por su desnudez terrestre, el papel que ejercito la mística. Pero no debe olvidarse como la mística nace en paisajes de rocas erosionadas y de tierras mojadas por la lluvia.

Los matices de la literatura francesa dejarían rastrear en un estudio detenido el reflejo de los colores de sus variados suelos agrícolas. Creemos en conjunto, que existe una conquista sobre el antes desconocido cuarto elemento. Ahora parece que nace otro mundo en el que circula una frialdad. Astral o matemática, de roca presente y sentida.

Síntesis. Decembro do 1927

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAMIÑOS NA PEISAXE

Dende o penedo cercelado, espállase diante min un bo anaco do val do Miño farturento e descansado, desenrolándose ou correr dous tempos e dás augas, antre as esporentes costas dá bocarribeira que logo ditadas en chaos, asucadas por regueiros; vanse erguendo mainamente ata xuntarse co pé, rico en augas, dás longas serras abombeadas do lonxe. en augas, das longas serras abombeadas do lonxe.

Mil suxerencias esperta iste pequeno fondo de peisaxe galego. Considérase o traballo das augas criando nas encostas pizarrentas ou graníticas as crecedeiras feituras das familias de quebradas afluentes, pénsase na lei certa que fixo procurar os pobos do val seus vellos solares na faixa intermedia entre costa e o río, mais preto da primeira para desfrutar do sol, da vista e das fontes que alumean o pé dos cotos a auga recollida nos chaos montesíos e nos outeiros penedosos. Debuxa o Miño seus meandros elegantes de Arrabaldo e Laxas, inicia o Barbantiño un delta fluvial e afloreite, o maquis de toxo, carqueixa e uz, os claros piñeirais, e os traballos labregos van encubrindo a feitura. das terrazas estruturais. Eiquí niste penedo, síntome no marco de dúas terras e de dous horizontes: rematan as chairas descubertas de centeeiras eiquí e alí rachados en laxes ou outeiros pola pedra nai, comezan, as viñas rubidoras das costas, as fondas terras de rega, os novos privados de cabaceiros mais inzados de bodegas e lagares. A simple visión do debuxo dos eidos, da feitura dos lugares, da arquitectura dos pazos, fala dun vivir ribeirán ben diferente do montesío en Todalas direccións da loita do home para seguir e amansar a natureza. Na outra banda do río a erosión das augas labra nos ventres das encostas todo un florecer de quebradas e valciños. Polo de hoxe calan; axiña, coas chuvias invernizas, bruarán engurgullantes as fervenzas. Mais a hora millor para seguir o fino traballo dos regueiros é, sen dúbida, a hora do solpor ou da mañán. Entón o sol baixo comprácese en mostrar a fartura. das formas topográficas. Polo de agora soilo cavilaremos un pouquiño encol do sistema nervioso que trazan os vellos camiños.

Eiquí, o carón do penedo vixíante, chega un dos mais mallados polas xene racións. Pares que rube axexante apesares de que coma vello experimentado vai procurando as voltas e os arrodealos. Seus compañeiros do val desenrólanse descansadamente pola terra de doce relese, sombreados polas parras de caiño e brencellao espallados en campos ou prazas a carón ou no cerne dos pobos. So se acorazan de pedra para domiñar algunhas pequenas rubidas. O cruzar os terreos e as viñas desfanse en barbadelas de sendeiros estreitos acantoando os marcos dos eidos, pois é preciso aproveitar o rico torrón labrego. O principal vai enfiando os pobos, ó correr do val, coas augas encoras nas rodeiras dos carros. Está deixado e tristeiro, porque a xente, os carros, o movemento vai pola carretera que desfixo a facies labrega da parroquia, decapitou os antigos centros e vaise adornando coas fiadas de casas novas: perpiaño, cemento, galerías, hastra terrazas polo carroceiro do verán e para as néboas de Santos. Preto da ponte no cruce das carreteras, medra unha que será e fiestras franqueados o tráfico da entrada. Os lugares vellos figuran afundirse no cerne da terra labrega. Iste camiño valente, que deixa a ribeira e agatuña pola encosta en compaña das derradeiras sobreiras, o chegar ó beiso esgueiro do val, cambia de carácter ó cambiar de terreo. Na baixada xoga un verdadeiro papel a dinámica da erosión. No inverno caroal vóltase unha torrenteira: baixan as augas carrexadas da limpa area dos agros de enriba, e esburacan marmitas afondadas e téndense en veas que descobren o sábrego, encetan os mollos de pizarras follentas, e acugulan albos montos de area nos pequenos tramos chairos. Moitas vegadas as rodeiras dos carros guían o traballo das augas. Ademais, polo monte comunal o camiño é dubido e pártese en diferentes direccións; cada unha novo trazado paras arrolladas. E interesante a función erosiva do camiño nos dobres aspecto do seu propio traballo funcional (dos homes, estas e carros) e de descida das augas.

USC DE COMPOSTELA

Xa na rexión das canteiras o camiño vai máis chao, afundíndose mainamente entras murádellas dos eidos, criando lama nos soutos que cruza, gardando balsas de auga do inverno, descubrindo cada día un cuasque nada mais, de laxe ou de penedo. Inzase de fillos que ruben os cotos esnaquizados polos tiros e picos dos canteiros, ou baixo os fondais en corredoiras cinguidas de silveiras, asombradas de érbedos, cruzando os regueiros por pasalos de pedras. Nos cadabullos onde atestan os camiños cos eidos acugúlanse asociacións lineais de vexetación brava desinzada das terras pola laboura labrega. Pisando, de vagarciño, un camiño calquer pénsase na sede intuída dos que, con variadas feituras asegún o chan, o releve, o clima e a circulación, ínzanse raros ou vastos e ó tempo de vibrar co vivir humán de relación, deixan ollar seu dinamismo na faciana topográfica do chan galego.

Celtiga, 25 de marzo do 1928
Sonata Gallega, Estío, 1944

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DIANTE DAS CUARTILLAS

Fai tempo que non se estila a interpretación económica da historia. En troques faise cada dia máis urxente e precisa a interpretación xeografica da Economía. O mundo vixilante apalpa con tino a súa enerxía cósmica para aproveitala co millor rendemento posible. Pasaron os dias dos ensaios aventureiro; tódalas ciencias xeográficas teñen chegado a un estadio de madureza e seriedade que obriga a seguir as súas indicacións. Os temas do agro, do comercio, da industria, deben considerarse en función da xeografía. Pensando nisto diante o feixe de brancas cuartillas sentimos un medo. Cruzamos un tempo de incorporación da Galiza no mundo, no vivir planetario. Un aire livián de mañán creadora discorra livián e esperando entres espíritos que pensan e soñan na Nosa Terra.

Sempre foi esencial a vida económica, máis noutrora decorría dun xeito que poderiamos chamar instintivo, escuro, hastra ignorado polos elementos intelectuais. Os pobos vivían abandonados ao seu esforzo. Preguizosamente chegaban os barcos e cruzaban os tres. Os ritmos das correntes económicas non se precipitaban nin interferían. Grandes anacos da Galicia gardaban a sinxela organización do tempo dos monxes e dos señores. Contábase por reas, duraban moito os traxes, non había urxencias, era digna a pobreza e a nugalla adoitaba xestas cuasque heroicas. Axente que tiña inquietudes económicas apenas sobre pasaba as ideas dos ministros de Despotismo Ilustrado de século XVIII. ¿Que importaban para Galicia no 1888, por exemplo as finanzas do Canada ou os fretes ingleses? Hoxe a economía fíxose planetaria. Toda a produción, calquera baixa, todo traballo hastra do pobo máis pequeno rexistrase o mesmo que un seísmo, xornalmente, na balanza económica convertida en precisa e sutil coma balanza do laboratorio dun químico. Galiza ten precisión de coñecer, valorizar, acrecentar nun senso moderno a súa riqueza. Máis tódalas técnicas concorren na anguieira de fixar a resolver o próbema. Agora explicase doadamente a nosa perplexidade diante da brancura xa un pouco irónica das cuartillas. Hastra que punto se pode tratar o asunto dun xeito substantivo, vidal? As dúas ciencias baséanse en realidades, precisan unha obxectividade clara, demarcada. Non hai nada peor que as ideas neboentas, preguizosas, incúmpreas, que somentes podan inspirar valeiras latricadas. E cavilando cada minuto de reflexión, ven cun novo desespero. Pisamos un chan enlamado. Fuxan buleiras as realidades. Hai todo o máis algúns áureos seguros, claramente insuficientes para pensar e coordinar o conxunto galego do tema. Pois, para dicilo francamente dun golpe, nin dispoñemos dunha xeografía, nin moito menos dunha Economía Inda o millor mapa segue sendo a carta xeografica de Fontán. Apenas se poden trazar con relativa seguranza as curvas climáticas de algunhas cidades. Son as máis as parroquias descoñecidas. Tócante as estatísticas ten completa actualidade o seguinte conto dos vellos de Ourense: Nos mediados do século derradeiro apuntou pola fonda de dona Luz un enxeñeiro co seu axudante competente. Viñan mandados polo ministerio de Fomento para facer a estatística forestal da provincia. Na fonda trataban ben. Eran gratas as tertulias do casino e un coche tardaba máis dun dia en chegar a Verín. Decorría o mes. Gastouse outro na ditosa nugalla do vivir señorito da época. Finaba o prazo cando o axudante preguntou polo traballo "Non se apure hom", dicía o xefe. Foi moito máis honrado cos que piden datos os axuntamentos e corporacións.. Na véspera de voltar a Madrid, o enxeñeiro facía escribir nunha nota de papel: Partido de Trivés: castiñeiros 3.450, carballos 7.848, nogueiras 463. "Et sic de cactesis". O rematar, díxolle ao axudante: "agora que veñan a contar ". Aparte, quizás, do censo de poboazón tódalas estatísticas son polo estilo, particularmente as económicas. Non tería moito de estrano que nelas aparecera unha cifrade bois 364,25, referida a unha división administrativa. Isto é coñecido de todo o mundo. ¿Organización que apenas recoñecen a

personalidade da parroquia na Galiza, qué garantía poden ofrecer? Comprendese a enorme dificultade do traballo das xeracións conscientes da Galicia fronte da fuxitiva realidade a que se teñen que axustar. Máis tamén despoixa dos minutos de desespero chega un minuto luminoso. Temos percorrido grande parte da Galiza, falamos moito cos paisanos, dispoñemos de notas de lembranzas, de experiencias. Imos a falar coa axuda de Deus e co perdón dos lectores, de algúns aspectos xeográficos de Economía galega.

PUNTA DE EUROPA E LATITUDE DE INTERFERENCIA

Xa o dixo Victoriano G. Martí nun fermoso libro: Galiza, unha punto de Europa. Destaca como unha proa, abomba como un peito heroico [car o] novo Occidente toda a forza e a gracia, a riqueza, a pedra e o ceo, da Europa central criadora da cultura moderna, nai das boas espigas de pan, das madeiras fidalgas, das froitas gustosas, das ilustres viñas. Seu vello granito e seu forte esquisto ten a mesma executoria xeolóxica dos mellores chaos mineiros. Seus homes, de ollos nórdicos levan no sangue a enerxía da millor raza que ordena e guía as forzas da Natureza. O sopro ardente e enxoito do deserto non pode cos orballos galegos. Máis tamén cruzan pola nosa terra vibradoiros paralelos e interferencia r relación. Dixo Risco como Galiza é o Sul de Celtia e o Occidente da Romanía. Debemos sentir a beleza dista posición de fronteira. Impón con fermosa fatalidade a obriga de loitar sempre para facer triunfar o carácter propio, xuntarse co vasto mundo, espallar as enxebres enerxías. Nas campas galegas a sombra do bosque boreal chega ao pé das viñas e na hortas mesturase as polas do laranxeiro mediterráneo coas maceiras armoricana. Un peirao da Europa, unha escala precisa nas grandes rutas do mundo. Galiza tense que valorar en función planetaria polas súaas esenciais determinantes xeográficas.

O MILLOR TORRÓN

Rica en bos chaos agrícolas, en cotos mineiros e nos farturentos medios gandeiros ten Galiza seu millor terrón no grande mar amigo. Tódolos val e os ríos procúrano amorosamente, pois del reciben o alento vital. Cría unha infinda riqueza igual nas augas batidas e bravas que no seo descansado das rías. Abonda pensar un instante no valor da pesca e das industrias derivadas dela. Non hai na Iberia un litoral onde viva tal cantidade de enerxía, onde a explotación do mar concentra unha poboazón e un esforzo semellante. Sábese que a industria da salazón galega representa na España máis do setenta por cen, sábese o esforzo dos grandes portos e a saída diaria do peixe fresco. Co marisco galego chega as cidades do centro e sur de España un labio e alegría e de optimismo atlántico. Compre saber moito máis e compre unha política que confirme e acrecente do xeito que somentes pode realizar o Estado o esforzo unánime da beiramar galega. Namentres Oporto trazou un porto un porto na costa desamparada en Vigo, na ría cantada en tódolos discursos, os grandes transatlánticos no poden atracar. En comparanza cos portos modernos, marabillas da técnica, de organización, os portos mellores das cidades atlánticas galegas, asombran tristemente polo seu atraso de cincuenta anos. Non queremos falar da tráxica morte dalgunhus noutrora viventes, hoxe máis belamente melancólicos que a provenzal. Aigues Mortes onde embarcou San Luís. A forma do litoral e da poboazón galega impón o máximo aproveitamento dos pequenos portos. Todo o que hai e vive debese o propio " alén". Outras veces teño falado do esforzo de Cariño. Fai dous dias cheguei a Corme. Eran as sete da serán. A grande noite inverniza acugulábase no pobo sen lus. A xente andaba polas rúas con farois acesos. Ouvía a salgado do mar e quixen chegar cabo del atoutiñado nas trabas. Estiven a pique de romper os osos esvarando nas pedras lavadas polas olas, pois Corme que ten setenta barcos, cerca de catro mil habitantes, e unha incomparable xente de mar, non desfruta no primeiro terzo de século vinte dun metro de peirao. Todo o rosario de pequenos portos debía estar organizado en familias poderosas. E cando se fagan obras haberá que consultar a opinión empírica dos mariñeiros, pois nin se ten

USC DE COMPOSTELA

estudado oceanográficamente o noso mar, nin un servicio meteorolóxico acompaña, guía e defende o esforzo e a vida da xente mariñeira. Naturalmente cada ría grande ou pequena é o remate dun val, o relevo guía o seu aceso por terras. Con todo garandes arcos artellados da nosa costa non teñen doada relación co interior e servidos apenas por carreteras de tipo arcaico con por resto de Galicia "terra incógnita". Na harmonía de beiramar coa Galicia puramente labrega radica un dos segredos da futura grandeza nosa.

VAL, CHAO, MONTAÑA

O cerne granítico e pizarrento deixou esculturar ó decorrer das Eras xeolóxicas polo martelo da mar, a serra dos ríos, os mil picos cantareiros da chuvia. O vidal barreno das raíces, a mal química do ar, criándose un relevo de infinda fartura e variedade, traballado e humanizado, ademais, dende a primeira luzada histórica pola raza apegada, como poucas, ó chan. Dinámica medicina e farturenta do vivir cósmico deste anaco de vello continente, dinámica que non consiste delimitar claramente as estaxes verticais, as rexións xeográficas. O poderoso tema xeral, primixenio e sempre presente adoita tódalas posibles variacións. Mellor que zoas de altitude hai dende a beiramar á montaña un xogo de atenuación e interferencias. Abonda unha boa exposición para que a costa penedosas se vista co fino bordado das viñas namentres na propia arela do río quizás un outeiral abriga a quebrada onde dorme un inverno nas follaxes do carballo. Viño e pan. Ribeiro e montaña. Dentro desta sinxeleza, canto hai que estudiar e cavilar! Polo pronto o val do Sul mostrase ben desemellante do val do Norte. Eiquí fai séculos que morreu o cultivo da vide. Nos do Sul non somentes se garda, sinon que rube polos chaos e ata conquerir as montañas. Dende logo esta petrucial e anterga procura do viño é unha das cousas que millor caracterizan a Galiza dentro da Celtía. O noso viño debía ser considerado un amor case que litúrxica polos bretóns, polos erses, polos galeses. De fixo que que aparte algún erudito da Universidade de Gales ou de Reunes, non saben do nos ribeiro. Nisto do viño haberíaa moito que falar. Contrariamente ó ser xeral de Galiza, o cultivo da cepa tende a ser en moitas parroquias un cultivo monopolizador da terra. Noutrora e fermosa veiga do Miño por Ventosela cubríase de millares; as viñas procurábanse nas abas dos cotos. Hoxe en moitas parroquias téñense desterrado tódolos outros cultivos. Como dicía Losada Diequez nun mitin de Ribadavia: "Vos, soilo sabedes pasar as horas mortas dándolle voltas ao viño na taza a ver se pinta ou no pinta". Hai moito de superstición, en parte natural, pois a organización actual do agro o labrego só apaña un montonciño de pesos do viño e da facenda. E nisto coidamos que radica a máis forte anguieira para os que pensan na redención económica da Terra Nosa. A forma da poboazón e da propiedade, a feitura do chan, as súas condicións, a distribución das augas, impoñen un ritmo en modo menor, de traballo intensivo, coidadoso, mimoso, que permita aproveitar e sacar millor rendemento o que ten de xardineiro o noso paisano. Todos os vellos países súper civilizados da Europa distínguense por esta clase de cultivos, sobre todo nas terras oceánicas, de profuso relevo semellantes á nosa. Bretaña vive das hortas e da pesca nas rexións baixas e costeiras. A grande agricultura de algún produto non é posibre en Galiza. Dirase que a falla de grandes centros de poboazón non permite eiquí o desenrolo de tal actitude, pois as froitas e legumes de Bretaña van os mercados de Londres e París. Máis pénsese en dúas cousas: a multitude de pequenas vilas da a certas de Galiza un tipo de grande cidade espallada e dende logo por o porvir coidamos que este modo de ser pende unha das garantías da grandeza galega. E pénsese tamén que pasou sinxelo artellamento dun pais agrícola e produtor cunha vila consumidora. Por o viño, por as froitas e cultivos de horta, os propios do val e sa beiramar, hai que buscar mercados fora de Galiza. Nosa terra debía un dos xardíns oceánicos de Europa, como debe ser un dos seus peiraos. Recordase que si noutrora os viños brancos do Ribeiro lucían nas mesas aristocráticas de Inglaterra re que os "agrios" galegos tiñan sona mundial e formaban unha das riquezas básicas. Produtos

USC DE COMPOSTELA

escollidos, superiores, únicos si é posible, deben dar intelixentemente dirixidos as hortas galegas. Con pouco esforzo pódese cumprir este programa. Camiños e política económica son as condicións necesarias. Asombra o desconcerto da nosa economía. No norte de Galicia bebese viño maragato, e o mesmo tempo quizais non haxa na ribeira a que vendelo. Bocarribeira e montaña, terras de pan. Bos trigos escuros, centeos dignos de Europa xermánica. E unha dor que en moitas terras falle o fondo sombrizo do bosque boreal. E merecen tódalas gabanzas as institucións que seguindo o exemplo da Deputación pontevedresa procuran a repoboación Hai que crear o bosque pechado, sonoro, que rube e baixa polas abras das serras, e se afonda nas quebradas, e aguanta no alto pasar dos ventos. Ha de desaparecer a gándara deserta. Naturalmente deixados a sí mesmos repoboaríanse en xeral os nosos montes. Non abonda. A carón do carballo e do bidueiro, do castaño petrucial e do piñeiro han de medrar outras especies como o tilo esquecido e tódalas que poidan ofrecer terras semellantes cono California e a Colombia Británica. Os bosques teñen dous inimigos: o paisano a máis abenza. Coido que o paisano modificaría en grande parte moitas condicións malas de súa psicoloxía si en troques de levar a roer unha pequena grea de abenza por unha grande larganza de uces e toxos raros, prescindira dela e se limitara a coidar boas vacas nas cuadras e nos lameiros. A abenza non é propia de eiquí, Ven de criar algunhas razas estabuladas. Máis ese dente famento que morde ata a cortiza os árbores e debuxa as anadas dos toxos é unha das nosas calamidades. Calquera que viaxe pola Galiza coñecida ficaría asombrado si nos altos ouvira a galopada dos facos bravos. Unha especie de nomadismo de fixo suxestivo máis que economicamente soilo aproveita terras de superior ganancia os facos marcados a desbarate na serra da Corda.

AS FORMAS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA

Coidamos que tamén neste aspecto, como no reinado do espírito, Galiza está superiormente disposta para cumprir no mundo unha función necesaria. O esforzo de todos hase guiar por ista arela: aproveitar os zumes do chan, as fontes de enerxía, a dinámica da raza nun grado e cun rendemento que fagan de Galiza unha forma necesaria no mundo económico, de tal xeito que sen ela non se poida espricar doadamente a economía mundial. Non un papel dirixente, máis si unha actividade necesaria. Para conseguir tal outo estado hai que estudiar e seguir, modificando as nun senso proveitoso as condicións xeográficos e sobre todo a psicoloxías da raza. Condición esencial básica:

Comunicar a Galicia entre si mesma. A serra e o val non han de seguir ollándose como patrias estrañas, nin a veiramar incomprendida no interior, os lindes provinciais han de trazar arbitrarias demarcacións. Para resolver iste problema abonda con obsérvaos feitos xeográficos e históricos fortalecendo en senso moderno as correntes de relación entre os pobos rurais dando vida legal as parroquias, inmorredoiras nómadas sociais de Galiza. Eiquí a gran vila non ven e quizais sexa millor: en troques a materia urbana organizase de seu en constelacións de pequenas vilas, primeiro paso pra unha forma de poboazón a que aspiran os mellores cerebros do mundo cansos das grandes urbes que xa consideran en gran parte xigantes fracasos. Si as arelas oceánicas da Europa han de seguir ditando seu espírito creador ó mundo enteiro teñen que pensar na forma máis racionais do aproveitamento da capa social apegada a terra, da soa que fai un traballo avanzado de froitos inmorredoiros: as crases labregas. Os paisanos estraños na gran cidade entenden a pequena vila. E cando as aldeas estean dotadas de luz, de camiños e de hixiene ninguén fuxirá delas e crearase o que pola natureza está iniciado na nosa terra. Non compre dicir que tal angueira non se fai dende o decreto-lei e non se fundamenta nas estatísticas oficiais. Para ser vital ten que respectar e seguir as formas de vida do pais. Entón a forza económica de Galiza chegará a un alto desenvolvemento. Máis, canto tempo será preciso? Os labregos deixados asi mesmos non saben gardar a tradición, pois

USC DE COMPOSTELA

déixanse a cada instante mordiscar polo mecanismo de outra beira de Atlántico. A xente fuxiu dos pazos. Ten que volver a aldea para redimir e redimirse a si mesmos. Unha xeración nova que sentirá a urxencia do problema de Galiza poida facer o milagre en poucos anos. Non abondan os poetas e os artistas. Homes de fábrica, de taller e sobre todo de agro. Guías e renovadores da produción, hoxe Galiza está chea de comercios e almacéns. Chegan ata as aldeas máis lonxanas comisionistas de tódalas partes, menos de Galiza. E que figura morto o espírito industrial da terra? Esta riqueza aparente do comercio envolve un triste porvir económico. Medran as naves dos grandes almacéns e non xorden chemineas de fábricas nin se pensa na palleira, na facenda nin na bodega do paisano. Calquera que teña percorrido Galiza decatase axiña de que as industrias campesiñas conteñen e xerme de posibre desenvolvementos so foran ben guiadas. Morreu aquel admirable esforzo de Sargadelos, Buño, en Dena, en Niño aguia hai posibilidades dunha grande industria cerámica. As nosas verdes praderías debían albear coas teas de lino como as que aseguran a Belfast un posto de grande centro económico. A forza das augas gastase en dar luz aos pobos. Non hai un so río industrial no senso moderno. O ruralismo das industrias gandeiras fainas impresentables nos mercados do mundo. Figura que Galiza so pode dar primeiras materias pintorescas. Non é preciso alongar a lista. Seria unha tristeza máis. Polas condicións naturais Galiza pode ser ata economicamente un pais non so moderno, senón ultramoderno no sentido que xa comeza a apuntar o igual que unha alborada de consolo no mundo canso das grandes cidades, da concentración do vivir das neuroses bancarias. Unha luzada que procura as fontes eternas dos pobos e da natureza, máis fondo, máis sereno, máis idealmente humán ata na Economía.

El Pueblo Gallego, suplemento, núm. 1, 1 de xaneiro do 1929

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DIALOGOS NA NOITE

Chegan os catro, cada un co seu traballo a súa esperanza. Son catro camiños labregos. Chegan, e un anaquiño folgan ó amparo dos caracochos do campo da feira. As veces non é somentes o fuxir da auga nos lameiros nin os apaixoados abrazos do ventos nas ponlas o que se ouve no campo da festa. non cruza alma vixiante: o luar loce nas areas de arroiada, ou traballa adispaciño ou a sesta afía seus coitelos de lus nas pedras, nos troncos, nos follatos. Entón os camiños folgan e falan.

Un chegan ben cansadiño. Vén do val, e rubiu as costas demasiado apresa. Trae, un recender de bodegas e un tremor de vimbieiras no río. Trae, tamén, outras novas:

-- " Eiquí non vos enteirades de nada. Abaixo recollo moitos camiños que chegan dende as beiras do mar: alí cubertos de parricochas rematan nas escaleiras dos peiraos onde están as redes de enxoitar. A min trónzanme a carretera e a vía do tren, e figuro a carón delas ben pouquiña cousa. Escoito as historias dos mariñeiros, as latricadas dos ribeiráns, o pasar dos autos. Son tan vello como o río que franqueo atontiñado cas pedras dos pasales, máis a cada agromada vólveme a mocidade e sinto forza nova ó me levaren as augas de invernia".

Outro, máis descansado e patrón, longamente asucado polas rodeiras dos carros, fala calcado e soñador:

-- " Rubindo as serras perdín a conta dos anos. No alto o tempo se non mide. Abóndame para ser ditoso a sombra dun bidueiro ou a veciñanza do ceo reflexado non illó. Alí as cantigas son tan mozas como a mañán do San Xoán, e ó caer unha torada de neve perdo de lediza e tino e non sei por onde vou. Chamo a moitas sendas de pastores e de lobos; eiquí veñen comigo; si non foran tan sinxelas e temerosas veriades que fermosas historias vos contaban..."

O terceiro camiño non perdeu un recender de roseiras e buxos: -- "Veño do pazo e da igrexa. Estou brasonado pola vida e pola morte. Son un camiño histórico. Tódolos outros trátanme con respecto debido ó meu señorío. Inda que agora estou un pouco deixado e hastra diante do portón fidalgo inzase en min as herbas ruíns do monte. Contodo, o domingo espállome para ouvir á xente no adral e as misas cantadas e axiña me gobernan cando veña a nova señorita do pazo. Qué murmuras ti, fillo dos zocos dos paisanos?

A humilde corredoira apenas se lle entendía: -- Endexamais saín da parroquia. Abríronme na entraña dos eidos os vellos que prodeceron no adral. Non teño tempo para falar con ninguén, sirvo as terriñas da nabeira e a horta, e camiño tan pouco que non paso da touticeira comunal comesta pola abenza. Non vos riades de min pois teño fielmente moitos milleiros de carros de pau, moitos amores e esperanzas e guiado, moitas dores para o consolo do traballo.

Entón o camiño da montaña dixo esas cousas eternas que non se poden traducir en falares, pois están na entraña do corazón. "Dende os curutos da serra, eu vexo toda a redondez da nosa terra, o mar que se fai mimoso para tecerlle encaixes de Camariñas, os vales quentes e tódolos rumbos do horizonte: as veces a lúa reflexa coma un espello a faciana enteira de Galicia. E vexo máis. No outo, lonxe dos homes, vive o millor do espírito dos homes. Sei que as feituras da nosa terra son unha tradición de súa alma. Sen que ela ten chaos chan labregos traballados pola intelixencia. Van ditosos para se afundir na delicia do amor, portos para se botar destemidamente polos mares do pensamento, xardíns líricos para os luxos de arte, carballeiras resoantes como a enerxía da vontade, misterios pechados e atraentes como penedos, outos cumes de serea meditación veciña dos fogos astrais, castros nos que as fadadas luares da tradición tecen seus bailados, sistemas de pensamento ordenados como as vilas cheas de futuridade, diarias meditacións confiadas como as aldeas, ventos que barren as neboeiras que as veces encinzan os espíritos, orballeiras de dor purificadora, tormentas apaixoadas, limpadoras das almas, verbas que pechan tradición e novidade... E sei que todos nós, camiños,

USC DE COMPOSTELA

somos un, e ó tempo infindos. Calquera, o máis humildoso, vai para o cabo do mundo. ¿Para qué rifades? Todos sodes precisos como o pazo, e a eírexa, é, de día e pola noite, vibrar con tódolos latexares da raza e da terra: o cantar do carro da estrume, o pisar do labrego, a onda do mar, o silencio da serra, o grave pisar de enterro, son instantes dun vivir sempre novo, o que non remata. Guiade ben aos homes, camiños galegos. Non olledes nas noites claras o camiño de Sant-Iago que cruza toda a esfera somentes parase xuntar connosco. Os vellos castiñeiros aprobaron cun ruxir de follateiras novas, e un instante no sinxelo campo da festa, sentiuse decorrer, poderosa e unánime, a presenza de Galicia.

El Pueblo Gallego, 28 de abril do 1929

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O VENTO NA GÁNDARA

Ista gándara ten un piso firme e elástico que axuda ó andar dos cazadores e dos pastores. Espallase indiferente e sinxela no triunfo das súas dimensións da superficie. Lonxe do traballo labrego aínda garda un pouco da planetaria virxindade das terras apenas percorridas polos nómadas que non queren fixarse nun chan para non perder a relación cos espíritos misteriosos que xorden no estrano camiñar e bailan arredor de cada novo lume dunha noite. A gándara desprezando a fala dos arboredos franquea cara ao ceo seu peito vasto, aturando o calor e o frío sen deixar esculturar súa poderosa entraña polo fío das augas nin pola forza vital das raíces. Só os montes do Bócelo e o lombo do Carión bordean os marcos da gándara con duras sombras estrañas. Outro pasar decorrente de sombras fuxitivas bótanlle as nubes no seu eterno e ledo tecer e destecer. Figura morta a gándara. Aló, no cerne de Galiza ficou para sempre extasiada e sobrecollida disque inzou as primeiras verbas dos homes. E xa non quixo saber máis. Noutras terras a paisaxe dinámica fala dunha historia e vai debuxando o porvir. Na gándara a idea do tempo non ten siñificación. Parou nunha hora lonxana e primixenia como eses reloxos que sempre sinalan a mesma hora, morta a mesma ausencia do tempo, nas salas dos pazos abandonados. As toxeiras, os carpazos, tódalas tribos da flora do ermo que ten as súas primaveras particulares, están neste chan frío, apegados como os musgos e os ouricelos sobre a indiferencia mineral das pedras. Pasan pola gándara longos camiños desfiados, axiña, como si tiveran medo, como os ronseis no mar. Xoga o vento das cumes facendo da gándara seu campo de sport. Non ten precisión de pulsar a arpa sensible dos piñeirais, nin de canalizarse harmonioso no órgano das carballeiras, nin desfacerlle cóxegas a fidalguía do alcipreste, nin de fungar nos penedos esgrevios. O vento fortificase ximnasticamente, sen obxecto, por puro pracer. Unha lebre corre borracha de aire e vai choutando as raiolas horizontais dun sol feble e lonxano. Os labregos as veces, fan unha estirada para coller centeo forte como criado por silenciosas enerxías primitiva, máis deseguida deixan o torrón a bravo e vagaroso mordiscar da abenza e dos facos de longa caudada. Pensase nas migracións dos pobos enviando en longas riolas estas larganzas cos ollos fixos nunha esperanza de fogares novos, nas cabalgadas dos feudais que chegaban de tódolos rumbos da Galiza, na posibilidade dunha xuntanza redentora de tódalas xentes irmáns. Máis non coidedes que sexa a gándara un torrón veleiro de sentido e espírito. Se non ten pobos inzados, nin florece en arcadas románicas ou en traballos […..norosos], fala nela, coa súa esgrevia sinxelidade a primeira [ve….] que sacou a Galiza da estaxe ante histórica e lle sinalou os vieiros dun porvir. O senso intimo, o chan máis fondo da alma galega ten unha impresiónate personalidade nesta erma gándara posta no cerne de Galicia. Tamén ela como as catedrais e os mosteiros dispón dun tesouro de sepulcros. Son mortos sen nome, os primeiros que podreceron na terra galega e deixaron lembranza de abrente inmorredoiro. As mámoas figuran pequenos erguementos: o chan da gándara cobre piadosamente os mortos como un pano que deixa translucir unha idea de forma humana. E no corazón dela, [ofiadas] polos circos dos montes, lucente o lonxe, aínda se erguen as grandes pedras do dolmen. Caeu a tampa e algunha pedra cansa de séculos deitouse; mailas que fican de pé, inzadas no chan forman por riba das mudanzas dos tempos, a figura sinxela da primeira idea da morte e da vida que xurdiu na Galiza, o triunfo de primeira lembranza dor e a ledicia de domiñar o esquecemento pola memoria. Todo silencio da gándara cingue ao dolmen e o vento bruando nas súas pedras fala na lingua dos celtas.

El Pueblo Gallego, 14 de xullo do 1929

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNHA LOMBARDIA GALEGA

Aire fino, gravidade, ensoño contido pola elegancia, parquedá na palabra, e no paisaxe colleitas cortadas polas augas que recorren os Alpes: eis algunhas das notas que viaxeiros, dende o romántico Chateaubriand ó positivista Taine, prestan a terra lombarda.

O nome é facendisco, brillante e sonoro. Máis nos sempre baixo del ouvimos o nome antigo e da raza da comarca: Galia, Galia cispadana e tras un alen, padana. A Celtia italiana, patria de Virxilio o campesiño que chorou a perda dos eidos familiares e fixo o poema harmonioso das sazóns labregas. Galia igual a Europa centro atlántica. Por iso, na ardente Italia, a Lombardia pon un pensamento serio, sobrio, o heroísmo municipal e as oxivas do Milán onde naceu baixo S. Ambrosio o primeiro coral que puideramos xa cualificar de románico na Catolicidade. No medio do esgrevio Piámonte e da lioreza sensual de Venecia, a Lombardia sabe ponderar seus horizontes e enxergar o consello nas cumes e as neves figuran no debuxo dos Alpes.

A terra galega que agora teimamos lembrar non é estesa nin ilustre, non se inza nela ningunha cantiga e rica cidade nin ten por fondo da paisaxe a procesión de cumes dos Alpes. Máis cruzando polas careiriñas das herdades, folgando á sombra dos pequenos santos e das carballeiras, ouvindo o correr dos regueiros invernizos no chan areoso, ven as mentes a lembranza lombarda.

E terra de penichao, nin ribeiran, nin montesía, nin fría nin quente, e sen estar moi outa domina un horizonte equilibrado harmonioso, de serras que o porse o sol se tinxen de tódolos matices de violeta como si dentro levaran unha luz astral. Non hai nela grandes bosques, nin veigas lenturentas de doado traballo. A Natureza non foi prodiga con ela; máis enxoita que mollada, máis herdade que nabeira precisa do traballo calcado e intelixente para producir pan. Máis que froitas tan finas e fariñentas, que regalía a da herba regada con arte, e os pomares a das facendas.

En comparanza cos arboredos da montaña e coa fartura de viñas da ribeira, aquela terra, figura probe. Co traballo produce máis que elas, e dispón de tódalas colleitas, ata dun viño lixeiro e escumoso que sabe a frescor de pedra de seixo. País elegante na feitura, harmonioso nas formas, equilibrado, razoador a grave na aparencia, máis gardando unha gracia do espírito que as veces se manifesta ceiba nas conversas e nos cantares.

País no que o home é superior á natureza e non deixa dominar por ela. Recórdana seus fillos onde queira que camiñen pois en ningures atoparon unha espiritual gracia que se lle asemelle.

Xa vai sendo horas de nomear ista Lombardia pequena da Galiza: son os Chaos de Amoeiro, a igual distancia da ribeira do Miño e da serra Mariña.

Vida Gallega, 20 de abril do 1930

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A RÚA E O CAMIÑO

Botemos por calquera deses camiños que fan do campo dos caracochos unha raiólante estrela. Vai apalpando nas laxes e departindo eidos de centeo, afóndese en corredoira sombriza e cruzar a terra mol das nabeiras, chouta graciosamente o rego por un pontillón ou polas usadas pedras dos pasales. Cando pasar un lugar figura camiñar adispaciño para ouvir a conversa das casas, das figueiras, dos curros e das pitas, E o seguir camiñando leva un largo treito — deica a revolta, deica a fonte—o espírito daquel lugar.

De súpeto o camiño labrego morre canalizado por piornos, por murádellas, ao calzado piso da estrada. Ista figura correr, para riba, para baixo, asegún as rodeiras cuadriculadas dos autos. Tamén departe agras, milleirais e viñas, mais xa dunha banda á outra os treitos da terra non se consideran como veciñas. Entre as casas das dúas bandas corre como unha fronteira de obras públicas.

Sigue a carreteira recollendo apresa paisaxes e o entrar na cidade faise rúa. Un nome loce na esquina. Hai luces pola. noite e dende as tendas ata as galerías das casas numeradas e arringleiradas asómase moita xente ollando para a rúa. Mais estas casas non fan familia, non falan coas de por fronte, considéranse estrañas, indiferentes. No bosque onde os toxos e xestas do chao deica os mais outos follatos dos árbores, circula un aire de sociedade, de colaboración na vida. Nas casas cada piso vive asegún un ritmo diferente e todos eles compoñen un sistema de terreos sociais estratificados. Os veciños saúdense cerimoniosamente na escaleira. As portas da dereita e da esquerda considéranse con política, con sospeita. Cada habitación vive para si, soilo comunalmente coas outras na relación xurídica co caseiro e co concello. Unhas luces tremidas de velorio apenas espertan curiosidade nos veciños. E os que por casualidade se fan amigos despoixa de vinte anos de veciñanza, míranse igual que no porto os pasaxeiros do mesmo barco indiferentes entre eles todo largo da travesía.

Sabemos que as cidades son a forma superior da sociabilidade humano. Elas son as verdadeiras poboadoras das nacións, súa opinión na política e no estilo da vida pesa moito máis que a das campías, como que dirán o título de cidadán ó home moderno. Máis os veciños non o son da rúa. Sono da corporación, do oficio, do club, das angueiras diferentes. A inda noutro tempo as rúas dos teceláns, dos tendeiros, dos ourives, eran espresión de grandes familias sociais. Hoxe nas cidades os homes xúntanse como viaxeiros nos trens: cada un ca súaa vida paralela a dos mais.

E tráxica, ista xeada mentalidade da rúa e da escaleira. Conforme medran as cidades amingoa o sentido vivo da comunidade social e en lugar de verdadeiras familias hai greas de solitarios dispostas a ser xoguete de calquer suxestión dun instante. O medrar a xente baixa a temperatura do vital senso da sociedade. Con ese sentimento volvemos ó camiño labrego sen ser donos a deixar de pensar si cicais co crecemento urbano vaise xeando o sangue social dos pobos.

A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala. 1 de xuño do 1930
Publicado no libro: Parladoiro (1973)

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A XEOLOXÍA DO CARÁCTER

Os homes din tódolos libros, fixéronse donos da terra coas descubertas xeográficas do século XV rematadas dunha maneira xeneral no XVIII. Unha nova dade planetaria comezaba daquela. Donos da terra, da superficie, da forma horizontal somentes. Faltaba o coñecemento da fondura, na dimensión vidal, das raíces dos arbores, dos montes, dos volcáns, do seno dinámico do tempo creador. E ista foi a descuberta e a gloria da Xeoloxía. Denantes a sinxeleza fría, elemental, retórica, do mineral clasificado, despois a complexidade vidal da roca, que ten historia, pasado e porvir, na que calla un instante do tempo planetario. Contraste semellante a da historia humana aparencia dos feitos de goberno e guerra ca historia do espírito.

Gracias a Xeoloxía un paisaxe é para nós algo máis que un fondo pictórico. Representa un momento do drama cósmico paralelo co diferente medida á drama humano.

Formacións xeolóxicas, formacións psicolóxicas. Erosión das lavas, das olas, das chuvias. Erosión das paixóns. Lacolitos, volcáns fósiles. Fósiles nas almas, antigos amores. Lagos alpinos na paisaxe. Lagos de lembranza Fontelas no chan granítico, cantareiras. Sensibilidade dos rexos caracteres. Meu amigo, tolo co novo método saíu á rúa ben de maña, como un naturalista, para facer calicatas nas almas.

Vellas e criadas, señoras para á misa: O "humus" vexetal do traballo caseiro encobre a roca soterrada, granito ou esquistos. Unha nai que perdera o seu fillo: a chuvia bate nun paisaxe de pizarras duras, un tolo: bosque fusil sobre estrañas e mortas rocas lunares como os estudados pola escola de Davis no Far-West americán. Canta na fiestra, unha muller desgraciada, sacudindo as mantas, unha canción romántica: formaron de guirnaldas carolinas no medio mecánico desespero da mar. Nun vello político esgotado soilo fican tristes" cerros testigos" de antigas orografías desfeitas pola erosión. Referencia típica: os cotos da estepa rul de Madrid. Rapaces para o colexio: augas novas, carrexando pedras, debuxando salgadas futuras no chan glaciar da herdanza. Nun home que fixo unha morte percíbese o trazo da seguinte falla cortando tódolos terreos e circulación das augas do seu espírito. Hai na paisaxe dun comerciante certo enorme bloque errático que as areas do deserto da vida e da ganancia no rañan nin poden encubrir: cicais foi aquela fraudulenta quebra da que se falou.

Paisanos: seixos lucentes afloran nas terras moles polo traballo, vellos penedos cubertos de órcelos, mulleres chan de fondo regueiro, traballando. Usado, sufridor, máis con callaos lindos para xogos de nenos. En toda xeodinámica dos labregos hai sempre improntas de vexetación.

Un señor pasea polo xardín público. Meu amago quere un apurado estudo monográfico. Está canso de xeneralizar. El fala co señor longamente, utilizando unha sonda oceanográfico, o martelo mineralóxica, o altímetro, aprisionado os feitos nos esquemas sintéticos.

Eiquí a lei de Wegener, cicais. Houbo un desprazamento do continente do carácter. Iste señor vendeu súas terras para compracer á familia víndose vivir á cidade. doutro lado da mar está. Os beizos da ferida. A familia: terreo metamórfico desfeito pola vexetación da moda. O señor ten un nó de roca cristalina, de gueiss primixenio: a caste, brazos de pedra indiferente á erosión. Fósiles de paxaros e lobos heráldicos. As serras de caruate non chegaron á altura dos neveiros eternos. Vanse rebaixando día tras día, cun sufrir, raiados polos torrentes, camiño de peneplano. O señor sempre olla angustiosamente polo lonxe procurando cumes. Seu xenio bravo máis impotente figura unha crecida de rio en val maduro e vello, tiranizando polos meandros. Furgando atopase unha gruta estalactita en lucente caliza: foi poeta na mocidade. E un val seco, enxoito , morto polo que non decorre unha bagoa de auga: desgraciadamente unha filla...

USC DE COMPOSTELA

--Pero hom! Díxenlle ó meu amigo" abusas do método: onde deixas a liberdade?

--Tamén os penedos, as rocas os continentes e a mar, procuran a liberdade. Sofren por ela. Chegarán a ela. Os homes tampouco apenas nos ceibamos da paisaxe. Meu método é seguro e fisionómico.

E saiamos polos camiños ollando facianas nos penedos e penedos nas facianas.

Celtiga, 25 de xuño do 1930
Publicado no libro: Prosa miúda (1988)

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A GALICIA NO PLANISFERIO

Unha cousa triste, o planisferio. A esfera de pizarra, de cartón, de madeira, mais ou menos ilustrada, ten unha idea de vida cósmica, parece folgar un instantiño do seu movemento esencial, e apenas se concibe quieta. O planisferio fai xeometría planada xeometría de revoceón. Esfola ó planeta pra cravarlle a pel curada, enmarcada, sen fondura, nin horizonte, sempre á mesma lus, sen unha parede branca, como se pendura un tidoo académico, pel sen vida, oficial, dunha xuventude, dunha etapa de pensamento. No encasillado da proxección de Mercator perdeu os meridianos e os paralelos a súa graciosa curvatura de camiños do sol, de aramios por os equilibrios das noites e dos días. O Ecuador non cingue como arco mestre da cuba de reluceón da Terra, non lle apreta o bandullo para disimular a vellez. E a liña do estante principal da anaquelesía comercial: enriba continentes, abaixo m ares e refugallo de continente. Por algo Mercator é latinaceón de Kauffmann, comerciante. E na súa proxección a vivente tona do mundo ofrécese en liquidación mercantil

No planisferio os océanos son grandes vidros de "aquarium" nos que bogan illas en bandadas como os peixes. As terras deformadas, incómodas, como a xente nun teatro mal feito, rifan unhas coas outras e soilo as beiramares desfrutan dun pouco de liberdade. No planisferio pódese demostrar graficamente calquera cousa, calquer país pódese supoñer ombrigo do mundo: non hai mais que darlle unha cor vistosa e facerlle converxer as grafías de unhas liñas de vapores ou de camiños de ferro. Si nós fóramos ministros da Instrución Pública mandaríamos queimar por decreto tódolos planisferios de Mercator das clases de Xeografía.

A Galiza figura no planisferio un esquinal duro, da Iberia, sendo Galiza todo menos esquina ou ángulo. Nalgúns que levan o debuxo dos ríos e dos montes a costa atlántica dende Ortegal ó sur de Portugal semella o corpo dun home cuxos músculos apenas se sublevan en violencia de serras, agarrotado polos aceiros dos ríos, as mans cruzadas sobre o ventre no saliente de Lisboa, e do Carboeiro, un pé solto acenando co dedo groso do cabo San Vicente e soilo a cabeza - Galiza - ceibe, un pouco estrangulada pola fronteira. Xa vedes que enganosa resulta a proxección dos planisferios.

A nosa terra figura ben pequeniña sen máis vantaxes que, a dos paralelos, os mellores para cultura e a ponderación dos paisaxes, a larga vista sobre o mar, e as boias dos Aguillóns sinalando a entrada do Cantábrico. Mais considerando con simpatía o planisferio sentimos como a Galiza foi insua de gran e pizarra xa forte e ergueita cando se formaron as rexiós veciñas, como a lanza da cordilleira cántabra se torceu ó pegar co escudo - peito, cúpula amparadora, mámoa nutricia - da Galiza, como se deixa amolecer en nupcias eternas co mar e saúda ó lonxe á Irlanda a irmá mais aventureira e idealista no misterio atlántico. Un chafrán verde ven dende o Bidasoa e espállase abranguendo a Galiza e traguendo o rego de clurias da Europa central. Un crecente de ouro de laranxeiros ven dende a Provenza, arrodeando á outa Iberia, e remata o corno sinistro na dozura dos nosos vales. Unha cor cartográfica da lingua - que pecha as significancias todas do espírito - nado na Galiza, florece no ar mariño de Portugal e na outra banda levado polos camiños das naos envolve a maior parte do Ecuador e dun trópico americán, boga no maior río do mundo, pon no enorme e xerminal Brasil unha arela de futuridade. A Galiza que apenas foi Estado chega a ter un imperio espiritoal maior e mais vivente que os imperios políticos.

Máis non sigamos ollando pro planisferio estático e morto como o sentido político dun ministro dos partidos turnantes. Hai que sentir a Galiza na esfera viaxeira entre raios de lus de estrelas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Celtiga, 10 de setembro do 1930. Publicado no libro: Prosa miúda (1988)

FONTELAS RUMOROSAS

Si foramos capaces nun forte pulo de imaxinación a un tempo ardente de faguer calar, soilo un instante, as mil voces do traballo e da esperanza, da angueira e do cantar, do vento e do océano, percibiriamos como o corpo material–granito e pizarra e torrón nutricio das colleitas, verdecente fatelo de sonoros bosques e de eidos graves de froitos—da nosa Galicia, se animaba cun maino e polifónico descenso, sosegado cuasque silandeiro baixo o sol trúnfante de luceiros, e no espreguizar das néboas da alborada. O coro das fontelas da terra. Das fontelas ceibes, saudosas e xogantinas, da Galicia.

Non hai nela auga serva. Si algunha vez os bornes figuraron escravos, polo menos a auga foi sempre franca e leda. Nos chaos enxoitos, cocidos polo bafo do ceo ou pola xeada quéimante, a auga arreconchégase avergoñada no fundo das impasibles capas xeolóxicas, e soilo sae levada por artiluxios mecánicos para cumprir tristeira e calada nunha obriga de traballo. Prisioneira en estanques, ordenada en canles, arrincada polos pozos artesianos, rega e fecunda sen cantar, ca alma lonxana, privaba da alegría do claro xurdir, da ditosa morte amolecendo o niño da semente, e da rubricación do seu ser en vaporosas néboas imaxe do espírito inmorredoiro. A poesía da auga nas terras árabes e mudéxares respira sempre un pouco da artificiosidade e do medo do oasis ameazado polo deserto, e os xuramentos de amor feitos o carón das fontelas tínxense con non sei que cor de posibre traxedia latexante no roxo solpor. As montañas se non sensibilizan ca emoción das fontes, e cacarañadas de antigas feridas, castigadas pola lus, ollan indiferentes ou presiden cegas o verdecer utilitario dos chaos de augas o xornal.

Fontelas galegas, quen puidera abranguervos no vosa infinda diversidade agarimosa? Agora as campás badalean as vésperas do outono, e elas rebulden gozosas por estoupar e encher os horizontes cas palabras da esperanza.

Primeiro que outras a fontela da serra. Alí pode coller amantiña no seu seo a vibración de estrelas non albiscadas abaixo. Saben dela os paxaros migradoiros. os pastores e o lobo, melancólico cumpridor dun destino cruel. Voz e ollos, conciencia e memoria das penedías musgadas, fai á soidade compaña e ri con risa de moza carpazona o tocar da fera galopada dos aires. Como man de doncela acariña os esgrevios penedos, pouquiño a pouco con finura de artista vailles dando forma expresiva, amolece a dureza planetaria do ermo, e chama e dirixe a procesión litúrxica das abedoiras mantidas de escumas e de ventos. Filia da neve ten dela a fonda pureza estelar e o casto amor dos bicos da primaveira. Pouquiña cousa figura, mais na súa humildosa sabe criar os ríos mozos camiñantes dende nados paro mar cunha cantiga roteira e a farra prometida do folgo dos vales e do noivado das badías.

A fontela dos monxes sabe cultivar o silencio como fontela dos pazos adeprendeu o símbolo renovado das xeracións. No horto pechado as follas muchas escreben páxinas místicas e ditado dos alciprestes, e nos claustros dirixen coma mestres de cerimonias a etiqueta visual da ronda das arcadas. Mais non coidedes que a letra se sobrepoña o espírito. A misticidade da auga ven dereitamente da montaña e por iso unha paz mañanceira da serra—agarda sinxela do misterio – enche as teoloxías dos mosteiros galegos. no xardín do pazo a auga, como pel dun animal de marabilla, e chora illada cando as donas foxen e as roseiras desfilláronse amouchadas, cando o outono acende lumes vexetais no souto e no mar.

Xurde a vida, non pensada, sempre nova e con todo tradicional, en cada agrugullar das fontes labregas. As pechadas en arcas de pedra dominica no cruce dos camiños, onde as vacas, e os becerros e ou bois veñen a beber un a un, tranquilos e poderosos, regostando cos ollos e co bico o infindo verdecer das campías. As nadas nas encostas do sábrego deseguida

USC DE COMPOSTELA

extasiadas en pequenos lagos nos que afondan ledas as raíces das nogueiras petrucias. As cinguidas de pedras usadas polo bater valente da roupa manexada por brancos brazos de muller, regresados nos tremesos circos de auga como froitos en sazón, tentadores. As que fan unha coviña no peito sombrizo dos lameiros e solio se sinalan polo baril medran dos xuncos e das rabazas borrachas de auga, e polo voar dimensional dos cabaliños do demo escura voadora de tódolos cores do lameiro. As que figuran ollos do fondo terrón das nabeiras, sempre fresqueiras da noite xeolóxica cuxa auga maquia co bimbastro a forza do labrego para que se bañe do sol e fuxa como unha cobra a morrer de gozo fecundador nos sucos do millo. As gardadas nos vellos muros, dormentes na sombra e habitadas por unha troita fría, de ollo listo, posta polos paisanos pra comeré os bichiños danosos á saúde. Outras, de pinga fresca que deseguida mata un pouco da sede enorme do mar comesto de sal. E as augas infindas fonteliñas que de outono e primaveira debuxan nas laxes un pequeno suco de vida, pequeno e sazoneiro mais na súa levidade tan forte que o verán non pode destruílo.

Fontelas da Galiza, as sonadas, as cinguidas pola lenda das fadas, polo amor ou pola morte, e as que sen nome e sen historia, cantigas ledas da vosa liberdade, eu quixera celebrar a vosa festa bebendo unha pinga de cada unha no vaso de buxo do pelengrino para me fartar co frescor do voso libre labio galego.

El Pueblo Gallego, 16 setembro do 1930
Publicado no libro: Prosa miúda (1988)

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CRONICA DE ALDEA

Se houbera un xornal Que puidese recoller tódalas pequenas e fondas vibracións de vivir aldeán, tecido de feitos miúdos, de exaltacións e de desesperos, de rutinas e esperanzas, en col dun fondo misterioso e sempre presente de escuros destinos cósmicos, o número correspondente o día de hoxe, derradeiros do Agosto, gran calor de forxa, estoupares de festa e agarda anciosa de colleita granadas, traguería pouco mais ou menos as seguintes novas.

Onte a tronada andivo rosmando pola banda do Leste. As grosas torres soilo deixaron caer por eiquí unhas pingádelas raras, mais xa no castro a pedra acantaróu as parreiras. Todalas noites brillan ó lonxe as liviáns constelacións dos folios, algún tan arredado que apenas figura unha pequena vibración no concerto da campía pola noite mailos milleirais teñen boa cara. Algúns aínda din que todo se volverá roupa e que a espiga terá poucas carreiras de gra contado, quen vexa as nabeiras ateigadas e a gracia dos penedos, e o verdecer forte das canas e das herdades outros anos enxoitas e queimadas, valentes millos

dereitos e pechos e nos barbeitos da centeeiras a forza con que medran as revoltisas, non será participante dos pesimismos de algúns patróns demasiado doutores na súa empresa

e prometérase unha leda e abondosa recolleita na lúa nova do Setembro. Tampouco renden mal as patacas e da herba hai pra manter outro tanto gando. Soilo están tristes as eiras pola pouca fachenda das medas cativas, polo pan comeuno a demasiada invernia sen deixar moito para que o debullen as nosas dentamías. Tamén e un mal a pouca valía dos marrexos. Hai veciño que lle arde a cabeza cas leitadas na corte, canso de pasear feiras.

A xente ten agora tres días de festa, entra de Sta Cruz, na baril carballeira do S. Vitorio e a do S. Xulián de Abruciñas. Como tódolos anos algúns viran dando zoupadas polos malos camiños, alumeados por un chisco de luar, e menos mal que apesares do calor (hoxe quedada no poente un grande cruceiro de bao quente) non apretan as angueiras da vega, e pódese durmir deica o tardeiro con tal que as mulleres teñan ansia para gobernare a facendiña.

Eiquí no hai novas políticas. Non, a parroquia coma ter ten boa paciencia. Endexamais agás da escola, recibiu un beneficio do Estado, da Provincia nin do Concello que soilo serven para lamber os cartiños dos probes. Fai anos prometéronnos a carreteira que nos poría a par doutros pobos e que temos millor merecida que ninguén. Enganáronnos, e seguiremos dándolle os votos ó cacique que nin pensa en nos. Por mais que cicais, cicais,

non se saian as cousas coma denantes pois xa e moi abrindo os ollos. Boa falla nos fai.

Algunhas donas foron os baños. Elas ben quixeran camiñar para A Coruña que alí a mar e mais batida, mais van para Vigo as mais de elas. Aló moito se divirten. Non perden festa nas rúas e pola noite están engaioladas na fermosura de tintísima lus, do mar e da terra, que aquilo é un paraíso.

Cartas de América? Hai poucas, e si as hai pouco se conta delas pola xente non é tan franca nas súas cousas coma era noutro tempo. Xa o dicía a outra noitiña un vello a porta da casa, baixo do parralciño do caíño: tódolos que de aquí' están fora poderían formar un pobo. Que teñan saúde e se non esquezan da parroquia nativa que mediante o traballiño labrego da de todo e desfrute dunhas vistas e dos ariños que le dan envexa as de arredor.

Din que pola ribeira andan os tifo. Polo de agora eiquí non temos queixa, e figura que os rapaces farreantes das festas van esquecendo aquel negocio dos panes, que area por entras freguesías veciñas. Total, que a vida, se vai pasando un regular.

Máis quen sería capaz de recoller un pouco da vibración interior que ven de lonxe e lonxe vai da ialma do pobo? Isa é angueira de poeta. As boas noites e Deus no libre dun pedrazo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vida Gallega, 30 de setembro do 1930. Publicado no libro: Prosa miúda (1988)

FOLLAS GALEGAS DO MAPA DO INSTITUTO GEOGRÁFICO

Non é preciso encarecer a importancia e necesidade de unha boa cartografía, para a Galiza, sen ela non pode haber unha certeira interpretación xeografica ficando calquera que se faga nos marcos da paisaxe sempre suxeita a maneira persoal de cada temperamento, privada da obxectividade e certidumbre que soilo pode dar o mapa moderno. Todas as terras da cultura dispoñen de o instrumento cartográfico e por iso, nelas os variados feitos que admiten un estilo xeográfico poden ser estudados, e sintetizados de maneira científica e froitosa.

Unha obra individual, formidable polo empeño e a perfección foi e aínda sigue sendo a guía dos interesados na Galiza por estas cousas. Non hai que dicir cal: a carta a de Fontán en conxunto é acosada ca de López Ferreiro na historia, as aportacións galegas máis ilustres á cultura que nos deixou o século XIX. Máis Fontán publicou a súa carta no ano 1846. E de aquela teñen mudado moito as cousas e os métodos da ciencia.

U traballo de tanta monta non pode ser esforzo de un home nin sequera de un grupo de homes.

Precisa ser sosteñida por unha organizacións estatal.

A española fundou no ano 1868 o Instituto Geografico e Estatístico que baixo a inspiración do ilustre xeodesta Ibañez de Ibero, trazou o plan do ma a topográfico da Hespaña a escala 1:50.000, e seguindo o sistema das curvas de nivel. A maior parte de España xa está publicada, Das correspondentes a Galicia teñen só saído tres follas: Betanzos, San Salvador de Serantes e Cruña. As dúas derradeiras fai moi poucos dias. Somentes trataremos de elas por ser xa coñecida ade Betanzos.

Éntramas por seren de costa e dada a sistemática da Carta conteñen no seu cadro (dez minutos de latitude por vinte de lonxitude) pequena extensión de terra.

A de San Salvador de Serantes abrangue o segmento da costa dende a Ermida de nosa señora da Estrela ao Sul do monte de San Xorxe, co grande saliente do cabo Prioiro e o menos destacado monte de San Xorxe entramos enlazados polo seo da praia de este derradeiro nome. A terra ondeada, sen fortes valores que en ningures chegan aos 300 m. Améstrase inzada de cultivos labregos nos términos de San Vicente de Meirás, Santa María a Maior do Val, Santa Uxía de Mandiá, San Pedro de Marmarcón, San Salvador de Serantes, Santa Cecilia e San Mateu de Trasancos e San Martiño de Cobas, parroquias cinguidas pola carreteira de Ferrol a Valdoviño, e pola do cabo Prioiro. Os releves dos montes da Vela, da lagoa, e Sabugueiro baixan en costas arboradas ao bravo litoral entre Portonovo ea ponte Castelo, apenas amolecido pola pequena praia do Campelo, namentres as terras labregas de Cobas, descenden docemente deica as praias de Ponzas e Santa Comba. O magote contañoso (171 m.) do Prioiro, illado, sáente, co seu contorno contrasta co seo de San Xorxe onde se mira un feito frecuente na costa galega: a lagoa pechada polo desenrolamento da praia. Eiquí un Domiños en pequena escala. As abas do monte Pedroso (287 m.) e campañas (297 m.) aparecen vestidos de monte baixo e labramios que seguen deica a monte e San Xorxe menos destacado da costa e traballado pola erosión mariña que illou as illas Gabeiras e Herbosa.

Fermosura a folla da Cruña ofrece case integramente as cinco rías de seo brigantino, agás da porción máis interna das do Ferrol. Ares, e Betanzos. Apreciase ao primeiro ollar a mesta poboación e o marabilloso traballo humano que cobre os arrabaldos do Ferrol, a península de Mugardos, a costa de Boebre, a península que podemos […seis verbas ilexibles..] da Cruña, o erguemento das alturas de Santa María de Brión sobre a Graña, de San Pedro de Visma sobre o Orzan. O debuxo dio litoral mostra a súa variedade de feitos naturais e humanos que fai do Golfo das Mariñas unha das rexións máis interesantes da Galiza. Seguintos onde manda a

USC DE COMPOSTELA

acumulación como o areal de Domiños, a embocadura do río Raxoi, a ría do Burgo alternan con anacos de altiva erosiona destrutora como o cabo Prioriño, a costa da Marcela, a torre de Hércules. A escalada carta consiste o plano de poboacións como Ares, Sada, Mugardos, Fontán; non hai que dicir como todas as rúas da Cruña e do Ferrol míranse con claridade,

Estas follas son merecentes de un bo comentario xeogáafico que se Deus axuda, teimaremos outro día, deixando agora sinalada a súa publicación para ledicia dos estudosos amantes de Galicia.

El Pueblo Gallego, 11 de maio do 1933

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LEMBRANZA DA INVERNÍA

No inverno a serra canta, vive, atolada e criadora, con diferente tema en cada feitura e aparencia do seu unánime ser poderoso.

As serra de Leste da Galiza son as primeiras na exaltación cando aínda os ouros do outono esmorecen paisaxes fantasmais nas beiras da mar e nos vales algueirantes de vendimas. Son vizarreñas, cámbricas, sufrintes de un anceio máis forte que outras. As follas de roca, griseiras apreixadas en feixes ruben en dentes, afíanse en pincaros, salaian co decorrer das augas que como fíos de aceiro vanlles rachando a entraña e debuxando as fendelas dos vales estreitos e as chairas amordicadas por as toxeiras, as abas duras, onde chouta a egua en escolantes cachoeiras ou baixa silandeira e fatal.

Graves, relixiosos cangados de cósmicos destinos os Picos dos Ancares cinguidos por a paixón do vento, da neve, da xeada, érguense encol dos horizontes. Prometeus loitadores, sempre sufridores e vixiantes. Mírannos os homes dende os chans labregos como puros esquemas de un vivir metafísicos e moitos ollos gastados no probe vivir urbano afástanse da severa lección dos Picos como de un chamamento dooroso da conciencia. A vibración das rocas en loita anceiosa de individualidade, ergue fiadas de serras unhas cegas, cativas, sufrintes ao sentirse afogadas na sinxeleza primitiva, fracasado seu ensoño de heroico destino, feridas por as punxentes cicatrices dos camiños e outras afitadas ao triunfo da individualidade botan somas desprezativas encol das terras onde balborda o traballo dos homes titánicos dentes. E todas obedientes ao pulo do vento oroxénico deitan en ondas de roca contra o peito da Terra Cha como as foulas mariñas no esdenar feminino da praia. Ben sabe o Sil trobeiro a tráxica angustia das serras aurentes de Galiza.

Dende a Corba vaporoso escenario das galopadas dos potrancos bravos vai correndo o esperguicimento invernizo.

Por o Corno do Boi e a serra da Loba, altares cósmicos presidindo a grande asemblea das chairas altas, estesas, de longos camiños e ceos brancos cono o peito dos pombos. Por o Faro a xoroba de un Adamastor domeado, vella sombra, paseando amodiño a terra de Chantada inzada de antergas carballeiras, a terra de Rodeiro onde os castros melancólicos vixían a nacenza dos regueiros.

Por a Martiñá, meda de pedra, meda de azul, que por riba dos chaos mestos de eirexas saúda as orellas maliciosas do coto de Noelle, gato dos montes que esculca as ideas e voltas das sazóns por os fóndeas de entramos ribeiros.

Por a Madanela can de palleiro deitado ao sol, indiferente as picadelas dos piñeirais enxames de pulgas do monte rubíndolle as costas.

A todo o correr da Beiramar dende os dentes da Capelada ao derradeiro salaio do Miño nos areais que ruben a baixan en curvas de lúa ca marea, os cons e fachos, os promontorios e as puntas van respondendo como os Faros que se acenden ao medrar a noite á chamada baril do grave inverno.

Deita no Touriñan a onda un berro de naufraxio.

Afirma o Fisterra mans de pedra para apañar o maxinado temón dos destinos.

Gurgullan en Corrubedo as escumas estralando abrulas de vento e facendo o lobo para asustar as nosos portos pescantíns.

O Facho de Santa Tegra conxunta o infindo fuxir das ondas da mar co longo morrer silandeiro do río e cinguindo por o desgarro de entrañas paixóns afirma na roca gris galega un erguemento de humana vontade.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Arestora ensaia o cuco a súa frauta nun máxico recanto ignorado, a Pastoral apreixa os temas campesíos, máis aínda na serra manda a Heroica do inverno

Heraldo de Galicia, 9 de abril do 1934

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A PARROQUIA DOS HERMOS

Os fillos da parroquia cando volven a ela despois de moito camiñar senten unha emoción relixiosa. Non o din. Daríalles vergoña dicilo. Moitos son socialistas. Outros – ou os mesmos – teñen lido as derradeiras dexeneracións de Allen Kardec. Máis coñecéselles nos ollos a na fala e no ar en certa maneira estático de andar os primeiros días, visitando os eidos.

Cada terra de Galiza ten seu nome especial na beleza do chan e da vida, e seu acento. Unha infinda matización dos temas inspiradores do seu conxunto e podente da Nosa Terra. Máis, quen podería escudriñalos? Son intuicións, lembranzas, arelanzas, desacougos e alegrías que se non catalogar. A ciencia tense de contentare con esquemas xenerais e o noso sentimento patrio tamén. "A Galiza verdecente, labrega e mariñeira, deveñir das xeracións presentes na lembranza e o traballo esperanzado e xubiloso de cada hora. Co calado ceibar da fantasía" Istas e outras expresións máis ou menos abranguedoras son certas, máis a alma de cada rexión no sentido máis da historia que da xeografía, o feitizo de cada unha, ise engádego que esprica, define e afirma a amor do home polo seu fogar, só o pode vivir artisticamente na cantiga ou na lírica e na novela. Pois non hai de se contentare co sentimento do berce. Eurderese sempre en motivación pois todo amor demanda en silencio unha xustificanza, Nalgunhas estrofas de Lois Amado Carballo latexa o feitizo de Terra de Montes como orballo na tea da araña nas toxeiras outonizas. É o amor étnico bergantiñán no canto pondaliano. Poucas son as terras privilexiadas de iste xeito. O máis da Galiza fica no escuro lembrando certos horizontes na soma decorrente das nubes só eiquí e acolá – unha ermida, un lombo de serra – alumeados por unha benzón de sol.

Por riba de todo outro amor, escuro e podente por máis dos homes e engádego de ista parroquia que hoxe lembramos, repousa no se carácter relixioso, cristián, as veces con certos ventos, con certos badelares, ascético.

Ruben a ela os camiños como caxatas de romeiro para domear as crestas. Conforme se rube figura meirande o ceo, máis largasío o viaxar das nubes, as ribeiras cativas, afondadas na soma. Fica nelas a dozura de vivir! Os camiños de adega en adega, de porta en porta, parolando. O día peneirado, verde e ouro, polas parreiras, as casiñas xeitosas, o pan fresco, a tenda e a estrada, a fala ricaz, mimosa, merado acio nos beizos das rapazas. Enriba, chegando ao remate da costa, metese no peito un ar de pedra e lonxanía. Vagos horizontes de serras e chairas ondeadas, galgados polo vento. Coñecese de lonxes a parroquia por seus grandes outeiros. Está toda inzada, como os ouricelos, na pedra. Apenas as agras de pan esmaltan o vagantío dos ermos. Algúns fatos de castiñeiros. Casoupas baixas, eiras pobres, pedras novas no adral, un rego xunguindo no se silandeiro decorrer nos fondais de lameiros de severo verdecer. A fala brava, o pan esgrevio, só as augas, e o vento, e as cañotas, valentes. Terra fría, pobre, penedosa. Máis dona de un feitizo que outras non desfrutan. Misas madrugadeiras na cativa eirexa agromada nas penedías, badeladas voando e estrondo de somas da saú o ermo, barudos cantos de seitura, xogos das invernías nas charcas e nas laxes, xaneiro apreixado pé das carballas heroicas, fiar étnico das mazarocas, riolas de soma enloitadas recollendo os responsorios, esgrevia festa con gaita antiga e graves sebes de vellos cinguindo o beilado litúrxico dos da mocidá. Todas as formas de vida e lembranzas, castas e relixiosas como si o símbolo da parroquia fora o rexo outeiro rachado pola centella que respectou a cruz de pau.

Os que volven de outros mundos fican silenciosos e graves sentindo no labio da pedra, o pasar do vento, a presenza de algo eterno e sublime. Sen darlle nome as pobres conciencias lixadas senten a presencia de Deus.

Logos, xullo do 1934

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

AO CORRER DOS HORIZONTES

Na viaxe e na lembranza as montañas galegas xorden eiquí e acolá, as veces cruzadas polo noso camiñar, duras e rexas ou liviáns e fuxidas nos horizontes, O camiño e a lembranza son vieiros irmáns ca delicia de cumprire un degoirare.

Todas teñen o seu nome, admirativo e exaltador da ergueita calidade ou da soberanía das paisaxes, respectuosa como nomeando un "tabú" tamén irónica e familiar. Silvaescura, Montouto, Pedras Apañadas, Faros e Fachos, tantas, nomeamentos de familias ou exames de xerarquía xeolóxica, ou de senlleiras individualidades en que pasean amodiño a soma por riba das veigas labregas.

A xeografía dos montes como todas as xeografías, non chega a dispoñer de nomenclatura científica semellante as que son linguaxe noutras ciencias. Eiquí as inxustas transposicións dos nomes nas cartas. Os xeógrafos galegos non teñen cavilado neste problema e fica o conxunto do noso elocuente releve, abranguido nos termos xenerais de "macizo galaico-duriense", " pirineos galegos", e outros de semellante vaguidade.

Advírtanse polo mundo adiante formulas de grande e suxestiva beleza para expresar as dinastías de montañas. Unhas veces gardan a sonoridade dun fermoso nome antigo: "Tauridas" "Dinaridas". Outras inspíranse na xenealoxía planetaria: "Herequianas" "Krasticas". Na Galiza no se ten traballado nesta laboura. Ao correr de auto xorden as zoas e as testas de serras coñecidas e tras delas adiviñamos es quietas galopadas de outras. Porqué non encher as horas entre Ponte Sampaio e a Ponte Sigüeiro bautizando as familias de montes?

Onte miramos por riba dos vales afondados, presidindo os estesos chaos montesíos as cúpulas senlleiras no azul. Da Meda e de Manzaneda, Chámanse "Cabreras" máis non é este nome doado para xeneralizarse. Toda a grande asemblea de cumes do Suroeste podíase chamar "As Medidas", de media, nome patrucio de pobo evocador de tantas cousas galegas. Pizarreñas e graníticas, arredondeadas e dominadoras de terras de rodopío, contratan co eles outras serras alongadas en vontade de loita, serras en conxunto cámbricas. Elas devalan na Galicia do Norte e en ondas de roca, e da máis podente e nivosa, os Ancares, podería saír o tidoo de unha familias: "Ancáridas".

Polo chamamento dos contrastes nos que miramos no sol da serán con piñeiras un agromar de torres composteláns, pensamos no desamparo da Terra Chá preguizosa de augas e historia e nas orlas de serras que no Norte, de ela e deica as Mariñas, arqueiteiturizan a Galiza cantábrica e gardan as esteiras mariñáns. Tan envitas teñen diferentes nomes, os labregos da Terra Chá chámanas en conxunto: A Corda. Ímoslle chamar "Cordidas", dende o Castromil e o Xalo do Cordal de Neda. Vagas hai de abondo para xustificar esta nosa temeridade de viaxeiro. Como para compoñer este belido nome "Fárido-Arionidas" digno de competir con outros da Eurasia, para toda alonga viola de serras que veñen apartando o Miño alto e central dos vales occidentais, rendendo trabuco de honra aos senlleiros: Faro de Chantada e de Arián, cas súas descenduras que por a Terra de Montes e outras partes, chegan a se mollar no salseiro Atlántico nas penínsulas terminais.

Máis por algún tempo, ao cruzar os millos do Salnés, subindo a contrapelo as veigas do Sar, axexan os cotos da Barbanza. Teñen con eles suficiente ar de chan de montes de todo ese peito da Galiza arcado en Iistersas, espacado en resios do tipo bergantiñán ou de Xallas. Chamémoslles "Curotidas" do feituco monte Barbanza, e xa temos cumprido nosa tarefa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

"Medidas", "Ancáridas","Carbidas","Fárido-Arionidas", "Curotidas", cinco categorías para os montes da nosa Terra. Cicais algún novo xeógrafo pense arestora no estudio axeitado para lles dar dignidade no linguaxe e interpretación científica. Que boa falla temos de esta penosa angueira.

El Pueblo Gallego, 18 de agosto do 1934

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LA RONDA DE LAS HORAS

Aun no se sabe por dónde viene el día cuando el señor Payo sale al camino. Aun tiemblan en el cielo los grandes luceros, aun corre el agua de la fuente con el mismo rumor puro de la noche. Pero el viejo patrón sabe que llega el día. Se lo han dicho los gallos con su optimista cantar, la fresca brisa nacida en el nido del alba, y la propia sangre labradora cuyo fluir se acompasa a los ciclos callados de las tierras que esperan arado, labra o sementera. Quiere el viejo sorprender al día, su antiguo compañero de trabajos y de obras, en la clara inocencia de la alborada y la respira por todos los poros de su cuerpo valiente y sufrido como un goce sutil y merecido que compensa de tantos soles crueles de rozas y tantas horas de estibada bajo la lluvia. Además, cada día trae su nuevo afán y el labrador alienta aun inconscientemente en la suprema sabiduría de la obediencia al espíritu del Evangelio.

Ya el ganado rumia en la cuadra el heno oloroso y fresco de la mañana. El viejo marcha con el carro hacia el monte y la heredad. Su nieta le acompaña, fina, delicada y fuerte como los centenos de largas ondulaciones. El viejo y la niña sienten como los pájaros la belleza y la llamada de las rosas prendidas por el naciente en las montañas, y miden el día por el crecer y el menguar de las sombras.

Desde que el primer sol resbala en los altos peñascos y juega en las altas hojas hasta que se afirma en la cúspide del cielo, el viejo derriba metódicamente los espesos tojos de flores de oro virgen. Ya tiene haces bastantes para cargar. De vez en cuando se alza, mira al sol, habla a las vacas, quizá dialoga con la misma tierra que cuida desde niño. De pronto, y no por esperada menos sorprendente y grata, corre por el mundo la hora circular y reposada del mediodía. La cantan torres tan lejanas que su toque es apenas débil vibración como de alas sutiles de insectos, y otras torres próximas de grave son resonante en el profundo seno de las robledas, en la paz luminosa de los campos, en el alma antigua del labrador que vuelve con el carro pesado y sonoro a la casa donde esperan el pan color de verano, el consuelo del caldo, tal vez el "compango" y el vino animador.

Come—a la hora maligna y vacía del vermouth de las ciudades—reposada y santamente partiendo el pan con amor y reposo. Saboreando a cada bocado y a cada trago las reparadoras esencias de la campiña criadora. No ha olvidado a sus vacas y guarda para la niña el mimo del mejor trozo y el sorbo más fresco de la calabaza. Descansa un rato, pero sus ojos interrogan al cielo como los marineros al mar. Es la semana de sembrar el maíz. Aguarda, desgranado y escogido, por el seno germinador de la tierra obscura y preparada como un dulce lecho. La tarde sirve, se han esfumado las brillantes nubes de la tormenta. Y allá va el señor Payo a la nabeira agrandada a la hora de las nacientes sombras de la tarde.

La extensión de las searas aparece poblada de hombres y de yuntas. Lentamente los arados van rasgando el regazo nutricio de la tierra y manos experimentadas guían la mancera y dejan caer la simiente con un bajo rumor de rezo, en un silencio lleno de esperanzas que las voces rompen gravemente. Crecen las sombras y crecen los surcos sembrados. Al nacer la noche en los hondos valles y volar como bandada de palomas las campanadas del Ángelus regresa el anciano cansado y satisfecho, poderoso de calladas energías. Lo saben la madreselva de legendario perfume, la noche con su caricia piadosa y el profundo descanso de la casa envuelta por la tiniebla campesina, como un roble secular poblado de nidos y de verdecidas esperanzas.

Luis Peñanofre

Misión, 1de maio do 1937
Finisterre, febreiro de 1944
Publicado no libro: artigos de posguerra 2002

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LA LECCIÓN DEL PAISAJE

La escuela rural abre sus puertas al campo de solemnes castaños, contempla el valle tendido y suave esmaltado por delicadas labores agrícolas, la envuelve el grave rumor de los pinares, la penetra el hálito salino y el eco de la inquietud de las ondas… En cualquier caso, aun incrustada en el centro del caserío, la escuela es centro del paisaje, de un horizonte que amplio reducido, montañoso o ribereño, ostenta en varios tiempos y matices los temas eternos y esenciales de la primera y única lección de Geografía.

La que no se aprende en las monótonas clasificaciones de los libros y en su definir abstracto y muerto que solo tiene la virtud de equivocarse constantemente ante la realidad y de esterilizar todo afición y entusiasmo en el espíritu curioso y pronto a la emoción, de los niños.

Frente a él, alrededor del niño que cuida de las vacas o ayuda a trasportar las redes marineras y llega a la escuela con el alma llena de luz y de nubes, de pájaros y frondas, do sones, colores y vibración de la vida, dicen los horizontes su lección que el maestro toca guiar, canalizar, interpretar, desarrollando un sentido inicial de crítica, el horizonte de las comparaciones, la percepción del tiempo, el valor de la naturaleza y el valor a un tiempo grandioso y fugitivo de las obras de los hombres.

Lomos de montes determina el paisaje. Rayados por las aguas lucen por mar de valles sencillos que llamándose unos a otros concurren al valle central del paisaje. Las pequeñas fuentes que vemos nacer en el seno umbroso de las hondonadas, a veces en las fallas del granito, realizan una labor profunda y contante, como las infinitas plantas, desde los musgos y los líquenes delicadamente sensibles a la humedad que revisten los peñascos hasta los cerrados tojales y las retamas de sutil florecer de los montes. Todas estas y otras fuerzas mecánicas o vitales tienden en la lucha infinitamente matizada a romper las rocas, destruir y nivelar los alzamientos del terreno que se oponen en variada capacidad de resistencia. Las raíces nudosas de los robles han quebrado y desmoronado la piedra blanda y fisurada por las aguas del corte del monte sobre el camino nuevo. En cambio, aun en medio de los cultivos, persisten lomos grisáceos de piedra de la lluvia y el trabajo no han logrado morder.

Una delicada y fuerte vida reviste cada forma del paisaje: los llanos húmedos y próvidos, las cuestas soleadas, los espaciosos arenosos, hasta los montes desiertos roídos por el diente devastador de los rebaños. Cada planta gusta de un determinado lugar. Se lo señalan su propia condición vital, el sol, la humedad, las mutuas simpatías y antipatías de los vegetales. Pero también el prado, el bosque, la gándara, tienen amistades entre las tribus que corren, vuelan excavan, cantan y muerden. Todo está relacionado y se corresponde en el paisaje: los hermosos lagartos aman como las digitales de purpura de los lugares cálidos y arenosos, grandes pájaros gustan de la fresca sombra silenciosa de las robledas y los insectos de vibrantes alas que tanto interesan a los niños prefieren los prados verdes unos, y otros de pálido y terroso color los lugares peñascosos donde quema el sol. Y su canto chirria en las largas siestas del verano.

Sentido del dinamismo natural, pero, sobre todo, esta delgada película de cosechas que el hombre mantiene con esforzado trabajo diario sobre los valles y las cuestas. Eso es la historia. Alguien rompió hace muchos siglos la espesura del bosque, e inicio los primeros viñedos. El camino y la casa nacieron para centrar y relacionar. Si el maestro logra trasmitir a los niños un poco de historia y razón del camino, y les despierta el habito de reflexionar rápidamente, con espontaneo pensar, sobre las razones por que el pueblo está en donde está, y las aguas corren en tal dirección y no en otra, y las iglesias se saludan unas a otras presidiendo sus parroquias, y si logra hacerlos sentir los cambios lentos del paisaje solo en apariencia inmóvil,

USC COMPOSTELA

habrá contribuido no a formar pedantescamente un intelectual desglosado, sino un hombre de sentidos despiertos y silenciadores.

Pero eso lo saben los campesinos en su cultura sin libros, y la función de la cultura de la escuela es completarla y exaltarla, nunca olvidarla ni ponerla en ridículo y suplirla con la vacua superioridad de los desarraigados. En la lección del paisaje palpitan la historia y la geografía, la dignidad de la vida y de la obra, y en todo y por todo y por encima de todo la huella amante de la mano paterna de Dios.

Luis Peñanofre
Misión, 15 de maio do 1937

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LA VISIÓN DE LAS PARROQUIAS GALLEGAS

Contemplamos un paisaje tendido en llanos ondulados, aprisionado en el seno amoroso de un valle o cayendo al mar con suavidades de playas, con dureza de acantilados. Nos detenemos un momento en el cruce de hondos caminos, cerrada para nosotros por las altas tapias la perspectiva del horizonte. Nos perdemos en la confusa soledad de un bosque de abedules lucenses, de valientes robledas del país de Deza, de pinos largamente sonoros de la costa. En ningún momento, sea el paisaje animado por pueblos y labranzas o duro, montañés y recóndito, perdemos el contacto con las gentes. El camino, aun abandonado, los muros y sus portillos mil veces levantados, los humos de las doce, de la, los vagos ecos de los carros lejanos, pasan cruzando la soledad como vuelos de aves por las calmas sombras del estío. Por todas partes el trabajo y su huella, nunca ruina y abandono, siempre esperanza de fecunda continuidad. Pero también nos acompaña en todo momento y lugar otra sensación de mayor hondura, la actualidad y la presencia de la parroquia. Si no la sabemos exactamente la sospechamos, y pronto la respuesta del primer viandante, la agrupación de los lugares, la voz de las campanas nos dirán su nombre.

Y el nombre de la parroquia de estirpe de la baja latinidad, de raíz más antigua y profunda, de significación topográfica, de recuerdo de un lejano fundador, trae consigo infinidad de evocaciones. Las hay ilustres y notorias, orgullosas de la belleza y nombradía de sus templos, del rutilar de sus campos de fiestas y de ferias, de la prosapia de sus pazos. De la celebridad de sus productos, de la excelente posición que llama a los caminos a confluir y alimentar centros de nueva vida. Aquella notoria por la devoción de su fiesta. Las bombas reales van explicando su gloria al retumbar sordamente en las concavidades de los montes. Los caminos se apresuran trepando las cuestas para llegar más pronto a la ermita o al atrio de sosegada paz de la iglesia. De esta otra no se puede discutirse la bondad de sus vinos mimosamente criados en terrenos de fresca roca bien expuestos al sol de la mañana. Castas enteras de arrieros envejecieron trasportándolos a lomo de mulas hacia las ciudades por los senderos ásperos de la sierra. Hoy viene a buscarlos camionetas y negociantes muy lejanos. La de más allá, que apenas decora el horizonte con verdear de esperanzas y vagos manchones de tierras de labor, es conocida por la bondad de sus centenos. En esta, de tantas casas nuevas, los vecinos no son amigos de doblar el cuerpo en los largos trabajos agrícolas y prefieren arredrar los predios a labradores de la montaña. Pero en cambio jamás de comprar o vender, No les desalienta la circunstancia adversa miles detiene la distancia. Se les encuentra en todos los rincones donde haya una remota posibilidad de jamancia. Esta, cuyas casas en grupos dispersados cría la curva de la bahía, produce los mejores hombres del mar.

En otras, la mayoría de las parroquias no es fácilmente captable el tema, el trabajo o el recuerdo que las determina. Son parroquias sin nombradía, sencillas y obscuras, hermanas en la santa comunidad de los campos, pero en su misma sencillez y obscuridad encierran honduras de esa historia que no se escribe, de ese heroico trabajo no estimado en la encomienda oficial. Extrañas al tráfico de las carreteras, asentadas sobre suelos ingratos, abrumadas por el paso brumoso de las largas invernadas, son bellamente humildes y dignas de nuestro amor y del conmovido recuerdo de sus fuentes de arcaico cantar, el mitológico saber de sus ancianas tejedoras de lana, y de aquella caricia del breve sol de invierno que no se detiene complacido para acariciar el grupo de rapaciños en el monte abrigados por la monstruosa escultura de un peñasco y para encender en el yermo desierto los oros de las flores del tojal.

Un sutil y sensible tejido nervioso de caminos infinitamente diversificados une a todas las parroquias de Galicia. En ciertas horas un clamor conjunto de campanas como un velo

USC DE COMPOSTELA

